

*Narrativa Recuperada*

Narradores ocasionais  
de comezos do  
século XX  
(1901-1916)

Edición, introdución e notas  
Francisco Martínez Hidalgo  
Marta Neira Rodríguez  
María Vanesa Solís Cortizas



XUNTA DE GALICIA





# Narradores ocasionais de comezos do século XX (1901-1916)

---

Edición, introdución e notas  
Francisco Martínez Hidalgo  
Marta Neira Rodríguez  
María Vanesa Solís Cortizas

**EDITA**

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE  
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

**CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**  
ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

**SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA**  
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

**COORDINADOR CIENTÍFICO**  
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

**DIRECTORA TÉCNICA DE LITERATURA**  
MERCEDES BREA LÓPEZ

**DIRECTOR DA COLECCIÓN**  
ARMANDO REQUEIXO

**ASESOR DA COLECCIÓN**  
MODESTO HERMIDA

**RESPONSÁBEIS DA EDICIÓN**  
FRANCISCO MARTÍNEZ HIDALGO  
MARTA NEIRA RODRÍGUEZ  
MARÍA VANESA SOLÍS CORTIZAS

**MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN**  
GRAFISANT, S.L.

**ISBN: 978-84-453-5370-7**

**DEPÓSITO LEGAL: C 1836-2020**

## Introducción



Este volume comparte co publicado con anterioridade na mesma colección, *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)* (2003), o feito de acoller unha serie de textos narrativos breves, debidos a autores de moi limitada proxección, seguramente prescindíbeis, pero, con todo, necesarios para a mellor comprensión da produción narrativa de comezos do século XX.

Así mesmo, aseméllase á entrega anterior da colección “Narrativa recuperada” nomeada en ser o resultado dun traballo en equipo que, como é ben sabido, sempre comporta atrancos e deficiencias, tales como a dificultade de eliminar as diferenzas existentes entre a particular personalidade intelectual de cada un dos participantes ou a de unificar criterios á hora de presentar os diversos autores, dos que non sempre se ten o mesmo nivel de coñecemento. Polo comentado, de seguro han resultar excesivas e pouco xustificábeis as eivas desta obra que, así e todo, ofrecerá algunhas luces onde antes había penumbra ou mesmo escuridade.

Atendendo ao contido deste *Narradores ocasionais de comezos do século XX (1901-1916)*, e seguindo en parte o ronsel da obra publicada en 2003 arredor do relato breve do século XIX, cabe sinalar que se estrutura en tres bloques de contido. O primeiro deles, baixo a denominación “Autores coñecidos”, acolle, por orde alfabética do apelido do autor, a produción narrativa, publicada entre 1901 e 1916, daqueles escritores dos que se coñece algún aspecto biobibliográfico. O segundo, “Autores descoñecidos e pseudónimos non identificados”, aqueles textos narrativos de cuxos autores non foi posíbel localizar datos biográficos e só temos noticias da súa produción narrativa en galego pola prensa da época. Finalmente, “Os narradores de *O Tío Pepe*” está dedicado exclusivamente aos narradores que publicaron nesa coñecida revista da Fonsagrada, da que se ofrecen algúns datos na breve introdución coa que se inicia esta terceira parte. Tanto en “Autores descoñecidos e pseudónimos non identificados” como en “Os narradores de *O Tío Pepe*” preséntanse os escritores segundo a orde alfabética da primeira palabra da sinatura ou da inicial que forme parte dela.

## **Crterios de edición**

Segundo os criterios seguidos por outras publicacións anteriores nesta colección, respectamos todas as variantes fonéticas, morfolóxicas, léxicas e sintácticas, mantendo as vacilacións dos autores, posto que como outros casos do galego do século XIX e principios do XX, amosan o máis fielmente posíbel a fala popular.

Mantivéronse ademais as particularidades morfosintácticas, como a indebida colocación dos pronomes persoais átonos, castelanismos, hiperenxebrismos, coloquialismos ou dialectalismos, pois a actitude contraria sería desvirtuar a lingua dos autores e empobrecer a nosa edición. Indicamos ademais que, debido á vacilación respecto ao uso das segundas formas do artigo tras a forma verbal, optouse por deixalas

tal e como aparecen representadas nos textos, actualizando soamente a posición do trazo.

Limitamos a nosa revisión ao nivel gráfico, seguindo a normativa oficial da lingua galega. Así, levouse a cabo a:

- Actualización do acento en todas as palabras agudas, graves e esdrúxulas que corresponda, eliminándoo nas que era impropcedente.

- Supresión do apóstrofo, adoptando, segundo os casos, diferentes solucións.

En contraccións ou en usos innecesarios, como nas contraccións das preposicións *con* e *de* co artigo, demostrativo, indefinido ou pronome persoal. O resultado da contracción da preposición *para* co artigo determinado é: *pró/prá*, *prós*, *prás*, de maneira que quedan así diferenciadas as parellas *pero/pro* de *pró*, e *para/prá* de *prá*. En formas nas que o apóstrofo indica unha elisión vocálica e aparece entre dúas palabras independentes incorporamos a vogal ou a consoante, separando ambos os termos.

- Eliminación do trazo en contraccións, pronomes átonos enclíticos, de terceira persoa en posición proclítica etc. Mantense o guión cando se fai a segunda forma do artigo, corrixindo sempre a posición do trazo.

- Actualización do uso de *b/v*; supresión ou recuperación de *h*. Ademais substituíronse as grafías inexistentes na lingua galega (*y*), que mudamos polo *i* latino.

- Adecuación do uso da acentuación: os acentos circunflexos e graves foron cambiados polos agudos, cando son prescriptivos, e suprimíronse cando son innecesarios.

- Regularización dos signos de puntuación, de entoación (exclamación e interrogación tanto no inicio coma no final), aspás ou parénteses. Así mesmo, respectouse o uso das maiúsculas, así como as palabras grafadas en cursiva e o uso de diferentes tipos de comiñas.



Autores coñecidos



## BERNARDO BERMÚDEZ JAMBRINA

### Datos biobibliográficos

Bernardo Bermúdez Jambrina (País Vasco ¿? – 1919) contribuíu á historia da moderna cultura de Galicia, nas súas funcións de actor e de director teatral, a través da súa participación activa nalgún dos máis importantes primeiros intentos de consolidar un teatro de expresión galega. Por exemplo, formou parte do primeiro elenco de actores que o 18 de xaneiro de 1903, xunto con entusiastas como Manuel Lugrís Freire, Galo Salinas ou Julio Anguita, fundaron a ‘Escuela Regional Gallega de Declamación’, da que sería, despois de substituír a Eduardo Sanchez Miño nese mesmo ano, director técnico de actores e espectáculos. A historia desta institución estaría ligada a el de forma especial e definitiva, pois desaparece como tal cando Jambrina decide marchar a Madrid para continuar coa súa carreira teatral. De Madrid emigrou á Habana, onde se incorporou á compañía catalá de Enrique Borrás, para acadar maior sona como actor. De regreso a España morreu nun accidente de automóbil.

Como escritor en galego, no tocante ao período estudado, a Bermúdez Jambrina atribúeselle a autoría dun gran número de artigos publicados en *Revista Gallega*, publicación ligada a Galo Salinas na que aparecen as únicas tres pezas narrativas das que hai constancia e que se recollen neste volume.

A súa contribución ás nosas artes escénicas foi de tal envergadura que por tal traballo chegaría a ser académico non numerario da Real Academia Galega, última honra do currículo dunha vida ligada ao teatro.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Da autoría de Bernardo Bermúdez Jambrina, correspondentes a este período, son os textos (ordenados cronoloxicamente) “Amor verdadeiro” (n.º 455, 6 de decembro de 1903), “Eléctrica” (n.º 499, 8 de outubro de 1904) e “O rosario de castañas (Conto do día de difuntos)” (n.º 503, 5 de novembro de 1904); tres contos que publicou na *Revista Gallega* baixo a epígrafe de *Prosa y verso*.

“Amor verdadeiro” posúe unha temática puramente romántica, construída a través dun ton melodramático e lírico, no que fan acto de presenza figuras e recursos literarios tan clásicos como *a namorada non correspondida*, *a confesión dun segredo* por parte dunha muller moribunda a unha testemuña indirecta (incluído, por tanto, o lector), ou *a parella felizmente namorada* e con idílico romance. A narración bota man na súa estrutura do recurso teatral: os sons da voda que teñen lugar fóra da escena única do testemuño da rapaza protagonista serven non só de contexto narrativo, máis tamén de referencia completiva en relación coa historia que esta conta. Outros

recursos que acentúan o dramatismo son: o diferente estrato social da namorada e o amado, humilde o dela, acomodado o del; a relación leal de amizade traizoada entre a namorada expirante e a amiga que, finalmente, casa co seu amado, ou mesmo o estado de moribunda da namorada, que lle dedica as últimas reflexións ao amor perdido e á amizade traizoada. O manexo da dimensión espacial sitúa a acción na ambigüidade na que, como único dato, se indica que o ambiente do conxunto da historia é rural e campestre. No manexo da temporalidade, destacar os dous tempos cos que xoga o texto: o presente e o pasado encóntrase simultaneamente a través dese contexto escénico que supón a materialización invisíbel, pero concreta, da historia que se narra. O autor fai uso da linguaxe oral, transmitida de distintas formas, ben a través da historia, que a modo de conto relata a namorada, ben a través das coplas e alalás da celebración da voda. A calidade lingüística do texto dá conta, ademais, dun coñecemento amplo dos recursos da lingua. En definitiva, estase perante un texto de formas clásicas, estilisticamente moi traballado, que introduce técnicas das artes escénicas e que, en todo caso, amosa un serio coñecemento por parte de Bernardo Bermúdez Jambrina dos métodos e técnicas da escrita.

“Eléctrica” é unha breve nota, de escasas liñas e sinxela estrutura, na que a voz narradora se gaba da chegada da modernidade a través dunha das súas principais novidades: a electricidade. A través da metáfora realízase un discurso moralizante e con forte contido relixioso onde Deus actúa como “electricista” que trae “luz” e “esperanza” a través dos “cables” ou “fios” cos que permanece unido ás persoas, deixando atrás o tempo das “tebras”. A mensaxe desta nota ten un público concreto, xa desvelado pola propia voz narradora, naqueles que viven “moi a présa” ou que queren “fuxir da morte”. O lectorado atópase ante un discurso moral que, a partir de asociar as ideas de modernidade, por unha banda, e valores cristiáns, pola outra, critica, precisamente, a aqueles que utilizan esa modernidade como vía de escape das súas responsabilidades morais.

“O rosario de castañas” é un relato de temática fantástica e de terror onde a celebración do Día de Defuntos dá pé á narración dun conto de dramáticas mortes e inesperadas resurreccións. A súa estrutura configúrase a través de tres corpos independentes, pero relacionados entre si: na primeira parte o diálogo de dous veciños introduce a morte da avoa do neno protagonista; na segunda parte o neno toma a voz para acentuar a súa relación cos outros elementos do argumento (o rosario de castañas, a avoa e os pais falecidos) e na terceira ten lugar o clímax dramático da resurrección da avoa e a morte do rapaz. A voz narrativa, só fai acto de presenza na última parte, para levar o clímax dun relato sostido até daquela polo único recurso do diálogo, e dun correcto uso da oralidade. A dimensión espazo-temporal non se trata con precisión, polo que a historia pode acadar unha extensión bastante ampla e, por tanto, pode funcionar de forma eficaz á procura da empatía co lectorado. O estilo é directo, así como o

ton, permitindo aproveitar o breve da narración para contar unha historia cargada de acontecementos sucesivos, todos eles con gran carga emotiva: a morte dos pais do rapaz, o simbolismo do rosario de castañas, a morte da avoa, o dramático e inesperado final etc. Este é, por tanto, un relato, sinxelo no seu desenvolvemento, que introduce como novidade a destacar unha temática próxima a un xénero fantástico-terrorífico moi pouco frecuentado tanto polos escritores galegos como polos narradores ocasionais que se rescatan neste volume. Unha mostra, cando menos curiosa, dun dos xéneros menos visitados polos autores galegos deste período.

Bernardo Bermúdez Jambrina ofrece un catálogo de textos de variada temática, de distintos xéneros e estilos, e cunha suficiente mostra do manexo de moi distintos recursos estilísticos e expresivos, que deixan ben ás claras o seu correcto desenvolvemento na escrita, así como a súa potencialidade a respecto da literatura. Amosa, ademais, trazos de innovación na inclusión de recursos escénicos e teatrais á hora de planificar e desenvolver certos esquemas da trama e fíos argumentais; feito infrecuente non só entre os autores ocasionais senón tamén entre os escritores galegos, en xeral, até ben mediado o século XIX.

## Amor verdadeiro

“Miña nai séntate ó meu rente que quero antes que morra contarche o secreto que gardei na miña vida, escondido no máis fondo do meu peito.

Non chores, xa sei que quedas sola no mundo, que me queres moito, pero enxuga as túas bágoas que caen no meu corazón e atorméntanme.

¿Ouces, naiciña, ese malencónico alalala que entoa os rapaces e nenas no adro da eigrexa? ¿Non distingues entre as voces de aqueles a de Manoel o meu compañeiro da infanza? Pois el, el foi a causa dos meus sufrimentos.

Cando nena, o admiraba pola súa maña nos xogos e o seu bo corazón; de mozo, polo garrido e valente; e sempre, porque sentía no meu peito algo que me facía pensar nel, que me levaba onde el estaba e que me atormentaba cando tiña deferencias e garimos para outra moza. Eu o quería e o quero moito, moitísimo; pero xamais llo dixen, levei gardado na miña ialma este sentimento e a ninguén atrevínme a revelarllo, tiña medo de que se soupera, como si con esto cometera un crime.

Eu son probe, el é moi rico; eu non son a máis fermosa do pobo i el é o rapas máis xentil e garrido; eu sempre fun débel, enfermiza, i el o máis forte e san: non era, pois, posibre que se poidese namorar de min; e comprendendo esto gardei o meu amor con coidado pra que ninguén, nin el mesmo, poidera sospeitalo. E agora morro satisfeita porque namentras vivín non mo souperon.

Despois que eu morra, e cando el xa esté casado con Carmeliña, a miña querida amiga que me mata sin adevinalo, cóntallo, dille que Maruxiña, a súa compañeira de xogos e bailes, o amaba con toda a súa ialma, que morre amándoo e contenta por velo felís”.

E a coitada nena ocultou entre as sáboas do leito o seu rostro pra enxuga-las bágoas que sin podelo remediar caíanlle dos seus ollos, namentras aló do adro chegaba a vos de Manoel que cantaba:

Por xeitosiña e fermosa  
Carmela rouboume a calma.  
Canto me tarda o momento  
De miña muller chamala.  
¡Alalala i alalalala,  
Alalala i alalala!

“Non, miña nai, non me mandes esquencelo, xa é tarde, déixame dedicarlle os meus derradeiros pensamentos. Oíndo a súa vos e véndoo na miña imaxinación morro feliz porque parésceme que está ó meu rentes.

Mañán, cando se dirixan á eigrexa pra recibiren a benzón do crego atoparanme xa morta. Sinto que a miña fin vaise achegando: xa o frío da morte escomenza a envolverme, non contes a ninguén o meu sacreto, soilo a eles, soilo a eles, naiciña”.

E a moribunda nena deixou caer a quenturenta cabeza sobre do cabezal mollado polas bágoas; namentras ó lonxe Manoel cantaba:

Pra xeitosiña e fermosa

Carmela rouboume a calma,  
Canto me tarda o momento  
De miña muller chamala.

E os mozos, coreaban a copra entoando o malencólico alalala que era como o canto de morte da coitada nena.

### Eléctrica

A electricidade enseñoreouse do mundo; a súa forza, astra hoxe desconocida, produxo unha verdadeira revolución no universo e aplicouse a tódalas cousas.

A súa máis sorprendente aplicación foi a luz.

Os cables esténdense por tódalas cidades do mundo civilizado. Por eses fíos finíños parece imposible que poida transmitirse unha forza tal.

Os dous polos únense e a luz surxe facendo fuxir as tebras e enchendo de crásimos resplandores o espazo.

Rompe o fío transmisor, desunide os polos, e a luz apágase e volve todo á súa escuridade primitiva.

.....

A nosa vida ten moita semellanza coa forza eléctrica.

Todos nosoutros somos luces: uns alumeamos máis que outros. Hai cerebros privilexiados que son focos potentísimos; hai outros, como o meu, que non chegan a cinco buxías.

Chega a morte e coa súa gadaña rompe o fío que nos transmite a forza vital e apagámonos.

Vivimos moi a présa, fundímonos e morremos.

Queremos fuxir da morte e ó mellor tanto tiramos do fío que nosoutros mesmos o rompemos.

Astra que Dios, canso xa de servire de electricista e de tender a centos fíos, rompa os dínamos e o díaño que é o eterno *ferranchín* carga cos estropeados materiais e nos leve ó inferno pra facer escolleita.

## O rosario de castañas (Conto do día de difuntos)

### I

–¡Miña avolita! Pasadomañán é o día dos difuntiños. ¿Hame facer un rosario de castañas tan grande coma o do ano derradeiro?

–Si, miña xoviña, si, hei mercar un ferrado de zonchos e heiche facer un, moito máis grande que o que ten pendurado da cintura o frade franciscano que che dou onte as mazás tabardillas. Pero dinantes tes que ser bo, adeprende-las leucíos, obedecer cando eu te chamo e sobre todo facer o que che dixen, rezar tódalas noites polos teus pais.

–¿E quen son os meus pais, avoliña? ¿Por que non veñen a verme i a darme bicos como mos das ti e como llos dan a Xiliño, ó do lado, os seus pais?

–Cala, neniño, cala: non poden vir por que están no ceo. Reza, reza por eles, quero que te acostumes a rezar pra que cando eu morra pidas tamén a Dios pola miña alma.

–Ben, avoliña, ben. Cando seipa guía-lo rosario heino rezar tódolos días.

–Pois anda, vaite á escola i estudia moito ¿si?

–Adiós, logo. Dáme un biquiño, avoa, xa verás como hoxe hei ser bo.

### II

–¿Que pasou na carretera de arriba que toda a xente do mercado corre pra alá?

–¿Non o sabes? Que á tía Antona colleuna o coche do señor do Pazo da Sal.

–¿Que me dis? ¡Ai, pobriña! ¿E que vai ser agora do seu netiño?

–O señor do Pazo ao ver á velliña morta polo seu coche e ó neto chorando abrazado á súa avoliña, dixo: “Xa que non podo volverlle a vida, coidarei da do seu neto” e quixo meter ao pequeno no coche pra levalo ao seu Pazo, pro Xorxiño, chorando a fío, non quer sopararse do corpo da morta.

–Aí vén o coche.

–Vamos ao Pazo a ver o que fan.

### III

O salón do Pazo da Sal vístese de colgarelos mouros. No medio, colocada nunha caixa, moura tamén, descansa o corpo da tía Antona. De rodillas diante dela está o pobre pequeno: ten pendorado ao pescozo un rosario longo de castañas e chora esconsolado salavando con angustia que parte a ialma.

Aquel día era o de difuntos. Ás doce da noite daban na campá do Pazo, cando a xente que estaba no salón mouro, quedouse suspensa e admirada. A tía Antona ergueuse na caixa e dirixíndose ao neto díxolle: “Xorxiño, reza, polos teus pais e por min, reza.”



O pequeno, sorrinte e contento, comezou a marmular un rezo docísimo como o rezo dun ánxel: as xentes maquinalmente caeron de xionllos e acompañaron nas súas oraciós ao neno que caeu morto cando terminou de repasar entre os seus dedos as castañas do rosario que lle fixera a avoliña.

## FRANCISCO CAMBA ANDREU

### Datos biobibliográficos

Francisco Camba Andreu coñeceu en vida a polémica arredor da súa figura, en concreto a relacionada co seu lugar de nacemento pois, mentres Amor Meilán cría que Camba nacera na localidade de Chantada (Carreras Candi, 1936), o propio Francisco Camba afirmaba ter nacido na Ría de Arousa. O paso do tempo, non podía ser doutra maneira, acabou dándolle a razón ao protagonista, situando o seu nacemento en Vilanova de Arousa, na actual Casa-Museo que hoxe leva o apelido dos ilustres irmáns Camba (Julio e Francisco), nun día aínda sen concretar do ano 1882.

A mocidade de Francisco Camba Andreu é a etapa da súa vida na que produce máis obra en galego, tanto literaria (en prosa ou verso) como xornalística. A esta etapa, por exemplo, corresponde a obra de Camba sobre a que máis se ten debatido: *O terruño*. Unha discusión que procede, fundamentalmente, da confusión xurdida arredor dos datos que se posúen sobre a obra e a cuxa descrición se lle vai dedicar as seguintes liñas. Por unha banda, Carballo Calero (1981: 508) achega certos detalles sobre a temática ou o estilo e dá o dato da súa publicación en formato libro pola imprenta de José Antonio Menéndez no ano 1900. Por outra banda, Couceiro Freijomil (1951-1953) completa esta referencia cando di que, tamén en 1900, *O terruño* se publicaba como folletín no xornal lucense *La idea moderna*. Pero as dúbidas xorden, por exemplo, cando o xornal bonaerense *El Eco de Galicia* publica, novamente en 1900, un pequeno texto de Camba titulado “Na romaría” (n.º 311, 10 de xuño de 1900; incluído neste volume) e cuxo pé de páxina reza “Da novela inédita, *O terruño*”. Sendo así as cousas, a intención de Camba de escribir esta novela permanece indiscutida, como tamén o feito de que Camba estivo a traballar nela como un proxecto consolidado, pero chegou a publicarse como tal novela algunha vez? As investigacións posteriores aínda non foron quen de recuperar un texto que se amosa, cando menos, escorregadizo, e que ten convertido esta posíbel novela nun dos textos cobizados da narrativa en galego.

A aumentar esta incógnita contribúe, sen dúbida, o sabermos que durante estes anos Francisco Camba desenvolvía unha significativa produción en lingua galega, parte da cal asinaría co nome literario “Farruco Camba”. De feito, o conxunto dos textos que se recollen neste volume proceden dos primeiros anos do século XX, non só “Na romaría” –ao que xa se fixo referencia–, senón tamén, ordenados cronoloxicamente, “Novelas lóstregos. Amor de pai” (*Revista Gallega*, n.º 264, o 1 de abril de 1900), “Os trintas (sensación)” (*Revista Gallega*, n.º 378, o 15 de xuño de 1902), e “No hespital” (*Revista Gallega*, n.º 477, o 8 de maio de 1904). Uns textos, ademais, que foron rapidamente reproducidos noutras publicacións tanto en Galicia como en Cuba ou Arxentina, e cuxa pronta difusión dá conta da importancia relativa da figura do

Francisco Camba aínda mozo, tanto na súa terra natal como no Madrid que o acolle dende 1903 até 1908. Neste primeiro período de Madrid deixaría como obras máis destacadas, entre a súa produción en castelán, *Camino adelante* (1905) e *A través de Galicia: los pueblos, el paisaje y los balnearios* (1908); precisamente a autoría desta última obra correspóndelle ao pseudónimo xornalístico co que Camba asinaría unha parte significativa dos seus artigos da época en publicacións madrileñas, “el Hidalgo de Tor”.

En 1908 vese obrigado a emigrar a América por motivos políticos e, máis en concreto, pola súa belixerante postura en contra de figuras conservadoras como a do varias veces ministro e presidente do goberno español Antonio Maura i Montaner. A súa produción libresca en América experimentou unha significativa redución pois o seu labor foi o da edición de importantes publicacións periódicas bonaerenses, como *El diario español* e *La nación*. Así e todo, deu ás imprentas *Los españoles en el centenario argentino* (Bos Aires, 1910), obra en colaboración con Juan Mas i Pi, e a novela *Los nietos de Ícaro*, publicada porén en Madrid en 1911.

O regreso de Camba a Madrid a finais da década de 1910 caracterízase pola intensificación da súa produción, máis prolífica contra o final da súa vida, pola crecente importancia dos proxectos xornalísticos sobre os literarios e polo abandono da creación literaria en galego. En concreto, a respecto da creación literaria, sobresaen *La revolución de Laiño* (1919), premio Fastenrath da Real Academia Española en 1917; *El amigo Chirel* (1919); *El pecado de San Jesusito* (1922), galardoada polo Círculo de Belas Artes de Madrid, ou *El tributo de las siete doncellas*, novela de ambiente galego publicada en 1929 e cuxo motivo principal está na novela de Xan de Masma<sup>1</sup> *¡A Besta!* que, en consecuencia, Camba debeu coñecer.

Francisco Camba Andreu morreu o 6 de febreiro de 1948 deixando inacabados os seus *Episodios contemporáneos*, cadros históricos de estilo xornalístico proxectados en tres series dos que só verían a luz, en parte, a primeira serie e fragmentos da segunda. Co tempo chegaría a ser unha figura senlleira do xornalismo político da época, destacando, sobre todo, polas persoais e profundas crónicas e retratos da Guerra Civil española.

## Comentarios dos textos narrativos en galego

Por orde cronolóxica de publicación orixinal foi “Novelas lóstregos. Amor de pai”<sup>2</sup> o primeiro texto narrativo en galego do autor aparecido no século XX, asinado

<sup>1</sup> Pseudónimo de Patricio Valentín Sisto Delgado Luaces (Mondoñedo, 1850-A Habana, 1900), autor dunha das poucas novelas escritas en galego ao longo do século XIX, *A Besta!*

<sup>2</sup> Este texto, publicado por vez primeira en Galicia en 1900, repródusece despois nos xornais da Habana e de Bos Aires que tiñan por cabeceira *El Eco de Galicia*, no primeiro caso foi no seu número 928, de 19 de maio de 1900; no segundo, no seu número 309, de 20 de maio de 1900.

co nome “Farruco Camba”. O tema principal do relato asenta no retrato moral dos costumes sociais das castes populares en relación a varios temas secundarios de tipo social, como as relacións de parella, emocionais e sexuais, a emigración, sobre todo orientada no retorno, ou as diferenzas sociais de clase. O personaxe principal, Xerome, é o principal eixe narrativo, pois sobre el recae o peso das dúas tramas que conforman o argumento: por unha banda, o seu retorno da emigración e a conseguinte acumulación de riqueza, e, por outra banda, o embarazo sobrevido da súa namorada de antes de emigrar e á que desexaba recuperar. Crúzanse ambas as dúas tramas cando Xerome pretende casar coa muller que embarazou pero, ao propoñelo á súa familia, atopa coa oposición do seu pai, co obxectivo de conservar intacta a pequena fortuna familiar recentemente adquirida. Ademais de personaxe principal, Xerome exerce de personaxe positivo pois é a súa actitude moral a que acaba impoñéndose en ambas as tramas. O uso do diálogo é case que exclusivo recurso formal; unicamente ao final aparece de forma espontánea a voz narrativa omnisciente co obxectivo de apuntalar a lección moral que supón o peche do relato. O estilo popular parece estar fortemente asentado no uso da oralidade e na aparición da lingua galega, cuxo uso funciona ademais como marcador social. A estrutura é simple e lineal, definida unicamente pola sucesión temporal de episodios breves: cada episodio é un diálogo entre dous personaxes que vai construíndo unha perspectiva complexa do argumento. O ritmo do relato, coherentemente coa evolución da súa estrutura, mantense *in crescendo* dende a presentación inicial de personaxes e situación (do primeiro episodio) até o clímax final, onde a situación se resolve a través dunha elección –e lección– moral. O subtítulo, “Amor de pai”, resulta significativo e achega información adicional ao relato xa que é esta circunstancia precisamente a que obstaculiza a felicidade do personaxe principal e, tempo despois, a facilita logo da elección moral. No que atinxe ao título, “Novelas lóstregos”, o breve da narración e o carácter complexo da historia, motivan unha elección que parece máis dirixida a cualificar o texto que a definir un argumento, función esta que semella quedar para o subtítulo. Finalmente, a nota ao pé, “con perdón de Pérez Nieva”, refírese a Alfonso Pérez Nieva, a quen Francisco Camba coñecía do seu paso por Galicia. Pérez Nieva inclúeo en *Por las Rías Bajas. Notas de viaje por Galicia*, libro publicado no mesmo ano que este texto. Constitúe unha hipótese sinalar que esta nota ao pé poida definir o lugar da acción do texto, un manexo atípico da dimensión temporal, pero non ausente doutros textos da época.

“Na romaría”, asinado tamén como “Farruco Camba”, é un texto costumista que repasa as distintas partes deste tipo de festas a partir do exemplo dun caso en concreto: sitúase nas Rías Baixas, en Caleiro, unha aldea do concello de Vilanova de Arousa, de onde Camba era ademais oriúndo. O costumismo constrúese a partir do repaso ás distintas dimensións que constitúen este tipo de celebracións: a importancia da efeméride no marco social da zona, o retrato sociolóxico dos asistentes, a calidade e

procedencia dos alimentos e bebidas que se consumían, os bailes tradicionais e aqueles que comezaban a introducírense coas modas importadas, as relacións humanas que se mantiñan entre homes e mulleres etc. A creación de imaxes é sistemática, exhaustiva e ordenada, pasando a voz narradora de forma consecutiva de unha a outra dimensións. Estas imaxes créanse de forma efectista a través de dúas técnicas usadas reiteradamente: por unha banda, o uso da fórmula “adxectivo + substantivo” (“radiantes coores”, “grandísimos melós”), e por outra, a oposición de imaxes onde o lado positivo sempre corresponde á romaría de Caleiro (“non veñen solo os traballadores das fábricas [...], sinón tamén toda a aristocracia da vila situada a menos dun quilómetro”). O estilo é descritivo, percorrendo polo miúdo certas escenas ou episodios que se consideran de relevancia, sinalando os lugares de procedencia dos máis importantes produtos, ou especificando referencias culturais sobre materias como a orixe dos bailes ou da poesía popular. Precisamente, estas referencias representan un síntoma de cultura na voz narradora, algo que matiza o tema costumista e o ton popular do relato; pénsese, por exemplo, en comentarios como os que lle dedica á figura de Valentín Lamas Carbajal, á orixe europea do valse ou á obra *La viva y la muerta* de José Ortega Munilla. No uso da lingua amosa un coñecemento amplo do idioma, sobre todo en canto ao dominio de distintos rexistros sociais, léxico, estruturas sintácticas propias etc. En conxunto, este fragmento amosa, por cuestións de estrutura ou estilo, unha coherencia coa posibilidade de que, como se anota ao pé de páxina, puidese formar parte dunha narración de ambicións literarias. Con todo, o pouco significativo do fragmento, por exiguu, non permite pasar da mera especulación.

“Os trintas (sensación)” escribiuno durante a súa primeira estancia en Madrid, tempo no que muda a sinatura pola de “Francisco Camba”. Este texto, escrito en primeira persoa, é a crónica sentimental dunha voz narradora que lembra a terra e as experiencias que a emigración a Madrid lle deixou atrás, e da que a música do grupo “Os trintas” é o elemento evocador. Deste xeito, o relato mestura o estilo da crítica musical que enxalza o valor e as capacidades tonais do grupo galego, e o estilo lírico e sentimental dunha memoria que bota a vista atrás para recuperar os recordos e os sentimentos de feliz melancolía aos que a música o transporta. Así mesmo, estes dous estilos distínguense claramente a través do manexo da dimensión espazo-temporal: mentres a crítica musical se move a través do espazo do Retiro madrileño e nun tempo de inmediato pasado, a lembranza manexa tempos pretéritos e espazos máis imprecisos, só definidos polas sensacións e as imaxes que se transmiten. A estrutura do texto deixa entrever, igualmente, a mestura destes dous estilos a partir das tres partes nas que parece dividirse: unha primeira de escasas liñas, onde presenta o grupo “Os trintas” e o seu paso por Madrid; unha segunda destinada, en exclusiva, aos recordos evocadores da Galicia de outrora, e unha terceira, conclusiva, que retoma a crítica musical e pecha o círculo da introdución gabando, novamente, a capacidade musical do grupo, así como a súa

posibilidade de “despertar aquelas lembranzas doces e vagas que tódalas almas gardan nalgún currunchu”. A linguaxe, para acentuar o doce sentimento da lembranza, constrúe unha atmosfera lírica a través do uso da metáfora e o ton intimista. Non obstante, o ton desa linguaxe crea no lectorado a perspectiva dun sentimento de morriña, non de perda, marcando as distancias coa crítica social enfocada cara á emigración que, aínda que tamén aberto a interpretacións posíbeis parece querer excluírse aquí de forma concreta e explícita. Este texto permanece como unha crónica sentimental dos doces recordos que deixou a emigración nun dos “gallegos de Madride” e que o grupo “Os trintas” axudou a traerlle á memoria.

“No hospital” exerce a crítica social a partir de dous subtemas de fondas raíces: a emigración e as relacións amorosas. O personaxe principal, Macario Gómez, exerce como eixe vertebrador en canto a súa figura reúne ambos os temas: é o único personaxe que emigra cara aos “abrasados campos de Cuba” e o namorado da personaxe Catalina. Evidentemente, sendo así as cousas, son as peripecias de Macario as que vertebran o conxunto do relato, e polo tanto a súa estrutura posúe unha importancia relativa en cada unha das tres partes nas que, aparentemente, se configura: unha primeira de presentación de Macario e da súa presenza no hospital, unha segunda onde as súas lembranzas introducen tanto a relación con Catalina como a obrigada e dura emigración e unha terceira na que, novamente dende a cama do hospital, pecha dunha vez os dous fios narrativos a través dun final sorprendente e moralizante. A dimensión temporal sérvelle á voz narradora para distinguir os dous niveis de lectura desta breve historia: un pasado idealizado, onde o amor de Catalina movía a Macario cara ao sacrificio da emigración, e un presente dramático, onde a feble e dura posición de Macario no hospital contrasta co ben mantida e desmemoriada Catalina. A dimensión espacial, por contra, carece de relevancia e precisión agás no caso de Cuba que, como país de emigración que era e en representación do conxunto de países que acollían emigración galega, é tamén criticado con dureza pola voz narradora. A linguaxe amósase rica en metáforas e paralelismos, técnicas coas que se constrúen as distintas imaxes a través das cales se quere dar unha idea do cambiante estado emocional de Macario durante o devir das súas distintas peripecias. Con todo, en comparación con relatos anteriores, constátase tamén unha perda da calidade lingüística quizais motivada pola prolongada emigración de Camba en Madrid.

En conxunto, os relatos de Francisco Camba Andreu, asinados como Farruco Camba, amósanse variados en temática e estilo, dende a reivindicación de Galicia a través das súas festas ou músicas á dura crítica social; dende o estilo máis novelesco a aquel máis próximo ao xornalístico, unha obra enraizada na existencia dun fondo coñecemento e sentimento de quenenza polo propio.

### Na romaría<sup>3</sup>

Sabido é que un dos principaes encantos, quizabes o maor, que na galiciana terra poden alcontrarse, son as romarías. Non hai rexión española que nos ofrezca tantas nin tan poéticas as poucas con que poidan espaxear o noso ánimo: en Galicia, dende que chega o vran, astra que os primeiros cerzos do outono escomenzan a espir ós albres de follas enchendo de tristura as campiñas, son moita-las romaxes que se celebran. ¿Sete cada somá, como di o ilustre autor de *La viva y la muerta*? Non, porque en innúmeras aldeias, hónrase a calisquera santo nun día mesmo.

Pola mañá, a misa solene con gaita é a maor parte das veces sermón, atrae moitísimo xentío sobre todo cando o festexado ten sonda de milagreiro; mais pola tarde, principalmente, é cando se nota maor concurrencia de personas que acudían divertirse.

Por tódalas veredas, camiños e corredoiras van chegando pra reunirse a carón da igrexa, gachos, xunteiros de mozos e rapaciñas, vestidos co fondo da hucha, e tan ledos, que a alegría parece rebulirilles no sembrante en forma de acesa lebarada.

Como a de Caleiro unha das que máis sonda teñen naquíl corrunchado das rías baixas é o lugar onde se celebra e feitizador como ningún outro, surcado de regatos bruadores e de albres que ofrecen sombra deleitosa, desprómase alí grandísima concurrencia de tódalas edades e posicións. Non veñen solo os traballadores das fábricas, os labregos das inmediatas aldeias i as feiteceiras mozas dos lugares veciños sinón tamén toda a aristocracia da vila situada a menos dun quilómetro.

Aquí óllanse mesas cheiñas de botellas, no vidro das que se reproduce o paisaxe i os radiantes coores do vestuario aldeán; rodeando a mesa, sentados en escanos ferruxentos, algú mariñeiros e labradores, recordan os episodios que no servico do rei lle aconteceron, i ó longo do inmediato valo, pode verse unha nutrida exposición de troitas do país, entre as que non faltan os grandísimos melós de San Roque, nin as sandías verdes por fóra como xigantescas esmeraldas e por dentro roxas coma pedazos de granate rezumando algú nectar mitolóxico, nin as riquísimas mazás de Corón, nin as augentas peras urracas de Aralde e San Miguel...

Alá abaixo, preto da carretera, no xogo de bolos, vaise ó que lle toca a vez, en mangas de camisa i o sembrante cheiño de suor, que golpea a pesa contra algú petouto, pra facerlle arriar as areas espichadas na anterior carreira; apunta coidadosamente chiscando un ollo, da medea volta, i o proxeutil, vai a faguer un cincoenta, mentras polo esforzo acora o seu peito i a cadea do reloxe balancease con gallardísimas ondulacións.

¿Pro que é o que distingue a de Caleiro entre cuase tódalas romarías gallegas? A ausencia desa repugnante mendicidá que noutras romaxes tolérase i astra constituie a súa nota carautrística; alí mancan eses lisiados, coxos, tolleitos, que meten polos ollos

---

<sup>3</sup> Da novela inédita, *O terruño*. (Nota do autor)

do transeúnte chagas que arrepían; alí non se ven eses rostros comidos polo cáncere que nos fan dar á sangue unha volta no corpo cada vez que os ollamos; alí todo é ledó, pintoresco, hermoso...; parece máis que reunión campesina paseo de cibdá...

Polo visto Pepe conseguiu desfacerse dos compañeiros, porque alí o tedes sentado nun poio ó lado de Rosiña.

–¿Quéresme, bruxa? –di, mirándoa cunha ollada cheiña de amore.

–Non.

–¡Ai, por Dios, nin tan siquera de risa o digas que se me arrepían as carnes!

–¿E logo pra que preguntas taes bousanadas? Xa sabes que te quero: ¡así me quixeras ti a min!

–¿Eu a ti? ¿Eu a ti? Adórote, rubiña. Non vivo sinón pensando en ti; en ti que me traes tolo; de noite soño contigo; de día non fago máis que aloumiñar na miña maxinaceón, túa feitizadora imaxe...

–Non sei si será tanto como dis.

–¡E dubídalo, meu ben!

–Medeo me fío de ti, e medeo me parece un tolitates –dixo a moza surrindo dun modo tan feitizador, que Pepe aproveitou a ocaseón de que a múseca escomenzaba a tocar un *vals*, pra esturrichala contra ó seu peito.

¡Uns *vals*!, escramarán os que esto lean. ¡Un *vals* en Galicia, nunha festa de campo!

¿Pra que hei de mentir dicindo que o que alí se bailaba era a muiñeira? Con moitísimo sentimento, si quero ser verdadeiro, teño que confesar que o vals nascido ás orelas do Rhin, a danza de América e a polka, substituíen á muiñeira, a ese baile delicado i hermosísimo, a ese poema que nos deixaron os celtas, e que por espaseo de moitas centureas foi o úneco que se beilou en Galicia.

¡Tempos benditos aqueles en que a muiñeira era no máis o baile que as campesinas gallegas danzaban! Tempos benditos aqueles en que na terriña non se conocía outro istrumento de música que a feiticeira gaita cuxo orixen pérdese nas negruras dos sigros; nascida non se sabe onde, tocada a vez primeira, iñórase por quen; esa gaita embruxadora e feuchoeira que cada vez que ouvimos, parez que un anxo nos fai no curazón coxeguiñas soaves e doces; que non se entende si ri ou si chora, ou que millor dito, ri e chora todo nun, como fala o enxebre poeta Valentín Lamas Carvajal:

Ri coas súas notas arroubadoras,  
Chora co rouco que fai seo fol!

¿Hai nada máis hermoso que os tonos destintos da muiñeira que por veces se asemexan ó manso marmulo das auras, ó suave abrirse de corolas, ós beizos que o céfiro deposita nas frores; e outra á frega fureosa, á desencadeada tempestá, ó rudo bater de follas nos arbres impelidas polo furacán i o ruxido de regatos e torrentes?



Penso que non.

Pro así e todo, non son detrautor sistemáteco do vals. A múseca i a baila, son hermosísimas. Aquelas vertixinosas voltas, a respiración fatigada dos instrumentos, aquel voluptuoso mareio que beilando o valse espriméntase, non pode por menos de agradar; pro o vals pide escotes e fracs, vestidos de seda, camisolas relumeantes nas que se quebre a luz coma en pedazos de espello e non o pudibundo traxe das nosas peisanas, nin o tosco lenzo da terra que pra súa roupa interior usan os campesinos gallegos; pide alfombras que sexan prodixios de tapicería e non a verde de herba e musgo con que a mai Natureza cubre os campos...

## Novelas lóstregos<sup>4</sup>

### AMOR DE PAI

#### I

—¡Que alegrón espringará a probe Maripepa cando me vexa e lle diga que mentras estiven fóra gardeille fidelidá compreta e vivín unicamente coa esperanza de unirme a ela! ¡Quererme tanto!... E non é o seu un deses cariños pasaxeiros como as tormentas do vran; é un amor firme, moi firme; doutra dudaría, pro de Maripepa non dudo... ¡Dianchos! ¡Que pouco anda este cabalexo! ¡Arre!... ¡Si tivéras-ganas que eu teño de chegar a casa!... ¡Dianchos!! Pois esto non se me había ocorrido... Non; non llos ensino: ao ver tanto diñeiro, quererá que me case cunha muller polo menos tan rica como eu; nin a ela, nin a mi madre lles falo nada: dígolles que veño probe.

#### II

—¡Ola, tía Antona!

—¡Ola, Xeromo! Tamén pola romaría ¿eh? ¡Veña unha aperta!... ¡Que guapo estás!... E paresces un señor.

—Non se moque de min...

—Xúroche que non é burla. ¡Asús, home! Lonxe de min pensamento somellante. ¡O que son estas criaturas! ¡Vinteseis anos! ¡Ave María, e parece que foi onte cando che daba o peito!... ¿Cando viñeche?

—Cumpre mañá cinco meses.

—Pro mira, Xeromo. ¿É certo que por aí se marmulla? Din que Maripepa... está...

—¡Tía Antona!...

—Xa sabes que connigo podes ter confianza.

—Pois é certo, si, señora; é certo.

—Ouvín tamén, home, que agora deixábala e te casas con Pepa de Pallares.

---

<sup>4</sup> Con perdón de Pérez Nieva. (Nota do autor)

–¡Eu deixala! ¡¡Eu!! ¡Primeiro se xunta o ceo coa terra; meu pai, meu pai é quen di todo eso!

–¡Que amigo é dos cartos! Adiós, Xeromo.

### III

–Pra triste, abondo eu; non me des máis pena.

–¡Ti triste!... Non te fías de min, ¿verdá?

–Si, Xeromo, si; créoche honrado, e penso que cumprira-la túa palabra.

–O máis cedo posibre: esperemos un pouco por ver si meu pai dá o seu consentimento, e se non...

–Vaia por Dios. ¡Que desgraciados somos!

–Como en ves de traballar non salía eu do teu lado, sospeitou que traguía máis diñeiro do que lles ensiñei; e, fai hoxe dúas noites, colleume a chave do baúl... Non chores, Maripepa; non chores, vidiña; non chores... ¡Maldita sea a cobiza; maldita!...

–Non te desesperes, Xeromo.

–¿Por que choras, daquela?

–Non sei, non sei; ¡teño un medo!...

–¿Medo a que? Si non é por ben; si non autoriza o noso matrimonio, desobedecereino: xa son maior de idá!

### IV

–¡Dígoche!...

–Négase vostede, ¿non?

–E ademais, prívoche de volver a lembrarme semellante tolería. ¡Maripepa... ninguén, coma quen di, casarse co home quizabes máis rico de toda a aldea! Ti estás tolo, Xeromo; estás tolo.

–Eu non desexo casarme sin o seu consentimento; pero vostede obrígame; eu non podo abandonar á muller a quen teño deshonrado...

–Mira, ela tivo a culpa; e o que fixo contigo...

–¡Non a infame! Si lle obedezo, serei o desprezo de todo o mundo, e vostede...

–¿E eu que?

–Atenda, meu pai; Dios castiga sin pau e sin pedra. Lémbrese de que teño unha irmá.

–Pró túa irmá...

Non poido continuar. Un pensamento horrible azotou ó seu cerebro; palideceu coma un cadavre; dúas bágoas rolaron polas súas meixelas.

–¡Meu Dios! ¡miña filla, filliña... si se atopase no estado de Maripepa... miña filla! ¡Vencíchesme, Xeromo; vencíchesme! ¡Cásate con Maripepa e sende felice-los dous!

## Os trintas (Sensación)

Son os catro rapaces que estes días tanto nos fixeron gozar tocando aires do país en instrumentos enxebres. ¡Marcháronse xa!... E con eles pareceu fuxir aquel perfume da terra que nos atentou dendes mediados do mes derradeiro. Imos agora tamén ao Retiro; pro non coma denantes, ansiosos e levados, sinón melancólicos e tristes. ¡Fáltanos xa a gaitiña que é o mesmo que si nos faltase a alma!

¡Que días aqueles! Eu púñame decote lonxe do pavellón porque non me agradaba estar preto. E dendes de alí gozaba coma non gocei fai xa moito... Ouvía os aires da terriña adourada, e creíame aló. ¡Mirade si non é esto pra entolecer de alegría!...

Os catro rapaces, que son catro irmaus idólatras da súa terra, tocan a gaita dun modo tan enxebre e tan artístico á vez, que as fibras do corazón vibran xuntas a compás dos sonidos, e a alma chora contenta coma un paxariño perdido algún tempo nun país que non é o seu, ao ouvir de pronto entre os albres piar a outros paxaros vidos tan só por velo, de moi lonxe, de aquela terriña pola que salouca morrendose de saudades...

Estendíanse as notas polo aire ledas e danzarinas coma bolboretas cuxas áas cantasen ao voar. Dempois, brincando, caían sobre o verde sombrizo da herba. Sentíanse ás veces finxindo arrulos de pombas que se aloumiñan na espesura. Ás veces percíbíanse coma o eco dunha canción moi leixana e moi triste. Decote somellaban salaios...

\* \* \*

*Os Trintas* fan sentir; poseen o segredo divino de despertar aquelas lembranzas doces e vagas que tódalas almas gardan nalgún curruncho.

Aquí souberon trocar aos ollos da fantasía o parque artificioso nun campo cheo de rumores e de sonidos, impregnado da humedá de perfumes saudosos: nun verdadeiro paraxe da terra gallega.

Pra min *Os Trintas* son os mellores gaiteiros que temos hoxe...

¡Ben, rapaces, ben! Dese xeito, solo dese xeito, tocando como tocades agora, coa alma, conseguiredes as caricias da gloria! Hoxe xa comenza a estender cara a vós, sorrindo e estendendo as súas maus que parcen formadas de nardos e de rosas!

Os gallegos de Madride lembrarémonos sempre de vosoutros con gratitude. ¡Canto nos fixéchedes gozar!

## No hespital

### I

Macario Gómez, ó ingresar no Hespital, había trocado o seu nome por unha cifra: xa non era máis que o *número 7*.

Deitado sobre moliños colchós, coa vista fixa no leito, pasaba horas enteiras pensando no pobo onde tiña as súas máis queridas prendas.

Lembrábase da súa moza Catalina; aquela labradora que o quería tanto e a quen amaba con toda a súa ialma.

Pechaba ou entornaba os ollos, parecía querer mirar cara a dentro, e aló, na súa imaxinación, iban pasando a xeito dos cuadros dun cinematógrafo, recordos de risoños coores. Víase na romaría onde a había conecido; logo beilando co ela, acompañándoa astra o seu lugar aquela noite que se xuraron amor eterno; lembrábase dos mil saraibos que tiña sufrido nas corredeiras que dende a súa casa levábano á de a súa amada, sin que o tumar dos tronos, nin o resprandor dos lóstregos, nin o rudo azoutar da chuvia, fixéranlo en xamais desistir do seu propósito.

Pasaban tamén pola súa memoria outras imaxens; pro estas eran tristes; seu coor era negruzco, e faguían fruncir o entrecexo ó probe enfermo.

Lembraba a noite aquela na que saíra de parranda, cantando copras alegres na aparencia; aquela noite na que despídiuse da súa rapaza, xurando esta que amaríao sempre, e que “xamais accedería ás pretensións do señorito, o *Indiano*.”

Logo... a súa vida fóra do corruncho, lonxe da terriña adourada, sucumbindo de morriña pola aldea e pola moza, peleando nos abrasados campos de Cuba, e resistindo ó crima e ós traballos, máis que pola súa forte e ruda natureza, polo valor que lle ispiraban dúas mulleres que a todas horas lembraba con amore e cuxo recordo constituía todo un poema de amor e de tenreza: súa nai e Catalina.

Mais logo o regreso á patria, doente, achacoso; lembrábase dun esvaído que lle dera nunha praza pública... Cando voltou á vida, atopouse nun cómodo leito; tiña de frente camas, o mesmo que á súa dereita e esquerda; fixouse en que estas estaban dispostas en dúas ringleiras que deixaban un longo corredor, que tiña nun extremo un altar que amañaba unha muller vestida co santo hábito das irmás da caridade, e comprendeu que estaba no Hespital.

## II

Era día de vesita.

Unha chea de xente, cruzaba as salas do sagrado recinto onde tantos desgraciados atopan alivio ós seus males, e trato afable e cariñoso, cando aqueles non teñen cura.

A multítú, entrando apiñada pola porta da sala onde estaba Macario, estendíase pola ampla habitación ó traspasar os umbrales.

Unha muller fermosísima, roxa, de meixelas frescas e sonrosadas; ollos dun azul puro coma un ceo sin nubes, vestida con luxo deslumbrador, cargada de xoias e apoiada preguizosamente no brazo dun mozo que debía ser riquísimo, a xulgar polos brilantes da súa pecheira e o solitario da cadea do seu reló, pasou xunto a cama de Macario e mirou ó enfermo sin se parar: indudablemente, non o conecía. Non lle pasou

a este o mesmo; ó ver a aquela muller, lanzou un berro desgarrador; incorporouse, faguendo uso das súas poucas forzas, como si lle houbera trabado unha víbora; arqueou as cexas, enchéronselle de sangue os seus ollos, crispáronselle as maus, cravando as uñas con forza increíble, nas sabans, e pronunciou as seguintes falas con rabia inmensa e mirando pra aquela parexa:

–¡¡¡Catalina!!!... ¡¡Perxura!!

## ÁNGEL DEL CASTILLO LÓPEZ

### Datos biobibliográficos

Ángel del Castillo López naceu o 24 de xaneiro de 1886 na Coruña, cidade na que pasou parte da súa vida e na que faleceu o 14 de marzo de 1961. Obtivo os títulos de Profesor Mercantil e de Mestre Elemental na cidade natal. Traballou durante vinte e seis anos como docente no colexio Dequidt. En 1926 licenciouse en Filosofía e Letras (Sección de Ciencias Históricas) na Universidade de Santiago de Compostela. Na Coruña exerceu de director do Museo Provincial, de arquivero municipal e, a partir de 1946, de cronista oficial. Participou no faladoiro da *Cova Céltica* que se desenvolvía na Librería Regional de Uxío Carré.

Destacado polo seu labor de investigador sobre a arqueoloxía e a arte en Galicia, mantivo unha intensa actividade de catalogación e conservación do patrimonio artístico galego. Foi membro adxunto da Real Academia Galega o mesmo ano da súa fundación, cando só contaba con dezanove anos. Proposto por Andrés Martínez Salazar, Jaime Ozores de Prado (Marqués de San Martín) e Eladio Rodríguez González, ingresou como académico numerario o 18 de marzo de 1927 co discurso, que respondeu Fernando Martínez Morás, *La arquitectura cristiana prerrománica en Galicia (siglos V al XI). Necesidad de conocer este período de nuestra arquitectura. Trabajos de investigación realizados y estilos definidos. La Galicia de la Alta Edad Media. Antecedentes históricos*. Nesta institución ocupou o cargo de tesoureiro en dúas ocasións, concretamente entre o 13 de decembro de 1942 e o 19 de xuño de 1944 e entre o 15 de outubro dese mesmo ano e o 19 de abril de 1951. Tamén en 1924 ingresou no Seminario de Estudos Galegos. Antes da Guerra Civil, realizou unha pequena incursión no eido da política, desempeñando o cargo de gobernador civil de Pontevedra. Morreu en 1961.

Algúns dos seus traballos sobre arte e historia publicounos en xornais da época, como *Revista Gallega*, *El Noroeste*, *Coruña Moderna*, *La defensa*, *Vida Gallega* e *Pueblo Gallego*. Entre as súas obras están *La arquitectura cristiana en Galicia* (1906), *Riqueza monumental y artística de Galicia* (1921), *El patrimonio artístico de Galicia* (1926) e *El Pórtico de La Gloria* (1949).

En galego coñéceselle a lenda en verso *A dona das torres* (1925), que transcorre na Galicia do século XVI. Escrita en marzo de 1923, viu a luz o 22 de agosto de 1925 na colección de noveliñas *Lar*, editada na cidade herculina por Leandro Carré Alvarellos e Ánxel Casal.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Baixo o nome Anxo do Castelo, asinou dous relatos en galego que viron a luz na *Revista Gallega*, no número 603 (7 de outubro) e 609 (18 de novembro) do ano 1906, respectivamente, na sección “Polas Mariñas”, un deles sen título e o outro titulado “Como se desfai unha lenda”.

O primeiro vai encabezado pola dedicatoria “Aos irmáns: Srta. Xesusa e Sres. D. Bernardo e D. Luis Castro Arias”. Preséntase o autor dando as grazas polo agarimo con que o acolleron nestes “vosos dominios”, o cal fai supor que é a súa primeira incursión no eido da literatura en lingua galega (“vouvos cumprimentar na nosa fala”) e, a continuación, sinala que vai relatar a saída que fixo até a pena da Marola.

A localización xeográfica é o máis preciso do texto. Trátase da comarca das Mariñas, situada na provincia da Coruña, moi próxima á capital. Os topónimos nomeados (Mondego, Lamela, Carnoedo, Meirás, Santa Comba de Veigue, Aba, Osedo...) pertencen ao concello de Sada. Céntrase nunha descrición bucólica dos diferentes lugares que percorren a pé o narrador e mais o señor Manoel, o do Curro. Incorporáanse, ademais de diálogos, as cantiga populares “Costureiriña bonita / Volve polo devantal / Que che queda da bandeira / Na raia de Portugal” e “Chamáchesme lebrachiño / Porque nacín na revolta / índa catro coma ti / Non me dan a viravolta”. Cara ao final, o narrador é quen define o texto como un “relato”.

O segundo conto, “Como se desfai unha lenda”, asínase en Castro de Samoedo. Cambia dalgún xeito a liña argumental con respecto ao anterior, aínda que neste caso os protagonistas tamén son dous: o propio narrador, que relata en primeira persoa os feitos se define como personaxe “compañeiro de aquel sonado cabaleiro andante que lle din D. Quixote”, e o señor Saavedra. Ambos camiñan na procura de elementos sobre a lenda do río Caño, onde había unha viga “de moura color, máis forte que o ferro, que deixaran alí os mouros que viviran nas quenlles da Agra das Arcas o fermoso Castro de Samoedo”, así como unha galiña e uns pitos. Atopan o mestre da aldea, que afirma que a viu moitas veces e indícalles o lugar onde están os sinais dos acontecementos relatados na devandita lenda. Realizan unha serie de actos que, finalmente, non chegan a resolver o encantamento.

## Polas Mariñas

*Aos irmáns Srta. Xesusa, e Sres. D. Bernardo e D. Luis Castro Arias.*

Meus señores e amigos verdadeiros: Tේnovos de saudar e da-las gracias, nas máis cumplimenteiras palabras, polo agarimo con que acollechedes a este vasallo nos vosos dominios. E mercedentes como me sodes do máis grande sacrificio vouvos cumprimentar na nosa fala, fala dos nosos ascendentes, sin arropar no traballo que costarame ó falar, nunha fala, na que en de xamais falei, e direivos tamén como foi a saída que fixemos astra da pena da Marola.

Índa as brétemas da mañán non fuxiran coas raiolas que escomenzaban a alumear, cando o señor Manoel, o do Curro, e o señor que pon estos garabatos, iban corredoira abaixo por veren se atopaban cousas vellas, doutros tempos nas que espallala súa alma.

Mollándonos os pés no orballón, chegamos cabo da fonte Seixeda onde os castiñeiros e os carballos asomeaban o campiño cuberto de fleitos, e o muiño no que bulían as augas dimpois de moer o grao, do que o muiñeiro gardaba as maquías. Pasámo-la carretera que vai por Tarabelo, e por medio dos prados fumos astra a Granxa, onde atopamos outra carretera desde a que, por unhos carreiros, fumos en busca da corredoira que vai por Mondego; atravesámo-la fraga de Barros, unha fraga mui bonita, e chegamos á Lamela, na que tomamos por un esqueiro, pra non lixugarnos na lameira; escomenzan os piñeiros que subindo por Carnoedo, (que queda á man direita) zoaban co lixeiro vento; da outra beira entre os piñeirales vese Meirás e a coroa do castro no máis alto do lugar. No chan cuberto de queiroas, toxos e carqueixa, os homes facían capós e billardos; e nós seguimos por unha curripa na que as rilleiras, fixéronme caír máis dunha ves magoándome o pellico do xionllo e lixando o meu calzón mouro.

–Mal comenzo, díxome o meu escudeiro.

–Non é bon, repliqueille.

Chegamos á Fonterrota, un rueiro de moita guapeza; os picariños subíanse aos poxigos e os paisos chegábanse astra as cancelas e preguntaban (ao ver ver a miña máquina de retratar co seu trípode) cando se faría a carretera nova; creían que eu era algún inxeniero, e o Sr. Manoel, un legoeiro.

Adiantaba a mañán; os carrizos, os chascos e os peizoques, pousábanse na corredoira, brincaban polos valados ou voaban entre as árbores.

Xa a Natureza estaba no seu apoxeo.

Nosotros limpábamo-lo sudore e i eu doínme dos labregos, que xa recollendo o maínzo que botaban nas paxetas e levaban aos cabazos; xa aporregando coa rella, facendo as canles; xa cargando de untullo o seu carro astra a cabezalla, traballan pra nunca se tiraren da pobreza.



O cantar dos carros, ese rallar que fai o eixo coas troiteiras, ouvíase ao lonxe; e así deste xeito, chegamos cabo da igrexa de Santa Comba de Veigue, da que tiñamos boas noticias e na que entramos; non atopamos nada que lles decir que valla a pena, como non sea que teñen os feligreses unha virxe de moi boa talla e de moitísimo mérito, que índa non a tramou a broca, regalo do Arzobispo Velez. Saímos de Veigue, e por unhos camiños xordos, pasamos por Aba, e dende alí vimos unhos gomelós que se atopaban de certo xeito; eu axiña comprendín o que aquilo era; calei e dixexen pra o meu chaleque, xa nos veremos.

As carricantas, brincaban diante de nosos pés que índa non iban cansos, pro que adoeían por mor das terras mantidas que separábannos da igrexa de Santa María de Dexo, que aló diante de nós, agardábanos. Ao fin, despois de dúas horas e media de camiño, chegamos ao pé dela, e descansamos un cachiño.

Deitámonos no adro, preto da porta, e a soma dunhos carballos, dos que as lorbagas ceibábanse no chan, e escomenzamos o xantar, taniscando nunha bóla de parroñoa, e algo máis que levabamos, que como non interesa aos máis, non volo conto. E goto vai, goto vén, puxémonos a falar de cousas da terra, o meu escudeiro –o Sr. Manoel, o do Curro,– e o cabaleiro da pé que fai o relato. El é moi falangueiro, e i eu gústame moito de lle oír, na nosa fala, os contos de meigas e de mouras encantadas; fáloume da galiña e os pitos (non de ouro, como nas mais das lendas, senón de veras, como el di) que rebulen baixo unha viga no río nomeado Caño, en Osedo; díxome as conversas das mozas e os mozos, que se lembraba en des que el o fora; e cantoume (e sintín non sabere música pra recolle-lo canto) algunhas cantigas de neno das que índa non se esquencera; eu tirei do papel que levaba no bolso, e recollínnas escribindo no meu colo; e pra que vexan a proba, eí lles van dúas:

Costureiriña bonita  
Volve polo devantal  
Que che queda da bandeira  
Na raia de Portugal.

—

Chamáchesme lebrachiño  
Porque nacín na revolta  
Índa catro coma ti  
Non me dan a viravolta.

Traer, índa trouxen moitas, pro máis traería se non fora pola visita do señor cura de Dexo, un gran vasallo que fixo troca-la conversa.

A igrexa é moi guapa, e de moitos anos; pois fixose no 1236; é un bon exemplar dos tempos nos que nosos ascendentes vivían nos tarreos e nos castelos. Índa que non conserva a súa portada vella, senón remozada, des que o lume pegou nela, val a pena

de que se vexa, pois non é nada laída; ten de vello as súas portas travesas, ó seu ábside, os seus canzorros, e índa máis que non vos conto polo de agora.

Perguntamos como se chamaba o coto dos gomelós, que viramos denantes, e dixéronnos, *O Vixía*; a miña creenza do que aquilo era, non iba por mal camiño, e díxenlle ao meu escudeiro.

–Ouh, Sr. Manuel, imos ao curuto.

–Onde vostede queira, señor.

E por vales e mainzales fumos na compañía do señor Abade da parroquia; non tardamos moito en chegarmos; eu, axiña comprendín o que aquilo era: estabamos diante dun castro. Por un carreiro, subimos ao foxo, que casi rodea a coroa, tres metros pro riba do foxo, e subindo por ela, vimos que tiña a forma dun ovo. E mui guapo, e consérvase moi ben; dende o curuto daqueles cómaros vese unha chea de vilas, portos e rueiros; e dende o monte Breamo, e as rías de Sada e Ferrol, astra a torre de Hércules, a vila da Coruña e a ría da Pasaxe, tendo diante de nosos ollos a pena da Marola, que érguese aos nosos pés, dexergare toda unha serie de encantos admirables.

Baixamos do castro, e dímo-la volta por onde fomos; volven os vales e as bouzas, o zoar dos piñeiros e da xesta, os paisanos nas súas labores, os sirís e as maricas alegrando os piñeirales, e os colores do sol que se agacha tralos cómaros din que o día vai vencido.

Pouco máis tarde, chegaban, escudeiro e cabaleiro, ao lar, onde foran tan ben acollidos.

E o relato se finiu.

De abondo dinlle ao garabullo, e tempo é que peche a boca. Non me queda máis, que poñerme aos pés da fidalga, no que moita honra teño, e bicarlles as maos a aqueles meus amigos, cabaleiros descendentes dos máis garridos varós.

Fidalgos, á vosa obediencia.

ANXO DO CASTELO.  
A Cruña, 16 setembro 1906.

## Polas Mariñas

### Como se desfai unha lenda

Índa o sol non che agachara.

Dous señores, nobres polos catros costados, o cabaleiro que fala, nobre somentres por un, polo izquierdo, e un vasallo chamado Saavedra, cun machado e unha picaña ao lombo, íbamos por unha curripa que someaban castiñeiros e carballos, que cubertos de carriza, erguíanse nas rebaleiras.

Camiñabamos en busca do río nomeado Caño; falábase del, que aló nunha revolta entre viniteiros e ameneiros, decote dexergábase unha galiña con seus pitos, e unha viga máis vella que o diluvio, de moura color, máis forte que o ferro, que deixaran alí os mouros que viviran nas quenlles da Agra das Arcas o fermoso Castro de Samoedo. Eu, compañeiro de aquel sonado cabaleiro andante que lle din D. Quixote, vin na viga, un pilote dun *palafito* que as xentes elevaran a lenda, e pouco podería ou había de atopar coa viga do encantamento.

Despois de certo camiño, chegamos preto do regacho. As lavadeiras saltaban polo grixo que abundaba no chan trubado; as papuxas, os gaiolos e os tintos con seus cantos alegraban os vales e os torombelos que os aliñaban; e as augas burbullaban no grixo, bulindo baixo as pólas das árbores que ademostaban a súa pelamaimiña.

O noso pecheiro, o mestre, non de armas, senón do lar onde cabaleiros de tales alcumes vivían, esperaba os nosos ordenamentos; eu personaxe de menos sona, dixen aos tan nobres varós da miña compañía: coa vosa obediencia; e ao mestre faleille:

–¡Mestre, vostede viu a viga?

–Señor, moitas veces.

–¿Fai moito tempo?

–Señor, o fará; lémbrome de cando as rapazas lavaban neste río, puñíanse por riba da viga.

–¿E non se esquece de onde a vira?

–Non señor; foi aquí.

E reparando nun marco de seixo con seus testigos, e nun sopé dun castiñeiro dou coa picaña na beira do río, meténdoa astra a mangueiro.

Os meus compañeiros ríanse de tales creenzas. Eu pergunteille ao mestre si vira a galiña e os pitos, e díxome que non; entón, e ao vere o firme da súa fala dixen: é certo o que di; temos viga: este home viuna. E mentras el traballaba con moitísimo fogaxe, nosoutros puñémonos á falare cunha rapaza carrapucheiriña, de cabelos vermellos e mouros ollos, e cunha vella falangueira que contounos lendas e contos que outro día direivos. A viga non parecía, e o mestre xa facera unha canle a un andar; pro xa era no sitio onde dixera; a vella metérase a falar onde a vira, e a viga non se atopaba. O mestre dou en pensar si a vella sería unha sabia e ameigaríanos o encantamento, pois a galiña, os pitos e a viga non parecían.

Queiras que non queiras, fumos botándo-la meiga fóra; o mestre enseñoulle a figa, sacou do bolso un escrito, falou non sei qué palabras, fixo coa picaña certas figuras, e non deixou ningún remedio prás meiguerías e os feitizos, e puñéndose a traballar, ao pouco tempo, dixo xubiloso e algueireiro:

–¡Témola aquí, meus señores!

Cinguímonos pra vela, e sintimos o ouvido da picaraña na madeira; golpe iba, golpe viña, e o chan latexaba como os nosos corazóns; a moura color da madeira, tiñámola diante diante dos ollos.

–Mais señores, termade da galiña e os pitos; que non fuxan.

A min fervíame o corpo. ¡Xa atopara o madeiro do palafito! ¡Logo o tería na miña man! ¡Qué regalo pra o Museo, meu Dios!

¡A viga da lenda, o resto palustre, a chouza das galiñas, iba a trocalo seu curruncho, por outro de máis verdade e de menos ilusiós...!

.....

.....

O neboeiro da noite aparecera tralo sol que se agachara, a curuxa deixaba oíl o seu canto, a xiada branqueaba as augas que deixara o babuxallo nas rilleiras, e as meigas alumeaban a curripa, pola que, ao repairo da lúa, subían tres cabaleiros, e un vasallo que levaba ao lombo, unha raspa dun castiñeiro, moura e amolecida co tempo e as augas.

.....

.....

Meus lectores, –se eu os tivese– se vos piden que faledes de lendas, falade da do río do Caño, e non digades que a desfixemos, decide somentres, que o cabaleiro que firma, da fe que se atopou cunha astilla da tan famosa viga do encantamento.

¡Son tan fermosas as lendas...!

ANXO DO CASTELO.  
Castro de Samoedo, 30-X-906.

## VÍCTOR CASTRO RODRÍGUEZ

### Datos biobibliográficos

Segundo consta na partida de nacemento no Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela, Víctor Antonio Castro Rodríguez naceu en San Xulián de Negreira o día 20 de xaneiro de 1879. Era fillo do farmacéutico de Entíns (Serra de Outes), Feliciano Castro, e de Daría Rodríguez Abente, natural de Sísamo (Carballo). Segundo Carballo Calero (1981), Daría Rodríguez era curmá de Pondal, mentres que segundo Gonzalo López Abente era sobriña. Os seus avós paternos eran Leonardo Castro e Dominga Sanmartín e os maternos o avogado Francisco Rodríguez e a súa muller María Abente.

Castro Rodríguez verificou os exercicios do grao de bacharel no Instituto de Santiago o 21 de outubro de 1895 e expedíuselle o título o 31 de maio de 1896. O 30 de setembro dese mesmo ano solicitoulle ao reitor da Universidade de Santiago de Compostela a admisión como alumno da Facultade de Medicina.

Á altura do 13 de maio de 1902 aparece empadroado coa familia no concello de Santa Comba, onde residía cando non estaba en Santiago, e dous anos despois, concretamente o 16 de xuño de 1904, sábese que lle foi entregado o título de licenciado en Farmacia. En 1906 emigrou a México, onde residiu até que regresou en maio de 1928. Xa en Galicia estableceuse como farmacéutico en Ferrol, onde morreu o 16 de novembro de 1942.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Como narrador en galego é autor do relato publicado na *Revista Gallega* “O velliño do refaixo” (n.º 282, 12 de agosto de 1900, p. 4) e tamén do que apareceu en *El Eco de Galicia*, asinado co anagrama “Vicaró”, “Ela. Íntima” (n.º 411, 20 de marzo de 1903, p. 5). Nos dous casos está presente o mesmo tema, o amor, mais dende perspectivas diferentes. No primeiro, un narrador en terceira persoa recorda a conversa que tivo co protagonista que lle dá nome ao relato, o vello que vive de pedir esmola e afundido na tristura despois dunha vida condicionada pola do seu propio fillo. Conta, pois, as vicitudes polas que tivo que pasar até estar nesta precaria situación. No segundo relato, un home expresa o amor que sente por Faustina, a futura esposa, no día do santo dela. Dividido en tres partes, na primeira descríbese fisicamente a amada, mentres que nas outras dúas xustifícase o motivo desta “pregaria de amor” cuns sentimentos máis profundos. Ambos os relatos destacan pola imprecisión espacial (do segundo só se sabe que a amada vive nunha vila mariñeira), así como pola descrición física dos seus personaxes (o vello e a moza).

## O velliño do refaixo

*Aos meus irmáns, Feliciano e Felipe.*

Apoiado nun forte báculo e arrastrando mainamente os pés calzados por pesadas zocas que ao bater no chan endurecido pola xiada soan dun modo acompasado e seco, avanza o probe vello cara as casas da cercana aldea semellando el solo naquela vereda inculca da montaña, unha sombra un fantasma... algo que impón respecto.

A raída e vella capa que sempre usa prendida na cintura e abotonada ao pescozo, dalle un estravagante asento que xustifica o alcume, único nome porque é conocido, de «O velliño do refaixo».

A súa alta estatura; aquel abundoso recio e longo cabelo casi de todo prateado que é impotente para recadar o remendado sombreiro; aqueles ollos grandes, doces, medio apagados e aquela barba tan branca como a neve que cobre a cima das montañas... danlle un asento tan soberbio, tan triste, tan malencónico e subprime que soilo admiración e respecto inspira.

A xente ao velo déixalle respetosamente o camiño e queda un pouco parada para miralo. Calado sempre, cando por casualidá fala e dun modo tan baixo e quedo que costa traballo oílo. Para pedir esmola peta moi a modo nas portas co seu úneco o compañeiro e sostén da súa velez: o pau. Todos lle dan algo é respetando o seu silencio, sino de inmensa tristura, ninguén lle di nada como non sexa un cariñoso: ¡Dios vos axude! Ao que el contesta con unha sonrisa triste como tódalas súas.

¡Probe vello! Un día, ao pecha-la noite cando a campana da veciña igrexa tocaba a oración, atopeino rezando, de xionllos na beira do camiño. Volvíame para non interrumpilo cando escoitei que, chorando, decía entre salaios: ¡Meu fillo, meu fillo! Chegueime a el pro tan ensimismado estaba que no me veu astra que compasivamente, poñéndolle unha mau sobre un hombre: lle dixen: ¿Estades malo?

–Si, si, meu fillo, –respondeu mirándome, –malo, moi malo, –e o poucoañadeu, –o meu mal non ten cura.

Calei porque comprendín de que crase de dores se trataba e despois que o fixen sentarse e lle puxen o sombreiro que para rezar guindara o chau, senteime con respecto aos seus pés. Limou, coa volta da man, as magullas que lle mollaban as faceiras; secou as que birlaban como pedras na prateada barba e dempois, mirándome cariñosamente dixo:

Dendes que deixei a miña leixana terra a ninguén lle dixen a miña historia. Ti serás o primeiro a quen lla conte. Fixo unha pequena pausa e añadeu:

Viúdo ao pouco de casarme quedoume un fillo en quen tiña posta toda a miña esperanza, todo meu cariño. Cegado por tanto amor como lle tiña, compríalle tódolos desexos e nunca houbo rapaz no mundo que fose máis mimado, nin máis querido que

aquel. Así, facendo sempre o que mellor lle compría, chegou a túa edá e daquela foi cando comprendín o mal que había feito en crialo tan libremente. ¡Ah, que caro paguei o meu abandono!

¡Mozo, con diñeiro e sin trabas ningunhas non houbo vicio que non adequirise nin mal paso que non dese! Propúxenme enmedalo pro era tarde. ¡Desgraciado de min! Un día que non quixen darlle os cartos que me pedía insultoume e marchouse brasfemando mentras eu morría de pena ao ver trocada de tal xeito a miña ventura. Aquela noite non dormín e cando amaneceu atopeime coa noticia de que, por unha morte que había feito, o meu fillo estaba preso na cadea. Corrín alá e cando esperaba achalo triste e arrepenrido atopeino sereno e alegre contestando as miñas ansiosas preguntas, decíndome cínica e descaradamente que eu tivera a culpa por non darlle o diñeiro que me pedira.

Chorei moito, sufrín unha eternidá de dores pro era meu fillo e por salvalo gastei todo o que tiña. Cando a pesar de todo condenárono coidei morrer. El non chorou siquera e no canto de darme gracias, en vez de bicarme os pés reconecido, desesperado quizais, tivo a crueldá de decirme: Esto pasoume por vosa culpa. Si en vez de folgazán me fixerades traballador enseñándome o bo camiño en troques de darme á soltura e libertá que me dechedes, non me vería como me vexo. Non lembro máis; soilo sei que caín no chan para non me para non erguerme en moito tempo, despois de haber estado ás portas da morte. Cando, aínda convalecente, souben que o meu fillo se había matado no cárcere chorei moito pro non sufrín tanto.

Esta é a razón porque, probe e sin o apoio que soñara para a miña vellez, pida esmola e ande sempre tan triste o desditado a quen chamades «O velliño do refaixo» .

Mirei para el e ao contemplar aquela cara tan triste e venerable, ao ver como calada e pausadamente caían dos seus ollos as bágoas, impresionado fortemente, deixei que as miñas fixesen compañía as súas... Colleume as maus e apertándomas con reconecimento, díxome, temeroso pola emoción: ¡Dios che bendiga!...

.....

E aínda hoxe, queridos irmáns, cando, moi a menudo por certo, recordo a «O velliño do refaixo» a quen vos conocéchedes, e me lembro desta historia, vulgar polo mesmo que é verídica, sintome impresionado tristemente e veñen á miña memoria con doce ternura aquelas palabras que apreciei máis que un tesouro: ¡Dios che bendiga!

VÍCTOR CASTRO RODRÍGUEZ  
Madrid, Agosto de 1900.

## ELA Íntima.

E a miña moza: a que ha de ser a miña dona, anque xa hoxe é a miña reina.

Chámase Faustina e é a rapaza máis fermosa que eixiste no seu pobo, aquela vila da beira mar tan nobre e tan tranquila.

Enriba dun corpo lanzal e xentil, de curvas perfeutísimas, ostenta o seu rostro, unha cariña feiteiceira representada por un óbalo magnífico e formada con unha mesturanza de xasmíns e de rosas, de sangue e neve.

A súa boca é un caravel en cuio fondo, ao entreabrirse sorrindo, distínguese a brancura mate das pelras do rocío que son os dentes; é un niño de bicos; é a huchiña bendita que garda o tesouro dos seus pensamentos e sentires, sendo o meu consolo cando se entorna amorosiña e pouco a pouco, feiteiceiramente, vai modulando con doces falas o querer do seu peito, o inmenso, o eterno cariño da súa ialma que é para min, soilo para min.

Os seus ollos grandes, castaño-escuros, incomparables, están guarnecidos por unhas pestañas longas e arqueadas. Nos seus ollos vexo eu a súa ialma tal e como é; sinxela inmaculada!

E coroa o seu rostro perfeuto, unha cabeleira abundosa, escura e fosca, longa e fermosa.

Cando sorrí amorosa, as cobiñas das súas meixelas dan tentacións de caricias; cando fala parece que cantan os anxeliños!

Así é a miña Faustina, que é á miña moza, a miña reina, e ha de ser a miña dona.  
Así é *ela!*

—

¡Miña xoia! Eu achábame fálto de todo querer, abandonado, orfo, cando quixo a sorte que a atopase no meu camiño.

E do mesmo xeito que ao nace-lo sol fuxen as sombras, así ela foi na escuridá do meu vivir un luceiro esprendoroso que alumeoume a vida, dándolle a miña ialma o calor do cariño e a luz de faliñas garridas de que tanta necesidá tiña.

E desde entonces ela foi a miña pituliña e quíxena inmensamente. De tal xeito a idolatro, que antes que perdela quixera que se me acabase a vida. Ela tamén me quere e os dous esperamos con ansea un día, que será o máis feliz da nosa existencia, en que se xunten pra sempre os nosos destinos.

—

Hoxe é día do seu santo. Lonxe dela padezo de soidades. Escoitase eu unha faliña meiga da súa boca, e acabarían as miñas penas e os meus dolores.



Cerrando os ollos véxoa naquel balcón verde, como a esperanza do meu cariño, perdéndose nas lexanías do hourizonte os seus ollares escrutadores e malencónicos. Da mesma maneira que eu penso nela, así a miña pituliña se acorda de min. ¡Dios a bendiga!

Baixo os seus pés o mar non acouga de darlle bicos a area. E ao cantarlle os seus amores faino de tan sublime modo, que no espacio tranquilo non se escoita outra cousa que o sinfónico rumor da súa canción inmensa. ¡É unha pregaria de amor! ¡É unha oración sublime, infinita, en que toda creación marmura querer e a Naturaleza entona humildosa un himno de gracias ao Supremo! É un canto de amor dos homes e das cousas! ¡É o amor universal, eterno!

VÍCARO.

Santiago, Febrero, 15, 1903.

## CAROLINO COSTAS MÁRQUEZ

### Datos biobibliográficos

Natural de Santiago de Morgadáns, parroquia do concello pontevedrés de Gondomar, naceu, segundo consta na documentación gardada no Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela, ás catro da tarde do día 25 de novembro de 1864 e recibiu os santos óleos dous días despois para suplir as cerimonias do bautismo non solemne que en caso urxente lle administrara a súa avoa materna. Neto de labregos (seus avós paternos foron Domingos Costas e María Rodríguez e os maternos Manuel Márquez e Eulogia Rodríguez), era fillo lexítimo de Francisco Daniel Costas Rodríguez (quizais falecido poucos anos despois, cando Carolino Costas aínda era un mozote) e María Rosa Márquez Rodríguez, e irmán do sacerdote e xornalista, que foi arcipreste e deán da catedral de Mondoñedo Enrique Costas Márquez (1861-1925). Estudou en Santiago de Compostela, primeiro o bacharelato e a continuación as materias da licenciatura de Dereito, carreira na que destacou polas súas boas notas, que lle propiciaron axudas económicas no proceso da súa formación. Froito do seu traballo como xurista deu a lume *Importante y curiosa cuestión canónica en relación con otras de índole civil y criminal: Informe escrito en el trámite denominado de Alegación de Agravios, en defensa de la apelante Angela Veiga Ferreiro e impugnado ante el Tribunal Eclesiástico Metropolitano de Santiago de Compostela la sententia dictada por el Provisorato de Lugo*, publicada na Tipografía Galaica en 1914.

### Comentario dos textos narrativos en galego

En galego é autor do texto narrativo publicado en *Follas Novas* (n.º 546, 17 de novembro de 1907) baixo o título “Unha cencerrada, como hai poucas. Conto”, un relato humorístico e costumista, premiado en Ferrol, no que se narra como transcorreu a preparación e a voda entre Pepa do Turreiro e Chinto de Outeiro. Ela, unha moza viúva de Xan do Perete e filla única dos “máis ricos labregos daquela terra”, decidiu casar con este rapaz. Cando os mozos da parroquia (San Andrés da Barquiña) souberon do casamento consideraron “ofensa e despreceo de non haber escollido antre eles o novo marido” e decidiron coller unha tumba e presentala diante dos noivos para bulrarse da dor da casada pola morte do seu primeiro marido. Entón, do cadaleito saíu un morto e todos fuxiron do lugar por medo. O conto remata ao descubrir que do cadaleito saíra o mesmo Chinto de Outeiro, quen lles colleu a dianteira aos mozos, e matou así “a cencerrada”.

O relato, contado por un narrador omnisciente, segue a estrutura clásica de presentación, nó e desenlace. Trátase dunha prosa simple e directa, no que o máis interesante é o manexo da trama así como a configuración do ambiente previo ao clímax e desenlace final.

## Unha cencerrada, como hai poucas

### CONTO

#### (PREMEADO NO FERROL)

Un ano escaso traxerá des que no feiticeiro lugar da Furadela, da parroquia de San Andrés da Barquiña, entregara a Dios a súa alma o bo de Xan do Perete, nobre e honrado labrego, traballador como tódolos das nosas probes montañas, e xa en vos baixa marmulábase antre os que foran seus veciños, falando quedíño uns cos outros, non sei que cousas ó respecto da que foi súa muller, Pepa do Turreiro.

Era esta unha garrida moza, alta, branca como a mesma neve, coas meixelas roxas, que dúas manzáns parecían, filla úneca dos máis ricos labregos daquela terra...; quedara sin fillos do seu difunto Xan; e, pra máis tentar o demo, tivo o difuntiño a boa idea de deixala por testamento herdeira de tódolos seus bens sin condición ningunha, nin siquera a de que non poidese volverse a casar so a pena de perde-la herencia que lle deixaba.

Nada tiña pois de particular que os mozos todos da parroquia e de tres ou catro legoas á redonda bebesen os ventos por ela, e quedasen todos coas bocas abertas cando ela pasaba, vestida de negro, maxestuosa como a unha reina sin mirar siquera para aqueles, que tanto a cobizaban.

Poucas eran as palabras que cos mozos da súa parroquia cambaaba; a ningún lle facía cara; pero non sei por onde poido vir a noticia de que, atravesando ríos, montes, devesas e barrancos, pra que ninguén o vise, cruzaba Chinto de Outeiro, despois da media noite as dúas legoas de camiño ben contadas, que distaba a súa do lugar da Furadela, e alí, chegándose á alta ventana, onde Pepa o esperaba, pasaban en doces parolas astra que pra romper estaba o día, volvendo logo o probe ou feliz Chinto a desanda-lo andado, pra chegar á súa casa en tempo de coidar da non pequena facenda, que de seus pais recibira.

Quixeron algúns ver si era certo que se dicía, pero nada en limpo poideron sacar, porque o tal Chinto, que debía ver máis que os gatos, pola forza da costumbre, viu os que escondidos estaban esperando que pasase e deu un pequeno rodeo pola devesa, andando á modiño e agachado, pra que non o visen, nin sintisen: non o viron, pero seguíase dicindo que tódalas noites viña Chinto a falar con Pepa, e que pró novo casamento desta iban xa as cousas mui adiantadas.

Non se lles daba a estos casos moito creto, porque nin ela quitaba o loito, nin o crego lía as monicións, cando de ler polo menos unha delas casi non había matrimonio que se librase: os rumores crecían, crecían, a pesar do sacreto, que se gardaba; e polo que poidese suceder, tiñan os mozos todo preparado pra facerlles a *fiesta* ós novios, si o caso chegaba.

Unha mañán mui cedo, estaba rompendo o día, un mociño que iba torna-la auga dos prados, encarou na beira do adro con Chinto de Outeiro: vistía todo o fondo

da hucha, con larga capa de pano fino e sombreiro de anchas alas, e viñan con el dous vecinos formales da súa parroquia tamén coa roupa das festas; ábrese nesto o portalón da rectoral, e o señor Cura sale a paso lixeiro pra Iglesia no mesmo instante en que polo outro lado aparecía Pepa do Turreiro, desloitada, alegre como unhas Páscoas, en compañía de seus pais e dun tío, que con eles vivía: uns e outros entraron na casa de Dios, e o mozo que os vira, non esperou a ver máis: certos eran os touros, ¡e ben certos!... e había que *festexar* o casamento da que tan pronto se esquecía do probe Xan do Perete.

Non tivera o crego tempo de botarlles a bendición ós novios, e xa estaban á porta da Iglesia máis de vinte mozos, avisados polo que tropezara con aqueles ó entrar. Cando saliron ¡Santo Dios!... pitos, frutas, cascabeles, cencerros ou chocas do gando, cazos, latas do gas, caldeiros vellos, armaron unha algarabía de mil pares de diantres; e tralos novios foron astra a Furadela: antes dunha hora os mozos que tocaban tan bonita música, pasaban dun cento: ao mediodía chegou o gaitero e o tamborileiro: as mozas acudiron a ver a parranda, houbo bailoteo, toque de pitos, chocas, cazos e caldeiros nos descansos...; e así chegou a noite co aquela algarabía.

Pensouse recordarlle á novia o enterro do difuntiño que tan pronto lle esquecera; e había que facelo mui ao vivo, pra vingarse do feito, que os mozos da parroquia da Barquiña estimaban ofensa e despreceo de non haber escollido entre eles o novo marido: xuntos todos, despois da anoitecido, mentres botaban uns netos pra refresca-la gorxa, trataron de ir á caseta da fábrica, que no adro estaba sempre aberta, por non haber que roubar nela, colle-la tumba de leva-los difuntos, traela en procesión cantando como os cregos nun enterro, dar tres voltas ó redor da casa de Pepa, alomeando con fachuzos de palla e volver despois a tumba ó seu sitio.

E dito, e feito: alá se foron os catro máis valentes brincando no adro; saliron levando á hombros a tumba, e queixándose por certo de que pesaba como si fora chea de pedras, pero non houbo quen mirase o que tiña adentro: e, andando a bo paso, entráronse pola Furadela semellando cantar responsos, mentres daban a volta ó redor da casa os fachuzos daban a aquela o aspecto da *compaña*; mozos e mozas parecían chorar limpando os ollos cos seus panos, facendo burla do delor que un ano antes amostraba a que hoxe festexaba o casorio escondida na casa, sin que nin a ela nin a Chinto se lles houbera visto a cara desde que saliron da Iglesia: chegou a tumba ó medio da eira, ¡e alí armaron un túmbalo pra pousala enriba e botarlle o enterro ó difunto.

De pronto... ¡Noso Señorío!... levántase súpeta a tapadeira da tumba: unha figura branca... ¡un difunto! Érguese dun brinco, e plántase no medio dos músicos e cantores rindo, a dous carrillos...; helouselles a aqueles a vos na gorxa; os máis valentes botaron a fuxir, saltando muros e barrancos, e algún houbo que non parou de correr en toda a noite...: as mozas ¡miñas probes! Sin sentido quedaron as máis delas, e nin unha se poido mover do sitio asta que seus pais, sabedores do caso, viñeron a buscalas,

armados de sachos, paus, fungueiros e auga bendita que lle foron pedir ao crego: a tumba alí quedou tirada na eira, asta que á mañán veu por ela o sancristán con dous homes...: ¡e aquel *difunto* non houbo quen vise por onde marchara... nin que cara tiña!

¡Foi boa cencerrada a cencerrada do casorio de Chinto de Outeiro con Pepa do Turreiro! nin hai en Barquiña quen non se alembre desa cencerrada, despois de máis de corenta anos de pasada... e eso que non durou máis que *un día*, debendo haber durado polo menos *oito*: pero aquel *difunto* veu a acabar coa *fiesta*; ¡claro!, os responsos i o enterro chamaron por el, e o *difunto* veu... Algún daqueles valentes non volveu a salir de noite da casa en toda súa vida, por medo aos difuntos.

E non se lle diga ós petrucios da Barquiña que non foi un *difunto* mesmamente o que saleu naquel día da tumba, cando eles eran mozos e andaban dando a cencerrada a Pepa do Turreiro: ¡cá! un vivo non podía ser... ¡iban eles a ter medo a un *vivo*, i a fuxir todos diante del!...

E nin siquera os apea da burra o mesmo Chinto de Outeiro, dicindo, como dixo dende aquel día da voda, e como sigueu dicindo a quen quere oílo, que o *difunto era el*, e que estaba vivo, e ben vivo: oíu dende a ventana decir aos mozos que iban busca-la tumba, saleu correndo pola porta do corral, colleulles á dianteira, meteuse na tumba envolto nunha sáboa; brincou fóra cando pousaron na eira, e máis lixeiro que unha lebre volveuse a meter na casa, mentras a muller e convidados reían que se partían, vendo que pasaba, escondidos tralas ventanas.

Así matou a cencerrada, sin ter que convidar a *músicos e danzantes* pra que o deixasen en pas... *Foron por lan e volveren... raspados.*

CAROLINO COSTAS MÁRQUEZ

Abogade

Santiago. 1907.

## JULIO DE LA CUESTA

### Datos biobibliográficos

De Julio de la Cuesta coñécense poucos e moi difusos aspectos da súa biografía, limitados á súa condición de xornalista vigués emigrado na cidade de Bos Aires, da que dá conta Antonio Couceiro Freijomil (1951-1953), e á súa relación con varias das publicacións coas que a comunidade galega contaba en Arxentina: foi secretario da revista *Nova Galicia*<sup>5</sup>, director de *La Iberia* e *El Heraldo Gallego*, e colaborador doutras revistas como *Follas Novas*, da Habana.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Como narrador en galego é autor de seis relatos publicados en *Follas Novas*: “Vou pró moíño” (n.º 399, 22 de xaneiro de 1905)<sup>6</sup>, “A enfermédá de Rosiña” (n.º 443, 26 de novembro de 1905), “A tía Xacinta” (n.º 444, 3 de decembro de 1905), “¿Era mentira?” (n.º 457, 4 de marzo de 1906), “O espanta-paxaros” (n.º 461, 1 de abril de 1906) e “Na fonte” (n.º 479, 5 de agosto de 1906).

Os textos, malia a súa heteroxénea temática individual, poden dividirse en dous grupos, segundo o seu enfoque. Por unha banda, “Vou pró moíño”, “A enfermédá de Rosiña” e “Na fonte” amosan un enfoque costumista, cun ton lixeiro, de temática amorosa, e unha estrutura clásica de fondo populista que asenta no diálogo e na relación entre un núcleo de dous personaxes principais. Por outra banda, “A tía Xacinta”, “¿Era mentira?” e “O espanta-paxaros”, aínda que se desenvolven tamén nunha atmosfera rural e costumista, afrontan os feitos dende unha actitude de crítica social dirixida á clase poderosa que utiliza a xente humilde (con referencias contemporáneas á deformación das regras democráticas), a quen manipula os feitos en beneficio propio e ás actitudes sociais derivadas da envexa e a ignorancia.

En “Vou pró moíño” está presente un elemento propio da literatura oral: unha voz narradora non identificada cóntalle unha historia a unha audiencia imprecisa, agás pola referencia aos “meus lectores”. Desta oralidade, con todo, só se dá conta ao final do texto, cando se desvela que a historia de Farruco e Marica pertence ao testemuño pasado da voz narradora. O diálogo é a forma comunicativa e de relación dos dous personaxes principais, a través do que se desenvolve unha situación romántica clásica onde a amada pon a proba a pureza do pretendente. A súa personalidade é prototípica e unha reprodución de personaxes de tipoloxía recoñecíbel.

<sup>5</sup> Deste dato tense noticia a través da dedicatoria que contén o texto de M. Borrás que se inclúe neste volume.

<sup>6</sup> Foi reproducido no *Boletín oficial del Centro Gallego* (Centro Gallego de Avellaneda), n.º 25, 20 de agosto de 1905, cunha dedicatoria “Pro meu estimado Fortunato Cruces”.

“A enfermédá de Rosiña”, a través da conversión dun parto nun acontecemento social, establece un paralelismo entre a situación individual dela e a de todas as parellas mozas que, interesadas polo seu estado de saúde, se reúnen arredor do seu lar, o que serve para articular, de forma secundaria, un discurso de análise e crítica social. A crítica social é moralizante, introducida dende a visión da doutrina católica, representada pola voz do crego que, semana tras semana, mentres aplica o sacramento do bautismo, lles aconsella aos mozos respectar o “sexto mandamento”. O retrato do sentido comunitario e a solidariedade social é o aspecto máis destacado da atmosfera rural.

“A tía Xacinta” ten como paratexto a dedicatoria a “Antonio de P. Cea, Director da Revista Follas Novas”, o cal é indicativo da relación de Julio de la Cuesta coa comunidade xornalística bonaerense. O texto ten como eixe central o retrato positivo da personaxe de Xacinta, enalzada pola súa posesión das máis elevadas virtudes, e a contraposición da súa figura en relación ás características, intereses, actitudes e accións de relevantes persoeiros públicos negativamente caracterizados: o cura e o sacristán da parroquia, directamente, e o alcalde, indirectamente. A escena final, que opón as altas virtudes de Xacinta co seu anónimo enterro e homologa o poder dos persoeiros descritos coa súa impunidade social e xurídica, reincide na mensaxe principal do texto.

En “O espanta-paxaros” a voz narradora estende a crítica a determinadas actitudes sociais a partir do retrato negativo dun grupo de veciños durante o episodio no que son sorprendidos por unha gran tormenta. Os raios, os tronos e a chuvia provocan os seus temores, que intentan calmar con rezos, até que o medo se converte en pánico cando confunden un espantallo cun fenómeno sobrenatural, unha ánima chegada doutro mundo. A voz narradora, igual ca no relato “A tía Xacinta”, reincide e clarifica contundentemente a súa vontade na frase coa que pecha o relato: “as personas fanáticas asústanse e toman por almas doutro mundo ás súas propias sombras”, opoñendo así a racionalidade dos feitos á ignorancia das supersticións e dos medos.

Finalmente, “Na fonte” conta o encontro e o diálogo amoroso entre Rosiña e Pedro nunha fonte, elemento con connotacións sexuais na literatura popular galega. Outro elemento propio da literatura popular é a introdución esporádica dunha copla cantada pola personaxe Rosiña, aderezo argumental que explicita a natureza da relación entre ambos os personaxes. A presenza gráfica dos puntos suspensivos amosan, primeiro, a ausencia de elementos narrativos relevantes para a comprensión completa do texto, e segundo, a existencia de motivos para esa substitución gráfica que quedan, evidentemente, á libre interpretación do lector. A ironía e o sentido do humor complementáanse coa liberdade narrativa do texto.

Julio de la Cuesta é autor dun conxunto de textos que, aínda carecendo de aspiracións literarias, afrontan no seu conxunto a intención de reflectir explicitamente, ou criticar de forma analítica, diversos aspectos da sociedade.

## Vou pró moíño

–¿Pra onde vas Marica?

–A ti que che importa. Eres moi curioso.

–Eu son curioso, porque gosto moito de ti, e como sempre vas solíña, teño medo que alguén che faga mal, i eu estou eiquí pra te acompañar.

–Perde coidado que ninguén me fará mal, porque eu non teño anemigos.

–Mais non son os anemigos que che han de faguer mal, mira que niste mundo hai que desconfiar moito e dos propios amigos.

–Boeno, boeno; vosoutros os homes sempre vos interesa moito que as mulleres anden ben gardadas, pra que ninguén lles faga mal; aparentan unha cousa por diante mais no fondo encerran sempre a maior maldá.

–Eso non son todos.

–Uns son máis e outros son menos.

–Eu...

–Tu eres coma os outros. Si me queres acompañar, eu vou pró moíño e soilo volto á mañá, mais non veñas a quererme faguer comulgar con rodas de moíño, porque non eres ningún santo.

–Santo si que eu non son. Deses personaxes soilo sealcontran na igrexa.

–Dende o Crego astra o sancristán.

–Eses non son santos. Os outros non comen non beben; mais estes comen e beben coma condenados.

–E que estes teñen un permiso de Dios pra comer e beber por eles, e polos outros que están na igrexa.

Iso sábeno faguer moito ben. Aquil diñeiro que se bota na bandexa agárrano eles. A min astra me parece que beben o aceite e comen a cera da igrexa.

–Non digas eso.

–Non digo non, porque si eles saben que estamos falando distas cousas, son moito capaces de mandar un reximento daqueles homes que viven debaixo da terra, e dimpois levarnos...

–Pró inferno.

–Eso quería eu, que nos levasen aos dous xuntiños.

Quen así falaba era un mociño chamado Farruco e a súa interlocutora Marica.

Dimpois de estaren falando tanto tempo, o Farruco resolveuse acompañala, índa que voltase no outro día, e dimpois de algún tempo chegaban ao moíño, e según me dixo o Farruco, nunca tiña pasado unha noite tan alegre coma aquela.

Os meus lectores, estarán esperando o resultado do conto, e vou dar, porque a min tamén xa me cansa escribir.



–O caso é que en un día de festa tódolos viciños da parroquia foron na igrexa a ver o bautizo dun pequerrecho fillo de Farruco e da María.

### **A enfermédá de Rosiña**

Especial para FOLLAS NOVAS.  
HABANA.

Na parroquia de Covelo, entre Punteareas e As Neves, na provincia de Pontevedra, namorábanse dous mocíños, e dimpois dalgún tempo de relacións, resolveron casarse, co consentimento dos pais.

Ó cabo do tempo que pra estas cousas fai falla, Rosiña deu con toda felicidade a lus un rebusto neno, fruto primeiro dos seus amores.

Cando se soupo na parroquia a noticia de tan felís acontecemento a veciñanza acudeu toda a casa da parturenta, pra que nada lle faltase, pois Xosé, seu marido, alcontrábase traballando en casa do médeco, e non podía deixa-la súa obrigación, tendo, como tiña, quen axudase á súa muller naqueles críticos momentos.

Aquelo parecía unha verdadeira romaría. A tía Xenerosa dáballe a Rosiña moi a miúdo caldiños, en canto o tío Xacinto, corría dun lado pra outro en busca dos medicamentos que a parteira pedía.

–Tía Xenerosa –decía unha rapaciña dunhos 12 anos– manda decir miña nai si a percisan pra algo. Díxome que índa que ten moito que traballar, pode vir, sempre que esto teña gravedá.

–Pepiña, dille á túa nai –respondeu a tía Xenerosa– que si pode vir astra acá, que veña, que ela é máis entendida nestas cousas.

–Boeno, señora. Xa vou correndo, pra que veña de prisa.

Dimpois que Pepiña saliu, foron chegando outros viciños e non tardou moito en chegar tamén a nai daquela rapaza.

Todas as mozas do lugar xuntáronse na casa da enferma, i en vez de tratar dela, falaban do sermón que o abade tiña dado no día anterior, e no que aconsellaba con moito empeño que naide escorregase no sexto mandamento da doutrina cristiana.

Aquelo xa parecía unha festa: cada cal contaba o seu conto, e por certo había algúns tan graciosos que faguían rir a carcaxadas.

A noite foise aprousimando i os mozos ao saberen que as súas novias estaban na casa de Rosiña pra alá se foron, i entón escomenzou unha foliada de mil demos.

Un dos máis atrevidos que era Xulián, antes de entrar na habitación da enferma, gritou:

–¡Ei recoiro! A moza que teña envexa de Rosiña que o diga.

–¿Seica toleas, Xulián? –dixeron algúns dos presentes.

De alí a pouco estaban alí xuntos todos os mozos da parroquia. A noite pasárona no medio de alegres parolas, que eran interrompidas ás veces por salidas que fixeron algúns mozos e mozas pra contemplar o luar que era sedutor, en canto os vellos i as vellas quedaban soilos sacudindo a cabeza de cando en cando co sono.

Dous meses despois era bautizado o pequerrecho, i a casa de Rosiña encheuse de regalos que lle levaban os vecinos.

O abade, ao pouco tempo, volveu a botar outro sermón aconsellando que respetasen o sexto mandamento si non querían ir pró inferno.

Parece que a xuventú da parroquia, ou fose por non respetar o mandato ou por ir direitiños pró inferno, o caso é que casi todas as semanas había un bautizo na igrexa.

Por eso as mozas i os mozos cando algunha daba a lus, acordábanse da noite en que estivera enferma Rosiña.

### **A tía Xacinta**

Pra meu peisano Antonio de  
P. Cea, Director da Revista  
FOLLAS NOVAS.

HABANA.

Era unha velliña xa de seus 80 anos i era moi estimada en toda a parroquia polos bos servicios que a cambio dun anaco de broa faguía ós seus viciños.

O seu úneco traballo era ir tódolos días, índa que chovese ou fixese sol, á vila a trague-las cousas que os viciños lle pedían. Tamén iba na axencia dos correos a que lle deran a correspondencia que houbese pra parroquia.

O seu corpo andaba cuberto por algúns farrapos que enseñaban algunhas partes do seu enfraquecido corpo.

Durmía a tía Xacinta nunha chouza que máis se asemellaba a un cortello que a unha habitación en donde descansaba un ser humano.

As inxusticias que habían cometido con ela os que se chaman apóstolos da misericordia hábiana deixado naquel triste estado, pois unha causa xudicial había obrigado ó seu marido a emigrar pra lexanas terras, onde en ves de encontrar a fortuna –por todos desexada– encontrou un sitio no silencioso cimiterio, deixando á súa cara mitá compretamente abandonada.

Estaba unha noite de inverno deitada na mísera cama de follato, cando á súa porta petaron uns homes, que valéndose da vellicie daquela anciana pra levar á vila unha carta, que sendo entregada a algún home podían descubrirse algunhas endrómenas escondidas.

Sin vacilar levantouse e dirixíndose á porta, reconeceu nos visitantes ó cura da parroquia e mais ó sancristán que lle entregaron unha carta pró alcalde, pois como era tempo das eleucióis, era perciso que estivese todo ben proparado.

A tía Xacinta, como xa lle tiña tanto medo a esa crase de xentes, vestiuse sin máis aquela, e púxose en camiño da vila.

Andivo un bo anaco; cando notou que as súas pernas pedíanlle un pouco de descanso.

Sentouse no tronco dun albre que estaba a un lado da carreteira, tiritando do frío, en canto os seus mandatarios, causantes de tantas disgracias, estarían ben abrigados, pensado tal ves na resposta do alcalde.

Ó día seguinte as personas que se dirixían á cibdá alcontraron caída pra un lado do tronco do albre o cadavre dunha muller, na que reconoceron á tía Xacinta, que índa conservaba na mau a carta que lle deran.

Na parroquia foi moi sentida a súa morte, pro ningún veciño atrevíase a criticar o auto dos causantes, por medo que lles fixesen algunha cousa.

O seu enterro verificouse moi friamente. Os asesinos continuaron gozando da mesma confianza, e na sepultura non puxeron nin unha probe lousa para perpetuar a memoria da súa vítima.

## O espanta-paxaros

Especial pra FOLLAS NOVAS

*Habana.*

A pequena chouza non daba moita garantía ós que nela vivían, i así mesmo xuntábanse todas as noites moitos veciños pra pasaren o tempo ou criticar a fulano porque a súa muller anda en boas relacións co señor abade, i a mengano porque é moi económeco e non gasta unha cadela en nada; en fin, naquela casa trátase da vida allea coma si se lle importase en algunha cousa.

¡Que se lle ha de facer! O mundo é así; en canto as boas personas están descansando, as outras, que se teñen por santas, xúntanse pra criticar todo o que non alcontran do seu agrado.

De frente da casa había unha cereixeira i atado á última ponla estaba colocado un municreque que servía para espantar ós paxaros.

Cando os marmuradores se alcontraban no mellor da festa, é decir, no mellor da crítica, escomenzou o ceo a nublarse i o espacio foi iluminado pola rápida lus dun lóstrego que veu acompañado do forte retumbar dun trono. O vento sopraba con furia i a chuvía escomenzou a caer con moita forza.

Por tódolos corrunchos da casa sentíanse responsos, i as personas que non tiñan tanto medo trataban de marcharse, pero o vento i a chuvia que xa caía en abundancia, facíaos recollerse de novo.

Xa non sabían a que santo pedir pra que terminase aquilo que parecía o fin do mundo. Con bágoas nos ollos e oracións nos beizos levaron astra as doce da noite, hora que según dicen salen as fantasmas ou trasnos ós camiños, e foi nesa hora que do alto da cereixeira cae, sacudido co vento, o municreque, que deu contra a porta, asustando índa máis ás que estaban dentro.

Puxéronse todos de hinoxos diante do altar de San Roquiño a pedir que a tormenta acabase. Cando terminaron a oración e puxéronse de pé, notaron que o piso estaba mollado i un cheiro pouco agradable ás súas narices. Era das bágoas amarillentas que co medo deixaran escapar unhas velliñas que tembraban como as ponlas dos arbres sacudidas pola forza do vento.

Comenzou a alborexar i entón a tormenta diminuiu moito. As personas que non se atrevían a saír da casa por medo do municreque, que movido polo vento causaba terror no medio da escuridá, tomaron un pouco de coraxe e foron ver si o que eles pensaban que era un fantasma índa estaba no mesmo sitio, cando foron sorprendidos pola presenza do municreque non soilo había de servir pra asusta-los paxaros, sinón ós seus propios donos.

Parecido a esto, son as fantasmas da aldea: as personas fanáticas asústanse e toman por almas do outro mundo as súas propias sombras.

JULIO DE LA CUESTA  
Buenos Aires 19 de Febrero de 1906

## **Na fonte**

Para “FOLLAS NOVAS”  
Habana.

Na casa non había nin pinga de auga. Era preciso ir buscala á fonte que estaba distante uns centos de metros. O tío Xeremías i a súa muller a señora Xertrudis eran moi vellos e non tiñan bastante folgo nas pernas pra pasar por unha pequena congostra cuberta de penedos que cara á fonte se alcontraba.

Chamaron a súa filla Rosa, unha rapaza duns dazaioito a vinte anos, que era a causante que por súa fermosura houbera moitas pelexas ante os mozos da parroquia, que se disputaban o orgullo de escoitar da súa boca unhas cantas palabras amorosiñas, que pra eles eran o maor contentamento.

A rapaza, tan pronto escoitou que os seus pais chamábana, saltou lixeira da cama, foise en dereitura á cociña, puxo un xerro de barro na cabeza e axiña encamiñouse prá fonte cantando:

Negros son os meus zapatos  
negro o lenzo da cabeza,  
e no fondo do meu peito  
teño máis negras as penas.

-----

Todos os mozos me queren  
i eu non sei porque será,  
índa que falo con todos  
quero a Pedro nada máis.

-----

Así cantando, acompañada por agarimosos gorxeos dos paxariños que andaban ante as silveiras saltando como nenos cando xogan ó escondite; foi aprouximándose da fontaña.

No momento que enchía o xerro, chegou a pasar por alí un mozo que cos pantalóns remangados i un sacho ó lombo iba a regar unha veiga que estaba preto.

Rosa recoñeceu ó seu novio, a Pedro, o rapaz que soupo conquistar o seu cariño i o que lle xurara querelo máis que a ningún da aldea.

–Pedro, Pedriño–chamouno con voz forte e cos brazos erguidos.

–Nunca creín alcontrarte hoxe por eiquí. Dixécheme onte que ibas ó moíño...

–Si... verdá... pro non fun porque hoxe nin tuven compañeiras e non me gusta ir soliña; teño medo... Meus pais como xa son velliños non teñen forzas pra camiñar astra eiquí e quixeron que eu viñese...

–Boeno, muller, boeno. Os máis mozos temos que axudalos por dúas razóns, a primeira que son nosos pais i a segunda porque son máis vellos.

–Dendes que nos queremos nunca che escoitei falar desa maneira. Cicais alprendeches todo eso nalgunha escola ou ensinoucho algún deses estudantes que veñen falar co señor abade?...

–As cousas boas –Rosíña– non son perciso escoitalas, nin ir á escola pra sabelas, deben salir do noso propio sentimento.

–Ti pensas o mesmo que eu, índa que mas ensinaron, trato de non esquencelas e cumprilas. O que máis gravado me quedou na memorea son os sete mandamentos que sempre os digo cando vou á misa ou rezo algunha oración con meus pais.

Cansáronse de estar de pé; puxeron o xerro i o sacho a un lado e sentáronse enriba do verdor campestre que por aqueles lados estaba coberto de cheirosas froes.

.....  
.....  
–¿E non queres a outro máis que a min? –decíalle Pedro, alargándolle a man polas espaldas.

–Xa cho dixen moitas veces que che quero, tanto como a meus pais, que pra ti é o meu corazón...

– Pois eu dígoche o mesmo.

.....  
.....  
–Non me fagas cóxegas, Pedro, que sinto non sei o que polo corpo e dáme ganas de rir.

– Deixa... deixa... que me gusta verte alegre...

.....  
.....  
–Márchome, –dixo Rosa levantándose– tardei moito e han de estar esperándome...

–Adiós, Rosiña.

–Adiós...

–Non te esquezas cando reces daquel mandamento...

–¿Cal é...?

– O sexto non fornicar...

.....  
.....  
JULIO DE LA CUESTA  
Buenos Aires, 19 Xunio 1906.

## JULIO DÁVILA

### Datos bibliográficos

Julio Dávila Díaz naceu na vila coruñesa de Ortigueira o 26 de agosto de 1871. Con poucos anos, emigrou á Arxentina, lugar no que se dedicou aos negocios no seo dunha importante compañía de consignatarios porteños. Na cidade de Bos Aires colaborou con diferentes xornais, tales como *El Eco de Galicia*, *Almanaque Gallego* e *La Voz de Galicia*. A súa comarca natal foi obxecto de moitas das súas obras, como, por exemplo, *Apuntes históricos y descriptivos de la villa y partido judicial de Santa Marta de Ortigueira* (1902), *Vocabulario santamartés u ortigueirés. Crítica de críticas* (1903), *Apuntes geográficos del partido judicial de Ortigueira* (1906) e *Plano del partido de Ortigueira puesto al día* (1913), entre outros. Froito da súa estancia na Arxentina é *Por tierras guaraníes* (1926) e un conxunto de artigos publicados en *El Eco de Galicia* baixo o título *Desde el relleno*. Fundador, tesoureiro e secretario da Asociación Protectora da Academia Galega en Bos Aires, ao seu regreso a España en 1911 establececeu residencia en Madrid. O 30 de agosto de 1927 ingresou como membro numerario na Real Academia Galega, proposto por Andrés Martínez Salazar, Francisco Tettamancy y Gastón e Eladio Rodríguez González, cun discurso sobre a vida e obra de Benigno Teijeiro Martínez, que foi contestado por Federico Maciñeira y Pardo de Lama. O día 11 de xuño de 1971 faleceu na capital española, un par de meses antes de cumprir os cen anos, e os seus restos mortais foron trasladados á vila na que nacera.

En castelán publicou a novela de ambientación galega *El destino* (1897) e o conto *Al abrigo del ombú* (1914).

### Comentario dos textos narrativos en galego

Julio Dávila é autor de dous relatos bilingües titulados “Oropel. Boceto” (*El Eco de Galicia*, n.º 544, 30 de novembro de 1906) e “¡Mala xusticia...!” (*Almanaque Gallego*, número correspondente ao ano 1907, pp. 118-120). O primeiro está dividido en seis pequenos capítulos nos que se combina a estrutura dialogada cun narrador en terceira persoa. Nel ofrécese a historia de dous amigos, Pepe do Muíño e Xan da Veiga, emigrantes que regresan á aldea con diferentes formas de ver a vida: o primeiro cunha actitude crítica cara ao poder dos curas, dos caciques e dos señores; o segundo, cunha máis conformista. Malia o dito, ambos os dous amosan o comportamento de moitos emigrados que volvían á aldea coma “americanos”, gastando os poucos aforros que conseguiron na emigración e mesmo abandonando a súa lingua materna a favor do castelán. Neste senso é significativo o feito de que unicamente o primeiro capítulo do relato estea escrito en galego, que se reserva para a xente da aldea, mentres os

cinco restantes están redactados en castelán, lingua reservada para os retornados que, aparentemente, teñen un nivel social superior. Trátase dun exemplo paradigmático de diglosia, no que o uso do castelán responde ao criterio de hábitat e diferenciación social.

Á visión positiva da emigración como saída á pobreza na terra galega, reflectida novamente no regreso dos protagonistas a Bos Aires, únese outra negativa, a do padecemento da miseria, total, nun país alleo.

Finalmente, convén chamar a atención sobre a presenza no texto de cuestións políticas, nomeadamente o feito de presentar un dos protagonistas como claro defensor das ideas anarquistas, razón pola que na narración será “castigado”.

No que a “Mala xusticia...!” se refire cómpre salientar o paratexto, a dedicatoria que Julio Dávila lle ofrece a unha das súas amizades: o historiador Francisco Tettamancy y Gastón. Igual que o texto anterior, “Mala xusticia...!” é un relato bilingüe que representa novamente unha situación diglósica na que o galego se reserva para a xente da aldea, nesta ocasión o tío Chente. Tamén se pode observar neste relato unha crítica ao xeito de facerse a xustiza nas aldea e mesmo é rechamante a visión negativa que se ofrece das mulleres, representadas polos estereotipos de mandonas e contiñeiras.



## Oropel

—  
(Boceto)

—

### I

—Pois si miña filliña: onte á noite chegouche Pepe do Muíño.

—Pro, vosté dime que vén da Habana ¿e el non se fora pra Buenos Aires con Xan da Veiga?

—¿Con quen? ¿co teu mozo?

—¡Ben, ben, tía Xuana!: vostedes as vellas por calquer cousa maxínanse uns amoríos. Vosté e ademais xente din iso solamente porque cando eramos rapaciños ibamos xuntos ó lindeiro e ó muíño.

—¡Cala Maripepa! a túa cara está decindo que non é verdá o que falas... Pro volvendo ó conto: é certo que foi pra Buenos Aires, é despois, de alí foise pra Habana cunha porción de soldados cando a guerra...

—¡Avomaría purísima! que cedo empezan a marmurar hoxe as rapazas e as vellas.

—¿E a vosté que lle importa, tía Marica? Vaia prá fonte, xa encontrará alí con quen dar á media libra.

—Asús, muller, non tenfurruxas desa maneira. ¡Como se conoce que dentro duns días estará por aquí o teu mozo!

—¿Quen?

—¡E quen ha de ser!... Xan da Veiga.

—Xa somos dúas, Maripepiña. E mirade que é unha casualidá que volvan casqui-xuntos esos dous bos amigos.

—Tamén din as malas linguas que Xan vén a casarse contigo, Maripepa.

—Vólveste a poñer colorada. ¡Quen coma a ti!... casarse cun habanero de Buenos Aires!...

—Xa veremos si o que chegou onte á noite da Habana carga con outra. ¡Van quedando por aquí tan poucos mozos!...

### II

—Sí, amigo Juan, hace dos meses que he llegado y estoy aburridísimo. Esta vida de la aldea es imposible: aquí no hay más que ignorancia, brutalidad y barbarie. El cura aquí lo es todo: él se lo guisa y él se lo come. No se piensa ni se habla más que lo que él quiere: todos aquí son unos carneros. Y el cacique, ayudado do ese señor del Pazo, hace mangas y capirotos de vidas y haciendas. Si esta tierra no se hunde pronto, hay que hacerla volcar con dinamita.

—Mira, Pepe, razona un poco más y déjate de balandronadas y de las absurdas teorías con que llenaron tu cabeza tus *compañeros*, socialistas, de Buenos Aires.

Desecha esas malas ideas y vuelve á ser el trabajador pacífico y sufrido, y el sincero patriota como en aquél memorable día en que te acompañé á la Dársena de Buenos Aires cuando te embarcaste con los voluntarios españoles para Cuba. ¡Qué espectáculo grandioso y solemne aquel!

–Mentira y más mentira. Todo aquello era una farsa. Estaba yo aburrido de la vida del obrero; y deseando ver más mundo y lanzarme en aventuras, buenas ó malas, aproveché esa coyuntura para viajar de balde... ¡Patriotismo! Si esa es otra mentira convencional: la patria de uno es todo el mundo.

–Cállate, por Dios, estás más salvaje que en tus primeros días.

–Porque digo verdades me llamas salvaje. Los sufrimientos materiales á que estuve sometido en la vida azarosa que llevé en Buenos Aires, y los morales por cuanto ví y observé en los campos de Cuba, ya dentro de nuestro ejército, ya en el insurrecto y en el yanqui, pues todo lo anduve, llevaron á mi alma la duda, y hoy no creo en nada, ni aun en la amistad... para mí no existe más que el «yo». Deserté de todos los lados y de todas las filas... me abandonó la fe: sin embargo –y esto no puedo explicármelo– cuando vi arriar por última vez la bandera que durante tantos años flameó en el Castillo del Morro de la Habana, con cuyo acto terminó el dominio español en América, lloré, no de dolor, sino de rabia, y maldije á todo lo existente, á todo...

–Venga un abrazo, eres el mismo chiquillo grande de siempre, impetuoso y vehemente, y á pesar de cuanto dices, buen patriota y amante de la religión de nuestros padres.

### III

–Dejemos todo eso á un lado, y hablemos de otras cosas. Creo que debemos seguir la costumbre de dar una fiesta con motivo de nuestra llegada. Para no desmentir nuestra vieja amistad tenemos que costearla los dos juntos, verás como así se te quita la mala idea que te has formado de nuestra tierra.

¿Y cuánto vamos á gastar? Porque

–¡Amigazo!... mis ahorrillos son también modestísimos, pero hay que portarse como americano y ¡americano!... ya sabes lo que aquí significa...

Con la velocidad del rayo se esparció por la aldea la noticia de la próxima fiesta: rapazas y mozos, viejos y niños se preparaban para disfrutar de ella. Pepino y Xan eran los héroes del día, sus nombres eclipsan á los de los mejores terratenientes de la comarca; sin embargo sus respectivas familias si bien parecían satisfechas no dejaban de decir: *non nos trouxo nada... non nos den nada...*

En el día de la fiesta toda la aldea concurrió á la misa solemne. En el atrio de la iglesia Xan é Pepino recibían felicitaciones de los hombres y las sonrisas de las mozas. Al pasar la gentil Maripepa ambos le hicieron ceremonioso saludo, al cual contestó ella con *bos días nos dé Dios*.

Sermón y procesión, murga y gaita, cohetes y figuras de fuego, comilona presidida por el señor cura, discursos y baile campestre: he ahí el programa que fué desarrollándose.

El atrio, sitio donde se celebraba el baile, era el punto de reunión; allí se desbordaba la alegría por todas partes. La primera pareja que empezó a bailar fué Maripepa y Juan. Un sordo mumullo de aprobación y un cuchicheo general se oyó por todas partes. Sólo Pepiño que, alegre, jaraneaba por entre las rapazas haciendo de su conversación una pintoresca mezcla de modismos platenses y cubanos, pareció algo contrariado y se retiró alejándose de allí. En cambio la feliz pareja, radiante de júbilo, bailó toda aquella tarde y noche, y recordando sus afectos de otros tiempos juráronse amor, el que sellaron ante el altar pocas semanas después. A Pepiño no se le volvió a ver más.

#### IV

La demora del trasatlántico temporal, por causa del temporal que azotaba las costas gallegas, contrariaba grandemente á Juan, quien con su *garrida* esposa lo esperaban para embarcarse con destino á Buenos Aires. Los gastos de la fiesta de la aldea, que tuvo que pagar él sólo, y los de la boda celebrada con toda esplendidez, mermaron de tal manera sus ahorrillos que apenas si pudo reunir para pasajes de última clase.

Uno de esos enormes barcos alemanes, ya casi repleto de emigrantes rusos, recibió también al joven matrimonio. ¡Cúanto sufrió Juan al tener que mezclarse sucias gentes del Norte! ¡Y cuánto sufrió Maripepa al verse allí sepultada y privada de toda clase de comodidades! Comenzaba á abrir los ojos ante la triste realidad.

Aun le espera una contrariedad mayor: uno de los pasajeros embarcados á última hora fué... Pepiño!

Imposible es en uno de esos pequeños mundos que flotan en medio de la inmensidad del Océano evitar encontrarse y hablarse los pasajeros. Había que resignarse á sufrir durante veinte días las impertinencias de Pepiño. Después de los primeros días en que se paga tributo al mareo, se encontraron y saludaron como si nada hubiera pasado, evitándose inútiles explicaciones. Renació la calma en el joven matrimonio y la audacia en Pepiño. Este, un día en que encontró sola á su tocaya, le recriminó cariñosamente sus desvíos y se lamentó de la soledad á que ella le había condenado. Maripepa sufrió esa y muchas fogosas pláticas hasta que, felizmente, desembarcaron en el puerto de Buenos Aires.

#### V

Sólos, sin que nadie fuese á esperarlos, sin amigos ni dinero, así se encontró Juan en la gran capital argentina. Pepiño corrió en busca de sus «compañeros de causa», mientras Juan, gastando la última moneda, alquiló un coche para ir á una fonda de última categoría.

Al cruzar la ciudad miraba Maripepa con asombrados ojos el movimiento colosal de coches, tranvías y automóviles que marchaban en todas direcciones; admiraba los grandiosos edificios del Paseo de Julio, Plaza de Mayo y la Avenida, y todo lo examinaba mientras Juan, cada vez más taciturno, sólo contestaba con monosílabos á los juveniles entusiasmos de su mujer. Esta, al verse ya instalada en una humilde y sombría habitación, sintió la nostalgia de su casa y su aldea como en el día en que se embarcó.

Semanas y semanas anduvo Juan buscando trabajo en aquellas casas en que se le conocía. Nada más que buenas palabras y alguna promesa obtenía. Cansado al fin de luchar con la adversidad se resignó á entrar de sirviente, en unión de su mujer, en una de esas grandes casas, asegurando así el sustento diario y un sueldo relativamente bueno.

Aquello no podía ser duradero: Maripepa empezó á sentir los primeros efectos de la maternidad y se hallaba rendida por el duro trabajo á que no estaba acostumbrada, y Juan atacado por honda melancolía y sufrimientos morales que á nadie revelaba, parecía un cadáver ambulante.

Viéronse obligados á renunciar á aquella vida y sepultáronse en el fondo de uno de esos grandes patios que llaman «conventillos», donde en cien habitaciones moran cien diversas familias; pero Juan dispuesto más que nunca á luchar hasta conseguir un modesto empleo para que su esposa pudiese vivir más descansada y tranquila en medio de tanta miseria, se lanzó desesperadamente por todas partes. Viéronse colmados sus deseos, pero cuando menos horizontes se abrían ante él, al acercarse el momento supremo en que iba á ser padre, cayó en completo marasmo, al ver que no tenía nada, ni aun disponía de lo más preciso para atender á su esposa.

Su salud, minada por tantas contrariedades, era muy delicada. Por aquellos días se le presentó de improviso Pepiño, quien por sus ideas anarquistas era vigilado por la policía. Al ver el triste cuadro de la vida de sus amigos se desató en improperios contra la burguesía y los gobiernos, y preconizó las excelencias de la dinamita para destruir y acabar con todo lo existente.

## VI

No bien repuesta Maripepa de su parto convino con su esposo en que para seguir viviendo no les quedaba otro recurso que el de ofrecer en venta el precioso licor que manaba de sus entrañas, el cual sólo debiera servir para alimentar á su rollizo niño. Con el crecido sueldo que ganan las amas de leche y los regalos con que se les obsequia podía atender con creces las necesidades de la familia.

Llorando lágrimas de sangre fué ofreciéndose Maripepa en aquellas casas en que se pedía una ama. Después de prolijas revisiones médicas y de análisis del producto de sus pechos, obtuvo lo que deseaba. Mas, un día, fué violentamente despedida por

sus señores, quienes le enseñaron un anónimo en el que se les avisaba que el marido de Maripepa estaba enfermo de tisis pulmonar, lo cual habían comprobado.

La letra del anónimo era de Pepiño, quien se vengó así de los continuos desaires de Maripepa.

Este golpe fatal anonadó del todo á Juan, pero juró vengarse del infame amigo. Todos los días salía á «tomar el sol» y siempre se encontraba con Pepiño. Aquel día salió más temprano, iba casi tambaleándose y con el corazón oprimido por tantos dolores pero dispuesto á jugar la poca vida que le quedaba. Inútilmente buscó por todas partes á Pepiño, y cuando ya regresaba á su tugurio supo que la policía lo había expulsado del país aplicándole la «Ley de residencia». Libre ya de esta preocupación, pero excitadísimo después del esfuerzo que acababa de realizar, empezó á vagar por las calles y plazas, caminaba al azar, sin rumbo determinado agobiada su mente por negras ideas...

Gritos de dolor, toques de auxilio, aglomeración de gente, una ambulancia de la Asistencia Pública que recoge el cadaver de un hombre de aspecto humilde que acaba de ser destruído entre las ruedas de un tranvía eléctrico...

¡Pobre Juan!...

JULIO DÁVILA

### **¡Mala xusticia...! (Anécdota ortigueíresa)**

*A mi querido amigo el distinguido historiógrafo Don Francisco Tettamancy Gastón.*

Era yo un niño cuando á un viejo labriego de las montañas de mi tierra le oí decir, á un cuñado suyo, en tono de broma no exento de ironía: “¡mala xusticia de Santa Marta te colla!”.

Pasaron desde entonces quince ó veinte años, que no han tenido fuerza bastante para borrar de mi memoria tan injusto como tremendo dicterio: la justicia no puede, no debe ser mala; su solo nombre indica su bondad: la virtud de dar á cada uno lo que es suyo. ¿Por qué la de Santa Marta tenía tan mala fama?

Volví por aquellas montañas ya sin las ilusiones de la edad juvenil, pero frescos en la memoria de los imborrables recuerdos de ella, y volví a ver aquel viejo, más viejo de cuerpo pero más joven de espíritu, más ágil, y de imaginación y entendederas más vivaz que en los últimos tiempos pasados: el descanso corporal había tenido la virtud del despertar los sentidos adormecidos en el duro trabajo de la tierra; diríase que para él los años no habían avanzado, antes bien, habían retrocedido.

Vernos y recordar tiempos pasados, fué lo que rápidamente se me ocorreu para preguntar al tío Chente (7), que así se llamaba el viejo, de dónde provenía aquel anatema á la xusticia.

—Ai, señor, ten boa memoria, que Dios lla conserve. É verdá, e si, señor, pro agora xa non se lle nomea tanto esa xusticia. Na miña mocedad falarlle da xusticia de Santa Marta, éralle como acordarse de que se nos viña encima do lugar unha manada de lobos famentos, que entón habíaos dabondo. Eu tamén lle tiven tratos coa xusticia: fíxenlle ás veces de “hombre bueno” en moitos xuicios que houbo neste xuzgado de paz. ¡E por certo que a primeira vez que oín falar desa maneira da xusticia, foille nun xuicio de faltas moi pavero.

Viñera da Habana un veciño de aí do lugar de Trasdorrío que, ó decir da xente, traguía moitas onzas... e nada máis. Co seu diñeiro non facía outra cousa que abafallar ós demais veciños astra que conseguen que todos o mirásemos con malos ollos.

O meu compadre, o maestro da escola, Xacinto—que Dios o teña na súa santa gromía—sabíanlle mui mal esas chufonadas, e estaba que fomegaba co que decía o habanero, non sólo por iso senón porque tamén falaba mal da escola. E un día xouroulla: dixo que había de escarmentalo pra que aprendese a ser un pouco máis xente.

E así o fixo: ós poucos días correuse polo lugar o rebumbio de que o maestro déralle cun fungueiro unha soba ó habanero, e que este tiverase que meter na cama, e que dera parte á xusticia.

Así foi: alá fumos ó xuicio de conciliación: eu acompañaba ó meu compadre como “hombre bueno”. Léronos a demanda, que, palabra máis ou menos, dicía: que ó pasar o habanero polo camiño da congosta do souto, saleulle Xacinto ó encontro, e sin dicirlle nin boas tardes comenzou á mallar nel cun fungueiro astra derrealo, e despois arrastrouno polo liñar do tío Perucho e deulle cunha zoca máis abaixo das espaldas, decíndolle: toma por falador e argalleiro. O habanero, feito unha calamidá, foise prá súa casa e tivo que meterse na cama, e coidarse ben, comendo galiña e bebendo bos viños, e astra fixo chama-lo médico. Todo iso, que o tiña que pagar Xacinto e ir á carcele, según rezaba o libro non sei cantos do código da xusticia.

Eu aleguei que todo aquilo era unha argallada, que nada era certo, e que a enfermidade que tivera don Panchito (así se facía chama-lo díaño do habanero) fora o reuma, pois dixérame o médico que o asistira.

—Non é certo, berro como un becerro.

—¿Non? Pois aquí teñen a receta que lle deu. (Aínda que a gardo, voulla tragar prá que vosté a lea; faga o favor de esperar un pouquiño... Aquí a ten.)

---

<sup>7</sup> En la comarca ortigueirasa está muy generalizada la costumbre de llamar *tíos* á todas las personas ancianas. Empleo esa misma denominación y lo mismo los giros y modismos que son allí generales en el lenguaje popular gallego. (Nota do autor)

“Receta pra curar el reuma con friaxes. Se cogen media ducia de puntas de romeu, media de viciteiro, media de xarxa y media (aquí non hay gran seguridad) de loureiro, se mesclan y después de bien remexidas botaránse en auga, así como un neto della, poniéndose á fever durante dies minutos, el paciente (pues de un hombre, al parecer, se trata) se deitará en cama, escollendo la posición que mais le conveña, alargando la cabeza y metendo la narís en el pucheiro para recoller el papor que sale dél y escupiñando si tiene ganas, e si non, non. Después collerá una medida de leche y a la ferverá también, bien fervida, remejiéndole un poco de picante rustrido con unto sin sal y manteca y lo tomará, sorbo á sorbo si está muy quente, ou algo máis bulindo si está un poco morno. —*D. Orosa do Lombao.*”.

Don Panchito púxose furioso e protestou: chamoume embustero, embrollón, e qué sei eu cantas burradas máis.

Como de todo iste choio non había testigos, o xuez pideulle a don Panchito que presentase outras probas, e el contestoulle que por Xulián do Outeiro, que era amigo de entrambos, tivera coñecemento de que don Xacinto dixera que lle había de dar unha tolena; que todo o que lle había pasado non era máis que pola moita envidia que lle tiñan...

—Mire, ho—díxolle a miña parte: —si Xulián lle dixo iso, cun raio non me fenda si ese é amigo de vosté nin meu, pois con todas esas cousas sólo podía conseguir que eu e vosté nos peleasemos astra rompernos a alma, poñendo así en peligro as nosas vidas, ou chimpár na cárcele a algún de nosoutros. Mais eu non o creo, pois conózolle ben a reutitude das súas nobres intencións. Poida ser que si Xulián dixo iso, case me atrevo a xurar pola miña cabeza que algunha muller llo dixo antes a el, ¡como hai Dios!, pois iso non é cousa de homes que dan probas de selos.

O xuez, non sabendo xa que facer, e mirando co rabo do ollo ós dous veciños, díxolles: por falta de probas non debe levarse o conto máis adiante, faigan as paces e voten “pelillos á la mar”... ¡e aquí paz e despois gloria, ho!

O habanero viróuselle a color, e dixo: está ben, señor xuez; e a vosoutros Chente e Xacinto, xa que desta salístedes ben, sólo vos deseo que mala xusticia de Santa Marta vos colla.

—¡Cala, raio! —díxenlle eu mentras saliamos estoupando de risa, ho, astra agora tívete por un homiño de ben, por un miñaxoia incapaz de negar nada neste mundo, pro de hoxe pra adiante non che creo nada: tes unhas tragadeiras e un estómago como non vin nin espero ver outros, e unha concencia como a manga dun frade. ¡Dicir e xurar que quen lle dixo a Xulián que lle habías xurado unha tolena ó habanero, foi unha muller, cando ti mesmo llo dixeches estando en diante... ¡arrenégote demo!

—Ja, ja, ja, ji, ji, ji... non me faga rir mais, que revento.

—Reventarás, ho, reventarás, mira que non che revente a concencia. Xa empezas a cheirarme, ¡fou!...

–Pro si case estou seguro que dixen a verdá, homiño de Dios. ¿Vosté poñería as maos no lume por asegurar que eu sea home e non muller? Poida que as queimase: fai dazasete anos que estou casado e aínda non vin nada que probe ó mundo que levo ben postos os calzós que visto!...

---

El viejo y yo lanzamos sonoras carcajadas.

Una vez más admiré el talento natural y travieso de nuestros leguleios detrás “da silveira”.

JULIO DÁVILA  
Buenos Aires, Agosto de 1906.



## SALVADOR GOLPE

### Datos biobibliográficos

Naceu en San Pedro de Oza, concello de Betanzos, o 26 de xuño de 1850. Estudou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e en 1878 instalou o seu bufete de avogados na Coruña. Alí, ocupou diversos cargos públicos, como fiscal municipal, xuíz e concelleiro; foi ademais un militante activo no movemento iniciado contra a supresión da Capitanía Xeral desta cidade. Esta loita contra o poder central valeulle uns días na cadea.

Tivo unha intensa actividade cultural: asistiu aos faladoiros que tiñan lugar na Cova Céltica da cidade herculina e participou en diversos certames literarios como o de 1875 en Santiago de Compostela. Espallou o seu ideario rexionalista en cabeceiras da época, como *Revista Gallega*, *Galicia Diplomática* e *La Patria Gallega*, e fundou os xornais *La Unión Gallega* e *El Clamor de Galicia*. Foi secretario da sociedade Folk-lore Gallego para a que redactou a *Memoria sobre el folclore gallego en 1884-1885* (1886) e fundou a Liga Gallega en 1897. Entre outras actividades, foi secretario da Asociación Regionalista Gallega da Coruña en 1890 e participou na fundación da Academia Gallega en 1905. Morreu na localidade natal o 23 de xuño de 1909.

Polo que respecta á súa obra, Salvador Golpe Varela publicou numerosas composicións poéticas en diferentes publicacións, malia non recollelas nunca en formato libro. Entre elas, cómpre destacar o poema, musicado polo compositor Juan Montes Capón, “Adiós á Galicia” (*A Monteiro*, n.º 35, 1890). Á coñecida poesía “Dous amores” púxolle música o coruñés José Baldomir Rodríguez e foi así mesmo recompilada por Eugenio López Aydillo na antoloxía que leva por título *Las mejores poesías gallegas* (1914). Coa mesma finalidade, Carré Aldao (1911) recolleu a poesía “Unha cita” na súa escolma poética.

En castelán, foi autor de *De la Coruña a la cárcel pasando por Galicia* (1894), unha recreación da historia da Xunta de Defensa de Galicia e as accións que se realizaron contra a supresión da Capitanía Xeral; *Patria y Región* (1897)<sup>8</sup>, galardoado no certame literario de Lugo de 1896; *Regionalismo y lenguaje* (1902)<sup>9</sup>; e *Lámbrica* (1907), impresións dunha viaxe pola terra das Mariñas. Co pseudónimo “Pedro de Merille” asinou, no ano 1906, o *Refranero agrícola meteorológico gallego*.

<sup>8</sup> Ampliada con “ligeros apuntes acerca del regionalismo”.

<sup>9</sup> Discurso lido nos Xogos Florais de Betanzos, o 29 de setembro de 1901.

## Comentario dos textos narrativos en galego

Salvador Golpe Varela é autor do relato bilingüe, “Nas portas do Ceo”, publicado no número correspondente a 1907 de *Almanaque Gallego* baixo a epígrafe “Contos da aldea”. É de salientar o paratexto da dedicatoria, “á mi amigo y paisano Manuel Castro López”, que era o director da revista. O escenario desta historia, fundamentalmente dialogada, é o ceo, e nela destaca a crítica a escribáns, maxistrados, xuíces, gobernadores etc. que practican, por costume, a prevaricación ou o suborno, entre outros vicios contrarios á “Lei divina”. Malia o dito, esta crítica, con certa lección moral, non está ausente de humor que vén dado pola picardía de Pedro Falsiñas, personaxe cuxo apelido xa anticipa e caracteriza o seu comportamento.

## Contos da aldea Nas portas do Ceo

(Dedicado á mi amigo y paisano Manuel Castro López)

Nunha noite moi fera de inverno, un curial vello morreu, e bulrando aos demos que o perseguían, chegou ás portas do ceo chamando á portería.

—¿Quen é...? —berrou S. Pedro abrindo ao mesmo tempo a porta, coidando que era unha alma bendita a que chamaba.

Non ben abreu entrou moi foncho e loumiñeiro o curial, e dixo ao santo:

—Son eu, señor S. Pedro; eu, que sempre fun seu devoto, como vosté ben sabe, e que o teño honrado moitas veces na súa festa *onomástica*, como agora se di. Ó saír do mundo acordeime de vostede, e dixen pra min: alí teño o meu padriño que me ha de deixar entrar no ceo; e que, si eso non poidera ser, non me ha de negar, siquera, un currunchiño na súa portería. E por eso aquí me ten ¡meu santiño!

Sorreuse moi gozoso ó santo e díxolle:

—E vosté ¿cómo se chama, meu devotiño, e de onde é?...

—¡Eu!... ¿E vosté non se acorda? ¡Si son máis conocido que un delor de moas! ¿Non sabe que eu son seu tocaio Pedro Falsiñas, Escribán de Número en Vilatorta de Abaixo?...

Puxo as gafas S. Pedro, rexistrou os seus apuntes, e, dempois de ben mirados, dixo moi tristeiro fitando por enriba dos anteollos:

—¡Ai meu filliño, meu filliño!... Eu ben quixera abrialle a porta... pro ¡hai contra vostede unha sentenza condenatoria!...

—¿De negación de paso, tal vez?...

—Sí, meu devoto.

—¿E non ten apelación?

—¡Cómo apelación, si está fallada na última istancia!... ¿Aínda estamos nesas?...

—¿E pódese saber por qué causa?

—¡Friolera! Entre outras cousas, por falsedade, prevaricación, soborno, cohecho...

—¡Ta, ta, ta, ta!... Pois mire santiño, si pequei neso foille sin malicia. No mundo, os do meu oficio téñenlle todo eso por costume, e nin siquera llo confesan nin toman auga bendita. Maxistrados, jueces, gobernadores... ¡todos, todos fan eso! E si así non fora ¿cómo poderían vivir á gusto no mundo? Ademais, os costumes cando, como ese, son moi repetidos, volvénselle leises, por aquilo de que: *Sine scripto jus venit*...

—¡Cale, cale!...—Berrou o santo.—¿Seique coida que está en Vilatorta? Non diga herexías... Aquí non rixen as cousas do mundo; aquí non hai máis leises que as de Dios...

—¡Boeno, boeno!... Non se enfade, meu santo... Que lle habemos de facer... ¡Pobre de min!—dixo o Escribán chorando.

–Pro, siquera, déixeme que vexa o ceo polo burato da pechadura, e que descanse un pouco neste cuartiño que ten tan abrigado... ¡Fai por fora tanto frío!...

E dito esto, principiouse á pasear pola habitación, mirando e remirando e facendo tempo por si alguén chegaba a S. Pedro nin por naide nin por nada se desporcataba de canto pasaba ó arredor del.

Como a alma do Escribán vise que S. Pedro estaba moi atento, ideou un recurso e preguntoulle:

–Dígame, meu santo tocaio: ¿hai moito tempo que vostede está neste destino?...

–¿E non ha de habere?...–respondeulle ao santo.–Dendes do día que me crucificaron aló en baixo.

–Ai, pois daquela está seguro: xa ten prescrición inmemorial, porque na terra non hai ninguén que recorde esa fecha. Mais eu entendo, meu santiño, que pra maor seguranza debía pedir á noso Señor que lle fixese un papeliño, índica que fora sempre... porque aas veces...

S. Pedro que non entendía moito de leises, quedouse cabilando: e polo si ou polo non, cerrou ben os caixós do escritorio, e, dempois de decirlle ao Escribán que lle agardase fora, pechou tódalas portas e entrou no ceo, e alí falou con Noso Señor daquel negocio.

Noso Señor, non ben se procatou, ceibouse á rir e enseguida díxolle:

–¡Pedro, Pedro!... Ti sei que tes un abogado na casa... Botao fora, Pedro, botao fora: que aquí non pode entrar esa xente.

.....

Cando volveu S. Pedro á portería notou que ulía á xufre, acordándose do Escribán que quedara fora, dixo entre dentes ao tempo que abría a porta.

–¿Onde andará o meu devoto de Vilatorra de Abaixo?

Ao que lle contestou axiña un dos anxeliños de guardia:

–Leváronlle os demos.

SALVADOR GOLPE.

Coruña, Mayo, 1906.

## URBANO GONZÁLEZ VARELA

### Datos biobibliográficos

Urbano González Varela naceu en Santiago de Compostela en 1868. Pintor e escritor, comezou a súa carreira artística na cidade natal, se ben completou a súa formación nun periplo internacional que principia en 1879, cos seus estudos na Escola de Belas Artes da Habana, e continúa na escola de arquitectura de Nova York (1885-1889) e en Madrid, co pintor Casto Plasencia (1889-1892). A partir de 1893 retoma o contacto con Galicia ao obter unha praza de docente na clase de Modelaxe e Baleirado de adornos na Escola de Belas Artes da Coruña, aínda que máis tarde, en 1898, coa cátedra de Pintura en Oviedo, volvería marchar por un breve período de tempo. Ao nomeáreno profesor numerario da escola coruñesa no ano 1900, produciuse o seu definitivo retorno a terras galegas. En 1905 tornou a Compostela, cidade na que ocupou a praza de Debuxo Xeométrico na Escola Especial de Artes e Industria e onde faleceu en 1906.

Na faceta de artista, pero en plena sintonía co labor da escrita, colaborou con debuxos nun importante número de revistas literarias, ilustrou libros e, mesmo, decorou paraninfos. Xa na faceta de escritor e xornalista, sobrancea o seu papel como redactor artístico e literario do xornal coruñés *La Voz de Galicia*, a colaboración con textos creativos en varios xornais galegos e a publicación de obras como *Cantares* (1888), *Entre luces: cuentos* (1900). Tamén son da súa autoría os textos teatrais *Amor e meiguería* e o drama *Contagio*, que permanecería inédito por mor da súa prematura morte. Foi o primeiro presidente da Asociación da Prensa da Coruña e membro da Real Academia Galega. Foi cuñado de Manuel Lugrís Freire por casar este en segundas nupcias coa súa irmá Purificación, coa que tivo cinco fillos.

### Comentario dos textos narrativos en galego

“A carantoña do xastre” (*El Eco de Galicia*, n.º 38, 10 de marzo de 1901) é o único texto que se coñece deste autor, e está dedicado ao doutor D. Juan López de Rego<sup>10</sup>. É un exemplo de literatura picaresca que, sobre un pano costumista, cun estilo lixeiro e ton humorístico, trata da relación entre un mestre xastre e o seu aprendiz, cunha perceptíbel referencia a *El Lazarillo de Tormes*, tanto no que respecta ao tratamento do tema como á construción dos personaxes.

Estrutúrase en tres partes. Na primeira, a voz narradora presenta diante dun auditorio os trazos centrais do argumento e os personaxes principais, o xastre e o aprendiz. Unha presentación do relato característica da literatura oral, como se pode ver

---

<sup>10</sup> Un dos fundadores da Sociedad Vegetariana Española e director, en 1909, da súa revista *El régimen naturista*.

nos seus elementos narratolóxicos: un emisor de presunto coñecemento, evidenciado pola “guedelliña branca” da súa cabeza, que comparte a súa experiencia cos demais, e un receptor coral e entregado que reclama do narrador a historia enunciada: “¡Veña ese conto, tío Lareira” / “¡Si, si, veña ese conto!””. No aspecto espacial, a narración desenvólvese arredor dun lume, cronotopo tradicional da cultura galega.

A segunda e terceira partes do relato vincúlanse xa de forma máis clara ao xénero da picaresca, sobre todo pola historia e os personaxes dos que se dá conta. Non obstante, e antes de entrar nisto, débese destacar que a voz narradora continúa a ser aquí, como é característico da literatura oral, un narrador de segundas, que reproduce aquilo que lle contaron ou do que chegou a ter coñecemento: “Eu non sei si o larpeiro do xastre tiña ou non o costume de trincar o pano que lle caía por banda”. A voz narrativa, ademais, marca o ritmo dos acontecementos, concreta o contexto no que se atopan as distintas situacións, e describe os personaxes e os principais elementos catalizadores da historia, non absténdose de emitir xuízos de valor.

En canto ao argumento, estes son algúns dos elementos da picaresca clásica que se poden atopar neste relato: a) os personaxes dun mestre de xastre e o seu aprendiz percorrendo os camiños acudindo alí onde hai traballo para desenvolver o seu labor; b) a situación á que se deben enfrontar ambos co encargo de tía Chinta de traballar cunha peza de pano até elaborar “unha capa ben cumprida; c) o intento do xastre de destacar a súa condición de mestre para procurarse unha maior recompensa có seu aprendiz polo labor desenvolvido por ambos; d) a vinganza do aprendiz a través da busca do favor da tía Chinta, e e) o conseguinte pago do mestre polos seus supostos abusos de poder. Así mesmo, como tamén é característico na picaresca, o resultado desta situación será a dun xogo de suma cero no que perden todos os personaxes: perde o mestre, en canto se lle pon en dúbida o seu traballo e profesionalidade; perde o aprendiz, que ve desveladas as súas intencións e perde a tía Chinta, que queda sen capa nin mantelo.

A linguaxe utilizada caracterízase por frases curtas, ben puntuadas, e cun uso notábel dos adxectivos, que serven para definir as situacións e os personaxes. Bótase man dos cambios de ton dos diálogos, expresivos e dinámicos. A calidade lingüística amósase nun coñecemento nutrido do idioma, tanto nos seus rexistros formais coma informais.

## A carantoña do xastre

*A meu querido amigo o Doutor D. Juan López de Rego*

– ¡Veña ese conto, tío Lareira!

– ¡Si, si, veña ese conto!

– Aquí ten sitio, xunto o lume. Arrechéguese acá.

– ¡Tío Lareira! conte o conto do crego e maila raposa.

– Deixádevos de cregos e de malas intencións. A calar todo o mundo.

– Mire que non haxa trasnos nin meigas, tío Lareira, que me poñen moito medo e depois parés que os levo metidos no corpo.

– ¿Queres calar, rapaza?

O tío Lareira botou tras da orella unha guedelliña branca que lle guindaba polas fazulas, acomodou a monteira no curuto, e rindo coma un zoco vello dixo:

– Era unha ves un xastre... Pero botade pra acó un gotiño do da terra. Hai xastres que sin goto non corren.

– ¿E que tal corre o viño, tío Lareira? Probe un grolíño deste, que ten sabores de canela.

– ¡Benia sea Dios! Mesmo corre a fio como os fíos do sol; e quenta como eles.

– Pois bote agora o conto, meu vello.

Sorriuse de novo o tío Lareira; limpou o fuciño co voante da manga, e facendo asomar entre os beizos un chavello mouro como unha figa, volveu a dicir:

– Era unha ves un xastre...

¿Corre ben agora? Coide que se lle non atarugue outra ves.

Pois era un xastre... ¡malos demos! non o había máis avisgado que el en toda a comarca. Levaba consigo un rapás que polas trazas e co tempo, tiña que chegar a saber máis que o seu mestre. Home e rapás, xuntos, eran un pote así de grande de sabencia.

Unha sera do marzal, limpa e serea coma un remanso, pero afiada e fría como un coitelo, iban pouco a pouco congostra arriba, o xastre, pica que te pica coa navalla en dous cigarros de a carto, e o rapás, co lote ao lombo, os zocos no pau i a pucha calada astra as orellas para espanta-la friaxe. Andando, andando, aquí subo unha costa, alí descanso baixo dun pendello, era xa noite pechada cando chegaron ao parador da tía Chinta que os chamara para facerlle unha capa de pano ao seu home.

– Mire, señor mestre –díxolle a tía Chinta ao xastre– aquí ten o pano; córteo de maneira que chegue para unha capa ben cumprida, e faga que do que sobre teña abondo para un mantelo.

– Aquela noite non fixo outra cousa o xastre que mollar e tende-lo pano pra que encollese. Foise logo á cociña, e sentándose no tallo da lareira, púxose a falar coa tía Chinta do fresco da noite, da boa cara que tiñan os chourizos postos a afumar na

chaminea, do saboreto que era o viño daquel ano, do ben que gusta a cea cando un vén cansado de andare... Elo foi que a tía Chinta comprendeu a indireuta, apartou a un lado un pote do caldo, prantou a tixola na estrepia do lume e fixo nun brinco unha tortilla de chourizos dourada e farturenta que mesmo remexía a un morto.

Xastre e adeptos sentáronse á mesa. Colleu o primeiro un bo zoquete de broa, marela como o mesmo maízzo, e doullo ao rapás pra que o fose roendo.

O maestro puxo diante de si a tortilla enteira, e facendo como que non vía as olladas de cobiza que lle botaba o probe do rapás, foi coméndoa toda sin deixar mingacha.

—¿E como lle non dou un pouco de tortilla ao rapás? —díxolle tía Chinta.

—Bah! é que lle non gusta —contestou como si tal cousa o maestro.

Calou o pequeno, levantouse enfurruscado da mesa, e con máis fame de catar tortilla que de andar escarvallando broa, foise a deitar nunhas pallas. ¡Alí pensaría el —que a noite era longa—na maneira de cobrarlle a enchenta ao seu amo! ¿Perdoarlla? En de xamais.

Tras do adeptos, e cada quisque para o seu leito, fóronse indo tamén a durmir o xastre, a tía Chinta, seu marido, tódolos da casa; e non ben houbera amañecido, cando xa todos estaban outra vez de pé.

O pano, ¡ai eso si! era rico de veras, cuase non había encollido nada, e mesmo tiña unha cor e un brillo que daba gloria velo. ¡Nin o rizo de seda para as capas dos santos!

Extendeuno o xastre enriba da mesa, alisouno a pelo coa man, i entramentres que botaba contas, tomaba medidas e facía curvas brancas co xabrón, o adeptos, pra quen todas estas operacións eran aínda alto negocio de Estado, escurriuse prá cucuña, chamou aparte á tía Chinta e díxolle:

—¿Quere saber unha cousa que lle convén?

—Sí, meu fillo, ¿non hei de querer?

—Pois eu dígolla, e si lla digo non é máis que pola súa comenencia e porque a min non me gustan os malos feitos; pero é coa condición de que non ha de me descubrir.

—Non che descubrirei, home; podes estar tranquilo.

—Tía Chinta, lla non digo, porque si me descobre...

—¡Que non, home, que non!

—Mire que é unha cousa do meu amo; e se el chegara a saber...

—Non o saberá. Palabra que non.

—Pois mire: o meu amo élle bribón de remate que cando curta rouba todo o pano que pode; e teño pra min que si vosté pensa facer un mantelo e mais unha capa, do pano da capa non ha de sobrar moito pró mantelo.

—¿Pero eso é certo?



–Tan certo. E si vosté quere saber cando rouba non ten máis que fixarse na cara que pon.

–¿Na cara que pon?

–Abofellas. Escoite: Cando el colla as tesouras e escomence a cortar vosté míreo ben. ¿Bota a lingua de fora e torce o fuciño? Pois é que xa lle trincou unha cuarta de pano.

–¡Ai nunca Dios me dera! Deixa que a min non ha de me roubar nin un fio.

–¡Non me descubra, tía Chinta!

–Vaite sin medo, e toma esta frangulla de queixo polo visto.

Eu non sei si o larpeiro do xastre tiña ou non a costume de trincar o pano que lle caía por banda. O que si sei de certo é que posto a cortar, non podía dar ás tesouras sin bota-la lingua de fóra torcendo o fuciño. Ben sabe Dios que non o podía remediar.

Nestas e noutras, chegou o instante de corta-lo pano. O maestro afianzou as cangallas sobre da narís, colleu as tesouras –unhas tesouras que mesmo semellaban as de esquilar ós facos– e a tía Chinta púxose diante del, disposta a lle non perder un soio de movemento.

*Rrrras!* –fixo o xastre dando o primeiro corte na tarazona.

A tía Chinta abalanzouse a el, detúvolle de repente a man, e botando lume polos ollos berrou:

–¡Maestro, xa vai unha! Faga por me non roubar máis se non quer que lle resulte cara a conta. ¡Xa me entende!

–Pero ¿que hei de entendela, miña santa, que díaños lle roubei, nin que fala vosté de cousas que non parezan cousas de tolos?

–Eu o que lle digo é que xa me entende. Siga cortando, pero a modiño se non quer que lle fale, como debo, das súas mañas.

–¡Ai, Dios me valla! esta muller, malia si non toleou. ¡Toleou abofellas!

O xastre volveu a acomodar as cangallas no *lombo do penedo*, e sin facer caso do que rosmaba a tía Chinta, botou man ás tesouras pra seguir cortando a capa.

Ras, ras, ras –fixo de novo, arregañando as tres veces o fuciño.

–¡Xa van catro! –berrou como unha tola a tía Chinta.–Deixe a capa tal como está e vaia a roubare ao monte.

–Pero, ¿el vosté sabe o que di?

–Seino; e ben que o sei

–Pero, ¿como o sabe?

–Porque estes ollos que han de cegar o viron. ¿Pensa vosté que eu non conozo o que vosté fai cando remexe a lingua e torce a boca como un xudío? Pois ben sei que trinca unha cuarta de pano.

–¿Eu? ¡Vosté tolea! ¿Quen lle dixó tal cousa? ¡Dios me arrede de tal!

–¡Aínda ten cara para falar!

–¿Pero quen llo dixo?

–¿Quen mo dixo? Aquí diante o ten e non minte: ¡o rapás!

Volveuse todo admirado o maestro cara ó adeprendís, moveu a testa con aire de xués en autos, e poñendo as mans nas cadeiras, escramou:

–¡Conque fuches ti, fillo de sarna, quen o inventou? ¿Fuches ti, mala estrangurria, peste do demo, quen falou con tal donosio do seu amo? ¿Quen che dixo a ti que eu trinco unha cuarta de pano cada ves que fago unha carantoña co fuciño?

–¿E quen lle dixo a vosté –contestou o rapás– que a min non me gusta a tortilla de chourizos?

## EDUARDO LENCE-SANTAR

### Datos biobibliográficos

Eduardo Lence-Santar y Guitián naceu o 16 de xullo de 1876 no concello de Mondoñedo. Fillo de Agustín Lence e Juana Guitián, a práctica totalidade da súa vida pasouna na vila natal, aínda que tamén residiu en Sarria (1877-1901), Santiago de Compostela (1906 e 1925-1926), Lugo (1912) ou na parroquia pontevedresa de Lourizán, tal e como teñen sinalado Freyre e Requeixo (1999) e Requeixo (2000), estudosos da súa obra poética en galego e etnográfica que ofrecen abondosos datos da súa biografía. Aínda que nunca recibiu unha educación regrada, Cal Pardo (1974: 37) destaca del a súa condición de “verdadeiro autodidacta, posuidor dunha gran capacidade de observación e asimilación e dunha laboriosidade sen límites”. Estas súas capacidades utilizounas na creación dunha obra xornalística, historiográfica, etnográfica e literaria vertida, principalmente, en folletos, xornais e volumes nos que adopta sempre un enfoque histórico, abundante en detalles e exhaustivo nas múltiples referencias que utiliza.

O comezo do seu traballo como xornalista comeza en 1905, ao tempo que compilaba as adiviñas populares que un ano despois lle enviaría á Real Academia Galega (RAG) para a súa consideración e posíbel publicación<sup>11</sup>. Este traballo de recollida e análise foi o xerme polo que en 1906 a RAG o nomeou correspondente da institución nas terras de Mondoñedo, unha responsabilidade á que renunciaría ao ano seguinte por mor das desavinzas xurdidas a raíz da polémica entre os persoeiros da Cova Céltica e os seus detractores, especialmente o tamén mindoniense Riguera Montero. En 1908, foi nomeado secretario da comisión diocesana para a Exposición Rexional que se ía celebrar en 1909 en Compostela.

No seu Mondoñedo natal, onde mantivo unha comprometida actuación na vida política e social (foron moitas as propostas que iniciou ou apoiou, algunhas con máis fortuna ca outras), exerceu como arquivista municipal, mais tamén se dedicou á docencia alomenos en 1921, na Academia-Colexio de San Rosendo, e, máis tarde, en 1946, na Escola de Artes e Oficios. Así mesmo, tense constancia de que exerceu a administración no pazo que o seu parente Montero Ríos posuía en Lourizán nun hospital compostelán.

Con todo, Lence Santar destacou polo seu incansábel labor como investigador da historia de Mondoñedo reflectido en obras como *El santuario de los remedios de Mondoñedo* (1909), *El obispo santo y San Salvador de Pedroso* (1910) e *Del obispado de Mondoñedo* (1911), entre outras, e en nomeamentos como o de Cronista Oficial de

---

<sup>11</sup> Saíron a lume no *Boletín de la Real Academia Gallega*, n.º 4, 1906, p. 77.

Mondoñedo, título ostentado dende abril de 1917 e até o seu falecemento; o de Socio Correspondente do Instituto Histórico do Minho dende agosto de 1922 (nesta institución coincidiu co seu amigo Antón Noriega Varela); o de Correspondente do Congreso de Estudios Sociais de Madrid no ano 1945 ou o seu ingreso na Orde Civil de Alfonso X o Sabio en setembro de 1949.

Os principais xornais galegos nos que colaborou foron *La Voz de Mondoñedo*, *Vallibria*, *El Eco de Viveiro*, *El Compostelano*, *El Eco de Santiago*, *El Ideal Gallego*, *El Regional* e *El Eco de Galicia*, de Bos Aires, aínda que tamén colaborou en publicacións galegas editadas no exterior: *Almanaque Gallego*, de Bos Aires e *Follas Novas e Cultura Gallega*, da Habana. En 1938, como consecuencia da desaparición do semanario literario mindoniense *Vallibria*, editou unha serie de publicacións de grande éxito que, con formato de xornal, saírían á rúa cunha periodicidade irregular pero coincidentes con datas socialmente significativas (*Mondoñedo*, *As San Lucas* e *Nadal*).

A importancia e a dimensión do traballo etnográfico de Lence levaríao, segundo Requeixo (2000), a reunir toda a produción nun volume que nunca chegou a se publicar. Esta obra, porén, non aparece na relación mecanoscrita de trinta e catro páxinas que Lence fixo da súa obra editada e inédita en 1935, se ben si se informa dela nun artigo anónimo publicado no xornal santiagués *El Compostelano* en 1937.

A relevancia da figura de Lence, falecido no Mondoñedo natal o 14 de xaneiro de 1960, evidénciase tamén, ademais de nos recoñecementos e distincións nomeadas, nos premios que acadaron alguna das súas obras, tales como as tituladas *El santuario de Nuestra Señora de los Remedios de Mondoñedo* (1950), *El obispo Sarmiento* (1955) e *La antigua provincia de Mondoñedo* (1957).

O seu labor intelectual convertérono nunha das principais referencias socioculturais da vila que, aínda hoxe, lle rende homenaxes e recordos.

No que á literatura se refire, en 1922 publicou en *Vida Gallega*, baixo o título de “La poesía en Mondoñedo”, semblanzas de distintos poetas locais, como Antonio de Castro y Neira, Luís Corral ou Jacinto Romualdo López. Ademais, en 1929 escribiu a biografía do poeta vilalbés Xosé María Chao Ledo, un volume editado polo Centro Vilalbés de Bos Aires. En galego, segundo Carballo Calero (1981), foi autor dunha única e breve composición poética, “A Paula de Mondoñedo”, que viu a luz en *O gaitero de Lugo, calendario gallego pro ano 1934*.

## **Comentario dos textos narrativos en galego**

Eduardo Lence Santar y Guitián ten unha exígua produción literaria en galego. Os textos narrativos que a seguir se reproducen son os tres relatos que saíron a lume en *La Voz de Mondoñedo* baixo o título xenérico de “Da terra de Sarria” (“De troula” –n.º 139 e 140, 18 e 20 de novembro de 1905–, “O cristo de Goián” –n.º 152, 17 de

febreiro de 1906<sup>12</sup>– e “As cartas” –n.º 157, 24 de marzo de 1906), e o titulado “Cousas da Mariña: O crego de Rúa” –*Aires da Miña Terra*, n.º 12, 26 de xullo de 1908<sup>13</sup>.

A curiosidade e a investigación etnográfica de Lence-Santar móstranse xa no primeiro relato en galego da súa creación, “De troula”, onde o argumento ten un peso menor cós motivos do autor para a creación. A historia do camiño a e a troula vivida por uns personaxes na parroquia sarriá de Fafián e, en concreto, á casa do Tío Pepe do Pacio, sérvelle á voz narradora para ir describindo en primeira persoa distintos personaxes, paisaxes, territorios, costumes sociais e culturais etc. De feito, aínda que se pode identificar unha estrutura clásica en tres partes, son as escenas costumistas que recorren o texto o único corpus capaz de darlle solidez á narración.

Con esta apreciación coincide o tema costumista do que, de forma explícita, xa apunta algo a voz narradora cando, en primeira persoa e ao comezo do texto, di: “facía moito tempo tiña eu mentes de coñecer as costumes enxebres que tan preto das vilas pasan”; e precisamente disto trata o relato. Estes costumes son a relación de parella home-muller; a relación da sociedade galega coa mitoloxía popular, como a ilustrativa conversa sobre meigas, sereas e centauros que varios personaxes manteñen contra o final; ou a relación coa música e a festa; entre outros temas. Un trazo interesante é, ademais, a lingua, un recurso dunha extraordinaria riqueza que a voz narradora aproveita non só para construír diálogos vivos e espontáneos, senón tamén para descricións gráficas e alegóricas, por momentos case líricas, que exalzan a natureza, o contorno e as sensacións humanas diante dela. O léxico amosa unha caracterización dialectal propia do bloque oriental, pero tamén demostra o coñecemento de heteroxéneos rexistros e variados temas e campos semánticos. As cursivas utilízanse de xeito heterodoxo, destacando os topónimos e microtopónimos das demais categorías de palabras, un uso especializado, se ben coherente co que era habitual noutros autores da época. O texto mestura con intelixencia trazos propios da literatura escrita e a literatura oral, introducindo narracións orais contadas polos personaxes dentro do relato.

“O cristo de Goián” garda grandes similitudes con “De troula”, non en van a súa publicación na sección de *La Voz de Mondoñedo*, “Da terra de Sarria”, responde ao *leitmotiv* común de percorrer os lugares e costumes máis senlleiros do lugar. Con

---

<sup>12</sup> Reeditado con leves modificacións ortográficas no n.º 582 de *El Eco de Galicia*, 20 de decembro de 1907. Esta reedición é a que levou a Hermida (1995) a asignarlle orixinalmente esta última datación.

<sup>13</sup> Non se reproduce “O Bispo Santo: Tradición das Mariñas”, texto que apareceu en *Follas Novas*, n.º 502 (13 de xaneiro de 1907), por consideralo unha crónica etnográfica dun rito sociocultural carente de vontade e/ou formas ficcionais e literarias. Adóptase este criterio en contra do expresado por Hermida (1995), se ben xa consideraba este texto como carente de “gracia narrativa” precisamente pola súa forma de crónica. Tampouco se reproduce “O xastre de Cangas”, relato, segundo Requeixo (2000), publicado en *Minerva*, n.º 1 (20 de maio de 1906).

todo, a súa coincidencia vai máis alá do seu mesmo obxectivo, pois aquí tamén se está ante un texto de tema costumista e estrutura clásica en tres partes, articulado por unha voz narradora-testemuña en primeira persoa, que emprende o camiño e a crónica dunha romaría local e que participa en diálogos de representación social nos que, de paso, se introducen historiais orais coas que mesturar referencias á literatura escrita e á literatura oral.

A lingua é outra das variábeis narratolóxicas que ofrece continuidade en todas as características xa destacadas, como o uso especializado da letra cursiva para a toponimia e a microtoponimia, se ben tamén se emprega aquí para destacar referencias relixiosas a coplas ou oracións populares.

A novidade neste relato é a maior riqueza na descrición dos distintos elementos socioculturais que constituían a romaría: non se centra nos elementos xeográficos, senón que amplía o enfoque do relato. Escenas como o diálogo coa nai da rapaza que, presa dunha estraña enfermidade, acode ao santo para curala, desesperada, despois de probar con médicos e menciñas; a crítica ao crego e á súa misa, pois non facía máis ca “*rosmare i apalazare o misal*”; o colorido e o gran número de toldos e comerciantes que acudían da romaría; a reprodución das oracións, as copras e as cancións que as xentes entoaban durante todo o día de celebración etc. Unha lectura na que se afonda no coñecemento global do acontecemento que se retrata.

“As cartas” é o terceiro dos relatos contidos na sección “Da terra de Sarria” e experimenta algúns cambios sensíbeis a respecto dos dous anteriores. A voz narradora continua o seu papel escrito en primeira persoa, pero abandona a posíbel referencia textual para adoptar un rol exclusivamente oral; como sinala a expresión de remate da primeira parte do texto “*Ouzade, pois, unha miga*”. Ademais, aínda que si hai unha forma claramente costumista e unha ambientación rural, tanto na localización coma nos personaxes, o tema xa non ten este fondo. O argumento muda, igualmente, cedendo todo o protagonismo non á voz narradora, senón aos personaxes dos Ventura e a adiviña á que acoden para que desvele quen son os responsábeis de que se incendiara a súa eira. O único trazo de costumismo, ademais de seguir rexistrando as localidades e contextos xeográficos, é o rito do botar as cartas e as relacións sociais cos fenómenos místicos das adiviñas e os meigallos.

A lingua vólvese máis breve e contundente, con frases máis curtas e un maior protagonismo do diálogo fronte aos fragmentos correspondentes á voz narradora, consecuencia derivada do protagonismo principal de personaxes alleos ao narrador. O léxico segue amosando a mesma riqueza ca en anteriores textos, e a cursiva segue utilizándose aquí de forma especializada, sobre todo, para a toponimia e a microtoponimia, e tamén para resaltar os nomes dos personaxes ou de certos elementos importantes do argumento. A dimensión temporal aparece máis definida, coa referencia concreta inicial ao “*día seis do Outoniño*” (seis de outubro), e a espacial non perdeu a

perspectiva dado o permanente pano da paisaxe sarriá. Os cambios representan unha transformación sensíbel en relación aos dous relatos anteriores.

“O crego de Rúa” continua coa ambientación e os personaxes de ámbito rural, pero igual que acontece con “As cartas”, o tema é de carácter social, centrado na crítica ao clero a través do resalte da diferenza entre a teórica predica e unha práctica caracterizada por feitos que “non son nada cristiás nin adoitan a saír ben sempre”. A pesar da súa división gráfica en catro partes, o texto amosa unha estrutura narrativa clásica en tres partes: presentación do personaxe do crego, exposición dos seus puntos negativos e conclusión xocosa a través do episodio co raparigo da aldea. A vontade autoral de sancionar o comportamento do crego márcalo, mellor ca ningún outro elemento, a fórmula coa que conclúe o relato: “Q.E.D.” (*Quod Erat Demonstrandum*), que sinala a intencionalidade moralizadora da última parte.

O relato alude indirectamente á literatura oral, xa na súa parte inicial, con expresións como “direivos eu quen era...” ou coa reprodución de cantigas que se contaban pola zona. Precisamente o rexistro oral destas cancións e as súas referencias, en concreto a “fábrica de Sargadelos”, serven para situar a dimensión espacial, a parte da lóxica referencia á aldea de Rúa, onde o crego predica co exemplo. A dimensión temporal está limitada ao episodio final co raparigo no que se concreta nun “día do mes de Santiago, a Serán” (un día calquera de xullo).

O ton humorístico mitiga en parte a crítica negativa directa á figura do crego da aldea, feito ao que tamén contribúe a sorprendente actitude do crego ao remate do relato que, aparentemente, concorda e acepta o xuízo do raparigo. A linguaxe segue amosando unha notábel riqueza e expresividade, acentuada nos fragmentos descritivos co uso intenso de adxectivos. A utilización das cursivas, porén, desaparece neste texto de forma absoluta, non facendo uso de deste tipo de letra en ningún caso.

Como peche a este comentario de Eduardo Lence-Santar y Guitián cómpre destacar os dous tipos de texto que se atopan neste autor. Por unha banda, os dous primeiros presentan un tema e estrutura similar de carácter costumista e principalmente descritivos, mentres os dous seguintes asentan máis claramente sobre a temática social, en “As cartas” tomando como eixe central o retrato dunha comunidade social complexa, e en “O crego de Rúa” mediante a elección dun arquetipo rural como é o crego de aldea. O conxunto de relatos amosa, en consecuencia, unha vontade ficcional e literaria desigual, máis clara naqueles relatos de temática social. A oralidade, como fonte de información e como testemuño, é outra característica xeral de conxunto de textos, inherente a un autor como Lence-Santar que, etnógrafo e antropólogo, testemuña da súa época e cronista do seu tempo, tiña no oral a ferramenta de traballo coa que elaborar significativos relatos como os que se recollen e editan neste volume.

## Da Terra de Sarria De Troula

(Ó meu querido primo Ramón Guitián)

### I

A casa do Tío Pepe do Pacio é a máis lembrada da parroquia de Fafián pola runfla que hai nela ás noites. Axúntase alí a novez de César, Pape, Arxevide i outros lugares, por mor de troular coas raparigas da casa e coas veciñas, dempois que rematan de faguer as mazarocas que cada unha ten de conta.

Facía moito tempo tiña eu mentres de coñecer as costumes enxebres que tan preto das vilas pasan; costumes meigas, feitizadoras, cheas de poesía e pracer, e que para min eran alleas por enteiro; pro a migalla dun lado e doutro como polo inverno hai moito trollo nas carrilleiras e congostras íbame cuasemente esquecendo delo, pois empúñame ter que camiñar *de acabalo dos calzós*, que non sempre lle é doado a un home de ben dispor dun bestallo; mais un día vinte de Outoniño, día de feira en *Sarria*, atopándome a carón dun caldeiro de pulpo arrechegouse a min Valente de Rigueiro, de Fafián, e dándome unha losqueada tras dunha orella, díxome:

—Con salú o contes?

—E tí que vivas, Valente.

E logo ¿ques vir esta noite á casa do Tío Pepe do Pacio?

—Que demo hai de novo por aló!

¡Outra! Xa o sabes, hom, xa o sabes; o de sempre, moita troula, e hoxe máis pois como é domingo; está chamado Trinta Cartos pra que toque a gaita e Migueliño o tambore. Conque ponte de xenio, que ledicia e rebumbio ¡habracho pola vella! ¡Así Dios me favoreza!

—Home, hoxe... nin por eso me atopo con alentos pra rubir á rúa.

—Pois péteche ou non has vire comigo. ¡Non me deixes quedar torto!...

—E di logo: ¿acabouse aquela xenreira que traguíades cos de Castelo?

—¡Bah! Xa a min che me daba o corpo que habías de vire con algunha endrómena. Seica lles tes medo, ou? Pois ben sabes que en Fafián ningunha pándiga as pranta: o que ceibe un aturulo vai de fuciño pró río.

—Oi, meu filliño, a ises andacios leve o demo si che lles teño miga de apego ¡Ai, home, non!

—Bueno. ¿Non ques vire? Pois pra que o sepias todo a feito áchanse na miña casa *as costureiras de Loureiro*. ¿Entendes?...

—¡I el está a Sidoria!

—I a Mari Piepa también.

—Dito o feito, Valente, ó escurecere agárdame xunto o castiñeiro *da Costa*.



–Ai, ho, logo agora trocaches de pensamento ¡Canto fai o vezo!...

–¡Boh! Morra o conto.

## II

Á hora sinalada saín da miña casa pola carretera adiante; dinlle as boas noites ó Tío Xan do Sarallo que estelicaba o pescozo polo puxigo da porta; cheguei ó sitio da cita i atopei alí a Valente en compañía dos meus veciños Ramón Reguero e Recaredo Brandón.

Todos xuntos, dempois de rispar unhos fungueiros dun carro e ceibar un forte aturuxo, que se ouviu en toda a vila, puxémonos ó camiño.

O chan, coa xeadá que caía poñérase tan adurecido, había tanto lazo, que os nosos zocos ó tripalo facían un barullo coma se anduveran por unha igrexa. Paseniño, paseniño por mor de non afociñar nas fochas ou non toupar as pozas de lazo que, de cotío, se atopaban na *Agra* fomos chegando á *Costa*.

Ditivémonos un anaco a contemplar o panorama que dende alí se ouservaba.

A lúa, ¡que cousiña máis galana!, brilaba no ceio, arrodada de estreliñas, espallando por enriba da terra os respradores da súa luz da cor da pelaza dos vídalos, e romedando polas carballeiras i agros millente feguras que a modo de esquiletos choutaban dun lado pra outro; alá lonxe, marmuñaban as toutas do *Tuleiro* e *Solance*; no lugar de *Vigo* ouzábbase saloucar a frauta; berraba o moucho nos soutos de Villasante; i a coruxa tecía por enriba das casas de *Rivela*; algún can de palleiro ouveaba delorido, ventando cicais carniza ou morte de xente. Todo, todo isto era dino de admirar, producindo en nós certo estremecemento de rispato e medo.

Seguimos costa arriba, cantando a copra do *Ramo Verde*.

As altas xestas mouras que ós poucos se ollaban cara ós petoutos do lado de *Fontao*, arrandeadas de súpato por unha miga de bris,, somellaban, ¡madía levaba!, as fantasmas que roldan os muíños i os anexos das igrexas.

–¡Caráspeta!, dixo meu amigo Recaredo. Anque me deran máis pesetas que pedras hai no rolo de *Vigo* e tivera que andare dous anos cunha farroupea ó pesxozo ¡leve ó déngaro! se rubía eu soilo por este camiño. ¡Fai arripiar ó de máis azo!

–¡Ou!, dixo Valente, o tanto que se prantaba no camiño. Rubo e baixo eu tan ledó como se istivera no medio e medio dunha rúa. Os da vila, ¡rape o deño!, impades si tendes diante un cágado. Soilo sirvides pra faguer caretas i aporrear a un.

–Non pois..., dixen eu, vaia... xa saín da miña casiña máis dunha vez, sin máis compañía que a cacha de nórregas... non recúo por ollar ó lobo diante, non, pro... ¡que coiro!, nistes camiños, si se terciá, non é milagre atopar algunha meiga ou á mesma Zorra de Morgade.

Bueno, dixo Valente. En tocantes a eso, ¡cata que diaño!, o máis saloio, a non sere cristiano, tremaría coma a vara verde; pro como a verdade non ten voltas, que é filla de Dios i a mentira filla do demo, seivos decire que nunca vin, ¡nin María Santisma

queira que as vexa!, tales aparencias. Soilo unha vez ollei lonxe, polo *San Cosme* enriba á Santa Compañía.

Con istas i outras conversas fomos matando o tempo astra as casas de *Fafían*.

### III

Xa diante a iaira do Tío Pepe do Pacio, turrámos pola baraza de liño para erguer o tarabelo da portada, e chimpámonos drento.

No tendal runfraba o gueiteiro Trinta Cartos e no turreiro bailaban dúas rodas de rapaces.

Para alumar a rúa, ardía un muchico drento dunha cónchega con sebo de carneiro, metida nunha feche da parede; nun recanto achabaso, acochado antre folla de castiñeiro, un cachorro de orellas fanadas ó colar con dentes de aceiro; os xugos arados e purrancas, esparramábanse dependurados nas paredes ou cravados no teito; por antre os fungueiros dun carro, taparuxados, parrafeaban a este lor unha parexa composta de macho e femia.

—Catando pró teu carís... sen prexuício... xa que tí non te astreves astrévome eu; atoparase esa mesma persona con mentres de correspondere á miña conversa?

—Din que cicais que tan soimente, dis tan soio, que nesta ocasión esta persona se halla tan sóleda como un santo atafegado nunha casulla.

—Que é que?

—Que é certo.

—Non ouzo nin entendo, pois o meu catón non che roza coas endrómenas da túa cartilla.

—¡Avomaría de gracia! Nunca pensei que eras tan agudo, meu vello...

—I el seica te bulras de mi, ou? Non, pois...

—Faigo ben, ¿sabes?, e naida che importan as miñas contas, ¿entendes? Tira de aí, saloio, que pra espello non gobernas.

—Xa o sei... Pro ¿como pos esa cara de ferruxe? Dánche arroutadas doentes, ou. Mira, muller...

—Oi, fillo, baralla coa lingoa; pro as maus tenas quedas. Non che son do xeito das pendangas que tras de cotelo ten rabo. Volve por onde viñeche.

I a cheda do carro empinou e escomenzou a renxer condanadamente nas troitoiras e coucillós...

Eu, querendo beilar unha miga, saquei o chapeo e atravesando de súpeto o corro con il dependurado na mau, según e adoita, deixárome a min soio que axiña me puxen a tecer unha muiñeira na compañía da Xarela, filla de Pere de Deus.

Ás nove liscou o gueiteiro, i o de máis lecer da rúa meteuse dronto da cociña.

Axuntáronse alí Narciso do Fidalgo e Farruco da Vicenta, de Teilonxe o Carrizo, de Guitián; Antón do Cunqueiro i o Regañón, de Castelo, i outro fato de rapaces de San Fiz, Frollais i Arxiveide.

Ardían os cachopos na lareira i as músicas, sarabeando, rubían pola garmalleira e andamio enriba indo a espetarse no quenzo; o fume era tan pecho, que a min facíame bagoar, peor que si tivera cebola nos ollos; unha mica morriñosa, cos cadrís chamuscados, a carón do morillo, abría un ollo e fechaba o outro sin deixar de catar prá xente; no poleiro remexíanse as pitas i o galo; as vacas i os xatos estalicaban o pescoso, cara a nós, polas menxadoiras remoendo cos dentes e lambendo as ventás do fuciño.

O tío Pepe escomezou a contar unha estorea de cando il era novo, e que lle pasara na seitura en *Castela*.

–Rapaciños: achándome unha noite durmindo na casa do iamo, entrou pola fenda da ventá unha pantasma a modo dun cabalo con cornos. Púxome na mesma arca do peito i apreixándome a gorxa escomezoume a afogar. Eu estoncias berrei como puiden dicindo que me tentaba o demo e si non fora porque os meus berros veu a iama e dempois de amosarlle unha reliquia e guindarlle presas de sal coa mau esquerda, que logrou escorrentalo, afógame, ¡miña xoia, coma a unha mica. Daquela quedoume ista asma e frato que me vai pondo arrangallado.

Eduardo Lence Guitián  
(Continuará)

## Da Terra de Sarria De Troula

### Conclusións <sup>(14)</sup>

–Tío Pepe, dixen eu, ¿vostede parezme que non se queda toco nas súas parolas? ¡Abofé!...

–Sempre fuches un estripa contos e mal criado. Permita Dios que me volva xato, ¿os? ¿ti os?, si non foi certo ¡é ben certo! canto dixen.

–Non día creto, mi padre, dixo unha rapariga da casa, que ise aduaneiro soio ten mentres de leria.

–¡Cantas me apoñen!

–Pois daca logo un pito, trafugueiro, daca logo un pito. E pra outra vez non veñas parlando con retranqueiras que eu, coma che son vello, ¿entendes?, véxoches nacer as herbas e non che estou do xeito da pita cega.

–Eso que dixo o Tío Pepe, excramou Manuel de Anico, foron a astracias das meigas, pois a miña nai, que Dio-la teña, atopou también outras fequras somellantes que lle acenaban nas Ameneirizas; pro ben deitou que levaba, como decote, un dente

---

<sup>14</sup> Véase el número anterior. (Nota do autor)

de allo na fraltriqueira i un ollo mau que lle trouxera da *Cruña* Marica das Cartas, pois defendeuse de tal sorte, con tanto xenio, que as meigas fuxiron salaiando e guipándose antros castiñeiros da *Ponte*.

–Todo iso mete pavorío, pro non val unha para a pór das ialmas do outro mundo, dixo o Tío Guergorio das *Aceias*, que atizaba o lume. Preto da ponte de Lier, seguiu decindo, vin eu unha ialma en pena, moura coma o sarrío e vestida con hábito cardoxo, que non digo quen era porque tódolos presentes a conociamos. Pidíume que lle esgazase o hábito pois cun il non podía, non, meterse no inferno e sufría moitismo. Ó vere eu tal cousa esvainme; mais ó recobrar o folgo dixer: ¡Dios me valla! I esgaceillo coa fouce que levaba na man, i ela fuxiu esborrecándose e deixando un cheiro do demo a xofre e zorro.

A Tía Antoña, i ama da casa, trouxo unha boa mandilada de castañas galimochas lugesas, e varrendo a lareira botounas nela, pondo por enriba o cacho de cocer a torta cheo de borrallo.

Logo escomenzaron a toupar coma si foran bombas de dous estalos, polo que Valente, que nunca quedou toco no tocantes a gastar un rial, foi a catar unha bota de viño á taberna de José María o Carpinteiro.

Axiña que estiveron asadas sacáronse da lareira pra un meguiño de xostras. E dimpois de facelas bullós, imbabámoslos, detrais dos que caía unha cunca de viño, que por ter algo de agula sabía millor que chiculture.

–Tío Pepe, escramou de súpeto Valente, ¿vostede sabe de onde diaño veñen as cántegas?

Anque che fixen as esculcas nunca puiden adiviñar iso.

–Hablan vostés de quién hace las cántegas, dixo o furabolo do Narciso do Fidalgo, que xa estivera dúas veces en *Bos Aires*, e puña escola na *Chanca*.

–Si, hom, si, reprecou Valente.

–Pois las cántegas todas del mundo las descorre la Serena de los mares.

–A hestorea da Serena e maila da Arpia americana téñocho eu drento dun cañuto na hucha, dixo o Tío Pepe; pro inda daba unha peseta por velas en persona.

–Yo, contestou Narciso, tengo parrafeado con la Serena personalmente, pois mi amo Anequín tiña unha cría de ellas asumergida en un cubillote de agua. El carauter de las Serenas es coma el de una mujer con pelo largo; de la cintura embaixo se asomella –vamos a la comparanza– a un pescado del mar con cónchegas. Mi amo la peinaba decote para cultivarle el pelo, i ella se ría con la gustanza.

–Logo, dixo a tía Pepa, ¿también cría a Serena?

–¡Bupa! Vaia una bobaría. La Serena cría como calesquiera persona.

–Pois eu jo déngaro me non coma!, repuxo Andrés da Pilara, peinar á Serena... peinaríaa pro había de sere por detrais dun enrexado ou pódollle un bon aceal, que o demais... podía trabar.

—Non traba, dixo Narciso. Lo que sucede es que puede dejar éteco a uno con su táfico, maormente si está touronda.

—El Centauro, continuou practicando Narciso, es otra aparecencia empunente. Se cría moi preto de Montevideo i anda en amanadas. Ceiba frechas acesas por la boca, pro es de buena conduta: no traba agás que lo insulten.

Rematamos de larpas as castañas e mailo viño. E como o galo se despreguizase batendo dúas veces as ás e déixase ouvir outras tantas seu longo e ronco canto, pidemos dismulo ós donos da casa e chimpámonos fóra aturulando.

Eduardo Lence Guitián.  
Mondoñedo, ano de 1905.

## O cristo de Goián

*Ó meu bon i escolmado amiguiño Vitoriano López*

### I

Acochada antre arborados, no sopé dos montes do Páramo, atópase a vella igrexa de San Miguel de Goián onde se venera con moita reverencia ó Santísimo Cristo.

¡Meu Dios! Non é o mesmo decilo que ver a festa que lle fan o primeiro domingo de Setembre; unha festa que lle ronca o calleiro, das máis señoras e sonadas da provincia.

Dous ou tres días dinantes da romaría, xa se ven cantos camiños van pró santuario, atuados de devotos, que de dez légoas á redonda veñen a cumprimentar a premesa, ora con velas de cera virxen acesas, nas degresadas mans, *que abren os sucos i erguen o rego*, ora coa cara cuberta i hábeto semendo de ladillo e cruciñas amarelas.

¡Índa a impiedade non o asoballa todo! ¡Índa o ouro non é o Dios de tódalas xentes!...

¡Non que logo! Esas catervas de endemoñados escéuticos que cobardemente poñen lume ós mosteiros e tecen decote derrepós pra aldraxar ás reverenciadas imaxes, esfáchanse ante a ouxebre relixiosidade dos fillos da miña terra.

Tambén eu estaba ofrecido, e como son comenenciario, montei de acachapernas no besto de *Xan da Costa* e botei a camiñare prá festa pouco dimpois de lumbrigar o día.

Non pintaba mal o ceio; limpo como ollo do galo; a mañán tiña bon carís, ó dereito, i así en seña da Virxen non se abaneaba unha folla. O sole botaba o fuciño choutando por enriba da *Meda* i os paxaros chiaban antre as silveiras, que era unha arrechouchería.

Ó pasare polo *San Lázaro* metinme entre un fato de rapazas e rapaces, que iban aturulando, e mollamos a palleta cunhas copas de augardente de Portomarín na taberna

de Reboiro. Tanto foi o que pifamos, que nos fixo arrotar e beilar os ollos. I habíaos no rebaño tan morniños, tan fitadores... ¡Val máis calalo!

Ó estare aviscando o casar de *Requeixo* ouzamos laiar detrais das silveiras da beira do camiño. Como a curiosidade soio é boa prá roupa e onde non chaman a un nadia debe meter o fociño, seguimos cara adiante. Ó pouco tempo ouvimos dar ¡a de Dios! Volvemos, pois, ás carreiras pra atrais e ollamos estoncias a unhas mulleriñas i a un home que tiñan conta dunha rapariga, pencada da truita, vestida con hábeto cardoxo.

–¡Asús! Que tendes eí, mulleres?, dixen eu.

–Cale, galán, cale, –contestou chorando e botando as maus á testa unha das mulleres–. ¡Nadia sabe o que nos pasa!

–¡E logo?

–Estalle sin toar ista nosa filliña.

–Avomaría de gracia! Que mal ten?

–Contareille, galán. Fai un ano prá sacada que viña ela de casare de fóra. Sería eisí coma entre lusco e fusco. O choutar pola porteleira da curtiña saíulle ó camiño a lurpia de *Marzán*, e ollándoa de fite a fite, fizolle tal frida do ollo, que a rapariga tivo que vire prá casa rastrexando como as cóbregas e berrando como si a trabasen os lobos. ¡Miña xoia! Dendí entón, foi pódose murcha de todo, (...) e tódolos días de Dios gorma dous escaravellos i un novelo de la.

–¡Renégote demo! Que cousas pasan no mundo. E como non a levaron ó saludador do *Páramo*?

–Xa lla levamos, galán, xa lla levamos: cuspinoulle tres veces na boca e fizolle unha figa con mangas pro ¡nin por esas!; anque a verdá sea dita, i unha cousa non ten que vere coa ioutra, parez que agora non bota os novelos tan grosos.

–¡Gracias a Dios! Pois mire: a min paresme que ise rasquicio lle ha de ire liscando pouquiño a pouco, Dios diante.

–Non, pois agás que Dio-lo faiga nadia de iste mundo a sana! Por iso vén hoxe ofrecida ó Santismo Cristo, –¡alabado seña! a vere si fai un milagre. E mire, si se nos fina témoslle unha perda moi grande, no tocantes á costureira non hai quen poida con ela en toda a *Lobataira*: ganáballe un rial tódolos días.

–¡Mal pocado! E malicinas ¿déronlle algunha?

–¡Mai que me paren! Xa lle temos aduanado e gastado moitísimo, o que non se poide nomear, por riba de trinta rías. Tomoulle tamén vintecinco baños na mar salada da Cruña en catro días, i a conta foille a mesma: nin arre nin xo. Agora fáigolle tragar nove cebolas i os ollos de un sapo dependurados do pescozo, pois díxome un probe que non se atopaba cousa millor prá s fridas do ollo.

–E tenlle razón. Din que co isa maleciña foi con que curaron de todo ó *Herdeiro* de *Sub riba*, que astra lle fizo guindar fóra do corpo catro demos longaritos e peludos.

A todo isto foi volvendo en si a rapariga, fizo unhas caretas que empuñan, remelou un ollo e púxose a ouvear como si fora un can, fóralle a ialma.

–Agora podemos picar. –dixo o pai da rapariga–, porque xa lle vai liscando o mal. Dádeme á meniña, que a levo diante min no faco.

Avantamos. Rubimos o arieiro outeiro de *Santo Estevo*, parrafeando de varios casos e cousas.

A bris dos picorutos deunos de frente, deixando un arrecendente cheirume a carqueixas e cambrinfollos.

Sin deprecatarnos, fumos deixando atrais, a entrambas beiras do camiño, a *Santalla*, o *Cruceiro* e *Guillade*, aldeñas con moitas medas, gardo dos probes labregos, no meio dunha grinalda tecida por verdes xardos, espiñosas silva-machas i amarelos sampedros.

Dimpois ollamos a *Frades*. Solitareo pobiño, con moura eirexa, cuberta de mofo, capás de lembrare os tempos da mourindá.

Naquil intre ouzamos unhas deloridas folgas, tocadas polas fanadas campás, e repetidas polos ecos cal si fora un salaio que trastallaba o curazón, facendo esquencer as farandulas diste mundo cativo para erguer os ollos e pensar no ceio.

Na fondura, lonxe, somellando brancas pombas descagalladas, fumegaban as chousas de *Vilapedre*, i ós seus pés, a modo dunha liña de cristal, o maino río de *Sarria*, polas beiras do cal érguense longas ringleiras de guiados chopos e garabulentos zarceles.

Ras con ras do hourizonte, o altismo picuruto de *Pena Maior*, que a modo dun queixo de *San Simón*, parece agancha o ceio, encornándose coas nubes, que aquil día parecían feitas con rocadás de escarpullada lá.

Dimpois de rubir a apicada costa de Matavellos atravesamos polo meio e meio das oito ou dez chousiñas que para saír probemente do día terá o irto e tan montañés pobiño da *Serra*. Ó tanto, saía dos cortellos pró monte, algún gando miúdo i esfamiadas xuvencas. No ar peneiraban largateiros e miatos. Antre as uces i escallos depicaban nos gruños corvos e choias.

¡Ala que xa! Moito barullo. Trulladas de devotos que ruben a corga con repinicados cirios, outros que lapan na augardente e toman un taco; un nembro da señora xusticia de Paradela apeándose dunha mula de moitos perendengues; a campá soando, ¡a romaría!

Eduardo Lence Guitián  
(se concluirá)

## O cristo de Goián

### II<sup>15</sup>

Ende chegando ó santuario non tiven vagar de máis présa que oire unha misa. Mesmo me pareceu que durara un ano. Calquera podía pensar que o crego que a dixo tiña arangaños pois non facía máis que rosmare i apalazar no misal, ¡I eso que mangara os anteollos!

¡Véigate Dios! De vello soio un goberna para escorrentar pegas.

Ceibeí a miña limosna. Arrechegouse logo a min un patrucio derreado. Na man traguía o santo, mouro, roído da couza. Tecendo con il diante o meu carís púxomo con moita aquela decindo: *Sámenes e domenes, e de sanabo. Sámenes e faces, e de salbusero. Cristo viva, Cristo (...) e te defenda de malos ollos, de malas carnes e che día sanidá.* Amén.

A limosna que polo chan había espallada era un milagre de Dios. Alí ollábase millo, estrigas, centeio. ¡O diaño me non coma si non chegaba abondo pra manter en un inverno ás xentes dunha parroquia!

Guindeime fóra. O sole cegaba os ollos i a bris argallaba coas ponlas e follas verdes e brizas. No adreo había o demo e maila nana. ¡Mal se podía un remexer antre tanta golforada de xente!

Amarañando fixen camiño e cheguei alasando coma si viñera da malla, ós arrentes dun telderete onde se alcontraba o *Neno de Frolentino*, que vende roscas e pantrigos. Bebin resolio, e logo apareceu por alí meu bon amigo Mao de Rivela, ¡que sirve!, e convidoume a xantar cun il.

Fun deupois a xeiras polo santo. O rebumbio i a titiritaina campeando. O souto, con sere tan longo, pequerrecho para tantismos romeiros como alí se axuntan; de modo que se espaxeaban por tódolos camiños, polas curtiñas, polos valados.

O barullo cada hora máis enxordecodre: uns anunciando resolio e viño de *Amande*, tres graciosas o i as de ouros; outros carne salcorchada i empanadas de papuxas; eiquí se aturrullaban decindo: *O responso de San Antoño*, por un can; *La vida de Juana Chalequera* e *Nosas Señoras da Auga de Lupe*; máis endiante pedían *para un disgraciado que non ten pernas nin remos para ganalo*; i onde menos un o pensaba, aparecían cegos con *violís sesagenarios*, explicando sorprendentes penturas que en descomunales lenzos amosaban representando *El hombre de siete cabezas*, *La mujer anfibia y sus crías*.

Media romaría, en arregas, contempraba coa boca aberta, todo o que vían i os cegos acraraban, garpaldeándose, estilicando os brazos para dar a cadela i apañar as hestoreas, que adeprenden como o papagaio arrentes da lareira mentras os cachopos

---

<sup>15</sup> Véase el número anterior. (Nota do autor)



fan gorgolear o caldeiro dos nabos prós marraus nas longas noites da invernia; nisas noites tristoñas, medoñentas, en que o trebón brúa ameazadoiro i arrinca as pipeiras dos lousados.

Os moitísimos telderetes que en *Goián* se axuntan procedentes de *Sarria* i outros siteos, venden o que queren i a como lles peta, porque tanto os mozos duros como as nenas casadeiras mercan fuchicadas e tamén telas, faixas, boinas, panos de seda e espellos ¡xa ora!, que ende chegando á casiña gardan na hucha *en que non entra o rato prás festas e cicais prá heda*.

O antigo traxe gallego, tan xeitosiño e repinicado levouno o diaño pra vestirse martes de antroido. Xa non se ollan na romaría de *Goián* aquelas monteiras de corno, nin os calzós curtos, nin as medias de lá caladas, nin os dengues, nin os aros marelos...

As innovaciós esparrámanse pola nosa terra cal si fora a herba da fame. Non parés si non que hai cega tolería por remedar as maroladas que trouxeron de fóra catro pelingris e unha tirria doente ó que herdamos dos nosos antespasados.

“Esquénzanse dunha vez  
I acaben canto máis antes  
esas modas repunantes  
que son a rediculez  
de sabios e de ñorantes.”

¡Fo! Mesmo fai suspiñare o ver ós brañegos de tal sorte vestidos que máis ben que persoas somellan antroidos i espantallos pró millo.

Pro ben deitanos: viven aínda os relembrados gueiteiros *Marañas* e *Baliñas*, dous polos bos pra repinicar enxebres muiñeiras i alboreadas, e prós cales non teñen para darlles unha sede de áuga pode-los exótecos *Tristas* e *Ventoselas*.

O vere tocar a *Marañas* na gaita tomba enriba dunha parede, teso coma unha abrolla musgando os ollos, calquera diría que era o gueiteiro de *Penalta*, que tan meigamente retratou Curros:

“Xentil, aposto, arrogante,  
en cada nota o gueiteiro  
ceibada un limpo diamante,  
que logo no redobranse  
pulía o tamborileiro.

E logo que deixaba *Marañas* de tocar i a novés de manearse daban unhas voltas polo souto; diante as raparigas, collidas dos dedos, detrais os rapaces, andando pousonamente, argallando coas mecas i ás veces ceibando cántegas desta lor:

“Antóxaseme, meu ben,  
que me hei de finir dúas veces:  
unha cando Dios me chame

outra cando ti me deixes.”

Ás doce din volta pra asistir á misa maor. Á recolleita da precisión houbo foguetes e maila madama que fizo, coma sempre, o fogueteiro de *Chamoso*.

(...), que apreixaba nas maus un paraugas de nove ballenas:

–Cuerpo más endómito no se arrandea por las calles de *Málaga*.

Isqueime axiña para cabo do meu amigo Mao, que xa me estaba agardando pra xantar co fillo do perito de Vilapedre i outras persoas.

¡Que torradas, que carne de porco, que roscas de *Sobir*, que titillas de *Illoa* e que viño de Lemos, rapaces!... I dimpois nada de riquilorios. Todo se apañaba coas cinco uñas que Dios nos deu a tódolos gatos... e cegos que viñeron a botarnos copras i a beber pola cunca de corno...

Ó noso carón estaba también enchéndose e larpeirándose un rebaño de peisanos, sin que por iso deixasen de esbarafundar a cerca do que val o gado, dos trabucos, das recolleitas, da emigración, en que non deran astra hai pouco os montañeses gallegos.

–E ben, Xan, decía un petrucio de guedellas rixas i entoulladas ¿como queres que non deixe camiñar ós meus fillos prás Américas si está o gado seco coma escambrós e si debo seis mil reás, o dez por cen, á *Ferreiró*? Eu, ¡alabado sea Dios! i o demo se faiga xordo, pouco máis apego sinto á miña xente que os xatos que teño no cortello, pro ¿que ques? ¡Son, cousas! e non hai máis vivo romedio que gaña-la vida, que a gadaña da morte témola o pescozo. ¿Quen sabe, ho, si ós meus fillos se lles tercia atopar a sorte do Pico de Maside?

–¿E veu o Pico? ¿Déixasme pámpano!

–Veu, fixo xoves oito días. Acabo de parolar cun il e díxome que vira moito mundo, que chegara a terras de *alláparos* e que viña rico coma un porco, pois traguía tres mil reás na faltriqueira en pesos filipiños.

–Amigo, naceu de pés ise can ceboleiro, dixo o xastre de Padriñán ó tanto que zugaba nun óso da paletilla. Fizo vinte anos polas herbas que traballo polo ofisio e cego me vexa si poiden chegar pra mercarlle á miña parienta un *refaixo de moretón*, nin unhas boas alforxas pró besto. I eso que remexín o que poiden co libriño de San Cipriano.

–I el será certo, meu amigo, dixen eu estoncias, que co libro ise pódese faguer un con diñeiro?

Mire, eu téñolle pró meu chaleque que il é certo. O que lle poido asegurare éille que non fai moitas somanas, xuntáronse unhos veciños de *Bade* e fóronlle faguer as estremonias que reza o libro á carballeira do *Tumbiadoiro*. Xa tiñan ós seus arrentes a *Satanasio* con dous carros de diñeiro. ¡Din que namoraba vere relucir o ouro!

¡Vállame Dios!. ¡Madía lle levaba!

Pro como queira que o que non sabe fai como o que non ve, botáronse fóra do círculo onde se meteran, houbo unha gran fogaxe, e da man pró pé Descarfallouse o lero: fuxiu todo polo ar, pro un diles, que xa apañara mil réas, quedou cego de un ollo dunha cuspiñada que lle guindou *Satanasio*.

Deran as catro a piques. Tocaban as gaitas no souto. Alá nos encamiñamos.

No mellor do baile armouse unha de mil demos. O catralbo do xastre de *Frades* tivera a descortesía de romper o corro, e dunha labia que lle guindaron pincháronlle dúas moas, quedando amosando cara ó ceio certa parte do corpo, que calo porque no me chamen malcriado. Vamos... que amosaba aquilo que nomea decote ó cuco.

Ó vere tal cousa a foucha nove de Súa e Piñeiro, que son lobos dunha camada, ceibou algús aturuxos. Nun verbo axuntáronse dúas ducias de rapaces. Armados todos con grosas canas que esgazaron dos castiñeiros e cos paus que risparon dos telderetes, petaban en cantas persoas collían a mau. Metía pavorío o boureo que se ouzaba. ¡Dios! Cuasamente parecía iba a sere o fin do mundo.

Fuxían os romeiros da queima como lóstregos polas corgas. Agallopaban as bestas dun lado pra outro, levando dependurados os aparellos polas cinchas. Máis de unha rapariga deixou engarellado nas silveiras o pano de seda, e nun recanto un militar do Barbadelo, cunha navalla de muelles, facía recuar a seis dos de Súa.

O chau quedou estrado de xardelos, paraugas, chapeus e pingotas de sangue.

Eduardo Lence Guitián  
Mondoñedo 1906.

## Da terra de Sarria As cartas

*(Ó meu bon i escolmado amiguiño Farruco D. Fernández Portas).*

### I

Cicais haxa quen me chame alburgueiro polo caso que vou pór eiquí; mais, si minto, queira Dios que me vexa decote coa angueira ó lombo de ter que chamarme dono de tantas onzas de ouro coma bateladas leva ceibado a nosa antiga Paula: na miña vida tiven lecer no tocantes a espallar pullas en ningures e hoxe, ¡miña xoia!, que pechei de todo na dentamía e cato prás raparigas índa millor que pró mel, non era cousa, abofellas, que botase a mau a aduanerías pra faguer unha chuscada rampliega, sin xeito nin dreito.

E dinantes de propasarme a maores rógovos, meus camaradas, que, si vos atopades en aunas tomedes un taco e limpedes detrais as moas, eisí coma quen non era a cousa, cunhas cunhas de viño do Ribeiro: por andare coa andorga cheia non levaron a ninguén ó cárcere i así teredes folgos abondo pra escoitarme, que teño dementres

contar a hestorea a feito, sin deixar cicato, e por iso non poido decire onde rematarán estes ringuillóns.

Ouzade, pois, unha miga.

## II

Era por un día seis do Outoniño. Saía eu, misturado nun golforón de xente, da misa da igrexa de *Santa Mariña*, na churrusqueira vila de *Sarria*, cando ollei que acenaban cuns paraugas dos que regalan... polos cartos, na tenda do *Moreno*. Posto xa no recanto de Torres, foise arrechegando a min un fato de mulleriñas atafegadas nos mandiles de picote por mor do fero curisco, que mesmo entalaba a un xato, perdoando a comparanza.

Vaia, hom, traballo nos custou atoparte, dixo unha das mulleres. ¿Seique te guipas por non falar ós amigos? ¡Estás boa prea!

¿E vaia que foi vostede logo a que me acenou fai un anaco? Abofellas que lle estaba eiquí esculcando quen fora; ¡eisé Dios me favoreza!

Quen acenou foiche Xan, que non sei onde diaño se embutaron. ¡Asús! ¿Canta xente hai no mundo! Perdo un cuasemente o xuício co latricamento das conversas. ¡Non che me afacia na vila!

E que hai de novo pola *Parrocha*.

¡Ai, meu vello, moitas cousas!...

¿I el houbo morte?

Morte... non, pro cuasemente foi o menismo.

¡Avomaría! Parle, tía Ventura, parle pola mai que a pariu.

I a tía Ventura escomenzou a limpar os ollos cun pano de mostras, e dixo saloucando:

Queimáronnos ontes a iaira! ¡Estámosche perdidos!

¡Renégote demo! Déixame estafamiado. ¿E non saben quen foi o causonante?

Pois pra iso vimos acá.

Que que?

Que vimos có pra esculcar iso ó direito.

Non vexo... ¡Cómanme o cuzo se antendo!

Que pouco agudo eres, hom, ¿ou faste o bébedo? Vimos pra botar as cartas coa sabia de *Mendrós*. ¿Caíche agora no allo?

Caín. E xa que se lle mete iso na cachola..., coiro, coiro, aínda lle é millor ir cabo da *Coloma*.

E mais din que che adiviña as cousiñas ó direito. Índa o catro, sen ir máis lonxe, falou comigo a *Toca de Barán*, e contoume que viñera cabo dela a perguntarlle polo seu fillo Andrés, que xa faguía dous anos que non sabía dil, e díxolle, nun verbo, que estaba de sargiento en *Guantanabo de Cuba*, arrende de la *Habana* mesma.

¡Ai, logo, ben! Pois lisquemos axiña: hoxe, como é día de feira, vai a ter a casa atuada de parroqueanos.

Polo camiño apareceu Xan, a dos nos chimpamos na chousa da *Coloma*.

### III

Ai tía Marijuana?

Seña quen seña, agarde un anaco: agora estou traballando cunhas amigas: non vos malparides, porra.

Pouco dimpois renxen á porta do cuarto, saú un tafo de mil demos a bravío, que cuasemente nos fizo gormar a paxarela, e botouse fóra un fato de xentío.

Pasade, meus vellos, dixo a Coloma, ó tanto que limpaba os fuciños coa faldra da camisa. E arranxarse no sobrado arredor dise arcaz: eiquí non vos hai mesoles nin rabo de gaita. E tí, garandoxo, (acenándome a min) arrehuve isa porta en gorde: hai xentes que adebecen por osmar o que facemos.

Pois vímoslle acó, dixer eu, pra que nos faiga o favoriño de decir certos casos que lle pasaron a ista muller, que é unha amiga miña das escolmadas.

¡Bupa! Pecha a boca. Ben sabes que eu vexo nacer as herbas e bulir o aire. Isa muller de ben quer saber a sorte *dunha cousa viva de catro patas*. ¿Falo ben?

Todo se andará, contestou miña amiga, ó mesmo tempo que se achegou a min e díxome moi quedidamente: ¡Xuncras leve si non atina as cousas como si fora unha santa! Isa cousa viva de catro patas foiche a cabra arrombada que nos gazpearon pasantonte no monte, salva parte.

E queredes as cartas ou a peneira?

Dimpois dunha cousa pasamos á iotra. Xa que vimos cabo de vostede queremos levare as cousas a feito, contestou Xan.

E máis como diga o que queremos sabere, falou a tía *Ventura*, conte cun bon regalo: eisé eu seña de Dios si non lle hei de tragueu unha beluga de manteiga tan grosa como o meu coxote.

Non che me viña mal prás sopas. ¡Mau! Que as máis das veces almorzo... co tafo do que lapa a miña xente.

Depois de mandare cortar coa man izquierda catro veces arreo e poñer enriba dun pano de lambicio un dente de allo e toda a baraxa en cinco ringleiras, de oito cartas cada unha apañounas en cruz e dixo con moita aquela.

Dous de espadas, dous de copas e cinco de bastos. *Carta que vén por riba de augas saladas e nomea casamento en día de festa*.

¡Deño non diga!, exgramou unha das mulleres.

I outra repuxo:

Leve o Déngaro se non é de Perrucho. Xa a min che me daba o corpo que había de casare coa lambespiñas da Gabriela. ¡Vaite con Perucho!

Non pois a lexitima aínda non a saca hoxe da casa, en boas maus está o pandeiro: ten que escarabellar por un pouco, dixo Xan.

¡Non faigades bulla, porra, que me trabucades! ¿Seique coidades que estamos no monte, ou? ¡Non pois! –As de bastos, sota de espadas e cabalo de ouros. *Desconfianza con picardía de personas da sanguinidá*

¡Oi! Cantas son, tía Marijuana.

Pois sonvos dúas.

U-las?

Eiqué as tendes: *unha delas... é menos de un ollo.*

I a outra?

A ioutra... é femia e non garda o iaire.

Esas persoas da sanguinidá, Xan, sonche os curmáns de *Igón*, bula, tía *Marijuana*, bula axiña.

Rei de bastos, sota de copas e cinco de espadas. *Home anciano e muller venda, que viven preto da igrexa.*

¡Cómanme o cuzo!

Índa recuncades? Ide parolar cos presos, porra. ¡Ei que deño de zurrupios! Non sei por quen me tomades a min. –Tres de copas, as de espadas e dous de iouros. *Pasaron por camiños travesíos ó lombrigar o día.*

¡Son os mesmos! ¡Ladrós! ¡Esfolados!...

Cabalo de copas, cabalo de ouros e cunco de bastos. *Choutando sébedes calzos de zocos.*

¡Malas gadoupas os estrumen! ¡Queira Dios que malos pegós os ceguen!, dixo a *Ventura*, e botouse a chorar i ambulquiñarse polo sobrado a tanto que se lle viu cuasemente máis da metá do traseiro.

¡Ai!, meus vellos, dixo a *Coloma*, tapade a isa mulleriña, que non sabe o que fai.

Déixea desfogar, saltei eu, que eiqué sómoslle todos de confianza.

E Xan berrou con cantos folgos tiña, ¡que somellaban os dunha toura cando se esborreca!

Érguete, condergada, que a ises descartados xa lles arrincar á o pelexo teu home. Permita María Santísima que nunca cheire tallada de porco cando non faiga unha, sonada abondo.

Eres un relaxado, un xudío, falou tía Marijuana, ¡Ai María Santísima! Na miña vida ouvín xurar dise lor. E sepias ou non, porra, non quero isas contas eiqué: na miña casa xamais se aporreou ós santiños, alabados señan, que si lles peta... fan unha arrotada. En todo caso, bota maldiciós, que están permitidas.

Vaia, fuxamos, dixo Xan. ¡Xa non podó estar quedo coa zurra!

#### IV

¿E sabedes en que rematou o conto?

Pois que unha serán bretemosa apareceron esmoliados a fungueirazos, a rentes do rairo do miño de *Loio*, os curmáns de *Igón*. Íñan á regra e... saúlles a conta grila. E máis a detrepia debeu de sere tan xeitosa, tan ben peneirada... que un diles fizo a carantoña pouco dimpois.

¿Serían as xentes da miña amiga *Ventura*?

Iso... non o puiden adiviñar, pro, a verdá seña dita, haber houbo quen ventou.

E por onde se cata eiquí a grandisma extragueira que tocen decote na nosa terra isas catervas de lurpias que os labregos chaman con moito aquelas sabias, i ás cales debera pórllles bon aceal a señora xusticia.

Eduardo Lence Guitán  
Mondoñedo, ano 1906.

### O crego de Rúa<sup>16</sup>

#### I

*(Ó meu bo amiguiño José María Basanta)*

¿Vaía que non tendes ouvido parolar do crego de Rúa?

Pois direivos eu quen era ise importante personaxe que anque foi logo cento e piques de anos que dorme o derradeiro sono no cimiterio da súa parroquea, son poucos os veciños da Mariña que non o lembran decote, maormente por un caso que máis in diante porei, pro dinantes direivos tamén que cras de pobo é Rúa e onde se acha asentado.

#### II

Rúa é unha probe aldeíña que terá eisi como unhos vinte veciños, vivindo cuasque todos iles, máis cheos de trabucos i angueiras que de cadelas, a conta de catro cozas que queiman no monte para faguer carbón.

Non lonxe, acochadas de arboredas, óllanse malancónecas, desborralladas, apreixadas polo mofo i as edras, as lembradas frábicas onde se fixeron os leiós que cichan a iauga pola boca na praza de Lugo; aquelas frábicas que nos fan tragner á mamorea a cántega que di:

Frábica de Sargadelos  
Non a pasean chavales,

<sup>16</sup> Publicado na sección “Cousas da Mariña”.

Que a pasean os mozos  
De cochilos e puñales.

### III

O crego de Rúa era adevertido e xarelo como o máis rebuldeiro que viran ollos de cristiao. Máis de catro veces rispaba o alzacuello, puña unha bufanda enrodelada no pescozo, collía, polo si ou polo non, un groso fungueiro, que, si se terciaba manexaba, a concencia, e prantábase, foncho, nos tascadeiros e rúas, bruando e choutando canto se lle viña ás mentes e lle pedía o corpo.

Con palabriñas doces, gasalleiras, adoitaba socorre-la probeza que chegaba á súa porta pedindo esmola. Puña decote cartos, a vao, a medrare pro ¡miña xoia! a cada un o seu e Dios con todos i o mentir non é, afellas, de cristiaos, nas obrigas, maormente se eran de a carón, xamais puxo do sasenta e catro por canto ou do sasenta e cinco a todo tirar; pois, coma il decía anotado, tiña bo corazón e saa concencia e non quería por unha cicallada guindar a súa ialma nos profundos infernos.

Na cobra dos dereitos parroquiás non levaba sona de sere dos máis rañosos, non; pro coma nunca fallan en todas partes lurpias que alborgan andrómenas e loventen falso testimonio co conque de aldraxar á humanidade rómbase que armaba algueiradas e filaterias a pote cos veciños por mor de que lle pagasen os ovos, dentes e lacós de porco i outras cánebas polas angueiras de esconxura-los tronos, escabezar as lombrigas, axotar o ronco das patacas, saca-los meigallos e conta-las vexigas.

No tocantes á oratoria sagrada que il adoitaba a usar eí vai a mostra que, según a tradición, que é de quen nos valemos para pór iste conto, era de iste lor:

“Feigreses: –berraba no ofertorio da misa,–xa vos teño adevertido que pechedes sempre a cancela da miña horta, pro sodes da pel do demo –jarrenegado seña!– e non parecee sinón que faguedes xeta do voso crego. ¡Esfolados! ín da hoxe, ó vire para deci-la misa, atopeina espalancada de todo. E decinde, ho: se eu fora xato ou besta ou dos da vista baixa ¿como poría as coles?... ¡Val máis calalo!”

De cando en vez puña a comparanza de que a gracea de Dios espallábase por todas partes cal si foran as doas que rexeita unha cabra dende o cimbro dunha pena.

En outra ocaseón aturrullábase a latricar e os feigreses decindo que xuntasen limosnas para compo-la igresia que chovía dentro dela coma fóra e que non había cousa que máis lovase o demo ós santos que lles caiese a iauga pola cachola embaixo.

Pro unha das contras grandes que tiña o crego de Rúa, falla por nomear aínda. Aló vai logo para que nadie quede en sagredo:

Dáballe por mete-lo fuciño en tódalas merendas e faguer xeta de todo Dios, cousiñas que, coma calquera sabe, non son nada cristiás nin adoitan a saír ben sempre, pois decote van moitos a catar la e saen máis rapados que as mesmas ovellas.



#### IV

Pois amigos de Dios, un día do mes de Santiago, a Serán, saíu o bo do crego a espaxarse por mor de axota-la<sup>17</sup> galbana que lle apreixaba o corpo por inteiro.

Sentouse enriba dun seixo, i á sombra dunhos corpudos castiñeiros e carballos.

Achábase embebido catando pró val que tiña de caza, cando pasou por eilí un raparigo gardando gado miúdo. De súpeto, como adoitaba, doulle gaña de adevertirse a conta do pequerrecho. Chamouno e díxolle que de boa gaña lle daba unha cadela sempre que lle dixese nun verbo o que decía un cachorro que garulaba nun gallo dun concheiro.

O raparigo, anque non saíra da fondigonada da súa parroquea, era máis saloio que os mesmos saloios e contestoulle que o iba primeiro a escoitar unha miga. Nun credo recuou decindo que xa sabía o que nomeaba o paxaro.

–E que di, oh?; –díxolle o crego.

–Que di? Pois... dille eisí: algún día, algún día nesta parroquia bo crego había, pro agora... Chirlomerlo, chirlomerlo, chirlomerlo, chirlomerlo.

I o crego liscou coma un lóstrego faguendo fu como os gatos pola retranqueira que tan sabidamente lle ceibara o raparigo, sin que lle quedase gañas de recuncar no tocantes a faguer xeta das xentes; mais, nos outros lerios... ¡vaiche boa! Seguiu astra a morte turrando por iles con azo de escachoado ialma de bo cristiao.

Q.E.D.<sup>18</sup>

Eduardo LENCE GUITIAN  
Santiago de Compostela

---

<sup>17</sup> Mantemos aquí a forma orixinal, co significado de “axustar”, aínda que formalmente se poida confundir con “axotar”, co obxectivo de mantermos o máis axustados posíbel ás características orixinais do texto.

<sup>18</sup> “Q.E.D.” é a abreviatura da locución latina “Quod Erat Demonstrandum”, “O que se quería demostrar”.

## MANUEL PAZ VARELA

### Datos biobibliográficos

Xan d’Outeiro é o pseudónimo, identificado por fontes diversas, de Manuel Paz Varela quen, segundo consta no seu expediente universitario<sup>19</sup>, naceu en Pontevedra o 15 de decembro de 1876. En 1894, tras obter o grao de bacharel nun instituto da súa vila natal, trasladárase a Santiago de Compostela para cursar a carreira de Medicina, que rematou no 1899. Ao rematar os estudos instalouse no concello de Mos, onde exerceu como médico e dende onde realizou diversas colaboracións xornalísticas. Destas colaboracións destacan, en especial, as publicadas en *La Integridad*, cabeceira tudense de carácter católico-carlista que, a partir de outubro de 1910 e con motivo da instauración do réxime republicano en Portugal, lle acolleu diversos artigos burlescos. Posteriormente á publicación orixinal destes textos, aparecidos dispersos baixo a epígrafe de “Comedias lusitanas”, recompílanse e vólvense a difundir nun único libro.

Manuel Paz Varela tamén é autor de diversos textos poéticos publicados en diferentes revistas da época. Así, por exemplo, na sección “Cancionero padronés” do semanario rianxeiro *El Barbero Municipal* deu a coñecer, co pseudónimo *O albeite*, dous poemas, “Malos demos...” (n.º 79, 13 de xaneiro de 1912) e “O testamento do chino” (n.º 81, 27 de xaneiro de 1912), cuxos protagonistas son un porco que no primeiro ten o demo no corpo e no segundo fai o seu testamento antes de morrer, deixando cada parte do seu corpo a un veciño.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Co pseudónimo “Xan d’Outeiro” deu a lume no periódico quincenal *Estudios Gallegos* varios relatos breves, todos eles baixo a epígrafe común de “Contos da feira” (n.ºs 6, 7, 8 e 11). Hermida (1995) apunta a posibilidade de que o relato “Cadros d’aldea”, incluído no segundo número da revista ourensá *As Burgas* coa sinatura “X.”, sexa da autoría do médico pontevedrés.

Nas colaboracións narrativas que Xan d’Outeiro publica en *Estudios Gallegos* recóllense varias anécdotas que tratan cuestións do máis heteroxéneo: a análise negativa da situación económica propia, as semellanzas e as diferenzas entre unha gramática e unha novela, a denuncia das cousas políticas pola ineficacia das administracións públicas etc. Malia a diversidade temática dos textos, hai un elemento de enfoque común, pois en todos eles a visión da realidade á que se alude é negativa e crítica, retratada de xeito acedo a partir dunha indisimulada ironía referida a distintos colectivos cos que a voz narrativa se enfronta e contrapón: as castes sociais adiñeiradas, a clase

---

<sup>19</sup> Consérvase no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

política, e mesmo a muller, pois a voz narradora adopta tinturas claramente misóxinas. Todo isto fai posíbel identificar unha temática de crítica social, presente en todos os textos, unificándoos e propiciando a súa análise conxunta.

O diálogo é o recurso expresivo que predomina, aínda que a voz narrativa tamén fai acto de presenza, ben entrando en diálogo con outros personaxes, ben sentando a súa posición sobre os feitos que relata e sobre os que opina libremente. Xibrán e a súa muller, que reaparecen en distintas situacións, constitúen o centro do elenco de personaxes. O feito de que Xibrán, o personaxe masculino, posúa un nome, e non a súa muller, xunto cun contido claramente misóxico e maniqueo no tratamento das relacións amorosas e/ou de parella, reafirman a presenza dunha visión patriarcal da condición feminina. A efectos da construción dos personaxes, adóptase a perspectiva de xénero como determinante das marcas de personalidade, que tamén se debuxan a partir da súa condición social.

A dimensión espacial permanece indeterminada ao longo de todos os textos, unha falta de concreción intencionalmente dirixida a universalizar as accións, personaxes e opinións recollidas. Tamén estes textos son ambiguos nas súas referencias. Do mesmo xeito, a dimensión temporal non se concreta, se ben a súa cronoloxía é lineal e sucesiva, en coherencia coa simpleza estrutural e estilística.

A lingua amósase sinxela tanto no aspecto gramatical coma no léxico, cun uso popular de dialectalismos, formas abreviadas e recursos orais. O aspecto lingüístico tampouco é algo que, á vista da comparación de gramática e literatura que se fai nun dos textos, preocupase o autor, situando o seu interese máis na expresión de ideas ca no coidado do idioma. Así e todo, esta posición contrasta coa presenza de xogos de palabras e contrastes de certo enxeño como, por exemplo: “é unha vítima do deber”, “suspensión de cobros” fronte a “suspensión de pagos” etc.

Polo tanto, atopámonos ante textos ficcionais sen calidade nin vontade literaria que parecen ter a única intención de facer públicas as opinións críticas da voz narradora sobre os máis diversos temas.

### Contos da feira

–Pepe ándache moi mal. Faite de cargo: ten chegado a ter que esconderse polo moito que debe. Os seus acredores persígueno de morte por todas partes.

–¡Probe Pepe! ¡Heiche unha vítima do deber!

--

–Non lle sei por que vive vostede nun piso tan alto.

–Eso de alto heille según se mire. É moi ben certo que vivo nun 4º piso, pro tenlle nome de 3º. E aínda pra min resúltame 2º.

–¿E logo?...

–Porque súbolle os escalós de dous en dous.

### Contos da feira

–¿Que tal van, Xan de Outeiro, as túas cousiñas? ¿dante moito diñeiro os teus nagocios?

Ansí che mo pregunta un amiguíño moi xentile, moito. Eu respondínlle:

–Pra dicir verdade direiche que van mal, moi mal.

–¿Pois como? Eu coidei que nadabas na abundancia, que entraba na túa casa un rego de ouro e que con billeteños da cen pesos o teu poleiro empapelaras todo.

–Ogallá, meu filliño, fora certo.

–¿Pro non o é?

–¡Non tal! ¡nin polo forro! Estouche nesa estúpida contienda do que monta un nagocio que non anda antramentres non lle unten con unto do seu bolso.

E coma aínda non produce nada, e coma pola contra eu pago a todos, un novo estado de dereito, rixe creadiño por min, para min solo; que o rivés dos que, cucos, se dan cheas co diñeiro dos outros, e ponse a caso, en suspensión de pagos, (que un sistema moi cómodo para a todos cobrar, sin pagar nada) eu, pasando de todo, estou eiquí pagando a todo o mundo sin a ninguén cobrar, e ó revés doutros que están a gusto en suspensión de pagos, eu adoezo en suspensión de cobros.

### Contos da feira

Xibrán, o goloso, e mais Marica, a olvidadiza, están xantando. O criado púxolles enriba da mesa unha fonte de empanadiñas, de pernil e galiña, que a Xibrán sábenlle moito.

A fonte vén sin trinchante, Xibrán vai botare as poutas. Marica, que se fixo moi ben de cargo das dúas cousas, ergueuse pra ir buscare a chave do aparador que garda os trinchantes finos. Ao tempo de salir dille ó seu home.

–¿Mira que Dios te ben libre de tocáresme á fonte?

Pero cando volveu, o seu home estaba rillando nunha empanadiña que collera cos dedos.

Marica fitouno con desprezo. O seu home disculpouse do que mascaba, dicindo:

–Pois mira mullere. Eu a fonte non cha toquei, abofellas.

–Nin fai falla, dixo Marica rindo. E dempois, con moita aquela:

–Mira Xibranciño. ¡Ti sei que lees tódolos folletís dos diarios franceses?

–¿E por que me dis tal?

–¡Porque os que os leen vólvense cursis, si non o eran xa!

--

Eu estaba lendo na Gramática; chegouseme un compañeiro e díxome:

–¿E usted que lee?

–Unha novela.

–¡Disque!...

–¡Si, señore! As máis das Gramáticas, igual que as novelas, son un tecido de verdadiñas pequeneiras, que fan, reunidas, unha obra de imaxinación.

–Non ten duda. Pero haille unha pequena diferenza.

–¿E cal é logo, si me fai o favor?

–Que a novela é unha obra de imaxinación que nos adivirte, antramentres que a Gramática é unha obra de imaxinación que nos aborrece.

### Contos da feira

–¡Ou Xibrán! ¿Énchesmo esta sella?

.....

–Vela aquí está cheia.

–Gracias, Xibrán ¿Énchesme este xerro?

.....

–A fonte non enxoita. Veleiqué te-lo xerro cheio.

–Gracias, Xibrán. ¿Énchesme esta pota?

.....

–Olla prá pota, que tal vén de cheña.

–Gracias, Xibrán. ¿Énchesme esta cunca?

.....

–Eso estache de contado. Eiqué a tes.

- Gracias, Xibrán. Eres moi boíño.
- Non hai de que. ¿Queres que te encha algunha outra cousa?
- Non, hom. Moitas gracias.
- Si, muller si. Enchereite o teu dedal.
- Non pode ser. Heiche de alfega.

### **Contos da feira**

Acabada a Asembleia do Ferrocarril da Costa, pouco tempo hai celebrada no Ferrol, unha boa comisión dela foi á Cruña, xunto do Gobernador, pra lle entregare as concrusiós acordadas, a fin de que o dito Gobernador llas mandase ao Goberno de Su Majestad.

E vírades quince homes que fan un viaxe, que son recibidos en vesita solene, que escoitan unhas solenes palabriñas baldeiras de todo, e que nelas poden ouservare que o Gobernador está pouco enterado do asunto.

Dempois da vesita oficial hai outro pouquiño de vesita particular, tan inútil como aquela.

Verdadeiramente a púbrica administración está aínda moi atrasada.

¿Non sería millor i máis barato, e máis breve, mandare as concrusiós polo correiro? Pero é que entón sobrarían moitas veces os señores gobernadores, e mailos gobernos ceviles.

E os gobernos ceviles son o consolo que os xefes de partido dan ós pulíticos mediocres.

--

Xibrán vén da leira prá súa casa.

A muller e mailo can están na eira.

O can bótase a el facéndolle miles de cariños.

A muller ve moi ben todo, pro fai coma aquel que non ve nada. Ela estaba escollendo nunhas fabas. Escollendo nas fabas sigue.

O Xibrán di entón, pra conta do seu can.

-Abonda, canciño. ¡Vaia que me fas ben festas! ¡Nin que foras a muller!

--

-¡Que tal vés! ¿I ese rachado?

-Acabo de facelo agora mesmiño. Estouche de estreno.

-¡De estreno!, ¿cunha roupa tan vella e toda rachada?

-Pois xustamente. Estou de estreno dun rachado novo nunha roupa vella.

## EMILIO PEREIRO QUIROGA

### Datos biobibliográficos

Emilio Pereiro Quiroga naceu na parroquia melidense de Furelos en 1873. No ano 1896 obtivo o grao de bacharel no Instituto de Lugo, coa cualificación de sobresaliente, e ao ano seguinte iniciou os estudos de Dereito na universidade compostelá, que remataría en 1902. Un feito destacado na súa vida foi o casamento con Juana Teresa Juega, cuxo gusto pola poesía influiría no escritor para que iniciase as súas colaboracións literarias, entre as que destacan as que acolleron a *Revista Gallega* entre 1904 e 1906, *Aires d'a Miña Terra* (n.º 3, 24 de maio de 1908), onde se deu a coñecer o poema “Invierno”, no que describe como lle afecta á natureza a chegada do frío, e o *Álbum literario 1907 da Asociación Iniciadora e Protectora da Real Academia Galega da Habana* (2001)<sup>20</sup>, que inclúe un texto longo e descritivo, de gran calidade literaria e titulado “Galicia”, no que o escritor melidense mostra diferentes imaxes do país galego. Pereiro Quiroga empregou o castelán para as súas composicións líricas, se ben utilizou o galego para os seus moito menos frecuentes exercicios literarios narrativos.

Profesionalmente iniciouse no exercicio da avogacía, carreira profesional que o levaría en 1926 a se responsabilizar da secretaría do concello de Arzúa e, con motivo das complexas e conflitivas circunstancias políticas do momento, exercería como alcalde da vila durante o breve período de un ano e dous meses. A pesar da súa intensa relación coa vila de Arzúa, retirouse e faleceu no seu concello natal, Melide, no ano 1941, onde descansan tamén os restos da súa esposa, falecida no ano 1979. A pegada de Emilio Pereiro Quiroga en Arzúa segue presente aínda hoxe para moitos veciños.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Emilio Pereiro Quiroga recorre nos dous textos publicados en *Follas Novas* e *Revista Gallega*, respectivamente, “O conto” (n.º 447, 24 de decembro de 1905) e “Cencia infusa” (n.º 599, 9 de setembro de 1906), a unha mesma técnica narrativa: a referencia metaliteraria a partir da estrutura textual clásica en tres partes, presentación, nó e desenlace. A referencia metaliteraria constrúese a partir da introdución de elementos característicos e representativos da literatura oral como son as chamadas de atención aos espectadores/lectores para comprobar a recepción da mensaxe e o mantemento da

---

<sup>20</sup> Volume editado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas de 2001, dedicado a Eladio Rodríguez González, no que se recuperan as páxinas deste álbum literario, datado na Habana en 1907 e que inicialmente se chamou *Álbum Científico-Artístico-Literario*, que Xosé Rubiños –último presidente da asociación– lle cedeu á Real Academia Galega; esta obra, que no seu momento non chegou a ver a luz, apareceu recentemente entre os fondos da institución, grazas ao traballo de inventariado do seu arquivista Antonio Gil Merino.

canle de comunicación ou comprobación do *feed-back*, como lle acontece a Farruco en “O conto”, ou o reclamo que o personaxe do tío Roque fai do crego en “Cencia infusa”. Este trazo popular busca elaborar textos formalmente recoñecíbeis para o público humilde aos que fan dirixidos, tanto na temática costumista como no estilo humorístico e anecdótico.

A temática costumista obsérvase na ambientación rural, os personaxes dunha mesma orixe social modesta ou a presentación de accións vinculadas coa vida e os labores do campo, elementos que coinciden tamén co estilo empregado. Polo que respecta ao tratamento da compoñente espacial, resulta un trazo tamén común a indefinición no tocante a onde teñen lugar as accións que se narran, recurso disposto para universalizar as posíbeis localizacións e, deste xeito, achegar máis a mensaxe á audiencia. En canto á dimensión temporal, a presenza de elementos propios da literatura oral esixe a complexa utilización, dispoñendo, por unha banda, dun tempo relativo á narración e, por outra, dun tempo relativo ao conto ou historia oral que se relata; a cronoloxía é sempre lineal e consecutiva.

En canto á trama e liñas argumentais, aínda que “O conto” ten unha estrutura e trazos clásicos, mesmo cando bota man da fábula como historia inserida, humanizando o lobo e o raposo, contén tamén elementos orixinais, pois a mensaxe da fábula podería corresponder a un discurso ecolóxico. Deste xeito, “O conto” diferencia dous subtemas segundo o nivel narrativo: o amoroso, na relación Carmela-Farruco, e a crítica-social de tintes ecoloxistas na relación lobo-raposo. Os personaxes artículanse de forma dual e dialóxica.

No segundo, “Cencia infusa”, a figura do narrador, que recae no personaxe do tío Roque, aseméllase á figura do característico contador de contos. Situado nun lugar público, no adro da igrexa, relata a unha audiencia social, neste caso un grupo de homes indeterminado, un conto que el coñeceu por boca doutra fonte principal, o crego da parroquia. Estruturalmente, non hai un equilibrio entre os niveis narrativos, senón unha dependencia temática que recae exclusivamente sobre a historia que narra o tío Roque. O relato do tío Roque protagonízao un xastre do Saviñao que é prendido e condenado a pena de morte por namorarse da filla do Rei. Porén, o home consegue liberarse do seu castigo a partir do uso do enxeño e a curiosidade do monarca, que o indulta para coñecer cal é a “cencia infusa” á que tan insistentemente invoca dende a cadea —e que resulta ser a súa habelencia para asar castañas. Concórdase con Hermida (1995) no senso de que este texto é de estilo tradicional e tema marabilloso, no que Pereiro Quiroga introduce algúns recursos propios, como o de medir o tempo segundo os curas que pasaron pola parroquia.

En ambos os relatos destaca a presenza dunha certa calidade literaria nuns textos ben estruturados que conseguen manter, como é de esixir a un conto clásico, a intriga argumental.



## O conto

Sei que dormes, Farruco, díxolle Carmela, que estaba mordendo o cerro que posto tiña na cima da roca, mentras entre os dedos facía beila-lo fuso dándolle voltas.

–Ai, muller, pouco me falta, que a noite pasada tiven que ir ó muíño con miña irmá Marica, e Xudas leve si puiden dormir ollada.

–Pois, home, se has de vir eiquí pra dormir, mellor é que te quedes na casa, ou que te metas na cama, que alcóntrome moito millor soila que contigo, se é que has de estar toconeando todo o tempo.

–Tes razón; pro xa non dormirei, e por escorrenta-la modorra, podíasmes contar un conto dos que ti sabes; calquera, anque mesmo sea *o da boena pipa*.

–Home, ise non; hei de ver se me acorda algún que non teñas oído. ¿O do Pazo de Arriba xa o sabes?

–Sei.

–¿O das Campanas de Encomenda, tamén?

–Tamén.

–¿I o do lobo que quería conocele-lo home, conteicho?

–Non recordo.

–Pois verás. Unha ves era un lobo, que disque nunca vira un home, e tiña moitas ganas de conocelelo. Aínda moi cediño, salía de pasa-la noite nunha toxeira, i ó chegar ó camiño, que preto dela estaba, atopou cun raposo, que arrimado a un dos valos, estaba índa lambendo nas moas de acabar de comerse unha galiña.

Madrugache, rapás, díxolle o lobo; índa non hai queixa –respondeulle o zorro– xa veño de dar unha volta pola aldea: ¿e ti a onde vas?

–Vou ver se atopo un home, que teño ganas de conocelelos.

–Pois espera que irei contigo pra chos insinar, volveulle a deci-lo raposo.

Empezaron a súa marcha e andando, andando atoparon un rapaciño, que cos ollos cheos de bágoas...

–Si dormes non cho conto.

–Non, muller, non, non durmo, que ben estou escoitando.

–Pois ben; atoparon un rapaciño que iba leva-las bestas á chousa, e fregaba os ollos coas costas das maus, ó tempo que choraba porque o fixeran madrugantar tanto.

Ó velo, díxolle o lobo, ¿este é un home?

–Non –contestoulle o zorro– índa o ha ser. Seguiron andando máis adiante, e de pronto toparon cun velliño, que coas pernas de arrastro, i arrimado a un pau, iba polo carreiro fronte á igrexa, na que acababa de tocar a misa. E neste volveulle a perguntalo lobo, ¿el este é home?

–Tampouco –repicoulle o raposo: xa o foi.

E seguiron... pro non sigo eu si dormes, Farruco.

–Arrenégote demo, nunca tal sono tiven, muller.

–Non será o da morte.

–San Antonio, desta paréceme que índa non, que estou sano coma un buxo: é que non dormín a noite pasada; mais así e todo ben estou oíndo.

–Bueno, pois seguiron no seu camiño cruzando unhas zarras cheas de leña, e aló pola media mañá viron, un pouco máis adiante, un cazador, que desde lonxe parecía un valente mozo, e cando nesto dille o zorro: alí tes un home.

–Gracias a Dios: vamos aló.

–Está ben –repicoulle o raposo, pro eu quédome aquí, que xa o teño visto moitas veces: vai ti solo.

Marchouse o lobo fronte a el; mais cando o cazador se porcatou, puxo a carabina á cara e zorregoulle un tiro que lle abrasou a cachola. Volveuse o lobo esbichando o paso que limpaba coas poutas algunha sangue que lle deitaban as orellas i ó chegar preto do camiño, pergúntalle o raposo: ¿víche-lo home?

–Vin. Eu nunca che cuidei que era tan fero. Mira que sin chegarse a min, botoume un sopro que me deixou bobo.

–Pois non che foi máis que unha cospiñada, que si te colle, non sei eu o que che faría...

–Pro ti paréceme que dormes outra ves, Farruco. Oíche-lo conto?

–Oín.

–E que che parece?

–Que me gusta, Carmela, e máis que debe ser certo, porque eu ben vin a quen o contou.

–Aí vai outra: xa se sabe que é certo, tódolos meus contos son certos.

–Serán; pro por eso aló vaias ti cear onde pasou.

–E ti seas o burro que me leves, Farruco.

Pola copia,  
EMILIO PEREIRO QUIROGA  
Mellid, Noviembre de 1905.

### **Cencia infusa**

E dixo o tío Roque:

–¿A que non sabedes cantos cregos conocín na parroquia?

–E poida dar que acorde por aí unhos oito, –lle contestou Antón do Fontán, que con outros varios estaba no adrio da igrexa, esperando que viñese o señor cura pra que lles botase a misa, nun domingo ben cediño do mes de Santiago.

–A modo, ho; non me fagas tan vello, que astra agora índa non cumprín os satenta: por eso moito non me ha de faltar, que se mal non me lembro, nacín no mes de San Martiño, e pra aló os farei.

–Pois logo, tío Roque, xa lle non faltan catro meses completos, –lle dixo Namesio do Hirdeiro, que tamén estaba alí.

–Así é, –repreicou o tío Roque. Pois volvendo ó conto, non vos conocín máis que cinco, e máis o que temos, que Dios nos garde moitos anos, que como mala persona non a é. O primeiro foi D. Seprián, que lle chamabamos ó reutor. Ese, Dios o teña no ceio, foi o que me fixo cristiano, e tería eu por aí, por aí unhos nove anos cando morreu. Era moi bon señor: viñera aló de Monforte, i éravos pequeno, velliño e rufo; pro tiña un caraute que mesmo namoraba, e un xenio que daba groria: os máis vellos da campaña non se acordaban de velo nunca enfadado. Falaba con calquera, e sempre estaba contento e rindo pra todos: parecía un santo. ¡Mesmo se me figura que estouno vendo!

Unha tarde, por este tempo debía ser, tería eu pouco máis de sete anos, estaba gardando a avenza na chousa do Castro e viña el da casa da Revolta de ve-lo tío Xan, o avó deste Tomás, que estaba moi maliño, e logo morreu; Dios lle perdonase, que seica tiña moito de que, según di o mundo. Facía un calor que caían os paxariños, i estivo descansando un pouco comigo á sombra, contándome nasmentras unha chea de cousas, e batendo de paso nun tabaqueiro que de cando en cando levaba as ventas pra esbichar, que seica llo recetaran os médicos.

¡Faiche ben anos! Por eso se me poño, índa poida que me lembre dun conto que alí me contou.

–Pois a ver, tío Roque, –lle dixeron os que o escoitaban– cónteno-lo conto do crego que lle habemos de atender ben, e tempo haino, que aínda non tocou a segunda ves.

–Disque era un xastre que houbo no Saviñao, que lle miraba prá filla do rei, que era moi ben feita, e bonita como un sol. El, xa se ve, era un labrego que nunca saíra da súa terra, nin sabía outra cousa que facer uns mal feitos calzós, e botar remendos e riberetes nas chaquetas e chaleques. Pasou un día polo pazo do rei, onde lle viu a filla e namorouse dela. Sabelo o rei e mandalo prender todo foi un.

Puñéronlle ó xastre unhas cadeas nos pés, que Dios non me deixe mentir, pro paréceme que me dixo que pesaban unhas oito arroas, e as maus amarráronllas tras da coliga, ceibándollas solasmestres unha ves ó día. Saíulle sentencia que o habían de aforcar, e xa se sabe, el non quería tanto ben xunto. Estivo pensa que pensa como faría pra se escapar da morte, pro non lle atopou xeito. Como vos levo dito, cuase non podía faguer outra cousa máis que falar e arrolar a cabeza, pois os brazos e os pés tíñaos amarrados.

Ó pouco tempo dixéronlle que se confesase, que o iban matar, i el reprecoulles ós que lle deron a noticia. –Non o sinto tanto por min coma por outra cousa, que non vos digo; pro dentro de vinte e catro horas estarei morto e despois xa se verá.

Non lle fixeron caso e metérono na capilla, e dendes daquela comenzo a decir: “Cencia infusa, como te perdes”. Os que o gardaban, que ouviron esto, que o estaba repetindo sempre, fóronlle decir ó rei que o xastre decote berraba: *Cencia infusa, como te perdes*.

Quedouse o rei pensando que podía sere aquilo, e díxolles ós que alí viñeran, que moi ben logo pasaría el por aló pra escoitalo.

Volvéronse os homes, e o bon do xastre estaba sempre na mesma. Pasou un anaquiño, e logo foi aparecendo o rei, e o remendón do Saviñao seguía na súa trécola: *Cencia infusa, como te perdes*.

Mandou o rei que o sacasen afora, e llo trouguesen á súa presenza, que quería falar con el pra sabere cal era a súa cencia. Fixérono así os gardas; e o xastre nin dentro nin fóra non paraba de berrar cada ves máis: *Cencia infusa, como te perdes*.

–¡Cala con eso, ho, e contéstame ó que che pergunte! –díxolle o rei.

–¿E certo o dis?

–Élle, si, señor.

–Pois logo cóntanos a túa cencia e perdónoche a morte.

–Non pode ser, –lle contestou o xastre– que agora está dito que hei de morrer, e ten que ser así; mais aínda hanse de lembrar de min e da cencia que coa miña morte hei de levar no buche.

–¿Como? Ó rei non lle podes faltar. ¿Sábe-lo que fas? Ti dime a túa cencia, e xa non morres.

O probe do xastre retorciase coma se non quixera contar o segredo da súa cencia, ó mesmo tempo que ó Rei xa lle iba picando a cursidá por sabelo, e volveulle a decir: –A ti non te matamos: xa estás libre; pro dime a túa cencia.

–Vamos, ¿non lle obedeces ó rei? ¿Non ves que che pode arrinca-la lingoa, e deixarte vivo e sin ela pra toda a túa vida? Pois dimo pronto que xa se me acaba a pacencia. ¿Non ois?

–Señor, –todo afrixido, dixo o xastre– ¿é certo que estou libre da morte si lles conto a miña cencia?

–¿E non ha de ser: non ves que eu son rei, e teño que ter palabra?

–¡Pois eu sonlle, –decía o bo do xastre choriqueando, sonlle... do Saviñao, e sei que... por alí non lle hai quen... sepa tan ben... asar... castañas!

Agachou o rei as orellas, pensando o ben que o amocara, e moi enfadado pola rillotada que lle acababa de faguer, díxolle:

–De modo que ti es... do Saviñao, e a túa cencia... asar castañas. Pois vaite pra aló, e non volvas máis por eiquí, que hoxe pra ti boa castaña estalou.

Marchou o xastre a toda carreira prá súa terra, onde o tiñan xa por morto, e o rei que seica era nativo de cerca de alí, quedou decindo entre dentes, mentres o vía ir correndo:

–¡Agora que me digan a min que solo os de Monforte temos rabo!

EMILIO PEREIRO QUIROGA

Mellid, 1906.

## VALENTÍN PÉREZ CHACÓN

### Datos biobibliográficos

Poucos datos biográficos se coñecen deste autor que naceu no ano 1880<sup>21</sup>. Secretario da agrupación de dependentes de comercio de Vigo no momento da súa constitución en 1900, na década de 1920 estableceu nas Gándaras de Budiño de Atios, no concello de Porriño, unha das primeiras industrias neste espazo, transformando unas antigas tellerías nunha moderna fábrica de cerámica. Fundador da Droguería Viso e propietario dunha fábrica de pinturas<sup>22</sup>, situados ambos os dous negocios na rúa Urzáiz, chegou a ser presidente honorario do Vigo F. C., un dos dous equipos que se fusionarían para constituír o Real Club Celta de Vigo. Faleceu o 27 de xuño de 1923 no Porriño cando era presidente da Federación Gremial de Patronos de Vigo.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Baixo o pseudónimo “Xan de Ningures”, que tamén foi empregado polo bispo Manuel Lago González, asinou na revista *Ilustración Gallega*<sup>23</sup> varios textos en prosa escritos en lingua galega. Trátase de “No tranvía en Vigo” (n.º 22, 31 de maio de 1912), “En eleució non hai Alifonsos” (n.º 25, 30 de xullo de 1912), “A volta da melicia” (n.º 27, 15 de setembro de 1912), “Como viviría eu” (n.º 30, 15 de novembro de 1912) e “Noite de Inverno” (n.º 31, 15 de xaneiro de 1913, dedicado ao escritor Avelino Rodríguez Elías), relatos costumistas nos que destaca o uso do humor con intención crítica, así como o emprego do castelán para reproducir a fala das xentes que non son da aldea ou daqueloutros que cambiaron de posición social. Tamén a defensa da vida na aldea, mais purgando dela os caciques, a necesidade, a falta de formación dos mozos, os trabucos etc. e avogando pola industria e o comercio de produtos nela existentes, tales como a lá, peles de animais, viño etc.

<sup>21</sup> Gran parte da información deste autor débesele ao xornalista e investigador residente en Vigo Gerardo González Martín a quen agradecemos a súa axuda.

<sup>22</sup> Segundo consta en varios números da revista barcelonesa *Industria e invenciones*, caso, por exemplo, dos números 3 (16 de xaneiro de 1915) e 15 (10 de abril de 1915), Valentín Pérez Chacón solicitou o rexistro de diferentes marcas comerciais, e mesmo lle foron concedidas algunhas delas, para o seu negocio de pinturas e produtos derivados ou “pintura submarina, barnices y secantes”.

<sup>23</sup> No número 22 (31 de maio de 1912) desta revista aparecía a seguinte nota: “Hoy inaugura sus tareas en esta Revista, el celebrado escritor regional *Xan de Ningures*, bajo cuyo pseudónimo se oculta uno de los comerciantes vigüeses de más intensa cultura y cuya *vis cómica* tendrán ocasión de saborear nuestros lectores en casi todos los números, pues en medio de las abrumadoras ocupaciones de su fábrica y escritorio, nos prestará frecuentemente el valioso concurso de su pluma ingeniosa é inspirada. / Ya sabrán Vds. pronto quien es este gallego *enxebre*, regionalista *pur sang* y literario de corazón y de verdad, puesto que, aun contra su voluntad, nos proponemos *exponerlo* en la Revista. / Venga, pues, otro cuento, amigo Xán”.

Na mesma liña temática están os relatos publicados en *Ecos de Vigo*. Na sección “Cousas da miña aldea”, asinou os diálogos breves “Da colleita” (n.º 9, 20 de xaneiro de 1912) e “Pidindo un remedio” (n.º 12, 10 de febreiro de 1912), nos que novamente está presente o humor para facer crítica da sociedade do momento, e “Das esfolladas” (n.º 13, 17 de febreiro de 1912), “Arranxou prá somana” (n.º 16, 9 de marzo de 1912) e “Son as pormeiras” (n.º 20, 6 de abril de 1912), textos nos que, amais dos trazos característicos sinalados, a saber, o humor e a crítica, tamén se achega o autor á relación home-muller e ás súas consecuencias.

Na mesma revista viguesa tamén viron a luz “O Xepe Baldrucas” (n.º 3, 9 de decembro de 1911), onde se conta unha anécdota sobre un personaxe dado ao viño; “O ano vello” (n.º 6, 30 de decembro de 1912), un relato costumista con pretensións humorísticas; “O chulo do campo” (n.º 7, 6 de xaneiro de 1912), co antetítulo “Tipos gallegos”, que amosa de xeito sintético certas actitudes sexistas nunha historia cunha forte discriminación cara á muller; e o conto crítico “Prós do meu auntamento” (n.º 8, 13 de xaneiro de 1912), na sección “Cousas da miña terra”, que expón unha crítica contra os novos concelleiros. Ademais, publicou baixo a epígrafe “Cousas que pasan” dous contos humorísticos: “Como non había unto botoulle a ‘calderiya’” (n.º 11, 3 de febreiro de 1912), unha historia dunha criada andaluza que serve a unha familia portuguesa no exilio galego, e “O célebre Popó” (n.º 18, 23 de marzo de 1912), que conta outra humorada protagonizada polo medo dun popular músico.

## No “tranvía” en Vigo...

### Un soño de Xan Benito Moquete

Erache un domingo pola tarde, un deses domingos que non se sabe que faguer nin pra donde coller. Estaba Xan Benito Moquete completamente aburrado, que digo, aburrido. Foi pasiendo astra a Porta do Sol. Alí púxose a mirar pra calle do Príncipe. Mirou que alá ó lexos viñan un *tranvía*. Díxose prós seus trapos:

–Vóucheme a ir de *tranvía*, hoxe vou gastar dous ras de eletricidade. ¡Deixalo chegar...!

Cando xa medio se viña a enriba, ergueu a man, e berrou con toda a forza dos seus pulmós:

–¿Ou, para o carro?

O malquinista, comprendeu do que se trataba e parou en *seco*.

Xan Benito subiu dun pulo, pro, con tan mala sorte que, puxo un pé mal, fincouse nun punto en falso e alá se foi enriba dunha señora que seique quería baixar prá rúa.

Dentro do carro botáronse a rir e todos decíanse:

–¡Lo que ahí viene, Jesús!...

A señora ó mesmo poñer ó pé na escaleira chamoulle:

–*Animal, bruto, estúpido, borracho... lo que le vale á V. es no estar aquí mi Simplicio sinó, iba V. á saber lo que son mojicones... ¡de las Colonias!...*

Xan Benito non anduvo con remilgos. Contestoulle:

–*Oiga, doña Piltrafa, vostede por quen me tomou? Si lle boto man a ese moño de escochadora... non lle deixo nin piriquito...*

O encargado de dar os cartonciños, que ía cuaseque á beira, dille:

–¿O calla, o va usted detenido, so?...

–Oiga, iso de *so*, dícenlle ó gando, e... e, iso de deteñido... xa o veriamos?

O cobrador escomenzou a chamar por un Romanones... pro como o tranvía arrancou de présa, Xan Benito asentouse, e non houbo caso.

Alí ían asentadas unha señoritas de esas de *tres ó carto*, un señor que somellaba a isto i pai de elas i a mais unha mocíña cunha canastiña con uns pelouríños envolveitos en papeíños. Por certo unha rapariga ben xuncal, ben garrida, cunha cara linda e feiticeira... que mesmo faguía tremer as canelas...

Asina como se asentou Xan Benito tódolos viaxeiros cravaron seus ollos nil.

Xan Benito caladiño. Pro figando polo rabicho do ollo si algún o nemeaba.

A pouco achégase il ó cobrador que era unha migalla zorrango e dille:

–*Oiga, paisano, esa no es postura pra ir aquí; es necesario que se siente V. como las personas?*

–¡Estes cascarillas destes casteláns... ¿E como hei de ir? Dígame, oh?



–*Pues como van los demás.*

Asentouse Xan Benito como lle dixo, pro, como está de bo ano, e, aquel sitio era pequeniño ía algo apertado. Detreminou poñerse de pé; dreito.

Alá lle vén ó tais.

–*Oiga: debe V. ir sentado.*

–Outra vez? ¡Váicheme torta!

–*Y sin chistar, me entiende?*

–Entendo, entendo; aquí manda vostede. Dios lle conserve o mandíño... Mais... a todos lle chega o seu San Martiño.

Xan sacou a súa tabaqueira, un papeño, e púxose a faguer un *tabaco*. Cando estaba co isqueiro preparado pra faguer fogo, e co pito nos beixos, alá i o vén outra vez o...

–*Oiga: usted parece que se empeña le dé un disgusto?*

–¿E logo, que pasa agora?

–*No sabe V. que no se puede fumar aqui?*

–¡E isto é algunha Igrexa?

–*No señor, pero está prohibido terminantemente fumar. Tire V. incontinenti, el pitillo, ¿Vamos?*

–So, so; o pito non o tiro, o que farei será gardalo. Hoxe ten vostede a verga erguida. Outro día tendreina eu.

¡Como te pille nunha feira!...

Gardou o pito no bolso.

A todo isto as siñoritas non faguían máis que apertar os beizos e poñer o pano das nachas diante da boca. O pai entretíñase en chuchar uns docíños que lles vendía a rapariga da canastra. Todos tiñan cara de jalucheiros; tiñan cara de manterse a migallas... pro que luxo traguían enriba deles.

Xan tivo necesidade de limpar súas nachas e, sin andar con roparos, fixo como de costume... chimpouno pola ventán...

–*Oiga V. so grosero, está V. molestando ya demasiado.*

–Iso de *so* xa lle dixen o bastante. Pois diga entón, cacique?

–*Acaba V. de cometer una indecencia incalificable; no tiene V. un pañuelo?*

–Teño, si señor, pero eu entendo que índa é máis porcallada e indecencia o gardar esas miserias humanas como fan eses siñoritos...

–*Bueno, bueno; chitón, á callar: diga usted hasta donde le doy billete?*

–Pois mire: tiña intencióis de tomalo pra toda a tarde, pero xa que eiquí estorbo, faga o favor de darme astra «Argentina».

–¿Cómo á la Argentina, PA mí que V. no está GÜENO?

–¿Que non vou estar bo? Millor que vostede. A Argentina, xunto as travesas, si, señor, á «Villa Argentina» do meu respeitabre amigo D. Xusé Cons, que alí seguramente estará Cebreiro, e, en compañía diles mal será que non caiga unha pinga. E tira pra diante.

–*Tome, aquí ya está V. de más.*

–Teña un patacón.

–*Es más, son dos.*

–E non pode pasar por un?

–*Vamos, acabe pronto.*

–Vaia logo. Tome outro, e cale.

As señoritas ó ouír aquilo, que o patricio se marchaba, así como o pai, decíanlle:

–Oiga, hombre, no se vaya V., siga por lo menos astra Nigrán, siga, siga.

–¿E logo, a Santo de que?

–Hombre, con V. íbamos muy divertidas; siga, siga, siga...

–Pro a vostedes que se lles figurou ¿que eu vou á servirllas de xoguete dentro do carro este? Vostedes si que non van boas. Vaian, vaian a rezar.

O pai levantouse aireado do asento e veuse dreito a Xan Benito, así con intencións de botarlle as maos: de arremeter.

Xan Benito non andivo con ardeos. Botoulle as uñas e chimpouno fóra.

¡O que alí se armou, María Santísima! Tódalas señoritas, o pai, o cobrador, i o malquinista botáronse enriba de Xan Benito.

Pro este é valente, forte como o buxo, e domeounos como qui xo.

Eles mallaron en Xan, pro Xan non deixou de aporveitarse. De un moquetazo púxolle as nachas no cospazo ó cobrador, ó malquinista rasgoulle o *gardapolvos*, e as señoritas deixounas sin un chapeu san: fixo delas un novelo. Co pai non se diga, non o meteu nun bolso porque non lle collía, pro en cambeo fixo con il o mesmo como cun *armorium*...

E co estas parou o tranvo. Xa estaban nas travesas, e a dous pasos da «Argentina».

Xan Benito foi botar pa terra, pro diu mal o brinco, marchou de nachas á carreteira. Escomenzou a erguerse...

As señoritas escangallábanse a rir somellando loucos nunha xaula.

Xan bota unha ollada pró tranvo, e entón ouve.

–¿*Oiga, oiga?*

–¿Que lle acontece á rapariga?

–¿Quiere usted pastillas de café y leche?

–Non quero. ¡De boa leite vou eu!

Polo soñolento.

XAN DE NINGURES.

Vigo, Maio de 1912.

## En eleucióis non hai Alifonso

Todo canto se diga respecto á sabedencia de Alifonso, francamente, é pouco: sería unha escualida aparencia ó lado da xusta realidade. Alifonso na súa parroquia, tiña tan ben sentada á súa fama adquerida á forza de consellos e ditos desenganados que, decindo: Aí está Alifonso no adro, tódolos petrucios aínda os máis cobertos de canas dicían: Vamos ouvílo.

Ó saír da misa dos domingos, Alifonso tiña ó arredor dil sempre unha manada de homes e mozos ca boca aberta escoitando. Pra todos tiña o seu consello i o seu refrán.

Dios nos libre que algún dixera que Alifonso non era sabeo...

Uns preguntábanlle por unha cuestión que tiveran na feira; outros por un anaco de terreno que linda ca do veciño; outros falaban de partixas; outros de preitos, de quintas, de eleucióis, de festas, de ermandades; en fin de mil e unha cousas: aquilo era un *Consultorio*.

A custión é que aquel home na parroquia de Meixonfrío era así como unha especie de Santón en África. Ou como o cacique eiquí.

Sempre se decía que Alifonso non se anquivocaba; que nunca se anquivocara, e que non se podía anquivocar. Este era o dito corrente. Tiñano por *infallible*. Nisto polo visto pasaba por Papa.

Había daquela unha eleucióis por certo moi enrabechadas. Loitaba o Queimacuchos i o Escorrichacazos. Andaba todo aquilo revoltado. Os pobres peisanos andaban preocupados, non sabían por quen votar. Si iban por o Queima, mal, e si iban por o Escorricha, pior.

Os máis da parroquia detreminaron consultar a cousa con Alifonso, porque iste –decían– *é un home honrado, valente nas súas cousas e o que il faga ha ser dino de imitar: Cando il faga un mal papel xa o mundo anda de cachola.*

Estaba o Peilán con eles, (unha migalla de home) e di: Vamos a xunto Alifonso, pro... ollo, en eleucióis non hai...

–Ti calas –díxolle outro– e anda pra diante.

Baixou a chola o Peilán e seguiu con eles, pero sin deixar de dicir prós seus adentros. Dios o queira non os saia capada...

Así foi.

\*

\*\*

–Ou, tío Alifonso, aquí estamos. Tomou a palabra o máis rufo.

–Vimos a xunto vostede pra que nos dea un consello.

–¿E logo que pasa?

–Cá pasar: as eleucióis?

–Xa mo supuña. Pois logo?

–Pois a cousa está demasiado revolta. Os do médeco D. Caralampio van polo señor Queimacuchos i os do señor Abade van polo señor Escorricachazos. Nós verdadeiramente estamos compormetidos: mal si por un, mal si por outro. E eiquí nos tes Alifonso pra que nos des un consello?

–Mirai, nisto de eleucióis non sei que dicir pois ó millor tense un anquívoco.

Dice ó Peilán: O millor cazador...

–Ti calas Peilán–di outro.

O Peilán calou, púxose a tirar das patillas. Cando tiraba destes era sinal de desconfianza.

–Pois como vos ía dicindo? Vamos a ver? Si tedes que ir a casa dun amigo e tedes tres camiños, si dous non vos conveñen, por cal tirades?

– Polo do medio.

–A conta ben sale. Pois esta évos a miña opinión.

E está dito, ¿compañeiros que faguemos?

–Eu vou polo camiño do medio.

–Todos baixaron a chola: diron as gracias e tomaron a porta.

\*

\*\*

O Peilán ó deixar a casa do Alifonso di: ¡como non colla por outro camiño!...

\*

\*\*

No día das eleucióis.

Tódoles aqueles homes estiveran, uns agazapados nas súas casas, outros fixeron viaxes depresa, outros puxéronse doente. Pro ningún foi votar.

Todos tiraron polo camiño do medio.

O Peilán, ó que todos lle chamaban migalla de home, prantouse desde a mañán cedo á porta do colexio a ver si vía entrar algún dos tais. Pasou a mañán: non viu ningún; tamén parte da tarde, pro, cando xa estaban pra pechar o colexio... alá ó lexos víase galopar un cabalo cun home enriba. ¡Quen será o da besta: É o Alifonso! Entra no colexio saca do bolso unha papeleta e metía na caixa que estaba enriba da mesa.

O Peilán que estaba á porta, di pra si: Venho decía eu. Esperou un pouco... Súpouse a noticia...

Gritou a xente: ¿Ganou Queimacuchos?

Viva, vivaaaa.

Ganou por un voto.

O voto do Alifonso.  
Ca mesma o Peilán foise pró eido.

\*

\*\*

Alcontrou cuase todos os demais que xa sabían a noticia e estábana criticando e dicín do Alifonso mil e unha...

Ó ver o Peilán, dícelle un diles.

–¿E tu ves de alá Peilán?

–Veño.

–¿Que desengano, eh?

–Non me faledes. Vosoutros chamádesme migalla de home, non, si? Pois xa vedes moitas veces quen ten máis chola, máis vergoña, e quen se anquívoca máis...

(.....)

¿Non volo decía eu?... En eleucíos, non hai Alifonsos.

XAN DE NINGURES.

## A volta da melicia

**Xa non é Xanciño.**

Pro ti, Xanciño, tan boíño como te eras; tan agarimoso, tan doce, tan dociño,... ¿como te tornache tan ruín, tan enrabexado, tan fero? Cando eu te conecín, te eras unha malva; te eras un anaco de panciño; eras unha ovella; non faguías mal a ninguén; non decías unha palabra mala; non tiñas unha mala cara; non sabía o que era ter carantoña; decote eras un anxe, un anxiño; sempre con cara de pascuas.

¿Que foi o que che pasou? Cántamo, Xanciño... Cántamo...

–*Mariquiña, cuasque no tenjo nada que contarte. Tú quieres de mí non sei que. Tú quieres que te diga coma yo demudé de carauter y esto verdaderamente es una cosa moi atos... Ya nadie me lo per junta, porque todo el mundo ya lo adevina.*

–Pois, Xaniño, eu dígoche, –e non te anoxes– que non sei que che alcontro; queizás sexa que a min se me meteu na cachola, prá cuestión é que desde que te *fixeron cabo da melicia*, astra pares que as túas cartas non ten aquel apego, aquela mel, aquel cariño de cando foches dantre nós.

–*¿Ti te chanceas, Marica? Tu me parés que quieres gromearte comijo, y ya debías tener un poco más de joisio. Sobre todo darte buena coenta de que yo ya sé donde tenjo la mano derecha; adonde me aperta el zapato, y adonde...? O tú te crees que a un cabo del ejersito y aún pra más, en operaciones se la dan de quinto? Eso pra el jato.*

*Yo te soy agora más JACHÓ que tu te crés.*

–Ben cho decía eu. ¡María Santísima! ¡Canta letra miúda te trás!

Moito deprendeche por ese mundo de Dios! Calisquera agora pode contigo. A miña contiña ben saí.

¡Bo! bo!... Cando eu me anquivoque... Agora... como cuasque todo falas en *castelán*; como eres cras da melicia, e como xa picas máis arriba, xa non me farás caso a min; porque visto mantelo, e falo galleguíño... Pois, señor xeneral, meu rolo, isto éche moi honroso.

*–Marica, es que tú te empeñas en intrepetar mal la cosa. Yo si te parese que cambié, non cambié. Y... aunque te paresca que soy otro, no lo soy. Yo soy el mesmo, solo que agora... ya tenjo...*

–¿Que? o ¿que?

–*Poes que...*

–Desembucha, home, fala...

–*Poes agora xa non son Xanciño.*

–¿E logo, ¿quen é vosté?

–*Po yo agora soy...* ¡DON JUAN!

–Ai, si!... Pois... ¡Adiós!, D. Juan Prim!...

XAN DE NINGURES.

Vigo, Septiembre 5 de 1912

### **Como viviría eu**

Gostaríame vivir nunha aldea moi florida, moi linda. Regada por moitos ríos, moitas fontes; onde se collese moita froita, moito trigo, moito millo, moito viño, moitas patatas, moito centeo, moitos nabos, moita verza, i en fin: de todo, onde houbese dabondo de todo que se percisa para vivir sin fame.

Que houbese un alcalde honrado e home de ben. Que houbese uns concexales tamén honrados, aínda que non fosen bos mozos. Que houbese un cura que traballase na Igrexa e fose limosneiro. Que houbese maestro e maestra da escola que insinaran ben ós rapaces i as rapazas.

Que non houbeses envexas.

Que houbese desexos de traballar.

Que non houbese caciques.

Que houbese moita moralidade.

Que houbese unha xuventú con boas aficións, ó traballo, e á ilustración. Que leses preódicos e revistas, libros bos; que mirasen máquinas e aprendesen a manexalas. Que estivesen ó tanto das maxadas modernas pra labranza.

Que houbese un solo médico ou ciruxano; pro que houbese que pasarlle para vivir por non *sacar* nin pró gasto da tabaqueira.

Que houbese unha botica, pro que lle acontecese o mesmo que o médeco.

Que ninguén quixese ser enterrador, por non dar a industria ni pra zocos.

Que os petrucios tivesen a súa sociedade, en donde laborasen polo progreso da súa parroquia, pro sin adicarse á política, nin a faguer cruzada contra a libertá do traballo...

Que houbese múseca.

Que houbese orfeón.

Moitas gaitas.

Que houbese muiñeira, os domingos.

Que houbese moita industria caseira por tódolos lugares.

Uns que fixesen nas súas casas da lan das ovellas roupas pra eles e pra vender na feira. Que curtisen as peles de cantos animais mataren. Que da linaza fixesen aceite. Que aporveitasen o sarrío das pipas que val moito diñeiro. Que non perdesen o cornecho do centeo. Que de moitos viños bos, fixesen bebidas de luxo. Que percurasen dar valor a moitas cousiñas boas, que dá esta terra bendita, que non hai necesidá de deixala.

Que se fixese moito diñeiro con esto e que non houbese necesidá como hoxe acontece de que o paisano teña que baixar a cachola porque os trabuchos, contribuciós e outros *martirios* o tran sin gusto pra vivir.

Así viviría eu na aldea, que acá me ten imaxinada.

E xuro que vivindo nesa aldea, malo raxo si me lembraba da vila.

XAN DE NINGURES.

## Noite de inverno

*O meu amigo Avelino R. Elías.*

*X. de N.*

Na cucuña ó pé da lareira, pote ó medio, todos ó redor, así cea a familia, quentándose ó calor que ceiban catro trancos de carballo, dempois de pasar a tarde, nas leiras pastando uns o gando, outros collendo herba e algunhos as augas.

Chegan ó eido *mortos* de frío.

Todos saborean sendas cuncas de caldo de verzas con feixóns, que mesmo dá cobiza; mesmo dá gana de metelo antre peito e costas.

Todos, todíños comen aquel caldiño, como si fora unha desas *paellas*, que se toman nos Pazos dos Condes. Quizais lle saiba máis que si talmente fora ista *bazofia*.

¡Ben poden tomar con argullo esa taza de caldo de verzas! Custa gañala, máis que a *paella*, máis tamén quizais se come con menos temores...

Namentras comen, fala o pai; xeneralmente é o que lles fala de cousas pasadas; de canda andiveran por eiquí os franceses, de canda a guerra calrista, de cando a República; de mil e unha cousas.

Todos ouven con unha grande atención. Todos están atentos.

Cala o pai e escomenza a falar a nai. Esta fala de Relixión; de como partiron unha leira á morte de seus pais; como istes fixeron o testamento; do pleito que tiveron antre os irmáns, en fin, dunha manada de cousas, tamén de outros tempos.

Pouco a pouco, o lume vai morrendo i os pequenos vaíos tentando o sono. Todos están moqueando pros lados.

–¡Ei, miña xentiña! Vamos ó leito; a deitarnos, prá mañán estar a pé antes de cantar o cuco. ¡Ei, erguerse!

Todos escomenzan a esperexarse, e vanse pró leito.

–¿Está todo ben atrancado?–pregunta o pai.

–Está, meu pai. Contesta o fillo maior.

Pro dice o Francisco, que é o que lle sigue a Manoel.

–El parés que broucan no cortello da marela?

–¿Seique si, Xan Manoel? Di a nai.

–Tes razón. Pois dáme acá o legón?

Cada un botou mao dunha *arma*: uns foiciñas, outros machadas, outros picachas e gadañas.

¿Abre esa porta, Xuana?

Xuana abreu a porta.

Alá saíron todas coas armas enriltradas amenazando matar a quen se puxese diante.

Camiñaron dreitos ó cortello da marela.

–A ver tu, Pedriño, baixa a tarabela.

–Ouh, quen sexa que fale. Di o pai.

¡Non se maneaba nin unha palla!

–¿Ei, marela? ¿marela?

A marela, nin pío.

–Achegue ese farol. ¿Alumea?

–¡Dios acordouse de nosoutros!

–Que é, meu pai? Dixeron tódolos fillos.

–Pois que a marela trouxo un becerro? Vamos a arrombala, meus fillos.

Todos se puxeron contentos, alegrotos coma castañolas, e fóronlle a dar a nova á nai i ás irmáns que estaban enriba.

Arrombaron a besta, mimaron ó becerriño e foron a festexar o acontecemento.



A Xuana trouxo unha botella de agardente, unha bica que había no forno, aínda inteira, e, botando uns anacos de castiñeiros ó lume volveron a formar reunión.

—

—Boeno, meus filliños, agora vai de vez. Vámonos ó leito, que mañán é outro día e hai que estar a pé antes de que cante o cuco.

¿Ei, erguerse?

Todos se ergueron.

Pro Pedriño, dille ó pai.

—¿Meu paiciño, si me deixara dormía ó pé da marela! ¡Está doída e eu téñolle moito cariño! ¡Déixeme, meu paiciño, déixeme!

—Meu fillo, a vaquiña xa queda arrombada, mais si tu tes gusto nelo, vaite tu i o Francisco.

—Astra mañán. Descansen.

—Astra mañán, meus filliños.

.....  
.....  
O día seguinte, cando foron a ver a marela, atoparon ó Pedriño i o Chuco, dormidos, i ó pé deles, a botella de agardente valeira.

¡Sin duda gastárona en dar frotaciós á marela!

XAN DE NINGURES.

### Da colleita

—¿Que tal de viño?

—Moi ben.

—¿Colleche moito?

—Eu, pouco; pro en cámbeco colleu bastante o veciño.

—E iso, ¿é a mesma conta?

—Xa cho creo. Decote repartimos os rendimentos.

—¿E logo vades a medias?

—Non; mais vamos sempre xuntos a beber, e paga el.

### Pidindo un remedio

—¿Benito, que tal che vai o marelo?

—Aínda coxea.

–¿E non o pos ó carro?

–Non, home, non.

–Pois escoita; vaite onda o alcalde, que fai poucos días, tamén coxeaba; díronlle unha pomada, e xa che vai ó Axuntamento.

–Xa non o deixo para máis tarde. Alá vou.

—

–¿Pódese pasar?

–Adiante... ¿E tu que tras, Benitiño?

–Don Lino, eu véñolle aquí, perdoe: díxéronme que vostede fai poucos días andaba coxo, que lle diron unha pomada, e que agora xa ven ó Axuntamento, san de vez.

–E certo ¿queres sabela?

–¡Vosté, figúrese!

–Pois espera. ¡Escrebente, Besanta!

–Diga, Don Lino.

–Escreba aí.

.....

–¿E pra quen é o romedeo?

–¿Pois, élle pra un boi que teño coxo?

–¿Sai de aí, animal, tu cres que todos somos ingoales?

XAN DE NINGURES.

### **Das esfolladas**

–Eu non sei que lle acontece á miña rapaza, que fai, cuasque, unhos meses, nin quer comer, nin beber, nin ten alegría: cando denantes, como tu ben sabes, Benito, érache unha verdadeira caixa de música: estando á beira dela, estaba o ouvido regalado: sempre estaba con gracias, con ripiniques, con troulerías, que faguían rir astra ás pedras, e se un non se ría, estoupaba. Agora, miña coitada, non se conece. Todo lle falta: nin ripiniques, nin gracias, nin o donaire...

–Tú, Benavides, perdoa se non che parece moi ben, dícheslle moita solta á rapaza, e... repito, perdoa, isto trai seus desgustos. Eu barruntaba algún desgusto... e Dios queira non saia...

–Estás ancavocado; eres moi mal pensado: non te creas; todo o contrario: fai ó pé de seis ou sete meses que anda como vaca á sogá. O mesmo a miña Cepriana como eu, traémola de ollo, e apenas que saí á dous pasos do eido xa estamos enriba dela.

–¿E quéixase ela, quéixase a rapaza?

–Diso que che digo; moita tristura, non quer comer o caldiño, cousa que antres a enlouquecía, e, máis que nada, fáltalle á grácea que non hai diñeiro que isto pague, pois había que vela o que ela era, o que ela faguía. ¡Aquilo... Así!

–¿E non a levache ó curandeiro? Porque isto ben pode ser un andaceo deses que se presentan máis de catro veces no ano...

–Non vas mal. ¡Quén sabe! O Curandeiro non sei se a faga ir. Por máis que non me vai querer velo, porque, vouche ser franco; e direiche: fai poucos días estivo eiquí a Xabela de Pego Negro. ¡A sábea! é, como a mirou, *remexeu á peneira*, e escomenzou dicíndolle unha manada de cousas que nin xiquera se podía ouvir, pois espantaban. Agora... ¡vállame Dios! Non hai quen a faga saír do eido.

–¿Mais, logo, que era o que lle decía? Esa é unha bruxa que donde pousa os pés, pon todo revolto.

–Non cho digo, nin xiquera cho podo dicir: astra me daría noxo, vergoña. Eran tais as cousas, que da miña filla... ¡poño unha man no fogo! Non se pode esperar. Sei quen me deu a miña Cepriana.

A Xabela, ten sona de sábea, pro xureche que nesta ocasión, anda ben estranoitada.

–¿Que dicía que era; que fixera a rapaza algunha arrouxada?

–Non falemos diso.

–Falemos se queres doutra cousa; mais eu entendo que debes percurar esclarexar iso, sexa o que sexa: xa bo, xa ruín. Tapar os ollos si acaso, porque ó millor sai o que menos un espera ou pensa.

–Ti estás desconfiado ¡carafío!

–Home... eu...

–Cala, home, cala: eu imaxino que foi algún aldraxe que lle infiriu calquer mozo nas *esfolladas*, e dende entón colleuno á peito, e anda así. ¿Non che parece que deixándoa ir outra vez ás esfolladas, botaría, chimparía do corpo esa tristura que a ten agarrada? Que volvería a comer o caldiño con ganas, volvería a faguer rir ás pedras, volvería ós repiniques, ás troulerías... e somellaría outra vez unha caixiña de múseca?

–¿Ti sabes o que dices?

–¿E logo?

–¿¿¿As esfolladas de noite???

–¡Home, non fumos todos nosoutros á elas...!

–¿E non te acordas do que fixemos nelas? ¿Ti sabes por que os dous cas nosas respetivas mulleres nos casamos, e como, e de que maneira? ¿Como xa estaba á cousa, malo raxo, que tantos contos, tantos ditos, tanto disgusto trouxo?

–¡O que mi recordas!...¡Cala!...

–Pois escoita: eu consentiría que a túa rapaza fose á festa ó teatro á vila; que fose de ruada con catro amigas e compañeiras cantando ó ala lá, pola carreteira: todo o que che dera a gana; ¿pro ás esfolladas? ¡Dios diante!

– ¿Son tan ruins as esfolladas?

–Non che digo nada. Pro pon atención... i escoita o que cantaba fai unhos dias un veciño meu, e... dempois... faite ideaia...

As esfolladas de noite

Non dan porveito á ninguen

Mandei a muller á unha...

–Non sigas que xa sei o resto. E mais á mais, se queres que che diga a verdá, non me fixo feliz a cantiga.

–¿Parécenche mal?

–Non, pro perez, que me firiu no corazón.

XAN DE NINGURES.

### Arranxou prá somana

A *Paloma*, que así se chamaba a besta, camiñaba toda derreada coba carga, dando bandazos como galeón en día de temporal, pois seguramente non baixaban de oito centos penicos os que cargaba enriba do lombo.

O Anriquiño, que iba ó coidado dela, tremía de medo, porque sabía o diñeiro que valía aquela carga: precuraba que a *Paloma* gardese o vaivén pra que non voltexara o cargamento.

Pro, de pronto, perdeu todo o coidado.

Tropezou con Romana de Chuco, rapaza moi feiticeira, graciosaña i alegre. Escomenzaron un anaco de doce palique.

Costoulle caro.

Mentras os dous roliños se decían catro pamplinas e enredaban cas mans, a besta seguiu camiñando, fuxíndolle da vista.

–¡Ai, Romaniña, a besta xa vai lonxe: vouche-me, outro día falaremos.

–Boeno, sinto que te vaias...

–Tamén eu, miña Romaniña.

–Que fagas boa feira.

–Gracias, astra a volta.

–¡Adiós, Anriquiño!

\*

\*\*

Botou as mans á cachola o Anrique, decindo:

–¡Ai Dios mío, onde irá a miña besta! Meu pai mátame hoxe!

Medeo aloucado, berraba polo piñeiral chamando a gritos de rabia:

–¡Ei, *Paloma*! ¡Ei, *Paloma*!

A *Paloma* non decía nin pío.

Pasou unha muller, e o Anriquiño preguntoulle:

–¿Vostede viu a miña *Paloma*?

–¿E como é?

–É branca cunha pinta negra no cospozo.

–¡Vaiche voando, meu fillo. Xa non a atrapas.

–¿E vai camiño da feira?

–Pra aló vai; tes razón.

\*

\*\*

Seguiu camiñando Anriquiño; alcontrou outra muller, e tamén a esta lle preguntou:

–¿Vostede ven da feira?

– Veño.

–¿E viu a meu pai vendendo penicos coa besta?

–Créоче que o vin; mais sin penicos e sin besta.

–¡Ai, Dios mío! hóxe mátame: vou outra vez pra tras á ver se a besta chegou á casa!

E o Anriquiño diu a volta.

Volveu alcontrar á pormeira muller.

–¿E tu viche-la *Paloma*, rapaz?

–Non a vin, non.

–Meu neno, a estas horas estache no palomar...

–¿Vostede está de chanza? Pois eu non lle estou pra gromas. Siga o seu camiño... e non me tire polo xéneo...

–¡Seica vas ferido, coitadiño!... Ten pacencia: seica por unha *paloma* perdeches outra...

Anriquiño baixo á cachola e tirou camiño pra adiante, astra chegar á súa casa.

\*

\*\*

–Miña nai ¿chegou a besta?

–Non, meu filliño.

Escomezou Anrique á chorar.

–¿E logo qué acontece?  
–¡Que há de acontecer, miña naiciña, que namentres eu rañaba nun pé que me adoeecía, a besta fuxiume e non alcontro.  
–¡Ai, María Santísima! ¡E teu pai, na feira, esperando por ti e polos penicos!  
O Anrique xa non quixo saber máis de andar tras á besta. Seguiu chorando como un descosido, meteuse nun corruncho da casa, e de alí xa non quixo saír namentras non viñera seu pai, co medo de que lle batera.

\*

\*\*

–¿Quen anda aí?–decía Xuana, a nai de Anriqueño.  
–Son eu.  
Era o pai.  
–¿E tras á besta, Manoel?  
–Traio; vi-acá, escoita... Alcontreina na feira, sen un penico xiquera. Eu debíalle dar uns couces ó Anriqueño, cando a vin, por deixala solta, pro non lle digo nada, por que xa que vendeu tódolos penicos, xa arranxou pra semana.  
–¡Que enganado ves, Manoel!  
–¿Entón?...  
–¡O Anriqueño estache aló drento, e non che vendeu nin un penico xiquera!  
–¿Ti que me dices?  
–Asín como escoitaches?  
–Non me digas... ¡¡Eu matóio hoxe!!... ¿Onde está?  
–¡Cálmate, Manoel!  
–¡Baixa, Anrique!  
–¡Non baixo, meu pai!  
–¡Baixa, Anrique!  
Ó fin, Anrique baixou.  
–¿E ti como deixáche-la besta, dime?  
–Pois...pois...  
–Fala, dime.  
–Pois foi... que me puxen de parola coa Romaniña.  
–¡Ei, canalla, malandrín, ¿logo ti, pola paloma de Romana, deixache que esprumaran á miña?... Pois aguarda...  
¡Meu Dios, o que alí se armou!  
Mallou nel oitocentas veces.  
Non, o que é o Anrique, arranxou pra a semana.

XAN DE NINGURES.

## Son as pormeiras

–Dios te colla confesada, que o día que te alcontre na encrucillada, non che deixo nin un anaco de pelexo san: aínda ti non sabes con quen te foches a meter ¿ti sabes as pulgas que che gasta María do Penedo?

–Mira, eu dimpois de todo, non o fun precurar. El viu á miña casa. Eu díxenlle:«Benito, vaite de eiquí: ponte fóra, que che pode vir túa María; mira que eu non quero contos; fuxe, ponte fóra do eido, que non quero verme compormetida sen comelo nin bebelo.»

–¿E el que che decía?

–Pois el decíame: «Mira, ti está tranquila, non teñas coidado; eu non quero aquela cara de esguello; eu non podoo faguer bó dela; eu estou derreado de tanto sufrir coas súas arroutadas.» E, así, polo estilo decíacheme unha manada de cousas.

–¡Vaiche boa! ¿Logo ti... cedeches? ¿non ou si?

–Xa ves, Rosa, a tanto terquexar, quen se pon dura? ¡Como a noite estaba tan atroboada, tan escura, e a hora xa iba un pouco avanzada!... ¿Ti non faguía-lo mesmo?

–¡Ai, eu, Carmela, iso si que non: eu si es caso aparente, téñoche un corazón de seixo. Aínda fai poucas noites que che se me acercou o Xoaquín de Rita, decíndome unhas cousas polo estilo, pormeténdome fuxir comigo pro Brasil, pro non logrou nin pisca. Pranteime nas miñas: o home rabechaba, pateaba, bramaba, que mesmo somellaba un lobo, cando non pode ferrarlle os dentes a unha ovella. Mais, si quixo, foise solíño, caladiño, e... agradecido ¿entón?

–Pois, Rosa, téñoche envidia dese corazón de seixo, anque non sexa máis que pra casos semellantes.

–Carmela, o querer é poder, díceche un refrán moi vello. De maneira que non querendo... ¿enténdesme?

–Non me digas máis, Rosiña.

–Craro, á bos entendedores poucas razóns.

\*

\*\*

Ós oito meses cabales daquela conversa alcontráronse Rosa e Carmela no adro da Igrexa. Dirixíronse dúas miradas como dous raios. As dúas, que eran dúas mozas garridas, deixaron cair dous seus lindos ollos, unhas gordas bágoas.

Os petruceos que estaban de arredor, ó darse conta de aquel cadro triste dixeron: «calai, baixar a chola.»

As dúas rapazas, arrimáronse unha á outra. Estiveron un pouco caladas, sen duda a vergonza non lles deixaba mover os beizos.

Ó fin escomenzaron catro ditos. Díxolle Carmela á Rosiña:

–¿Entón, Rosiña, que tras antre os brazos?  
–Carmeliña, unha amostra... ¿e ti?  
–¡E trágoche outra, desgraciadamente!  
–E ti, Rosiña, que tempo fai?  
–¡Faiche hoxe catro meses!  
–Pois eu, fago mañán dous meses.  
–Mira ti, Carmeliña, o que nos truxeron aquelas conversas, aquelas troulerías!  
–Pacencia; mais eu nunca che pensei que ti cairas nun *renuncio*. ¡Como tiñas o corazón de pedra!  
–Non hai pedra que non se ablande!  
–¡Xa ves, fun diante de ti!

---

–Son as pormeiras.

XAN DE NINGURES.

### O Xepe Baldrucas

Na parroquia de Morgadáns, que cadra a dous pasos, como quen di, da Paradela, onde se sona que nas eleccións fan revoltas tremebundas; naquela parroquia, repito, estiven eu, fai algúns anos, pasando uns días. ¡Que diñías! Non se me esquecen xamais.

Conecín entón a un tal Xepe Baldrucas, home mintireiro a carta cabal. Decía el máis mentiras nun minuto, que voltas dan as rodas do automóbil de Bayona, cando vai feito un raio.

Non se me esquece, non. Naquel tempo andaba por alí a doenza, que agora fai destragos por eiquí, chamada *glosopeda*. Toda a xente se queixaba de que tiña o gando mal dos pezuños, que andaba esfameado e que non había maneira de curar tal doenza.

Xepe o Baldrucas tiña tamén o seu gando doente faguía así como cousa de quince días, e dende entón andaba o home sen sombra, medio aloucado.

Un día, na Pedra, punto das reunións de máis de catro peliqueiros do lugar, estaban falando de Xepe, e chegou por alí Carmela a Charrasqueira, que é a compañeira del.

Encomenzaron a preguntarlle que era o que tiña Xepe, i ela contestou que o home metéraselle na cabeza que tiña a doenza do gando, e que dende que pensou tal cousa, xa non houbera legría pra el.

–Xa sabedes –decía Carmela– que era tan alegre que asomellaba unhas castañolas. Boeno, pois agora anda feito un moina.

–¿E ti non lle fas nada, muller?



–¡Non hei de faguer! Vós coidades que non quero ó meu Xepe. Xa fai polo menos unha semana que, día por día, todos eles lle deixo debaixo do leito un penico de viño quente con azucre, que di que lle é moi bo prós pés.

–¿E con iso vai millor?

–Calar por Dios.

–¿E logo?

–Pois nada, vouvos contar: o outro día, aló polas catro da mañán, encomezou a espernexar e a decir: ¡Ai, que morro! ¡Ai que é o mal do gando! ¡Eu morro! Ide chamar ó curandeiro, que eu morro.

Vai o meu fillo correndo a Paradela e vén logo de volta co médico D. Latino.

Este señor mándalle alargar a man a Xepe; mándalle bota-la lingua fóra, e di: Non alcontro nada.

–¿E non lle mira os pés? –dígolle eu.

–Pois a ver, destápallos.

–Os pés están limpos, e ben. ¿Pro logo el queixábase deles?

–Mire, señor; tódalas noites lle deixo debaixo do leito un penico cheo de viño quente con azucre, porque, como se lle meteu na cabeza que ten o mal do gando, quer lavalos antes de adormellarse.

–Ai, miña santa, –díme entón o médico– isto pásalle durmindo.

–Mais, ¿que é o que ten?

–Nada, que o viño dos pés, subíuselle á cabeza.

XAN DE NINGURES

Vigo, 4-12-1911.

### O ano vello

–¡Malo raio cho fenda! Que vaia e non volva, que tiña unhas entranas máis negras que a mesma morte negra, ¡condanado! Parecía fillo da raposa. Lévoche neste mundo así como dende que nacín, mais nunca che vin cousa como ela. Naide imaxina o que era o fillo da... ¡Dios me perdoe!

–Pro, miña naiciña, vostede hoxe está levada de Xuncras. ¿Que é o que lle acontece? ¿Berroulle meu pai, houbo algunha loita no lugar ou que é ilo? Eu desexo saber que é o que a vostede a pon desa maneira, tan enrabexada.

–Cala, meu Benitiño, que contigo non che vai nada, nen con teu paiciño tampouco; é con outro *señorito*, que ¡ai, carafío! se así como non podo chantarlle os dentes, poidera, non che lle deixaba anaco san. Había de ir pró outro mundo marcado de min. Iso xúrolle que había.

–Mais, miña nai ¿meteuse con vostede algún señorito da vila, dos que viñeron nas vacacións? Dígamo xa, que eu eucárgome del. Que me parta unha chispa se non o saco do medeo. ¡Dígamo xa! Vou coller a miña moca, e xa verá como o merendo.

–Pois perpárate, que vai ser hora de que el pase por aquí. As doce están a cair, i entonces asoma o morro. Teu pai cuasque ha faguer o mesmo alí onde se alcontre. Foi tan ruín o *señorito* ese, que nos trouxo moitas desgráceas: el tívonos sen sardiña, anaco de doce estimación; diunos pouco millo; cativa anada de viño, tróuxonos o mal do gando; unha friaxe condanada, que trouxo unha catarreira general na cibdá: catarreira que obrigou a gardar leito a todo noso Monecipio, durante algunhas somanas, e, si todo isto che fora pouco, aínda, como praga derradeira... ¡levounos da porvincia a preñdiña querida do gobernador!... ¡Malpocado!

–Eiquí está a moca, miña nai; ábrame a porta.

–Cala, meu fillo; toma pirmeiro unha pinga. Pouca a moca.

---

–Ei, miña nai ¿el anda aí?

–Cala, Binitioño, que xa fuxiu.

–Mais ¿quen el era?

–¡¡Érache o ANO VELLO!!...

XAN DE NINGURES

### O chulo do campo

–Polo de hoxe, digan o que digan, podes estar tranquila, porque inda non peligras. Mañán ¡quen sabe! Os homes non somos de ferro, nin de pau nin tampouco de cera. Pro eu o que che hei de recomendar é que cando vaias á fonte, axiña que pegues man no penico, colle de présa o camiño e non te poñas de palique coas estripacontos, pois daquelas reunións e doutras somellantes, xa se viron eiquí, nesta parroquia, máis de catro desgustos, que fixeron esborrallar felicidades de anemorados, felicidades de casados e astra fixeron perde-la carreira a máis de catro estudantes de crego. ¿Ti enténdesme? Non che digo máis.

–Non me digas máis, non. Xa sei por quen dices. Ti sempre foches moi amigo de faguer rabechar e de faguer botar bágoas de rabea e delor ás túas rapazas. ¡Cando eu escomecei a falar contigo, mais valera... non sei que era millor! Ti non me dás máis que desgustos e... cuasque era millor afogarse.

–¿Ti que dices? ¿Seica me aborreces?

–Eu, aborrecerte ¡válame Dios! non podo; mais ti eres moi fachendeiro. Faste moi gabacho dempois de que ves que te quere coa ialma i o corazón unha muller. Entón é cando te pos moi forte e... asoballas e despercias e ameazas, saíndo así por onde non debías.

–Ti, o cariño dunha muller, a estima i os sacrificios tómalos a broma, e dempois xa non te acordas nin tes pra que acordarte.

–Cala, cala e non me veñas con andrómenas nin enganches. E non me tires do xenio. Eu xa non son ningún meniño, e xa sei onde me aperta o zamanco. E ¿que é o que che escoce a tí?

–¿A min? A honra, o que ti non sabes xiquera de que color é.

–¿E a min que me importa iso?

–¡Vai de aí, ladrón! ¡Iso era o que se podía esperar de tí!

---

–Ela quedou arrimado ó valado, chorando bágoas de delor.

El marchou gabacho, co pariaugas debaixo do brazo e tirando dun tranqueiro.

XAN DE NINGURES

### **Prós do meu auntamento**

Costa costouvos, pois a cousa estivo nun tris; pro subir, subístedes ó poleiro.

Pois boeno: agora xa que estades enriba, é perciso, necesario, é de obrigación, que fagades algo proveitoso prá cibdá, que non se vos marche toda a forza pola gorxa, como é costume.

Antes de subir ó galiñeiro ese, sempre prometedes a mar e morea: decides en padricacións que vades a compoñer as calles ou camiños; que vades faguer minxitorios; que vades a limpar a cibdá; que vades a rebaixar o precio das cousas de comer; que vades a mercarlle vestidos novos ós monecipales; que os vades a faguer andar moi dreitos que estos van acabar coa praga de *carteristas* que tódolos días fan o seu magosto; que vades a adeministrar moi ben os nosos cartiños; que dun cadelos vades faguer catro e con estos que vades a faguer da cibdá un relicario. En fin, por prometer non é a duda: non prometedes a Biblia porque non se vos ocorre, se non tamén a pormetiades.

Por ese galiñeiro xa pasaron outras galiñas que tiñan de patróns bos galos; de pranta moi legante, de cresta moi colorada, de prumas moi douradas; grandes xaleadores, pro... todo se foi en cacarexar...

Houbo día que os veciños estaban espantados, pois ouvían un cacarexar tal, que todos dicían:

–¡Que galo tan bo! ¡Como canta! ¡Como xalea! De seguro que vai haber no niño dúceas de ovos.

¡E cal non sería o seu desencanto!...  
Saíron do niño. Foron correndo a ver, e... nin un ovo xiquera.  
Que non aconteza o mesmo con vosoutros.  
A ver se o galego xalea con porveito, i a ver se as galiñas están poedeiras, pra sacar unhas boas recuas dos pitos gordiños...  
Nosoutros xa vos daremos un bo trigo pra que non vos ande o papo baldeiro...

XAN DE NINGURES

### Como non había unto, botoulle a “carderiya”<sup>24</sup>

A familia do Exmo. Sr. José da Cunha Freitas Oliveira de Alemparte, de reconecido ringo-rango en Portugal, por ser de nobre e antigo abolengo, unha vez que se espallou por toda a súa Patria a praga dos carbonarios, postos en pé de guerra polo Goberno da República, tivo que fuxir, como que di, a uña de cabalo, e meterse eiquí, na Galicia, pois a tal familia era perseguida e vixiada de día e de noite, por ser monárquica *retinta*.

O tal Sr. José da Cunha, por mor dos carbonarios, encomenzou a coller o mal da persecución, i o mesmo lle pasou á súa respeitabre señora i ós *dois meninos* que tiñan. Xa estando na casa como fóra dela, andaban decote ollando pra atrás. Unha sombra, un barullo de nada, que mesmo podía ser dun rato; calquer cousa que fora, era o bastante pra que se lles figurara que tiñan diante *ao carboeiro*.

Cando fungaba o vento, nos días de treboada ¡meu Dios! aquilo era rebentar a rir, pois tremían como unha variña verde. Tanto de día como de noite, sempre estaban, ou o pai ou un dos *meninos*, detrás da porta, dreito e cun trabuco vello, cheo de ferruxe, que trouxeran da súa terra, cargado con area, cabezas de alfiler (deses chamados *matamaridos*) cascas de anoces e unha manada de *bagatelas* semellantes.

Cando chamaban á porta, xuntábanse detrás dela todas as persoas da familia, cada unha cun pau ou co que alcontraban a xeito; i astra a criada saía da cociña, coa vasoura enristrada.

O pai era o que ollaba pola racha da porta, e como, xeneralmente, sempre era a muller do pan, a leiteira, a vendedora do peixe ou calquer outra visita polo estilo, decía o Sr. de Alemparte:

—*Descançar armas!*

Pro cando viña o carboeiro, entón si que era ela: alí ardía Troia polos catros costados.

—*Quém vem lá?*

---

<sup>24</sup> Neste relato, os fragmentos en español e portugués preséntanse como no orixinal.

–O carboeiro.

–*Oh, minha gente, ah! valentes, cara fera contra o inimigo: ás armas! Apontar!*

E todos se poñían de cara fera, tesos e rixos, que mesmo asomellaban *guardinhas*.

E como se tiveran diante a Teófilo Braga con cincoenta carbonarios, esperaban a que o Sr. José da Cunha Freias Oliveira de Alemparte dira a orden de *fogo!*

E... alí aparecía, ó millor, o carboeiro de Conde e Ojea, coa cesta do carbón ó lombo!

–*Bom, minha gente, valentes: arrumar armas!...*

Todos deitaban as armas ó chan e desfilaban, menos o *menino* a quen correspondía *ficar* de centinela detrás da porta.

\*\*\*

Rapazas pra o servico da casa, non se diga. Foron unha ducia delas, polo menos, as que pasaron por alí durante un mes. Prá familia do Sr. José da Cunha todas estaban complicados cos perseguidores, cos *carbonarios*.

Xa tivera esta familia criadas de tódalas crases. Asturianas, valencianas, manchegas, catalanas, portuguesas, francesas... o diaño. A unha galega despedírona, porque falaba pouco e metéuselles na cachola que todo o empetaba pra si, con intencións carbonarias. ¡Malpocadiña! Era unha infeliz.

A outra, aragonesa, chimpárona fóra, porque falaba forte, defeuto da lingua da súa rexión, e ademais, porque, como a viron falar cun mozo que eles coidaron que era portugués, decían:

–*Oh! Esta sopeira não convem, não; há que pol-a na rua; se grita tanto, é porque se entende con elles, os negregados carbonarios.*

E á derradeira, dixeron:

–*Vamos tomar uma andaluza, que as andaluzas tudo cantam, por não saberem guardar segredos.*

E foi unha andaluza prá casa.

\*\*\*

–Pue zeñó, me he metío en er primé fregao. Vaya una jaula e griyo que me he encontrao pa freime la zangre. Zi mi morenito zupíá aonde etoy metía, menuo dolor e tripa que le iba a da e tanto reí. ¡Qué tíos ma azule y gracioso que me he cargao! Pue, zeñor, con eta genceciya, pacencia y má pacencia.

–*Oh, Suspiro; vossemecé, hoje, vae fazer o caldo gallego, que ha ja muitos dias que o não temos, e o D. José da Cunha gosta muito dele.*

–Mi zeñora, lo que uté disponga.

–*Olhe, vossemecé vae agora ao mercado, mas, note bem, que isto aquí está tudo cheio de carbonarios...*

–No tenga uté cuidiao, zeñora.

E a señoira saille coa cantiga con que lle saía a todas:

–*Vossemecé, se se portar bem, desde que vença a monarchía irá comnosco para Portugal, e lá, no nosso chalet, não lhe faltará nada.*

–Pues ojalá venza la monarquía. ¡Viva don Manuel!

E ouviuse rosar en toda a casa.

–Vivaaa!!...

¡Que sorte tiña a boa da Andeluzá; caíra alí como un ánxel! Todos eran a arregalala.

O D. Xusé foi a toda présa á pratería, e tróuxelle uns pendentés. A señora deulle un traxe de cola, porque agora lévanse apertados ás canelas. I os *meninos* regalábanlle mil trapalladas, amén dalgunha que outra aperta ás fuxidas.

E decían todos elos:

–*Emfim! Já demos com uma sopeira: esta sérve-nos, sim senhor: é patriota.*

–*Viva a Suspiro!...*

–*Viva!!...*

A señora decía ó seu marido:

–*Eu, meu José, agora sim que respiro; com as outras sopeiras andávamos vendidos.*

–*Tens razão; parecíamos todos embuxados!*

A Suspiro, que estaba ouvindo isto i era moi lagarta, dixo a este punto:

–*Bom, pois Sospino, vossemecè vae «á la prasa».*

–*(¿Otra vé?) ¿Y qué traigo?*

–*Pois traga carne, coelhos, galinhas, pombos, doces para a sobremesa; e veja se ha ervilhas e...*

–*¿Qué má?*

–*Pegue lá.*

A Suspiro ergue a mau pra pegar.

–*Oh! Suspiro, entenda, percebe: aqui tem o dinheiro...*

–*¡Ah! Mu bien; crei que andaba ahí algún carbonario, y yo no me dejo pegá por ningún gachó de ezo.*

–*Pegue pois 5.000 reis.*

–*(Que güena gente yevo en la mano).*

–*Traga também presunto.*

–*(¿Que azunto será eze?) ¿Y zi de ezo no hay?*

–*E perciso, para dar gosto ao caldo.*

–*Pero, zeñora...*

–*Traga, un real.*

–*Pero ¿y zi no la arcuentro?*

–*Vossemecé o encontrará. Deite-lhe o real. Arranje á sua vontade: deite-lhe o real.*

–Güeno ya arreglaré. (Bien decía yo que éte é un lío que ni María Zantízima lo entiende: aelante con lo farole y zarga como zarga).

–*Bem, fico tranquila, pois confío na sua habilidade, Suspiro.*

–Uté y toa la familia, ya pueen está tranquila, ya. ¡Hata luego! Dezeguía etoy de güerta.

–*Até logo, Suspiro.*

\*\*\*

–*Meu José* –di a señora ó seu marido– *a Suspiro vae agora á praça, e hoje vamos tomar o caldo gallego de que tanto gostas.*

–*Bom; quando sejam horas de jantar, chama-me. Vou escrever para Inglaterra, ao nosso Dom Manoel.*

–*Dalhe lembranças minhas.*

–*Não me esqueço.*

\*\*\*

Xa está a familia da Cunha xantando, e todos moi satisfeitos, porque están convencidos de que teñen a grande criada, ou *sopeira*, como eles lle chaman.

Todo se volven contos e comentarios en favor da andeluzá.

Vén un prato prá mesa:

–*Muito bem!*

Vén outro prato:

–*Muito bem!*

Pro vén o caldo gallego, que tanto lle gusto ó *fidalgo D. José da Cunha*... ollan todos prá s tazas, cheiran e din:

–*Oh, que bom! Foi feito com mão de mestre.*

A señora mete a culler; toma unha vez, dúas, tres... *Muito bem!*

Pro toma a cuarta ealcontra un can gordo. Sin que naide a vexa, gárdallo no bolso.

Todos camían a unha, satisfeitos do caldo, sobre todo o *D. José da Cunha*, que refregaba os bigotes e excramaba:

–*Oh, que rica andaluza! Esta é que dá a conta!*

Pro de golpe, mete na boca unha cullerada de caldo, e saca un can gordo.

Cuasque ó mesmo tempo, un dos *meninos* saca un can pequeno.

–*Mais que é isto, María Rita?*

–*Que é iso!*

–*Eu encontrei um vintem, e o Joaquim dez reis!*

–*Oh minha mãe, eu dez reisinhos!*

–*Ah, meu José, e eu outro vintem!*

–Oh, meu Deus, ja tamen a andaluza está com os carbonarios!!!  
 –Chama a sopeira.  
 –Oh, Suspiro, venha cá.  
 –Vossemecé que fe sora buissa?  
 –Pues yo, ná.  
 –Vossemecé quiz envenenar-nos, so... sem vergonha!  
 –¡Yo!... Cuidadiyo con la lengua.  
 –Pois a minha María Rita encontrou no caldo um vintem, o menino dez reis e eu outro vintem; como se explica isto, Suspiro?  
 –Pue, zeñó, ezo memo me ordenó la zeñora.  
 –E' certo, María Rita?  
 –Eu, meu Deus?... Jesús!!! Jesús!!!  
 –Zi, zeñó; me dijo que bucara un azunto en la plaza, por un real, y zi no lo arcontraba, echara el real al cardo. Azina lo hize; azí que no le veo la punta al dirguzto.  
 –Qué diz?  
 –Pue, zeñó, no hay ma. Como eta (xurando) y por la lú que me alumbra, que, como no arcontré el azunto, eché al cardo la carderiyá.  
 –Oh, Senhor, isto não é viver! *Qué terrível conspiração contra nosco!!*

XAN DE NINGURES.

Vigo.

### O célebre ‘Popó’

Aló en Redondela, que din terra dos chocos, vivía fai anos un múseco, conecido oito legoas á redonda polo sobrenome de *Popó*: home de alegre caraute, algo amigo dunhas groladas de morapeo, pro honrado a toda proba, e, sobre todo, unha *eminencia* tocando o *baixo* na múseca.

Tocaba o nomeado *Popó* en cantas charangas *se armaban*, xa en Redondela ou nas parroqueas comarcanas, pois era o *Popó* un deses artistas que sole haber nalgúns pobos, *tipos obrigados* dos que non poden priscindir facilmente os compañeiros *de harmonía*.

Nunha ocasión, tiña que ir tocar a charanga á que pertencía o *Popó* a Quintela, aldea pertiña de Redondela, e, a poucos pasos da vila, aló na congostra do demo: un deses camiños fondos, de mil reviravoltas e negros como a boca do lobo.

O *Popó* poñía mil e un tropezos pra saír da súa casa, pois decía que tiña que saír cuasque de noite e que ó pasar pola carballeira das monxas do convento, temía lle poideran dar o alto.



Non iba descamiñado: entón andaba por alí unha desas comparsas *antediluvianas* de xitanos, que, como todas as do mesmo pelaxe, son amigas íntimas do alleo.

Decíase que daban atraco de noite e que roubaban anque fóra por un *chicote*.

A verdá é que esas comparsas que din pouco en favor do país de onde sexan, debían estar abolidas xa fai tempo.

Pro imos ó caso.

O Popó tropezou co seu amigo Tubío na víspera de saír pra Quintela, i escomenzaron a faguer conversa respeito á saída que o Popó traía estranoitado, pensando como había de pelexar cos xitanos.

Díxolle o amigo:

–¿E ti tes medo, Popó? Parez mentira, ti que sempre fuches un valente. Bótalle o ¡jei carballeira!

E contestoulle o Popó:

–Home... medo... non... Pro has detere presente que xa vou vello, teño fillos, muller... e xa ves.

–Pois, mira: entón leva unha arma.

O Popó sorriuse, e reprecou:

–Non che son partidario de andar con armas: non teño premiso pra levalas. E é máis ¿parezche pouco o baixo?

–Tes razón. ¿E se che dan o alto?

–Pois... ¡doulle o baixo!

XAN DE NINGURES

## JESÚS REY ALVITE

### Datos biobibliográficos

Descoñécese a data e o lugar de nacemento de Jesús Rey Alvite. É probábel que nacesse en San Lourenzo de Agrón (Ames) en 1878 e que fose un mestre e xornalista vinculado á cidade de Santiago de Compostela. No xornal bonaerense *El Eco de Galicia* publicou un artigo sobre o libro recompilatorio de contos *Veira do lar*, de Heraclio Pérez Placer. Colaborou en xornais da época como *Revista Gallega*, *El Eco de Santiago* ou *Suevia* e publicou *D. Rafael M. de Labra: estudo biográfico* (1911), *Año Santo de 1920. El jubileo plenísimo del apóstol Santiago y las peregrinaciones arciprestales* (1920) e *El arma de caballería española y su patrono el apóstol Santiago* (1935), entre outras obras. Foi membro non numerario da Real Academia Galega e morreu en 1941, na estación do ferrocarril de Portas.

### Comentario dos textos narrativos en galego

En galego, asinou o conto “¡Que traballe...!”, que apareceu publicado no *Almanaque Gallego*, de Manuel Castro López, e que comeza coa dedicatoria a “Raimundo López Pol, antigo compañeiro d’a escola, concexal do Auntamento santiagués”. A modo de subtítulo infórmase que “o conto ten máis de hestóreco que de fantástico”. Trátase dun relato moi actual no que se reflicte unha situación non allea a moitas familias aínda no século XXI, como é a perda de traballo do pai de familia, así como a dificultade de atopar outra ocupación. Destaca nel o protagonismo outorgado á personaxe feminina, sobre quen recae o conseguir, grazas ao seu traballo de costureira, o pouco sustento do fogar, así como a crítica a certos representantes do clero que superpoñen a relixiosidade á humanidade.

## ¡Que traballe...!

*Pró meu bon amigo Raimundo López Pol<sup>25</sup>,  
antigo compañeiro da escola, concexal do Auntamento santiagués.*

(Conto que ten máis de hestóreco que de fantásteco)

A fame, coas súas tristuras i os seus esconsolos, azoroñaba dabondo a cas de Xaquín, o escribente, noutro tempo chea e farta.

Agora non tiña traballo. Tiráranllo, sin el mesmo sabelo porque, botando fóra da oficina na que xa levaba moitos anos.

Era unha vítima máis do entrés dun xefe sin entranas nin concencia, desos que, tendo eles moita fartura, pouco lles importan as negruras dos fogares onde sealcontran os obreiros honrados e traballadores.

Na cibdade ó noso home non lle daban praza como tal prumista, porque tódalas portas onde el chamase pechábanse, e macha martelo, escoitando decote a trécola de que estaban tódolos siteos cobertos.

Un día e outro corría as rúas do pobo na escolca do traballo, pro sempre sin resultado algún.

Xaquín cando neno, non adeprendera un oficeo desos que teñen á présa ocupacéon: era un prumista; mellor dito: un desgraceado.

A súa traza de señorito i ademais as insinanzas adequeridas na carreira de crego, que houbo deixado, non porque os bacuriños lle comesen os libros e si porque o seu carauter non se aviña ben a somellar cousas anemigas da súa maneira de pensar, dábanlle certo creto antre os compañeiros, quenes alababan dabondo, non só as súas condicións de afabilidade, si que tamén as súas de sabenza.

Tiña, pois, prós amigos e persoas conecidas esa cousa falangueira que a sociedade dou en chamar *viso de listo*.

Era Xaquín moi querente do traballo... mais cando lle faltou, xa non lle viña por lado algún.

Os días corrían coa présa que leva o vento: semán empezada, semán rematada.

Pra Xaquín i a súa muller non había sábados. Tódolos días eran igoales. Non había o xornal que o home, agasalleiro, leva para súa compañeira e prós seus filliños ó termo da semán.

En cambio tiñan deodas e máis deoadas, que son o martelo con que se crava o curazón das persoas que desexan comprir e non poden por falla de medeos pra elo.

As primeiras necesidades do fogar ibas cobrindo, si ben con pouca fartura, o traballo da muller de Xaquín, quen, de contra, faguía o caldo e coidaba dos tres rapaciños.

---

<sup>25</sup> Alcalde de Santiago de Compostela entre os anos 1931 e 1934.

Ela, que era costureira, consumía os seus folgos dándolle a roda da máquena e movendo a agulla con máis presa que un tren, e, polo tanto, no seu calendareo non había domingos nin festas de garda. Tódolos días eran igoales pra traballar, e xa houbera moito en qué.

Reclamábao así a miseria que os azoroñaba, e, ademais, os berros dos rapaciños pidindo pan cravábanlles a ialma cuns espetos moi longueiros e moi aguzados.

A infelis muller traballada decote, xa que ela podía faguelo.

Unha mañán, querendo comprir cos preceutos da Igrexia, deixou moi cediño o leite e dirixeuse a Catedral, póndose de xionllos diante dun confesor.

Cando lle dixo que ela non tiña no seu calendario domingos nin días de festa pra deixar de traballar, xa que na súa cas había ben tempo que non chegaba pola porta o xornal do home por alcontrarse desempregado e os tenros choros de tres rapaciños reclamaban pan, o bon do crego, saltando no seu asento, rifoulle de tal maneira que puxo á probe da muller acongoxada e sin folgo, botándolle na casa a súa pouca relixiosidade, e, berrando como un desaforado, exclamaba: ¡Que traballe o teu marido!...¡Que traballe... pois da folganza non veñen máis que vicios!...

E como ela lle contestase que o seu compañeiro non era o colpable de non poder traballar e si a fatalidade da súa sorte que non lle quería precurar o que el sabía faguer e deseioso esculcaba tódolos días pro sin alcontralo... –¡Que traballe!... –repticaba cada vez máis enfurruñado o bon do menistro do Señor–¡Que traballe!...

–En que, padre?–diciá ela, moi chorosa e triste.

–¡Nada, nada; que traballe... Ti non debes condena-la túa ialma!...

Adícalle os santos as festas de garda e mailos domingos!...

I estas palabras, ditas de maneira tan pouco humanitarea por quen debían levar o curazón afrixido daquela probe muller algún consolo, xa que ós seus pés fora na esculca do bálsamo saludabre, da fe, cando llas refireu ó seu compañeiro de crus, non poideron por menos de revolverlle a este as súas creencias relixiosas, murchadas un pouco polas moitas ruindás e feros tragos conque, decote, nos atusiga a humanidade.

Pro, pasado o primeiro momento, no seu nobre curazón non fixeron mella.

A lixeireza daquel crego, falando así, sólo representaba un auto de iñoranza e de arraigado fanatismo...

¡Que traballe!...¡Que traballe!...

E mentres tanto á infelis parexa enrédabase cada vez máis nas fortes e incrementes cadeas da fame, tendo solo prós seus filliños a fartura de moitos bicos, envoltos no amargexo de feras bagullas...

JESÚS REY ALVITE.

Santiago, Julio de 1912.

## ADOLFO REY RUIBAL

### Datos biobibliográficos

Adolfo Rey Ruibal naceu na Coruña en 1867 onde estudou Peritaxe Mercantil e acudiu á Escola de Belas Artes. Pronto emigrou a Bos Aires, onde se sabe que traballou no sector comercial. Colaborou habitualmente en xornais da época como *Galicia Moderna* de Pontevedra ou *Follas Novas* da Habana. Foi socio correspondente da Real Academia Galega. Finou o 9 de novembro de 1923.

### Comentario dos textos narrativos en galego

En galego, foi autor de “¡Soliño!” (1897), composición poética que Carré Aldao (1903) recolleu na súa antoloxía, amais da balada, “Queixas”, cantada polo Orfeón Galego Primitivo o 29 de maio de 1899 e con música de Egidio Paz Hermo. Asinou co pseudónimo “Fol de Gaita”<sup>26</sup> o relato “O tesouro do tío Chas”, publicado inicialmente no *Almanaque Gallego para o ano 1900* e reproducido posteriormente no número 614 (10 de novembro de 1908) en *El Eco de Galicia* de Bos Aires.

“O tesouro do tío Chas” publicouse no *Almanaque Gallego para o ano 1900*, de Bos Aires e foi posteriormente reproducido no número 614 de *El Eco de Galicia*, da mesma cidade, con data 10 de novembro de 1908. Trátase dun relato dividido en dúas partes, no que un narrador testemuña presenta a historia que xira arredor da figura dun vello da aldea de Peteiro (concello de Bergondo). Na primeira parte, unicamente se describe ao protagonista, que algúns “tiñano por tolo” e “outros por comenenciudo”, pois parecía que se aproveitaba da xente para obter esmolos. O desenvolvemento dos feitos acontece na segunda parte, cando anda pola aldea o rumor de que o vello ten cartos. Ao enfermar, chama por un veciño e confésalle que ten o diñeiro gardado e que será del unha vez que morra. Tal foi o trato que o veciño “lle adiantou a morte” e ao abrir a hucha descubriu o engano cando leu a nota que o tío Chas deixara: “¡¡Amolarse!!”. A anécdota do humor impónse como unha sentenza en ton moralizante e reflecte a miseria no marco dun panorama de avaricia que leva ao delito.

---

<sup>26</sup> Co nome “Fol de Gaita” tamén apareceu asinada a composición “O boi e a ran”, *O Tío Marcos d’a Portela*, parrafeo 49, 21 de febreiro de 1919.

## O tesouro do tío Chas

### I

Fai... non sei cantos anos, días mais ou menos, conocín no lugar de Peteiro (auntamento de Bergondo, por si lles convén sabelo) un vello labrego que lle chamaban *tío Chás*.

Anque xa levaba un feixe de xaneiros ó lombo e tiña as guedellas brancas como a lan, era teso e dereito como un carabullo de toxo (cando o carabullo non é torto). Nunca puña camisa senón os dous días da festa, e andaba decote co peito ó aire; un peito escuro i encerellado como as silveiras das corredeiras. As cirolas, tan cheas de buratos que parcían criba, deixaban ver o pelexo curtido, i ás veces o que a vergoña manda arrecadar; a monteira era do ano oito, e a chaqueta un bandallo de farrapos e remendos.

Vivía o tío Chas nunha chouza feita cunhas caínzas cubertas de ramallas e restrevas no medeo dunha fraga; chouza tan cativa que asemellaba a cova dun porco-teixo; e tiña por todos trebellos palla pra deitarse, unha pedra por tallo, unha hucha pequena craveteada de tacholas e chea de fechaduras, e parte do cu dun xerro pra beber por el.

Uns tíñano por tolo, outros por comenenciudo; e un sobriño do crego, que estudiaba en Compostela, i era raparigo sabido, decía del que era feito do mesmo pau que certa clas de filósofos que houbo nos tempos en que os dioses toleaban tamén i eran tan pillabás como os homes.

O certo é que o tío Chas, sin dono que servir, fillos que manter, nin can que lle ladrarse, comía e bebía por catro e folgaba por unha ducea, pois pedichando acó unha codia, aló un xurelo, acolá a pataquiña da borralla e máis adiante a cunca de caldo, iba vivindo con certa fartura e sin magoa-lo corpo, porque eso de sachar, arar ou montea-lo millo non era feito pra el.

Ademais, como tiña un aquel prós contos e bailaba a muiñeira con tódolos repinique e reviravoltas dos nosos tataravós, non había bautizo, casoiro e festa ou sitio onde correse un xerro en que o tío Chas non se atopase. Somentes cando a xente andaba maina e friolenta pra dar limosna e o corpo lle asubiaba de baldeiro, iba entón o labrego con recadiños prá vila de Sada, pastaba nos cómaros o gando dos veciños, ou facía choios de pouco folgo pra que non lle crebaran a espiña.

### II

Non se soupo como escomenzou a correr na aldea que o tío Chas tiña peto; e fora leria fora verdade, o certo é que cando lle falaban do asunto chuscaba os ollos rindo por toda resposta.

Así pasou unha farta de tempo, astra que sintíndose tan valorento i esmiolado polos anos que non se podía pór de pé, fixo chamar un veciño pra pedirlle que o levase con el, pois atopándose xa excrequenado e ventando a cova, tiña medo de morrer

esquencido na fraga como un can tiñoso. Confesoulle ademais que gardaba na hucha certos cartiños aforrados que lle deixaría en herencia, pois pra os poucos días que lle quedaban de folgo non era tempo de andar con máis finximentos.

O veciño cerrou o trato, máis por cobiza que por caridade, e doulle ó tío Chas tantas cuncas de caldo arreo e compangos de macallán que coa fartura lle adiantou a morte. Unha mañán amaneceu o labrego engurriñado e sonando a choco como se fora de pau i aínda o morto estaba na casa cando o herdeiro esfondou a hucha en percura do peto.

¿Cartos?... nin cheiro deles había, senón unha monteira vella de picote, a camisa das festas e unhas cirolas ben gastadiñas, i envolto entre catro farrapos de porra un cañoto de folla de lata de licenciado, cun carabullo queimado, decía: ¡¡ *Amolarse!*!!...

Outro era o terno; pero viña a dalo mesmo.

O sobriño do crego, que soupo o caso, botoulle o responso e fixolle a ouración dos funerás, cando levaban ó tío Chas ó camposanto, en dúas palabras:

Filósofo?... ¡¡BOHEMIO!!

FOL DE GAITA.

Buenos Aires, setembro do 99.

## MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

### Datos biobibliográficos

Pouco coñecemento se ten da biografía de Manuel Rodríguez Rodríguez, quen naceu na localidade ourensá de Viana do Bolo a finais do século XIX. Despois de cursar a carreira eclesiástica no seminario de Astorga (non chegou a se ordenar), sábese que estudou Maxisterio e comezou a licenciatura de Dereito, que non puido rematar por mor da cegueira<sup>27</sup>. Foi autor de tres volumes sobre a gramática das linguas galega e castelá: *Estudio clásico sobre el análisis de la lengua española* (1891), prologado por Alfredo Brañas; *Origen filológico del idioma gallego. Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la Crónica Troyana* (1898) e *Origen filológico del romance castellano. Disertaciones lingüísticas sobre los primitivos documentos de nuestra literatura patria. Fuero Juzgo. Su lenguaje, gramática y vocabulario* (1905), dedicado este último a Gabino Bugallal, no que se inclúen dous textos preliminares de José María Ruano e Ricardo García. Segundo se afirmaba na prensa da época<sup>28</sup>, atopou en Ángel Longa uns “ojos auxiliares”. Faleceu en Santiago de Compostela o 3 de maio de 1908.

Un mes despois da súa morte, a publicación *El Eco de Galicia* de Bos Aires abriu as súas páxinas cun texto laudatorio, sen asinar, aínda que probabelmente escrito polo seu director e propietario Manuel Castro López, no que se daba noticia da morte e se recollían algúns datos da súa biografía. Nese artigo sinalase que Manuel Rodríguez Rodríguez traballou como xefe de Facenda; que deixou inédito un tratado sobre pedagogía, unhas memorias e uns xuízos sobre o aparello que inventara para escribir; exerceu como publicista e que, por este labor, foi nomeado encomendador ordinario da Orde de Afonso XII. O mesmo número deste xornal acollía unha breve carta de Heraclio Pérez Placer dirixida ao alcalde de Viana do Bolo e datada en Compostela o 5 de maio de 1908 na que, en nome da colonia ourensá residente en Santiago de Compostela, lle pedía ao rexedor que lle concedesen ao finado unha sepultura no municipio, por ser este o seu último desexo manifestado, comprometéndose eles a custear o traslado. Tamén acollía esta publicación un breve artigo, titulado “En la muerte del maestro y del amigo entrañable. D. Manuel R. Rodríguez”, de Jesús Rey Alvite, asinado en Compostela o 6 de maio de 1908, e

<sup>27</sup> En relación cos seus problemas de visión en 1903 conseguiu privilexio de invención pola creación dun instrumento que denominou *Regla movable para la escritura de ciegos*.

<sup>28</sup> En 1908, no xornal *El Eco de Galicia* de Bos Aires, Avestino asinou un artigo titulado “Suelo sagrado” no que se sinala que Manuel Rodríguez Rodríguez “quedose en noite perpetua debido á a perda de la vista”; neste mesmo texto, faise referencia á evolución das linguas, aos estudos filolóxicos e ao labor de Manuel Rodríguez como gramático, citando algunha das súas obras.



algúns fragmentos, tirados de distintos xornais galegos, de noticias sobre o óbito do gramático ourensán.

No primeiro número do mes de agosto de 1908 de *Aires d'a Miña Terra* apareceron un poema de J.M. Riguera Montero, titulado “A la memoria de mi inolvidable amigo el ilustre ciego Rodríguez”, e un artigo de Jesús Couto Fernández, “Don Manuel Rodríguez y Rodríguez”, no que, entre outras cuestións, recolle algúns parágrafos do texto preliminar, “Dos palabras al lector”, que Ricardo García escribira para a obra *Origen filológico del romance castellano*. Tres meses máis tarde, Leandro de Saralegui y Medina publicou un traballo, que comeza coa dedicatoria *Para la corona fúnebre literaria del ilustre escritor gallego D. Manuel Rodríguez y Rodríguez*, no que loa o seu labor como lingüista.

### **Comentario dos textos narrativos en galego**

Manuel Rodríguez Rodríguez é autor dos textos narrativos en galego “Os biscoitos do crego”, publicado por entregas en *La Voz de Mondoñedo* durante o ano 1907<sup>29</sup>; “A voda do Grilo” (*El Eco de Galicia*, n.º 569, 10 de agosto de 1907) e “A pantasma”<sup>30</sup>, os tres referenciados por Couceiro Freijomil (1951-1953) e por Carballo Calero (1981), coas imprecisións cronolóxicas e clasificatorias que destacou posteriormente Hermida (1995). Malia o dito, “A pantasma” segue a ser o único destes tres textos que aínda se descoñece<sup>31</sup>. Así mesmo, convén sinalar que do relato “Os biscoitos do crego” se realiza aquí unha edición parcial, xa que a imposibilidade de consulta de varios exemplares de *La Voz de Mondoñedo*, publicación na que foi publicado, impiden ofrecer o texto completo.

Tanto “Os biscoitos do crego” coma “A voda do grilo”, textos aquí reproducidos, comparten características comúns, tales como a temática costumista; a estrutura tripartita en presentación, nó e desenlace; a ambientación rural; o ton humorístico; as referencias metaliterarias á literatura oral; o uso dunha linguaxe popular e coloquial e a contraposición dos personaxes a través da súa posición social. Así mesmo, en ambos os dous pódese albiscar un fondo de crítica social, de denuncia das desigualdades das persoas segundo a súa condición socioeconómica.

<sup>29</sup> A primeira entrega aparece no número 205, que saíu a lume o 23 de febreiro dese ano.

<sup>30</sup> A primeira noticia da súa publicación aparece no número 599 de *El Eco de Galicia*, publicado o 10 de xuño de 1908, a través dun editorial laudatorio á figura de Manuel Rodríguez y Rodríguez con motivo da súa recente morte e a súa relación coa publicación.

<sup>31</sup> Carballo Calero (1981) informa da súa publicación en *El Eco de Galicia* no ano 1907, unha noticia que resulta coherente coa nota editorial que sobre a vida e obra de Rodríguez Rodríguez emite o xornal o 10 de xuño de 1908.

Correspóndense cunha mostra de literatura limitada pero con certa calidade. Ademais constitúen unha demostración dos coñecementos, opinións e criterios dun protagonista fundamental da Gramática galega de comezos do século XX, como foi Manuel Rodríguez Rodríguez, reflectidos paratextualmente nas notas a rodapé nas que se fan aclaracións lingüísticas ao léxico, disquisicións historiográficas sobre os usos ortográficos ou comentarios sobre o contexto cultural e literario da época.

## Os biscoitos do crego

Episodio histórico por D. Manuel Rodríguez y Rodríguez

Primeira Parte

Dedicada al Historiador Gallego D. Celso G. De la Riega

UN CONTO QUE NON É CONTO<sup>32</sup>

Vouvos a contar un contiño de catro rapaces de bon dente sentados á beira dunha xarra con tres netos de viño de Valdeorras<sup>33</sup> dunha fonte de peltre con tres cuarterois de bizcoitos cedizos: a verdade sea dita eu nos vos son, abofellas, nada amiguíño de contos; mais como quer que andan ó redor de min uns cantos moscós dándolle carraca e tormento ás miñas orellas e tirándome do farrapo do meu futraque e máis facéndome cóxegas nos xionllos pra que lles conte un conto, aló vai el: si queredes rir, rídevos con

<sup>32</sup> En este cuento, o más bien episodio histórico de mis queridos amigos y vecinos, me propuse que la relación dialogada sea bilingüe, porque hay personajes en ella que por su estado científico-social, parece lógico cultiven más bien la lengua castellana que la gallega.

En cuanto al lenguaje gallego que empleo en la referida narración histórica es el de uso corriente en las cuatro provincias de Galicia, salvo algunas palabras subrayadas que son propias del país de los interlocutores; por lo demás he decidido extirpar de él toda palabra espuria, híbrida y bárbara: si no es gallego *enxebres* el lenguaje que empleo al menos abrigó la convicción de que no se hallará en él una sola voz extraña a los léxicos que poseemos.

Respecto a la ortografía, he tenido por conveniente adoptar la de la Academia de la Lengua Española.

Prescindo por completo del apóstrofe, que solo empleo para deshacer la anfilogía y para colocar las sílabas *que qui* cuando van aglutinadas con otras palabras perdiendo la *e* y la *i* y seguida de la *w* de las vocales *e i*.

También prescindo por completo del empleo del guiño de enlace, pues semejante palote horizontal tan solo debe emplearse para dividir las sílabas en fin del renglón.

Omito también en absoluto el empleo del acento grave ó que tuerce la cabeza a retaguardia, y ¿qué diré del cucuruchito, monterilla o acento circunflejo? ¡fuera también con él!

Convencerse que el abusivo empleo de estos signos es asaz pedantesco, porque si se colocan todas estas antiguallas entre los vocablos gallegos para hacer notar a las personas ignorantes la concurrencia de alguna figura, es gastar pólvora fina en caza de gorriones, por que no lo entienden y los eruditos bien saben donde está el *busilis* por la inteligencia del concepto gramatical. En cuanto a las letras de pronunciación abierta y cerrada, también las hay en el idioma castellano, y no se emplean tales despojos de las lenguas muertas para distinguirlas porque basta el concepto del idioma para la perfecta inteligencia de las figuras y pronunciación de los vocablos de tal índole.

No me extraña que mis observaciones literarias caigan en *saco roto* para la mayoría de los escritores gallegos, por que son verdades sentadas por otro gallego aunque expone basadas en sólido pedestal y de la manera más tangible la verdad de su concepto. (Todas as notas dos relatos deste autor pertencen ao mesmo, agás que se sinale o contrario).

<sup>33</sup> Los nombres geográficos no deben adulterarse; aunque algunos naturales del país digan *Valdeorres* el uso corriente es *Valdeorras*; y máxime cuando la lengua oficial lo emplea así. Con que la *j* en gallego tiene el sonido de la *x* francesa, transíjimos, aunque de mala gana, que se halla substituido la *x* por la *j*; pero los que ignoran el valor de la *j* gallega le atribuyen el valor de la *j* castellana, lo cual es necesario evitar, vgr.: *punxeiro* – *punxeiro*, *ardejaje* – *ardexaxe*, *frejido* – *freixido* etc.; pero, ¿porqué se ha de castellanizar *afrojais* – *afroxais*, diciendo *frojanes*?, ¿porqué en lugar de *Vilorio de bouso* se ha de castellanizar con el postizo nombre de *Vilarino de bouso*? Caprichos mal entendidos.

forza, e con ambas maus nas illargas astra estresillároos e se queredes chorar, chorade, astra que vos “lleguen las lágrimas hasta el riguieiro” como falan os do Porto.

### Na praza de Viana do Bolo

Nunha ocasión estaban xuntos na praza de Viana do Bolo catro *silvantes* de catro rapaces, despois de tocar D. Pascual de Quintela a melodía; xa xantaran, e estaban limpando os dentes tomando o sol á porta de D. Facundo, cando, neste, viron pasar un home arreando un face, cargado con dous pelexos: un dos catro, que lle chamaban Emilio e que sempre falaba castelán, díxolle ó arrieiro:

–Buen hombre ¿qué lleva V. en esa caballería?

Deu volta o home e cos dedos nos beizos quedoulle mirando como unha estantiga, sin dicir nada.

–¡Conteste posma! Dixo con gravidade o señorito.

–¿Qué contienen esos pellejos? Prós seus adentros barballoaba o home da besta

–A estes cas de perdices chegoulles o cheiro do viño ¡pobre de min! e tanto como mencargou o amo que non me visen estes marraos de Viana.

–¿Qué lleva, hombre, que lleva en esos pellejos?

–¡Xooo! ¡burra! Mal año para mis mulas, pois... ¿non se me escapa a besta? ¿non vai xa á porta do Xarelo? ¡Recoiro! Fútrome en min mismo. Maos... coma foi de...<sup>34</sup> ¡Xooo! ¡besta! ma rabia me non coma se non vai tirar cos pelexos.

## II.

### Na costa de “Quintela do Panda”

Marcharon os rapaces e todo foi ben, namentres chegaron á ponte do “Cabo da Vila”; mais en canto empezaron a subi-la costa de “Quintela” sudaban como madeixas na colada.

Miguel, que tiña cara de zorra e iba diante ríndose daquelas postras, dixo:

–¿Canto me dades e tráigovos a todos ás *cabaliñas*?

–Anda ¡pata! anda; toda esta culpa tivéchela ti.

–Vaia ¡*congro*! Eu xa non podoo máis, dixo Martín, este é prás cabras, canto mellor fora estar tomando sol na praza de Viana, que non vir a creba-lo corpo por esta costa do demo.

---

<sup>34</sup> “Así es como se expresan nuestros labriegos en su mayoría; el presente pasaje es un verdadero espejo en que deben mirarse algunos ilusos que van a buscar el gallego *enxebres* en boca de la gente agreste y montaraz, en donde no encuentran sino palabras bárbaras y soeces, llega a su colmo la estulticia de algunos versificadores quienes se visten de *cirolas*, *monteira labrega*, *zapatos de cordobán* y adopt (...)” Esta nota ao pé debe permanecer aínda incompleta, pois continúa no número 207, de difícil localización, de *La Voz de Mondoñedo*. (Nota dos editores)

–Andade, rapaces, correde, decía Miguel na cima da costa, D. Pascual ten tempo abondo de bebelo antes que cheguemos a olerlle a livita. Subide, sapos, subide.

Subiron os coitados dos rapaces como poideron e tan pronto como estiveron na cima da costa tiráronse a rangalleira tan longos comeran debaixo dun castiñeiro, limpando pingo e botando os bofes pola boca; estonces levantouse Martín e dixo: ¡congro! non volvo a vir a Quintela anque me den pra un burro.

O que falaba castelán marmurou:

–¡Caramba! la cuestecita es una perla que ya, ya, vaya un ejemplar o *prepito*<sup>35</sup> como dicen por acá.

Xan era máis duro, pero asina e todo bufaba como un touro e regañaba os dentes como un can de palleiro e, ó cabo dalgún tempo, barballeou:

–Fumos uns burros subir esta costa pra nada; pero a colmea de D. Pascual hánolo de pagar todo.

O Miguel subeuse ó castiñeiro e marmurou (prós seus botós).

–Estes pastrás vanse a dormir aquí; deixa que os hei de mollar.

O que falaba castelán dixo, collendo unha lágrima de San Pedro:

–Abajo el cochino.

–Martín berraba: ¡congro! matalo a cantazos.

Xan regañaba os dentes e dixo:

–Mal raio, si non o chimpco con esto callan ¡porco do demo!

Miguel, véndose apurado, dixo:

–Límpense, límpense; vaian marchando á “Quintela” porque se non aí vén unha pareia de civís, solto un tiro con esta pistola (mostrando unha pistola de dous cañós), berro e digo que me queredes roubar estes dous duros pra untar o fociño á miña conta, vaian andando se queren que eu así que salonguen baixo e voume de eiquí pra casa.

Ó ver os dous duros, Xan pensou comer algo deles e dixo:

–Baixa, eiquí estou eu, naide se meterá contigo porque os non solvo por unha narís.

Baixou Miguel en dous brincos e marcharon do lugar.

### III

#### Na casa do crego

Chegaron preto da casa do crego e chamaron co petadeiro ou martelo da porta e responderon de dentro:

–¿Quién?

–Xente de paz, repricaron.

<sup>35</sup> “De la voz latina *precipitum* deriva la palabra *prepito* empleada con frecuencia en algunos pueblos de Ourense para encomiar una cuesta muy pendiente, *vgr.*: esta costa é mala de subir porque está mui ó *prepito*.”

Abriron a porta e neste apareceu D. Pascual en persoa armado de livita e chisteira, pois ó parecer estaba xa dispuesto a saír á calle. A livita era livita nai ¡quen nos dera unha cría dela! Pois chegáballe ós carcañás. Non se sabe de que era, se de *mahon*<sup>36</sup> de tafetán, ou *cúbica*<sup>37</sup> mais unha costureira vella da aldea dixo na Vila que había dez anos que lla fixera ela de cúbica, pero maos lobos me non coman<sup>38</sup> se se diferenciaba a cor, nin era negra, nin verde, nin de á de mosca, aquel cor, almiñas de Dios, éravos de panza de burro, pero asina e todo D. Pascual contoneábase nela e dáballe tanto aire ás faldras co movemento do cerrizo, das cadeiras e dos xionllos que daba xenio velo. Os seus zapatos, con fevillas dalquinia, eran tan anchos e largos que pode que desen cabida a media tega de centeo en grau e asina e todo non paraban nada, facendo cada punto, misuras e cortesías que parecía un maestro de cirimonia ou da baile; facía o bo do crego unha figura tan rara que daban ganas de estoupar coa risa.

Aquela chisteira facía asemellar á persoa de D. Pascual a unha verdadeira pantasma, pois era tan longa como os días de maio, o tal sombreiro estaba forrada de *hul*, pola parte de afora e pola de dentro era de palla e fixérala un rapaz de aldea, ó modo dos sombreiros dos labregos en forma das chisteiras dos señores da vila.

Os bos dos rapaces estiveron mirando aquela estantiga coa boca aberta que parecían alpabardas e D. Pascual, doblándose como aro dun cesto, fixo unha riverencia e dixo con voz de carraca:

–¡¡Señores!! ¿Vds. por aquí? ¡tanto bueno por mi casa! ¡que feliz encuentro! ¡vaya! Suban uds. y me dirán a que debo el placer de tan agradable visita.

–Pues... Sr. D. Pascual aquí nos tiene, por el mero gusto de visitar a V., puesto que su persona de V. siempre ha sido simpática a los vianeses, estábamos tomando el sol en la plaza y por común convenio de los cuatro jóvenes que ve V. aquí hemos arrostrado por las incomodidades que proporciona la subida de esa cuesta y hemos dicho: ¿qué caramba? a ver a D. Pascual y... aquí nos tiene V.

–Pues... dixo D. Pascual coa cara de mofa, la cuestecita tiene bemoles es un... paraíso, ¿qué tal?

–Si, si, la cuestecita tiene de todo menos de agradable, pero ¿quién por un gustazo no lleva un porrazo? D. Pascual.

–¡Vaya! pues... *asiéntense* Vds. *asiéntense* Vds.; dixo o bo do crego, pón dolles sillar; voy a traerles a Vds. unos bizcochitos y un trago de vino.

–No se *amoleste* V. señor cura, no se *amoleste* V., dixo Miguel.

<sup>36</sup> “Tela de algodón angosta, fuerte y por lo general de color anteado; común a ambas lenguas.”

<sup>37</sup> “Cierta tela de lana más fina que la estameña; común a ambas lenguas.”

<sup>38</sup> “Palabra atenuante que quiere decir lo contrario de *maos lobos me coman*, lo mismo que *ma rabia me non mate*, contraria a *ma rabia me mate*; cuyas locuciones atenuantes son muy comunes entre nuestros labriegos.”

–Calla tú, buena pieza, bien te entiendo y bien te conozco, hace tiempo eras un ejemplar de pillo que ya ya...

–Bueno logo, reprecou este con sorna.

Miguel, que non dormía e sempre traía algo naqueles bolsos con que dar tormentos ós que non eran do seu mastigo, sacou encobertamente un foguete e co *cigarrillo* que estaba fumando, púxolle lume e ¡¡¡¡Uiiii!!! ¡pum!, e armouse tal polvareda no cuarto, que o crego cheo de medo empezou a tembrar desde os pés astra as orellas, estivo un pouco mirando ó redor trascado<sup>39</sup> estonces espetou un berro que non parecía de home e dixo: ¡fuego! ¡fuego!

Mentres e non os rapaces fóronse pola porta prá calle e voando sin po-los pés no chan astra a ponte do Cabo da Vila; porque a costia era máis boa de baixar que de subir.

## VI.

### Na Ponte de “Cabo da Vila”

Miguel xa estaba esperando alí fumando un *cigarrillo*, cando chegaronlle os compañeiros e dixo:

¡Conche! Consentirei que me corten as orellas se non me hei de vengar de D. Pascual de Quintela; demo de cutrento pra catro biscoios cedizos que nos deu, e pra tres netos de viño que nos trux naquela xarra goldentra ¡como se puxo! Merecía que lle untase a cara con calquera cousa pra que fose máis dadivoso e menos ruín; pero ó cabo é un *grosero*, cas ganas de beber fomos e con ganas de beber volvemos a Viana.

Estonces dixo Xan, mostrándolles as outras dúas botellas, a conta do crego hemos de botar eiquí o sosego, ¡ea rapaces! como dixo D. Pascual aló arriba, *asiéntese Vds. E* empezou a sacar cousas daqueles bolsos sin fondo.

–¿A quen lle saben os ovos cucados?

–A min. Dixo Miguel.

Pois entonces, porporpor-ovos<sup>40</sup>, porporpor-ovos, porporpor-ovos<sup>41</sup> sacou unha ducia de ovos.

<sup>39</sup> Término muy usual en el país que significa *asustado*.

<sup>40</sup> Esta parodia, remedo y traducción imitativa del cacareo de las gallinas en la lengua gallega, es usual y corriente en las cuatro provincias de nuestra región, de lo cual se deduce que este verbo en su infinitivo debe ser *por* y no *poñer*, de no ser así había la misma razón para decir *teñer* y *viñir*.

Es evidente que los infinitivos latinos *ponere*, *tenere* y *venire* en los primeros albores de la nueva lengua, dieron origen a los verbos gallegos *por*, *ter* y *vir* sincopados, o sea, con las fugas de las sílabas directas *ner*, *nir*, a fin de evitar la colisión de la *n*. Más tarde el castellano adoptó los referidos verbos latinos *tenere*, *ponere*, *venire* sin obrar más alteración que la fuga de la *e* final. De todo lo cual se deduce que *poñer* es un verdadero castellanismo que debemos evitar, empleando siempre *por* en lugar de *poñer*, lo mismo que *ter* en lugar de *teñer*, y *vir* en vez de *viñir*.

<sup>41</sup> Los diccionarios Cuveiro y Balladares consignan la palabra *Ovo* con *h*; en el de Don Francisco Javier Rodríguez se observa mejor ortografía acerca del particular, puesto que *Ovo* se halla en dicho léxico sin *h*.

¿Quen quer torta de Monforte? E sacou unha valente torta de bizcoito en catro anacos que parecían anacos de broa.

–Eu, eu, eu, yo –dixeron todos á vez– Eiquéi hai unha ducia chourizos, ¿quen quer chourizos?

–¿Crudos? Dixo o que falaba castelán.

–¡Vaia unha pregunta de pé de banco! ¿Crus? E ben que se ven.

–A mi no– dixo Emilio.

–¿A ti non? E logo non comes o salchichón estranxeiro na cabeza dun tiñoso.

–¿E non papas a freba do xamón cruo sin procartarte de que teña o verme da trichina?

–¿Yo no?

¡Oh! Tu no.

–¿E non comiche todo eso na redada de Valdiguite?

–Aquello era salchichón de Vich y magras de jamón curado.

–Ja, ja, ja, llámele V. perdiz –dixo Miguel remendando.

–E que ben saben, cantos lle roubei á miña nai para comer crus con rosca.

–Pero ¿y la rosca?

–Que mal dente tes ¡ho! ¿non temos torta de Monforte?

Abriron as botellas, o Xan iba a por unha na boca e o que falaba castelán dixo, botándolle a mao.

–¡Alto! No hombre, no, a morro no que no es de gente decente.

–¿E logo? ¿por donde hemos de beber?

Miguel, que xa cucara dous ovos, dixo:

–Por eiquéi mellores copas no nas hai na tendas de Viana. E esperou pra que Xan lle botase do licor da botella e bebeu pola casca dun ovo, que ben se bebe o viño de *Málaga* dixo dando un estralido coa lingua na boca.

Xan destapou outra botella e bebeu por outra casca, resucita a un morto. ¡*Moscatel* lexítimo!

–¡Carafe! co crego ¡que ben se cuida!

Probaron todos e despois Miguel empezou a turrar por un chourizo que papou con torta, os compañeiros fixeron a mesma merenda que regaron co viño abondo de copas de cascas de ovos de moscatel de Málaga Xan meteu a mao polo forro do gabán abaixo e sacou un queixo que os castelás chaman *tetilla*, tan arregañado i amarelo que parecía que estaba dicindo ¡comédeme!, e Xan díxolle con cara de bellaco ó que falaba castelán:

–¿Gusta V. tomar un poco de queso?

Tomaron o queixo e beberon o viño astra as escorras das botellas e Xan meteu outra vez a mau no pozo moimón do seu gabán e sacou unha luneta chea non sei de que e dixo:

–¿Qué será esto? ¿será resolio?

–É oh ¡congro! dixo Martín, non ten cara de eso.



–Probemos logo. E botou un pouco nunha casca dun ovo, probou, e dixo:

–Évos aguardente da terra.

–Una copita, cada cual y al avío para casa. Dixo Emilio.

Reparteu o augardente da luneta de modo e maneira que os catro tomaron unha *pítima morrocotuda*.

Puxéronse tan calamocás que leve xuncras se tiñan de pé.

Estonces dixo o do castelán:

–Tengo sed.

–Ben cerca che está a fonte dos Melatos –díxolle Miguel a *lombos*, o Miguel iba diante tocando un birimbao i ó chegar ó Santo Cristo atrapou elí ó tío Caraxos que viña da horta<sup>42</sup> das Ladeiras cunha carrada de nabos para *D. Manuelito Buticario* e como un reló do Castelo estaba parado polas martes artes do Bicho pregúntanlle.

–Diga, tío Caraxos ¿que hora é?

–Compra un reló de faltriqueira ¡mal rixelo!

–Mui mal me quer tío Caraxos.

–E non che hei de querer mal ¡ho! Malas vexigas te non maten se sempre te estás metendo comigo.

–Ten razón, Sr. Francisco, respondeu Miguel, que algunhas veces por facer, tirelo polo feixe das xestas cando vai pola praza, outras cando pasa por baixo do meu corredor, chamo por vostede ¡Caraxos! e no intre cando mira para riba déixolle cair un tomate podre enriba da cara, outras cando dorme ó lado das vacas enzoufolle a cara con bosta<sup>43</sup>.

–Si, fixeches esa porcallada á porta da túa casa, cando oscabezaba o sono despois do meu traballo, mentras non comen as vacas. Pero se non fora por mor de teu pai que (é) un home de ben, xa tiña espetado unha queixa contra ti pra que te levase á cárcele.

–Cale, señor Francisco, cale, que non hei volver enrabechalo máis coas miñas trasnadas ó cabo i ó remate, eu quérolle moito, aínda vosté non o sabe ben.

–Si, moito, coma a troita ó troito.

–Vaia señor Francisco, xúrolle que non hei de volver a molestalo máis ¡mea culpa! ¡mea culpa! como din na misa.

–¿Vostede sabe o que quere decir eso señor Francisco?

–Eso tú o saberás.

---

<sup>42</sup> Por su origen latino *horto*, *horta* y sus derivados, debe escribirse con *h* y por esta razón Valladares y Cuveiro consignan así esta palabra en sus diccionarios; mas Rodríguez no sigue tan buena ortografía, puesto que lo escribe de ambos modos, con *h* y sin ella.

<sup>43</sup> El académico señor Valera dijo que la palabra *bosta* era de origen americano error craso, pues desde que hay vacas y bueyes en Galicia el excremento de tan útiles animales se llama *bosta*, voz derivada de la palabra latina *bos*, *bis* – *buey*: del mismo modo que el excremento de la paloma se llama palomina en lengua castellana.

–Eu tampouco, pero eillo a meu irmau Manuel que entende moito de latinorios cuasemente tanto como o cura de Quintela de Edroso.

–Adiós, Sr. Francisco.

–Vai de aí feo, vai de aí. Vai ó leito, ¡oh!, vaite á *piltra*<sup>44</sup> a dormi-la mona que tomaches aí abaixo na ponte cos teus compinches<sup>45</sup>.

Este rapaz, se non fora tan rillote... aínda non era mao ile todo; cuasemente siría tan bon coma seu pai, marmurou o Sr. Francisco.

Nesto chegaron ó Santo Cristo os compañeiros de Miguel e viñan máis mortos que vivos.

Miguel sempre iba diante tocando o birimbao. Fóronse cada un prá súa casa e aquela noite todos durmiron como liróns.

Manuel R. Rodríguez  
Santiago, diciembre de 1906.

### A voda do grilo<sup>46</sup>

Episodio histórico escrito en lingua gallega por Don Manuel Rodríguez y Rodríguez

*Dedicado al erudito publicista D. Manuel Castro López*

---

<sup>44</sup> Esta voz tan gráficamente defectiva, aunque ajena a la lengua, se emplea en algunos puntos de nuestra región para ridiculizar a las personas que se acuestan temprano y se levantan tarde pasando la mayor parte del día en la cama verbigracia: *Non busques ó lacazán do Roque que está decote na piltra*.

<sup>45</sup> Palabra defectiva que se emplea muy frecuentemente para ridiculizar a los individuos de una compañía de poco albor etc.

<sup>46</sup> Al publicar estos episodios históricos, no me propongo otra cosa que economizar en lo posible la profusión de signos que emplean nuestros escritores gallegos, tanto en la prosa como en el verso; adopto aquí las reglas que he sentado para este objeto en mi última producción literaria “Origen filológico del Romance Castellano” y en mis comentarios ó apuntes gramaticales de la “Crónica Troyana”, cuya materia, con separación del Códice, estoy disponiendo á fin de formar, con las adiciones correspondientes, una gramática gallega completa.

En estos pasajes históricos, empleo con mucha parsimonia el apóstrofo y proscribo por completo el guión de enlace, el acento circunflexo y el grave, porque semejantes antiguallas son ineficaces en la lengua gallega, pues no dan otro resultado que llenar de fárrago la mollera de los aspirantes á escritores, de manera que con tal embrollo de reglas y profusión de signos ortográficos, jamás llegan á escribir con perfecta ortografía, porque no es posible sentar reglas fijas para el caso por la diversidad de pareceres ó caprichitos literarios que se enseñorean del modo de juzgar de los escritores de nuestra región, causa que da origen al lamentable retraso de nuestra literatura, que jamás se levantará del abatimiento en que yace, si no se pone remedio al mal; así la abruman algunos fatuos que presumen de eruditos.

Como quiera que el carácter genuino de las lenguas gallega y castellana es uno mismo, toda vez que, fundidas en el mismo crisol, fueron también vaciadas en idéntico molde, y puesto que tanto fraternizan en su índole prosódica dando origen en su pronunciación á diversidad de vocablos graves, agudos y esdrújulos, seguiremos en la exposición de este episodio y de otras composiciones que tengo en prensa y en preparación, el hermoso sistema de acentos de la Real Academia de la Lengua Española; pero, además

¿Sabéde-lo conto das calzas do Ansurez? Ben o<sup>47</sup> sabedes, meus rolos, ben o sabedes; e non me miredes asina con tanta boca aberta, que pareceades papós; e ¿non o habedes de saber? Non hai can nin gato na terriña dos grelos, das cachuchas e dos lacós que non seiba este contiño, que, por verbo deso, é máis vello que as eirexas: xa sabedes, pois, que o conto das calzas do Ansurez ten moi pouco miolo; soilo serve pra ter decote enganado ós nenos, dicíndolles con sorna: se queres que che conte o conto das calzas de Ansurez, non has de decir nin *b* nin *c*, nin *tiqui tiqui*, nin *tolle tolle*, nin *oxte* nin *moxte*<sup>48</sup>, nin tampouco habedes de decir nada; pois, amiguíños de Dios, o meu conto, sobre todo máis ou menos, évos asina, e tal cual é aló vai:

### Os ovos<sup>49</sup> do grilo

O pasaxe que vos vou a contar ocorreu na estazón de Outono, e aló polo día vinte e oito de Outubro<sup>50</sup>; facía estonces unha xeadá que se chupaban os dedos co frío, e xa por mor deso, os sobanós empezaban a insinar o morro na parte do corpo onde quer que lle pegaba na gana de adoecer os nados; estaban os bullotes<sup>51</sup> ciscados polo chao, pois xa pingaban en abondo os castiñeiros; estaban casemente pechadas todas as portas da vila de Viana, e xa a xente escomenzaba a erguerse das camas pra ir a coller as castañas antes de que, contra os mandamentos da lei de Dios, pasasen á cesta

---

de acentuar las palabras gallegas, de conformidad con las propuestas por dicha Corporación Académica, señalaré asimismo con acento agudo todas las aglutinaciones de preposición con los artículos *o a, os as*; así como también la de estas partículas con otra cualquier parte de la oración; mas no se acentuarán los afijos pronominales, en cuyas conglomeraciones literales es necesario distinguir por el contexto gramatical, á fin de no confundirlos con los artículos gallegos por ser homónimos con los referidos pronomes.

<sup>47</sup> Beno: en esta palabra se verifica la aglutinación de un pronombre personal con un adverbio, sin que haya fuga de letra alguna, por cuya razón se comete la figura etilipsis, muy frecuente en la lengua gallega; entre la unión de estos dos elementos unos suelen poner un guión, y otros un apóstrofo, y yo opino que debe proscribirse por completo el uso de tales signos, pues tampoco la Gramática de la Lengua Española, antes de los afijos *diéronme, cogiolo, ámanse* etc. etc., hace uso de semejantes signos.

<sup>48</sup> Palabras muy frecuentes tanto en el lenguaje castellano como en el gallego, y modo de hablar vulgar que significa sin pedir licencia, y sin hablar palabra.

<sup>49</sup> Esta palabra debe escribirse sin *h*; sin embargo los Sres. Valladares y Cuveiro la consignaron con *h*, sin duda alguna tomada de algunos versificadores, que, ignorando las reglas de la buena ortografía, la escriben así porque, como deribada de *huevo*, palabra castellana que, por llevar diptongo *ue*, se escribe con *h*, la pasan al gallego con idéntico aditamento, siendo así que *ovos* debe escribirse sin *h* por carecer del referido diptongo, completamente ajeno al lenguaje gallego.

<sup>50</sup> Algunos que se lanzan á escribir la lengua gallega sin entender del origen etimológico de sus vocablos, trabucan con frecuencia la estación de *Outono* con el mes de *Outubre*; esta deorable confusión puede acarrear males sin cuento á la literatura gallega, y conste para que no prevalezca el error.

<sup>51</sup> Lllaman los naturales de Viana del Bollo bullotes á las castañas sin mondar ó sea según se desprendan del erizo (idéntico significado tiene la locución adverbial gallega “nun trique”, que quiere decir al instante, verbigracia: *vouche á facer esto ou aquilo nun trique, ou sea nun abrir ou cerrar de ollos*).

do viciño; meu avó dormía na cama roncando como os gonces dunha porta vella chea de ferruxe, cando nesto, despertouse por mor do estrondo duns golpes malleiros, que daba co ferrollo na porta o que estaba de afora, que parece senón que estrombaban a casa; meu avó escomenzou a botar pestes pola boca, contra o molexa, que zorregaba na porta, i este maia que te maia ¡pum!, ¡pum! ¡pum!..., e meu avó dicía enrebechado como un gato: “Coas narices, coas narices habías de dar ti, xato do demo, contra a cabeza do cravo da porta, e non co martelo”; mais os golpes siguían en abondo: ¡pum! ¡pum! ¡pum!, de tal modo e maneira, que parece que querían botar a casa abaixo; no intre chiaban escorrentados de medo os ratos, e saíndo dos seus buratos as arañas, fuxían pola parede adiante; entonces meu avó ergueuse a medio corpo na cama, e chamou: ¡Felisa! ¡Felisa! ¡Felisa!

–Xa estou ergueita, señor, ¿que manda *su mercé*?

–Vai a ver, muller, quen é ese leitón que logo de mañán vén a petar, á miña porta, casemente como se fora a porta dun muíño.

–Aló vou, señor, aló vou, e añadiu polo baixo a sirvienta: ¡o demo do que peta tan forte á porta!, é algún famento que se lle estendeu a tripa logo de mañá, e vén a ver se o amo lle dá de almorzar.

Correu a criada á porta, e polo si ou polo non, ou por se acaso fose algún mal xastre madrugadeiro, abreu unha bufardeta que había na cima da porta, e díxollo que estaba de afora:

–Vostede ¿que quer? ¡vaia que ser...! malla na porta coma si fora nunha eira.

O de fóra respondeu:

–Pois eu quería estar co señor escribano, (porque meu avó era escribano real, como se chamaban asina naquel tempo, hoxe noméanse *notarios*.)

A criada volveu a dicirillo de afora:

–¿E vostede quen é?

–Eu son o Grilo de Penouta.

–¡O Grilo! non te conocía, como vés tan envolveito nesa capa de pardo monte..., e añadiu polo baixo: ¿eu non o dixen?, demo de fame aguda, vén pola parva este pipiolo de xuncas.

–Señor, señor, élle o Grilo de Penouta.

–Dille que entre, e traimo eiquí cerca de min.

A Felisa marmurou: non, eu levo trasgo o lego, porque anque é dergado o Grilo e longo, pesa moito, que vaia el polas súas patas se quer.

E añadiu polo alto:

–Vén por eiquí, Grilo dos meus pecados, vén por eiquí, que como griles tanto pola boca, como lle sabes dar ás *manoplas* pra zurrar nas portas, as *señoritas* e mais eu xa podemos tocar a esgueira de casa.

Non ben entrou no cuarto do meu avó o Grilo, quitou a monteira e dixo:

–Santos e bos días, señor.

–Bos días. Grilo, chicharra ou diaño ¿que demo che fixo a miña porta pra que te botases tan cedo por eí abaixo a zurrar nela como si mallaras no ferro dunha forxa?

–Señor, tiña présa de facer unha *consulta* con *su mercé*.

–Vaia, pois escomenza falar, e bota pra acó esa consulta, que si mal non me engaña, ha de ser unha consulta labrega comas que tu acostumas a traerme do pobo de Penouta.

Entonces o Grilo meu a mau no<sup>52</sup> bolso da chaqueta, e sacou unha cousiña envolteita nunha folla de verza galega, e púxolle diante dos narices de meu avó, un pariño de ovos de pita, e dixo: señor, tráigolle eiquí esta pouca cousa, pois eu non sei conque lle hei de pagar tantos favores como lle debo.

–Vaia, home, vaia, e pra que te anduveches molestando.

–Di, Grilo, ti debiches madrugar moito.

–Saín con estrelas.

–Ben cho mo parece, pois aínda non eran as seis, cando empezaches a darlle bicos á miña porta co martelo na cabeza do cravo, de modo e maneira, que, según eso, aínda non almorzaches.

–Señor, penso tomar a parva na taberna, e volverme logo prá casa.

–E pra que has de gastar os cartos, ho? ¡Felisa! ¡Felisa!, vén acó, rapaza.

–Aló vou, señor ¿que se lle ofrece a su mercé?

–Mira, vaste nun piriquete<sup>53</sup> á bodega do Tournal e enches unha xarra de viño, e faille ese par de ovos ó Grilo, trai todo eiquí pra que almorce, porque o probe do home, xa debeu de facer boca desde Penouta astra eiquí.

–Pero, señor, ¿hei de comer eu os ovos que lle trouxen? Eso non pode ser.

–Vaia, home, vaia, non pode ser. ¿Será a primeira vez que comiches un par de ovos na miña casa? Pois agora que trouxeche os ovos, pra darche de almorzar, algo me vas aforrando.

De alí a un ratiño, veu Felisa cos ovos fritos, puxo todo en dous taburetes á beira da cama do meu avó, o Grilo escomenzou a comer, e embaulou anacos de

---

<sup>52</sup> De las aglutinaciones anticuadas *enno, enna, ennos, ennas* formáronse las voces mútilas *no, na, nos, nas*, pues quela preposición en perdió, por la figura llamada aféresis, la e, cuya fuga quieren patentizar muchos de nuestros prosistas y poetas, ya colocando un guión de enlace entre la n y el artículo y un apóstrofo antes de la u, ó ya colocando un guión de enlace entre la n e el artículo y un apóstrofo antes da la u, ó ya con dos apóstrofes, el primero para hacer advertir la fuga de la e, y el segundo, para demostrar al lector la concurrencia de los artículos gallegos de origen griego o, a; os, as, al formar los referidos compuestos *no, na; nos, nas*; si la mente del escritor erudito no estuviere dominada por la pasión, ¿dejaría de comprender que es un verdadero abuso señalar la aféresis con signos ortográficos? De non ser así, idéntico derecho tendrían de ser garapateadas con apóstrofes la síncopa, apócope, prótesis, epéntesis y paragoje, figuras que pupulan y andan sueltas en la lengua regional de los gallegos.

<sup>53</sup> Frase que quiere decir al instante entre los labriegos.

pan de centeu, que era branco como o albeiro<sup>54</sup> do forno, compangou os ovos canto pudo, bicou moi a miúdo a xarra do viño, astra que lle deu remate a todo: estonces meu avó díxolle:

–Grilo ¿queres máis viño e mándocho buscar á bodega de Santana?

–Non, señor, pra agora estou satisfeito, e Dio-lo pague.

–Logo ¿seica queres que che día un cigarro?

–Non, señor, non; o tabaco dos señores élle moi froxo, o meu tenlle a virtude de matar ós ratos, e por mor deso é o máis milloriño prós labregos.

Estonces volveu a meter os dedos no bolso do chaleco e sacou outro bultiño máis pequerrecho, envolvemento nunha folla de verza, doulle unhas cantas voltas ó redor, e sacou dous cigarros que polo cor ben se podía decir que era veneno *enxebres*; sacou o grilo unha navalla con mango de pau, e picou un pouco, sacou un papel gordo común cartón, envolveu o pito, púxoo detrás da orella, sacou un corno cheo de trapo queimado e tapado cun anaco de cortiza, sacou doutro bulso un seixo, e coa mesma navalla chiscou lume contra a boca do corno, e nun instante sacou lume, encendeu o pito, botou dúas chupadas, e coas meixelas cheas de fume botou un fumazo cara meu avó que lle fixo vir as bagoas á cara; estonces o pai de miña nai dixo tosendo sin poder tomar refolgo:

–Grilo do demo, tira pra alá ese fume que mata a un can da rabia, porque se non collo este orinol que cho zampo na cara.

–Non se enfade, señor, non se enfade, que xa non fumarei máis eiquí, preto da súa cama.

–Vaia, di o que me queres, e dempois tira o tole prá Penouta, pois canto máis pronto toques de esgueira, mellor que mellor.

Volveu a pór o Grilo o pito detrás da orella, e dixo:

–Non se enfade, señor; vou a escomenzar a miña *consulta*, e dempois tocarei o pendín prá Penouta.

–Vah, pois acaba logo, e non seas molexa.

### A consulta do grilo

–Eu, señor don José, son un probe; pero asina e todo, teño atados a unha media, dentro da miña hucha, sesenta e nove riás, catro medos duros, dúas pesetas crunarias, doce cartos e seis ichavos.

–E ¿canto en xunto, ho?

---

<sup>54</sup> Llaman en mi país albeiros á las piezas de lienzocon que cubren los panes antes de meterlos en el horno. Del adjetivo latino albus, a, um, derivase albeiro.

O Grilo puxo a man na meixela, abriu a boca como un parvo, e dixo dempois de levantar unha pata dúas ou tres veces:

–Señor, eu, parécese que se mal no me engaño, os meus cartiños sonlle tanto coma seis pesiños e algúns ichavos.

–¡Vah! ho, aínda non contas mal, pois eu, sea na pruma ou sea de memoria, non che son capaz de darlle conta certa a tal zarapallada. Cando tes *tais aforrallas*, non te chames probe, meu Grilo.

–Aínda teño tamén na man do meu viciño Pepe do Cairo, trinta e cinco rías que lle prestei pra mercar un xovenco, e pode que mos volva neste mes.

–¡Ai!, home, ese diñeiro lavántachelle a espiñela a calquera, dixo meu avó con sorna. ¿E que máis tes, Grilo?

–Señor, unha vaquiña e dous xovencos, un pariño de ducias de ovellas, e un porco de ceba, seis galiñas, vinte polos, e...

–¡Sopra! asina non che é milagro que traigas ovos de regalo prós amigos. E ¿que máis tes?

–Ó redor da casiña teño como cousa de dous ferradiños de terra, e ademais teño dúas cortiñas que me deixan pan pró ano, un horto bo, unha viña de seis homes de cava e un prado que me dá oito ou nove carros de herba.

–¡Ai home! ¡ai home! ti non eres probe, non eres probe, non che me espanto de que traigas ovos en abondo, pero olvidácheste da consulta.

–Aló vou. Eu son un home soilo, señor.

–E como te arreglas pra facer as labores das terras?

–Con moito traballo, valéndome dos viciños e crebando moito o corpo; e por mor deso queríame casar, e a eso viña pra que me dira o seu consello.

–Cásate ¡ho!, e asina estarás máis a gusto.

–Si; pero se a muller sae parideira e me enche a casa de fillos ¿como me vou a ver pra mantelos?

–Pois estonces non te cases.

–Pero señor ¿quen me fai o caldiño, quen me lava a camisa, quen lle me dá de comer á facenda?

–Pois estonces cástate.

–Xa lle teño botado elí eu o ollo a unha; mais parécese algo grileira; ¿e se me sai unha cabra?

–Non farían mala compañía un grilo e unha grila; mais se tes medo que che saia unha cabra non te cases.

–¡Vaia por Dios!

–¿E logo?

–Parece senón que estou chamado ou condenado a pasa-la vida soliño neste pícaro mundo; soliño como cogordos i os choupís do monte; ¡vaia pola Virgen

Santísima! ¿e logo quen me ha despadelar a colleita do liño asedalo e fialo?<sup>55</sup>¿quen ¡probe de min! me ha de facer as camisas i as sabas da cama? ¡ma sorte me cabe a min! ¿quen me ha de rapar as ovellas i os meus carneiros no tempo, escarrapechar a lá, cardala e fiala? ¡vaia polos cravos de Noso Señor!

–¡Váiache polos cravos da porta da eirexa! non seas molexa, ¡ho!; non seas molexa, cástate ¡ho! cástate, anque sea ca Farruxa de Maurisca ou coa Farroupeira de Quintela; cástate, cástate, Grilo do díaño; cástate anque sea co pau dunha escoba ou coas xestas dun varredoiro e non seas tan Jeremías.

–Non se enfade; mais acabe de aconsellarme se debo casarme ou non.

–Mira, langrán do demo; eso consúltalo coa túa cabeceira<sup>56</sup> que levá nebra se te perdes no lugar de tres veciños e a taberna no medio; se che aperta o zapato, solta o amallo, ¡demo de gaita grileira!; se queres casar, cástate, e senón quédate asina solteiro, que has de facer un bon vello pra facer mexar de medo ós rapaces e pra facer o frasca<sup>57</sup> no fulión de Penouta: ¡demo de Grilo! conque me vén á mañá a petelexar coa miña porta de modo e maneira que pouco lle faltou pra facer rachas dela, e agora funga que funga coa súa vida.

–Non se enfade, señor; xa me vou, mais dígame canto é a miña consulta.

–Mira, fungón dos demos, se me levanto métoche unha... que te apalambro.

Estonces ergueuse meu avó, e colleu un caxato que tiña alí á beira da cama; pero o Grilo escapou de brinco e dicindo: adiós, señor; adiós, e perdone.

Meu avó quedou dicindo: oró demo do Grilo; se a muller con quen case é chicharra, ¡probe das miñas orellas cando os dous xuntos asomen os fuciños por acó!

---

<sup>55</sup> Asedalo e fialo: he sentado en mi última producción literaria “Origen filológico del Romance Castellano”, que los infinitivos de los verbos tanto en la lengua oficial como en la gallega, habían perdido sus terminaciones al ser romanceados; y observo con disgusto que algunos de nuestros escritores, aunque muy contados, persisten en la pueril costumbre de enunciar los verbos gallegos con las terminaciones are, ere, ire, como roubare, comere, ire: ¡vaya por Cristo! Y ¿quién habla así en nuestra tierra? Alguna... quien entre dengues y pucheros se complace en expresarse así: “non quero comere, voulle a treare o chicolate”, “non che quero ir contigo”, y no sólo hacen terminar en ire los infinitivos, sino también otras palabras de la lengua gallega, como mellore, en lugar de mellor, piore en vez de pior, maore por maor (mayor).

Escribo estas líneas en bien de Galicia y de su lengua regional por lo mismo, si la pasión no campea en los corazones de nuestros vates y prosistas corrijan tan lamentables... en sus composiciones, puesto que no aconsejo por mero sistema ó capricho, porque ni Cubeiro, ni Rodríguez, ni Valladares consignan en sus léxicos un solo verbo acabado en are, ere ó ire, sino ar, er, ir como en la lengua castellana.

Esta r final en el verbo gallego suele cambiarse... por la figura antítesis, cuando en virtud de la misma se le arriman los pronombres personales s, o, as, os que es necesario tener mucho en cuenta para no confundirse con los artículos.

<sup>56</sup> Almoada.

<sup>57</sup> Máscara.



## FRANCISCO SÁNCHEZ GARCÍA

### Datos biobibliográficos

Francisco Antonio Sánchez García naceu no lugar dos Modillós, aldea de Teixeira, no concello de Curtis, o 18 de xaneiro de 1874. Nos primeiros anos de vida, a súa familia, afectada pola miseria e polo contorno de convulsión política, toma a decisión de emigrar á Arxentina, a onde chega sendo moi novo. No período que pasou en Bos Aires, Francisco Antonio Sánchez García acumulou unha significativa fortuna e tratou coa intelectualidade galega emigrada, contactos que lle propiciaron formarse culturalmente e colaborar en xornais e revistas, fundamentalmente con breves poesías e con artigos, se ben tamén con algúns relatos e comentarios, en galego ou en castelán. O 11 de novembro de 1905, residente aínda na Arxentina, foi nomeado académico non numerario da Real Academia Galega, a maior distinción e recoñecemento que obtivo en vida.

Unha nova etapa comeza para el en 1910, cando regresa a Galicia e casa con Enriqueta García Rego; ano tamén no que fixa a súa residencia definitiva en Teixeira, a aldea na que nacera. Por motivos familiares, en 1914, fundamentalmente pensando no benestar das súas catro fillas, trasládase a Santiago de Compostela, o que lle dá a oportunidade de contactar e relacionarse con personaxes senlleiros da cultura galega: Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco, entre outros. Con estas influencias, animase a volver colaborar nas publicacións periódicas, nomeadamente *El Compostelano* e *La Noche*, con poesías e artigos de calidade variábel. A súa longa experiencia xornalística na Arxentina e en Galicia é currículo abondo significativo como para que no ano 1925 o nomeasen director do xornal *Diario de Galicia*, labor que continuaría até o seu falecemento en Santiago de Compostela no ano 1939.

Francisco Antonio Sánchez García asinou algúns dos escritos co pseudónimo “Antón de Pepiño”, polo alcume dos seus antepasados en Teixeira.

En anos recentes houbo un importante movemento a prol da recuperación desta figura e do estudo da súa obra. O 11 de novembro de 2005, con motivo do centenario do seu nomeamento como académico non numerario da Real Academia Galega, o Concello de Curtis nomeouno, a título póstumo, “Fillo predilecto”, ao tempo que lle dirixiu unha solicitude á Real Academia Galega para que lle dedicase o Día das Letras Galegas. En 2006, o mesmo Concello e Caixa Galicia presentaron o volume *Obra escollida*, na que se escolma o máis significativo da súa produción xornalística e literaria.

### Comentario dos textos narrativos en galego

Estes dous textos de Francisco Sánchez García teñen unha significativa distancia temporal. Isto explícase polo anecdótico da súa produción narrativa en

galego, pois as incursións literarias foron fundamentalmente de tipo poético. Segundo a orde cronolóxica de publicación, o primeiro deles, “Conto”, publícase primeiro no *Almanaque Gallego* (1903) para, despois, reproducirse na revista *Follas Novas* (1905). O segundo texto, co título “Costumes da terriña” e o subtítulo ilustrativo “Parrafeando”, apareceu 12 anos despois no xornal *El Eco de Galicia* (n.º 867, 30 de novembro de 1915).

“Conto” é un breve relato que, a través da mestura dos estilos oral e epistolar, exerce a crítica social dun dos temas máis recorrentes da época: a emigración. A voz narrativa exerce de simple introdutora das epístolas que o personaxe protagonista (Xacinta) lle escribe aos seus pais dende o barco no que viaxa ao Brasil. Cada epístola corresponde a unha etapa nesa viaxe. A dimensión espazo-temporal, en consecuencia, non só sitúa a narración, senón que sostén tamén un ritmo que vai en aumento segundo crece a tensión do acoso por parte do capitán da nao sobre Xacinta. No tocante á estrutura, identifícanse os tres corpos característicos destas narracións: unha breve introdución, na que se presenta a situación; o desenvolvemento, no que se van sucedendo as distintas misivas enviadas por Xacinta; e un final resolutorio, no que se dá conclusión á tensión entre capitán do barco e mais ela. O ton humorístico e a linguaxe áxil e lixeira son as notas de cor coas que se pretende desdramatizar unha crítica proxectada, precisamente, sobre unha realidade vista como inxusta. Un texto que asenta sobre a anécdota humorística unha dura crítica de fondo.

En contraste co anterior, “Costumes da terriña. Parrafeando” é un texto livián sen outras pretensións que as de, precisamente en coherencia co subtítulo, reproducir un diálogo de tipo amoroso entre un mozo e unha moza. O destacábel desta narración é a habilidade para reproducir fielmente o ritmo rápido e a viveza lingüística dos rexistros orais. Este texto posúe un evidente obxectivo sociolóxico e antropolóxico declarado explicitamente xa no título, ao dar conta dalgún dos “costumes” que caracterizaban a sociedade galega da época. Sendo así, a lingua galega posúe tamén significación en canto vinculada aos usos orais dos que este texto é testemuño. No tocante á dimensión espazo-temporal, non hai rexistradas referencias válidas que nos permitan situar a acción en termos concretos. A estrutura correspóndese exactamente coa do *parrafeo* como subxénero, coa do ritmo dialogado, aínda que a breve presenza da voz narradora final é a única licenza allea aos esquemas propios do devandito subxénero.

## Conto

Non te esquezas de contarnos as impresiós do viaxe –díxolle súa nai á Xacinta, cando ista embarcou pro novo mundo; e ela, rapaza moi comprida sempre, así o fixo.

Vexamos as súas cartas.

Dicía a primeira delas:

“Da Coruña astra Vigo tivemos un tempo mui bon, e o barco non rolou nin un pouquichiño: así é que non me mareei nada astra agora: os compañeiros de viaxe son xente leda e o capitán semella un santo, e ó mesmo tempo, un señor falangeiro e chistoso”.

Pasaron tres días, ó cabo dos coales chegou de Lisboa outra carta de Xacinta, que contaba:

“O mar sempre quedíño, e viaxamos sen ningún contratempo: pero o capitán faime de ves en cando unhas chuscadas de ollo que non me gustan nada, e faloume non sei qué cousas, que nin entendín, nin me folgara de comprendelas”.

Xa a probe nai sentía non saber da filla, cando recibiu, trembando, esta, fechada no Río Xaneiro:

“O vapor tambaleou algo; e o capitán, que é un condanado, non deixa as súas lerias: onte anoxeime con el, subido en cólera, díxome que o pensara ben, porque de min somentes dependía a salvación dos quinientos pusaxeiros que neste mostro imos, amenazándome con facer voar o barco se me nego a corresponder ó seu cariño de fogoso namorado. Eu ¡Dios meu! Non sei que faga, pois por min non me importara tanto pero... ¡iso de ver afogar a tanta xente!...”

Os catro días e medio, escribeu Xacinta de novo:

A carta ista tiña a fecha en Montevideo.

E dicía.

“¡Salváronse os pasaxeiros!...”.

FRANCISCO SÁNCHEZ GARCÍA

## Costumes da terriña

### PARRAFEANDO

Debe estar chegado a Dios o que coa sorte tropeza.

–A sorte camiña amodo e rara vez vén á feira.

–Hoxe veu; Dios ma depara e pénsome axudar dela.

–¿A que lle chamas ti sorte?

–A ti, que es a sorte mesma.

–¿Sorte eu? ¡Vaia polas almas! Por as faragullas estas non te baixas ti, nin debes...

-¿Non debo? Deber debera, se houbera quen me fiasse  
 -Olla a ver se nesa tenda...  
 -Non; abofé non me dita a fachada da tendeira  
 -¡Ai!...  
 -¿Tripeite?  
 -Non foi nada  
 -¿Chamo ó albeite?  
 -Non son besta.  
 -Curan tamén ás mulleres.  
 -¿E ós homes non?  
 -Hai diferencea. Ireiche cata-lo médeco.  
 -Catar catan a cabeza algunhas viciñas túas.  
 -¡Rosa!, ten tino coa lengoa.  
 -A lengoa téñoa na boca.  
 -Pro xa non che cabe nela.  
 -Cabe, home, cabe, que nunca falta boca e sobre lengoa.  
 -Aí vén túa nai.  
 -Non hai caso, pois o mesmo ela fixera se os anos non lle pesaran e meu frai  
 fora de xesta.  
 -Como falas. Hoxe estás fóra de ti.  
 -Ben quixera estar dentro; pro non podo  
 -¿Non podes? ¿E por que prenda?  
 -As prendas véndense caras e hai mui contadas cadelas  
 -¿Hai poucas? Haiche de abondo: indo eu vin hoxe, na feira unhas cantas.  
 -I eu vin cas que andan doentes.  
 -¿Abofellas?  
 -Ben sabes ti que non minto.  
 -Pódeste enganar  
 -¡Houbera!... Non coides porque son nova que así, de calquer maneira se me engana.  
 -Non, filliña  
 -Xa valen as fillas estas pra sacar a un pai de apuros  
 -¡Quen fora pai!  
 -Emparenta...  
 -¿Con quen?  
 -¿Con quen? Se cho digo haste de alorar.  
 -Non temas; estouche tan afeito que as mofas non me fan mengoa.  
 -Deixemos eso.  
 -Parola.  
 -Non quero.

- Fai como queiras.
- ¿Pra que te hei facer rabear?
- Non rabeo.
- Basta de lereia; sabes ben que nada iñoro.
- Estás como unha reixa e índa non dixen palabra, ¿que faría se a dixera?
- Si es ti do meu parecer damos unha volta á feira.
- Os parceres solo os dan os letrados nesta terra, i eu como non son letrada...
- Non, pero índa podes sela

.....

Ascoita: Eses paxariños que pían na carballeira, parece que falan de amores que choran e que se queixan. ¿Que son eu máis que un paxaro coas ás a carón da terra e unha alma que sinte moito e un corazón que se queixa?

–¡Probe paxariño! Fuxe pra onde compartan túas penas, pra onde adeviñen teus dores, pra ese mendo de manteiga todo pracés e dozuras, todo alalás e muiñeiras.

- ¿Onde aprendiches esas copras?
- Insinoumas unha cega.
- E as túas onde as oíche?
- Fíxoas Xulián da Pedreira o poeta máis mimosíño do ceo, do mar e da terra.
- ¿Non sabes máis?
- Outro día, que agora é tarde.
- ¡Rosela!...
- Chama miña mai por min.
- Chamara Xudas por ela.
- Pechou a noite.
- Non tal.
- Voume.
- Non.
- Abofé...
- Áspera, recoiro, non é tan tarde.
- Nin cedo.
- Un istante...
- ¡Arreda!...

Leutor: non sabemos máis: na noite non había estrelas; o Enxameado estaba envolto nunha túneca de brétema; o vento, maino sopraba: viña do lado da Tieira, e din que este aire “derriba” fai ser mui fecunda á terra. ¡Sabe Dios se índa a estas horas os rapaces parrafean.

Francisco Sánchez García  
(Teixeiro, 1915)



Autores descoñecidos  
e pseudónimos non identificados





## ALBERTO DE CASTRO

O contributo de Alberto de Castro á prosa en galego é o relato “Contos de miña avó. Acogulado... acogulado”, publicado no xornal *La Voz de Galicia*, de Bos Aires (n.º 26, 3 de maio de 1914). Esta peza é o único texto do autor do que se ten constancia, ademais da única referencia sobre a súa persoa.

O relato asenta as súas bases no retrato costumista e na crítica social. Con respecto aos costumes, as romarías xúntanse co tratamento da morte para relatar as formas nas que se celebraban ambas as cerimonias, reproducindo as actividades, accións e actitudes vinculadas a estas celebracións. A crítica social reside, precisamente, no distinto uso moral que de ambos os actos, en principio relixiosos, fan as protagonistas da narración; a terxiversación e a transgresión destes actos sería, xa que logo, o fondo da crítica. Sendo isto así, as mulleres protagonistas exercerían a función de “tipos sociais”: non só obxecto, máis tamén representantes dunha crítica transmitida a toda unha forma de entender estes actos cívicos e, por extensión, a todo un grupo social.

Un tema este, ademais, moi habitual en textos da época, e que se atopa aínda noutros relatos contidos neste volume.

Deste xeito, o texto podería chegar a abranguer, facendo unha súa interpretación *in extenso*, tanto unha visión moralizante da sociedade, a través da reivindicación de usos e formas sociais tradicionais, como unha visión misóxina do papel da figura feminina, representativa desa corrupción moral da romaría e do tratamento da morte.

A estrutura narrativa do relato responde á unha división tradicional: a presentación do argumento, o desenvolvemento a través da anécdota e a ruptura brusca do ton a través dun final aleccionador e moralizante. O estilo é, inicialmente, humorístico, pero segundo a historia vai afrontando o seu devir, e de forma máis clara cara ao remate, vai tendo crecente presenza unha ironía que busca transformar o ton da trama, até chegar ao grotesco final.

A calidade lingüística amosa un coñecemento certo do idioma galego. Ademais, faise uso literario do manexo da lingua a través da introdución de coplas, que buscan salientar o ambiente rural e a orixe sociolóxica humilde a través da oralidade. Uns esquemas sociolingüísticos propios da época que, a día de hoxe, representan unha mostra palpábel dos prexuízos lingüísticos que aínda perviven en Galicia.

A estrutura espazo-temporal é, igualmente, tradicional, caracterizada por un uso lineal do tempo e unha imprecisión en canto ao espazo; recurso este último característico destes contos aleccionantes cuxa intencionalidade, a través da indefinición do espazo e o uso de ‘tipos funcionais’, é a de procurar estender a súa mensaxe moralizante ao maior número de lectores.

O argumento xira arredor de dúas mulleres, de orixe e identidade anónimas, amigas de andar de troula, que deciden seguir o seu costume nunha romaría do lugar.

A morte do home dunha delas impide tal posibilidade; máxime cando era o home quen as ía levar. Porén, non renuncian á troula e resolven acudir á festa un dos tres días que ía durar e, durante ese tempo e por un ferrado de millo, encárganlle a unha carpideira o quedaren a coidar do defunto. No desenlace, as mulleres volven bébedas e atopan a carpideira pregándolle ao morto porque o millo do pago sexa bo, momento no que unha das mulleres, dende o outro lado da porta contéstalle: “acogulado, acogulado”.

## **Contos de miña avó** **Acogulado... acogulado**

Eran dúas comadres moi festeiras, amigas de parrandas, de foliadas e de empanadas de raxo, daba groria velas, sempre xuntas e sempre malmurando, ou botando contas pra ir a tal ou cal santo, ou santa; nunca se enoxaban, nin berraban a unha coa outra; as dúas pensaban da mesma maneira, é dicir, porque só pensaban en parrandearse, esí é que, non había romaría, dinde Aldán asta Lérez, e dinde San Tomé astra banda do mar, aquelas non foran co asifate ben cheo, pra cumprir calesqueira pormesa, ou solamentres levarlle ó santo unha veliña, encomenzando por San Bras de Agute; pra cumprir a pormesa de unha dela, que tivera a gorxa mala (unhas papeiras) no ano pasado, seguindo con San Cibrán, pra lle quitar un feitizo que dis que tiña o home da outra, indo dimpois a San Benito, pra que os librase da disgracia, a Santa Lucía de alá da banda do mar por mor dos ollos, sin deixar ningún ano de ir tamén ós Remedeos do vrán, mais eiquí, iban solamentres, pra se divertir e botar uns netos de viño de Marín de riba, que tiña sona de ser o millor de por alí.

E agora vén o conto: era polas Sete Espadas, faltaba unha semana pró día de santa, e xa as dúas comadres, andaban arranxando as cousas prá romaxe, pois ese ano dis que iban a facer unha festa coma nunca, que iba durar tres noites con tres días, e elas querían botalos todos de romantela.

Chegou a víspera, e xa tiñan feitas dúas empanadas, unha de polos e outra de raxo de porco, e mais unha tortilla de chourizos, ovos cocidos, sardiñas fritidas, e outras cousas máis, en fin, unha enchente, coma pra tres días e mais pra seis tamén.

Mais o demo, que nunca está en paz, si non é atentándonos a pacencia, desbaratoulle os plans ás comadres festeiras, e na noite do día en que iban a saír, morreulle o home dunha, que era quen as iba levar, pois a outra, era viúda.

Cando se levantou pola mañán cedo a comadre casada, e veu ó morto, correu chorando sin consol á casa da comadre viúda, pra contarlle aquela disgracia, e as dúas encomenzaron a lamentarse, non pola morte do home, mais si por que iso priváballes de ir á romaría, e estiveron esí, astra que botando contas e ideando maneiras, diron con unha que lles gustou; a idea era da comadre viúda e vela aí cal era; buscarían unha muller que dándolle un ferrado de millo, choraría na casa polo morto, astra que elas volvesen da romaría, e que en lugar de botar os tres días, botarían un, dinde a mañán astra noite.

Esí o fixeron, deixaron unha choradeira, levaron cunchas e pandeiros, e fóronse á festa.

Cando alá chegaron, o primeiro que fixeron, foi deixa-lo asifate tras da porta da igrexa e oír a misa cantada; logo dimpois, buscaron por elí algún conecido que lles axudase a comer as empanadas e pasaron o día o máis divirtido que podían imaxinarse;

beilaron muíneiras e xotas astra cansarse, pois había un gaiteiro que daba groria oílo, e cando tocaba beilábase anque non se tivese gana.

Pola noite, fixeron por xuntarse cunha parranda das que iban pra descontra a aldea delas, e cantando e tocando pandeiros e cunchas, despedíronse das Sete Espadas astra ó outro ano.

Eí polas dez da noite, chegaron a casa, cansas de cantar e de tocar as cunchas, mais antes de entrar, quixeron ouír o que decía a choradeira, abaixáronse a mirar polo buraco da porta, e escoitaron.

Nese momento a outra lamentábase desta maneira:

Miña prenda, por chorarche,  
de millo danme un ferrado,  
¿mais el será cheo,  
ou acogulado?

Nisto, a muller do defunto, nun arranque de entuseasmo ó ve-lo ben que o facía, métrandolle as cunchas por debaixo da porta, cantoulle con toda a forza da súa gorxa:

Acoguladooo  
Acoguladooo...

ALBERTO DE CASTRO

## ALVARO DIOS VILLAR

Nada se sabe da biografía deste autor, salvo que emigrou a Bos Aires e que alí participou en diferentes publicacións, ben como directivo, ben como colaborador. É este último o caso da publicación *Aires d'a miña terra*, na que ademais de diferentes composicións poéticas, unha delas en galego –“Tempiños de mocedá”, no n.º 25, 25 de outubro de 1908–, asina nesta lingua o breve relato “Meu tío” (n.º 35, 3 de xaneiro de 1909)<sup>58</sup>, un texto no que se presentan, a modo de anécdota persoal, as cualidades dun crego de aldea máis amante da caza que dos seus fregueses. Trátase en certo sentido dunha edulcorada crítica ao estamento clerical.

---

<sup>58</sup> Tamén reproducido no número 2 da revista cubana *Airiños d'a Miña Terra* o 20 de maio de 1909.

## Meu tío

Non era un tío, como hai moitos, era meu tío, e por ende crego.

Cura nada menos, e cura solo, único da súa aldea, e na que sou nado eu, así como o digo.

Alí pasei o meu vran da vida, facendo trampas pra cazar páxaros e facendo tamén zocos e fungueiros.

O meu tío, era tamén mui cazador, nas carballeiras alleas sobre todo, é decir nas dos seus feligreses, que, dito sexa de paso, asubiaban moi baixiño polo medo que lle tiñan.

Donde puña os ollos puña os perdigóns, e dáballe un pau a calquera que lle revirase os ollos a San Baco patrón da súa lareira.

Cando el oficiaba na súa eirexa, deixaba a cadela solta na sancristía á espera de algún codelo, pra que logo o acompañase a cazar detrás do adro dónde abundaban as torcazas.

Unha mañán, meu tío discía misa, e, eu como sempre axudáballe a ela cando sinteu ladrar a súa cadela, alá dentro.

–¡Unha torcaza...que voa!... –dixo pra si–. Dominus vobiscum.

Mentra isto descía, pensou: hoxe é Sábado e mañán Domingo..., debo ir a facer unha boa caza; e así como o pensou o dixo.

Dimpois da misa, volveuse os seus feligreses e en estos térmenos porque esquecéranlle outros, díxolles:

–¡Moscardóns! Xa sabedes que a min non me deverte nada, máis que a caza, e que aquí fóra do adro hai moita, e moito tárdase tamén en ir por ela. Si mañán vos dixera as dúas misas como os demais Domingos cando chegue ó cazadoiro, xa non encontrarei nada, por que vosoutros, xa me andariades, a pedradas e a paus con ela. Así que mañán ás cinco a primeira e as sete a outra.

¡E coidadiño co que falte! Agora que vos vaia ben, e astra mañán...

O día seguinte, meu tío facía tocar a misa ás catro e media da mañán, e ás cinco empezaba a decila pra acabar ó cuarto.

Eso si, o meu tío, discía a misa mui axiña.

Ó chegar ó *ite misa est*, a xente empezaba a entrar, restregándose os ollos, e como os mozos viran que xa acababa, diron media volta.

Pro, meu tío, que estaba sempre ó quite díxolles con voz de trono: ¡Alto aí! Xa que estades dentro non vos volvedes... Non vos farei esperar ás sete, axiña vai a outra... ¡Todo o mundo de fuciños!...

Acabou a segunda misa sin que hubese desgracia ningunha que chorar nin de que queixarse; ó final volveuse as súas ovellas, –como lle chamaba aos feligreses,– falándolles de ista maneira:

–¿Queriades marchar agora pra retozar no adro e na taberna? Pois non señor...  
Xa que estades todos aquí, a rezar o rosario pois non me convén volver á tarde pró  
mesmo fregado.

O dito, todos a terra; xa comenzo. E ti, rapaz, cerra a porta da eirexa.

Rezou meu tío o rosario e canto tiña que rezar e ás sete e media el e eu estábamos  
tomando o chocolate con leite na sancristía.

Logo botamos pra fóra, el ca carabina ó lombo, eu con unha tarteira coa merenda  
e unha bota de viño.

¡Probe meu tío! ¡Que bo home era e que mal crego facía!

Todavía recordo a súa última prédica:

–«Fillos meus, –discía os seus feligreses, –estou moi enfermo, casi morrendo...  
Pronto mui pronto... Axiña vos deixarei... Tan burros como vos alcontrei tan burros vos  
entrego a Dios... A miña conciencia queda tranquila...»

Morreu fai máis dez anos, ós ochenta.

ALVARO DIOS VILLAR

Buenos Aires.

## AMBROSIO GIZ GÓMEZ

Sábese que foi un dos galegos emigrados a Montevideo arredor do ano 1880 e que alí, no Río da Prata, xerou os escritos que se lle coñecen. Foi autor do relato diglósico “El regreso de Farruco”, publicado no *Almanaque Gallego* (1902) de Bos Aires, no que tamén asinou en castelán “Tristeza y anhelos” (1898), “Panteón de Gallegos Ilustres” (1899), “Recordando a Galicia” (1900) e “La gaita” (1901). Algúns destes textos foron reproducidos na coruñesa *Revista Gallega* (1895-1907), de Galo Salinas.

“El regreso de Farruco” é un longo relato dividido en cinco partes no que se amosa o tópico de morte por amor. Un narrador en terceira persoa cóntanos a historia de Farruco e Mariquiña, aldeáns que se namoran mentres están ao coidado do gando. En América, o protagonista alfabetízase e emprégase grazas á axuda do Centro Gallego de Montevideo. Enxálzase así o labor societario da institución, facendo posíbel o ascenso social, en constraste coa felicidade imposíbel pola perda do seu amor. Interesa tamén este relato dende o punto de vista sociolingüístico, ao estar na súa práctica totalidade escrito en lingua castelá. Son os diálogos os únicos que están escritos en galego, como mostra de realismo e lóxica correspondencia cos personaxes, ademais de que o protagonista, unha vez que volve a Galicia, muda o galego polo castelán para se dirixir aos pais.



## El regreso de Farruco

### I

Eran Mariquiña y Farruco dos rapazuelos fortachos y hermosotes si los da la tierra gallega. En sus habituales tareas, que eran por entonces pastar los ganados de sus respectivos padres por las hermosas campiñas comarcanas, se veían con frecuencia, pero sin parar mientes el uno con el otro.

Un día juntáronse, casualmente, los animales que ambos cuidaban y envidiosos los que tenían mal pasto de los que lo comían bueno debido á la pericia de su guardián, liáronse á cornadas, disputándose la presa, los intrusos y defendiéndola con tesón los ocupantes, hasta que una buena dosis de palos, por vía de convincentes razones, puso paz entre los combatientes.

Dió este incidente margen á que Farruco y Mariquiña se dirigieran la palabra por vez primera, no ciertamente para decirse ternezas, sino para inculparse mutuamente la causa de la guerra habida entre los ganados y los desperfectos ocasionados en el cuero de algunos por los cuernos de sus contricantes.

Mas la disputa no pasó á mayores, porque, guapa y *feitizeira* la moza y arrogante el rapaz, mejor eran para avenidos que para enemigos.

Trocando, pues, el enojo por la amistad, pronto formalizaron una alianza *ofensiva y defensiva*, en previsión de lo que ocurrir pudiera con algún desconocido enemigo, y se dieron á proyectar juegos y diversiones que les hicieran pasar el tiempo lo más en armonía con sus edades y gustos.

Iniciaron unos y otras con temor primero, luego con mayor franqueza: y finalmente habíanse hechos tan amigos Mariquiña y Farruco, que no hubieran concebido la vida el uno sin el otro.

Cuando, anochecido ya, iba cada uno para su choza, alegre como unas pascuas, no se despedía de su amada sin hacerle recomendación especial de que concurriera al día siguiente á la hora más temprana posible, porque jugarían á esto, á lo otro y á lo de más allá.

¡Qué felices pasaban el tiempo!

### II

Farruco y Mariquiña concurren como de costumbre al lugar de sus reuniones; pero ya no juegan como lo hacían antes: son en sus conversaciones más circunspectos; ya no se miran frente á frente.

¿Qué les habrá sucedido; qué extraña transformación habrán experimentado aquellos diablejos, antes tan traviesos?

Es que se separaban por la noche alegres, juguetones, dándose fuertes golpes en las espaldas; ahora lo hacen tristes, cabizbajos, diciéndose tan sólo: *¿virás mañán?*

—*Eu si, ¿e ti?*

—*Eu tamén.*

–*Non faltes.*

–*Non faltarei.*

Y volvían puntuales, porque sólo estando juntos se hallaban bien; se sentían dichosos.

Pasaron así algún tiempo, sin hablarse apenas, hasta que un día Farruco, poniéndose más encarnado que la grana, habló de esta forma á Mariquiña:

–«Eu non sei que che me pasa, pombiña; verte e quedarme lelo é cousa dun instante.

¿Acórdaste cando xogabamos ás merendiñas; cando íbamos polas silveiras buscando niños, cando brincabamos no val?

*Pois ben; xa iso no che me agrade, xa che non teño gañas de brincar, xa non penso máis que en ti e parésceme pouco o tempo que teño para mirarme nos teus ollíños. Cando te vas pola noite parésceme quedar orfaniño; non poido dormir cando me deito; tárdame que veña o día pra correr a estas ladeiras, pra estar cabo de ti: ¡canto sofro si tardas; qué ledó me poño canto te vexo vir!*

*Dime, Maruxiña, ti quéresme?*

Dicho esto, clavó Farruco de tal forma sus claros ojos en los de Mariquiña, que ésta, no pudiendo resistir aquella llama que le abrasaba, bajó los suyos al suelo y, poniéndose muy colorada, dijo después de algunos instantes:

–*Eu non che sei, Farruquiño, qué cousas teño no peito: cando te vexo, rebuldan; trábanme cando non.*

*Acórdome cando xuntiños íbamos polas silveiras buscando niños, e dáme pesar lembrarme dos tristes píos que botaban ó vento os probes paxariños cando lles sacabamos os seus fillos. ¡Miñaxoiñas! ¿Que mal facían pra nosoutros facerlles tanto?*

*Eles querían os seus fillos como eu quixera os meus... como ti quixeras os teus!*

¿Recórdaste daquelas rulas que facían ó niño na póla daquel pino, que xuntiños pasaban o tempo que lles deixaba libre a terea de manter os seus pombiños? que xuntos buscaban o alimento pra darlles?

*Pois ben; eu quixera ser como a pombiña, cantarche cando estiveras triste, comer cando ti comeras, dormir cando ti dormiras. Quixera ser máis; quixera ser o aire que ti respiraras, pra darche co el vida; pra ir sempre contigo.*

Esto dicho, echó Mariquiña á correr con tal velocidad, que á los pocos instantes había desaparecido á las miradas de Farruco, que se había estado oyendo extasiado.

### III

Las tiernas palabras de Mariquiña acompañaban á Farruco por todas partes, figurándose las música divina, ecos celestiales.

¡Qué feliz sería él formando con aquella tortolita un nido de amor, a semejanza de aquellos pajaritos a quienes habían ellos sacado sus polluelos muchas veces!

Mas fuerza era pensar en el porvenir; en aquel porvenir en que muchas veces había pensado, y que veía muy obscuro; cada vez más obscuro.

¿Qué harían ellos, sin bienes de fortuna, sin práctica en la vida?

Además, sus pobres padres estaban ya entrados en años y necesitaban de su apoyo, que le sería imposible prestarles casándose con Mariquiña.

Seramente preocupado con la solución de aquellos problemas, que tanta fatiga daban a su inculto cerebro, pasó varios días sin ver a su Mariquiña, hasta que una mañana, más resuelto y aparentemente satisfecho, corrió á su encuentro para exponerla el plan que había concebido.

*–Veño, Mariquiña, díjola, a falarche do noso amor, que che me fixo pensar moito des que non te vin.*

*Eu quixera que nadia se opoñera pra que foras miña, pra que fixeramos un niño como facían aquelas ruliñas; ¿acórdaste?*

*Pro non temos con que facelo; ti probe, eu probe; teus pais están velliños; están os meus tamén, abandonalos fóra de malos fillos... eu non poido abandonalos.*

¿Que che parece, Mariquiña, se eu embarcara para América?...

*Veñen de alá xentes moi ricas, que foron probes. Traballando, din que alí se gana diñeiro; eu traballaría, ganaría e despois viría, casaríamonos, e seríamos os máis felices da terra, e con nosoutros seríanos tamén os nosos velliños. ¿Parésceche ben?*

*–Non sei que che diga, Farruquiño; aquí na miña cabeza, sinto unha cousa que me di que si, que te vaias, que así seremos felices cando veñas; pro aquí no peito hai outra que me di que non te vaias, que te quedes sempre na terra, que lonxe de min... me olvidarás, que morrerei quizais, que morrerás ti...*

*–Os teus tremores sonche vans; Mariquiña, ¿como te había de olvidar queréndoche tanto! ¿Morrerme? Tamén poidera morrerme eiquí.*

*Que ti podes morrer. Non hai que pensar nesas cousas, porque de pensalo volveríamonos tolos.*

Calló Mariquiña y cuando hubo pensado unos instante lo que digera Farruco, levantó sus ojos hasta los de éste y, queriendo ver en su alma, interrogando á su conciencia, dijo:

*–Ben, Farruquiño, cúmplase a túa vontade.*

*Non quero que mañán teñas causas pra botarme a culpa das privaciós que tiveramos.*

*O meu coranzonciño vai contigo pra donde ti vaias; si por outra o olvidaras, morrería de pena, pro non sería pra ningún outro home.*

Después de este diálogo, despidiéronse los dos amantes, tristes como es natural, mas resignados con su suerte.

Farruco fuese derecho a poner en conocimiento de sus padres el plan ya expuesto a Mariquiña. Hubo llanto, suspiros; todo lo que es dado suponer que haya cuando es

un hijo el que se marcha; pero fueron tales las razones que les puso por argumentos, que los pobres viejos no tuvieron más remedio que conformarse.

#### IV

Ya nuestro buen Farruco está en la bella Montevideo, con justicia llamada la *perla del Plata*, después de una travesía más penosa que agradable.

Sin parientes ni amigos a quines pedir apoyo o consejo, dijéronle unos paisanos que fuera al Centro Gallego en busca del uno ó del otro, pues aquella institución tiene por uno de sus fines, el procurar acomodo para el conterráneo que se halle sin el.

Su fisonomía simpática, la vivacidad de sus ojos, por los que se traslucía una inteligencia virgen necesaria de cultivo, así como los deseos de trabajar francamente manifestados, fueron recomendación suficiente para gestionar su colocación en calidad de peoncito en una de las casas comerciales más importantes de esta ciudad.

Poco tiempo necesitó Farruco para captarse la simpatía de todos en aquella casa, empleando para ello los medios más nobles: su laboriosidad y su carácter bondadoso, sin servilismo, y digno sin petulancia.

Un día le llamó el dueño del comercio á su despacho, y después de preguntarle si estaba conforme, si alguien le mortificaba, como le manifestara Farruco que de nada ni de nadie tenía quejas que dar, comunicóle que de allí en adelante sus tareas eran vigilar los peones de la casa, la carga y descarga de las mercancías y limpiar y arreglar el escritorio todas las mañanas.

Aconsejóle además que debiera aprender á leer y á escribir, aunque más no fuera, cosa muy necesaria, casi indispensable para poder ser algo.

—Si quieres, le dijo, yo te doy autorización para que concurras á las clases que da por la noche el Centro Gallego, en donde podrás aprender lo más necesario.

Cual ciego que anhela ver la luz, fuese Farruco al otro día á matricularse para las clases referidas, á las cuales concurrió asiduamente todas las noches, siendo considerado, por su aplicación y progresos, un discípulo modelo.

Merced á estas condiciones, pronto pudo satisfacer sus ardientes deseos de escribir á su Mariquiña y á sus queridos viejos, quienes estarían esperando como cosa caída del cielo, las primeras noticias del ser amado.

¡Que afán el suyo por saber, por aprenderlo todo!

Su principal le había dicho que para llegar á ser *algo* era necesario, cuando menos, saber leer y escribir, pues bien, él aprendería lo *necesario para* ser lo que su principal decía; pero no se pararía allí, porque cuanto mayores eran sus progresos, cuanto más sabía, más deseaba saber. No; no sólo de pan vive el hombre, pensaba en su fuero interno; el pan del espíritu es también un alimento necesario, indispensable para hacer vida racional.

Y prosiguió dedicando á sus estudios los momentos que le dejaban libres sus tareas.

## V

Nuestro buen Farruco ha dejado ya la humilde categoría que en un principio tuviera.

Su principal, queriendo premiar su inteligencia, actividad y conocimientos, fuéle ascendiendo, hasta convertirle en su secretario; más aun, en su consejero, en el confidente de todos sus negocios; solo le faltaba ser socio de la casa, y podría serlo, porque sus economías, sin tacañería, así como sus aptitudes le ponían en posesión de las condiciones necesarias para ello.

No tardó el dueño de la casa en proponérselo; pero Farruco, antes de aceptar tal proposición, dijo que deseaba ir á visitar á sus ancianos padres, á conocer su tierra y á recorrer algunos puntos de Europa, en los cuales podría, de paso, estudiar algunos negocios nuevos que pudieran emprenderse en lo sucesivo.

Aprobó el principal sus ideas, que mucho elogió, y en su consecuencia se puso nuestro Farruco á los preparativos del viaje, que emprendió muy en breve, con el alma anhelante, lleno su corazón de amor hacia el rincón que le viera nacer y para los seres que allí dejara.

¿Cómo estará mi Mariquiña, se decía; será siempre tan hermosa, será tan buena como antes lo era?

Sus cartas parecen demostrar lo primero, y de lo segundo pronto me convenceré.

¡Y vaya si escribe bien! Hasta parece mentira que una inteligencia tan inculta como es la suya, haya progresado tanto, pues hasta sus ideas se apartan de lo vulgar por lo nuevas.

¡Cuánto pudo la fuerza de la voluntad en nosotros!...

Aunque la travesía fué una de las más rápidas, á estar á lo que afirmaba la tripulación del barco, á Farruco le pareció muy larga y hasta sería capaz de afirmar que estaban equivocados los demás, tales eran sus deseos de llegar.

Cuando puso su planta en el muelle de La Coruña, no pudo por menos que exclamar llenos sus ojos de lágrimas:

*¡Hermosa tierra gallega, bendita; mil veces bendita seas!*

Después de corridos los embarazosos trámites de las aduanas, lo primero que hizo fué procurarse los medios de llegar cuanto antes al lado de sus padres, que ¡pobrecillos! Esperarían anhelantes la llegada del hijo del alma, y al de su Mariquiña, que no le esperaba con menos impaciencia...

Ya está nuestro héroe, en brazos de los primeros y después, de responder como pudo á las preguntas que éstos le hacían, preguntó por el otro bien de su corazón: Mariquiña.

—*Ai probiña!* Dijo la madre de Farruco tristemente.

—*Probiña*, me ha dicho Vd.? Qué tiene, le ha pasado algo, está enferma, ha m... No, no; dígame Vd. qué ha sido de Mariquiña, porque se me va la cabeza.

–*Entra, Farruquiño, entra; xa che contaremos o que queiras saber; ten pacencia, descansa do viaxe, que virás cansadiño.*

–Pero bien, deseo saber de Mariquiña, y si Vds. no me dan noticias tuyas, yo las iré á buscar ahora mismo.

–*Mal pejadiño; que boa era...*

–Como que *boa era*; ha muerto acaso...

–*Si, Farruquiño*; dijo el viejecito, muy tristemente.

*A probe Mariquiña des que te fuches enfermouse, según os médecos, de tristura; nunca máis cantou, non cha vimos rir máis; ela, que era tan rebuldona, puxóseche a probiña tan acabada, que se lle contaban os ósiños do seu corpo.*

*Cando soupo que ti viñas, púxose moi contentiña, parecía que se millorara, pro tiñache no corpo o lobo que a comería... e fai oito días que a comeu.*

Fuera tarea imposible la de pintar la desesperación de Farruco al recibir noticia para él tan dolorosa.

¡Pobre Mariquiña!

La fiebre del amor había consumido su vigoroso organismo durante la larga ausencia del ser amado; la felicidad del volverle á ver la había llevado á la tumba sin haber gozado de tan inmensa satisfacción.

¡Cómo ha de ser!

La felicidad no es completa en la vida.

AMBROSIO GIZ GÓMEZ  
Montevideo. Septiembre, 1901.

## AVELINO VELOSO

O descoñecido Avelino Veloso é autor de “Cuento”, publicado no número 448 da revista *El Eco de Galicia* (Bos Aires), o 30 de marzo de 1904. Nada se sabe sobre a biografía deste escritor, agás que foi durante un tempo presidente do Orfeón Gallego de Bos Aires, sociedade que levou á escena en 1904 os monólogos *Sen chousa* e *¡Xenio de raza!* e o diálogo *Por unha romaxe*. Tamén da súa autoría se representaron o xoguete cómico-lírico *Pra Virxen dos Milagres* (1909) e o melodrama *O arco d’a Vella* (1909). Escribiu tamén numerosas poesías, en galego e castelán, publicadas en diversas revistas da época como o *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda*, *Aires da Miña Terra* ou *La Gaceta de Galicia*.

“Cuento” é un relato diglósico<sup>59</sup> que narra a historia de Farruco, un mozo de Cecebre<sup>60</sup> que decide ir traballar a Castela na compañía doutros galegos (malia que estes intentan disuadilo para evitarlle ser vítima de mofas). Ao mes de traballo, decide voltar e pídelles os cartos que lle debe ao amo, pero este págalle de menos e golpéao cando reclama. Así e todo, o desenlace é feliz e Farruco volta á terra lembrando a composición poética de Rosalía de Castro: “Castellanos de Castilla/ Castellanos que aborrezco, castellanos de Castilla tratade ben ós galegos”. Neste caso, Farruco corre mellor sorte que o protagonista da cantora do Sar, pois non morre malia ser vítima tamén do sufrimento. Por outro lado, o relato, entre chocalleiro e reivindicativo, non deixa de amosar certo ton humorístico cando o mozo xustifica ante o patrón o abandono do traballo: debe regresar a Galicia porque lle pariu unha burra.

---

<sup>59</sup> En lingua galega só están as palabras do protagonista.

<sup>60</sup> Concello de Cambre.

## Cuento

Para mi cuñado Ángel Couto

Sabido es que todos los años, muchos campesinos gallegos, en su mayor parte jornaleros, emigran á las fértiles pampas de Castilla, para dedicarse á la siega y recolección del trigo, una vez concluídas ya en su pais las faenas agrícolas.

Es esta una costumbre tradicional que revela bien á las claras el carácter y virtudes de nuestros paisanos, siempre afanosos de conquistar, dentro y fuera del terruño, el pan de cada día; pan amargado por la crudeza de aquellas faenas, y mas que por esto por la poca solicitude y miramiento de los gobiernos, sordos siempre á las quejas de la población sufrida.

Y vamos al cuento. Uno de los últimos años, con un grupo de estos hijos del trabajo y la resignación que abandonaba los felices hogares de su tierra en dirección al mediodía, iban un tal “*Farruco*”, tipo verdaderamente original, que, por sus gracias espontáneas y gestos mímicos era el hazme reír de todos sus conocidos y amigos. Distinguíase á más por su haraganería y poco estímulo, pues se pasaba la vida cantando como los gallos de su erial, libre de preocupaciones, y á su amplio albedrío; así que, cuando quiso emprender con los demás la peregrinación á través de las montañas y hondonadas, á pie, sus camaradas trataron de hacerle desistir, pues, comprendiendo el carácter y temperamento de “*Farruco*”, sabían que no era hombre para semejante empresa y podía ocasionarles perjuicios de consideración, si se unía á ellos.

Pero nada consiguieron, al fin: *Farruco*, alucinado acaso por el brillo de aquellos pocos duros que los segadores mostraban todos los años cuando volvían á sus aldeas, saltaba de gozo pensando en la jornada; y, volviéndose á sus compañeros, decíales:

—¿Ei?... Aquí vai Farruco de Cecebre; chamádeslle folgazán; pero ha de tragner mais cartiños que vosoutros, e sinón, orella ó canto.

Por fin, un día emprendieron la marcha, y “*Farruco*”, haciendo oír siempre su robusta y hermosa voz, servía de entretenimiento y risa.

Ya en Castilla, entró á trabajar á par de los demás, con bríos de indomable segador, sin miedo al fuego del sol ni al mango de la hoz, siempre de buen humor y contento.

Llevaba trabajando treinta días, sin mostrar, al parecer, cansancio, cuando reunió una noche de luna, cerca de una pirámide de trigo, á todos sus compañeros, y les dijo:

—Compañeiros: eu non traballo máis. Esto non é para homes, senón para bestas. Mañán irei a cobrar o xornal do mes, e coa mesma tomo as de Villadiego para a miña terra. Conque, xa o sabedes; para morrer hai tempo.

Quedaron todos con la boca abierta, no dejando de comprender que en lo dicho había cierta verdad; pero con más atenciones, y esperando acaso más compasión en el trato que recibían, no atendieron la indicación de su compañero.



Al otro día, cuando los primeros tintes del alba manchega jugueteaban tras las altas sierras del lejano horizonte, Farruco se encaminaba hacia el pueblo, en compañía de otro amigo suyo, también segador; y una vez hubo llegado allí, dirigióse inmediatamente á casa de su amo para recoger el importe de sus jornales, y luego tomar rumbo á su idolatrado terruño: la nostalgia empezaba á herirle el corazón.

—Bos días, señor.

—¡Hola! Buen día.

—Veño a cobrar o que é meu.

—¡Qué! ¿no quiere trabajar más en la siega? ¿Ya está cansado?...

—Non estou cansado, non, señor; pro tiven carta da muller, na que me di que pareu a burra dos burriños, e teño por forza que irme moi axiña.

—Y por parir la burra...?

—Sí, meu señor; pola burra, e índa máis.

—Está bien, Farruco. V. es dueño de su persona.

—Xa o creo.

El amo de Farruco, era un comerciante en granos y “trapiche”; así que, haciendo sobre el mostrador las cuentas, siempre galanas, entrególe un puñado de sonantes monedas, diciéndole: “Toma, y vete; pero para las próximas cosechas no vengas pidiéndome trabajo, porque no te lo daré. Eres un solemne holgazán.”

*Farruco* miró con desconfianza aquel puñado de duros y pesetas, y, comprendiendo, por un despierto sentido práctico, que allí debía faltar dinero, comenzó á contarlos por los dedos, así y en alta voz: “Oito e oito, dezaseis; e oito, vintecatiro; e oito, trinta e dous; e dous, trinta e catro; asta corenta e seis...”

Retrocedió un poco, y levantando sobre la frente su sombrero, de anchas alas, exclamó:

—¡Ei! Eiquí faltan cartos. Esta conta non é boa. Veña o que é meu.

—Ahí no falta nada, exclamó el comerciante: está la cuenta justa.

—Non foi así o que tratamos, señor amo. A min correspóndenme corenta e seis pesos, e vosté dame trinta e catro, nada máis. ¡Veña o que é meu, ou arde o mundo agora mesmo!

—Aquí no arde nada, replicó el amo; y levantando el grueso metro de medir, asestó tal estacazo al pobre *Farruco*, que éste cayó seguidamente en el suelo, bañado en sangre.

Acudió el vecindario; vino el juez también, y Farruco fué llevado al Hospital en estado alarmante. Entablándose el consiguiente proceso, dió por resultado el pago íntegro de los jornales, más la indemnización de daños y perjuicios ocasionados al segador gallego por el comerciante, la cual ascendió á una cantidad igual á los haberes devengados.

Y cuando, completamente curado, *Farruco* se dirigia á su aldea dejando á sus compañeros envueltos en el polvo de los campos castellanos y la mugre de sus cortijos, se paró á mirar la tierra que dejaba, y con el robusto eco de su voz, repercutía aquel triste cantar de la genial Rosalía que dice:

*Castellanos de Castilla,  
Castellanos que aborrezco,  
Castellanos de Castilla  
Tratade ben ós galegos.*

AVELINO VELOSO  
Buenos Aires, 1904.

## BONIFACIO SUÁREZ

Bonifacio Suárez é outro autor descoñecido que publicou na coruñesa *Revista Gallega* (1895-1907), de Galo Salinas, o relato titulado “Fuxitiva” (n.º 632, 5 de maio de 1907), unha elexía de trazos bucólicos nos que un amante desconsolado recorda o amor perdido, levada pola morte. Por tanto, un relato breve de temática amorosa, onde o abuso das imaxes relacionadas coa natureza e a súa construción a través do contraste de ideas positivas-negativas, segundo o sentimento sexa de evocación feliz ou de desgraza, é o elemento máis destacábel.

Mesmo o narrador omnisciente tinxe ás veces a súa voz de tons poéticos, facendo uso da metáfora, da aliteración e doutras técnicas estilísticas de carácter lírico para eloxiar as virtudes da amada. Igualmente, na parte final do relato, para resaltar a súa dor coa morte, recorre a un símil de tipo romántico, característica frecuente neste tipo de subxénero e composición.

A linguaxe acumula sintagmas complexos cos que se proxectan imaxes vinculadas coa estación primaveral, cando se trata dun grato recordo, ou vinculadas coa estación invernal, cando se trata de laiarse e de implicar o lector na súa dor. Polo mesmo, esas imaxes están asociadas con motivos paisaxísticos e sensoriais de signo contraditorio, coas que busca a multiplicación de sensacións e a asociación destas co cambiante estado de ánimo da voz narradora ou, como dixemos, dunha posíbel voz poética.

A estrutura componse de dous corpos, un primeiro vinculado ás sensacións agradábeis provocadas polos fermosos recordos e un segundo asociado a un presente gris e doloroso. O marco espazo-temporal discorre da man da estrutura do relato: os recordos pasados teñen lugar entre fermosas paisaxes de brillante cor e doce son, mentres o triste presente se materializa nun cemiterio frío, gris, repleto de cruces de ferro como o que, sobre a tumba, ten a súa amada. A coherencia desta dimensión marca, en consecuencia, o cambio de ton do relato.

En definitiva, “Fuxitiva” non presenta máis ca unha reprodución de esquemas narrativos perfectamente coñecidos sobre un tema sentimental de corte romántico, fundamentado na evocación alegre fronte a un amargo presente pola ausencia dun ser querido.

## Fuxitiva

A primeira raiola do sol primaveral cruzou os espacos do ceo, e bastou só esa ollada do astro rei pra que a terra, rompendo o sombrizo manto con que o inverno a vistira, mostrase, libre xa da parda bretemosa que a envolvía, as belezas que atesoura.

Desde ese día a leda primavera invade as montañas e fai crecer os xuncos do lago. Frora estende os seus recendentes lenzos bordados con mil coores, pra que as bolboretas ausorbendo os delicados olidos que dispiden, leven mensaxes de amor nas súas pintadas áas.

Polos prados, cheos de frescura, zumban as abellas aspirando a rica savia que máis tarde convirten en sabrosa e dourada mel. O regato corre máis tranquilo, dando brincos sobre das pedras, coa súa danza de escumas bicando as azocenas e lirios que crecen nas beiras. As ispidas debles poulas dos árbores cóbrense de verde follaxe; convírtense en brillantes tollos as xiadas pelras do rocío, e os paxariños cantan con máis dozura. ¡Asta parés máis xubiloso o toque da campán que chama ós devotos pra entoar a orazón da tarde!

Coa celestial virxe das poéticas ofrendas unha estrofa máis resonou no ritmo eterno da vida. É o inverno que fuxe: fuxe coas súas neves perpetuas e cos seus arripiantes fríos.

Soilo pra os que sofren como eu sofro non virá o tempo.

Acompáñame unha melancólica relembanza pra mentras viva e unha cruz de ferro ó pé da tomba dun ser amado no cimiterio do lugar.

¡Ditosa a ialma que, como a isla encantada de Calipso, goza de constante primavera!

Bonifacio Suárez

## CACHARRISTA

Autor do relato titulado “Un choio de quintas”, publicado na *Revista Gallega* (A Coruña, 1895-1907), dirixida por Galo Salinas o 2 de xuño de 1906. Trátase dun texto de carácter costumista no que un narrador en primeira persoa relata unha historia que acontece, de modo impreciso, nun “pobo que é porto de mar da nosa Península Ibérica”. O argumento xira arredor dun home que leva ao seu fillo, “cativo, patitorto, medio lelo e cheperudo”, a que os médicos o declaren inútil para ir ás quintas. O narrador preséntanos dous pillabáns que se sitúan ao lado do aldeán e do seu primoxénito, para abrir unha estrutura dialogada na que un dos pillos, facéndose pasar por ordenanza, lle informa ao vello que se quere que seu fillo libre, terá que pagar cen pesetas. Este acepta inicialmente pero, unha vez que declaran corto o seu fillo, será el quen bulra os rillotes, lonxe de conseguiren enganalo. Xa que logo, as últimas palabras do conto, postas en boca do narrador, conteñen unha clara intención moralizante e de exaltación da intelixencia ou picardía dos nosos paisanos: “Agora, quen poida, que lla meta ós nosos leguleios de silveira, que lle mando traballo”.

## Un choio de quintas

Pois, señor, vouvos referi-lo conto tal e como eu sóupeno.

Din que aló na Diputación provincial dun pobo que é porto de mar da nosa península Ibérica, –e non diredes que non estou ben neste de xeografía–, estábanse efeutuando as quintas, e din que, pra que lle tallasen o fillo, chegou un peisano, que por sere moi cedo esperou no gran portal a que lle chegase o turno.

O mozo era unha lástima del señor: cativo, patitorto, medio lelo e cheperudo, por modo que este era o derradeiro reconecemento pra que os médicos déranos por enutle.

Ben; pois estaban pai e fillo roendo nunha codia de áceda broa e a carón deles atopábanse dous rillotes deses que aparecen en tódolos sitios en que hai inocentes que se caían no xogo das tres cartas, no cambio de moedas boas por billetes de Banco, que son anuncios, e outras trampas polo xeito.

Tempo levaban fillo e pai agardando a ves, cando un homiño con galós na chaqueta e mais na pucha, que decíase ordenanza non sei de que, acercándose a eles falou así:

–¡Ola! Vostede é o do ano último.

–Si, señor, –dixo o vello–, e mais doutros anos que tamén fóronlle últimos.

–¿E que se lle ofrecía?

–Xa ve, veño a que me lle tomen a medida ó neno pra que déixenmo en pas dunha ves e mo decraren libre por corto.

–Eso si que vai sere difícele, porque este ano recortaron a talla e van de soldados asta os nanitos da China.

–Irán, señor, irán; pro como vostede poderá reparar, meu neno somella un can sentado.

–¡Coitadiño! Pois, así e todo eu coido que non libre porque agora van ó servicio os mesmo gatos polo rebaixado da talla.

–¡Ai, probiños de nós! ¿E daquela que poderei facer para que tal disgracia non pase?; porque meu Manechiño aínda serve pra linda-lo gando, ire á herba; asoprar no lume e outros traballiños polo xeito.

–Non llo sei, anque se prométeme gardar o segredo direille o que ten de facere.

–¡Gardo, señor, gardo! A ver, fale.

–Pois o remedio estalle en sabere se vostede pode dispoñer de unhas cen pesetiñas.

–¡Cen pesiños! ¡Nin cen chaviños, señor!

–Non, home, non, cen pesetas... vinte pesos.

–¡Ai, non, señor!

–Daquela non conte co fillo.

–¡Xesús, Xesús...! Eu se fosen por aí uns cinco pesiños, aínda pode que rascando nos petos os axuntase.

–Eu falarei, ho, por máis que son dous os sarxentos a quen hai que untar, que eu pra min nada lle quero.

–¡Por sabido, señor, pro non podo máis!

–Daquela ceibe os cartiños.

–De primeiro libreme o neno.

–Ben, pois espere eiquí que o rapás non se estire cando lle metan a rodilla polo imbigo ou lle zumben na cherepa.

–Non teña cuidado.

–Pois agora o chamarán, e que se vaia tirando os zapatos dos pés e se presente descalzo.

O tal foise e os lampantís que estaban alí rentes miraron un pra o outro e soparáronse.

Chamaron por Manechiño: tallárono e nin a tres tiróns nin a dez tiros dou a medida, e non ben o sarxento dixo ¡Corto!, colleuno polas mans un dos ratas da porta, levouno pra fóra, encarouse co pai e lle dixo: –Ande pronto, veña con nos á Mariña que xa está choio arranxado.

E aló fóronse os tres, y en de chegando ó muelle díxolle o rillote que había escoitado a conversa co ordenanza: –¡A ver, veñan eses cinco pesos, que o ordenanza non pode vire!

–Señor, non lle teño eiquí nin un carto.

–¿E o prometido?

–Foi pra que me libran a Manecho.

–¡Ai que gran ladrón! Vouno afogar.

–Atenda, que non perde nada; mire, aló vén un celador que é moito meu amigo e cando eiquí chegue pídlle os cartos e págolle.

Cando o timador oíu esto deu en correr deixando ó paisano que non solo aforrou as pesetas se non que bulrou a ordenanzas e timadores.

Agora, quen poida, que lla meta ós nosos leguleios de silveira, que lle mando traballo.

Cacharrista

## CASTOR A. BARRERA

Os únicos datos biográficos de Castor de Aira Barrera atópanse na revista *Ilustración Gallega*<sup>61</sup> baixo a sección “Intelectuales gallegos”, na que se di que naceu en Triacastela e que obtivo o título de Procurador. Noméaronlo secretario do Concello da Fonsagrada, no que se ocupou das tarefas xurídico-administrativas. Ademais infórmase da autoría do libro misceláneo de prosa e verso, *Amar y sufrir* (1912). En galego, foi autor do poemario *Bágoas conxeladas* (1916).

Castor A. Barrera corresponde a Castor de Aira Barrera<sup>62</sup> ou Castor Aira de la Barrera<sup>63</sup>, autor do que se ten única noticia a través dos textos aparecidos frecuentemente na antedita revista e, de forma excepcional, en *Acción Gallega*. Na primeira publicación apareceron, en galego, ademais do relato comentado, dúas breves composicións poéticas de escasa entidade e calidade literaria: “Quérote” (n.º 14, decembro de 1911) e “Tanto da... ou qué?” (n.º 16, febreiro de 1912). A primeira é unha breve composición que, por nota ao pé asinada por Manuel López Peña –activo membro do Centro de Galicia de Madrid–, sábese que lle dedica á súa esposa, supostamente falecida había poucas datas. A segunda é unha rima breve de carácter humorístico, sen maior transcendencia artística, e menos aínda literaria. Por outra banda, Castor A. Barrera foi máis prolífico en castelán ca en galego, publicando, tamén en *Ilustración Gallega*, dende extensos artigos de reflexión íntima a breves contos morais de apenas unhas poucas palabras. Así mesmo, en *O Tío Pepe* publicou a poesía “Un sono”<sup>64</sup> (n.º 2, febreiro de 1913), dentro da sección “O bardo da Labrada”.

No que respecta estritamente á narrativa en galego, o único texto seu do que hai constancia é “Cáneba fallida”, publicada primeiro en *Acción Gallega* (maio de 1910), e dous anos máis tarde en *Ilustración Gallega* (n.º 20, abril de 1912). As únicas diferenzas entre ambos os textos corresponde á norma ortográfica que se lle aplica á escrita; estas diferenzas son, con todo, leves, motivo polo cal a edición deste volume os unifica nunha única versión.

En “Cáneba fallida” recórrese á temática de crítica social e política, articulando dentro do argumento varias mensaxes. A dimensión política –a que quizais se mostre de forma máis evidente– límitase á denuncia do poder en abstracto de dominación social e de control político que exercen os terratenentes e os caciques, por unha banda,

<sup>61</sup> N.º 23, 20 de xuño de 1913. Na mesma páxina, lémbrese a figura da súa muller, Jovita Páramo Díaz de Aira Barrera: “estaba casada con Castor de Aira Barrera, uno de nuestros más caracterizados literatos gallegos”.

<sup>62</sup> Forma na que se enuncia e recompila a obra deste autor na revista *Ilustración Gallega*.

<sup>63</sup> Forma na que se recolle o autor segundo Hermida (1995: 172). No xornal *El Disparate* publicou poemas baixo o nome de “Cocis de A. Barrera”.

<sup>64</sup> Asinada como Cástor de A. Barrera.



sobre unhas institucións de goberno supostamente democráticas, e por outra, sobre unha estrutura social nominalmente xusta e igualitaria. Faise esta denuncia a través da descrición destas relacións de poder: coa presenza arredada e omnipotente do cacique, a transmisión por terceiros dos seus abusos e ameazas, así como a posta en claro da súa capacidade real para a ‘compra de votos’. A denuncia social elabórase dende unha dobre perspectiva, ben a través da denuncia da paupérrima situación social de asoballamento e pobreza á que se ven sometidas as clases populares galegas, ben a través da denuncia implícita que supón a elección da emigración como saída a unha negativa situación vital persoal e colectiva.

O carácter de denuncia do texto xustifica, en parte, a elección de personaxes funcionais que, na brevidade da trama e o argumento, fosen quen de representar os roles típicos dos terratenentes e caciques, do pobo asoballado, e do contrapunto político liberal como discurso ideolóxico que pretende acabar cos primeiros e procurar o benestar dos segundos. O uso da dimensión espazo-temporal, bastante ambigua en canto á situación da acción, cadra coa pretendida amplitude na transmisión da mensaxe que parece querer buscarse. Ademais, as intencionalidades de crítica social e de posicionamento político quedan (máis) claras dende que a voz narradora, coa súa omnisciencia, é a que constrúe e determina a perspectiva cualificadora sobre as accións e sobre os personaxes. Deste xeito, o lector non ten marxe á dúbida se trata de dilucidar cales son as intencións ora dos personaxes, ora da voz narradora, ora da vontade autoral.

A estrutura parece elaborada en tres partes, cunha composición bastante clásica para este tipo de relatos: a presentación, centrada nos personaxes do humilde Pepe da Rodela e do liberal Don Ramón; a crise, coa longa aparición do cacique e dos seus secuaces coas súas esixencias e ameazas, e o desenlace, no que se solucionan as liñas argumentais abertas de forma sorprendente para lector e personaxes. Unha estrutura que, ademais, no tocante á mensaxe, parece articularse en forma de tese (primeira parte), antítese (segunda parte), e síntese (terceira parte).

A linguaxe mantén unha relativa calidade, sobre todo no que se refire ao manexo dos diálogos e ao estilo, relacionado coa oralidade. Con todo, o ton sobrio e directo do relato non permite entrever maiores competencias lingüísticas daquelas que son de esperar nun texto destas características.

“Cáneba fallida” é unha breve obra narrativa que, vista comparativamente con respecto ao resto da produción de Castor A. Barrera da que se ten constancia, trátase dunha disonante novidade. Isto é así en canto representa o único indicio dun discurso social e político do autor.

## Cáneba fallida

Rastrexaba a nebra pola serra coroando os petoutos do lugar, e como non facía vento, barrallaba mainiño e menudo: non parecía unha ialma polos eidos, pois como decían os vellos, “é auga de bobos e molla ós cordos.”

Ó pé da lareira, sentado no escano, fincados os codos nas rodillas i a cabeza entre as mans, mesmo parez que dorme o probe Pepe da Rodela: moi lexos de eso; o peso de cen pensamentos, cárgalle os meolos e non encontra outro amparo máis que as súas propeas mans.

Se a sorte respondera á súa voluntá i as súas forzas sobráballe alma pra bater contra a disgracia que o persigue. ¡E pensar como el pensa que son máis valentes as alimañas do dominio, da curia e do fisco pra vencer o seu valor i o seu esforzo, ¡mala centella!

No ástrago, mirando como pingan as goteiras está o fillo máis vello, o que axuda a seu pai na cavada, que alistan nas quintas iste ano, pensando na sorte que lle espera, e de súpeto preséntase diante del un señor de a cabalo dunha boa mula, e despois de darlle as boas tardes díxolle:

–¿Está teu pai na casa?

–Está, si señor

–Pois dille si pode facer o favor de salir a fóra

–Ai, pai, veña que o chama eiquí un señor

–A Pepe da Rodela deulle unha volta a sangue, i estuvo pra escapar pola porta da aira mais repoñéndose un pouco pensou que esconderse non é de homes, e saliu a fóra

–Ola, don Ramón, así se alegre Dios de a miña ialma como eu me alegro de velo: ¿e que milagro?

–Veño da feira e non quixen pasar sin verte pra decirche o seguinte: tu e todos os que tedes voto, sodes os que podéis poñer remedio a tanto mal como se causa ós labregos, elixindo Diputados e rexidores que non vos emboben ofrecéndoos o que non cumpren e derrochando os cartos que pagais: veño pedirche o voto.

–Don Ramón: ninguén mo merece como vostede, que ten moita razón no que dice, e de contra, ningún favor lles debo ós que servín astra agora

–¿Podemos, logo, contar contigo?

–Non, señor, non conte comigo, xa sabe que o amo non me deixa.

–Pois logo sempre seguireis así.

–Eu non sei como se a de remediar esta escravitú, don Ramón.

–Xuntaivos todos, asociaivos pra facer o que vos conveña a vosoutros, e veréis cómo ninguén vos leva do ronزال, e iredes libremente onde vos dea a gana pra defender os vosos dereitos i os vosos intereses. –Vaia, adiós, Pepe.

–Que lle vaia ben, don Ramón.

–I este home, quedou pensando Pepe, é un bon home, dícenos a verdá, je que non podamos crebar estas cadeas que nos amarran, pra atender ó que dice, e despois das atencións que sempre tuvo conmigo, é abondo!

Meditando estaba nesta idea, cando o fillo volveulle a berrar.

–Ai, pai; vén pola costa abaixo o criado do señor amo.

–¡Mala centella cho coma! Vénche pola renta e polo voto e polo demo que o leve: dille que non estou na casa, –i esto dicindo correu a esconderse no palleiro.

Chegou o criado á porta e díxolle ó rapaz:

–¿Donde está teu pai, Míngos?

–Non lle sei, non lle está na casa.

–Pois cando veña dille que lle dice o amo que o día vinte vaia votar onde as outras veces, je cuidadísimo! xa sabe que lle debe a renta de dous anos.

–¡Ben se decataba meu pai! –dixo Míngos pró seu chaleco, e quedou en darlle o recado.

Aquela noite Pepe da Rodela non cerrou ollo pensando na súa situación, na súa librtá, na súa xente e no pouco que é capaz un home de ben traballando sempre nesta terra, que se non é de escravos fanlles ser á forza ós que naceron libres; e como esto non bastase, cando amaneceu, ó abrir a porta, o primeiro que botou á cara foi a trapisondista da Rasela, quen a boca de xarro como o que pon un trabuco ó peito, requiriuno deste xeito:

–Pepe, se pró día vinte non vas votar por onde eu che mande vai preparando as mil pesetas que me debes i os rédetos de dous anos, que xa sabes que son outros corenta pesos, que se non mos pagas heiche embargar astra a respiración.

O da Rodela baixou a cabeza e despois dun pouco contestoulle: Bueno, bueno, xa farei o que poda –pra xorobarvos a todos os larpeiros– dixo prós seus adrentos.

\*\*\*

Vén o día vinte e Pepe da Rodela non apareceu pra votar.

Ó día seguinte ¡quen vía bulir ó amo, ó usureiro, ó recaudador de consumos pra poñer en movemento á curia i ó axente executivo e ir nun brinco a Rodela!

I outro día estaban moi cediño á porta de Pepe un escuadrón de axentes da xusticia, acompañados do amo e do usureiro, e por listos que anduveran, anduvo máis o da Rodela: chamaron á porta e ninguén contestou, buscaron veciños pra testigos, e logo que se xuntaron e lles preguntaron pola xente daquela casa responderon eles:

–Nesa casa non quedou ninguén. Pepe, desesperado i aborrecido de traballar e pasar fame, vendeu todo canto tiña, asta ó gato, e marcharon pra Buenos Aires con muller e fillos, xa ha de haber oito días. Ó oír esto dixo o amo: Ben! a renta segura me queda, a de ir tras dos bes; e repuxo o usureiro:

–¡Vaia con mil demoños!

O axente do recaudador encolleu os ombros e dixo: “Cáneba fallida”.

Cando subían pola costa os calabaceados, decía un veciño:

–Saliuvos a burra capada; nin renta, nin principal, nin rédetos

–¡Nin voto! –dixo outro.

–Apretai agora, condenados, rosmou un vello.

–¡As espuelas! –contestou un mozo.

Cástor A. Barrera

Fonsagrada (Lugo), Maio de 1910.

## CELSE GERPE

Celso Gerpe posibelmente sexa irmán do sacerdote lugués Luís Samuel Gerpe González. Sábese que foi administrador da revista *Aires d'a Miña Terra*, tal e como se recolle na sección de “Domingo á Domingo” do n.º 28 (15 de novembro de 1908). Tamén foi o responsábel dun par de “Contos pequenos”, publicados no n.º 14, 9 de agosto de 1908 da mesma revista.

Ambos os contos teñen como tema a crítica social nun ton moralista-relixioso e un estilo costumista. As actitudes e os comportamentos sociais serven de leitmotiv para criticar a deterioración dos valores relacionados coas dúas esferas nas que teñen lugar as respectivas anécdotas: o matrimonio e as relacións de parella, no primeiro conto, e o respecto ao devir eucarístico, no segundo. Común, tamén, é a voz narradora, unha mesma estrutura, sinxela, e un estilo narrativo cheo de recursos propios da oralidade, que lles imprime viveza e expresividade.

Os personaxes posúen a representatividade funcional que requiren os contextos escénicos: un matrimonio no primeiro conto e un crego e o seu acólito no segundo. De feito, é a carga de significado que estes personaxes teñen a que constrúe unha gran e importante parte do contexto da historia, ademais de ser o marco de comprensión do humorismo que conteñen os respectivos argumentos. A dimensión espazo-temporal, ou ben non se precisa, ou evítase a concreción de forma explícita (“dunha parroquia que non vén ó caso”), co que os relatos ven reforzada a importancia de argumento e personaxes, en canto é o seu carácter recoñecíbel en certos ámbitos o que favorece a empatía co lectorado.

Celso Gerpe vén ser simple canle de transmisión a partir da cal chegan a publicarse dous pequenos relatos anecdóticos de ambientación popular e de posíbel tradición oral e fondo moralizante, nos que o humor se utiliza para achegarlle historias histriónicas e aleccionadoras ao público lector.

## Contos pequenos

Home e muller disputaban certo día moi acaloradamente, véndose o home por tal causa, acometido dun síncope.

Como non daba sinais de vida, trataron de enterralo ó día seguinte.

Cando iban co il pro cimiterio, i ó pasar por debaixo dun carballo, volveu en si, e non tuvo labor de máis présa que facer, que botarlle as maus a unha ponla do carballo, pra quedar agarrado a ela fortemente, librándose asina de ser enterrado vivo.

Pro resulta que ó ano da pasada liorta, máis ou menos, tiveron outra máis forte que lle ocacionou unha verdadeira morte.

Contan que cando o levaban pró cimiterio i ó pasar outra vez por debaixo do mesmo carballo, a muller dou en berrar discindo: “arredai do carballo, pra que non suceda o conto do ano pasado”

Un día de Pascoa, o Abade dunha parroquia que non vén ó caso citare, tiña que discir no sermón da misa: “¡que baixe o Espírito Santo!”

Pois ben: pra que o conto fose o máis real posible, díxolle ó monaguillo:—Preto do ventanuco da torre alcontrarás unha pomba que eu deixei atada e presa pola atadura cunha pedra do tellado. Ti irás pra xunto a pomba, e cando eu no meu sermón diga: “¡que baixe o Espírito Santo!”, ceibas á pomba polo ventanuco pra que escomence a voar pola eigreja.

Foise o rapaz a cumprir ó pé da letra o que o Abade lle dixera. Doulle un forte repique ás campás e dimpois prantouse preto do ventanuco.

Dou en busca-la pomba, pro en van. A pomba non estaba. Tan soilo un fato de prumas revoaban polo tellado. A pomba fora comesta por un gato.

Chegou o señor Abade a disir: “¡que baixe o Espírito Santo!... ¡Que baixe o Espírito Santo!...”

O rapaz, non sabendo o que facer, meteu a cachola polo ventanuco, e cando o Abade se alcontraba chamando polo Espírito Santo dou en berrar discindo:—¡Siñor Abade, siñor Abade... ó Espírito Santo comeuno un gato!

Pola recoleuceón  
CELSO GERPE  
Buenos Aires

## CORRECÁS

Asinado como Correcás apareceu na revista *Follas Novas* da Habana un relato de escaso interese literario intitulado “As mañás de Maripepa” (n.º 530, 28 de xullo de 1907). Nállase en primeira persoa o que lle acontece ao narrador cando á súa casa da Habana chega unha galega do concello de Ordes para traballar de asistente de fogar. Aparentemente, moléstalle a actitude da moza por pasar todas as noites a bailar e a cantar, pero a súa actividade tamén lle trae á mente “todos os recordos daquela terriña”. Ao confesarlle a Maripepa, esta tómao a mal e non volve cantar. O relato, que aparentemente só quere confesar un claro sentimento de saudade polo afastamento da terra, remata envolto en certo xogo amatorio cando a moza rompe o seu silencio coa cantiga tradicional coa que aproxima o final do relato.

## As mañás de Maripepa

Maripepa, ou Maripepiña que é como eu lle chamo para distinguila da outra Maripepa, é unha rapaza que fai pouco máis de dous meses que chegou de alá, de unha parroquia xunta Órdenes un pobo que hai na metade do camiño da Cruña a Santiajo.

Veú Maripepiña, traendo como todas as que veñen de alá, unha chea de ilusións na chola e unhos zocos nos pés deses con remontas de coiro que non escachan na vida e unha sola de pao de ameneiro con sete u oito brochas que hai que velas.

Nos primeiros días que Maripepiña levaba na casa donde ela sirve e eu vivo, que é un cacho da terra galega, todos somos de alá, sintía eu polas cinco da mañá un tou poto-tou escaleiras arriba, escaleiras abaixo e no portal que semellabase unha tronada con lóstregos e todo.

Eu que iba, e aínda vou, pra o leito ás catro da mañán, sintía aquilo i entre xuramentos, poucos peros bos, e outras exclamacións que así Dios me salve como facían abanear astra os calzós que tiña colgando dun cravo na pared, daba no leito voltas e voltas e renegaba daquelo que me escorrentaba o sono.

Déronme ganas de saír do cuarto i escomenzar a paos con quen me despertaba daquela maneira, mais un día non foron solo os ruídos os que sintín, oín tamén caladiñanamente na porta do meu cuarto unha cantiga gallega que trouxo á miña mente todos os recordos daquela terriña, e sin abrir os ollos crinme levado a ela polas alas do vento i escoitaba os murmurios dos ríos e dos pinares e respiraba aqueles aires cheos dos perfumes das frores e astra pareceume que alí ó pé da cama, o can dos conexos xa rebulía e avisábame de que era hora de ir para o monte coa carabina...

Destas mañás débolle a Maripepiña moitas. Xa llo dixen un día, pero a condanada tomouno a mal e creendo que eu llo decía de mala maneira, porque non me deixaba dormir, gardou os zocos e non volveu a cantar máis.

¿Está o paxaro na muda? Pregunteille un día.

¿Por que non me cantas Maripepiña?

Canta, muller, canta.

Non ves que son un neno que pra dormir preciso que me canten...

Escoitaba ela calado canto eu lle decía e botábame de reollo algunha miradiña como querendo adiviñar si eu falaba ou non en serio.

E o que ela debeu pensar de min o vades a ver.

O outro día de pidirlle eu pola ialma do que lle fixera os zocos, que polas mañás cantara na porta do meu cuarto, ela cantou, pero cantoume esta cantiga:

Non te rías, non te rías  
non te rías de ninguén,  
non te rías, non te rías  
que se rin de ti tamén.



Tiña razón. Ela ríase de min. Pero xa mo dirá de misas. Cando leve oito, ou dez anos fóra da terra, xa vera como lle gustan as coplas e como vai a vir a pedirme a min que llas cante e... non me vai a atopar.

CORRECÁS

## D. RODRIGO DÍAZ

Nome co que aparecen asinados dous relatos no xornal de Bos Aires *El Eco de Galicia*: “¡Que me caio! Conto que vai para algures” (n.º 626, 10 de marzo de 1909) e “Contas ben botadas” (n.º 628, 20 de outubro de 1909).

“¡Que me caio! Conto que vai para algures” é un texto extraordinario na súa temática no que se poden identificar trazos correspondentes á literatura romántica, á fantástica, á de aventuras, ou á literatura de crítica social. Romántica, posto que é unha relación sentimental o motor da narración, o leitmotiv que leva o personaxe principal a abandonar o lugar no que reside para comezar a viaxe que inclúe as experiencias que compoñen o relato. Fantástica, pola natureza dos sucesos que levan á reflexión de maneira fugaz de temas como a morte, a existencia das pantasma ou a resurrección. De aventuras, sobre todo pola propia estrutura narrativa do conto que, como é habitual neste tipo de historias, consiste nunha serie de peripecias ás que se debe enfrontar o personaxe de forma sucesiva, superando os distintos obstáculos que lle van aparecendo até o final. E de crítica social porque o fondo do conto é o de construír un marco –deseñado a partir da suma de todos os elementos antes mencionados– de superstición e de ignorancia que é o que, coa súa actitude valente e racional, o protagonista combate e desenmascara. O entrelazamento de todos estes elementos temáticos nun argumento coherente con intencións didácticas claras é o principal mérito literario dun relato con certas notas de calidade que se debe, cando menos, considerar aquí.

A estrutura do texto é clásica, dividida en tres partes claramente diferenciadas: unha primeira de presentación do personaxe principal e das causas e circunstancias que motivan o inicio da súa viaxe; unha segunda parte de desenvolvemento, onde a sucesión de peripecias serve para enfocar e subliñar o fondo do conto de criticar a superstición a partir da actitude de valentía; e un final onde non só se pechan todos os fíos narrativos, senón que tamén se conclúe cunha ensinanza final sobre as moitas e valiosas recompensas que se poden recibir dunha actitude racional e valente.

“Contas ben botadas” é un relato bastante máis sinxelo ca o anterior, cun tema de crítica social moito máis directo. Co embarazo dunha muller xorden as sospeitas da veciñanza sobre a paternidade do futuro fillo. A estrutura configúrase a través da sucesión dunha serie de escenas breves, cada unha delas coa intención de fixar unha parte do cadro conxunto que constrúe a historia: na primeira escena preséntase o feito do embarazo e unha posíbel infidelidade; na segunda introdúcese o compromiso da voda como unha saída moral posíbel á relación; na terceira dáse conta das razóns para casar e na cuarta conclúese cun final humorístico que pecha o fío narrativo.

A trama defínese a través duns personaxes que, ao mudaren en cada escena, permiten unha visión caleidoscópica e complexa do tema e da situación que se narra.

Esta visión testemuñal acentúase aínda máis co feito de desenvolver o argumento unicamente de forma dialogada, excluindo a voz narrativa. O uso da lingua, por tanto, está adaptado con coherencia e soltura a un rexistro oral popular que se utiliza con habilidade a través das fórmulas dialectais ou os xiros expresivos. As cursivas parecen ter unha intencionalidade, en canto destacan datos ou expresións concretas sobre as que se quere chamar a atención do lector.

A dimensión espazo-temporal dá algunhas referencias, como o nomear a cidade de Ourense. En todo caso, non son abondo precisas nin directas –pois non teñen que ver coa historia central que se está a contar– como para poder situar o topos da acción. Nada se indica sobre a dimensión temporal.

D. Rodrigo Díaz asina en “San Luís”, cidade arxentina, dous contos de irregular calidade e significación, cunha profunda raíz popular e intención social. No primeiro relato, denuncia a ignorancia, as supersticións, a través dun personaxe que serve de modelo a imitar, e no segundo –dende unha perspectiva oposta a este caso anterior– amosando actitudes e comportamentos sociais negativos, así como as súas consecuencias inesperadas. Unha obra anecdótica pero cun claro obxectivo didáctico que é, quizais, a súa máis interesante achega.

**¡Que me caio!**  
**CONTO QUE VAI PRA ALGURES**

Era Xan un bo rapaz, traballador e de poucas falas, pero mui amigo dos seus amigos.

Ademais desto, era un garrido mozo, polo que, máis de catro rapazas do lugar se darían por mui satisfeitas si Xan tivera a ben fixarse nelas.

Pero il, que como levo dito era serio e mui formalote, non gustaba de enganar ás mozas con frases amorosas que il non sentía; unicamente a que se podía vanagloriar de que Xan se fiase nela, era Rosiña a do señor Alcalde, o tío Xerónimo o Habanés, unha garrida moza que era a envexa de tódalas mozas do lugar.

Rosiña, tamén pola súa parte non vía por outro ollo, correspondendo así ó cariño que Xan lle tiña. Pero como niste mundo non hai gusto comprido, e nunca falta un diaño que meta a pata, o diaño niste caso resultaba ser o tío Xerónimo, pois sendo Rosiña rica i ademais filla úneca, non quería permitir que a súa filla se casase con un que non tiña en qué cairse morto.

Rosiña, por iste motivo, tiña que ouvir un sermón por día, pero sufría e calaba, non deixando por eso de querer a Xan, esperando que o tempo amainase e que seu pai cambiase de modo de pensar.

Vendo o tío Xerónimo que con sermós non facía nada, dispuxo un medio que tendo como tiña a vara na man, non dubidou en poñer en práctica esperándolle dese resultado.

Si llo deu ou non alá veremos.

Eran as dúas da mañá cando Xan se retiraba pra casa de falar pola ventana coa súa Rosiña, indo contento pois a rapaza non daba tino a seu pai nin a ninguén, xurando que sería de Xan ou non sería de ningún outro.

Xa cerca da súa casa sorprendeuse ó ver que dous homes se lle puñan diante armados cada un dunha navalla de media vara. Xan non tivo tempo máis que de dar un salto atrás e metendo a man baixo dun ombreiro sacou unha moca que sempre consigo levaba, e defendéndose tan ben o fixo que quedaron os dous contrarios tumbados; non mortos, pero si atolondrados dos mocazos que Xan lles dera na cabeza.

Supoñendo Xan de onde viña o golpe e coidando estarían mortos, antes de verse preso pola xusticia xusgou máis prudente abandona-lo lugar.

Andivo toda a noite. Chegando as oito da mañá frente a unha Eirexa que estaban varrendo dous homes estaba o abade con iles.

Adiantouse Xan e perguntou si habería traballo pra il. Mirouno o cura de arriba abaixo e perguntoulle si quería quedar de sacristán.

—De moi boa gana —respondeulle Xan— o traballo non creo sea mui pesado i eu son forte e maores traballos teño feito.

–Pero hai que ver –díxolle o cura– que nesta Eirexa din que andan almas en pena e non hai home que se comprometa a estar de sancristán por esta causa.

–Si non é máis que eso –dixo Xan– eu non lles teño medo ás ánemas i estou disposto a cumprir co meu deber.

–Pois non ha máis que falar –dixo o abade– quedaste de sancristán.

Imposto no seu novo oficio, cumpriu cos traballos do día cal correspondía, quedando o abade satisfeito do ben que se dispuña.

Chegada a noite tivo que ir tocar ás ánemas, abriu a porta da Eirexa i entrou, cando chegou ás escaleiras da torre onde estaban as campás quedouse parado ó ver unha calavera, cuxos ollos, boca e narices alumeaban. Non se amedrentou por eso, fixouse e viu que era feita de cabazo cunha vela dentro; comprendeu polo tanto que pra poñerlle medo alguén puxera aquilo, sacou a moca que sempre consigo levaba e dándolle un golpe apagouse a vela rodando o cabazo astra o fondo das escaleiras.

Siguiu pra diante ialcontrou outras varias calaveras polo mesmo xeito que sufriron a mesma sorte que a primeira.

Pero non contaba co que lle esperaba no campanario que era o máis grave.

Colocado debaixo da campá grande, que era a que tiña que tocar, estaba un morto dentro do caixón coas maus agarradas á corda que estaba atada ó badal. Catro cirios alumeaban a escena que era pra impoñer a calquera.

Xan quixo agarra-la corda pra tocar, pero tan presa a tiña o difunto que non a soltaba.

Visto esto, cruzouse de brazos e dixo:

–Vamos a ver, ¿tocas ti ou toco eu?

Ningunha contestación tivo, repetindo a pregunta por outras dúas veces, pero vendo que continuaba calado, agarrouno e dándolle un golpe tirou caixón e difunto da torre en baixo.

Unha vez libre o badal, tocou ás ánemas e volveuse polo mesmo camiño pechando a porta da Eirexa.

Xa no adro quixo ver ó morto, pero ¡cal non sería a súa sorpresa vendo que era o mesmo abade, quen entón estaba ben morto, gracias ó viaxe que lle fixera dar dende o campanario ó adro!

Vendo que si esperaba máis tempo espúñase a que o prendesen, xuzgou prudente poñer terra por medio.

Axudado pola escuridade da noite, fuxiu lonxe,alcontrándose cando alboreaba cansado de tan larga caminata. Buscou un sitio de xeito e botouse a dormir que boa falta lle faguía.

Estaba anoitecendo cando despertou, e como non lle conviña entrar ó lugar polo medo a que o collesen, dirixiuse a unha casíña que sealcontraba soila ó pé dun monte, na cima do que había un pozo antigo coas paredes coasí caídas.

–Ave María –dixo ó chegar á porta.

–Sin pecado concebida –contestaron de dentro– ¿que se ofrece mozo?  
–dixo saíndo á porta un vello como de setenta anos– ¿como anda tan tarde por istes sitios?

–Son un pasaxeiro que busca onde pasa-la noite –contestou Xan– levo todo o día camiñando e colleume a noite neste sitio. ¿Non me podrán dar pousada por tódolos santos do Ceo?

–Non é por falta de vontade mozo –díxolle o vello– pero a casa é tan pequena...

–¿Non vive algún naquil pozo? –perguntou Xan.

–Ise pozo fai moitos anos que está nise estado, e non hai quen poida vivir nil; haberá unhos vinte anos, antoxouselle a un quedarse unha noite, i á mañán apareceu teso. Outro que tamén se quixo botar de valente, fará doce anos, tivo a mesma sorte; xa contaba meu difunto pai outros casos do mesmo xeito. Dise que anda unha alma en pena, e todo o que se queda unha noite nil anoitece e non amañece.

–Quixera quedarme nil –dixo Xan– entroume a curiosidade por sabelo que pasa no tal pozo.

Quedouse o vello coa boca aberta, pasmado de somellante deseo, pero Xan que lle entrara cobiza por sabelo que no tal pozo pasaba, non houbo modo de convencelo.

Déronlle ovos, pan, viño e unhos torresmos pra que fixera a cea, i ó pozo se encaminou a pasa-la noite.

Xa dentro, o primeiro que fixo foi ver onde estaba a cociña pra prepara-la cea.

Fixo fogo, arimou a sartén ó lume e cando máis entretido se alcontraba, sentiu unha voz que do tellado viña:

–¡Que me caio!

–¡Cáite con mil demonios! –contestou Xan seguindo na súa faena.

–Non ben acabara de decir esto, cando caiu un brazo dun home ó seu lado.

Xan, sin amedrentarse, colleuno e tirou con il a un rincón da cociña.

–¡Que me caio! –volveu a repetir, caíndo outro brazo que Xan lle dou o mesmo destino do primeiro.

Diste xeito foron caíndo tódalas pezas dun home que Xan iba tirando según caían ó rincón da cociña.

Unha vez que tivo a cea disposta, púxo a na mesa i empezou a comer con bastante fame, pois fame debe ter o que fai vinte catro horas que non entra bocado.

Xa estaba a medio comer, cando ó seu lado viu un home sentado facéndolle compañía.

–¡Ai home!, –dixo Xan– ti debes tamén ter fame cando te sentas á mesa, vouche pór un prato pra que comas.

E dicindo e facendo púxolle prato e tenedor.

O home nin se moveu nin contestou nada.

–Podes comer con confianza –dixo Xan– pois eu doucho de boa gana, i alégrome o comer con compañeiro.

Nada, nin unha palabra, nin un lixeiro cambio de postura.

–Pois ténche fame meu amigo, non te podo atender polo momento.

Acabou de cear e recolleu o sobranche, sentándose outra vez encendendo un cigarro.

–¿Queres fumar? –dixo alargándolle a petaca.

O mesmo silencio por parte do compañeiro.

Vendo Xan que non podía sacarlle palabra ó que ó seu lado tiña, continuou fumando tranquilamente recostado sobre o banco en que estaba sentado, seguindo coa vista as espirales de fume que da súa boca se dirixían ó teito.

–Posto que tan coraxudo estiveches asta agora –dixo o aparecido rompendo por fin a falar– espero que terás coraxe pra seguirme.

–Estou disposto –dixo Xan– pero antes quero saber quen eres, que fas eiquí e qué queres de min.

–Son o último descendente da familia de quen era iste pozo, estou penando unha gran falta que cometín e quero que ti me axudes, pois tódolos que astra agora eiquí estiveron morreron de covardía; ¿acovardaraste ti tamén?

–¿Quen dixo covardía? –repicou Xan erguéndose– vamos onde queiras.

–Pois sígueme, –dixo o aparecido botando a andar.

Siguiuno Xan, saliron da cociña, e por un corredor chegaron a unha sala en que todo era pedra, astra o teito. No centro dunha das paredes había unha porta secreta que o aparecido abriu con soilo tocarlle.

Pasada a porta seguiron por un subterráneo, conociendo Xan que a cada paso iban introducíndose máis ó centro da terra.

Xa había coma dez minutos que camiñaban cando se lle apagou a Xan a luz que levaba, mais non por eso se amedrentou.

–¿Tes medo? –díxolle de pronto o compañeiro a Xan colléndoo dun brazo.

–¡Quen dixo medo! –contestou– pero non apretes tanto, non sea que me vexa obrigado a saca-la moca i enseñarte a ser máis moderado.

–Pois xa que non tes medo todo canto ves é teu –dixo desaparecendo de repente.

Xan mirando a todos lados, vendo a escuridade que alí reinaba botouse a rir dicindo:

–Como non vexa máis hei de poder ben con todo.

Pero de repente viu unha luz lexana i alí se dirixiu, alcontrándose no medio dunha sala alumeada cunha lámpara que pendía do teito. A unha das paredes había arrimado un armario que Xan abriu, alcontrándose que estaba atestado de diñeiro e alaxas, de todo o que Xan fixo boa provisión, e alumeándose coa lámpara volveuse polo camiño que viñera.

Como sealcontraba cansado deitouse, quedándose pronto dormido, e cando despertou era xa ben entrado o día.

Deixou a porta pechada e foise ver ós vellos que lle deran as claves do pozo, os que se quedaron asombrados de velo sano e salvo, gardándose ben de decirlles nada do que lle pasara, sobre todo do que dos caixós do armario sacara.

\* \* \*

Voltou á súa casa, como viña rico xa o alcalde non se opuxo ó casamento coa filla; hai máis, os que levaron os paus quedáronse con iles, i a coestión do abade nunca se soupo quen fora, pois non conoscendo a Xan nin habendo testigos do feito botáronlle terra ó asunto.

Escusado é decir que Xan fixo varias escursiós ó pozo onde tiña a súa fortuna, non dicindo nada a ninguén e gratificando cal correspondía ós vellos que sin querer o puxeran en posesión de tantas riquezas.

D. RODRIGO DÍAZ  
San Luís, 1909

## Contas ben botadas

### I

–Bos días, tío Chinto. ¿Como é eso, que tanto madruga coa mañá tan rabiosa que se presenta?

–Mui bos chos deseo, Farruco; vexo que non son eu soilo a madrugar cando ti, que sei que che gusta a cama, me tomáche-la dianteira.

–Que lle quere, tío Chinto; *hai gustos que merescen paus*, como dixo outro; i eu hoxe quixen, a pesar da xiada que caíu esta noite, deixa-las mantas antes de que o día alumease.

–Por algo será, Farruco, que tanto madrugas; teño pra min que *non hai louco sin idea*, i a túa debe ser algunha importante cando te sacrificas a deixa-las mantas tan de mañá.

–Nin pouco nin moito, tío Chinto, o levantarme hoxe tan cedo non foi con idea, ¡abofellas!

–¡Boa che vai, boa! non che digo que a can vello non hai *tus tus...* ¿pensas que a min me fas creer que te levantache porque si nun día coma hoxe i así vestido como si fora en día de festa?

–Créame, tío Chinto, que lle digo a verdá, teño que ir á vila e xa ve que cando se vai a Ourense hai que ir en traxe do día de festa.



–¡Acabáramos dunha vez! pero velaí, non cho creo, pois si eso fora certo diríasmos máis antes sin andar con tanta volta; ademais, ti non soilo estás en traxe de día de festa, ti estás como disposto pra un casoiro; dime a verdá, Farruco, ¿quen se casa?

–Pois ben, tío Chinto; vexo que con vosté non se pode gardar nada, cácase o Ramiro do tío Aráxola.

–¡Que me dis Farruco!; entón, despois de tanto pelexar cos pais conseguiu ó fin que o deixasen casar, porque supoño se casará coa Ramona a que estivo servindo co *Castellano*.

–Coa mesma, tío Chinto, pois nunca o Ramiro tivo outra noiva. Con que, tío Chinto, agora que sabe o que deseaba espero non me deixe quedar mal.

–Perde coidado, Farruco, pois xa sabes que sei gardar un secreto.

## II

–Que sea por moitos anos, tío Antón, vexo que por fin non se pode dar creto a todo canto se di, pois sempre me decían que vosté non deixaba casar ó seu fillo.

–Non deixaban de ter razón os que tal aseguraban, pero que lles queres, Benito, obrigación dos pais é precurar que os fillos cando se casen miren algo máis que buscar muller, pero... por fin somos pais.

–¿E non estaba comprendido na quinta? Eu teño pra min que entrara iste ano en sorte.

–E non te inganas, Benito, e tivemos que pagarlle quinto pra se poder casar, e bos cartiños que nos custou, co que gastamos había pra onhas cantas xuvenças.

–Si, pero vosté debe ter seus aforros.

–Non creas, Benito, si fora eu soilo non daba xunto pra paga-lo quinto.

–¡Ah! Conque entón tivo quen lle axudase, ¿e canto lle custou?, perdone si son curioso.

–¡Tres mil réas Benito, tres mil réas que non sealcontran tras dun fento!

–¿E quen lle axudou a pagalos? sería seu consogro.

–Naturalmente, Benito, il puxo *mil e medio* i eu outros *mil e medio*.

## III

–Vamos, Ramiro, xa fai dúas horas que empezou a trulla e ti non bailache nada, dá media volta i encárate coa Ramona, e que vexamos como punteades.

–Índa é mui cedo, Xulián, pois hoxe debo maus ben atender ós amigos que a mesma muller.

–Tódolos amigos xa sabes que te disculpamos, e demasiado coñeces que somos de confianza; conque fai o que che digo e non te fagas de rogar.

–Non pode ser, Xulián, eu, en poñendo os pés no torreiro, xa sabes que *bailo sempre*, i eso hoxe non pode ser.

–¡Ah! ¡Vamos, xa caio...! ¡a Ramona!... dime, Ramiro, en confianza... de qué tempo...

–Pois *catro meses, tres semanas e cinco días*; xa ves que hai que ter eso en conta.

#### IV

–Mirade pra Farruco das Barxas que animado sealcontra con Pepa do Cuco, abofellas que si non temos outra troullada antes dun mes non andará mui lonxe.

–Parece que chegaches hoxe, Benito, ¿non sabes que xa fai mais de medio ano que se di que se casan?

–¡Que me dis, Xulián!. Esa pra min é noticia nova. Mira, mira pra aquela parexa que non fai caso da xente que a súa beira sealcontra; escoita, Antón, ¿non hai algunha parentela entre ti i a tía *Canónega*?

–¡Como non vai haber!, é miña tía pola boa guía, o tío Canónego era irmán de meu pai. Pero mirade pró Ramiro, está coa Ramona como si fose a primeira cita, calquera diría que se casaron hoxe.

–Non, burrán, non sabes porqué lle garda tantos miramentos, antes de cinco meses teremos torradas.

–¡Tan logo! ¡Vaia home, ti botarías ben a conta?

–Non son eu quen a bota, xa a ten botada o mesmo Ramiro.

–Entre ti e mais il sodes moi amigos; eu así o creo, Xulián, de modo que non me estrano que sepas tanto.

–Non vos riades, pero ás veces convén saber si as contas están ben botadas.

–Explicáte, Xulián, ¿de canto tempo, di...?

–Pois... *catro meses, tres semanas, cinco días e doce minutos*, xa vedes que a conta non pode estar millor botada.

D. RODRIGO DÍAZ  
San Luís, Septiembre, 1909

## EDUARDO BERMÚDEZ

Eduardo Bermúdez é, pola escaseza da obra documentada e as nulas referencias biográficas que sobre el existen, un autor do que non se coñece ningún dato biográfico. O seu único texto narrativo publicado en galego é “¡Que razón tiña o compadre!”, premiado cun accésit no certame literario promovido polo xornal vigués *La Oliva* en 1908 e publicado ao ano seguinte, primeiro, en *Aires d’a Miña Terra* de Bos Aires (n.º 36, 10 de xaneiro de 1909), e despois, en *Vida Gallega* de Vigo (n.º 3, marzo de 1909); indicando en ambas as publicacións o galardón obtido no concurso. As leves diferenzas entre ambos son exclusivamente de carácter gráfico ou a representación da segunda forma do artigo<sup>65</sup>.

O relato é de temática social, no que, a partir das posicións diverxentes de dous grupos de personaxes, se reproduce o debate sobre as perspectivas sociais da Galicia da época. Por unha banda, uns personaxes, pais dun fillo innominado, representan a posición daqueles que apostan pola permanencia en Galicia, por procurar o porvir da prole na vida clerical e por asegurarse a través desta vía, a propia seguridade familiar. Por outra banda, a posición do outro grupo familiar, que reflicte a falta de fe católica na sociedade en xeral e no afillado en particular –renegando en consecuencia da vida clerical como posíbel alternativa de futuro– e conclúe que o porvir está entre a pobreza de quedar en Galicia ou a incógnita da emigración. Este debate conclúe o fillo, na súa única intervención, co acto de emigrar sen dicirlles nada aos pais e coa epístola aclaratoria ao padriño. O título é o sintagma que pecha o relato e que, posto en boca dos pais, non só dá resposta á discusión entre os dous argumentos, senón que tamén acada o consenso unánime arredor das posicións máis laicas e progresistas.

O relato, articulado nunha estrutura clásica de tres partes (presentación, desenlace e conclusión), incide na análise da realidade social da Galicia da época, expón as distintas actitudes que fronte á aquela situación se daban na comunidade e toma claro partido por unha delas. Malia a voz narradora, omnisciente, permanecer na ambigüidade, o personaxe de Chusco do Souto marca os temas coa súa participación nos diálogos e coa conclusión final.

A dimensión temporal, coa referencia concreta que se explicita na carta do rapaz ao padriño, datada en xaneiro de 1908, parece querer amosar o tempo presente á data na que este texto se presenta ao concurso do xornal *La Oliva* e a direccionalidade é continua e sucesiva. A dimensión espacial ten referencias concretas en vilas como Boiro, Arzúa e Ourense, así como a referencia a Galicia como ámbito xeral do relato. A lingua amosa unha viva expresividade e riqueza léxica, mediante

---

<sup>65</sup> Para saber máis sobre os aspectos de edición dos textos que se recollen neste volume, véxanse os criterios recollidos ao seu inicio.

un diálogo que é a fórmula principal de expresión de ideas e de verquer as mensaxes. A aparición recorrente de exclamacións e reclamacións de *feed-back* transmiten a idea do apaixonamento da discusión, como recurso lingüístico de uso racional e coherente co fondo do texto.

## ¡Que razón tiña o compadre!

Grande era o medo que Xan Boiro e Sabel Sobrado tiñan á vellés.

Casáranse madureiros, tiveran un solo fillo a quen, pra darlle unha carreira de moitos rendimentos, pro que non tivera cargas de forza maior, discurrían como gastar os poucos eidos, prados e pequenos soutos que como lixítima deixáranlles seus pais.

Ningunha máis mellor que facelo crego; con calquer outra podía casarse, ter fillos, e con tal motivo tirar prá súa casa, por aquilo de –“o casado casa quer”–, facendo así pouco caso dos cangados vellos. Así pensaban os dous tortuliños que cincuenta, e corenta e catro anos, polo seu orde, xa tiñan.

O padriño do rapaz, Chuco do Souto, conselleiro da casa, era quen non estaba conforme, co latín sobre todo, sendo o seu gusto que fose ou labrego, ou que embarcase prá América, onde el tiña tres fillos, que por certo xa algús cartiños lle mandaban.

As prácticas do Chuco non valeron. O rapaz estudou o Raimundo Miguel (din que o estudiou), e os pais, facendo sacrificios, metérono no siminario pra libralo mellor de malas compañías, que nunca faltan a feixes nas cibdades.

¡Estades condenados, compadres! –berraba Chuco cando a visitalos iba–  
¿Estades froxos pró traballo? Tomade un criado, e o rapaz que traballe, que tamén nosoutros non folgamos. ¿Queredes un agarimo? Cando lle chegue o tempo, que se case, e todos xa vos cuidaredes. ¿Non sabendes que quen dá en vida o que ten merece paus? E quen tira o que ten ¿que merece? Pois vosco, estades tirando canto tendes.

Pero compadre –repicaba Xan Boiro–, ¿non ve que xa está na filosofía? Si vosté o escoita cando fá...

Vades rípitirme: *Todo nome de varón, própeo, do vento...* estou cheo de oírvos a mesma cantinela. De abondo sei que todos cantos animás hai na terra, non son máis que puñados de aire pousados nele por pouco tempo, pra logo volverse ao aire pra que non se acaben as tormentas.

¿E que lle vamos faguer, si o neno quer ser crego? ¿Non ve, compadre, que Dios o chama por ese camiño? –Tamén decía Sabela pra calmar a Chuco.

Non é certo. Son contos que van pra Arzúa. Quen o chama sodes vosoutros. ¿Sabendes o que lle sonsaquei cando fun a Ourense na semán pasada? Escoitar que chove: “Burro eu siría si non estudiase pra crego. Focen na terra os animás; que pra min bos xamós, boas galiñas, bon viño e boas entradas, e ¡inda máis!, como xa vosté entende, padriño, non me han de faltar”. –¿Sabendes como pensa o estudante? Pois este é meu afillado.

Pero, ¡compadre!...

Comadre, non perdamos tempo. Pra maestro de escola (que boa falta nos fai na parroquia), ou agrimensor, eu pago metá dos gastos. Pensalo ben, mañán quero a resposta. ¡Compadre! ¡Chuco! veña a...

Deixo, home, deixo. ¿Non ves que está tolo da cabeza? Sempre que non sea crego, e que non sea crego. ¡O compadre está levado dos demos!

¡Sabela!... ¡poida que el teña razón!

¿Xa queres amistrador? ¿Que queres de un home, cando apenas vai á misa?

Chuco... di cousas... que nosco non entendemos, e outras que debiamos...

Déixao que fale, home, déixao que fale.

A verdá é que o rapaz siguiu a carreira; mais non sin que os probes vellos tiveran que vender algús eidos e empeñar outros aos usureiros. ¡Caro lles custaba o entoxo de ver o fillo no altare; pois en coresma vivían, facía catro anos, e estaban como dous bacolaus secos.

Como solo faltaba que o obispo chamase a ordes, pra que o fillo dixera misa nova, os vellos botaban contas.

¿Sabela? ¿e non virá Chuco a ver a primeira misa do afillado? ¡Dous anos xustos fai, que esta casa non pisou!

É mui raro. Recibe moito diñeiro dos fillos... tomou a peito o do rapaz... ¿e quen sabe? ¡Olla!

Dios garde á boa xente, compadres.

¡Compadre! ¿e non morreu? ¡Dous anos...! –os dous a un tempo dixeron.

Herba ruín non peligra, e máis tarda un pino en medrar; –contestoulle Chuco, sentándose nun mal tallo e reollando como aquela casa parecía roubada, e sin poder por menos de sentir frío no corpo ao ver as escuchumizadas caras dos compadres. –Quero darvos unha nova. O neto do tío Andrés do Couto, colgou os manteus.

¡Non diga, compadre! –dixo Boiro.

O dito. Ver que carta lle escribiu ao padriño.

¡Está o mundo perdido! E había de decir misa cando cando o noso. ¡Como estará o avó! –escrama Sabela.

Empezo:

“Cruña 2 de Xaneiro de 1908.

Querido padriño:

Nunca como hoxe reconosco en vosté un talento natural, ao mesmo tempo que decraro ser eu galopín indino de ser seu afillado. E agora, cando a grandeza dos seus consellos vexo craro. ¡Que Dios perdone tanta cegueira!

Cando vosté lea esta carta, eu xa non verei outra cousa que o mar, o ceo e o barco que me leva ao novo mundo. Neste viaxe cheo de tristeza e de amargura, non hei de olvidar os meus velliños, nin a vosté, nin tampouco a miña aldea, que dela nunca eu saír debера.

Dúas cousas me obrigaron a embarcar: un deber de concencia, e ver que nada casi aprendín en trece anos de estudos, que meus pobres pais pagaron.

Estas dúas cousas despertaron en min un cisma, que nin comer nin dormir un momento me deixaban.”

Compadre, coma gracias a Dios os meus fillos mándanme máis do que preciso, quero fagueros o regalo da misa nova. Toma: estas son as escrituras de como nada debes.

¡Chuco!

¡Compadre!

Non perdamos tempo. Sigo lendo, e escoitar debendes:

“A primeira naceu en min, empezando pola materia, que falando mudamente díxome: –Non pra morrer en ti vin ao mundo. Paga a deuda que me debes. Sobre as convenencias a que me obriga un mundo mal gobernado, a esencia da razón se impón. –Despertou a conciencia; e a voluntá que a crego me empuxaba, cal peza de roupa que unha lavadeira torce, torceuse; ¡e dende entón os libros de latín da miña beira fuxen! ¿Como eu xurar o que o corpo non quería? Caigan as maldicións dos pobres vellos sobre min, si por contra a miña conciencia está tranquila.

A segunda naceu escoitando a un bachiller de quince anos, que ao lado dos meus vintecatros, deixoume coa boca aberta e avergonzado. Cálculos, astronomía, física, química, historia natural..., en fin, de todo ben falaba, mais eu nada apenas lle entendía. Foi a monteira que marchar me fixo, pra aprender mundo que ao tempo desprecei; e agora, querido padriño, sea vosté o consolo dos meus velliños; sálveos no que poida e que non lles falte de comer, na seguridá que vou disposto a fozar na terra e coidar ovellas (pois pra outra cousa non sirvo), na esperanza de redimir os eidos, e de que vosté non perda un carto. Xúrelle, padriño, que todo hei de pagar. E mentras eu non poida mandar algú cartiños, nada escribirei; razón pra que vosté cure as feridas que tanto eles como eu fixemos.

Conozco a grandeza da súa alma, e mal afillado eu sería si dela dudara.

Reciba o respecto de quen tamén o quere como un fillo...”

¿Por que chorandes?

¡É o meu fillo, compadre!–dixo Sabela, limpando as bágoas.

¡É un raio que vos parta! É un home enxebre dende hoxe, chámase Pedro Boiro Sobrado, e dende agora, eu son seu padriño. Aí tendes vinte pesos pra irvos gobernando.

¡Compadre! ¡Compadre! –gritaba Sabela.

¡Foise! –dixo Xan Boiro. E mirando un pró outro, chorosos, escramaron:

¡¡¡Que razón tiña o compadre!!!!

## EL CANTOR DEL CATADOIRO

Con este pseudónimo aparece asinado en *El Eco de Puenteacaldelas* o relato bilingüe “Palique Gallego. No alto do Catadoiro II” (1913), o que fai supór que hai unha primeira parte desta parola da que non se ten noticia. O máis significativo do conto son os datos xeográficos de ambientación rural (Famelga, Esfarrapallada...) e que xunto coa palabra “Catadoiro” (incluído no nome e no título) sitúa o texto no entorno físico da comarca do Pontevedra.

O texto, de pouco interese literario, presenta unha estrutura dialogada entre dous personaxes, con fala galega un e fala castelá o outro, o cal, reforzado co tratamento de Don para o que fala castelán, reflicte as diferenzas sociais no uso lingüístico. Pepe, cara o remate da conversa, resérvase a falar do que sabe por medo ao que o escoite o “Cantor do demo”, quen ademais recita os versos do cantar popular “Eu ben vir estar o moucho”. Destaca así a presenza de elementos propios do mundo das crenzas e a superstición, que o autor aproveita para pór de manifesto o síntoma da incultura e carencia de instrución que sufrían os humildes.



## Palique Gallego No alto do Catadoiro

### II

–Hola señor Pepe, conqué por aquí outra vez?

–É verda, don Lucas, santas tardes teña vosté; por aquí volvo, como xa lle prometín na outra semana.

–Y por fin le empetaron la obriña o se la pagaron?

–Ai, si señor. Razón tiña vosté, abofellas tiña, de que eses dous prójimos non se comían un o outro; pero eu tiña medo, porque precisaba os cartos pra mercar unha xuvenca na feira da Famelga.

–Pues, me alegro, señor Pepe de que la resolución del asunto, haya sido satisfactoria para V.

–Por eso mesmo; porque sei que me quere ben, vinlle decir i ademais para contarlle que non sei quen pudo ouír a nosa parola do outro día, co raio dun Cantor que xa o podían ter levado os demos describiu todo nun preódeco.

–Hombre, es verdad, que oí hablar de eso.

–Si, don Lucas, e tanto lle falaban, que o mesmo na casa do Capitán 19, que na de Carmela, us cantos nugalláns, andaban a tombos ca risa e decían, co más chocante era da tripa rota.

–No me hable, no me hable señor Pepe, que ya una mujer por causa de eso, a poco hace una agresión.

–Meiajas fóra, señor don Lucas, e logo vosté xa ten medo; pois dígolle que fose o cocemento das herbas; ou abruxa, ou ca vergonza, os da sanidá, xa nos declaron libres da peste.

–¿Pero es verdad? ¡No sabe cuanto me alegro!

–D. Lucas; vosté parece que está con présa hoxe?

–Efectivamente estoy, que me aguarda un amigo para pasear.

–Pois eu quería seguirlle contando máis cousas que sei.

–Bueno, pues entonces hágalo luego, que le escucharé.

–Pero teño medo que nos oiga ese Cantor do demo ¿Ora mire por arredor?

–No hay nadie, hombre, no hay nadie.

–Estonces direille antes de nada que na voda do outro día, aqueles larpeiros, dempois de encher o bandullo, mandaron ir aquelas cousas que cantan como os homes.

–¿Fonógrafo?

–Si iodójano ten razón señorío; e cando estaba no forza do cantar un da Esfarrapallada que levou ustrumento pra compañar e que xa estaba con boa graduación, quixo botar man el e pensando que perdera dou de voces i as mulleres asombráronse de tal maneira, que fuxiron todas pa casa.

–Ya que de fiestas habla ¿que me dice, señor Pepe, de la verbena de San Pedro?

–Mire, don Lucas aquilo foille unha parodia mui ben feita. Veulle Rocha ca súa cadrilla chamado por cinco brasileiros i on Lisboa, i o pobo xuntouse todo; homes e mulleres, grandes e pequenos, gordos e flacos, mancos e coxos, e dempois fomos cantando asta chegar onde a casa do Marqués do lombo rapado. Dende alí recuamos pra tras e viñemos outra vez pra cá; pero chegando na casa do Capitán foi o máis bonito porque a muller do tal Capitán e mais Carmela, andaban agarradas polos pelos i a puñetazos que metía medo. Mala prea –decía unha– sin vergonza –respondía a outra, que eu xa vendo a cerveza a tres reás e ti, véndela a peseta. A primeira chamaba polo seu José pra que lle fose decir o home que bebe moito, que xa tiña a dezasete cartos.

–Pero y por qué era la riña?

–Certo, certo non se sabe; uns decían que era porque o Rocho cenara con Carmela; outros porque beberan máis noutro sitio, en fin o demo que as entenda.

–¿Y como terminó el asunto?

–Acaboulle con ele ese seu amigo que pasea moito con vosté, que lle dixo: tanta vergonza tendes unha como outra, o que mereciades era ir índa pra la de C... Dempois seguímoslle asta alá arriba astra que lle foi día, pero non nos pesou, recoiro, porque un home alto sei que lle estorbamos o sono, rifounos tanto que por pouco se bota a nós, e todo paraba ben, se non fose un diablo que iba con nós, que en vez de calar, subeuse a cima dun valado e botoulle esta cantiga conocida:

Eu ben vin está-lo moucho  
na cima daquel penedo  
non che teño medo, moucho,  
moucho non che teño medo.

I estonces botouse encima de nós a pedradas, que se nos fireu, debeu ser pola espalda.

–Usted es un pavelo señor Pepe. Adiós, adiós que tengo prisa.

Páseo ben logo, D. Lucas.

EL CANTOR DEL CATADOIRO

## FRAY AMADEO

Publicado no xornal *El Eco de Puentecaldelas* en decembro de 1913 e asinado por Fray Amadeo, aparece o relato “Carta sin sobre”. O texto, de escasas pretensións literarias, axúdase da ironía coa finalidade única de satirizar as accións dos caciques do lugar. Neste senso, a localización espacial é clara: a parroquia de Tourón hoxe en día pertencente ao concello de Pontecaldelas<sup>66</sup>.

---

<sup>66</sup> Antigamente, Tourón foi concello independente de Pontecaldelas.

## Carta sin sobre

Srta. Anxela Pernas Longas  
Rabo de Can

Miña farturenta Anxela: Saúde e cadelas che dea o noso Deus e Señor pra poderes gastar comigo na primeira ocasión que nos vexamos.

Anxela, estou loucamente *encantado* do moito que me queres e estimas. Sabía que me querías moito, pero tanto, tanto como demostraches quererme coa última lembranza túa, léveme o demo se pensei que me quixeses Dios cho agradeza muller; pois gracias ós teus bos *sentementos* poiden comer a noite de Navidá bacalao e grelos a fartar. ¿Cando eu che poderei pagar semellante *fineza*?

Na miña vida, muller, na miña vida poderei pagar; pois ben sabe Dios que índa ben non teño unha *onza xunta* non sei quen demoro lle di ós caciques que eu teño cartos, co outro día xa os teño enriba de min pra esfanicarme e deixarme sin unha céntima.

Olla, nontronte andaba eu paseando por debaixo dos carballos da feira e de repente vexo ós meus pés unha cousa que me pareceu bolsa con cartos; tan contente quedei que sin ver siquera o que facía, dobrei o espiñazo, derexín a man dereita á terra e, ó pouco tempo, levanteina traíndo a bolsa que no chan estaba; metín a man no bolso, e deixei quedar alá no fondo aquela bolsa que eu pensaba estaría chea de onzas de ouro ou cando menos de prata. No pensei eu solo, Anxeliña, pois coma min engañouse outro que non digo quen é porque teño medo que me demande; pero aquel si que se engañou, pois índa ben eu non levei a mano bolso da monteira pra gardar a bolsa, xa se puso el facéndome señas desde a ventana pra que eu fora xunta el. Tiven medo que *me alfarracase*, e non me movín do sitio. Pero, malo raxo, seica lle cheirou tamén o xuez que eu tiña *cadelas* que non tardou un nadiña en mandar a xunta min o porteiro maor, avisarme pra que fose alá canto máis antes.

–Trai vosté a citación? –pregunteille eu o porteiro.

–Traigo, si señor.

Léoa lixeiro e ¡nunca Dios no mundo me dera! Diante os meus ollos vexo a cuarta demanda ou a cuarta *medalla*, que o mesmo. Estiven pra botarme da Ponte a baixo, pois xa me doi a cabeza con tanto traballo como leva o Xues por culpa miña; pero acordándome que no bolso da monteira tiña unha *fortuna* non quixen facelo, astra xiquera gozar dela e do mundo algo. Agachei nun buraco da corte a bolsa e marcheime correndo ó Xusgado; xa alí, tiven que reconocer porque eran miñas, *vinte e dúas «crías» que parín no «Eco da Ponte»*, e pór a firma miña ós pés de cada unha.

Dende que acabei de reconecer «fillos» e de pórme por pai lexítimo de todos eles, mandáronme pra casa, non sin antes axinxar ben se por casualidá me

rebulían as onzas no bolso. Xiringueinos, carafio, aí iso xiringuei; pois xa vai de moitas veces a chamarme alá, pero traballan de oficio, pois cadela da miña man, non rapan.

Calquera, Anxela, solta cadelas dempois de ter ¡trinta e dous! «fillos» *servíndolle* a mesa ó Xuez. ¡Se se amolaran...! ¡Da miña parte han de levar trinta con trinta e un; e boeeé!

Sáin do Xusgado e correndo marcheime á corte coa intención de apañar a bolsa e ir a botar un neto; pero xa bolsa non estaba onde eu a deixara; acachei canto puđen por ela e por fin, atopeina, pero estaba ruída xa por un cornello.

Desconfiando dalgún demoro andivera alí e cas cadelas xa desapareceran, abrina lixeiro e ¡malo raio! as cadelas voaran, pero no sitio atopei un *dedal*, un *agulleiro*, una *cabeza de allo*, unha *doa* e... ¡que noxo! un *peite ín*da con pelos.

Danado, cheo de rabia e botando fume, fun sunto ó cura pra que anunciase na estancia: *ca muller que perdera os chismes estivese sin coidado posto que os había atopado eu e que gratificando, estaba desposto a devolve*los.

Sabes o que me respondeu o crego?

Pois mandoume con demos e nais, fóra da casa; e vendo que non me marchaba, botou man do tallo de santarse ó pé do lume, e guindoume con el a cabeza. A sorte miña foi quen non fixo ben a puntería e, en vez de anicarme a min, escachoulle a cabeza ó porco que naquel instante estaba subindo as escaleiras do sobrado.

—¡Ladrón, que me matáche-lo porco —decía o cura— vaite, vaite que te fendo na casa!

—Avernuncio —dixen eu— señor abade, pero ¿quen o matou, foi vosté ou fun eu?

—Foche ti, foche ti; pois se non ves aquí cos teus *chirmes* eu non che zapateaba o tallo, e o porco non se fería!

En fin, Anxela, que pra min a tal bolsa e feita por algunha bruxa, e polo mirmo, hoxe mirmo cha mando pra que te divirtas con ela; non che virá mal de todo, pois as agullas unicamente dúas están enferruxadas, dúas sin cú e unha sin punta, pero as que sirven índa están novas do trinque; o *peite*, sobre todo, farache moito ben; pois según me dixo teu primo Felipe, ti non fas máis ca rañar a cabeza e levar os dedos á boca. Garda os dediños, muller; garda os dedos que Dios non nolos<sup>67</sup> deu pra catar, e peiteate, peiteate asta deixares a cabeza tan limpia como está de vergonza o alcalde de donde non che digo, ¿entendes?

Sabrás que no *auntamento de Tourón da provincia* da Ponte Caldelas, fai tempo que se presentaron as vixigas, aunque con caraúter benino; pero o *gobernador* da *provincia* da Ponte Caldelas, non fai nada pra aislar ós atacados de tal epidemia. San

<sup>67</sup> No orixinal, *no nol-os*.

Roquiño querido teña compasión de nós, pois se esperamos que *gobernadores* como o noso fagan algo, estamos aviados.

Adiós, Anxela; dálle moitas memorias á túa nai e un abrazo ao alcalde de parte miña; dille que estou parmado con el e coa súa maneira de gobernar.

Tan presto remendes as cirolas, mándamas, que estas que traio queroas gardar prá festa.

Adiós, e recibe un abrazo do teu sempre *compañeiro* leal,

FRAY AMADEO.

Cabeza de alcalde, Diciembre 1913

## JACOB DE SERGUDE

Pseudónimo non identificado<sup>68</sup> co que se asina o relato “Consellos do demo”, que se publicou, baixo o título da sección “Contos Gallegos”, no número 142 da *Revista Gallega* da Coruña (n.º 142, 28 de novembro de 1897) e que foi reproducido no bonaerense *El Eco de Galicia* (n.º 339, 20 de marzo de 1901).

O argumento xira entorno á ancianidade, personalizada nun home rico e solteiro, que na procura dunha muller que o coide o pouco que lle queda de vida, coñece a unha moza que o rexeita por estar namorada doutro. Daquela, acordan que se lle dá compañía, o vello vai de padriño e ofrécelle os seus posíbeis para vivir con folganza. O relato resólvese con sensatez grazas á xenerosidade do vello solteirón, quen desbota a idea de namorarse xa de vello, favorecendo así o casamento feliz da parella.

O narrador, en primeira persoa, chama en varias ocasións a atención do lector: “Pois señor, este tal, é un dicir, o homiño do meu conto...”, “¡Ora o conto!”, “Pero veredes como a cousa pasou”, “E non diredes que non estou poético”. É salientábel ademais a ausencia de caracterización dos personaxes e destaca a descrición física da moza, así como dos sentimentos provocados por ela e xustificadas por seren “consellos do demo”. En canto ás coordenadas espazo-temporais, o conto presenta unha ambientación rural caracterizada pola ausencia de localización precisa e unha orde lineal no tempo a respecto da exposición dos feitos narrados. Prodúcese un salto de dous meses no segundo dos apartados nos que está estruturado o relato e no que se dá conta das palabras do vello, acabando a cerimonia, como alegato ético universal.

---

<sup>68</sup> Quizais se corresponda con algún escritor natural da vila de Carral (A Coruña) ao ser Sergude o nome dunha aldea deste concello.

## Consellos do demo

Ao meu amigo José Blanco Vilaríño

Pois señor, este tal, é un dicir, o homiño do meu conto, xa contaba súas catro ducias de aníños riba uns dos outros, e aínda non tiña atopado súa media laranxa, porque sigún el, non había en toda a redondez do mundo muller que o merecese.

Mais chegou un día no que alcontrouse solo; tivo doenzas e non achou quen á cabeceira do seu leito lle dera as meiciñas con aquel cariño propio, non dos alleos, se non das persoas dos que ben nos aman ou amamos nosoutros, cariño que é o remedio máis eficaz para nos curar cando a saúde fuge de nós.

De moitas salvou; mais dunha delas tan preto alcontrouse das portas da morte, que pensou, e non sin razón, que éralle prciso arranxarse de modo que se tornase a repetirlle a doenza, tivese ao seu carón alguén que o coidase o atendese, caso de que lle chegase a hora de se ire deste mundo.

¿Buscaría a que habería de sere súa mulleriña entre a crase alta da sociedade?  
¿Esculcaría pola crase baixa se vía unha muller honrada e virtuosa, anque probe e humilde?  
¿Habería de sere súa dona das gentes da cibdade? ¿No sería preferible escollela na aldea?

¡Ora o conto!

E o tal conto era peliagudo, porque vaian vostedes a adiviñar onde se oculta a dita ou onde nos espera a desdita...

Por fin...

Pero veredes como a cousa pasou.

Unha sera da estación primaveral paseaba noso homiño, que lle chamaremos Santiago, por lle dar algún nome, polas aforas da vila, sempre sumiso ao seu pensamento e sin lle poder dar solución, porque el era corto de genio e non tiña valor de se decir dunha vez, cando ao pé dun comariño viu deitada unha rapaciña en autitude un tanto descuidada, pechádo-los<sup>69</sup> ollíños, roxa-las<sup>70</sup> meixeñas, sorrinte a boca, nuu o sonrosado peito que palpitaba polo agitado do respiro, en fin, que a rapaza durmía cun daqueles sonos que fan vere a felicidade de quen os disfruta.

Sobre dela, e sestendo seu mouriño froito, arrandeaban as ponlas da silveira nas que pousábanse as avelaiñas espantadas de vez en canto polos cotovíos, xílgaros, gorriós e merlos que co seu aleteo e o seu gorxear facían o máis harmonioso concerto que ao noso Dios poidelle ofercer a Natureza.

E non diredes que non estou poético.

<sup>69</sup> No orixinal, *pechádol-os*.

<sup>70</sup> No orixinal, *roxal-as*.



O héroe da miña narración quedouse pasmado vendo o cuadro que tiña diante si; aquela moza na situación que estaba era unha tentación. Santiago non podía separar do sitio, antes polo contrario, sentía como unha forza interior que lle obrigaba a dare un pulo para adiante e se colocare ben a rentes da moza... e con efecto, achegouse astra entrepezar co ela sin que a despertase.

Aquelo era sobrenatural: el ben quería separarse e seguilo seu camiño; mais sentía certas impresiós que o non deixaban facela súa voluntá; debían seren, sin duda, consellos do demo que é teimoso en canto se lle pon entre corno e corno, porque lonxe de se arredar Santiago, o que fixo foi pórse de xionllos, coller unha man da nena e darlle nela un bico que iba repetir nos vermellos labeos dela, cando, despertando de repente, dixo:

–¿El es ti, Perucho?

–Non, nena, non, pero se che é igual aquí me tes.

Ergueuse lixeira a rapaza e asustouse de vere que quen esperaba, polo visto, non era o que diante de si tiña. Viráronselle as fazulas da cor da sangue, dou en tremar como vimbio dobrado polo trebón, toldáronselle os ollos pola forza das bágoas, e toda chea de medo prorrumpeu:

–¡Ai, señor, déixeme en paz, por Dios!

Había tal acento virginal na voce daquela rapaza, tan grande era o pudor que revelaba o seu sembrante, e tal a lástema que ispiraba, que o bon de Santiago, que pouco antes estaba a punto de sigui-los consellos do demo, sinteu como remorzos da auición que aínda, por sorte, non cometera; arripinteuse dos seus endiañados pensamentos, e ollando fixamente para a moza, díxolle con certa brusquedade non ispida de franca solicitude:

–Pero, imos a vere ¿ti a quen esperabas?

–¡Boh! ¿e vosté que lle entresa?

–Mira, contéstame, que poida sere que a quen lle entrese sexa a ti.

–¿Quer que lle conteste para logo se mocar de min?

–Non, muller, non; responde, que che non pesará.

–Fai un mes que chegou de Cuba ¿vosté comprende? –E ao tempo que esto dicía púxose encarnado como unha cereixa.

–Non fales máis... E ti o queres ¿non é verdade? E el quérete tamén ¿non é certo? e a túa maior filicidade é te maridar co el... ¿adeviño?... Fala, fala, miña nena, e se sintes verdadeiro amor, e el o sinte por ti, casarédevos, e eu, que son rico de abondo, apadriñarei a vosa voda e dareivos a facenda que necesitedes para vivir con independencia... en paz e en gracia de Dios.

–¡Señor...!

–Pero cunha condición... habédesme de ademitir na vosa compañía... eu son un vello... non teño familia e necesito quen me dé un pouco de agarimo... xa que non por deber ao menos por agradecemento... Mira, agora cando chegue o teu mozo

parolaremos, e verás como acabamos por nos entender... e el casarase contigo e eu quedareime con vosco solteiro, que así como así xa é tarde para eu ter familia propia.

\*

\*\*

Dous meses despois, Perucho e Taresa uníanse ante Dios, e Santiago apadriñaba tan feliz consorcio.

Ende acabando a cerimonia, Santiago chamou a un lado ao noivo e lle dixo:

–Atende, Perucho: a min tentoume o demo; seguindo os seus consellos houbérame condenado, dosoindóos comprei a miña salvación... porque eu tiña moita necesidade de me salvar; xa teño quen me axude a ganar o ceo, pero aínda fanme falta unhos angeliños e eses xa vos encargaredes vosoutros de llos rogar a Dios.

¡Cuidado con que deixedes de rogarllos moito, sequera sexa para mandar aos infernos ao diaño e aos seus consellos...!

JACOBE DE SERGUDE

## OSÉ ABEIJÓN MORA

Nada se sabe da biografía deste autor que asinou en *Vida Gallega* de Vigo tres relatos baixo os títulos de “Farruquiño” (n.º 2, febreiro de 1909), “O meleiro” (n.º 7, xullo de 1909) e “Bastián e Martiño” (n.º 18, 15 de maio de 1910). Malia o dito, polos topónimos presentes nalgún destes textos e polo coñecemento que parece ter da zona, pode afirmarse que o autor ou era natural da comarca de Vigo ou residiu nesta durante algún período de tempo. Trátase de tres textos, o primeiro deles premiado no Certame de *La Oliva*, de Vigo, de protagonismo masculino e nos que se presenta unha clara intención moralizante. Os mozos, desviados do camiño correcto da vida, son “levados ao rego” pola experiencia e o saber dos seus proxenitores a través de consellos ou por medio dalgunha artimaña argallada. Nestes tres relatos con grandes doses de didactismo, nalgún dos cales se manifesta claramente a vinculación coa transmisión oral e nos que en ocasións se presentan escenas costumistas, os avatares do mundo rural e outórgaselle moita importancia ao traballo para poder sobrevivir neste ámbito. Porén, tamén se achegan outras solucións a esas malas circunstancias do campo galego, tales como as reivindicacións para a terra ou a emigración, aínda que esta última non se amosa como a máis axeitada.

## Farruquino

Vivía o tío Marcos do Piñeiro na Ponte-Sampaio, preto da praia. A casa imitábase a unha mansión señorial, polo grande; con todo iso non era nin máis, nin menos que unha casa de labranza que os donos coidaban de tela máis branca que a neve: dendes as ventanas divisábase aquel brazo de mar, ás veces tranquil e manso coma o lago da Limia i outras con rizadas i escumantes olas que de coraxe cheas desfacíanse nos pedruscos das beiras. O efeuto era encantador, diviño, pois a espuma branquísima, facía de marco a tanta beleza, e contemprando aquela mariña enchíase a ialma de nobre pensamentos.

O tío Marcos era un ricacho da aldea. No seu tempo de xuventude servira ó Rei Fernando Sétimo, cando os nosos valentes paisanos, armados con toda clas de instrumentos, deron as tan grandes batallas contra os franceses mandados por Ney, faguéndoos fuxir a toda présa. Nestas defensas foi un héroe e pola mesma razón, nos días de festa, e pertencendo ó concello, poñía sobre o peito a cruz que lle otorgaran ó seu valor, cuia pensión gozaba.

Casárase o noso valente con unha garrida moza, que tiña coma únecos bes de fortuna, un curazón de ouro. A súa ialma non podía vere miserias i era adourada polas visitas que facía os enfermos, seus veciños, prós cales, cando non levaba un pouco de chiculture, ou cousa así, tiña palabras de consolo, doces palabras que eles necesitaban tanto e tan ben como os brevaxes do ciruxano.

Deste felicísimo matrimonio, nasceu un fillo, e dendes que escomezou a balbuciar os primeiros nomes, era o santo do fogar, a alegría i o agarimo dos seus pais.

O tío Marcos fixo daquel rapaz, e despois de que deprendeou na escola do lugar o máis necesario, coma é ler i esquirbir correutamente, o millor axudante prá horta i a viña. Tivo Farruco, —que así se chamaba o fillo— unha enfermidade que por pouco o leva á cova, e por isto, mimado por pai e nai, volveuse un lacazán, un fervellasverzas i un barafuceiro. Cansábase moi pronto, mais era vivo como unha charamusca e cando lle mandaban faguer calquer traballo, dáballe máis voltas que un raposo; en fin, fixérase máis queixumeiro que unha galiña choca.

Todo llo pasaban os pais, non coidando que aquilo era perguisa, ganas de folgar, e cando se desporcataron xa o novo mal de Farruco non tina remedeo.

De día faguía canto menos podía, e de noite andaba de ruada cos demais rapaces da súa idade. Indo con el non había medo ás quimerias, pois prestábase pra desfacelas i usaba unha diplomacia ó seu xeito, que sempre quedaban amigos os que se querían ir á maus. Isto dáballe fama de respeitoso e correuto; por iso era ben mirado na aldea.

Mais non estaba conforme o tío Marcos con que o seu fillo fora un perguiceiro e despois de pensar dabondo sobre a maneira de faguelo volver polo camino do traballo, e coma se topaba un pouco ruín, de resultas dunha ferida que recibira na guerra, chamouno á súa beira, e con duzura, poñendo mel nas palabras, díxolle:

—Olla Farruco, vásme oucir, pois xa sabes canto che quixen sempre. Quero que respetes o que che eu mande, pois non podo desta perna arranxar a facenda, e prá túa nai, a coitada, é moito traballo; pois ela arrecaba o gando, apaña as herbas, fende as achas, peneira a fariña, malla o trigo, fai o xantar i en fin tódolos traballiños que pode; e ti botaste á Bartola. E preciso que volvas ó rego, que te encargues de compór as viñas, de faguer a sementeira, e cando non puderas faguer todo chamas os xornaleiros que che pareza, coma pra labra i a sacha i outros traballos fondos e pesados.

Non sei, meu Farruquiño, cando eu poderei axudarte, e por si non podera máis, que fora pra min chegada a hora de lle entregar a ialma a Dios, vouche faguer unha revelación que che importa moito i a min aliviarme a conciencia.

Na veiga do «Carballal», que coma sabes collemos, si é regular a colleita, dous centos ou máis ferrados de millo, teño enterradas cen onzas de ouro de aquelas que sabes gardo no fondo da arca, i están metidas en duas pichelas de barro negro, fabricadas na antigüedad no Porriño. Toparalas a media vara de profundidade.

Interrumpiu Farruco a conversación e pregunta: —¿E descontra que lado están?

O vello, que tiña presumida a pregunta, dille: —Cando herdei esa terra era un anaco pequeno i alí enterrei o tesouro; pouco a pouco fun mercando máis bocados pra faguer o que hoxe é grande veiga i arrincados os marcos do seu sitio non sei cal é o piritivo campo. Coa mesma tes que búscalas e pra ti son.

\*

\* \*

Dende que a aurora escomezaba a repartir a luz, astra que o Sol se metía nos montes de Morraso, legón na mau, non paraba Farruco de cabar fondo na veiga, sin notarse nel cansancio nin queixa.

Cando acabou e coma non achara o cobizado tesouro, díxolle ó tío Marcos:

¿Sabe meu pai que cabei fondo e ben fondo e non atopei as onzas...; roubaríanas?

Cala fillo —decía o pai, contente coma si matara cen franceses—. Non é ben ser desconfiado. Xa que o campo está movido, sementa por este ano o millo, que vai sendo tempo. Merca sales potásicas porparadas e despois de recollido o fruito, volve a cabar máis fondo, que a sorte non lle vén a quen non a busca.

Aquel ano enchéronse dous canastros. Nunca o campo dera tanta espiga, i o pai de Farruco endereitaba as maus pró ceo en sinal de graceas porque a receta daba o resultado apetecido.

Ó ano seguinte repitiu Farruco a mesma operación e pra que non cansara, o bo do pai, quita do seu peto vinte onzas de ouro relucentes como ollos de gato en noite escura, e ponllas preto de donde el cababa con afán ilimitado. Cando deu con elas o

esforzado Farruco, foi correndo a darlle tan boa nova ó tío Marcos, quen lle dixo que siguisse, que alí toparía as outras.

Volveu sementar e de novo encheu os dous canastros.

Cos cartos que topara, –Farruco que á morte dos pais quedaría dono de toda a facenda– deu en mercar novas ferramentas e trouxo pra casa unha sementadora mecánica, como as que vira na Cruña, unha debulladora, un arado de brabante, i outras cousas que a ciencia agrícola do tempo recomendaba.

Xa o coitado estaba curado, i entón o pai que coa alegría non lle cabía o pan no corpo, certo día do seu Santo i estando xantando, díxolle:

–Meu Farruquiño; estou moi contente coa túa nova conduta, que espero será por sempre a mesma, i eu creo chegada a hora de che decir dónde está o tesouro que buscabas.

¿Sabes dónde? No teu esforzo. Sin el non se enchían os canastros de espigas, que son a millor fortuna. No traballo, meu fillo, pois del sai todo canto se apetecer pode, e fai virtuosos ós que o exercitan cuotidianamente. Na intelixencia cultivada, que ela deuche a saber o medio de aumentar o fruto. Na industria potentísima palanca que fai oscillar as nacións mais poderosas, e que coas máquinas que nos amostra cada día, fai máis levadeiro o esforzo humano.

Xa sabes, pois, donde tes o tesouro: sabes tamén buscalo, e sendo asín, en ti consiste que o alcances ou o perdas. Eu, ben o sabe Dios, fixen canto puđen por te poñer no camino úneco que recompensa as fatigas i os sufrimentos desta vida terrea.

Máis que as onzas, meus queridos pais –di Farruco– teño en conta a leución que me deron, e vostedes vivirán moitos anos pra vere o meu complemento. Xerminando en min teño a ideia da grandeza, e non en vano queimei a carón de vostedes as pestanas sendo neno, lendo –coma eu podía– os novos procedementos agrícolas.

Penso que non hai riqueza como ela e vou a seguir pra diante sempre, arrematar o plan que forxei fai tempo, e demostrar entón que son dino fillo do esforzado defensor destes contornos.

Adiante pois, fillo querido; si asín foran cantos nas maus teñen cartos i están dotados de talento craro como o teu; que saben canto val hoxe máis que onte –o papel, renta dos lacazáns– millor estaría este coitado rincucho da terra que nomean Galicia, rincucho o que non lle falla nada pra ser a semellanza do Paradixo prehistórico. Mais, ¿que se lle há de faguer? Temónos que contentar vendo dexenerar os animais i as prantas –é cicais nos ó mesmo tempo–. Vendo que os que os que contan os cartos por millóns percuran cobra-la renta sin traballar. Estes, que podían faguer de Vigo i a Cruña as poderosas prazas mercantiles a que pola súa posición están chamadas a ser. Mais eu, xa vello, meu Farruco, non verei tantas manificencias: os teus netos é posibre que as presencien. Tí, Farruquiño, traballa e dá de traballar.

I o tío Marcos, que tiña xa cuberta a súa cabeza de brancas canas como as folepiñas da neve; que os netos eran o seu agarimo i a muller o seu consolo, morreu en santa paz bendicindo novamente a boa hora en que enganara a Farruco, i este convirtiuse nun namorado louco das virtudes do seu tan querido pai.

José ABEIJÓN MORA  
Xaneiro, 1909

**Conto popular**  
**A meu sobriño Antón.**  
**O meleiro**

**I**

Xepe Carreira era o rapaz máis arrogante que topabamos en des legoas á redonda da aldea natal.

Dedicábase á labranza e cando el poñía nas maus unha fouce, trimbilicaban co medo os compañeiros que non sabían maneira de segar canto el segaba. Era forte como un buxo e camiñaba diante os bois coa vara de aquillón na mau, sotendo antre os atenzados dedos á corda que os xunguía. El quería que seu pai, un vello cuberto de neve, folgara dabondo.

Nos domingos e festas de gardar, despois que arranxaba ó gando e limpaba o eido, dirixíase cara a irexa veciña, donde asegún murmuraban non o levaban ó espírito relixioso, senón unha nena chamada Carmela que o traguía tolo, e non era pra menos, pois tratábase da rola máis rebuldeira que piaba naqueles lugares, antre os loureiros i os naranxos que cercaban a súa casíña branca.

Despois de oucir a misa maor, os dous namorados botaban pró lar da rapariga e concertaban a hora en que o galán volvería pra parrafear.

Cando o Sol vai fuxindo pró seu ocaso deixándonos mainamente sin a súa bendita luz, era cando Carmeliña, saíndo astra o portelo víña a esperar o seu ben. Arrentes mesmo do valado brota escondida unha fonte, no fondo dunha pena que cai escorregando gota a gota facendo un gratismo ruxe-ruxe ó tropezar cos croios do regato. Aquelas gotas brilan como puntos de ouro i o seu susurro parece ó das avellas que zumban preto das froes; sospiros que foxen; son que se aleixa polas areas que forman o cauce astra cair na presa á cuios pes crecen as margaritas i as violetas.

A carón desta pena é dondes Carmela e Xepe cantan os seus amorosos ensonos, parolando sin xeito como todos fan; xurándose eterna felicidade, cuias palabras lévaas ó vento da tarde que pasa rizando a superficie das augas encerradas na presa.

Escomenzaba o Crepúsculo a estender as súas lixeiras ás de vapor sobre o ridente paisaxe, cando chegou caviloso Xepe. Xa ó pé de Carmela, era preciso desterrar as penas encerrándoas no curazón pra levar nos beizos a risoña alegría que os facía felices; mais prá nena non pasou desapercibida aquela tristura e preguntoulle axiña que o tuvo á beira:

–¿Que tes meu Xepe que tras retratado no sembrante o afriximento, ti que eres rideiro por costume?

–¡Que hei ter meu ben! Caín soldado. Tocoume na miña mala sorte ó número setente e sete, e teño que ir ó servicio do Rey. ¿Ves aquela cadea de montes con crestas coroadas de pinos e retama, ía acolá relocir un carreiriño branco, que se perde na cima da máis alta montaña?... Pois por alí pasarei mañán, desde alí mandareiche un mensaxe no bico dunha pomba i astra que volva pra cumprir os xuramentos que a fio che fixen.

Déronse unha aperta e despedíronse, marchando cada cual pró seu niño.

## II

Pasou un ano cuando Carmela recibiu a nova de que noutro día chegaría Xepe. Contentes todos e sobedores os amigos, pensaron facerlle un recibemento o mozo que tornaba.

Así foi que mozos e mozos deixaron no outro día o seu lar, e monte arriba fórono agardar no máis alto curato; e claro está, como enxebres fillos desta santa terra levaban a gaita fendendo os ventos co seu doce son. Nun pino improvisaron unha batería de fogos de artificio! Había que velo.

¡Alí o vén! –berrou un rapaz que como si for un mono culumpiábase no alto dun pino; i o mesmo tempo os foguetes, a gaita i os aturuxos deron ó aire o seu contento, rebuldando todos por o abrazar pirmeiro.

¡Viva Xepe! oucíase cando o tiveron antre eles. ¡Viva Xepe! Siguíau dicindo camiño da casa, todos alegres, todos brincando coma tolos. Aquel día foi de festa na aldea i o agasallado desfacíase en cumprimentos satisfeito de atoparse antre a súa xente.

## III

As chamuscas roxas i azules que chisporroteaban ó longo das grandes achas de carballo, que ardían na lareira, proyectando tembrorosas as nosas sombras sobre as brancas paredes que aumentaban ou disminuían, según os resplandores máis ou menos brillantes, coa cunca do viño xa chea xa vacía que recorría ó círculo formado polos vellos i os parentes, todos agardaban que o recién chegado contase o que lle acontecera no servicio do que viña tan satisfeito, i o decir de Carmela, que non faltaba na reunión, máis garrido i aposto que antes era. Por fin Xepe botou o coleteo un trago de viño, toseu coma quen se dispón a largar un discurso i asiña dixo:



Logo que pasaron dous meses durante os que me puxen destro no manexo das armas i aprendín á instrución, fun de asistente do coronel. Vivía a poca distancia de Sevilla e tiña unha finca preto do caudaloso Guadalquivir.

Meu traballo era sinxel; non faguía máis que ter conta de dous nenos coma anxos, fillos do coronel, levándoos de paseo por antre as froes; algunha que outra vez nun bote polo río i así pasei a miña vida.

Aqueles nenos queríanme moito, tanto que cando os deixei choraban os coitadiños, pro eu non podía por máis tempo deixar de bicar as guedellas destes meus vellos...

–¿E que máis contas, fillo da ialma?

–Pois nada máis; que naquela casa tratáronme a corpo de rei, que tiña canto quería, que aforrei mil reás, e (revirándose cara a Carmela) que naquela prácida Andalucía non topei antre tantos carabeles un que tivera máis churrusqueiros ollos, nin tan nacarados beizos coma ten esta miña xoia...

–¡Leria, leria!...Conque si non hai máis que oucir astra mañán e descansade ben.

Marchou Carmela i os parentes, e todos se foron deitar.

#### IV

Pasaban os días, as somanas i os meses e noso Xepe, que viña afeito a levar pola man a dos tenros rapaciños, esquecíase de que na súa casa a que tiña que coller era a corda dos bois.

Saía pola mañán, viña a xantar, marchaba, e cando volvía eran as altas horas da noite. Sempre andaba de ruada.

Isto chegou a impacientar a seus pais e dicidiron facelo volver o rego.

Un sermón cheo de doce cariño foi o principio, pro nin con esas. Ademais o rapaz, afeito os bos peperetes, non entraba na comida da casa e crao está, pra unha familia probe custáballe tanto como a merca dunha leira.

Disposto o pai a correxir pra sempre aquel úneco fillo que Dios i a muller lle deran, esperouno unha noite. Eran as dúas da mañán cando chegou; dispúñase a deitarse cando aparecen o tío Roque quen lle dixo: –Mañán temos que tragner unha carretada de toxo do monte Castelo, que ben sabes está lonxe i é perciso que me axudes. Conque o dito i astra as catro que eu te chamarei.

Asín que esta hora deu no vello relox, o pai chamou a Xepe e mandouno que puxera os bois ó carro. Tiñan intención de tornar á noiteña, asín que era perciso levar que xantar. Isto comprendeuno o fillo é díxollo ó pai, quen lle mandou que meterá no seo ó pan que quixera.

–Mais vamos a pasar solo con pan?

–Non fillo, non, repuxo o tío Roque, xa falei co meleiro e quedou de ir por alá. I o Xepe que era un lambereteiro quedou contente, pois dicía, con pan e mel, xa podemos pasar o día.

Eran as nove e Xepe, que tina unha fame condanada, preguntaba ó pai cando viría o meleiro i este contestaba que estaba chegando.

Deron as des, as doce, as duas e tampoco viña o meleiro. Xepe non resistiu máis i arrecadando un pedrullo sentouse e púxose a comer no pan cunhas ganas que na miña terra chaman fame canina.

Encárase co pai e vólvelle a decir: –¡Sabe que o meleiro tarda ben!

–¡Ah rapas! O meleiro xa chegou, o meleiro non podía faltar. ¿Donde hai millor meleiro que as ganas de comer cando se ten pan no seo?

## V

O resultado foi o que se agardaba. Xepe trocouse porque comprendeu canta insinanza encerraba o que o pai lle fixo.

Concertouse de alí a pouco a voda con Carmela, casáronse, e cando estaban no tradicional banquete non faltou quen no medio do parrafeo falase no meleiro de marras, e ferido pola indireuta ó rapaz, supricou silencio e dixo:

–Amigos e parentes: Xepe Carreira, aquel a quen vos recibistes coma si for un deputado, este mesmo que vos fala, era ó que xunguía os bois o carro. Marchou, e naquelas terras trocou as cordas polas maus duns nenos. ¿Que diferenca na fala que emprega prós pequenos i a que temos que empregar prós bois? Co iste pensamento de por diante fixenme lacazán e perguiceiro, mais meu pai que sabe moito, deume a leución máis grande que na vida recibín e sin vergonza vos digo que me faguía tanta falta coma lle fai a estes valles que o Goberno se acorde deles non tan solo pra xugarlle a sangue os labregos –coma está faguendo– senón pra que lle conceda xiquer unha granxa de exprimentos agrícolas, que vos hei de decir, vin unha no meu viaxe e quedei encantado sobre todo das milloras que veríamos no gando.

E co dito xa entenderedes que o meleiro que pra min chegou a tempo, non é perciso que volva. Abelliñas temos Carmela i eu nun curtizo feito con cariño e xa veredes que mel máis doce colleremos, i aquel que se meta connosco, que o faga con coidado, non vaia a ser o díaño quistas abellas lle craven o ferrote.

A felicidade corou coa súa ventura á parexa, que foi pra sempre a gala dos vellos pais i o seu sostén mentras viviron.

J. A. MORA  
Vigo, 13-7-1909

## Conto Gallego<sup>71</sup>

O meu millor amigo Chuco Oliveira

### Bastían e Martiño

Preto da vila de Vigo –asín coma a carreiriña dun can– tópase a miña aldea, na cume dun monte cuias ladeiras beixan as augas do lixeiro Tea.

Quen ruba ó picouto máis alto, na mesma cima, ollara dúas casiñas do mesmo feitío, cáxeque xemelas, que parecen perpeutos guardiáns. Arredor unha horta zarrada cun muro que denota ter moitos anos, pois xa está cuberto de hedras despenduradas ó longo polas beiras do camiño.

Miña avoa que esté na Groria, contábame moitas veces unha hestorea, i hoxe, meus rolos, faguendo por recordala, vóuvola repeter, que encerra ensinanzas de porveito i está chea de refráns que val a pena depréndelos.

Vamos, entón ó conto:

Vivía o tío Xácome, vello labrador moi querido dos seus veciños, na compañía amantísima e garimosa de dous fillos, chamado un Bastián e nomeado o outro Martiño. Era o Bastián máis malo que un dolor, falso coma unha casa vella, un argalleiro i un lacazán; con máis forza que unha noz ferreña e máis duro que un penedo.

Non se asemellaba nada ó irmán, todo duzura, bunito como unha estrela, alegre como un penereiro, brando como unha manteiga.

Cando estes nenos chegaron á idade de gañar pra si, o tío Xácome díxolles:

–Vamos a ver, Bastián; ¿ti que oficio queres adeprender? Ó que Bastián repuxo:

–Eu quixera deprender a carpinteiro.

–Ben; e ti, meu querido Martiño, ¿cal che gusta máis?

–Pois eu –di Martiño– o que vostede queira. Coma gustar... gústame o que escolleu o Bastián.

Con fondo delor de curazón por parte do tío Xácome, decididos xa os seus fillos a saliren carpinteiros, faloulles desta maneira:

Ollade: tedes que partir pra vila i alá co xornal que gañedes, mantervos; e tede en conta que «do traballo sai a virtude»; «que a moita fame non hai pan podre»; que a probeza non é vileza, e gobernase cada probe como pode; sabede meus fillos da ialma «que aquel que non traballa, non ten migalla»; que tras do probe sempre anda o diaño coa fouce amolada. Fixádevos ben que un grau non fai graneiro, pro axuda ó compañeiro; que fai máis quen quer, que quen pode; que na terra daquel home o que non traballa non come». Tede en conta «que home sentado non fai bon mandado». Non esquecer que «sodes fillos, que pais seredes, e conforme vos fagades asíalcontraredes». E logo que o noso vello arrematou de lle dicir toda a ringuileira de consellos que lle

<sup>71</sup> Premiado en el certamen de *La Oliva*, de Vigo. (Nota do autor)

pareceu, entregoulles unha onza de ouro a cada un, déronse unha forte aperta, e botaron camiño da vila, non sin antes repetirlle que foran bos, que non fixeran mal a ninguén, que loitasen pra seren homes.

Soilo, o tío Xácome, morría de tristura, máis contente polas noticias dos seus fillos, foi tirando pola aixada e sementando novos frutos, astra que sintindo a morte á porta mandou chamar polo Martiño.

\*

\*\*

Xa na vila, cada irmán tirou polo seu camiño, pois xenios distintos non podían levarse ben estando xuntos.

Martiño desvivíase por ser un artista –e coa mesma non folgaba. Traballaba polo día nun taller de moito nome, e despois de arriar a súa tarefa, deprendía na escola xeometría, dibuxo i escultura, astra que ó ter aviso de que seu pai topábase ruín, feito xa un mestre, correu aixiña pra aldea a recoller o derradeiro alento do cuitado vello.

Martiño non levara con el cartos dabondo, mais si unha partida de ferramenta dondes non faltaba ningunha peza.

Da casa que herdara do tío Xácome –unha das que vos dixen ondiantes– fixo o taller, e foi tal a fama que alcanzou co seu traballo, sobre todo na talla, que chovían os encargos; aquilo era un ben de Dios i en pouco tempo fíxose rico.

\*

\*\*

Bastián entramentras, non afacéndose ó pé do banco porque lle gustaba moito a gumbernia, canso daquel oficio que en dous anos aínda non o deprendera, embarcou pra América. México foi a súa nova patrea. Forte de corpo i afanoso de faguer fortuna, logrouno aixiña e detreminou de contado tomar prá súa terra, pro verxer frorido dos seus amores, pró seu curruncho da aldea dondes deixara o berce que o arroulou de neno; alí donde repousaban as cinsas dos país adourados. Xa tiña deseios de ouvir as melosiñas copras da mocidade; sospiraba por troulear de novo cas mozas i os mozos en festas e seraus.

Chegou, e cando por antre as uces, xestas e carballos que tiña o camino se adiantaba descontra ó seu lar, nadie decía que aquel era Bastián. En cada anaco de terra soparado por un valado, nas cancelas, nos matos, nas fontes, nos troncos vellos, parábase o noso viaxeiro, pois todo gardaba pra el recordos da terna idade i en contemplalos dixerase que a súa ialma sintía o doce consolo de volvelos a ver.

Visitou pirmeiro a Martiño, e logo os seus amigos máis de perto, sen esquecer ó abade. Viña feito un indiano, repoludo i arrogante polo aspeuto, máis latricador decote e tan posma coma fora.

Pasaron anos e Bastián folgaba –mentras Martiño seguía co seu taller cada vez máis nomeado–. Visto por el que se de «donde se quita, e non se pon, logo se chega ó fondón», detreminou buscar dondes romper aquel corpo. Como sabedes traballara un par de anos de carpinteiro, e coa envexa de Martiño quixo faguer seu taller i empezou a traballar coas poucas ferramentas con que deprendera. ¡Mais canté... de alí non salía cousa axeito, i aquel que por primeira vez lle faguía un encargo, non volvía outra. Coma se lle acabaron os cartos, vendeu a casiña que herdara do tío Xácome e foise a pedir traballo á seu irmán; este pra que non carescera, deulle que facer, pro nin Xudas paraba alí donde el estaba; non sabía e quería ser o mestre.

O probe de Bastián farto de rifar con Martiño, e vendo que este o botaba da súa beira por mixiriqueiro, repúxolle:

Ti tes fama porque as túas ferramentas son boas e non che falta ningunha, i as miñas recordan os tempos de Marica Castaña; vendemas e verás dispois coma non eres ti quen ben traballa.

Martiño que conecía a inoranza de Bastián non quixo, pro canto máis llo decía, máis insultos recibida de Bastián i entón pra que este soubera dunha vez que a gaita e pra quen a sepa tocar, díxolle:

–Quédache pola túa conta todo isto, mentras eu fago un viaxe; á volta págasme i andando.

Mentres Bastián se puxo a traballar con fe no seu trafego, Martiño fai un viaxe de oito días e traí novos úteles do oficio tales coma serras, tornos, cepillos i outros, movidos pola eletricidade pra o que aproveitou a correndo dunha fábrica nova, e coma endinantes, sobralle que faguer. Mais non lle acontecía o mesmo ó irmán que o coitado por moitas voltas que lle daba ó miolo, non podía competir con Martiño. Foise un día xunto deste e díxolle:

–Vamos a ver, Martiño; ¿coma é que eu non podoo faguer o que ti fas? E dille Martiño:

–Porque mentras ti trouleabas pola vila, eu desfacíame a testa estudiando; mentras ti gastabas o ganado, en festas i en xudiadas, eu aforraba pra que non me fallara ningunha ferramenta; por iso é Bastián, que índa que te volvas parvo non podes chegar a donde eu chego; e isto xa cho dixen cando fixemos o trato.

–Debéchesme mercar, tolo, non as ferramentas, senon as maus que son as que che fan falla, pro estas meu irmán non teñen precio.

\*

\*\*

I aporósito, vouche a contar un caso que pasou fai uns quince anos na vila de Cangas, con motivo das festas do Santo Cristo.

Dous gaiteiros había contratados pro amenizaren aquelas festas: un era o tío Xaniño de Ventosela tan nomeado, porque non hai no mundo quen coa gaita faga os ripiniques que el fía, i outro tamén bo de Moaña, chamado tío Chinto.

Dendes que o tío Xaniño botou ó aire as pormeiras notas dunha muiñeira faguendo mil gorgoriños co punteiro, a xente aclamouno, apraudiulle, i en fin, aquilo chamábase triunfar. Mentras isto acontecía no adro, alá embaixo, na ribeira, non había xente que oucise ó tío Chinto.

Entón este que se tiña por un coloso no arte, dixo despreceando ó Xaniño:

–Pasa asín porque a gaita do de Ventosela e manifica i a miña e un traste vello.

Coma queira que isto chegou ós oídos do tío Xaniño, presentouse este a venderlle á súa gaita e no mesmo auto recibiu catro onzas, cargando coa vella.

Todo contento o tío Chinto, escomenzou a tocar, é ¡mal pocado!, pior que endinantes. Forzado o tío Xaniño a deixarse oucir coa gaita vella, empezou repinicando de tal maneira que aquilo mesmo parecían reiseñores que entoaban un hinno de contento co seu melosiño canto; múseca dos ánxeles que coroaban o seu novo trunfo. En vista desto, adiantouse a dondes estaba o tío Chinto e moi quedañamente, sorrindo, díxolle preto do oído:

–A burro o que vostede percisa é isto... –i amostráballe as maus.

José ABEIJÓN MORA

## JOSÉ C. NOVO

“A fonte de Vilachá”, relato publicado no xornal *Follas Novas. Periódico Regional* (n.º 583, 2 de agosto de 1908), é o único texto que se rexistra do descoñecido autor José C. Novo. Nin a partir da efeméride da que dá conta o texto, nin coa indicativa dedicatoria que o acompaña (“Dedicado a mi amigo Juan Antonio Rego”), nin a través doutras referencias, as investigacións realizadas teñen botado luz sobre este tan ocasional autor.

A peza narrativa inscríbese claramente no xénero costumista, pois a voz narradora non fai máis ca describir o transcurso e a importancia da celebración dunha festa popular. A súa perspectiva de testemuña permítelle, ademais, opinar sobre certos aspectos da festa, emitir xuízos de valor, ou dar consellos ás autoridades de cara á futura celebracións. A estrutura do relato temporalmente é lineal. Os personaxes, pola brevidade da súa aparición, son meramente circunstanciais, xustificados unicamente pola súa presenza e a súa participación no evento. Con respecto á dimensión espacial, convén anotar que o “Cangas” onde se localiza a fonte de Vilachá é Cangas de Foz, segunda localidade máis populosa do municipio. A lingua amósase moi vinculada á oralidade, non só pola expresividade dos poucos personaxes que aparecen, máis tamén pola translación á escrita de xiros expresivos propios do contexto oral. De interese é tamén observar a diferenza de código existente entre a dedicatoria, en castelán, e o resto do relato, integramente en lingua galega.

En consecuencia, o texto supón unha achega continuísta a respecto tanto da temática como do estilo de moitos textos ocasionais de xénero costumista, onde a íntima ligazón entre narrador e acontecemento local rematan de forma regular na construción dun relato ficcional, se ben carente de calquera vontade ou ambición literaria.

## A fonte de Vilachá

*Dedicado a mi amigo Juan Antonio Rego*

Si; a fonte de Vilachá, como as máis de Cangas, é unha pequena festa prá moceda pola noite. Está un pouco lonxe e logo mal camiño; hai que aganchar unha costa e un carreiro que fai falla ter alentos pra facelo, pois o carreiro estou pra decirvos que máis con tento có camiño e de contrar xa o di o nome estreito, cunha pariñeira pra un lado e un murado pró outro, teñen que subilo botando as maus ás herbas e ós coios do murado e amodiño pra non esvarar nas follas dos castiñeiros siquera no tempo delas, que sempre ten algunhas cando non está cheo e de contado dáse cus fuciños na terra. A anga tampouco é moi boa pois non lle chega nin con moito á ponte do Raxal. ¡Xaora! Esta sal dunha pena e aínda falan que ten algo de ferro.

Algús do lugar quixeron facer us pozos pra non ter que ir tan lonxe e o camiño tan pouco xeitoso pro non lles dan boo resultado pois o terreo é brando desfacéndose primeiro ou despois que os fan.

Deles pra non ter que facer tantos viaxes teñen unha burra e pñenlle unhas angarelas feitas de paus de salgueiro con dous barricos mandando un pequeno échenos nun río que hai un pouquiño máis adiante polo outro lado da fonte pois éles máis doado e polo carreiro xa sabemos que non pode baixa-la burra cando pouco lle falta pra non caber a xente.

Xa calquera o conoce sin que llo digan que esta auga non é pra bebela a xente sinón pra limpar os caldeiros, cocer os nabos no tempo deles e dar encaldadas ós bois e ós cochos.

Eu pensei moitas veces que o Axuntamento podía facer por millorar este ben que tanto traballo lles dá ós probes dos viciños, de Vilachá e que tanta falla lles fai; pro polo que vexo sei que non se lle dá moito e solo ten conta que lle leven os cartos cando os pide polo demais que se entendan como poidan.

Pois esta fonte dígalle a calquera (cando día un viaxe aló) que esteña de xenio, e si non pra poñerse, non deixe de ir a ela polas noites, tanto de vrau como de inverno non chovendo e se fai lúa moito millor que ha de rirse un pouco. Xa se ve; polo día non van máis que cando teñen moita folla dela e os domingos, pois mañan darlle cun capizo area, ou cinza ás sellas pra telas limpas, pola noite teñen que poñerse ben pra ir á festa pro xa digo, os máis días ó anoitecer xúntanse as rapazas, os rapaces, pícaros, picaras e tamén algunhas vellas (e aínda no no son pro xa non lles falta moito e gústalles tamén moitas veces máis que as novas os contos) e dígolles que nin o demo fai o que eles. Case sempre vanse de alí dúas horas despois que anoitecen.

Empezan por contar o que viron, fixeron e oíron polo día; se foron ós toxos cuas rañas pra cocer, si o molime, si as carocas, si coaron, é porque foron lava-la bogada



xunto á casa de Foxo e non ó río de baixo, si colleron moita olga, a quen atoparon no camiño. ¿E si é un lus? E si houbo feira en Cervo ou en Cordido o domingo? non lles digo nada, fanlle a festa ó máis pintado: non queda cousa por cousa que elas non sepan e en que elas non se fixen a todo lle teñen que poñer hai algunhas ¡ben me acordo delas! que moito me fixeron rir.

Cando rematan os contos, despois que encheron as sellas e os caldeiros, pola súa vez, (doutra maneira non queren).

¿Axudan, empezan a arguer Carmen? ¿tu a min Dolores? –¡Non xogues Claudia! ¿Tate quedo Francisco? –¡Amodo Manuela que me mollas! ¡Vaia Candidiña! ¡eu llo direi a teu pai! mira cómo me puxeches, –¿Levanta aquí Concha? –¿Axúdame Feliciano? Pouco a pouco, que escalduxa moito, quedoume a rodela en casa –¡Vaia Arculina, vaia! Nunca che asenta a cabeza botácheme a mol da na lama, ¡léveche Xudas! –Ermilina rompícheme o xarro eu llo direi a meu pai, que hache de xunta-las costas. E desta maneira suben polo carreiro un diante doutro ó pé de dúas ducias facendo festas. Unha camiña mui despaciño pra facerlles rabiar ós que van detrás algús van mollados desde o caruto asta os pés. Os queren pasar diante doutros e non poiden, e índa non van cheos que logo vén na cabeceira da costa, diante a casa de Marcelo ou da de Lisa, pónense a farrapear coa sella na cabeza ou co barril ás costas.

Seus pais enfádanse pró ¿que máis dá? tamén eles fixeron o mesmo aunque digan que non, porque os vellos sempre dicen que foron bos e que no seu tempo seus pais non lles daban tanta largueza.

JOSÉ C. NOVO

## JOSÉ REY ARES

José Rey Ares, de quen nada biográfico se sabe, publicou “Entre estudantes” no xornal arxentino *Aires d’a miña terra* (n.º 23, 1 de outubro de 1908). Co mesmo título asinou outros dous textos, nos n.ºs 35 (3 de xaneiro de 1909) e 42 (21 de febreiro de 1909), respectivamente. No último, pódese inferir, grazas á dedicatoria, que é natural de Cambados (Pontevedra). Unicamente se localiza unha referencia a un José Rey Ares en relación á administración do semanal da provincia de Bos Aires *Hojas Sueltas*<sup>72</sup>.

“Entre estudantes” é un relato escrito en castelán no que o galego ten tan só unha presenza instrumental: utilízase como símbolo sociolóxico co que retratar o estrato dedicado ao servizo doméstico e de xénero feminino, que poboaba as casas compostelás da época e que supuña, ademais, a incursión do idioma galego en territorios vilegos e afastados do ámbito rural. Polo tanto, a lingua galega define orixes e procedencias sociais e tamén personaxes: estudantes e señoritos por unha banda, e caseiras e criadas, pola outra. Este texto serve, por tanto, como valioso e útil retrato sociolingüístico dunha época, a Galicia de comezos do século XX.

A voz narradora (testemuña) coa exactitude dalgunhas descrições sobre ambientes, lugares, costumes ou mesmo enderezos, presentan o texto como un exercicio de realismo e memoria da vida pasada. O ton humorístico, baseado en distintas e relacionadas anécdotas da vida estudantil, nunha noite de xolda, contribúe a consolidar un estilo lixeiro e o tema costumista. Un conto lineal no seu discorrer e sen maior pretensión que a basicamente descritiva deste tipo de relatos de corte picaresco estudantil. O manexo da lingua galega, alén do seu uso ritual, e no breve fragmento que fai acto de presenza, amosa un correcto manexo e coñecemento de léxico, xiros propios e dialectalismos occidentais. Na estrutura dos diálogos existe unha óptima utilización da oralidade, pola vitalidade e realismo expresivos. Ademais, introdúcense técnicas da estrutura teatral para distinguir os personaxes.

En conclusión, estase diante dun texto costumista que, se ben amosa a intencionalidade dunha simple descrição feita dende o humor e a ironía, acaba tendo un valor moito maior polo tratamento que fai doutro tipo de cuestións: o retrato sociolóxico da sociedade da época.

---

<sup>72</sup> Fundado o 11 de marzo 1913 e desaparecido apenas un ano despois, o 28 de marzo de 1914, na cidade de Monte Grande, partido de Esteban Echeverría, provincia de Bos Aires. A referencia a José Rey Ares como “administrador” aparece de forma sistemática ao remate de cada un dos números desta publicación, que levaba por subtítulo “Semanao festivo, literario, informativo y de actualidad”.

## Entre estudiantes

Aproximábanse las vacaciones de Noche-buena.

La campana de la Catedral de Compostela anunciaba las ocho de la noche cuyo ruido zumbón llegó á nuestros oídos mezclado con el fuerte chasquido que la lluvia hacía sonar en los cristales de la casa “Posada” alcanzando á cortar de raíz una pequeña discusión que sosteníamos los que allí nos hospedábamos, reunidos como de costumbre en la habitación del compañero más simpático de la *camarilla* (doce, nada menos).

Cortada, pués, la discusión, que tomaba caracteres *alarmantes*, hubo un movimiento general y uno tras otro, llevados por la *fuerza de la costumbre*, bajamos las escaleras que conducían al comedor, cuya mesa estaba repleta de suculentos y magníficos comestibles, esto es, dispuesta para la cena.

Cada cual tomó asiento en su respectivo lugar y en su silla predilecta, conocida de dos ó cuatro años atrás.

¡Precioso contraste! ¡Armoniosa confusión! ¡Hermoso espectáculo!... Allí estaban unidos, codo con codo, el bisturí y el escalpelo con la filosofía y los dogmas; el derecho y códigos con las píldoras y las pomadas; un alumno de veterinaria y otro de artes é industrias.

Pronto la algazara dominó el ambiente y la carcajada –corría loca, de boca en boca.

Mientras en un extremo de la mesa se discutía algún punto ora filosófico, ora constitucional ya patológico ó artístico, en el otro se reían á mandíbula batiente de algo curioso sucedido en clase y los del centro se lanzaban chirigotas sobre noviazgos y saraos ó discurrían el modo de cimentar una conquista para las próximas vacaciones en sus respectivos pueblos ó aldeas...

El final de la cena se acercaba y ya el sutil humo de algún cigarrillo cruzaba la atmósfera con sus inconcebibles piruetas, cuando uno de los camaradas, jovencito él, tendría á lo sumo diez y nueve años, se levantó dirigiéndose apresuradamente á la puerta de salida, cerrada ésta tras él, notamos que precipitadamente subía las escaleras. Alguno dijo: “¿adonde vá ese tan apurado?” “algo se le habrá olvidado, los pitillos, tal vez un pañuelo..., un libro” contestó otro; en fin, el suceso no revestía interés de mayor importancia y cada cual volvió á su conversación...

“María (este era el hombre de nuestra apreciable patrona) Vd. que es buena mujer y amiga de hacer favores, á quien yo aprecio mucho, –con permiso del patrón que está delante–, quisiera que, –por medio de esa bondad que la caracteriza–, me hiciera Vd. el favor de prestarme una saya, una falda, un pañuelo para el cuerpo y otro para la cabeza y... nada más.

–Ei... Dios diante... Usté non está bo da cabeza. ¡Aínda non chegou o Antroido e xa quer andar de troula!...

–No, señora, quiero darle una sorpresa a mis compañeros, haber si vestido de mujer me conocen, y como ni sombra de bigotes tengo, quizás resulte...

–A Vd. se le ocurre cada cosa. (ésta era la voz sonora del patrón) no, no hay faldas...

–Pero por que no? Si no salgo de casa?... ¡Vamos doña María! ¡polos cravos dunha porta vella! Présteme as faldras! E usted, don Ánxel, non se debe entrometer nistas cousas de mulleres. Usted, neste caso debe facer pauto co demo, digo, conmigo.

–Sí, sí, tiene Vd. razón con el demonio, ¡si se ocuparan de estudiar, que... buena falta les hace!...

–Neste momento non hai que pensar nisas cousas, iso é bon pra dimpois de Navidá... Vamos doña María, veñen as faldras ou non veñen...

–Tome, e coidadiño, eh!... no tente ó deño a saír á calle, que chove que pon medo.

–Bueno, pero ahora tienen que ayudarme á vestir, yo solo no puedo arreglarme, vamos Manueliña (éste era el nombre de nuestra simpática doncella) aperta eiquí...

–Ai, que home máis mal amañado, póñase quedo cas maus..., si non, non o acomodo... non tire por eí, oh...

–Non te anoxes Manueliña, que che hei de regalar uns zocos pró luns de Páscoa.

–Bueno, xa está; ate ben o pano á cabeza que lle pode caír... e ¿non tape a cara?, vano a conoscer!

–Non, a cara non a tapo; pro Manueliña, mete eiquí máis trapos...; isto non abulta nada.

–Tome, aí ten; ¡javemaría de gracia! iso é moi desaxerado, oh.

–Non, así, está ben...

*La padrona:* –¿Sabe quen me parece usted? Pois a criada de don Xacobo Pedrosa.

–¡Quen lle dera á criada!

–¡Quen lle dera a usted!

Manueliña: –Xa sei que usted ten que ver coa criada da Rúa Nova.

–Non Manueliña, non, a que leva todo xugo do meu corazón eres ti, miña rosa, miña prenda, arrechégate a min, dáme unha aperta.

–¡Fuxa de aí! Este home está tolo.

–Tolo por ti, miña rula.

–Vaiase, vaiase, que xa perde a cabeza...

En el comedor seguía la charla... y ya alguno separado de la mesa pulsaba las cuerdas de una guitarra, cuyo son llegaba al oído, avivando los ánimos. ¡Una jota! De pronto se abrió la puerta del comedor y apareció una mujer qué, dándose vuelta rápidamente, volvió las espaldas como si inconscientemente incurriera en una equivocación, cerrando la puerta. La guitarra cesó de tocar... ¿Quién será?...

A nosotros en aquel rápido vistazo, nos pareció una gentil dama, lujosamente vestida, que sin duda se había equivocado de domicilio. Uno de los estudiantes abrió

inmediatamente la puerta y, ¡adios ilusión! la que nosotros creimos semi-duquesa se trocó en modesta aldeanita que parada en el centro de la puerta esperaba (al aparecer) una pregunta:

Pase señorita, que deseaba? ¿á quién busca?... La señorita recoge graciosamente las faldas y... avanza, mirando altanera á todas partes, no dice una palabra, pasa risueña al lado de la mesa donde algunos estaban sentados y se introduce en una habitación contigua al comedor, ¡allí fué Troya! Todos á un tiempo nos abalanzamos derechitos á ella para preguntarle: ¿que quiere señorita? ¿Quién es Vd.? ¿Con quien desea hablar? La señorita silenciosa como un leño, mira á todos sonriente. Uno de los más atrevidos, deslizando la mano cuyos dedos iban dispuestos á guisa de ancas de cangrejo, dejó caer un suave pellizco en uno de los brazos de nuestra ya, bella hurí; ésta casi anojada, con vocecilla infantil, refunfuñó: “vamos, quietos, no sean Vds. *imprudentes*, pero nada, los ánimos se excitaban y los apretones se sucedían, hasta que nuestra linda moza, levantando los brazos gritó: “pero, borriquillos, ¿no me conocéis?” ¡aquí fué Waterloo! y no quedarían bien paradas las faldas de nuestra patrona si el que las llevaba no tiene la feliz idea de darse á conocer.

Puestos ya en formal conversación, tratamos de salir á la calle para sorprender á los conocidos.

–Lo mejor será, indicó uno, que vengas conmigo á casa de mi tía y te presento como propia de los Molinos, pues te aseguro que no conocerán si eres hombre; pareces una muchacha que hay allá, llamada *a filla do can vello*.

–Ahora será muy tarde –objetó el semi-hombre–, y María no quiere que salga, porque llueve y supone como quedarían las faldas.

–Pero, ahora no llueve, y la casa de mi tía queda muy cerquita de aquí. Vamos hombre!...

–Bueno, vamos...

Tres éramos los acompañantes de nuestra mocita y para suerte de las faldas había cesado de llover. La calma reinaba en todo el espacio. El camino, desde la posada hasta la casa de la tía de nuestro amigo, era corto, tanto como el que hay de la calle Algalia de Arriba 45, (si mal no recuerdo), hasta la calle San Roque ó mejor en las cercanías del Hospitalillo del nombre de este mismo santo; (hago esta anotación, por si alguno de mis pocos lectores conoce aquellos andares). A pocos pasos de llegar notamos un bulto humano que arrimado á la pared de la casa de dicha tía estaba mirando al cielo; más, no miraba al cielo que á todos nos cobija, otro cielo era el que á él lo tenía extasiado á aquella hora de la noche; era Carmencita la prima de nuestro *camará*. ¡Que gratos y deliciosos momentos de amor!...

Subió solo el sobrino:

–Buenas noches tía.

–¡Hola, que milagro por aquí a estas horas!

–Llegó esta noche –serían las siete– una *Propia* de los Molinos y la traje hasta aquí por si Vd. quiere mandar por ella alguna cosa.

–¿Dónde está?

–Ahí abajo, en la puerta.

–Díla que suba, hombre.

–¡Carmela!... (este nombre fué invención instantánea) sube!

–Buenas noches.

–Buenas noches. Vd. es la propia de los Molinos?

–Si señora.

–Y cuando se vá?

–Mañán a primeira hora.

–Vd. conocerá á mi marido, no? Y que le parece de la vida de ese hombre infiel?

–A mi, señora, non me gusta meterme no agueno i a todos los cuentos que se diron a la voz pública del, nunca lles fixen caso.

–Pero habrá visto mujer, que hombre tan perverso, ya sé que toda la culpa de sus desastres me la cuelga á mi, pero mi conciencia está muy tranquila y bien sabe Dios que yo no soy el origen de su perdición, el ha sido el mal..., el hizo allá en la aldea, una... (Aquí la buena señora, creyendose que efectivamente hablaba con la *Propia* de su pueblo, y, por supuesto, creyéndola sabedora de todo el lío, se desató en improprios contra su marido, que... hay que callar).

La *Propia* viendo que aquella señora seguía con el rosario, dándole á conocer la vida de su esposo, tiró de la chaqueta al sobrino, dándole á entender que no necesitaba saber nada de aquello, nuevo para *ella*. Entonces éste habló aparte con la señora tía manifestándole que se dejase de insultar más al tío y si tenía algo que mandar se lo diese á la *Propia*.

–No, no tengo nada que mandar.

–Entonces llame á Carmen por si quiere mandar algo.

–¡Cármén!... ven, que aquí te esperan, –Carmencita es interrumpido en su amoroso coloquio, y entra en la habitación con aire semienojado.

–Buenas noches, ya les he visto entrar á ustedes, ¿que pasa?

*El primo*: –¿Conoces a esta?

–No, (dudando).

–Es una *Propia* de los Molinos.

–¡Ah!... ¿Es Vd. de los Molinos?

–Si señorita, –Carmencita sufre en este momento una impresión y la sospecha circula por su cérebro.

–(Me parece que esta *Propia* es un *Propio*) –dijo para su botones. ¿De quien es hija Vd.? –Aquí el sobrino, previendo el descubrimiento, interrumpe la conversación y dirigiéndose á la *Propia* –que estaba sentada– levantándole las faldas grita

desesperadamente: ¡pero si é un home, mulleres... ¡é un home! Había que ver á la buena de la tía como echándose sobre el sobrino, lo separaba á tirones llamándole, loco, sin vergüenza, ¡tienes unas costumbres feísimas! ¡Mira que levantarle la ropa á la pobre muchacha! La culpa la tiene Vds., Carmela, darle tanta confianza á esos muchachos... El sobrino se hace el sordo y vuelve otra vez á levantarle las sayas, tanto, que esta vez los ojos de tía y sobrina reconocieron debajo de las faldas los pantalones de hombre...

La tía no atinaba á decir palabra; la sobrina reía a carcajadas, y para festejar la ocurrencia se destapó una botella de Jeréz.

Salimos con intención de retirarnos á casa, pero la noche se empeñó en remojarnos y lo consiguió. Uno propuso ir ó presentar a nuestra Propia á unos paisanos y... allá nos dirigimos; ¡a la Rúa de San Pedro! Mil y pico...

¡Manuel, Antonio! baja!, gritó uno de nosotros, y al llamado acudieron en tropel tres amigos. El primer saludó después de haberle presentado nuestra *Propia*, fué un abrazo que esta propinó al primero que tenía delante, en vista de lo cual, echaron á correr escaleras arriba, menos, el último que, mirando ascimbrado á todos no quiso subir sin antes decirnos: “vosotros lo que traéis ahí es una...”, y cerrando la puerta desapareció.

Llovía á cántaros; eran las diez de la noche y no había más remedio que seguir mojándose por aquellas calles de Dios hasta llegar á casa... Las faldas de la patrona ya no cantaban como al principio, ahora soltaban más agua sucia que perfumes. Antes de llegar á nuestra posada hay una chocolatería, nuestra *moza*, que era el mismísimo *diablo vestido de mujer*, quiso dar á la que estaba colocando los tableros y en el preciso momento en que se hallaba con los brazos alzados, un fuerte abrazo y un pellizco. La pobre mujer asustada por aquel inesperado *cariño*, volvió repentinamente la cabeza y viendo que la *diableja* se colocaba en medio de nosotros, la dirigió estos *sabrosos piropos* ¡Mala centella te fenda, demo de loba! ¡Boa debes ser cando vas antr’os estudiantes!...

Llegamos á casa. Nuestra patrona se hizo oír en cuanto nos sintió entrar; “veñan, veñan, vamos a ver quen paga agora isas faldas; boas han de estar elas”.

—¡Si supiera doña María que juega hemos pasado! La tía no lo conoció. Estuvimos en la casa de Melchor y todos creyeron que verdaderamente era una mujer. El mozo que nos sirve en el “Café Español” tampoco le reconoció. Hubo abrazos y apretones á porrillo.

—¡Oi... Oi..., eu non quero saber nada diso; o que eu quero saber é quen me paga istas faldas que máis que tal cousa parecen trapos colgantes... Nada, nada antre todos teñen que mercarme un vestido novo, si non non saíran a fóra... (Uno): Bien, pués convenido; entre todos se le va á comprar un vestido á Doña María —(Otro): ¡Un vestido de raso!. —(Otro): Uno de perlas!. —(Otro): Ou si non, un de sacos de patacas!. —(Ella): ¡Un raio que os parta!, e vamos, todos a dormir!. —(Otro, más formal): No,

primero beberemos el resto del vino que trae esta bota y que hemos llenado en casa de Lea. —(La patrona): Está ben, pro non se esquezan do vestido.

Se bebió todo el contenido de la bota, no dejando de hacer lo propio, patrón y patrona, á quiénes les gustaba en grado superlativo saborear aquel precioso nectar (vino tinto de Cambados). Se dejó constancia de la compra del vestido y cada cual, más ó menos *peneque*, se retiró á su habitación...

Corrieron los días y los años...; algunos de aquellos queridos é inolvidables compañeros, hoy son médicos y sacerdotes, abogados y farmacéuticos... ¿Y el que garabatea estas cuartillas? ¡La aldeanita de marras!... Todavía es hoy el día que nuestra amable patrona espera con paciencia *psicológica* (esto de psicológico se lo llamaba ella á... cualquier cosa), el prometido vestido, que no sé si será de raso, ou de sacos de patacas...

JOSÉ REY ARES

Buenos Aires, Octubre de 1908



## JOSÉ VÁZQUEZ DOPICO

José Vázquez Dopico, autor emigrado en Bos Aires de quen se descoñecen outros datos biográficos, publicou en *Aires d'a miña terra* “Mortos e vivos” e “Recordos da aldea” (n.º 42 e n.º 57, 21 de febreiro e 13 de xuño de 1909, respectivamente).

“Mortos e vivos” é un relato de xénero costumista cuxo marco, sobre o que pivotan os personaxes e as escenas que se describen, é un enterro. Este acontecemento social provoca a mobilización das xentes do lugar, serve de leitmotiv para as súas relacións e pon en marcha os clixés, os costumes e as actitudes sociais que o relato reproduce. O narrador-testemuña, co seu ton de proximidade e vivencia dos feitos, eleva a exhaustividade das descricións sociais ao poñer o acento nos detalles de aspectos como o tipo de vestimentas, os motivos de certas actitudes, o fondo moral de distintos personaxes etc. A estrutura do relato é lineal, configurada a través dunha sucesión episódica de escenas con distintos personaxes, cuxa continuidade espacial e temporal está garantida a través da coherencia do contexto e a presenza da voz narradora. Cada un deses episodios busca centrarse en distintas dimensións do acontecemento: o primeiro fragmento presenta o narrador-testemuña e o acontecemento do enterro, o segundo céntrase no retrato social e individual do cura-párroco, o terceiro bota a vista sobre o velorio e o respecto á defunta e o cuarto e último fragmento establece un contraste entre o enterro que xa foi e a celebración do Entroido nos arredores da mesma igrexa, cuxo elemento unificador apunta cara á relixión “que presta a uns repouso e ós outros espranzas e consolos!...”. En canto á dimensión espazo-temporal mantense coherente e continua co acontecemento que se describe, se ben a imprecisión da súa localización pode permitir o recoñecemento funcional e xeral de distintos acontecementos e actitudes. O estilo, requintado e abusivo no uso das figuras metafóricas e as imaxes sentimentais, apunta intencións ficcionais e formas literarias, se ben a calidade non é a mínima esixíbel. A lingua amosa un ton inspirado claramente no rexistro oral a través do uso de xiros ou formas propios destes usos. Conta coa presenza de formas dialectais adscribíbeis ao bloque oriental.

“Recordos da aldea” é un relato amoroso de estrutura e argumento clásicos. Con respecto á estrutura, distínguense perfectamente (o autor xa as define) as tres partes nas que, de forma tradicional, se dispoñen este tipo de textos: unha primeira, onde se presentan os personaxes protagonistas; unha segunda, na que se describe o último encontro dos amantes, motivado pola marcha do protagonista masculino á guerra de Cuba, e unha terceira onde se nos narra o reencontro entre personaxes. O argumento céntrase na intensa relación afectiva que mantén a parella, en como a guerra consegue separala durante cinco anos e de como esa espera conseguiu mantela unida para, finalmente, verse recompensada co retorno do mozo ascendido a capitán. O ton, por tanto, mostra unha historia amorosa idealizada cuxos aspectos positivos se

destacan ben a través da adxectivación de sentimentos e sensacións, ben a través da creación de imaxes simbólicas (“raios prateados da lúa”, “unha mañán de primavera” etc.). A linguaxe amosa un coidado uso das formas líricas, buscando, mesmo, construír un ambiente bucólico, que sirva de ambientación adecuada a unha historia romántica de trama clásica e final feliz.

En conxunto, os dous relatos teñen elementos comúns, como son, en primeiro lugar, unha voz narrativa testemuña que se refire en ambos os dous textos á “miña aldea” como espazo; en segundo lugar, o manexo da linguaxe para a descrición bucólica das paisaxes, a través dun uso continuado dos estímulos e as metáforas sensoriais; e en terceiro, a recorrencia a personaxes funcionais para crear tipos recoñecíbeis que transmitisen, a través da lectura, máis ca os simples feitos cos que aparecen caracterizados.

## Mortos e vivos

*Pra Aires da miña terra*

### I

Un día antes do antroido, ó anoitecer, as campanas da miña aldea tocaban a morto esparcindo ese queixumbroso e melancólico tañido que se prolonga de val en val nas humildes aldeas i eleva hacia Dios o corazón dos sencillos campesinos.

Ó momento se propagou o rumor de que Teresiña –unha moza bonita, como de vinte a vinte e dous anos, morena, de ollos azules e tez fina de color sonrosado– acababa de dar o último suspiro.

Ben logo, por unha e outra corredoira, camiño da casa mortuoria, se viron pasar mulleres, mozas e vellas, que camiñaban silenciosas e pensativas, levando na man un rosario e cubrindo a cabeza coa crásica mantilla gallega.

### II

As mulleres xa foran, agora tan solo faltaban os homes, que máis iban por parrafear con elas que por rezarlle á probe defunta.

Eu e mais Facundo, salimos.

A porta, ó abrirse, descubreu un ceo opaco no que a lúa se esforzaba en vano por loitar contra un mar de nubes que a cubrían con súas olas sombrías que alumeaba un instante e desaparecían logo máis sombrías aínda nas profundidás do firmamento.

Non habiamos dado cen pasos cando ó lexos descubrimos unha sombra negra que camiñaba en direución contraria da nosa.

Era o señor cura que xa viña de volta.

Cando chegou preto de nós, díxonos con vos alegre e unha sonrisa nos labres:

–Boas noites rapaces, e coidado coas mozas que aló quedan en espera de vosoutros, non lles fagades ningunha mala xogada...

E se aleixou tarareando en latín o responso que pró seguinte día lle tiña que cantar á ialma de Teresiña.

–¿Por que irá hoxe tan contento o señor cura? –preguntou Facundo.

–Vai contento –lle respondín– porque lle caeu traballo pra mañan e conta con que os pais da defunta han de pagarlle un xornaliño regular.

### III

Chegamos; sobre a cama tendido ó largo e debilmente alumeado pola luz nebulosa de catro buxías estaba o corpo inerte de Teresiña rodeado dunhas cuantas veciñas que postas de rodillas, coas mans, dreitas, rezaban polo baixo padrenuestros, avemarias e gloria-patris.

Pouco a pouco nos fomos retirando todos, uns prá eira, outros pró corral, un silencio máis sombrío e imponente que o da soedá, o silencio da morte, reinou entonces naquela estancia.

Cada un buscou o medio que millor lle pareceu pra pasar alegre a noite que por ser de inverno non era das máis pequenas.

Rosa e Xuana, que –dito en honor da verdá– eran as máis feas do contorno, espaxeron unha presa de pallas na cociña e alí se deitaron á beira do lume.

Ó pouco rato sentín que Rosa lle decía á Xuana a pesar do moito frío que facía: –¿Ti tes frío Xuana? En canto a min dígoche que estou quente de pés a cabeza.

Xuana nada contestou porque xa dormía, pro eu dixen pra min solo: “Esa vaca había que prendela cunha corda e levala agora mesmo ó becerro”.

A iso da media noite desencadeouse unha furiosa tempestá; lóstregos que parecían rasgar o ceo alumeaban o espacio, o espantoso ruxido dos tronos fíxonos estremecer o corpo, o vento, mezcado con frías gotas de auga, comenzou a batir con furia...

Pouco a pouco foise calmando a tormenta, as nubes negras e grises disipáronse e o fermoso azul do ceo, volveu a aparecer tachonado de mil brillantes estrelas. Ben logo, cara ó Este, unha longa banda roxiza dibuxou no hourizonte ondulaciós dun azul escuro, un súbito resprandor inundou as cimas e dorou as verdes follas dos arbres. Eran os albores do novo día que aparecía sereo e tranquilo.

Cando o sol deixou ve-los seus raios dourados, cando os paxaros, pousando nos arbres, saudaban con mil gorxeos á fresca aurora, foi estonces cando catro labregos fornidos e nervudos, sacaron daquela casa o cadavre de Teresiña emprendendo caladiños o camiño do cimiterio.

#### IV

E na tarde do mesmo día; nos rededores da eirexa que presta sombra ó cimiterio, alí mesmo donde poucas horas antes lle diran sepultura ó corpo de Teresiña reuníronse, pra festexa-lo antroido, coase tódolos veciños da miña aldea; rapaces que botaban ó aire fortes aturuxos, nenas que cantaban con gracia doces cantares, eiquí i alí se fixeron corros de mozas e mozos que bailaban con xeito a muiñeira ó son da nosa gaita gallega...

¡Estrano contraste!

¡Alí os mortos, dormindo caladiños no mesmo sitio, donde en vida daban ó vento seus cantos de alegría, eiquí os vivos, bailando sobre o polvo dos seus antepasados, sin consagrar un recordo á brevedá da súa existencia, e no medio a relixió, que presta ós uns repouso e ós outros espranzas e consolos!...

JOSÉ VÁZQUEZ DOPICO  
Buenos Aires, Febrero de 1909

## Recordos da aldea

Pra *AIRES DA MIÑA TERRA*

### I

Eran Xacinto i Elena os máis garridos i apostos da miña aldea, dous amigos da infancia que foran pouco a pouco convertíndose en dous verdadeiros amantes.

E sin embargo, nunca se confesaran o seu amor. Foran medrando un e outro como dous arbres que xuntan súas raíces na terra, súas ramas no aire e seu perfume no ceo; pro o desexo de verse era o mesmo e máis ben comprendían a morte que unha separación dun solo día.

Contaba Xacinto dezanove anos i Elena dezaseis e tiñan pensado casarse cando el chegase ós vinte tres i ela ós vinte.

Pro sucedeu que por aquel tempo foi cando estalou a derradeira guerra de Cuba. Xacinto entrou no sorteo, tocándolle un dos números máis baixos e como era home forte e robusto, foi escollido entre outros mozos da aldea pra ir defende-la patria, loitando contra o fero enemigo.

### II

No medio de certo val que se estende risoño ó pé dun monte érguese solitaria unha pequena casa coroada pola sombra de castaños corporentos o cal non impide que outros arbres verdes e frolidos deslicen nos espacios que median entre uns e outros súas ramas sedentas de aire. Nesa casa vivía Elena.

Era unha noite feiteiceira do mes de Agosto. A lúa erguíase crara i espréndida vertendo sobre a terra, cascadas de luz, i o ceo todo esmaltado de relucentes estrelas, ofrecía un aspeuto encantador.

Nun rincón da horta no que o follaxe é tan tupido que apenas penetra a luz, hai un ancho banco de pedra, e sentados nese banco, envoltos polos raios prateados da lúa que se filtraban a través da enramada, estaban falando os dous amantes.

—A hora de separarnos, —decía Xacinto— por nosoutros tan temida, chegou, Elena. Moitas veces me separei do teu lado; daquela marchaba alegre, co corazón sereo, porque non iba a correr ningún peligro, pro hoxe trátase pra min de ir desfia-las balas i as lanzas dos insurreutos no campo de batalla, vou quizais a buscar polo millor camiño do mundo unha bonita recompensa e sin embargo, non sei como é esto, pro toda esa felicidade, todo ese porvir, fuxe diante os meus ollos cal si fora fume vano ou un sono quimérico, e sinto aquí no máis fondo do corazón unha pena moi grande, un indecible abatimento, a tristeza, a morte, un cadavre. ¡Ouh! Sei moi ben por qué Elena: porque nunca te vin tan ben amada como neste instante...

Ó sentir estas derradeiras palabras, salidas dun corazón destrozado, Elena rompeu a chorar e caíu como desmaiada nos brazos do amante.

Xacinto viu as bágoas da probe nena i a súa vista non penetrou, non intentou penetrar máis aló daquelas bágoas. Fincou unha rodilla diante dela e bicoulle a cara ternamente.

Naquel bico se botaba de ver iba todo o seu corazón.

E logo, erguéndose con traballo, tomou o camiño da cibdá donde ó día seguinte tiña que embarcarse pra Cuba.

### III

Desde aquela noite o corazón de Elena non parou de sufrir un solo instante.

Facer nove anos que sintía por Xacinto un verdadeiro amor e ó cabo deles, cando ese amor era máis forte e grande vir a quitarllo do lado quizais pra non volver a velo era motivo de abondo pra morrerse coa pena.

Unha noite soñou que o vía loitar co enemigo no campo de batalla e que despois dun longo combate, era ferido cunha lanza e caía deitado na terra, bañado o seu corpo nun charco de sangue.

Cinco anos se pasaron sin que de Xacinto se supese noticia algunha.

Ó cabo deles unha mañán de primaveira antes da saída do sol, chegou á miña aldea un home con traxe de soldado e co peito cuberto de cruces e medallas. Cruzou a bon paso o val que xa conocemos e meteuse na casa de Elena.

Ben logo se soupo a noticia de que aquel soldado era Xacinto que tornaba da guerra co grado de capitán.

JOSÉ VÁZQUEZ DOPICO  
Buenos Aires, Junio de 1909

## M. BORRÁS

O único texto do que se ten constancia asinado por M. Borrás é “¡Calquer ten amigos!...”, que apareceu na publicación *La era das Neves* (n.º 29, 15 de xaneiro de 1913). A ausencia de referencias textuais, contextuais, persoais ou sociais deste autor, impide a existencia de puntos de ancoraxe a partir dos que poder iniciar unha investigación rigorosa e sistemática. Este feito permítenos albiscar un prolongado tempo durante o cal a figura de Borrás seguirá inmersa no descoñecemento.

O relato afronta unha complexa crítica social dende varios puntos de vista. Por unha banda, a figura de Don Papito representa os galegos retornados das Américas que, despois de faceren fortuna, se integran nas súas antigas comunidades e cos coñecidos do contorno social dos que xa formaran parte. Do mesmo xeito, o personaxe do médico Don Avaristo representa a persoas desa comunidade social que secundan, coa súa actitude, as posicións de Don Papito. Por outra banda, o outro personaxe protagonista, dende o seu anonimato, permite non só presentarlle ao indiano a situación diante da cal debe posicionarse, máis tamén darlle a réplica que establece a posición do autor e mais do contorno social no que se moven.

Así, a través tan só do diálogo entre os personaxes, con ausencia de voz narradora, como representantes funcionais do tema constrúe a crítica social á negatividade dos galegos emigrados que retornan das Américas para coas súas comunidades e acadan sentido coherente na súa disposición e desenvolvemento. Como subtemas aparecen a crítica ao caciquismo, á usura e a explotación, así como á pobreza e a fame.

M. Borrás contribúe á narrativa ocasional da época cun texto de fonda vocación social, posuidor dunha estrutura sinxela a partir da que se tocan, de forma discreta pero contundente, variados aspectos existenciais.

### ¡Calquer ten amigos!...

–¡Carafio, D. Papito! ¡Banditos sean os ollos que o ven! Dinde que vostede estivo ausente da terra ¡ai D. Papito quen fora con vostede ás Amérecas! Non lle volvín a disfrutar un momento de saúde..., Traxera moitos cartiños ¿eh?

–Prós amigos sempre teño. E ti, recontra, ¿que enfermidad é a que tes?

–¡Ai, D. Papito; meu mal élle de morte! Xa levo tomado, dinde fai un ano a esta parte, máis de corenta ovos non topo milloría... ¡siquera teño forzas pra falare!

–Tes unha cara que parés a dun cadavre, e quérote ver gordo e contento cal estabas denantes; ti ben saibes te apreceo; cóntame sin rodexos o que che pasa.

–Xa sei que vostede é pra min coma un pai; mais miña enfermidad nin o demo a entende. Sopóñase que me doi o estógamo, que sinto a fame roerme os ósos... que quero comer, e por moitas forzas que fago non topo qué... ábreseme a boca catro coartas, e por máis que levo toda a noite botándolle auga non consigo pechala... ¡Ai, D. Papito, nesta terra non se gafia un carto, e logo, ¡hai tanto que traballar!...

–Xa, xa; o que tes é iso que lle chaman...

–Si, señor, si; iso que lle chaman... si, señor, si.

–Xa non tes máis que ósos. Voute levar ó ceruxano pra que te vexa, a velo que di. Vai poñer outras cirolas que isas tamén están enfermas e pódeste costipar.

–Vostede é un santo.

\* \* \*

–Boenos días, D. Avaristo, ¿coma lle vai?

–Imos andando, D. Papito... ¿Que milagre por aquí?

–Milagre nengún; tráxolle iste becerraño pra que o recoñeza.

–A ver isa lengoa...

–Siñor, non lle teño ganas de músecas...

–Entón trai a man...

–De cumpridos estoulle farto.

–¡Home! Véxote muller.

–Vostede que di... ¿case que son a miña muller?

–Non, home; é perciso te vexa todo pra saber o que tes.

–Mire; vexa a súa avó. Recete se quere. Pra servir de bulra non lle vin aquí.

–Pois ben: ¿tes apitito?

–Coma un touro...

–Entón, pola mañán tomas catro netos de leite en aunas, con pan e manteiga.

Ás once unhas magriñas de xamón con ovos, e mesmo ás doce podes repetir que non che farán mal. Á noite non te deites sen tomar unha cousa lixeira: uns pitiños con arroz



ou un conexo. Non aforres; mira que o que queren os parentes é que deixes pra eles, pra pasa-lo millor que ti.

–D. Avaristo, vostede ben fala; a riceta que me dá xa tiña eu olvidada... O aforrar, coma vosté non me de os cartos ¿que centellas hei de aforrar? ¿Eu mirei nunca unha peseta xunta nas miñas mans?

–Alá ti; empéñaste en morrer de fame e valo conseguir...

–Voume que xa é tarde. Moitas graceas polos seus consellos; dispoña de min pra todo o que poida sirvilo.

–Pro que ¿vaste sin pagarme a consulta?

–¿Que consulta nin que raios? Vostede díxome algo que eu non soupera xa?

–Mira: tesme que dar des reás se non lévote ó xusgado.

–Non é cousa dixo. Vostede D. Papito ¿non ten os des reás que me preste por un ano?

–E máis, se queres; pero semos fillos da morte, e tesme que faguer una esquirtura encima do que tes. Ti estás pra pouco, e se morres a túa familia pódemos negar.

–¿Canto me vai levar de rédetos?

–Pouquiño: un corenta por cen; ti ben saibes que acostumo a levar o douscentos.

–Xa sei, xa; a ese precio calquer ten amigos pra comer o que un ten. Pra algo levei un ano comendo soilo arengues e verzas; pero xúrolles que non teño can, pero teño unha muller que é pior que si o tivera.

M. BORRÁS  
Nieves, 1913

## M. CASTRO BÓVEDA

“Recordos da infancia” é o único texto de ficción que M. Castro Bóveda publicou en *Follas Novas. Periódico regional* (n.º 477, 22 de xuño de 1906). Os elementos dos que se dispoñen para desvelar algo da identidade deste autor proveñen das referencias aparecidas neste relato. De todas elas son de especial valor as xeográficas, en concreto “o meu pueblo de Cenlle”, que é a máis directa, referencia posíbel ao seu lugar de orixe. Outras referencias confirman o territorio da súa nacemento: “marchamos a Ribadavia”, “cerca de Ventosela”, ou “as craras augas do Miño”. Significativa a dedicatoria “ó ilustre e distinguido coterráneo don Julio de la Cuesta Secretario da Redacción de ‘Nova Galicia’ en Bos Aires”<sup>73</sup>.

En canto ao relato “Recordos da infancia” –como o seu propio título sinala– tira da lembranza de momentos concretos da infancia da voz narradora, cando contaba con “quince anos e xa era bastante aficionado ás festas e a bailar coas mellores rapazas”. O narrador emprega a primeira persoa para desenvolver a súa historia, limitándose a describir que viu ou a relatar que lle pasou. A estrutura artículase en tres partes diferenciadas: na primeira preséntase e explícase o contexto das lembranzas que constitúen a narración; na segunda conta o groso das anécdotas que lle aconteceron, e na terceira, en forma de poema en castelán, rememora o seu pasado dende a distancia do tempo. A dimensión espazo-temporal, por tanto, xoga entre aquel pasado ourensán que supón as lembranzas da voz narradora e o presente na Arxentina ao que se alude dende as referencias extratextuais a galegos presentes na vida bonaerense. Os personaxes carecen de calquera tipo de caracterización ou fondo, son meras figuras ao servizo da anécdota e da memoria da voz narradora. O ton melancólico, por veces intimista e lastimeiro, concorda coa intención de darlle solta aos sentimentos de agarimo que o recordo lle trae para con xentes e lugares. En canto á linguaxe, as formas narrativas que emprega permítenlle desenvolver con soltura rexistros formais e informais, tratando ambos os dous aspectos cunha lingua de bastante calidade, cun léxico moi próximo ao contorno social de festas relixiosas e experiencias de ambiente rural que pretende retratar.

---

<sup>73</sup> Dende que Couceiro Freijomil (1951-1953) sitúa a Julio de la Cuesta como nacido en Vigo, débese entender que a referencia a el como “coterráneo” alude a que ambos comparten emigración na cidade de Bos Aires. Julio de la Cuesta é coñecido polo seu intenso labor xornalístico vinculado á dirección de *La Iberia* e *El Heraldo Gallego*, así como á redacción da *Nova Galicia* e, no que atinxe ao seu labor social, por ser un dos fundadores e principais impulsores do Centro Gallego de Bos Aires.

## Recordos da infancia

Dedicado ó ilustre e distinguido coterráneo don Julio de la Cuesta Secretario da Redacción de “Nova Galicia” en Bos Aires.

Era unha mañán do mes de abril; contaba eu, por aquel tempo, quince anos e xa era bastante aficionado ás festas e a bailar coas mellores rapazas.

Un domingo, dempois da misa da parroquia, xuntámonos uns cantos mozos, —e digo xuntámonos, porque a min anque rapás gustábame alterpar con eles;—a festa da Ascensión aprousimábase, e era preciso facer algo pra que a romería resultara digna da iniciativa dos mozos solteiros, pois era costume que estos fosen os maiordomos. Catro da reunión dímonos por aludidos; así que, acto continuo, marchamos a Ribadavia pra comprar os folgos e contratar unha música. Era un día en que se celebraba a festa de San Pedro Mártir (media Galicia non ignora o mérito que ten aquela solemnidad, principalmente aquelas personas que teñen o enemigo no corpo, como dice a xente de aldea); o xentío era inmenso, porque non solo concurría por ver a cerimonia relixiosa, si que, tamén con ocasión de celebrarse unha Santa Misión, que dirixían uns R.R.P.P. Franciscanos, a cal, non podéndose celebrar no Convento de Santo Domingo como de costume, hubo de ter lugar na Alameda. Pro volvamos ó caso.

Eu era a primeira vez que presenciaba a cerimonia de sacarlle a unha persona os demos do corpo, e non estrañaredes, leutores, que estivese con muita atención; aquilo impoñía de medo ós máis incrédulos, enchendo de pavor ós covardes; unhas de aquelas mulleres ladraban; outras, ouveaban; outras, decían barbaridades, e así por lo estilo, cando o sacerdote alzaba a Sagrada Forma; en fin, que todo esto máis parece conto que cousa vista por personas.

Prousimamente sería a unha da tarde, cando terminou o auto; e a pesar do que acabábase de ver, as ganas de xantar non nos abandonaron. As tabernas enchéronse de xente. Conosco, xantaron unhas cantas rapazas, facéndose a comida en unha taberna situada na Praza de San Xuán. ¡Ai quen poudera dar aquel pasado por olvidado!

Excuso decir que as sardiñas guisadas e o pulpo de Cangas puxaban por lo caldo do Ribeiro que era un contexto, o que produxo, naturalmente, o seu efecto.

Posto na calle, mandábase máis cós municipais: estos temíamos —como sucede na xeneralidáa das cidades con esta crase de guardias, que, con tal de que os deixen, non fan mal a nadie.

O sol iba baixando; as rapazas puxaban por nós; eran horas de ir pra casa, mais eu, ó mirar pra arriba e ver o meu pueblo de Cenlle, decía prós meus adentros: “aló non vas hoxe”. Fun resistindo todo o que puđen, pro, cerca de Ventosela, vin unha casa no medio de unhas viñas, e púdeunme escorrer, sin que os outros me viran, colándome

alá e tumbándome debaixo de un corredor, quedeime dormido, despertando á unha de a mañán. ¡Oh! ¡que tristeza me acompañaba ó verme naquelas soedades! As coruxas piaban, ouvido murmullo do Miño; a carretera estaba cerca: de pronto notei que por alí pasaba xente, e alá me vou. Uns cantos homes xa pasaran; máis atrás vin un rapás que traía un vulto nas espaldas: acerqueime a el, e, co susto que pillou, rodou polo chau; o vulto que traía, coas voltas que daba, facía un ruído extraño.

Ó momento, deime conta de que era un tamboril, e que o rapás era fillo do tío Xan, o incomparable gaiteiro de Ventosela. Cos gritos de este (do rapás), volveuse a patrulla; como non tiñan outras armas cas de a súa profesión, estos quixeron facer uso delas; o requinto intentou pegarme co seu instrumento, e o tío Xan co ronco da gaita, mais enseguida conocéronme.

–¡Manolo! –dixéronme– ¿que milagro é este?

–Tío Xan –repiquei– estos sonlle os resultados da festa.

–Pois agora non vas pra casa dos teus pais; vén dormir á miña.

Eu, dando as gracias, acetei; pro non olvidaba que meu pai (Q.E.G.E.) estaría *atrincheirado* pra regalarme unhas melgas. Sin embargo, fun co tío Xan á súa casa pro non dormín; este, en todas súas cousas é mui occorrente e gracioso; mandoume deitar co rapás, e á muller extrañoulle a miña visita a tales horas. A alcoba estaba pegada á do matrimonio, e así foi que, canto falaron, todo o ouvín; unha cousa díxolle o tío Xan á muller, que, tanto ó rapás como a min, fixonos tomar unha boa afarta de risa. O tío Xan enfadábase e decíanos:

–Calade, rapaces, senón póñovos na porta da calle.

Nós mordíamos a sábana. Pasaron algús instantes. De pronto, vin un refreixo por un vidro da ventana: pensei que era día; vestinme mui caladiño, andando nas puntas dos pés, cheguei á porta, saqueille a tranca e din cos meus ósos no camiño. Habíame enganado: non era de día; o refrexo que vin era o da lúa sobre as craras augas do Miño. Entonceis recordei que tiña que levar unhos sellos que me había encargado o cura da parroquia.

Eu había os comprado, pero perdéraos.

“¡Dios mío! –dixenme– ¿donde os alcontrarei?”

Volví atrás, á cama que me facilitou o caldo do Ribeiro; non tiña mistos, e púxenme a revolver entre as herbas; Dios protexeume; e brinquei da alegría ó encontralos.

Dempois púxenme a pensar no camiño que faltaba pra chegar á miña casa, e nas melgas que me estaban esperando. Corrí canto puíden, cheguei ó romper o día; toquei á alba; a casa estaba cerca; mentras os meus velliños rezaban, eu aproveitei o murmullo e deiteime na cama; eles non se deron conta. Pronto o abade tocou a Misa, levanteime pra irlle axudar, e con esto quedaron compracidos.

E aquí acabou esta escena dos comenzos da xuventú.

De nuestra amada Galicia,  
Gratos recuerdos tenemos;  
Y en ellos nos embebemos,  
pues forman nuestra delicia.  
Por esto estimado paisano  
Bien puede formar idea  
De lo mucho que me recuerdo  
De nuestra tierra gallega

M. CASTRO BÓVEDA  
Julio 18 de 1906

## M. DE LOS RÍOS Y MOSQUERA

Publicado en *Aires d'a miña terra*, “A tirar da corda” (n.º 51, 25 de abril de 1909) é un relato breve de M. de los Ríos y Mosquera, autor descoñecido, que conxuga elementos costumistas, amorosos e humorísticos sobre un tapiz de anecdótico e coa intención, implícita pero igualmente evidente, de exercer unha crítica ética fronte a actitudes de cobiza.

A estrutura do relato divídese nas tres partes características deste tipo de textos. Na primeira, retrátase a vitoria do diñeiro sobre o sentimento. Predomina o tema amoroso e o ton humorístico con matices surrealistas. Nela preséntasenos o personaxe principal, o seu titor e tío e a súa namorada; entre eles trázase unha historia clásica de amor correspondido á que o tío se opón por mor dos ideais do pai da moza. Na segunda parte o amor rompe en mans da avaricia, acentúase entón o humor negro e a crítica implícita a partir de elementos como a morte, o patrimonio e a loita pola herdanza. Na terceira parte, coa disposición dun final rupturista e de intención educadora, a voz narradora retorna ao ton xocoso dende o que articular a súa visión negativa dun feito moral e dramático.

A máis absoluta das imprecisións define o uso da dimensión espazo-temporal, non existindo datos ou notas que permitan situar nin o lugar nin o tempo no que a acción ten lugar. Un recurso este que, precisamente, incrementa as posibilidades de identificación do discurso autoral, ao tempo que redonda no contido ético e moral que gardan o tema, o enfoque e o argumento. O texto amosa tamén formas literarias e un contido ficcional, cunha disposición dos personaxes funcional en representación dun rol social concreto e claramente identificábel. Por iso, os personaxes caracterízanse por unha ausencia de fondo, un carácter plano e predicíbel, que se xustifica pola necesidade que teñen de representar perfectamente un rol enteiramente ao servizo do discurso que se quere construír. A linguaxe amosa unha sobranceira calidade, un manexo coidado dos distintos rexistros formais e informais, cun léxico que se introduce tamén no campo do testamentario e o notarial.

M. de los Ríos y Mosquera parte de personaxes arquetípicos cun estilo livián e ton humorístico para construír unha dura crítica social de fondo ético contra aquelas actitudes que sacrifican os intereses materiais por riba ben dos argumentos amorosos ben dos principios morais. E dos textos que amosa unha capacidade literaria máis definida e traballada de todos cantos recollemos neste volume.

## A tirar da corda

*A mi condiscípulo, matrícula de honor M Conde Vázquez, salud.*

Chamábanlle Farruco da Irexe, por estar no lugar da Iglesia, o subriño de D. Roque, cura virtuoso e respetado da parroquea. O probe rapás ós nove anos quedou orfo: o pai morriu desgraceado debaixo dun carro de estrume que lovaba prá *cortiña*, leira na que pensaba somenta-los nabos: a nai unha santalla muller lovaba a Dios xa faguía anos, deixando neste val de lágrimas a Fuquiño i ó seu home Chinto, ós que tanto agarimaba.

D. Roque, irmau da defunta nai de Farruco, doéndose deste chamouno pró seu lado prá parroquea que dendes de tempo faguía rexentaba o preto da casa nativa. Eilí, o cativo axudáballe a misa, coidáballe a reutoral, lováballe as vacas prá veiga, picaba os toxos da besta i en fin, roparaba a rica facenda de que, graceas ó curato dispoñía o señor tío.

Ansí andando, correndo, trascurrido tempo Fuco entrou en edá. Pasou toda a moceda sin que nela tivera cousa dina de mención, non sendo que aló ós vinte anos esa entraña contráxil que os fiseólogos chaman curazón se lle encaprichou por Rosa, a moza máis garrida e modosiña do val, filla do taberneiro do adro.

Pro D. Roque; por mor dos ideales do pai de Rosa, opúxose a tales amoríos.

Farruco, en cambeo, dudaba qué carta xogar, a que aterse: Se amar a Rosa, ou se deixala. O pormeiro custariálle sereos desgustos co tío e por resultas cicais ter que irse sin alegría, sin cartos, solo, pra América: o segundo, custáballe grandes sofrimentos porque ese miniño revoltoso, rillote, traveso que lovamos do lado esquerdo co nome de curazón, estaba totalmente enmeigado pola Rosiña dos seus doces amores.

Os consellos do señor Bras, compadre de D. Roque, os roñazos deste o seu sobriño i en fin as amenazas de que o botaría fóra e que o desheredaría, así como as feiticeiras pormesas de “Mira Farruco—diante a xente Francisco— en cambeo se olvidas a Rosa heiche faguer deixación do que teño”, foron o sofecente pra que Farruco lovado pola ambiceón máis que polo caraute obedente e formal determinara, como ó cabo fixo, esquecer pra sempre a Rosa; a que non tardou en xuntar a súa sorte coa doutro mozo de eilí ó preto.

Bras e D. Roque destexaron esto polo patrón da parroquea. Dende entonces a pas reinou naquela casa. Maese Bras viña os luns xogar á brisca co abade. Farruco adivértiase na tenda do señor Bras xa escoitando o doce asubiár do melro, xa ouvindo o ledó parolar do maese de *obra prima*. (Cando o fillo de Culás lle chamou zapateiro, este señor Bras doulle unha tunda co tirapé que aínda se queixa dos cardenás).

Farruco enlouquecía por ser dono pronto da riqueza do tío, maldita-las ganas que aínda tiña que faguer testamento, razón pola que se sucedían meses e anos tras anos sin que o cobizado notario parecera por aquela aldea.

Pro aquela pas, aquela felicidadá, aquela dourada e feiticeira ilusión presto e de repente se trozou en terrible desengaño, en tristes choros, en perdidas esperanzas. Nunha mañán de outono, cando Farruco foi pra despertar ó señor tío, este non lle falaba: Non sentía, era cadáver ¡Morrera de repente!...

–Terrible desconsolo pra Farruco! Cuberto de bágoas marchase a ascape coa triste nova xunto ó seu conselleiro Bras. Este tamén quedou atóneto. Era un santo; un bendito –decían:

¡É que había de morrer sin testamento feito!... ¡Ai probe de min! –exclamaba Farruco.

I o zapateiro comprendendo cal era o maor sentimento de Farruco, díxolle: mira eso corre da miña conta; eso eu cho amafiarei: a herencia ha ser túa, Farruco. Vai avisar sete veciños de firma: dilles que enfermou teu tío e se lle veñen firmar o testamento.

Nomentras Bras bríncase na reutoral. Sentou na cama ó defunto. Atoulle unha corda ó pescozo tapándoa coas mantas. Neso púxose a escribir o testamento que cando os homes petaron á porta xa estaba listo e namais faltaba que á presenza dos firmantes D. Roque aceptara.

Bras chamou ó lado a Farruco. Díxolle: agora ti méteste debaixo da cama, sin que te vexan e cando eu diga ¿aceuta, compadre? ti tiras pola corda. ¿Entendiche?...

Dimpois os inocentes homes entraron no escurecido durmitorio. Maese Bras comenzou a leer en alta vos o testamento que antre outras cousas de rúbrega, dicía:

Ó meu subriño Francisco Gomes fágoo herdeiro universal coas seguintes condicións:

1ª Ha de dar a meu irmán Reverte trinta ovellas, dúas vacas i unha cabra. ¿Aceuta compadre? (A cabeza de D. Roque fixo sinal que si).

2ª Á miña irmán Xuana a caseta do Outeiro e dúas ducias de cabras i á miña criada Benita a leira i o herbal da Curtiña. ¿Aceuta, compadre? (A cabeza sinalou que si).

3ª Ó maese Bras Louzán polos remendos, liñas, solas, zapatos e demais servicios, doce mil reás. ¿Aceuta, compadre? (O compadre non dou á cabeza. Era moito).

O zapateiro –xa excamado– leeu por segunda ves. (I a cabeza do compadre queda).

Leeu Bras por ves terceira i ó ver que Farruco non tiraba pola corda, pegando un puñetazo sobre a mesa que fixo saltar todos os cachivaches, doente de xenio, berrou cheo de rabea:

¡Vaia, recontro! ¡A tirar da corda... tirar pra todos!

M. DE LOS RÍOS Y MOSQUERA



## MANOEL CARRILLO CORTIZAS

Manoel Carrillo Cortizas, aínda como figura descoñecida, deixou mostras do seu labor na comunidade galega en Cuba, en concreto na habaneira. Curiosamente, aínda que dispersa en varias publicacións, toda a produción xornalística e literaria está concentrada en tres únicos anos: 1909, na revista *Galicia* e en *Airiños d'a miña terra*; 1913, cunha actividade máis prolífica, moi presente en *Antorcha gallega*, *Galicia gráfica* e *Patria gallega*; e 1915, de menor produción, tan só en *Labor gallega*<sup>74</sup>. Estas colaboracións foron sempre de natureza bilingüe, porén, a súa perspectiva foi constante en darlles a coñecer a actualidade galega aos residentes en Cuba e en gabar o labor das distintas sociedades dedicadas á atención societaria da cidadanía galega dende terras cubanas. Prestoulle especial atención á Sociedad de Instrucción Naturales de Fene<sup>75</sup> e á zona de Pontedeume<sup>76</sup> coa que, se infire, mantiña algún tipo de vínculo afectivo e/ou procedencia. Lamentabelmente, á parte destes breves indicios máis nada se sabe deste autor, cuxo único texto neste volume é a peza romántica de tons líricos “A morte”, publicado no n.º 28 (ano IX) do xornal *Galicia* da Habana o 9 de xullo de 1909.

Non pasa de ser un texto amoroso, cunha dedicatoria e adxectivación para M.M.M., que se concretan logo no nome de “Maira”. A estrutura do relato divídese en dúas partes que se diferencian, precisamente, polo ton no que este amor se expresa. Na primeira, o amor amosa tons líricos nos que a voz narradora emprega a construción de imaxes bucólicas e de metáforas preciosistas para destacar a fermosura da amada. Na segunda parte, o amor adquire tons melodramáticos nos que a imaxe da fermosa amada é agora a morte, por mor das consecuencias que no amante provoca a “treidora namorada”. A adxectivación é o recurso co que se constrúen as imaxes, as metáforas e as sensacións de amor e de engano que abundan no texto. De aí, a insistente frecuencia de adxectivos sobre o corpo cuxa beleza se enxalza.

---

<sup>74</sup> Órgano de expresión das Sociedades Gallegas de Instrucción.

<sup>75</sup> Manoel Carrillo Cortizas dedicoulle dous artigos en *Patria Gallega* a esta sociedade, destacando a bondade dos seus fins e obxectivos, así como os seus máis interesantes proxectos.

<sup>76</sup> Dous artigos de análise apareceron en *Patria Gallega* durante o mes de xuño de 1913.

## A morte

Dedicada á cheirosa fror M.M.M.

Leva por ollos, dous brillantes luceiros; por dentes, dúas ringleiras de branqueciñas pelras; por beizos, dous atercepelados pétalos de amapola...

Esverto e xentil corpiño, abundante cabeleira de ouro, esparramada pola súa branca e fina pel. Voz, doce, tenra, soave, cal os susurros dos paxaros, i o debre mormuruxar dunha fontíña; azucarada sonrisa de ánxel; pés demenutos, gracioso caminar.

Ista perfeuta i acabada beleza en que Dios despregou toda a súa autividade infinita e absoluta, chámase, pra pechar cal broche de ouro este pequeno estudeo de tanta orixinalidá... ¡Maira!

¡Eiqué a morte! A morte trasformada. Lexos daquel moumento de cheirosos e fríos ósos, apraece louca na hermousura, coberta con apetitosas e ben moldeadas carnes...

Non leva na mau a horripilante gadaña, con aquil brillante filo, roxizo pola sangue... ¿pra que? Tampouco leva as órbetas fundidas, macilosas sen luce, como as doutra morte, que os poetas cantan, que os cinceles moldan, e que os hábiles pinceles pintan...

¡Ai aqueles ollos...

¡Ai! aqueles beizos...

¡Eiqué todo un poema!...

¿Pra que isa horripilante arma, que causa terror e espanto? A elétreca luz dos seus ollos, cega, queima, anonada; e co aqueles beizos de coral; co aquil espantabre e doce veneno que nel se anida: mata...

Vén, morte, vén, e mírame. Xunta os teus beizos cos meus e bica, por ves última, istes hambrentos beizos; e naquel éxtasis de pracer: ¡mata! e morro, co isa doce morte, nos brazos da treidora namorada; soñando cos anxos do ceo...

Vide, poetas, vide, ó meu leito de pracer, de morte, e cantade; esparcer co ise languaxe louco, arrobador, por tódolos ámbetos do mundo, a boa nova...

MANOEL CARRILLO CORTIZAS

Na Habana, VII-MCMX

## MONTEPRETO

Asinado con este non identificado pseudónimo, apareceu o texto intitulado “Os bois marelos” na *Revista Gallega* da Coruña (n.º 591, 15 de xullo de 1906). Dous meses despois, o relato coñeceu unha reprodución na revista da Habana, *Follas Novas* (n.º 484, 9 de setembro de 1906). Sobre o autor, Hermida (1995: 189) sinala a posibilidade de que tras este pseudónimo se agoche Luis Bouza Trillo, que si usou o antónimo *Monteblanco*. Non podemos, pois, afirmar cun mínimo de posibilidades que a presente narración sexa da súa autoría, tan só se deixa constancia de que existe esa posibilidade. Sexa quen for, sábese que na mesma publicación asinou tamén composicións poéticas en galego.

Os bois marelos é o nome co que un narrador omnisciente clásico describe con detalle esta “raza de homes” que entran na “vila grande” (enténdese Castela) para traballar na sega. Ademais de ser unha exaltación da caste galega, critica a situación social que sofren e plasma a diferenza de caracteres entre estes traballadores e os que están ao seu carón. O relato remata case igual do que comeza, suxerindo unha estrutura circular: “Xa chegan os primeiros segadores...”.

## Os bois marelos

Xa chegan os primeiros segadores. Pasan polas rúas da vila grande como unha racha de bris montesía arrecendente e os agres arrecendores de toxos e xestas; pasan agarimando os nosos ouvidos con verbos de un dulce idioma.

Uns son petrucios de pel enrugada como o curtizo das sobreiras, como o tronco dos vellos castiñeiros das montás; outros mozos de meixelas rosadas como o froito das maceiras dos seus hortelos.

Pasan faguendo un ruído de zocos ferrados que soa estrano aos indíxenas.

Van cubertos de farrapos: levan da res pendurada a fouce cuia folla tapan con cordas de esparto.

Pasan indiferentes sin que nada lles chame a atención.

Algún sicólogo ao velos faría notar que entre estes homes i os que ao seu carón pasean riseiros, hai tanta distancia como entre as brétemas azus que donan os paisaxes do norte un tinte sombriso de ensoño, e o sol que con fortes labaredas pinta de amarelo as terras do sul.

Son fortes e sans, pero hai nas súas faceiras un deixo de tristura; non é estrano que o seu éxodo é fero. Des que deixan as derradeiras estribaciós das súas montás e entran nos longos rastreves da terra parda, nin unha esmola de hespitalidá achan, nin un pouco de esa fidalguía que sin dúbida escondeuse toda nas páxinas da historia ou da lenda.

En troques insultos abondo saúdanos, e tal cal pedra que describe xiros sinestros no ceo azul sin mancha, dilles que están na nobre terra dos fidalgos.

E non son os que se visten con pelexos de animás e teñen a cultura parella coa súa vestimenta os que con máis teima fannos branco das súas burlas, sinón esta outra raza encaciñada, estes mouros disfrazados, habitantes de villa grande, que porque levan enriba de testas do sigro de *¡vivan las cadenas!* sombreiros de *la última*, traguidos de París ou Londres, cóidanse superiores a estes homes que pasan ao seu rente faguendo un ruído estrano de zocos ferrados.

Os «secos fillos do deserto» dende o alto dos seus «tronos de palla» cuspeu o seu desprezo sobre esta raza de bois *marelos* porque saben que non son capaces de faguer nada *tartarinesco* que diría algún dos seus esprotadores irmás, eses que están amarrados polo estómago á vila grande.

Cuspen o seu desprezo como si quixeran vingar nesta raza de segadores o que os de outra raza de valentes souperon faguer coas fouces un día do rexurdimento.

Xa chegan os primeiros segadores pasan polas rúas da vila grande ao longo dos rastreves da terra parda baixo o cuspe do desprezo; e levan as follas das fouces enfundadas con cordas de esparto!

MONTEPRETO

## PEPE DOS GRILOS

Baixo este pseudónimo agóchase o descoñecido autor de “Conto”, publicado en *El Eco de Galicia* (n.º 394, 30 de setembro de 1902). Un narrador en terceira persoa adopta un ton humorístico para presentar un relato popular que xira arredor da superstición de dúas mulleres, aparentemente amigas, que, mediante un rito vencellado coa noite de San Xoán, deciden facer un conxuro para adiviñar o seu futuro. A conclusión do relato queda aberta, pero con clara mensaxe desmitificadora das maxias e adiviñacións, pois só se sabe que ao entrar no espazo onde preparan o rito levan un susto ao toparen cun gato cando abren a porta.

## Conto

Marica, muller de Xoán Portal, e mais a pequena Colasa, do tío Chinto de Arriba, pensaron no día de S. Xoán poñer un ovo (e non como as pitas) ó serao, nun vaso de auga, no mesmo instante en que o reló do pobo dese as doce da noite pra adiviñar a sorte que lles esperaba, según a visión que se lles presentase.

Marica, tiña prós seus adrentos que se entendía o seu home coa veciña Nicolasa, e que esta meiga lle daba creto co bo fin de comerlle o pouco que Xan tiña pró goberno da súa casa.

Colasa, por outro lado, tamén sabía que o dono das súas ilusiós, Farruco da Portaxe, home duns corenta e tantos anos, facíalle as cóxegas á fea e mal encarada de Outarelo, muller de malas costumes, e amiga de facer favores.

Ambas a dúas querían saber, valéndose do ovo na iauga, pola noite de San Xoán, se eran certas tódalas cousas que lles decían as comadres.

Colasa tiña medo que lle aparecese un barco, porque entonces era señal de que o seu rapaz camiñaba prá Habana en busca de mellor sorte; pero tamén tiña os seus reparos si lle aparecía unha eirexa que tanto representaba a súa voda con Farruco coma a diste coa causante dos celos; namentres que Marica, como tantas cousas lle decían, tamén tiña os seus reparos en calquera visión. Si lle aparecía un barco, era sabido que o seu Chinto lle fuxía prá Cuba co diaño da Nicolasa, e si unha eirexa era a que se presentaban, desde logo podía temerse que nela serían casados despois de matala.

Tales eran os pensamentos das dúas amigas, cando a primeira badalada do reló lles anunciou que eran as doce da noite.

Entonces, como tiñan feitos todos os preparativos, dirixíronse á solana pra axecitar o vaso co ovo de xeito que lle dese o serao; pro ó abrir a porta un forte resprandor cegounas; un ruído espantoso aturdiunas, i o golpe que lles deu un gran bicho con patas de cabra fixoas vasquear.

Ó ruído dos seus corpos contra o chan, acudiu Xan do Portal e socorreunas; i o volver en si díxéronlle que viran o trasno, cando era o gato ó entrar, pois quedara fóra da casa.

PEPE DOS GRILOS

## PERUCHO FONTENLA

Sinatura coa que aparecen asinados dous textos na revista madrileña *Estudios Gallegos*. Descoñécese a quen pertencen, aínda que se intúe que podería tratarse dun autor pontevedrés. Son eles “A Mabilidade das mozas” e “O maio”, publicados respectivamente nos números 7 e 8 (5 e 20 de maio de 1915).

“A Mabilidade das mozas” é un relato costumista redactado en terceira persoa que amosa o comportamento dunhas mozas aldeás ante un emigrante retornado de Bos Aires, no marco dunha festa na aldea<sup>77</sup>. Ao rematar o baile, a rapaza que aparentemente ten sentimentos amorosos, de camiño para a casa, encóntrase co mozo bébedo e con intencións de abusar dela. Revélase a picardía da personaxe feminina para liberarse do acoso do mozo, de maneira que o conto se resolve con matices humorísticos que non deixan de pór en ridículo a conduta reprochábel do protagonista. A bulra ao mozo por parte da moza fai patente que a diferenza de caste social nada ten que ver coa astucia para acadar certos propósitos.

“O maio” é unha estampa costumista que explica esta festa pagá coa que se celebra a chegada da primavera. O narrador en terceira persoa aproveita para exaltar a Sociedade Recreo de Artesanos de Pontevedra pola convocatoria do certame dos maios e para describir polo miúdo o significado da festa. Coa referencia á coñecida composición de Curros Enríquez, “O maio”, da que tamén se presentan algúns versos, conséntase como un autor culto que se ocupa da etnografía popular e remata coa gabanza deste festexo.

---

<sup>77</sup> Malia a presenza de datos xeográficos no texto: Santa Baia e Laraño, a localización espacial semella imprecisa.

## A Mabilidade das mozas

Estábache Antona de pé, ollando para Andrés que bailaba sin tomar folgo en toda a serán, coma non fose para botar un neto ó pé do carro, ou si cadraba unha ronda, cando sinteu que lle falaban baixiño por detrás dela:

«¡Moito miras pra a baila! ¿Seique vaiche gustando o Andrés, agora que está tan coloradiño?»

Volveuse Antona e veu a cara riseira de Taresa, que o tempo que ela daba a volta colleulle as mas coas súas.

Rieuse tamén e repúxolle:

«¿Vaiche ben! Tenche unha... non o ves?»

«Ben que o vexo, non son cega! Estache un pouco peneque».

«Xumcras de home! Cada vez éicheme máis repunante. Mirouna Andresa cos ollos ben abertos, como aquela que non dá creto o que sinte.

«Pois eu coidaba»... –E xunta-las dúas, falaricaban antre elas coa confianza de mozas que tratan cousas de mozos. Silabeaban adure, de maneira que non as sintira ningián, anque lles quixese collere o sacreto parrafeo misturado de falas e de risas. Pero Antona, por eso, estaba máis seria: non podía co americano, cada día o aborrecía máis. Xa sabía que estar, estaba ben; era o millor partido de todo Santa Baia; pero con todo o seu diñeiro non o quería... ¡millor querería a un probiño ben probe que non tivese nin xiquera... nada... o que se di nada... nin un carto pra lle facer cantar a un cego! Pero a Andrés, nin cen veces máis rico! ¡Arre nego!

«Pois el –dixo Taresa– ben che se sabe gabare de que o queres».

«¿Ese?... ¡dáme noxo! –Xa sei que sonche contos da taberna do Raído. Pero non fai conta coa guéspeda; gabar ben se gaba e ben raxa cos outros mozos... pero háse de casar conmigo coma ti, miña Taresiña!

«Xa me a min parecía que te non petaba moito.»

«¿Petáreme a min? Antes che me botaba da cabeza na ría, Dios mo perdone!

Pra millor sacreteare, arredáronse un pouco da baila, que xa estaba no derradeiro, pois que a noite iña vindo, tépeda e maina, axigantando as somas do souto nas súas craridades suaves. As trombas da banda da música berreaban tan forte como si os que nelas sopraban estiveran feitos de ferro, e máis como si non estiveran en tal traballo dende por la miñán; e os ruidos da festa chegaban ás dúas mozas como adormentados na paz serea daquel anoitacido cheio de tépeda moleza.

No apartamento onde estaban, podían falare máis a xeito, e Antona non se fixo de rogar: Sabía polo seu primo Tucho os contos aqueles de Raído, as bravatas de Andrés, as seguridades que daba de que ela estaba morta por el, anque o desimulase, e con todas estas e mais as outras, si o Andrés nunca lle gustara, dende que tal dixera ¡Mal pocado! mesmo cobrárelle xenreira. Non o podía ver.



Pero o millor do conto éache que o mesmo tempo cobráralle medo: non sabía porque; pero... ¿non lle ves –dicía a Taresa– os seus ollos azús, crariños coma os ollos dos gatos? Aqueles ollos non che son de home de ben...

«Pero por que lle has de ter medo? –preguntaba Taresa colléndoa por un brazo e levánda a modiño, xa por lonxe do souto e da feira, sigindo un carreiriño que atravesaba o monte, entre fieitos verdes, uces amouradas e toxos pequeneiros.

«El ben che baila con todas, e ben ves que non aporta por onda ti»...

«¡Moito! –contestou Antona un pouco ferida– porque o desbotei con caixas destempradas!

«Entón sei que é pra se consolare o pasar toda a seranciña bailando»...

«Que non sei xiquera como pode manear un pé» –dixo rindo a desbotadora– ¡non te fixaches? Tenche unhas botinas novas e magóanlle os pés de moito ánimo!

Botouse a rir Taresa moi de boa gana, e comenzaron as dúas facer bulra do galán e dos seus vistidos, mercados na vila, e mais do seu sombreiro de *bimba*, como os dos señoritos, e mais da grande cadea de metal dourado que levaba no chaleque tendo conta do reló. Des que viñera de Buenos Aires facía gala de vestir como os señores da vila, anque non lles igualase nin con moito, e mais levaba como eles brilantes na camisa e cravata de seda...

Distrabadas no parrafeo, alongáranse un bon pedazo, cando sintiron parolar de xente que pasaba por outro carreiro; era a xente de Taresa que daba a volta pra a casa; foise entón a rapaza dicindo adiós a toda présa e botándose a bulire polo monte abaixo, pra se xuntar cos seus, que conocéraos pola fala. Antona comenzou, xa sola, a desfacé-lo seus camiño, non sin medo, porque a noite pechaa xa, e a lúa ña encoberta coas nubes. Xa non se sintía o ruído da festa, e somentes as cantigas e aturuxos dos romeiros que camiñaban ocultos polas corredeiras fondas. Cavilando ña Antona en que os seus acaso andarían botándoa de menos, cando de pronto veu un homiño de par de si, chamándoa polo seu nome. Era Andrés, que se lle aparecía como meigo.

«Asús!... arrenegado!...» berrou a moza.

«¿Asustácheste, seique?» díxolle o mozo con moita sorna.

Na mea craridade da noite, vía ben Antona rindo mainamente, como que ten seguridade do que fai, e fitándoa cus ollos de moucho malino que lle decrararon as súas maas intenció. Quíxose facer valente, e desbotouno con malos modos, pero el non se iba, que pola contra daba mostras de quererse xuntar a ela. Ulía a viño. Antona berroulle valentemente, suxetándolle as mas que non as tiña quedas.

«¡Ei! ¡A modo! Xa te estás arredando... ¡Lisca!»

Pero el estaba sobón si chos aí, e índa amostrando non notare o disgusto da rapaza, comíaa cos ollos, e chegoulle a dicire que «non había remedio; que aquela noite tiña de contarlle un conto»...

E con esa pesadez churrusqueira dos que sin estar borrachos están un poco peneques, fixo aución de lle botar a man: Si a colle non ceiba. Conoceulle Antona o cativo pensamento, e arredouse dun pulo, toda arripiada botándose a fuxir sin mirar a donde por entre os fentos e maillos toxos, remangando os vistidos coas dúas mas para correre millor; tola de medo.

Andrés, véndose bulrado, botou a correr tras dela declarando nun dito ruín, nunha fea palabrota da taberna, o seu súpeto noxo. Dáballe Antona ás pernas, dáballe ás pernas Andrés, e corrían os dous polo monte adiante, ela medoñenta, el enrabexado e xurando que daquela non se lle escapaba... Anque fose cunha boa paliza que para outra vez lle quitase as ganas de leria que tiña... Unha carreira tola.

Chegou nesto Antona preto dunha escura carballeira con valado de silvas: si Andrés dáballe medo, entrar de noite na carballeira dáballe inda máis. Tivo un instante de dorida angustia, e volveu a cabeza contra aquel home que viña rabexando, tartariñando palabrotas e correndo a trompicós, coma o que ben empuxado, somentes pola carraxe que trai. Antona tivo unha idea, rieuse ela mesmo no meo do seu medo, e sentouse moi cachazuda ó pé do valo, como si nada tivese pasado. Andrés chegaba botando lumes, pero ela faloulle con moita cara de nena inocente.

«E logo? ¡Sei que corriches ben, meu moziño?»

O que menos podía asperare Andrés era tanta netorria. Así foi que quedou parvo, dunha peza, sin sabere que cara poñer. Alentaba traballosamente.

«Vaia, hom –dícialle a rapaza con moita aquela– sei que perdiche-la fala?»

Andrés non sabía que pensar: agachouse para ollar ben a Antona, non dando creto ás propias orellas; e veu ben que esta surrialle con doze malicia, fitándoo cos seus ollos castaños cheios de celme, o mesmo tempo que o trababa amorosamente por unha man, dicíndolle:

«Séntate aquí o par de min, que estarás canso, ¡meu probiño!

Andrés, que non se facía cargo do que lle pasaba, sentouse de par dela. Era Antona, a boa moza, a cobizada, a que tantos desprezos lle dera... e a mesma que agora o facía sentare do seu lado, na soledade do monte, ó cabo da escura carballeira, baixo dun valo de silvas... ¡O que son as mulleres!

«De maneira, díxolle, que a pesar de tantos desprezos como me daban diante da xente... ti quéresme?»

«Hom! –falou ela–; os desprezos eran por disimular un pouco.»

«Pero logo ti quéresme?» Andrés quíria poñere os puntos enriba dos *is*.

«Non seas laboiras, hom!» Díxolle a rapaza queréndoo confiare dunha vez. «Non o estás vendo, meu Andresiño?».

Aquel «meu Andresiño» convenceuno de todo. Axeitouuse no chan, buscando a maneira de pórse máis pegadiño á rapaza e mais de dare millor acomodo aos seus pés, que lle doían astra custarlle traballo non se laiare.

Antona comprendeu que era chegado o momento de poñere por feito a idea súa, e díxolle moi agarimeira.

«Fanche ma as botinas? ¡pois sácaas hom, e quedarás máis a gusto!» —«Aquí non che nos ve nadie!»

«Mira, mullere, tes razón; vounas sacare!» contestoulle Andrés que coa baila de tantas horas e despois coa carreira polo monte arriba estaba que adoecía.

E púxose a ver si sacaba a do pé dereito; probou, volveu a probar... ¡nada! a condenada bota parecía mesmo tela pegada con cola enriba do pelexo.

Antona, atenta a todo, e firme na súa idea, percorrou fácerese cargo do sitio en que estaba, e a pouco que ollou para acá e para acolá coñeceu axiña; estaban na carballeira do Laraño, preto da súa casa; de alí a pouco había un bo carreiro que lle pasaba mesmo por diante da porta... —Entón falou a Andrés.

«Deixa que te axude». E coas súas mas fidalgueiras de custureira bunita, comezou a sacarlle a botina; tanteaba dun lado, despois do outro, e por fin a botina quedouse a medio sacare, (era de elásticos) engargolada no empeine do pé de tal maneira, que non salía nin corría para atrás nin para diante.

Ergueuse a nena, toda trembando de contento, e deixando a Andrés en tal disposición, botouse a correr cara o carreiro da súa casa, sin lle decir adiós a Andrés, que non ben se fixo de cargo, quixo botárese tras dela; si a colle, mátaa. Pero tiña a condenada botina engargolada de tan cativa maneira, que o poñérese de pé non podo dar un paso triste. Ela iña xa polo carreiro abaixo, saltaricando leda, e antramentres Andrés daba outra vez en terra, marmexando ditos feros contra a rapaza, e mais xuramentos de se vingare onde quer que a collese.

Antona ríase do que quedaba aló enriba, collido por un pé, coma o raposo na trampa, e pensaba que ás veces é bo se aproveitar do calzado alleo para correre un ben.

PERUCHO FONTENLA

## O maio

*Aí vén o maio pola porta de arriba,  
aí vén o maio poñendo a mantía.  
aí vén o maio pola porta de abaixo.  
aí vén o maio poñendo o seu refaixo.*

¡Os maios! festa de rapaces, de sabor pagano, perdérase caxque; pro hoxe resucitou con certo meigallo por mor da Sociedá recreativa de Artesanos de Pontevedra, que tivo o bo gusto do restautare este precioso custumbre dos tempos vellos.

O *labrego*, folletón de *El Pueblo* de Pontevedra, contounos o caso coo desenfado de que sempre fai gala, pero tamén cunha certa xusteza que ben merece sere reproducida, por que ten moita aquela pra os que non temos estado na festa.

Deixade que fale *O Labrego*.

«A xunta direutiva da «Sociedade Recreo de Artesanos» tivo un bo acerto (non comos do Alcalde) ó facer un certamen de maios de fiunchos e rosas á antiga usanza, percurando desterrar esa mala costume que xa fai anos viña practicándose, de por enriba dos maios *gaiteiros* e *mandamas* en vez das vistosas e sinificativas coroas, ou de sacar *barcos e castillos*, que máis que embrema do mes das froes parecían cousas de antroido. Así é que este ano non se viu polas rúas da Vila, ningún deses esprepentos.

Pró certamen inscribíronse sete maios, mais soilo acodiron cinco, Todos eles, uns máis outros menos, estaban ben dispostos. Tres outuveron premeo i os outros dous foilles recompensado cunhas pesetiñas, e traballo que levaron por entros salgueirales pra roubar os barales»

Falando agora pola miña conta, deixádeme gabare á Sociedá mentada pola súa festa. Os casinos gallegos, eses casinos onde a nosa xente vilenga consume o máis do día na folganza (ás veces pecadenta), tiñan unha grande cousa que facere cultivando ou restaurando no noso. Xa hai algús casinos que o van facendo. Toda gabanza será pouca pra eles:

Esta festa dos maios ten moito encanto, e mais era ben ila resucitando por toda Galicia. Toda ela ben a ser unha parranda de rapaces que cantan ledos, vistidos de festa, coroados de rosas e fiunchos arrecendentes. As súas copras axustadas a un ritmo xa moi antigo, redúcense a cantar a aparición da pirmaveira; a chegada do maio «aí vén o maio», e un obrigado empezo das estancias arcaicas. E os rapaces novos, os nenos, a pirmaveira da vida,

«Cantarán o maio,  
e mais ben cantado»

Ás veces, por ante as copras da antiga feita, métense alusiós a cousas e presoa de actualidade. Cantigas novas, ispiradas caxque sempre pola musa picaresca, socarrona e humorista do noso chan: Estas cantigas ás veces pican que arrabeen.

No maio de Pontevedra tamén as había, según nos conta o mesmo *Labrego*, que di: «Antros cantares había, algús moi oportunos adicados o Alcalde, que o puñan verde, mais o xurado mandounos suprimir porque así o dispuñan as bases do certame. Abofellas que foi lástima...» Polo visto as copras tiñan moito sal. Pero en fin as sátiras non son máis que un detalle da festa. Suprimámolas cando resulten molestas pra algunha persoa, pero traballaremos porque a festa dos maios se resucite por toda Galicia en toda a súa punxente casticidade.

Esta festa ten arrincado tamén algús sons á soberba lira do grande Curros. Ben se comprende que falo da rexa poesía *O maio*, que anque política e de propaganda, ten na pirmeira estrofa unha impresión moi viva do maio da aldea:

«Aquí vén o maio  
de froles cuberto...  
puxéronse á porta  
cantádomos nenos  
i os puchos furados  
pra min estendendo,  
dedíronme crocas  
dos meus castiñeiros».

Estes eran polo visto, rapaces probes, pois que traguían os puchos furados, pero nas súas coroas de rosas e fiunchos locía con todo o seu esplendore a pirmaveira, tódolos anos renovada, de quen o mesmo Curros ten tamén dito:

«Como a miniña tola  
Que saí por ves pirmeira  
Con dengue e muradana  
Prá festa do lugar,  
Así xentil i aposta  
Vai vindo a pirmaveira,  
Grinaldas de craveles  
Vertendo ó seu pasar».

A festa dos maios, é a máis galana espresión da ledicia da aldea.

PERUCHO FONTENLA

## R. ÁLVAREZ GARCÍA

Autor descoñecido que asinou no xornal bonaerense *El Eco de Galicia* o texto “O tolo das cabras (Conto)” (n.º 334, 30 de xaneiro de 1901). Trátase dun relato que estruturalmente lembra os contos da transmisión oral e no que se presenta o protagonista, un diminuído psíquico ao que se lle encarga a venda na feira dunhas cabras. Malia a confusión que o leva a lles vender os animais ás “ánemas” dun peto que atopa no camiño, non sacará mal proveito. É, en definitiva, un relato que se achega á anecdótica conduta deste mozo, botando man dun pretendido humor que hoxe en día, nunha sociedade na que se avoga pola igualdade de oportunidades e a atención ás necesidades específicas, podería non ser ben entendido ou socialmente incorrecto.

## O tolo das cabras

### (Conto)

Cóntase que alá polo Cebreiro, noutros tempos, había unha vella que tiña un fillo tolo, o que non lle sabía facer nada.

Viuse doente en certa ocasión e tivo que gardar cama, chea de faltas e sin poderse valer do que tiña pró seu goberno. Estonces, sin máis remedio tivo que acudir o seu toliño, a quen lle mandou levar dúas cabras á feira para que as vendese como puidese; pro como tiña a desgracia de que lle faltaba o xuício, encargoulle moito cuidado, que tivese xeito consigo e que non fixese caso dos que moito lle falasen, porque estonces era visto que non llas mercaban

Efeutivamente, o meu home foise a feira, e tan a punto tomou os consellos da súa nai, que atopándose no camiño con dous tratantes, que lle falaron das cabras, contestoulles que cando tanto falaban era porque non llas mercaban.

De pouco lle sirvieron as refreusiós que para convencelo lle fixeron os cabreiros.

Craro está que aqueles tratantes botáronse a rir como dous burros (si acaso os burros se poden rir), chocándolle o xeito do rapaz, e seguiron o camiño, o mesmo que o tolo, anque en sentido oposto.

Mais, aló lonxe, preto xa da feira, alcontrouse o “louco das cabras” con un peto das ánemas onde se veneraba a Virxen do Carmen e se representaban con máis ou menos perfeución varias daquelas en pena.

–Eiqué si que fago a miña feira –dixo pra si o tolo. Como dentro daquel pendello viu tanta santa que non falaba, semellóuselle unha feira de verdadeiros compradores, e sin encomendarse a Dios nin ó demo preguntoulles si lle compraban as cabras.

A contestación das ánemas escusámoslla dicir ós nosos leutores: e que o tolo tomou o silencio por asentemento, tamén escusamos dicilo.

Craro está que o rapaz viu súa feira; pro vendo que non se movían decidiuse a atarlle a trela con que tiña atadas as cabras ó cruceiro, pensando para os seus adrentos que fixera bon negocio.

Entonces os bichos espantáronse i a cruz, que non estaba mui segura, veuse ó suelo con todo o armación, ciscándose os cartos do peto polo chau.

Índa eran unha boa presada.

Estonces, o noso tolo, satisfeito, púxose a apañar os cartos, que gardaba nas faltriqueiras, ó mesmo tempo que lles decía ás cabras:

–Maus de araña, agarrádevos ós carrascos, que eu tamén me agarro ós cartos.

Acabada esta esquilla polo noso louco avisado, volveu a coller a trela coas cabras e dou volta prá súa casaña con gran satisfacción e contento da nai, que o esperaba por minutos i estaba mui lonxe de cavilar que tan boa feira lle fixese o seu Colás.

Pola recouleción.

R. ALVAREZ GARCÍA

## ROXER

Pseudónimo non identificado co que se asina o relato “A noite do fulión” na revista madrileña *Estudios Gallegos* (n.º 6, 20 de abril de 1915). Cóntase a historia de Camilo, un home que se aproveita da auga duns muíños para regar a súa plantación co obxectivo de alixeirar as débedas, pero cando cre que os muiñeiros aínda han de estar na festa descóbrenlo e, ademais de intentar afogalo, péganlle até deixalo coas costelas doridas. A ambición do labrego, vítima dos seus propios actos, só é superada pola da súa muller quen amosa unha carencia absoluta de sentimento, concedéndolle máis importancia ás necesidades económicas que ao suceso vergoñento provocado polo seu home. Trátase en definitiva dun texto costumista e con certa denuncia social que, dividido en dúas partes, destaca formalmente pola intercalación do narrador en terceira persoa coa primeira, baixo o uso do estilo libre indirecto, o que nos permite coñecer os pensamentos do protagonista principal.



## A noite do fulión

–Escoita Francisca. Parece que xa estralou unha bomba.

–Indé mui cedo. Podes cear de vagare, que si cho botan á hora do ano pasado, non che empeza nin en dúas horas.

–Pois estou por decir que xa vai empezar. Voume; non sea que nos deixen sin auga por mor dos muíños e que se abafe o millo. Hoxe faille máis falla que nunca. Quentou o sol daquela caste; nunca o vin tan rubio; e os muiñeiros non hai auga que lles chegue; son capaces de a roubar da mesma pía da auga bendita.

–Pois vaite logo e ábrelle de todo a prés que corra pronto; porque se agardas á volta do fulión pódente ver os muiñeiros e se non se rega o millo sécase de todo.

–Bueno, pois astra logo.

–Astra que Dios queira.

\*

\*\*

O Camilo colleo o rodo, terciouno sobre un ombreiro e camiñou cara á Roseira, que era a finca que tiña o millo máis verde e máis espigado de todo o lugar.

Pra se distraere iba asubiando e algunhas veces erguía a ollada do chau pra mirar se empezaba o fulión. Índa tardou en empezar unha hora larga; pero por fin viu relucir uns fuguetes aló no alto do monte e dixo: agora si que é verdade. Vou ceibar a auga, questora non hai<sup>78</sup> peligro. Os muiñeiros son todos mozos e ningún perde o fulión. Estariache bo que o perderan. Fai quince anos nin por dez réas deixaba eu dir botar a miña muiñeira ó alto do monte. Hoxe xa non podo. A muller, os fillos, as rentas e as contribucións asoballan a un e xiquera lle deixan tomar alento.

Queira Dios que a colleita veña dereita, que si non ¡probe de min! O usureiro non me deixa; o recaudador non me sal da porta, e xa anduvo decindo na feira que me iba embargar; ó cura índa lle debo os dereitos do casamento; pero ise non ten duda, nunca falou de me demandar, como fan os outros dous, que mal raio os parta. Bueno... vamos á nosa manobra. Abrirelle á presa, que corra a iauga por onde poida, que polo menos ha de mollar a terra e o millo que lle toque. Os muiñeiros, cando volvan do fulión e se encontren sin auga, han de bota-las mans á cabeza.

Co achaque da festa teñen moito que moer; pero son ben ricos, e se han ganar tres maquias que se contenten con dúas; o conto é que se non perda o noso millo.

O Camilo acercouse á presa e coorado foi cavando a terrea astra facerlle paso a auga pró seu eido. Logo sentouse preto da presa e púxose a mirar pró fulión. Cando estaba no millor, sentiu que lle tapaban a boca e que ó mesmo tempo agarrábano dous brazos pola cintura e outros ben fortes por certo, polas pernas, e que levantándoo do

---

<sup>78</sup> No orixinal, *nhai*.

chan camiñaban con el sin saber por onde. El non podía berrar, porque a man que lle tapaba a boca non o deixaba, nin podía estrapexar tampouco, porque os brazos que o agarraran apretaban de moita rabea.

Os que o colleron foron camiñando con el carón muíño que había alí preto, sin dar unha fala. Ó chegar onde o muíño subiron catro ou cinco escaleiras de pedra e estiveron á beira do cubo do muíño que estaba cheo de auga.

Cando se viron alí díxolle un dos que o levaban: xa que te nunca fartas de auga, amos de ver si te fartamos nós esta noite dela. Hoxe ha de chegar pró millo e pra ti.

En decindo isto metérono no cubo do muíño, e chapuzáronlle o corpo todo e a cabeza, po puxeron como un pito. O probe de Camilo pensou que se afogaba. Sacárono, e así que estuvo un pouco ó fresco volvérono meter, e repeteron a función de metelo e sacalo do cubo tres ou catro veces. O Camilo conoeceu cando lle falaron que eran os muiñeiros os que lle facían aquel favor; pero como o que lle tapaba a boca non sacaba de alí a man, el non lles pudo dar fala.

Cando lle pareceu ós muiñeiros que xa estaba ben fresco, soltárono e deixárono tumbado ó pé da presa, pero antes índa lle arrimaron tres ou catro golpes nas costelas coa punta dun caxato, que por certo sentiunos o Camilo máis que a remolla.

Ó verse solo o cuitado do Camilo quíxose erguere; pero sentía unha door nas costelas que non o deixaban poñer de pé. Si berraba era unha vergonza, porque llo iba saber todo o mundo e farían mofa dil. O millor era estare caladiño e agardar un pouco astra ver se lle pasaba a door dos golpes ou se viña por alí algún veciño que o axudare a poñerse direito.

Xa levaba naquela postura máis dunha hora, cando sintiu pasos; pediu auxilio e acercáronse dous veciños que viñan do fulión. Así que o conoceron, preguntáronlle que tiña, e contestoulles que caíra na presa e que se mancara moito nas costelas porque dira co eles contra unha pedra. Non lles quixo decir a verdade, porque lle daba vergonza. Os veciños collérono o lombo e levárono prá súa casa. A Francisca ó velo daquela maneira, pensou que llo traían morto e chorou moito; pero pouco a pouco foise consolando.

Cando camiñaron os veciños, o probe do Camilo contoulle a muller todo o que lle pasara. E díxolle que os muiñeiros lle deran uns paus rabeados e que lle doían moito as costelas.

A Francisca botoulle os muiñeiros unha maldición mui ruín e preguntoulle o Camilo: ¿E o millo regouse?

—Regou—dixo o Camilo— porque todo o tempo que me tiveron na presa estivo correndo a auga para o noso eido.

—Entón non importa. Anque che doa algo as costelas, o conto é que non se abafe o millo.

ROXER

## XAN GUEDELLAS

Publicados no xornal de Vilalba *El Ratón* coa sinatura de Xan Guedellas atópanse os contos “Xan de San Breixo” (n.º 25, maio de 1913, p.2), “Si tivera cornos” (n.º 32, 15 de setembro de 1913) e “Probe Chaparro” (n.º 69, 21 de marzo de 1915).

“Xan de San Breixo” relata, por medio dun narrador en primeira persoa, a conversa mantida co concelleiro Xan de San Breixo, que asistiu ao xuízo oral do delituoso Batista, en que lle relata o ocorrido no crime no lugar de Fontefría. Cómpre destacar a mención pola que se identifica por igual o narrador-protagonista da historia (tamén chamado Xan, como o concelleiro) e o autor real (o creador: Xan Guedellas), pois dise: “Desde que me ocupei del nos primeiros números do RATO, nin fun eu a súa casa nin el veu pola vila”. Este apuntamento irónico, referíndose a si mesmo como redactor da publicación *El Ratón*, está tamén presente no texto asinado baixo o título “Si tivera cornos”.

Os dous relatos seguintes destacan por unha temática similar, coa particularidade de ter voces narrativas diferentes: un en primeira persoa e outro en terceira. “Si tivera cornos” presenta a historia de Xan, quen, avisado pola súa dona de que lle está a morrer o cocho, bota man dun menciñeiro para aliviar o sufrimento do animal. Xógase así coa fe das xentes do lugar posta no sanador, mais finalmente o porco morre e o falso sanador xustifícase así “dos ataques de mola poucos se salvan; si tivera cornos...”. No último dos relatos, “Probe Chaparro”, prosegue o ton moralizante visto no anterior, que nega o halo de misterios que envolven os métodos receitados do menciñeiro para sandar as doenzas dunha vaca. A finalidade, en ambos casos, é a ridiculización a través do humor destes tipos populares do ámbito rural galego.

## Xan de San Breixo

Moito tempo facía que non tivera ocasión de parolar dúas palabras con este concexal. Desde que me ocupei del nos primeiros números do RATO, nin fun eu a súa casa nin el veu pola vila, por máis que era dado a non faltar a ningunha sesión de cantas se celebraban no concexo. Arañouse cos meus escritos, e non volveu. É un home honrado.

O día que se acabou o xuicio oral de Bautista, andando eu polos recunchos da Audiencia ó acexo, batín con el tras dunha porta esmavallando as puntas de dous cigarros da carto pra tirar dúas chupadas mentras o xurado non acababa de dar o fallo que el tiña deseos de conocer.

–¡Tío Xan, por aquí vosté tamén desde San Breixo!

–¡Meu tocaio! ¿Quen te facía aquí?

–Xa ve; a todos lles intresa esto. É un crimen tan grande... e despois, como está esa xente no medio...

–Cantas cousas se ven neste mundo. Non sabes aínda nada, meu Xanciño.

–Dirá logo...

En voz mui baixa, foime contando canto sabía referente ó crimen de Fontefría; cómplices, encubridores, viaxes, cartas, visitas a cárcel, padriños e miles de pesetas; de todo estaba enterado, según el me dixo.

Non vén a vila, porque abreu os ollos e ve que os charlatás de feira que tanto barullan e tan ben falan, acaban por levar os cartos dos paisanos a cambio dun frasco de aparente honradez, en que lles prometen a herba cabreira pra curar tódalas enfermidades habidas e por haber.

El andaré emporcado mentras non lle dá a cheirume; despois límpase e non quer cargas de concencia. Pra gana-lo inferno, na casa lle abonda, Outras cousas non as vai ganar a vila.

Cerrou unha chousa no monte común o mesmo ano que cerrou o secretario un prado na parroquia de Noche á beira da Carretera de Lugo. Si o denuncian a el, con denunciar ó Secretario xa queda contento. Mal de moitos.

Xa non acabou. Renxeu a porta da Audiencia e deu en salir a xente que estaba dentro. Tras dela, no medio dunha parexa, saleu Bautista chorando e pidindo maldición pra os xurados que acababan de condenalo.

Ó pouco tempo, non quedaba nos pasillos outra alma que nosoutros e os xurados agardando que lles pagasen as dietas.

Enterados da pena que lle impuxeran, salimos calle adiante de moita conversa. No traieuto foime contando Xan de San Breixo un caso que lle pasara a el, sendo xurado nun xuicio mui parecido o que naquel momento acabara.

–Xuntos pra deliberar os doce que compoñiamos o xurado, leeu o presidente a primeira pregunta, a que íbamos contestar según nos dictaba a concencia. Pro nesto

saleu un borrachín, que debía levar no peto a bolsa de Xudas en pago da xusticia, baduando sin xeito e aconsellándonos que debiamos negar a primeira pregunta, mais que despois afirmásemos tódalas demais.

Tanto lle deu e tanto embarullou, que o noso presidente, sin ser dos máis favorecidos de enerxía, tivo por fin un arranque gallardo, mandando separar os que dixesen *si*, a un lado i os que dixesen *non*, a outro.

Once apartamos á dreita, quedando solo como un pau o que tanto se explicaba. –Consulte agora, a ver que lle din os compañeiros– lle dixen eu facéndolle sentir no nó da gorxa o cordelliño dos remordementos; añadíndolle logo: –Ai oh, dodemo a<sup>79</sup>quen vai a feira, e vende un rabaño de doce ovellas, non compra máis que unha; pois ou é mui probe ou mui miserable, que non lle chega canto ten pra merca-lo rabaño.

Esto iba dicindo cando chegamos fronte por fronte á taberna onde tiñan preparado un gran plato de anguilas. Convidei ó tío Xan pra que me acompañase. Nunca quixo. A volta de súpricas e rogos, entrou conmigo beber *nada máis* que unha chiquita de viño. Bebeuna mui ufano; e para que non lle ladrase no estómago e lle despertase o falto, porfieille pra que comese un toro de anguilas.

Tras do toro outro vaso, e tras do vaso outro toro, foi metendo o tío Xan pra dentro e tivo necesidá o taberneiro de traer outro plato e outro neto. O que non quería nada, a volta de moitas chufas das anguilas, apeitou co último toro do segundo plato.

Pagueino de bon gusto, pro acordándome do que o tío Xan non perde das súas.

XAN GUEDELLAS

### **¡Si tivera cornos...!**

Deu a miña muller en berrar, e saliron tódolos veciños ó curral.

–¿Que ten, tía Pepa?

–¡Ai! ¡Desgraciadiña de min! ¿Que hei de ter? Morreume un porco da ceba e non me chega unha onza prá perda. ¡Ai! nunca Dios me dera ¡pobriña de min! ¿Con que merco eu outro?

Estase remexendo no estrabo, vai dalas boqueadas...

–Cale, tía Pepa, cale non se desconsolle que aínda ha de haber remedio. ¿E chamaron ó menciñeiro? ¿Saben que terá?

–Védelo aquí tedes, deitado. Está morrendo, non dá a pé nin a perna.

Toda a xente se meteu dentro da corte, pra ver si o cocho estaba morto ou vivo, poñiano dreito os homes, e, axiña que lle largaban, caía dando volta ó redor da cabeza. Quedáronse calados adiviñando o mal do enfermo. De súpeto dan todos en falar: aquel,

<sup>79</sup> No orixinal, *dodem'a*.

nunha ocasión, vira un caso igual e sanara, solamente que o animal, cando o levantaban, en vez de caer de fuciños, escadrillábase; o outro vira un caso moito peor; pró chamaron ó Xefe de Momán, e tamén curar; un terceiro fora testigo doutro caso mui grave que non sanara de todo, mais, gracias a un mediquín de Boizán, puidose aproveitar algo, meteuselle o cuitelo e foise vender ás Pontes a morralla. Cada un sentenciaballe o seu mal, sin estar conforme naide co que setenciaba o do lado. Pró neste chegou Patricio da Tolda picando un cigarro, entretanto que o refregou e o fixo, escoitou e falou nada máis; en canto lle plantou lume, púxose a ensaminar ó porco: abreulle a boca, tomoulle o pulso, palpoulle a barriga e púxose de pé, sin sacar ollo do animal. Todos estabamos caladiños agargando que falase. Tívonos un pouco así suspensos, e ó fin falou coma quen o entende. –Está o mesmo que o meu; como non o sane o de Penelas, ninguén o pode sanar. E sin máis razón saleu polo medio da xente deixándonos coa boca aberta.

–E ten razón, mira, e ninguén se acordaba del. Aínda é mellor que bote pra aló, tío Xan–me dixeron todos á vez.

Xa non parou Pepa mentras non me fun da casa. Salín a todo escape pra San Juan de Alba en busca do menciñeiro de Penelas. Non sabía da casa, pro deuse a casualidá que atopei con meu amigo Toño Domínguez, que, como é doito, estaba el e o seu sacho vello e destragado, nun prado axudándolle a coller teupas ó tusto, e pergunteille por el. Deu en falar máis que sete vellas antes de enseñarme. Moito lle deu que falar unha *chita* que lle quedou na audiencia cando foi declarar en contra do director do RATO<sup>80</sup>, despois de non poder amolalo cal querían. Rabeaba. Caille a escuma polos beizos coma un poltro con freno.

Foime sacando a que iba e axiña que llo dixen, repúxome: Ti escribes no RATO non che ha querer ir de boa gana.

–¡Bo! nada che lle digo, e saber non o sabe.

–Collín pra aló, e arranquei conmigo ao menciñeiro de Penelas. Tiven que loitar, fixose mui de rogar, pro... así fan todos.

Chegamos á miña casa e segundo entramos no estrabo topamos a miña muller e ó porco laiando, este de mal i aquela de pena que lle morrese. Escomenzou o menciñeiro a facer preguntas, ensaminouno ben e dixo: o porco está mui malo. Ten un ataque cerebral, e pode morrer ou pode non morrer. Polo regular, as vacas arrimalles ós cornos toda esta clás de ataques; mais ós cochos como non os teñen arrimalles a mola en redondo. Pro, así e todo quizaves non deixa de sanar. Hai que lle botar caldeiradas de auga pola cabeza, según vén do pozo. Nunha cazola, fêrvense dúas ferradas de auga con xarxa, romeu, dúas cucharadas de manteiga sin sal, unhas pinguiñas de mel e así como media libra de unto vello, no termino de media hora, antes máis que menos;ponse un pouco a enfriar e dáselle ó porco a beber en canto se vexa que a resiste.

---

<sup>80</sup> O director e fundador do mencionado xornal era Antonio Peña Novo.

Igual que si Dios falase, escoitouse o que dixo o menciñeiro e comenzouse a cumprir ó pé da letra. Foi a criada cocer a menciña, Pepa a merenda ao menciñeiro namentras que os dous lle botabamos as primeiras caldeiradas –¡Ei! ¡San Antoño bendito!, párceme que non ha ter duda–dixo o de Penelas en canto veu que se soergía o cocho sintindo a friaxe da auga na cabeza–Non morre o porco Xan, respondo eu del.

–Vamos logo botar un bocado–lle dixen eu. Fíxose mui de rogar, nunca quería; mais por fin, dixo que entonces botaría un vaso e, pra que lle asentara ben, non deixaría de comer unha tallada.

Trouxo a muller pra mesa unha tortilla de xamón con oito ovos, medio queixo de San Simón, unha peza de pan trigo e un botellón de viño. Empezou o menciñeiro a contar casos do oficeo e cando nos dimos conta, na mesa non quedaba nada. Mentras nosoutros comiamos as mulleres coceran a manciña, deranlla a beber e mais botáranlle máis auga no cacheiro parecéndolles que daba mostras de querer sanar. O menciñeiro estaba farto; eu tamén. Dinlle dous cigarros que colleu como que os merece; picou unha chita, e tratou de irse. Despideuse da patrona quixo ir ver ó enfermo como queda de salú.

Salín eu diante alumando cun candil e cando chegamos ó estrabo, xa o animal non tiña pizca de ataque cerebral: estaba todo frío como a neve e teso como un garrote.

–Dábamo a alma, Xan; dos ataques á mola poucos se salvan; si tivera cornos... –dixo o de Penelas, sin ter que decir, botándose pola porta zugando na chita.

Chamei á muller, que rompeu a chorar, e tamén din en consolar nela, eu que estaba lonxe de estar triste dicíndolle o que me dixera o menciñeiro de Penelas.

–Pepa, si che tivera cornos...

XAN GUEDELLAS

### **Probe Chaparro**

É ben certo que, cando Dios quere, de tódolos aires chove. Pouco importa que un manciñeiro sepa moito nin teña moita práuteca; con tal que non acerte, mórrenlle os animás nas maus cando está apricándolle o remedio que había de salvarlos.

O Chaparro de Momán tiña unha vaca mui boa, pois anque non de moitos cartos, era de mui boas condicións, i o animal enfermou cando tiña o tempo acabado pra parir. Pro, dodeme présa había. Con chegarse un ó Codeso e trae-lo Xefe pra que menciñara a vaca, estaba a conta arreglada. Como Xefe non hai outro en tres leguas a redonda pra entende–los animás; e aínda na xente non deixa de ter sorte, pois é moita a parroquia que ten tanto na feira de Momán como en Lousada, Villalba, as Pontes e o Vinte e tres.

Os médicos trataron de dar parte del porque lles quitaba a parroquia; mais aínda hoxe non puideron co Xefe que entende máis que eles.

Pro, amigo, esta vez engrelláronselle as debadoiras e tocoulle sentir ó Chaparro a quebradura da súa cencia. Mandoulle este que viñera verlle a vaca e o Xefe, despois de ben examinada, dixo que había necesidá de facerlle unha operación: á vaca, pra salvara, había que sacarlle a cría por unha ingle.

Maus á obra, dixo o Chaparro: o que haxa que facer, facelo, que eso millor o sabe quen on entende.

Sacou o Xefe as coitelas que pra esta crase de operaciós trai envoltas nun coiro enladrado. Agarraron a vaca entre unhos cuantos, e a forza de cordas e de termar dela, deitárona na corte patas arriba. Vendo que non se movía, empezou o médico de Codeso a traballar coas coitelas; por entre unha perna de atrás e mailo ubre abreu unha brecha enorme por onde había de salir a cría si a vaca tivera resistencia pra aguantar a operación que lle iban a facer. Pro tan asiña como se tivo aberta a brecha i as patas da cría comenzaban a aparecer por entre as tripas da enferma, deu a vaca en irse indo como aquel se queda sin folgo.

O Xefe, que ten grande ollo, enseguida comprendeu que non lle iba ben o animal, pois cuasamente non folguexaba; e como home de experiencia, suspendeu a operación, pra atenderlle o baído que tanto mal lle daba con ánemo de acabala cando volveuse en si o animal bruto.

Cortou un cacho a un pelexo dos do viño, e quantando o pez unha miaxada, púxollo encima da ferida pra bizmala; pro pouco val a sabencia cando a morte pasa do corral e se mete nas casas; pois estando casi acabada de poñer a bizma, cando o Xefe estaba agachado encima do ubre da vaca, esta deu unha esvencellada que tirou o menciñeiro entre as súas pernas como si quixera darlle un abrazo de despedida deste mundo; pois foi o último movemento que fixo o animal.

O Xefe houbo que sacalo de alí e por certo que non houbo pouca risa por que traía os beizos untados, por dar con eles, ó caer, mesmo contra o nacemento do rabo.

Entre o Cibreiro, o Xefe, o Chaparro e mailos veciños colleron pra furada que hai ó lado do camiño vecinal coa vaca morta, que en nada agradeceu os sabios servicios que lle prestara o menciñeiro do Codeso.

O Chaparro de nada lle sirveu a cencia do seu amigo. O probe quedou sin vaca, sin becerro e sin pelexo.

XAN GUEDELLAS



Os narradores de *O Tio Pepe*



## INTRODUCCIÓN

Co subtítulo “Redención. Xusticia. Progreso. Unión. Guerra os caciques. ¡Arriba Galegos, viv’ a raza” publicouse na Fonsagrada, dende o 31 de xaneiro de 1913 até o 20 de novembro dese mesmo ano, *O Tío Pepe*. Esta publicación, que saíu do prelo na Imprenta do Sucesor de A. Villamarín, situado no número 2 da rúa luguesa de Armañá, e posteriormente en A. Suárez Sal Suqr. De A. Villamarín, apareceu quincenalmente e chegou a acadar un total de vinte números, a oito páxinas cada exemplar.

Malia non constar de forma expresa o nome dos directivos, Xosé Ramón Barreiro Fernández (1995) afirma que é posíbel que un dos cargos máis destacábeis, como é o de director, lle correspondese a Armando Peñamaría Álvarez, un lugués que se ben non se pode afirmar rotundamente que ocupase este cargo, cando menos si estivo moi vinculado a esta publicación.

Seguindo o ronsel iniciado en 1876 por *O Tío Marcos d’a Portela. Parrafeos c’o pobo gallego*, iniciativa ourensá, como é ben sabido, de Valentín Lamas Carvajal, que se mantivo viva até o ano 1888, e continuado aquel por outras publicacións como *A Fuliada* de Betanzos (1883) e da Coruña (1887-1888), *O Galiciano* (1884-1886) e *A Tía Catuxa* de Pontevedra (1889-1891), *A Monteira* (1889-1890) e *O Labrego* de Lugo (1891-1893) e *As Burgas* de Ourense (1894-1895), entre outras, *O Tío Pepe* estaba escrito completamente en lingua galega, a excepción da páxina de anuncios que aparecía ao final de cada entrega.

Nas diferentes seccións que compoñen cada número, entre as que se atopan as seccións fixas “Os contos d’O Tío Pepe”, “D’o buzón d’O Tío Pepe” e “Carta aberta”, recóllese a crónica social e política do momento e da comarca, denunciando os principais males dos labregos, tales como a tiranía dos caciques, a escravitude dos foros e a emigración. Así, *O Tío Pepe*, que foi o órgano propagandístico de Manuel Portela Valladares na comarca fonsagradina, amosaba, en definitiva, unha clara preocupación polo campesiñado galego, ao recoller a bandeira da Liga de Acción Gallega de Basilio Álvarez e ao fomentar o asociacionismo.

Dende o ano 1999 cóntase cunha edición facsímile desta publicación que veu da man de Ediciones Losa e que conta cun breve limiar de Cristina Santamaría no que de maneira xeral se dá conta da periodicidade, fins e obxectivos desta publicación. Carece este facsimilar de calquera estudo introdutorio ou análise crítica que seguramente o lectorado agradecería e que posibilitaría que gozase mellor da xoia que ten entre mans.

Observando a devandita edición, pódese ver que ademais de acoller novas de interese xeral e de carácter local, fundamentalmente políticas, amosaba tamén unha clara preocupación pola cultura do país, manifestada no compromiso coa defensa da lingua galega. Proba disto foi a inclusión de textos literarios de poesía e prosa.

Recóllense versos de Joaquín de Arévalo, Alberto Camino, Luís Manuel Pintos Amado, Mario Gómez, Valentín Lamas Carvajal, Antonio Noriega Varela, Aureliano José Pereira, Rogelio Rivero, Francisco Rodríguez Marín, Cástor de A. Barrera e Germán Vales Faílde. Algunhas destas composicións poéticas aparecen asinadas por pseudónimos: C.F., ERREDEQUIS, G.C. e XOCO DE RAO. Incluíronse tamén achegas dos poetas galegos máis representativos do século XIX: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. No que respecta á prosa, rexístranse os pseudónimos X., LOURO DE SÁA, LUÍS PINTOS, MARCOS DE PERULLEDO, MINGOS D'A PORTADA, O TÍO MARCOS DE PORTELA, TÍO LINDO, CESÁREO PARDO Y ESPERANZA, JESÚS R. LÓPEZ TOÑO DA VILA e XINTO D'ARMILDA.

## ARMANDO PENAMARÍA E OS SEUS PSEUDÓNIMOS

### Datos biobibliográficos

Armando Penamaría ou Peñamaría (existe unha castelanzación do apelido familiar xusto nesta época) Álvarez naceu en Fonsagrada en 1870 e medrou nesta localidade até que marchou a estudar medicina a Santiago de Compostela. A comezo do século XX, rematados os estudos, regresou á Fonsagrada portando consigo unhas fortes inqedanzas políticas vinculadas ao rexionalismo. Polas notas que el mesmo dá no artigo “O insigne litarato D. Juan Barcia Caballero” (n.º 4, 20 de marzo de 1913) e pola propia vinculación deste médico, escritor e profesor da Facultade de Medicina compostelá co incipiente movemento rexionalista de finais do século XIX e comezos do XX, pódese inferir que foron círculos intelectuais como a Asociación Regionalista Gallega<sup>81</sup> os que de forma máis importante influíron na configuración ideolóxico-política deste autor.

Na Fonsagrada exerceu como médico e como principal activo político local do rexionalismo galego, primeiro, e do agrarismo, despois; un movemento ao que chega a partir da súa posición contraria aos foros. Con esta bagaxe ideolóxico-política apoiou decididamente o sindicato agrarista Acción Gallega e, sobre todo, a un dos seus principais fundadores: Manuel Portela Valladares, a favor de quen pon todos os seus contactos e relevancia na zona para que acadase no 1910, polo distrito da Fonsagrada, a acta de deputado en Cortes. En 1913, precisamente para reforzar a presenza do agrarismo rexionalista e a figura de Portela Valladares no seu distrito, apoiou, económica e persoalmente, a aparición da publicación *O Tío Pepe*. A súa ligazón coa figura de Portela Valladares continuaría aínda durante moitos anos. Así, mentres seguía a exercer como médico, seguiu apoiando a Portela nas súas aspiracións políticas cando este conseguiu ser deputado en Cortes pola provincia de Lugo, novamente, nos anos 1931 e 1933. O propio Armando Penamaría sería deputado nas Cortes xurdidas das eleccións xerais de 1936, elixido por unha coalición de centro en representación da provincia de Lugo (Portela Valladares sería o nese mesmo ano e por esa mesma coalición pola provincia de Pontevedra). A súa vinculación directa coa política remataría ao final daquela lexislatura, no 1939. Durante os anos seguintes seguiu exercendo como médico na Fonsagrada até a súa morte no 1955.

Dos distintos autores con pseudónimo que se achegaron ás páxinas da publicación fonsagradina *O Tío Pepe* é Louro de Saa o máis prolixo de todos, cun total de once textos que pensamos corresponden a Armando Penamaría. A súa relevancia vén tamén

<sup>81</sup> Asociación que se fundou en Santiago de Compostela no ano 1890 baixo a dirección de Manuel Murguía Martínez. Contou entre os seus destacados fundadores con Juan Barcia Caballero, Alfredo Brañas, Salvador Cabeza de León e José Tarrío, entre outros.

motivada polo percorrido das súas colaboracións, que coincide de forma significativa coa vida que tivo *O Tío Pepe* ao longo de 1913. A partir de dous datos secundarios, como a súa presunta relevancia editorial e os trazos máis destacados que sobre o autor nos achegan os materiais, e logo dunha análise pormenorizada da súa produción, pódense trazar as liñas a través das cales facilitar a identificación do nome real oculto trala máscara. Así facendo, aínda que non existe unha fonte directa que confirme a asociación entre pseudónimo e autor (excepcionais son os casos nos que tal acontece), os textos parecen apuntar á figura de Armando Penamaría Álvarez.

Varios son os argumentos que nos levan a facer esta afirmación:

En primeiro lugar, atravesando a crítica social de fondo que abrangue a totalidade dos textos ficcionais de Louro de Súa, un tema recorrente na súa produción é o ataque directo a menciñeiros e curandeiras que con supostos coñecementos baseados na superstición propoñen solucións máxicas ou remendos misteriosos a enfermidades que, segundo o narrador, só a medicina e os médicos poden curar. Dende outro punto de vista, os textos de Súa tamén critican as xentes que, levadas pola ignorancia, se deixan enganar ou acoden directamente a estas solucións feiticeiras no canto de botar man da ciencia e as súas propostas. O tema sanitario e a perspectiva do médico vese reforzada, ademais, non só con fragmentos onde queda claro o dominio da materia pola voz narradora, máis tamén pola presenza de referencias bibliográficas da época directamente relacionadas, como é o caso do libro de Xesús Rodríguez López, *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*, cuxa referencia cita expresamente no relato “Os feitizos”. Un enfoque este, xa que logo, que resulta totalmente coherente con quen no 1913 –e aínda durante tempo antes– era o único médico da zona da Fonsagrada.

En segundo lugar, outro subtema que posúe entidade propia ao longo de toda a súa produción é o ideolóxico-político, que podemos dividir á súa vez, segundo sexa diferente a perspectiva, en varias esferas distintas. En canto á cuestión ideolóxica, a voz narradora rexeita expresamente as figuras de “Lerroux, Soriano e Iglesias” e critica concretamente ao “socealismo” (vid. “Cada tolo coa súa teima”). Dentro do máis concreto, textos onde o agrarismo ten presenza como fondo contextual, como “Contrabando” ou “Cousas da emigración”, permítenlle á voz narradora incluír alegacións agraristas. Neste sentido, hai que considerar a importancia política e o compromiso co movemento agrarista de Acción Gallega na zona da Fonsagrada, da familia fidalga dos Penamaría, soporte político que lle posibilitou, co seu coñecemento e relacións na zona, a elección de Manuel Portela Valladares como deputado nas Cortes republicanas polo distrito lucense da Fonsagrada no 1910. Ademais de lembrar que foron os Penamaría, e sobre todo a figura de Armando Penamaría, os principais impulsores da publicación *O Tío Pepe*, non só como órgano de expresión do agrarismo na comarca, máis tamén como apoio explícito á figura de Portela Valladares, nun ano, 1913, no que Acción Gallega pasaba por importantes tensións e dificultades internas e externas.

En terceiro lugar, no conxunto dos textos, Louro de Súa, se ben emprega en case que todos os casos a redacción en primeira persoa e a perspectiva do narrador testemuña, marcando a súa posición persoal sobre a meirande parte de temas e subtemas que trata, cóidase moito de dar dato calquera sobre a súa persoa. Só nunha única ocasión a voz narradora desvela algo en relación á propia identidade. Faino no relato “Os feitos” cando di: “advirtirei, de primeiro, pra honra do creto de Burón que non son de eiquí, pro si de moi a carón”. A casa dos Penamária non pertencía, en efecto, á parroquia de Santa María Madalena de Burón á que se refire o autor no texto, senón á parroquia limítrofe de San Pedro de Neiro, en concreto na aldea de Mazaeda, a poucos quilómetros de Burón. Polo que, se se lle dá creto ás palabras asinadas polo pseudónimo, tal dato si ten clara correspondencia coa realidade dos Penamária.

En cuarto lugar, e en síntese con respecto a todo o anterior, tanto a crítica social exercida dende o campo da medicina como a reivindicación política do rexionalismo e do agrarismo e a perspectiva principalmente fonsagradina son temas igualmente presentes na obra que, co seu propio nome, asina Armando Penamária no *Tío Pepe*. Unha coherencia íntegra en canto a temática, enfoque e perspectiva, que non se reproduce con igual intensidade e exactitude con respecto a ningún outro autor dos que aparecen nesta publicación.

## **Comentario dos textos narrativos en galego**

Os once textos narrativos que constitúen a contribución de Louro de Súa a *Tío Pepe* teñen un sólido aparato unificador: en todos a voz narradora exerce unha clara crítica social sobre as posicións éticas, os discursos ideolóxico-políticos e sobre as actitudes e os comportamentos morais do contorno, proxectados sobre distintos personaxes pertencentes ao seu ámbito máis inmediato. Con todo, aínda se pode establecer unha clara distinción por tipo de texto e tamén por temas. Con respecto aos tipos de texto, hai que falar dunha norma e unha excepción: a norma constitúena os dez textos que, cun estilo de narración serial e formas literarias, configuran un universo propio de personaxes e unha crítica uniforme en canto a temas e subtemas. A excepción constitúea o texto “N’a redacción” (n.º 7, 5 de maio de 1913), onde un diálogo entre un redactor e un lector do *Tío Pepe* serve para dar conta dos prexuízos e as ameazas que a publicación puidera ter despregado entre a sociedade fonsagradina, ao tempo que se realizan insinuacións sobre as persoas posíbeis responsábeis a través de descrições físicas ou alcumes. A ausencia dunha voz narrativa, o estilo dialogado e oral exclusivo deste texto e unha temática distinta (pois non versa sobre as opinións dos colaboradores sobre a realidade, senón da retroalimentación deste mesmo proceso de opinión) fan que se considere como unha excepción fronte aos demais. Un texto, incluso, que articula un discurso metanarrativo en canto non só abrangue o discurso e

a mensaxe implícita de todos os demais, mais tamén configura un discurso propio de reafirmación e autodefensa que, ao cabo, dispón a mensaxe autoral e clarifica o sentir editorial da publicación *O Tío Pepe*.

Se se analiza a temática dos dez exemplos restantes poderase establecer unha nova clasificación que nos axude a sistematizar e depurar a súa produción. Así, distínguense dous grupos, no primeiro inclúense a todos aqueles relatos que teñen como tema unificador a credulidade das xentes en remedios, meigos, ou compoñedores para a solución de problemas médicos. Os relatos deste primeiro grupo, sucesivamente, son: “O orballo do Quintela” (n.º 3, 5 de marzo de 1913), “Os feitizos” (n.º 10, 20 de xuño de 1913), “De todo unh pouco” (n.º 12, 20 de xullo de 1913) e “Cada tolo coa súa teima” (n.º 16, 20 de setembro de 1913). O segundo grupo continúa coa crítica social sobre os costumes da sociedade se ben, no canto de localizarse nun tema concreto dende unha única perspectiva, amosa unha maior heteroxeneidade na elección e tratamento dos mesmos. Este segundo grupo componse de seis relatos que, pola súa orde de aparición, son: “A festa do enterro” (n.ºs 2 e 3, 15 de febreiro e 5 de marzo de 1913, respectivamente), no que se critican os elementos dos enterros que se afastan da doutrina e o acto litúrxico; “A enfermidade de Mariquiña” (n.º 5, 5 de abril de 1913), no que se critica a lixeireza dos hábitos a respecto das relacións sexuais a través dun embarazo inesperado; “Contrabando” (n.º 6, 20 de abril de 1913), no que se fai unha análise antropolóxica do ‘ser galego’ en relación coa autoridade e as leis; “Cousas da emigración” (n.º 8, 20 de maio de 1913), nas que se fai un chamamento ás autoridades para que teñan a mesma esixencia de saúde para cos galegos que retornan da emigración cás que teñen as autoridades estranxeiras para cos que alí van; “Conto que non o é” (n.º 13, 5 de agosto de 1913), onde se fala das consecuencias infaustas de botarlle a culpa aos demais dos nosos propios erros; e “O que non tolea de novo tolea de vello” (n.º 17, 5 de outubro de 1913), co que leva a súa crítica aos homes que queren casar con rapazas moito máis novas, tema xa tradicional da literatura occidental.

Con respecto ao conxunto dos textos e, por tanto, aos elementos unificadores a todos eles, no tocante ao tratamento da dimensión espacial, obsérvase como os lugares citados conteñen unha heteroxeneidade localizada principalmente na comarca da Fonsagrada e, en concreto (e de maior a menor importancia), tamén nos concellos de Baleira, Begonte, Castroverde, Becerreá e Ribeira do Piquín, con referencias puntuais a outros da provincia como Lugo. En todo caso, sobre todos os lugares, un parece ser, tanto por alusións dos personaxes como por ser o punto espacial dende o que a voz narra os feitos, o eixe vertebrador do espazo ficcional: a aldea de “Burón”<sup>82</sup>. En relación á construción dun universo de personaxes, a súa universalidade limitase aos textos onde

---

<sup>82</sup> O texto refírese a Pobra de Burón, aldea que lle dá o nome á parroquia e que foi capital do concello (antes denominado Concello de Burón) até 1835, no actual termo municipal da Fonsagrada.



a crítica social recae sobre persoas cunha práctica pouco ética da medicina e que, por conseguinte, son retratadas coherentemente en distintas ocasións ao longo de varios textos. O caso máis claro é o do Verlan<sup>83</sup>, unha especie de compoñedor de ósos e médico de meigallos que participa en varias curacións frustradas e duramente criticadas por Louro de Súa (“O orballo do Quintela” ou “Conto que non o é” son dous casos). Sobre a dimensión temporal, en todos os textos utilízase o estilo narrativo para referirse a feitos dos que se ten experiencia directa ou coñecemento previo, é por iso polo que o relato construído do pasado dende o presente da voz narradora é tamén unha constante unificadora. A lingua tamén é unha dimensión con idénticas características, loxicamente, ao longo destes textos, cun gran manexo da lingua tanto en rexistros informais como formais. Isto reverte nunha notábel calidade lingüística, reflectida no coñecemento de moi distinto e variado léxico, uso complexo da expresividade, especialización do uso de termos etc., e a calidade e riqueza expresivas tamén son significativas, amosando unha escasa dificultade para afrontar temas distintos con abonda competencia e habilidade. Todo isto manifesta, sen dúbida, a existencia dun autor culto e competente nas habilidades lecto-escritoras en lingua galega, unha característica esta pouco común entre a maior parte das xentes dunha época na que a estandarización e normativización do idioma galego era caótica.

Todos os relatos de Louro de Súa posúen unha forte relación intertextual, creando un mundo propio a través dun espazo recoñecíbel, uns temas recorrentes, e uns personaxes coherentes co espazo e os temas nos que están inseridos. Así, se de forma independente a meirande parte dos textos poden carecer de relevancia literaria, a obra, en conxunto, constitúese como un gran mural amplo e minucioso. A voz narradora exerce de xuíz e parte, crítica, valora, supervisa os seus costumes e, finalmente, propón unha volta aos principios do catolicismo e sobre todo do estándar das sociedades civilizadas. A de Louro de Súa é, xa que logo, unha mensaxe modernizadora de ampla complexidade e profundidade, moi pouco frecuente na literatura e no xornalismo da época.

---

<sup>83</sup> O autor ‘P.’ dedicalle o seu único texto á figura de Verlán: “O menciñeiro Verlán”, publicado tamén no número 1 do *Tío Pepe* o 31 de xaneiro de 1913. A pertenza deste personaxe ao universo de Louro de Súa, así como a condición de pseudónimo de ambas as dúas fórmulas de sinatura, poderían significar a coincidencia na identidade de ambos os autores sobre a figura –como é a nosa hipótese neste traballo– de Armando Peñamaría Álvarez.

## O orballo do quintela

Non vou falar do milagreiro orballo que na noite de San Xoán tantos sarnazos din que cura. Nos tempos que corremos xa cren moitos máis nos saudabres efectos da auga, anque non sea daquela noite con tal que se atope limpa, e do xabón, que co santo, que empregou as augas do Xordan pra lava-los pecados, pasa o tempo limpiando con orballo os corpos dexubados.

O tío Antón de Quintela foi sempre, e graceas a Dios índa é hoxe, o home máis adivertido que houbo en Burón e o máis garatuxeiro prás rapazas, non deixando ningunha que non convidase no Cádavo e Castroverde, feiras que nunca perdeu, e que non pretendese pró seu fillo Xan; pro, coma non hai ninguén que non teña defeuto, tamén o Quintela o ten consistindo a súa debilidade en que o viño non lle apagaba a sede namentras que non se pon coma unha esponxa ben mollada, pró que lle fan falla tres días. Asina que atopa cunh dedo o viño colle prá casa; pro como a cachola lle afumea e os pés non teñen conta del, e pouco máis ve indo de día que de noite, dunha quenda destas, ó marchar de través astra escornarse coa parede da dereita pra volver ás apalpadas astra a esquerda, tropezou cunh montón de toxos, e, despois de bicalos con máis devoción cás reliquias dunh santo, palpounos tamén coma bon gallego que non vai satisfeito con menos e como secuencia quedoulle a cara tan ben gradada coma si foran botarlle nela liño, e unha espiña metéuselle nunh dedo sin que el se porcatase astra dous días despois de pasarlla a mona. Índa andou dous ou tres máis sin facer moito caso astra que nin puido dormir de noite nin acougar de día cos doores.

Anque no mesmo lugar había médeco, tiña máis sona Verlán e foi xunto el a menciñarse: aconselloulle que non fora onde a ningúnh médeco porque lle esnavallaban o dedo, que el o poñería máis sano cá onh buxo, e mandoulle que volvease aixiña prá casa e no cachón dunh caldeiro fervendo, e se era de nabos moito mellor, que metese o dedo nove veces pola noite, nove á mañá e nove ó xantar, cubrindo dunha quenda pra outra con unto de cocho vello de sete anos; e se a terceira vez que o ficese non pasara o door que tiña que buscar unto de gato mouro, se se alcontraba. O quintela fizo, non tres veces, senón tres días arreo a menciña; mais o inchazón e os doores lexos de pasar ameceron e destoncias desconfiou de Verlán e foi xunto á Vicenta do Cando que lle mandou que mercase unha pita moura e que abrise sin pelala nin sacarlle as tripas metendo o dedo no medeo destas e téndoo deste xeito toda a noite e aseguroulle que ista menciña non fallaba; pro no Quintela fallou e Vicenta, ó decirllo preguntoulle se adeprendera se a pita estaba choca porque estoncias non se lembrara de decirlle que non se podía abri-la, senón que tiña que mete-lo dedo coma si fora catarlle o ovo e telo desta maneira unha noite e unh día. Non tivo tanta pacencia o Quintela e foi sin deixar de cumprir tal prazo xunto ó médeco que, como lle dixera o Verlán, abriulle o dedo da raíz á punta, pro xa era tarde e caíronlle algús ósos e quedoulle teso.

Aínda hoxe Verlán di que non quedaba así, si ficera ben o que el mandou e Vicenta xura que si tivera pacencia e agardara a que pasase a noite e o día había de poñerse sano máis aixiña que ela fai unh viaxe a Sevilla, e quedar mellor e máis duro ca onh penedo.

### Os feitizos

¡Pra tan negros crimes  
Xusticia na terra non ergues cadalsos!  
¡Non solo nos corpos  
Tamén nas concencias está o tangasaño!  
V. LAMAS CARVAJAL

En cas dunh médeco dista vila pareceu hai pouco tempo unha probe muller, tola ás quendas, a que, de milagre, non puxeron pra sempre dous cregos: unh meteulle no caletre que tiña o demo e mandouna cabo do outro que seica tiña moita influencia riba do señor do inferno e das bruxas, e iste fizolle exorcismos nove días arreo.

Non é pouca fertuna que os abades de hoxe botasen astra da mamorea dos que vivimos isas prácticas, que tanto deron que rir e que chorar a conta da nosa relixión, deixándoas no seu xusto siteo hai tempo; por iso sorprendeu ó médeco que o home da muller dista lle viñese con aquil conto que á xente de agora semelláralle cousa de leendias; pro cando eu era pequeno viron a carón da nosa casa unha muller coa que pasou o mesmo e vou contar o que con ela fizo unh mal crego. Adivirtirei, de primeiro, pra honra do crero de Burón que non son de eiquí, pro si de moi a carón, ós dous, non sei como lles chame, que me dan acaseón pra esquivir istes ringuilós.

Poucos anos tiña eu cando a Tía Marica Reina falaba de que tiña os feitizos. Irmá dos Pozos dos Galegos, moi soados pola súa forza e polo moi homes de ben que eran os máis diles, herdara de seus avós unha calidá, istrana nos galegos, pro moi propea das xentes daquela casa: non mintía nuncras e todo o que lle falaban era tan certo coma se o vira.

Unh home de Castro Alfonsín, conocino xa velliño, engañouna, e falándolle do casoiro tivo con ela trato bastante pra que aparecese coma sequencia unh neniño. Pasou moito tempo coma si non se houberan visto astra que unh ano, volto das segas de Castela, volveu a parolar il de que quería dar xeito de cumprir coas obrigaciós que tiña co ila, e dista maneira e cunhas cantas parrafeadas pareceu a probe outra vez coa barriga á boca; e o Tío Felipe, que asina se nomeaba, volveu a escurecerse astra que dous anos dempois de nado o segundo neno falou de novo de xuntarse como mandia a Airexa e púxose a facer casa en tarreu que deron pra elo os irmaus dela e axudou todo o que puido namentras non lle volveu a medra-la barriga; e destoncias fizo a do fume fuxindo de xunto dela. ¿É istrano que a Tía Marica que nuncras mentira se volvese

tola? Foino unh anaco longo de tempo; e, xa mellorada, as anseas de coidar dos seus filliños, os ruís recordos do que fizeran co ila, a pouca mantencia, o moito traballo, todas isas cousas que da escrava muller galega fan ó mesmo tempo que unha mártir unha inferna, facíanlle ás quendas volver a poñerse ruíña.

Unh crego, o que nomea Xesús Rodríguez López na páxina 238, 2.<sup>a</sup> edición das *Supersticiones de Galicia*, colleuna da súa conta, e dende daquela cantos ovos puxeron as pitas da Tía Marica, canto puido ver e redimir, todo foi parar á cas de Vilamerelle que a puxo moito máis tola que adargo de sacarlle o demo do corpo. Outro, de Castelo parente dela e de esprito verdadeiramente cristeano<sup>84</sup>, atopouna unh día no Meriu cunha cesta grande chea de lacós, xamós, ovos e manteiga e, ó perguntarlle pra onde iba, ouvín que lle respondía: voulle levar a Vilamerelle isto que hai moito tempo que estaba morta e condenada se non fora por il que che ten moita mau pró que me vén pasando.

Marica: vólvetे prá casa e come todo o que lle levas; as túas doencias cáusachas a fame, os traballos que pasaches e pasas, e os desgustos que dinantes tiveche; soségate: ás desgraceas cando non se lles pon remedeo a tempo, só teñen, hai que ter resinación e pedirlle axuda a Dios Noso Señor pra que nos de pacencea e forteza pra levalas. Na túa parroquea tes unh abade reuto e intilixente; déixate dirixir por il e verás coma sin andares cargada por istes montes, camín da casa dunh que non me astrevo a chamar ministro de Cristo, nin compañeiro, volves a ter paz no corpo e, o que interesa máis, na túa ánema.

Ista relixiosa e sabea pláutica non fizo nada coa Tía Marica, porque Vilamerelle, en canto lle oíu contar o que lle dixera o crego de Castelo, reprecoulle: es ben burra, todo iso díxocho coa envexa de que non pode ganar il o que eu gano coas benditas reliqueas que merquei e coa miña cencea. Se il e moitos máis coma il souperan o que eu sei, non habían de decir o que din. ¿Ve que non che dixo o mesmo do Corpiño de lonxe?

A Tía Marica por medo a que o seu parente de Castelo a atopase no Meriu non volveu máis cás furtadelas cabo de Vilamerelle; pro nuncras faltou nas festas do Corpiño de lonxe e, a última vez que a vin, iba arimada a dous paus en cras de muletas, toda derregada dunha caída que levara vindo de alí. Non soupen se morrera da doencea antiga, doutra nova, do trompazo, ou da fame que lle feceron pasar os consellos de Vilamerelle. Dios lles teña perdoado ós dous; pro fagamos o que poidamos os galegos pra que ninguén volva a facer o que decote facía a Tía Marica pola ruindá e a burramia dunh home que tiña de crego tan soilo o nome, os hábetos e as ordes.

---

<sup>84</sup> Unha muller levoulle unh neno pra descontar as lombrigas morto de fame e fizo a caridá de levalo prá súa casa e encheuno ben unhos días co que sanou sin ningunha cirimonea relixiosa. Nuncras quixo exprotar a fama que adquirira con isto en moitas legoas arredor.

## De todo unh pouco

Hoxe soupen que a Xan Lanas lle puxeran medo cunh sabre, e anque eu son mui medoso dendes que unh compañeiro me prometeu unha tunda e me ensinan no cimiterio de Neiro unh revolver voume meter na boca do lobo.

\* \* \*

*Sr. Sarxento da Guardia Civil:*

¿Poderame dar noticea do siteo onde foi parar unha escopeta coa que levou unh tiro unh veciño de Pena de Cabras fai tempo?

¿Ten noticeas do paradeiro doutra que feriu nunha rodela a unh veciño de Vilamaor de Arroxo?

¿Sabe que ficeron en Llaucela dunha pistola coa que se disparou unh tiro unh rapaz ó que se lle fizo a autosea o sete de Xuliu en Neiros?

¿E do revolver con que se matou outro hai unh ano na mesma parroquia?

¿E que me conta dunh rebelde que hai en Maderne fai tempo e que din as malas lingoas que vén de paseo decote pola vila?

¿Cantas licenceas de pesca viu publicadas no *Boletín oficial* de xente da súa demarcación? –As troitas vémolas todas e non nos cabe no caletre que as collan en Lugo, na Ullou ou en Chantada.

Pra coller ós rebeldes ten unha receta o sacretareo xudicial que apricou a unh da Fornaza que tamén andivo por eí coma se non houbera máis civiles que Castañeira e o de Xegunde, ou Isidro e Ceferino.

En Naraxa hai outro cunh balazo de revolver nunha perna. ¿Sabe da arma?

¿Dunde para unh que deu unhas puñaladas en San Pedro do Río hai tempo?

¿Na beira dos ríos eiquí ninguén sabe quen colle as troitas con dinamita, con cloruro ou sin licencea?

\* \* \*

Frente da airexa hai unha muller que ben deitan dila as paridas pra erguérle-la espiñela. Faino por medeo das palabras dendes da súa casa sin cansarse nada; e eu que non creo na súa cencia pro que estudei ó P. Astete avísoa, cumprindo unha obra de caridá, de que o que fai seméllame que o abrangue aquilo de non creer en agoiros, feiteirías e cousas supersticiosas que di no primeiro mandamento, e se non se enmenda está o medo moi a carón e ireille coa queixa. ¿Ouvíu señora Ramona?

\* \* \*

O cinco diste mes adeprendín a maneira de saber con certeza cómo ha de vir o tempo. Díxome como había de sabelo unh mestre: o día de Navidá cóllese unha

cebola grande eponse en doce anacos; pónense en ringleira istes e bateanse con nomes de Xaneiro, Febreiro, etcétera, dende o N. O S.; espétase unha area de sal en cada unh e déixanse ó sarao. ¿Non se derrete unha area? Tempo seco naquíl mes. ¿Derrétese de todo? Auga a cuncas e asina nos demais meses. O barometro é barato pro eu non creo nil e cavilo que están tolos os que van ensinar os monros e non meten dinantes na cárcel á señora Ramona e ó inventor da maneira de averiguar o tempo que ha facer, que ben o merecen os que, no sigro XX, e chamándose mestres de escola, dicen tales borradas e as que coa capa de non morde-las herbas e da santidá fan aquelas dibuxadas.

\* \* \*

Xa fai anos que se sabe que a enfermidadá que ataca no tempo húmedo ás patacas cura solfatándoas e eu sei tamén que ningún daño lles poden facer as bendicións dos cregos e a auga bendita; pro por botarlles esta e aquilas e non deixar de solfatar que din que Dios dí: “axúdate que eu te axudarei”, e pode soceder aquilo de “fiate do demo e non corras”. ¿Fai ou non fai falla ensinar agricultura nos saminareos?

\* \* \*

E agora que falei de patacas acórdaseme unh conto que pasou en Pousada. Pegaron con ilas unhos vermes e foron algunhos veciños cabo do abade pedirlle que as bendicise e iste fixolles ver a convenencia de consultar cunha persoa intelixente que lles dixese qué cras de peste era aquila e cómo habían de desfacerse dela; pro tanto lle pituñaron que os encamiñou preto de Dios teña na gorea a D. Ramón da Pradedada que, pillou pra aló, e isopada eiquí, bendición aló, andivo toda a parroquea; pro como os vermes máis comús eiquí non son outra cousa que bolboretas na primeira fase da súa vida, o que se chama larvas en castillano, D. Ramón non os puido trocar nin en bolboretas, nin en ninfas, cousa que non fan máis có seu tempo; como, poño por caso, fan as pitas chocas que sacan os pitos ós vinteún días e non ós catorce nin ós trinta; e perden todo o creto xunto dos de Pousada en canto a quita-los vermes das patacas e pillaron pra Pena Rubea catar outro crego que entendese de vermes e coma namentras pasara algúnh deuse o caso de que se fosen coas ultemas bendicións pro foi trocados en bolboretas a poñer máis ovos e a esparexer máis a peste. Namentras os labregos non teñan quen lles ensine moitas distas cousas e se rían de don Manolo de Corbeira porque ande de noite cunh farol pillando vermes nos repolos, e os mestres fagan barómetros de cebola ou partixas como Verlán, non fai falla que os governos lles den dereito a votar, ser adxuntos etc. O úneco dereito que lles deben dar é: o de non ser burros.

\* \* \*

O mes derradeiro é un dos que máis deixan ver en coiros moitas das necesdás, que herdadas dos nosos avós, non soupemos aínda tirar das nosas costumes. A víspera de San Xoán aínda hai quen cree que as bruxas reparten as moscas e tapa con laureiro, (1) flor de bieiteiro, (2) fiúncho, (3) sanxoais, (4) cantos buratos ten na casa pra que non se lle metan nila. As moscas, meus amigos, nona as xebran as bruxas, xébraas a pouca limpeza que temos nas casas e o pouco coidado; e non fai falla bota-la culpa a ninguén máis cá nosoutros mesmos, nin dependurar unha enchente de porcalladas de portas e ventás pra tornalas, se non ser limpos sempre. ¿Que terán que ver os estralos, troqueles, sanxoais ou como lle queirades chamar coas moscas e coas bruxas? (5) ¿Hai quen cree nilas aínda? Pois a queimalo como din que lles facían noutros tempos a aquelas probes mulleres históricas que caían nas uñas da inquisición.

### **Cada tolo coa súa teima**

Cando comenzo a esquirbir istes ringuilós remato de saber que un médico consultou nista vila unha rapaza á que lle ficeran pra curala de un ataque de gota (epilepsia) as menciñas seguintes:

Primeiramente botou un bon trago de sangue dunh gato mouro; da que sobrou, dempois de coala, ficéronse con fariña de trigo da millor sete boliños pequenos, dos que comeu seis, e déronlle o outro a un can, cousa que fai falla pra que salga ben a menciña.

Queimaron, logo, un anaco da camisa que traguía posta e ingadírona ás cinzas, dila ás doutra que fora a primeira que puxera un seu irmau pequeniño, a falta da dila mesma que se perdera, e bebeunas en auga.

Dempois queimaron unha pinchorra, iles chámanlle sacabeira, e comeu, mezcradas con mel, as cinzas dila.

Máis tarde, mezcradas tamén con mel, comeu unhas cantas follas picadas de herba da solda; e

Rematou bebendo auga pola zoca do pé dereito; anque non debía ser pola súa, se non pola do seu padriño; pro, coma non se atopaba alí, tivo que ser pola dila.

Nunha muller cos doores dunh parto no que viña atravesada a criatura querían que o médico lle deixase comer moita manteiga fresca á parturanta, pra que sirvise de soavizadora dos condutos por donde viña a criatura. Debeu de inventar iso algunha muller amiga da manteiga fresca.

A un meu amigo cunh ántrax nunha perna arregrárono a súa muller e unha veciña, á que chamarei bruxa anque non crea nilas, botándolle bendicións; polo regular daríalle poder o demo á bruxa pra facelo. Chamoume máis iste caso a atencón por que a muller nin ten pelo de bruxa, nin é mala cristiana, nin foi criada no medeo de xente tan sempre, que tragasen rodas de muíños coma aquila.

Moi serio, probábame outro, que había mal de ollo porque non lle pasara unha cousa que lle pegaran astra que o abade da parroquia bendicira as menciñas que empregaba, que non fixeron cousa de proveito todas as quendas, astra que o señor dito fizo aquilo.

Na Baleira hai que poñerlle á que está parindo a camisa que traiga posta o pai da criatura se se ha salir con ben do pariscallo. Acórdome de cando recraman a dunh home casado que soltara a sebe, ou o que é o mesmo, se fora a picos pardos, e quixeron irlla pedir á súa muller pra que servise pra a outra. Hai pouco tempo houbo moita precisa no Cádavo da dunh recén casado cando tivo o primeiro fillo. A parteira era a mesma e non é istrano que nos dous casos empregase remedeo igoal. Bota as cartas, vende rosquillas, e á parteira aínda lle queda tempo pra andar rompendo cacholas como fizo, poño por caso, no último antroido.

Por humanidá, señores alcaldes; por caridá, señores abades; por vergonza, señores mestres de escola. ¿Queren que continuemos sendo coma astra de eiquí a mofa de todos por istas burradas que xa non teñen maneira de ser en ningúnh pobo verdadeiramente civilizado?

Non me empuxa ningunha ideia ruín ó sinalar ós señores abades; e digo isto porque houbo quen ollou en min unh herexe, ou pouco menos; pro se iles, que máis en contauto sealcontran coas xentes que creen semellantes cousas, non fan nada por facerlles entender que non son certas, por levalas polo camiño dos adiantos, non teñen que istranar dempois que Lerroux, Soriano e Iglesias veñan abri-los ollos ós nosos labregos, arrincando de comiño dos seus peitos as creenceas relixiosas. Unh intexérrimo maxistrado falaba hai pouco tempo de que na súa terra o socealismo, o facer asocearse ós obreiros, arrincara tantas horas ós homes das tabernas, tantas empregan en xuntarse nos seus centros, e en estudar as cousas. Ó mesmo tempo, e o mesmo tras disto, os crimes disminoiiron.

Non vexo porqué non han poder facer, queréndoo, outro tanto os nosos abades, cumprindo ó mesmo tempo a obra de misericordea de ensinar ó que non sabe. Unh sabeo, o cardenal Lavigerie, deu unh formidabre empuxe á aboleceón da escravitú; pro aínda hai escravos que redimir no sigro XX e as cadeas da inorancea apreixan con mallas de superticeós espritos do noso pobo con máis forza que noutros tempos as de ferro cenguían os corpos dos cautivos: e en máis escura mazmorra está preso o noso entendemento que o estiveran aquiles. Alumear ises cerebros, ceibar ises espritos obra de miserecordea é tamén; e naide nas condicións dos Soldados de Cristo pra facelo nas nosas aldeias.

Señores mestres: A ensinanza non é unh oficeo, non é unh medeo de vivir soilo, é unha cousa moito máis grande; hai que ter vocaceón pra ila; o mestre é unh apóstole e a súa miseón non se encerra en estar unhas horas pechado cos pequenos nas nosas aldeias; dentro e fóra da escola hai que facer moito ben ó probe Xan do pobo escorrentando as nubes que envolven o seu espirito; nas longas noites do inverno a tertulea dos nosos labregos faise xunto ó lume, e moitas veces a carón da lareira pásase o tempo



marmurando, facendo escola de superticeós e de viceos que poden correxirse, e de ruindá. ¡Canto ben poden facer un h mestre ou o abade nistes casos! Nos traballos diareos ¡canto tempo, canta enerxía podían aforrar bos consellos ós nosos labregos!

Hoxe que todo o mundo está de acordo pra mellorar as condicións matereales do maxisterio, fágase dinos da proteuceón e do respeito de todos, pola súa cencea, primeiro; polo cumprimento da súa obrigaceón, dempois. Abran as escolas que están chuidas, e cavilen que o sétimo mandamento da lei de Dios é non furtar. Roubar a istruceón ó pobo é máis grave que saír ós camiños; e matar as intelixencias con todas as circustanceas que amontoan os asasinos. E se algúnh de vostedes se atopa sin cencea ou sin vocaceón, é máis nobre, máis xusto e máis honrado que renuncее, que non que obrigue a facelo á concencea naceonal vendo que o espello no que se han ollar os nosos fillos e os nosos netos é un h folgazán, sin cencea e sin virtú, que soilo sabe coarse cando se trata de cumprir coas súas obrigaceós que son as máis sagradas á que ten que dar cumprimento a sociedade e ás que encomenda os máis dinos e respetabres dos seus membros.

Os alcaldes non deben deixar das súas maus istas custióis que intresan máis que ningunha ós seus representados, e canta enerxía poñan no cumprimento dista súa obrigaceón, tantas máis terá con iles o pobo que, anque neno, vai sabendo onde o apertan as zocas e, máis tarde ou máis cedo, fai xusticea ós homes e ás súas obras.

### **A festa do enterro**

Unha das máis comús e ruís costumes das nosas aldeas, ó mesmo tempo que unha das máis aldraxosas pró noso bon nome, é o que se fai nos enterros convertíndoos en festas.

Nos sagrados carballales e nas tenebras da noite nosos avós sacrificábanlles ás divindades druídicas a vida dos nosos semellantes e unha muller virxen, sagrada pra eles, baixo a direución do fero ministro dunha croel relixión, riba da fumeante sangue e das trémedas entranas da amedrentosa ofrenda, falaba ó pobo celta das cousas que habían de oír.

Hoxe, veinte sigros despois de vido ó mundo Cristo, cópanse nos enterros da nosa terra as bárbaras costumes daqueles pasados tempos, e na presenza dos ministros da súa doce e humana relixión falamos tamén un h fato de homes e mulleres, que nada temos de santos nin de virxes, non do que ha de vir, sinón do que pasou non deixándolle ó morto e á súa xente pelo que non lle avalemos; certo que ó morto lévao Dios cando dispón e quere; prós que vamos ó enterro, na nosa cobiza de facer coma naqueles tempos, xa que non o podemos matar, collemos á súa xente e non a deixamos vivir, nin descansar, e astra o consolo das bágoas lle negamos; non deixa esta de ter tamén culpa xa que lle semella un h insulto que moitos que, coma min, se lles pon na boca do butelo o que se fai, non queiramos ir de boa vontade mais que á airexa nos enterros.

Vou contar o que vin nunh; e digo por adiantado que nada invento, nin a naide marmuro, e se alguén se pica que non coma allos, ou que faga xeito de axudar a que desaparecían as malas costumes.

Sáin do meu pobo con tempo pra chegar ó do defunto diante que o sacaran da casa. Preto dela topei cunh veciño que levaba todo o gando grande e meudo como si ficera falla ir á feira a vendelo pra pagar o enterro, e quedei cavilando se esta costume sería unh recorde daqueles tempos e pobos en que se xuzgaba que as ialmas dos mortos se abeiraban nos corpos dos animás, ou se en ferventes cristianos cabería coidar que os desposos dunha vida, os ósos dunh morto, coma conxuros duna bruxa, tragnerían enfermédás, doencias, desgraceas, mortes etc., sobre a súa herdencia. Vin nunh pendello, na aira, o pelexo dunh xato de había pouco esfolado; chegaban naquel mesmo tempo dúas ou tres mulleres con cestas cheas de pratos, fontes e outras cousas que facían falla, xa que as moitas que había na casa non abondaban. Pra decirlle á ama da casa canto me apoucaba a morte do defunto tiven que ila atopar á cociña no medio de seis ou sete mulleres: unhas chamuscaban e rascaban lacós, xamós e touciño, outras limpaban chourizos e morcillas, as de eiquí daban voltas á carne do xato que en taños moi grandes cocían e estofaban, as de aló pelaban patacas; preguntei polo amo e tamén se ocupaba de encher unh pelexo de viño que había de ir co xantar pra xunto a airexa; unh dos rapaces máis vellos coidaba das bestas dunhos galafates que ben poideran levalas a outro sitio ou coidar iles delas; unh criado saíu prá airexa cunha cesta chea de pantrigos, libras de chicolate, botellas de viño branco e augardente e duces prós cregos que viñan con Misa e prós outros moitos galopís que, co adargo, unh de que fai de sepultureiro, outro de que leva cera dunha hermandá, iste de que foi axudar a leva-lo morto, aquil (e son os máis) de que non vai máis que a encherse, non deixan nin faragulla. ¿Hai ou non hai semellanza entre esto e o que facían naqueles pobos en que mataban á muller i ós criados do morto e con moita comida, pra viaxe tan largo, os enterraban co el?

Ó saír o defunto cantáronlle risposos pro os que fumos dando cartos todos os que alí estabamos e cantos atopamos polo camiño (recolliaos nunh bonete unh crego novo que miraba máis pra eles que atendía ó canto) astra chegar á airexa; pousárono diante da porta e a xente repartíuse polo adrio e polos arredores en montós, nos que todos falaban do morto sin que naide se lembrase de rezarlle pola ialma; houbo quen falou dos moitos eidos que deixara, quen dixo que quedaran moitas deudas, unh cunha filla que tiña era moi amiga dos rapaces, outro asegurou que cartos que quedaran pro que arramplara co eles o fillo máis vello.

*(Concluirá).*  
*(Continuación)*

Preguntei porque non comenzaba o enterro e dixeron que os cregos viñan sempre tarde pra os grandes e aínda non se xuntaran bastantes; vin chegar unh meu conocido e metinlle a besta na casa máis preta pra que se fora aixiña prá airexa: tamén eiquí había festa, e andaban coma croios os pantrigos, o queixo e as copas de augardente. Logo chegaron outro fatado deles moi ben montados moitos, sobre todo unh nunha mula boa e de fala tan agarimosa el que mesmo semellaba unh frade; pro con botas de montar i espuelas de metal branco que semellan de prata. Comenzou o enterro deseguida, pro como era tan tarde houbo que apuralo todo, pra que a Misa de honras fose dita a tempo, a non ser unhas cousas que lendo nunh libro cantaba unh crego solo coma se fora Tamaguo ou Gayarre. Na Misa fúmoslle bicar a estola no ofertorio o que a decía e dar unhos cartos que recollía nunha bandexa ó mesmo que o facía dinantes no bonete; mentras durou a función volveron a repinicar na honra do morto os que quedaron na porta da airexa sin deixarlle siquera rebulir nas costuras da camisa; varios cregos entraron e saíron na sacristía; unhos carpinteiros ficeron con táboas unha mesa longa, que cubriron con mantés brancos, pratos, vasos e xarras de viño os criados da casa. Dempois da misa volta a cantar risponso, de máis présa que denantes, astra que se lle botou a última terra enriba ó defunto, e logo, a traba todos astra que non quedou sitio desocupado, non sin que houbese algo de barullo por quen tiña que estar na cabeceira.

Comiamos coa mesma fame que se istiberamos cavando ou mallando, o viño corría coma se fora auga, ou estiberamos segando ou na fragoa dunh ferreiro. As vodas de Camacho ou as de Einibó semellarían tépadas en comparanza con tal enterro. De primeiro ninguén falaba pro asina que Xan do Ribeiro desatou as lingoas marmurouse de todo, astra quixeron learse algús; outros foron repartir a cantos folgazás, priguiceiros e mal ensinados había en todo o contorno unhos centos de reás de limosna, que estaban mellor empregados en verdadeiros probes que cuase sempre hai xunto das portas, e que non a piden porque lles dá vergonza; pro deste xeito non había a fachenda de decir: no enterro de Xan deuse máis limosna que no de Pedro.

Ó cabo unh crego vello erguiuse e rezou unhos risponso; pro non acabou a festa cando acabou el: unhos cantos lampantís puxéronse a tirarlle da orella a Xorxe e seguiron bebendo astra a noite e outros fóronse prás casas falando polo camiño de canto malo poidera haber na hestorea do morto e da súa xente astra non sei qué xeneración; que si deran ben ou mal de xantar; se o viño andivera a cuncas ou a vasiños pequenos e se era castellano ou dos pais; se o café estaba fervendo ou frío como a neve.

¿Iste é unh enterro? ¿Cantos queredes que nos xuntemos de boa fe pra acabar co estas larpeiradas? Eu non teño incominiente en ir cunh fungueiro axudar a desfacer unha delas anque lles pese ós que queren que se garden todas as costumes vellas por noxosas que sean como é esta.

## A enfermédá de Mariquiña

A culpa de todo  
non a teñen elas  
que a teñen os usos  
a que van afeitadas  
as probes rapazas  
das nosas aldeas  
*Benito Losada*

Unha rapaza noviña, sinxela coma unha pomba, coa mesma malicea ca onh santo, cunh corpo coma non houbera outro, diante da que seus pais non deixaran que se lembrase siquera qué cras de mazá comera nosa primeira nai no paradiso, nin que se nomease o número seis.

A rapaciña de boa casa, de boa xente, moi goapiña, que non levantaba os ollos do tarreo, que nunca se soupera na casa ca houbera, que nunca perdera unha misa, unha novena, ou unh sermón, chegoulle o tempo en que as nenas se convirten en mulleres sin que seus pais, o tío Bras e a tía Rosa, nin ela, se porcatasen: choraba unhas veces e ría outras sin que houbese causa, subíalle á cara unha fogaxe que a poñía coloradiña como a grana ós poucos, e branca como a neve o pouco tempo, latexáballe o corazón mui a miudo, antoxábase cousas moi estranas nas comidas, e volvérase caprichosa e de moi mal xenio.

Levárona ó médeco e aconsellou que non ficeran menciñas pro que non tivesen chuída á rapaza na casa, que se espelise, que traballase fóra e que a deixasen ir ás feiras, e ás romarías. Cumpriron todas istas cousas e Mariquiña comenzou a ir decote a ruadas, mercados, romaxes, espadelas e fiandós; de primeiro iba co ela a tía Rosa; pro dempois había tanto que facer na casa, tantos cochos, tantos xatos, tantas vacas que muxir, tantos queixos que facer, tanto leite que mazar, tantas ovellas, tantas pitas, que coidar, que lle encargou ó tío Bras que andivera il coa rapaza.

O tío Bras, unhas veces, xogaba á brisca co primeiro que atopaba a mao, e outras empinaba unh pouco o codo; que decir: facía a que di Xan Lanas no TÍO PEPE que fan moitos pais; e como a nena, miña xoia, non había que gardala, gardabase ela soila, non reparou que unh rapaz, máis vello que ila, encargouse de insiñarle canto seus pais lle acultaran.

O réximen disposto polo médeco sentoulle de primeiro moi ben á rapaza; pro logo dempois, a rentes dunha romaría á que fora con seu pai a Librán, e na que iste topara con moitos amigos seus de vello cos que baleirara unhs cantos xarros de viño, namentras que ela bailou, paseou, e andivo en compreta liberdade, co rapaz de marras, astra as catro da mañá, púxose máis mala e volveu a chorar, pro non a rirse, a poñerse descoorida, volvíalle a comida fóra, fuxía da xente e houbo que volver xunto ó médeco

que na mellor parola que puido deulles a entender ós pais o que coidaba que tiña a rapaza; o que fizo que eles fosen enfurruñados de xunto dunh home que tiña o atrevimento de non se fiar da santidá de Mariquiña e colleron pra xunto a Lagaroa pra que lle levantase a espiñela e co libro de coarenta follas na man lles espricase, coma sabea que é, qué cras de mal tiña. Como a cousa non estaba crara pró médeco, aínda non o podía estar pra Lagaroa; así que foi, despois de botarlles as cartas, dixo: que o que tiña a rapaza era mal de ollo e pra sacarllo que buscasen os cornos dunha vaca loura e que os puxesen, dependurandos cunha trenza do pelo da nena, do pescozo dista, de xeito que lle caisen antre os peitos.

Non mellorou, e foron xunto a Don Grigorio Palmeiro (que no Ceo esté) que polo tempo que pasara xa podía asegurar o que outro médeco tan soilo cavilara, e como lle faloron de que a neniña taba opilada, díxolles que aquelas opilaciois pasaban a prazo fixo, e cuasque sempre arredor dos noves meses. E, como os pais o desmentisen nas súas barbas, tan cegos estaban que a súa filla, xugoulles unha mala pasada decíndolles: tedes razón, pro soilo hai unha doencia semellante a esta e non hai máis que onh remedio pa ela e ten que facelo moito tempo pra que cure. Buscáis unha cadela negra parida e ten que mamar o leite dela astra que se poña boa.

Os traballos que pasaron pra atopala; as esculcas que ficeron soilo a pacencia dunhos pais, os sofren; e, pra máis disgracia, cando deron co ela xa había moito tempo que parira e soilo sirviu pra auh mes namentras o que buscaron outra na que mamou astra cunh día lle deu un h door tan forte de barriga que tivo que vir un h médeco e chegou tan a tempo que mesmo ó atravesar a porta do cuarto da rapaza debaixo das mantas comenzou a berrar xente nova e a inocentiña, malpocado, perguntou ¿que é iso Señor? e il contestou enfadado: o que se ve, o que se ve. —Quítено aló que non é meu. —¡Pois meu léveme o demo se é tampouco!

Deste xeito acabou a enfermédá de Mariquiña.

### **Contrabando**

O conto xa pasou hai moitos anos e non sei qué leises rexirían, no asunto de que vou falar, naquíl tempo nunha terra na que se cambean máis aixiña cós labregos mudámo-la camisa.

Á caída do sol viron os navegos baixar de a carón dunhos petoutos un h fato de homes ben armados, que camiñaron dereitos ás hortas do primeiro pobo que atoparon no baixo, e, dempois de chamar ó padaneo, arrincaron unhas herbas que había nilas e que dixeron que era tabaco. Prenderon ós donos dos hortos e pillaron prá Fonsagrada co iles, e coas prantas aquilas metidas en sacos que levaban unhas bestas que recramaron do Alcalde.

Chegados a Fonsagrada, o veredeiro do tabaco, o Xuez, ou quen fose, adivirtiu que namentras non se resolvese o expediente a que daba logar o apreixamento das herbas nomeadas non se podía seguir causa. E, destoncias, colleron pra Lugo cos presos, e con toda aquila argallada; pro coma a distanca é moita determenaron dormir no Cádavo e pediron pousada en cas de, Dios teña na grorea, o tío Farruco de Alcañido. Iste, anque era do mesmo tempo ca aquiles catedráticos de Cervera que lle decían a Fernando VII “lexos de nasoutros a fonesta tolería de pensar”, coma bon galego, adprendera a facelo por si mesmo; e, asina que soupo a cras de delito polos naviegos executado, púxose a cavilar no dreito que pode ter o goberno que, cobra as contribuciois, que si se fai unha compra apreixa unh montón de cartos polos dereitos, polo papel sellado, e demais zarandaxas, a meterse dempois en si nos hortos se han de semear fabas, patacas, allos, cebolas ou tabaco; e non puido caberlle no caletre, e tiña moito, que o que é dono dunha cousa non poida facer dela o que lle de a gana. Por outra parte, non lle pareceu que merecese castigo que os que teñen o viceo de fumar o fagan do xeito que menos lle coste, e que se traballase en calquer cousa namentas que os folgazás se poñen barriga arriba quentándoa ó sol. E coma non hai naide que discorra, como os galegos, a maneira de rirse de leises e autoridades, non lle fizo falla ter moito tempo as maus nas vidallas pra dar adivinado como había de chafugar ós carabineros.

Comenzou poñéndolles unha cara máis alegre ca unhas pascoas, convidounos asina que chegaron e convirtiuse de súpeto no millor amigo que tiveran toda a vida. Botaron unhas briscas e unhos tutes namentras que a muller arregrou a cea; deulles máis viño do que pediran, din as malas lingoas que mediante unh bateo con auga non lle saíu moi cara a convidada; e, asina que lles fumeou algo a cachola, levounos ó leito e cunha botella de augardente que lles regalou, ó metelos nil, deixounos de xeito, que anque estivesen todos os contrabandistas de España xuntos no Cádavo, podían sin medo dormir a perna solta.

Foi logo xunto os naviegos e díxolles: dous ides ó horto que hai eiquí mesmo baixo da casa e cantas verzas atopedes collédelas e arrincais tamén moitas coles novas e traguedes todo e, namentras, que veñan conimigo os outros. Dito e feito: pillaron pró horto os que mandara, e colleu cos outros pra onde estaban os sacos co tabaco, abriunos, sacou canto tiñan dentro e meteu no seu canto as verzas e coles que mandara catar, cerrounos con moito coidado pra que naide poidera porcatarse de que andiveran nils, e encargou moito coidado non os tentase xuncras a decidir en Lugo nin o que se ficera no Cádavo, nin que semearan tabaco. Iles non tiñan nos hortos máis que verzas.

Ben entrada a mañá, botaron pra Lugo os carabineros dempois de remollar as gornas co tío Farruco e de darlle as graceas polo que os agasallara. Chegaron xa de noite e deixaron pró outro día ir xunto ó administrador da Facenda.

Cando chegaron xunto il, con moita crianza reprende ós labregos facéndolles ver o delito que ficeran. Deixárono falar unh bon anaco e logo, o que tiña cara de máis infelice,

díxolle: pro, Señor, nasoutros o que tiñamos nos hortos éranlle verzas, ou, a lo menos, así o coidabamos, e delas comiamos nós e dabamos de comer ós cochos. Destoncias enfurruñáronse os carabineros e abriron os sacos dicindo: Señor Adeministrador pra que vexa qué cras de peixes son e que verdades contan istes. E metendo as maus dentro dos sacos tiráronas cheas de... verzas, e cairon patas arriba co patatús que lles deu.

Tiñan causa abondo. O adiministrador acabáraselle a pacencea e descargou riba diles todo o seu coraxe poñéndoos verdes e marelos e mandoulles que pagasen os navegos os gastos que lles ficeran facer por non saberen distinguir as coles do tabaco.

Contan as lendias que o tío Farruco fumou tabaco de Navia moito tempo e que os carabineros nuncras souperon que, coma bon galego, tiña tenda e trastenda.

### **Cousas da emigración Os que volven**

Hai pouco tempo, nunh pereódeco de Lugo falei do xeito que se poñen por monteira as leises de emigración e de proteución ós nenos, que adargo das mulleres que saen pra fóra da nosa terra aleitar. Hoxe vou contar unha cousa que semella imposibre anque por disgracea é verdá.

O día vinte de febreiro embarcou en Boenos Aires de volta prá terriña, entre outros vareos, unh matremoneo de Burón no vapor Cap Finisterre. Tiven ocaseón de falar con iles e dixéronme que dende o porto de embarque astra Vigo houbera unha chea de nenos co sarampín, que lles pegaran unhos que o traguían, ó embarcar; que ó chegar a Río Xaneiro tomaran pasaxe outros que viñan padecendo as vexigas e que houbera ben enfermos dilas. Dixéronme tamén que traguían dous médecos no barco, unh galego por máis sinal, pro que os pasaxeiros da última cras anque os médecos os asestían que tiveran que ver morrer moitos nenos, por non teren cousa a xeito que lles dar.

Agora ben. Cando van nosos irmans pra aló, o primeiro que lles obrigan a facer, é vacunarse, e teñen bon coidado de que non vaian infermos nin impedidos; pra virse naide pensa en que podían pegar ningunha doencia, e seica cavilan nesas naciois, tan adiantadas, que os nosos pelexos non son como os diles, ou que teñen pouco preceo. E non é istrano. A muller do matremoneo de que falo viña de aleitar unh pequeno dunh personaxe de aló, que seica fora ou era ministro da Facenda, e que lle pagaba ó mes unha embeira de pesos; pro, pra ganalos, tivo que dar, a outra muller, a criar unh dila de catro meses, que diredes, de estoncias non volveu a atoparse bon astra que colleu no barco o sarampín e chegou, de milagre, vivo o día 22 de marzo a Vigo, e durou astra o 28 que morreu na parroquia de Arroxo.

Do que levo dito tíranse dúas secuencias: 1ª Que os gobernos nosos deben obrigar ós donos dos barcos que tran xente pra acó, a que a fagan vacunar cando

embarca nesas naciós, que tan escufunidas se fan, cando son nosos irmaus de eiquí, e que o médeco que lles obrigan a tragner non consinta que embarquen os que poidan traguernos como ganancea daquelas terras unh bon anaco de porcalladas; e 2.<sup>a</sup> Que as necesidás son moitas, grande a fame nos campos, as contribucións non se poden resistir máis; pro, seméllanse, que a nai que, por ganar unhas cadelas, deixa unh meniño sen enterrado no mar ou cunha doencia co imposibrita pra arranxar a súa vida, nin é nai, nin ten concencia, nin relixión, nin vergonza, nin é muller. E, si todo o que van adiantar e adeprender aló é coma iso, que estaban moito máis adiantadas nosas avoas, e que lles debemos moitas obrigaciós a nosas nais, que querían moito millor criarnos a nós que facer ruxida cunhas cadelas mercadas co preceo da nosa sangue e da súa vergonza. Dista non teñen pizca tampouco os governos, que soilo se cuidan de nós pra recollernos os cartos, sin cavilar que nas naciós máis fortes e máis sabeas, entenden que cantos máis individuos nacen, menos morren e máis saúde hai, maor é o tesouro naceonal, e máis fácil é loitar coas cobizas dos governos extranxeiros.

### **Conto que non o é**

Se algúnh de vós ides por Villardoi e vedes unhas leiras ben traballadas, unhos valados ben feitos, ou en fin unhos bes que ensinen que seu dono é unh home traballador, antivo e intelixente non pregunteis de quen son. Eu volo direi dendes de eiquí: son do Demo coxo.

Craro é que, nin a vós nin a min, nos fai naide meter na chencheira que do demo pode vir cousa boa; e, por iso, hai que decirvos de que cras de demo se fala. Eu estiven xa na súa casa e, por certo, que me cuidou ben e comín e bebín moito e aproveitoume; porque, como non lle vin cornos, nin rabo, e non cheiraba a xofre e falaba coma nós, perdínlle o medo de todo. Xa vos decatariades de que é unh home coma nós, que non ten máis disgracea ca de que non hai todo ó redor folgazán ou priguiceiro que non lle teña envexa, nin faga modo de lle poñer dificultás nas súas cousas. Distes tales naceu poñerlle de alcumio Demo coxo e decirlle decote: “home coxo e con rabelo arrenego dil coma do demo,” aproveitando o defeuto que lle deu Dios de ter unha perna máis curta cá outra. Coma secuencia disto ponse ás quendas de moi mal xenio: e cando se enfurruña e perde o paso, se a fan ben, fai unha anque dempois lle pese.

Unha das moitas ocaseós en que o aldraxaron asina, fízoo unha vella que non sei qué tiña con il por mor dunhas augas ou dunh prado, e Demo coxo enrabexouse e non tendo muletas que lle ceibar, graceas a Dios non lle fan falla, colleuna polas gorxas e rabuñoulle toda a cara. A vella berrou e xurou que había de dar parte dil porque a zurrara; e pillou pra xunto de Chaín o Alvaredo, que é a xusticea máis grande que hai en Corneas dende que deixou de rexir o tribunal de Balbino de Valinfolgueiro e de Indalecio do Escaular. Diante de Chaín fizo de avogado da vella o Penelo e chamaron



ó Demo coxo pra que lle pidise perdón; il negou; pro Chaín condenouno a levala ó médeco a Becerreá e pagarlle a iste e mais as menciñas; e, pra quedar ben con aquil, conformouse anque volvendo a decir que il non a vira siquera. Púxose de acordo coa vella e conviñeron o día seguinte iles soilos en que a levaría a Becerreá no dazanove pra aproveitar de camiño á feira xa que non faltaban senón dous días.

Pro namentras que chegaba aquil, o demo verdadeiro, aproveitándose de que ó Demo coxo non lle pasara aínda a enrabexa, tentouno aconsellándolle cómo había de rirse da vella; e por culpa dista tentaceón fizo de xeito que non atopou pra levala máis besta ca unh burro moi falso pro que non alcontrou aparello que sirvise, de modo que a vella tivo que ir en pelo. Tampouco houbo cabezada nin ramal e Demo coxo púxolle unha corda das vacas ó pescozo ó burro, subiu a vella riba dil, e botaron a andar, levando il a corda pola mau, ó lombrigar o día pra Becerreá moi a modiño, de primeiro; pro asina que viu que viña máis xente prá feira, e ó tempo que o camiño pasaba por riba dunhas penas, deixou caer a corda, espantouse o burro e caeu a vella coa cara contra as penas botando a sangrar polas feridas de dinantes, e por outras que na caída se fixera. Destoncias, Demo coxo, con moita tranquilidá, quitoulle do pescozo ó burro a corda, acudiulle á vella cando viu que chegaban os outros e díxolle: vaia miña velliña vólvese pra casa que según se puxo non ten xeito que ande pola feira.

¿E logo non vamos cabo do médeco?

Eso, aló vostede, que eu teño présa de chegar aixiña pra mercar unha vaca. ¡Quédese con Dios!

A vella xuraba que Demo coxo a mancara e que quedara de ir co ela ó médeco e pagarlle a iste e mais as menciñas; el dixo que lle semellaba que deliriaba; e ós outros, que a viran caír e non sabían o que se tratara no Alvaredo, dixeron: pro muller ou bruxa ¿nos non a vimos marchar ó chau por riba da cabeza do burro e mancarsen contra as pedras? ¿Como se astreve asina a comprometer a unh home de ben? E a pouco non a zurrar outra quenda.

Diste xeito houbo testigos que a vella se mancara ela mesma; e como Chaín e o Penelo non tiñan apunte do día que pasara o conto no Alvaredo, e esquecéraselles en cal fora, non houbo modo de coller ó Demo coxo que xa tivera coidado dinantes de negalo todo diante diles.

### **O que non tolea de novo tolea de vello**

É unha verdá moi indudable a que vai na cabeceira distes ringlós e se non houbera probas, abundaba pra darlle asenso ó que pasou no Cádavo pouco tempo fai.

Antón da Esperela é unh rapaz tan espigado que anda aló polos corenta e cinco años e, como os contos pra darlles gracea din que hai que ingadirilles, podémoslle botar dez ou quince máis pra que non lle falte pimento a iste. Nuncras se lle soupo cousa da

mulleres máis ca unhas olladas tenras e deleitosas que noutro tempo lle botaba á súa veciña Manoela; pro que finaron cando ila se marchou de a carón da porta. Hai pouco tempo comenzoulle a ferve-la sangue no corpo e non sen causa. Vouvos contar cal foi.

Camión da Matanza, preto da Arqueira, hai unha casa soila na que ten o seu niño unha pombiña de 18 a 20 anos, filla úneca, moi goapiña, xeitosa e feiteceira que, a maor abundamento, ten unha cousa que se lle dá moita importancia e fai escarramellar os ollos ós máis dos galegos: relócenlle as espaldas.

Pois ben; eu non sei se se entenderon os dous, ou se Antón tivo cavilado decirlle algunha cousa á rapaza e non se astreveu porque lle deu vergonza (a xente nova é asina); pro foi de xeito que o outro rapaz de Queirogal, e anque máis novo có Antón tampouco é unh neno da teta, valéndose de Xesús das Cuadras en cras de correo e chufón, mandoulle unhas cartas á rapaza que din que tiveron contestación. Escolleron mal o mensaxeiro, élo xeito que din as malas lingoas, e a dil non é das milliores, e, como non lles pon dente ás mentiras, tanto trouxo e levou do Queirogal á rapaza, da rapaza ó Queirogal e da Esperela a ámbolos siteos ou a inversa, que hai poucos días, e iso que aínda non viñera a primaveira, a forza da sangue, agarráronse os dous, e senón os veu Antón dos Penedos e algunha boa peza máis; fanse cinza, e con todo, custou ferro e fariña desapartilos, e xa cavilaba o dos Penedos en lles botar auga; e non o fizo porque houbo opiniós riba de se había ser fría como a neve ou fervendo: unhos falaban de que era mellor aquila pra que lles arrefriase a sangue e outros que destouta pra desfacer a reusía se lle pelaba a cachola a algunh diles; porque de estoncias a rapaza había de lembrarse daquilo de: muller que con calvo casa etc.

Eu, no siteo dos que alí se atopaban, dáballes unhos paus pra ceibalos; pro cando llo dixen a unh decantado sacou o P. Astete e díxome: ¿vosté non adeprendeu que no mandamento de “honrar pai e nai” tamén se fala dos maores na edá, na dinidá e no goberno e que Antón é máis vello que nosoutros? Si, home, si: pro tamén sei que unha das obras de misericordea é dar bon consello ó que lle fai falla, e, ensinar o que non sepia, outra. Se a rapaza soupera o que é casar cunh vello, ou iles viran unha cousa semellante a unh sainete que eu vin co titulado da Colexiata no teatro, tiñan adeprendido abondo; pro xa que non é asina, non ten nada de istrano darlles unhas xustregadas que lles habían de sentar moito mellor que o que, se a mau vén, fan calquer día. Se estivera eu solteiro ou de acordo coa rapaza daba outra menciña: que os deixase ós dous e asina medrariánlles os nefres de xeito que non poideran nuncras agarrarse como as mulleres polos pelos nin loitar. As únecas cousas que baterían serían aquiles e por coarta de máis ou de menos de nefres, fan coma min, teñen abondo; se houbera algúnh desperfeuto non val a pena de ir á xusticea nin a ningures.

Polo demais como bos rapaces deulles vergonza o que pasou sendo como eran de tan boa paz e por consello de Sabel da Fontiña puxeron cada unh dúas ducias de sanguixelas; e, bebéndoas machacadas con auga, unhas veces, e dando

fregas ó levantarse e ó deitarse non deixaron xa unha ortiga nin no Queirogal nin na Esperela. Vicenta do Cando mandoulles que aunasen a pan e auga toda a Coaresma. A Lagazoa díxolles que era unha mala fada e que tiñan que valerse do Gitano e do Antón dos Penedos pra que llela sacasen cunhas mocas de castiro bravo. Por consello do Verlán e do España da Fontaneira van tomar baños na presa do muíño do Marulo vinte días a reo.

Outro solteiro reseso, duro de pelar prás mulleres e con cónchegas estivo ollando pra iles e dixo: ¡Dios me pille confesado! ¡se cada unha das que están agardando cando madurezo me ha de argallar cousa semellante! ¿E si namentras toman os baños arrefrían de máis, ou se casa con outro a rapaza? Quedan compostos e sen noiva.

### Na Redaución

¿TÍO PEPE?...¿TÍO PEPE?...¿TÍO PEPEEE?

Non lle está.

¡Ai!... ¡Ai! ¡Ai! ¡Ai!

Leve xuncras si non é Joseíño. ¿E ti que tes oh?

Non é por vosté, que é polo TÍO PEPE.

Pois é o mesmo; il logo virá, e, namentras, cóntame o que che pasa.

Pro eu contáballo de mellor gana Ó TÍO PEPE, que de vosté dáme vergonza.

Déixate de leendias e dime qué tiveche.

Pois... D. Fermín foi aló, á miña casa, e dixo que me había de derrear por non sei qué cousas do TÍO PEPE, anque il non o nomea asina, que o chama por unh alcumio e di cunh de vostedes é unh cregallo, que o outro que é tolo, e que os que leen o preódeco non teñen vergonza.

Pro ¿quen é D. Fermín?

Craro, vosté, como veu hai pouco tempo prá vila, non o distingue. Élle unh home longo, fraco, mouro, cunha faixa rubia, que sempre anda polas caellas esbarafundado cos labregos falándolles dos repartos, das cousas do Auntamento e do Xuzgado, do que pasa na vila e de todo o que non lle importa.

Pro ¿que oficeo ten logo?

Ten o que lle levo dito e, ademais, cando se enfurruña, ninguén lle pode co il e xa lle pegou a Fraguas, ó Delicioso e a moitos máis, según il di, e por iso lle tomei medo e viñen correndo pra onde o TÍO PEPE; e si vosté, coas señales que lle din, non se porcata de quen é, pergúntelle a Manoel de Murias de que cras de páxaro se trata, que lle é moi amigo dil e xa llo dirá; e teña coidado, se o atopa nalgunha ocaseón, que non se lle solte decir: parta unh raio, aínda me fenda unha centella, que me leve o demo, e outras cousas que din que vosté tamén bota, porque a min, por unh parta unh raio do TÍO PEPE, a pouco non me fende.

Agora xa sei quen é que o vin unh día no Casino que falou moi mal, decindo como tu dices, e ingadindo sin ton nin son outras porcalladas. É unh de bigote mouro que está sempre quentando as canelas xunto da estufa coma se estivera teso no medeo da neve; e ti débete aproveitar desta costume pra non saír xebrar o preódeco máis que cando chova anque teñas que levar unha capa de xuncas, ou faga moito frío e túa mai teña que darche unh mantelo de candil pra tornalo.

E ademais heiche de facer unha encarga. Non volvas xunto ó TÍO PEPE, nin veñas xunto de min, contándonos contos semellantes. D. Fermín, si non ten qué facer ou non sabe traballar, que adeprenda e que nos deixe en paz ós que vivimos do noso traballo sin que nos quebre o sono o que poidan facer ou decir os priguiceiros e os desacupados.

## CESÁREO PARDO Y ESPERANZA

Poucos datos se coñecen de Cesáreo Pardo y Esperanza, quen o 27 de febreiro de 1923 aparecía incluído na listaxe de opositores aprobados nas recentes oposicións á Xudicatura e ao Ministerio Fiscal e quen en 1932 exercía como avogado na cidade de Vigo. Asinou unha brevísima colaboración que, co titulado “¡Meu fillo!” (n.º 5, 5 de setembro de 1913), apareceu na sección “Do buzón do Tío Pepe”. A única referencia que se tiña deste escritor proviña de Carballo Calero (1981:562) que o anotaba como suposto autor dun comentario ao libro de Carmen Prieto Rouco *Horas de frebe* (1926) na súa segunda edición de 1928.

Cinguíndose agora ao “Do buzón do Tío Pepe”, vese que o tema é a crítica social enfocada sobre o colectivo dos emigrantes galegos retornados de América e, máis en particular, sobre quen traen consigo actitudes importadas e se esqueceron daqueles costumes e aquelas actitudes que quedaron tras de si. O ton do relato é humorístico, cunha caracterización dos personaxes que, no caso de Cosme (o emigrante retornado), chegan mesmo até a sátira, coa clara intención de caracterizar negativamente o personaxe e as actitudes importadas a través da mofa e posta en ridículo. Consecuencia disto, os personaxes son funcionalmente representativos dos distintos tipos sociais a resaltar, a saber: o xa anotado dos galegos retornados, por unha banda, e aqueles que quedaron en Galicia vivindo na miseria pero conservando os costumes e as actitudes do país, por outra.

A voz narrativa omnisciente, ademais de definir a perspectiva do tema a través do ton e a caracterización dos personaxes, tamén toma partido a través da creación de imaxes contrapostas e de distinto signo, por exemplo, o asociar “a lingua do gran cervantes” ao personaxe do emigrante retornado e a lingua “meiga que inmortalizou Rosalía” ao personaxe que permanece en Galicia, establece paralelismos e oposicións que resultan, sen dúbida, clarificadoras. Ademais desta referencia, o uso da lingua galega nos diálogos é outro marcador da perspectiva xeral do texto: o personaxe do galego emigrado fai uso dun castelán corrupto e con galeguismos léxicos e sintácticos que, contra o final do relato, muda nun uso exclusivo e espontáneo dun galego popular e oral, vivo e expresivo; un comportamento diglósico, por tanto, que subliña as imaxes vistas e dá definitiva coherencia á mensaxe crítica do relato.

A estrutura do relato ten unha configuración clásica en tres partes: a exposición, na que a voz narrativa toma partido xa a partir da presentación dos personaxes; o desenvolvemento do argumento, onde o emigrante retornado debe volver enfrontarse ao ambiente do que fuxira camiño de Cuba, e a crise ou a resolución final, onde a actitude de renegar do propio a través da adopción de actitudes e costumes importados ten que enfrontarse ao retorno a Galicia e á súa vella realidade. Unha estrutura, por tanto, nada novidosa.

## ¡Meu fillo!

Cosme marchou prás Américas coa esperanza nun tesouro, i anque aló non o atopou e volveu prá súa casa desorellado e co rabo entre as pernas, como o zorro cando non pilla á galiña, non por eso perdeu o tempo, pois apendreu a derramar a lingua do gran Cervantes. Botou dous anos en Cuba, e cando chegou á súa terra, xa non entendía unha *papa* desta meiga que inmortalizou Rosalía.

Estando un día seu pai angazando na namela, chegou el, que non facía unha branca tendo medo de luxarse, coma decote cansado de devanar por alí adiante. Mesmo tiña facha de señorito: dacabalo dun bastón e fumando un *volto abaixo*, non tiña nada que envidiarlles ós máis grandes do lugar, senón que foran as conxabadas das rendas.

Mais as purmeiras herbas son unha estrela que todos levamos na fronte, que anque se lle dea betún non deixa de alumar, o probe tapou e tapou, pro deixou o rabo fóra.

—¿Qué estás facendo? —preguntoulle ó pai.

—Estou angazando. Xa fai tempo que esto debía estar feito, pro como Maripepa non pode, i eu camiño de aló vou, foi quedando, foi quedando, astra que me doín da necesidá i o vin facer.

—*Nesta maldita tierra los hombres trabagan coma las vacas allá. Des que marchei astra hoy, no vin cosa por el estilo.*

—¡Meu fillo, pronto te esqueciche de en que ibas cavar! Co ligonciño ó lombo, cara ó monte, moitas veces marchache chovendo i outras tantas volveche cunha famiña dos demos. Dá vergonza pensar que seas meu fillo e que veñas tan señor. Vés falando, eu non sei qué é, unha mescre de castillano e gallego que fai un prato do diaño. I ou falas como Dios manda, na fala de meu avó, ou con este mesmo angazo heiche de creba-las costas.

—¿Cómo dice que le llaman?

—Cólleo, e dispois aprenderás.

Foise, e querendo ser moi fidalgo, pra facelo levantar púxolle un pé —con perdón; —estonces, o angazo enrabiado meteuille, nos mesmos dentes, un gran porrazo co mango. I el non tivo máis alevíos ca leva-la mau á boca, i excrementou:

—¡Conxabadiño de angazo que me mancaches abondo!

CESÁREO PARDO Y ESPERANZA

Santiago IX - XIII

## MARCOS DE PERULLEDO

### Datos biobibliográficos

Marcos de Perulledo é outro dos pseudónimos con presenza nas páxinas de *O Tío Pepe*, outro dos ocultos apoios neste voceiro local ao agrarismo rexionalista e á figura política de Manuel Portela Valladares. Para desentrañar quen é a persoa que se atopa detrás deste nome literario que cremos corresponde a Enrique Saavedra Lastra, o primeiro recurso do que se bota man –logo de comprobar a ausencia doutras fontes clarificadoras– foi a análise minuciosa dos textos na busca de sinais que permitisen destacar algún aspecto da súa personalidade, algunha característica a partir da cal continuar as nosas pescudas. Detéctanse varios aspectos de interese dos que, as seguir, se dá conta.

En primeiro lugar, con respecto á temática, obsérvase a presenza cronoloxicamente ordenada de dous temas principais: por unha banda, a defensa –dende o ton humorístico e a partir de distintas escenas costumistas– dunha posición social claramente tradicionalista e endogámica da sociedade galega a respecto de calquera tipo de influencia externa, correspondente aos seus primeiros relatos (“O tres de trunfo”, “O casaco de Bastián”, “¡¡Galicia!!” e “O que me de un pao...!”); por outra banda, a exaltación dos valores e as crenzas dende a perspectiva da relixión católica que, ben a partir dese mesmo ton humorístico (“Os oroplanos” e “A mao de Dios”), ben a partir da crónica eucarística (“A virxen de Maio” e “A festa das espigas”), corresponde cos seus últimos textos. Hai unha contribución esporádica e excepcional: “Unha frol pra Marcial Peñamaría”, un texto panexírico e de sentido recordo ao falecido irmán de Armando Penamaría Álvarez.

En segundo lugar, as formas nas que este pano se materializa son variábeis máis escasas, así obsérvase distinguir entre: a) o uso de personaxes do ámbito relixioso con matices positivos (o sancristán en “O tres de trunfo” ou os cregos das distintas parroquias en “A festa das espigas”); b) o uso de contornos ou simboloxía representativa da presenza e significado do catolicismo (a enumeración de elementos relixiosos en “O casaco de Bastián”, a celebración relixiosa da Santa María que serve de contexto en “O que me de un pao...!”, as capelas e igrexas onde se desenvolven as accións en “Os oroplanos” e “A festa das espigas”, ou a referencia ás tres virtudes teoloxais –destacadas en cursiva– en “¡¡Galicia!!”); e c) o uso de expresións de aclamación relixiosa, máis características do rexistro oral e máis comúns noutros textos da época (aparecen en case que todos os textos, como no caso de “O casado de Bastián”, “Unha frol pra Marcial Peñamaría”, “Os oroplanos”, ou “A virxen de Maio”).

En terceiro e último lugar, a partir dunha referencia aparecida esporadicamente no texto de Louro de Saa “Na redacción”<sup>85</sup> –e que se considera de gran valor pola

<sup>85</sup> Vid. o comentario do autor incluído neste volume para unha análise máis pomenorizada ben da súa figura, ben do texto ao que se alude.

breve pero significativa descrición sobre do devir da publicación fonsagrada *O Tío Pepe* no tocante á súa liña editorial— asóciase a figura de Marcos de Perulledo con aquel do que un lector di “cunh de vostedes é unh cregallo, que o outro que é tolo, e que os que leen o preódeco non teñen vergonza”. A nosa hipótese para asociar o autor tras deste pseudónimo con aquel ao que se lle define como un “cregallo” susténtase, ademais da obvia importancia que ten o tema relixioso nos seus escritos, en que Marcos de Perulledo é o colaborador do Tío Pepe que de forma máis significativa tratou este tema. Unha importancia relativa, cuantitativa e cualitativa, que o presenta como o único candidato merecente de tal cualificación.

Neste sentido, o filólogo fonsagrado Antón Santamarina —segundo documenta Hermida (1995: 196 e 198)— dá conta da existencia dun sacerdote da localidade moi vinculado ao proxecto do *Tío Pepe* que quizais puidese ser, precisamente, o crego Enrique Saavedra Lastra, quen colaborou, ademais, co seu ortónimo no *Tío Pepe* cun único artigo<sup>86</sup>. Con todo, nin as moi ambiguas referencias que se atopan nos textos, nin a notábel dispersión de igrexas e sacerdotes oficiantes que por aquela época cubrían a comarca da Fonsagrada, nin o exíguo das fontes documentais dispoñíbeis, son axuda abonda de cara a permitírmonos ben confirmar a posíbel asociación de Saavedra Lastra con Marcos de Perulledo.

## **Comentario dos textos narrativos en galego**

Marcos de Perulledo ten unha produción narrativa de nove textos que, sucesivamente, son: “O tres de trunfo” (n.º 1, 31 de xaneiro de 1913), “O casaco de Bastián” (n.º 2, 15 de febreiro de 1913), “¡¡Galicia!!” (n.º 4, 20 de marzo de 1913), “Unha frol pra Marcial Peñamaría” (n.º 5, 5 de abril de 1913), “O que me de un pao...!” (n.º 6, 20 de abril de 1913), “A virxen de Maio” (n.º 7, 5 de maio de 1913), “Os oroplanos” (n.º 9, 5 de xuño de 1913), “A festa das Espigas” (n.º 11, 5 de xullo de 1913), e “A mao de Dios” (n.º 17, 5 de outubro de 1913). Como se viu anteriormente, a disposición temática parece corresponder coa orde cronolóxica dos textos (agás a excepción xa apuntada), co que a súa análise temporal nos permitirá ver, igualmente, tanto a transición do tema social ao relixioso, como a solidez do discurso de cada un destes dous temas.

En canto o primeiro dos relatos, “O tres de trunfo” é un relato costumista con ton humorístico de ambiente rural no que o desenvolvemento dunha partida de cartas serve como motor narrativo para introducir, ademais dunha breve e sucinta descrición deste contexto social, unha máis concreta pero fina crítica á figura do indiano, o único personaxe caracterizado negativamente como “un verdadeiro bandola, que fala castellaio, máis cheo de fumes que de cartos”. Esta crítica acada matices máis contundentes ao final

---

<sup>86</sup> “Xenio e figura”, n.º 17, 5 de outubro de 1913.



do relato, cando o conxunto dos personaxes acorda expulsar ao indiano e sancionar así o seu comportamento. Por tanto, pódese afirmar que mentres a crítica social permanece no primeiro plano, a descrición costumista e a perspectiva tradicionalista serven de denso pano sobre o que desenvolver a acción. A estrutura do relato divídese en tres partes: presentación dos personaxes, desenvolvemento da acción, e conclusión con sentenza final que sintetiza a mensaxe do relato. A voz narradora, de carácter omnisciente, non ten reparos en fixar a súa propia posición a partir da descrición dos personaxes e o xuízo ás súas actitudes. A dimensión temporal permanece imprecisa, mentres o espazo se limita. A lingua dá conta dun uso eficaz de rexistros formais e informais, ademais do correcto manexo de fórmulas orais como o diálogo ou a introdución de xogos de adiviñas que reforzan o carácter popular do relato. En resumo, estase ante un exercicio de fina crítica social sobre un rexo pano costumista, sostido por un correcto manexo de imaxes e rexistros orais, no que o tema principal é a censura de certas actitudes morais que o personaxe retornado trae de fóra.

“O casaco de Bastián” é un relato de formas literarias, en moitos aspectos similar a “O tres de triunfo”. A acción principal desenvólvese no habitáculo doméstico (cocina). O único personaxe caracterizado de forma negativa é un soldado que acaba de retornar do servizo ao seu ambiente social con actitudes importadas; e a imaxe final volve ser a do acordo dos demais personaxes en sancionar negativamente as actitudes e posición do personaxe de Toño. En consecuencia, o tema principal volve ser o da crítica daquelas persoas que introducen no ambiente tradicional e nos costumes galegos elementos sociais e culturais alleos á realidade galega. Novamente, ademais, unha historia de fondo costumista (a dor de Bastián pola morte da súa namorada, Casilda) volve servir de motor narrativo sobre o cal desenvolver o tema principal. Coherentemente coa similitude que se ven de observar, a omnisciencia da voz narradora permite a construción dunha posición clara a partir da caracterización dos personaxes e o xuízo das súas accións. E tamén, ao igual que acontecía no relato anterior, a linguaxe volve pivotar sobre rexistros formais e informais, nunha mostra dun fondo coñecemento da lingua galega e os seus recursos expresivos.

En “¡¡Galicia!!” continúaase co discurso tradicionalista de defensa das actitudes endogámicas a partir da construción dun discurso negativo no que, explicitamente e de forma concreta, se rexeita a incorporación de elementos alleos ao propio grupo social. Nesta ocasión, porén, a voz narrativa omnisciente, se ben continúa presente, deixa a meirande parte do espazo discursivo ao desenvolvemento dun diálogo entre dous paisanos que reflexionarán, delimitarán e apuntarán algúns dos elementos socioculturais que, chegados de fóra do contexto social propio, son vistos de forma negativa por ambos (outra vez, a imaxe do acordo contra o alleo). A construción de imaxes tamén sofre unha variación pois, ante a ausencia dun personaxe negativo cuxa representatividade funcional recolla e sintetice a totalidade da mensaxe, é unha sucesión

de imaxes contrapostas (o galego contra o alleo) a que, a través da repetición, clarifica e unifica o discurso. A estrutura do texto posúe unha lineal e breve continuidade, só interrompida pola final irrupción da voz narradora. A dimensión espazo-temporal navega na indefinición, sendo imprecisa calquera ubicación dos personaxes alén das referencias que sobre eles se dan. A linguaxe, igualmente, oscila entre o culto e o popular, nunha mostra do eficaz manexo dos recursos lingüísticos galegos. Con todo, e en todo caso a pesar das diferenzas vistas, continuamos ante un texto de similar tema construído, novamente, sobre un fondo de costumismo e de ambiente rural.

“Unha frol pra Marcial Peñamaría” supón un texto excepcional dentro da produción de Marcos de Perulledo por varios motivos. Primeiro, porque é o único centrado nun personaxe real e identificábel, Marcial Penamaría Álvarez<sup>87</sup>. Segundo, porque supón un elemento de ruptura temática dentro do camiño de fina crítica social de Marcos de Perulledo, construíndo un texto panexírico no que se fai unha semblanza da figura de Marcial Penamaría, ademais de destacar as súas virtudes positivas. E en terceiro lugar, porque este é o texto onde se poden atopar as máis claras referencias a este autor, debido á súa intimidade e proximidade á familia Penamaría, e que se manifestan de forma máis evidente na frase de peche: “ante el, sempre terá cheirumes de cariño, pois vai regada de bágoas e de oracións. Que el aspire á súa familia que tanto quero, i ó facelo séalles bálsamo de consolo.”

“O que me de un pao...!” representa unha ruptura temática con respecto aos textos anteriores pois este é un relato moito máis simple, de base costumista e anecdótica, cun sostido ton humorístico que non ten outra pretensión que a de servir de entretemento ao lector. A través dunha estrutura en tres partes (presentación, devir, e conclusión) desenvólvese a historia dun mozo de Burón que, disposto e fachendoso, marcha de troula coa promesa de que “¡ó que me dea un pao doulle un peso...!” tendo esta promesa sorprendente cumprimento. O texto amosa unhas claras maneiras literarias, por exemplo, na construción descritiva dos personaxes, no manexo do ritmo narrativo ou na disposición dos distintos elementos que compoñen o argumento. A dimensión temporal establécese cunha única referencia ao “oito de setembro”, recoñecíbel para o lectorado do ámbito fonsagrado en canto é a data de celebración das festas patronais da vila<sup>88</sup>. A dimensión espacial, no mesmo sentido, establécese coa relación entre personaxes e lugares, tamén recoñecíbeis na contorna: Fonsagrada, Burón, Xestoso ou Carballido. Con respecto ao uso da lingua, como acontecía en textos anteriores e como sintoma da univocidade narrativa, mantense o correcto uso de rexistros e recursos.

---

<sup>87</sup> Irmán menor de Armando Penamaría Álvarez, quen posibelmente estea detrás de varias das sinaturas e pseudónimos dos que recorren os vinte números da publicación fonsagrada *O Tío Pepe*.

<sup>88</sup> Tradicionalmente, por esas datas celébrase a festividade de Santa María da Fonsagrada, patroa da parroquia que lle dá nome e, por extensión, do conxunto do termo municipal.

“A Virxen de maio” inicia a serie de relatos dedicados ao tema da exaltación das crenzas e os valores católicos, e faino a través das festas dedicadas a celebrar o mes de maio, un marco relixioso e civil de celebración tradicional dentro de numerosos puntos e de moi distintas formas ao longo de toda a xeografía de Galicia. Nesta ocasión, a voz narradora elabora un único fío discursivo no que, cun ton eminentemente lírico e a través da construción de imaxes sensoriais e metafóricas, asocia as dimensións máis positivas da relixión cos aspectos máis fermosos da primavera á que esta festividade evoca e rende homenaxe. Dentro da linearidade desta mensaxe destaca a súa especialización mediante o distinto uso de cada un dos parágrafos, dedicándoos a tratar diferentes esferas do tema principal da relixión e a moral. O estilo reflexivo deste texto permítenos ver un coñecemento e un uso culto do idioma galego, certamente asociado ao léxico da natureza, mais tamén a un léxico e a un tema de prestixio como é o do pensamento moral e a consciencia relixiosa.

“Os oroplanos” é un relato en moitos aspectos similar aos primeiros textos de Marcos de Perulledo, pois o ambiente costumista e a perspectiva tradicionalista son pano social dun conto cuxa reflexión está dedicada –desta vez–á vindicación dos valores relixiosos fronte ás novas realidades que chegan dende a ciencia e a modernidade. Máis tamén posúe similitudes co relato doutro autor aparecido no *Tío Pepe*, Mingos da Portada, e en concreto co seu relato “O masón”, pola pugna dialéctica á que somete a dúas realidades sociais de signo oposto e das que só unha pode saír vencedora. A primeira delas, de carácter negativo, personalízase e individualízase –pois non hai ninguén máis que estea de acordo ou comparta os seus trazos– nun personaxe mozo e retornado da emigración, crítico coa relixión católica e coas súas prácticas, influído polo pensamento materialista e a consciencia proletaria, e defensor do pensamento científico fronte as crenzas espirituais. A segunda delas, de signo positivo, colectivizada no resto da parroquia de San Cristovo<sup>89</sup> –onde ten lugar a acción–, personalízase nun paisano. Este texto, por tanto, sintetiza dúas formas complementarias de afrontar o tema relixioso, sobre a base estrutural e de estilo que caracteriza os textos narrativos de Marcos de Perulledo.

“A Festa das Espigas” supón unha volta ao tema, estrutura, estilo e contido que xa se viu en “A virxe de Maio”. No que atinxe á creación de imaxes das crenzas e os valores católicos están asociadas, a través de imaxes simbólicas ou metafóricas, á festividade eucarística da que o autor fai descrición e crónica. A principal particularidade deste texto está en que se deixa de lado a reflexión de tipo moral para pasar a dar conta, con exactitude horaria, das distintas etapas da celebración relixiosa. En todo caso, faise a través dunha única voz narrativa que, testemuña dos acontecementos, fia un discurso claramente localizado en tempo e espazo, en canto busca ser inmediatamente accesíbel ao público lector.

---

<sup>89</sup> Posibelmente se refira á parroquia de San Cristovo de Cuiñas, pertencente ao Concello da Fonsagrada.

Finalmente, “A mao de Dios” retoma por última vez a estrutura narrativa vista nos primeiros textos, se ben outra vez incide na temática relixiosa como eixe de reflexión principal (como acontecía en “Os oroplanos”): o ambiente costumista localízase agora no “bodegón de Toribio”; o personaxe negativamente caracterizado e alleo á realidade galega chámase aquí “Xuanón o bilbaíno” a quen se define como “un deses que sin concencia do que dicen non soltan palabra sin un *féndame, pártame, trágueme, cómame* i outras polo estilo (...)”; e a imaxe final é a do acordo xeral sobre o malo da súa posición e comportamento máis, desta vez, co castigo divino de teren marcada na testa unha ferradura símbolo “da inorancia [e] que o Altísimo lles poñería para recordo da súa omnipotencia.”

En conclusión, Marcos de Perulledo preséntasenos como un autor con evidentes recursos lingüísticos e literarios, con suficiencia no manexo da pluma dende os textos de crónica social de acontecementos litúrxicos, até a narrativa ficcional de xénero costumista, pasando pola fonda reflexión ética e moral vinculada á disciplina da relixión. Igualmente, tense del un claro e repetitivo discurso social no que opta por unha posición tradicionalista e endogámica dende a que defende unha sociedade e unha cultura galegas libres das influencias que chegan de contextos sociais alleos. Xa que logo, os nove textos que se recollen aquí son moito máis ca unha simple compilación de escrita ocasional en galego, pois son un mural a partir de cuxa lectura se poden coñecer distintas partes do ser multidimensional que se esconde tras o pseudónimo “Marcos de Perulledo”.

## O tres de trunfo

Animada estaba polavila na cocíña de Xan da Pinguela. Un feixe de estelas e cepos chisporroteaban no lar i o fougo lambía a caldeira dos cochos. Sobre ela relaba nabos a maioraza da casa, unha rapaza de vintecinco anos, ancha de espaldas e cadeiras, de fucín revelido, mofletuda, ollos pequenos e pelo vermello: chamábase Sabela. Súa irmán Maripepa, dous anos máis nova, pelaba patacas; Minguíños, un rapacín de quince anos, primo das nenas, orfo de pai e nai, listo como un foguete e espabilado como os da vila, atizaba o lume: depois seguía, sentada xunto a garmalleira e fiando na roca, a tía Manoela, costela de Xan, unha bendita muller acometida do frato e das tercianas, males que padecía con santa resignación por amor a Dios i ás benditas ánemas do purgatorio; depois, cardaba na la, a tía Rosa do Cabo, torta dun ollo que lle comeo de pequena o xarampíu; depois, a súa filla Casilda, costureira, que rodelaba un refaixo; Bras do caseiro, que debuxaba unas zocas; o tío Miguel, sacristán do pobo, moi entendido en rúbrecas e cirimoñas de igrexa, e en todo, según opinión xeneral dos veciños.

Na mesa do escano botaban os reises pra xugar á brisca, o amo da casa; o tío Bastián, home da tía Rosa; Farrucón do Caleiro, mozo fornido, de forza, de peito e de boa facha; José o habanero, un verdadeiro bandola, que fala castellao, máis cheo de fumes que de cartos, máis longo có mes de Maio e pouco mais gordo cunha bacalada; estos dous non se podían ver, por mor de Sabela que a ollaban con moita querencia.

—A ver con quen xogo, botade os reises.

—Eu os botarei.

—Los reises los boto yo.

—Ou eo.

—Pois quítame la baraga.

—Bo, que máis dá; reprecou tío Bastián.

—Pois por lo mismo que a ningún marrano se le quitan las cartas de la mano.

—Estoncias, repuxo farruco, das tu, nas soltes.

—¿Eso quiere decir que yo soy marrano?

—Tu to chamaches.

—Yo acabué el concépeto, el marrano eres tu.

—¿Eu?

—¡Tu!

Farruco rilou os dentes e ergueo os puños; o habanero deu un paso atrás e botou a mau ó peto do culeiro; as mulleres e os homes levantáronse, todos berraron on tempo: *Pax vobis*, rapaces, que non vos leve o demo; *a porta inferi*, dixo o tío Miguel. Calade condenados, berrou a tía Rosa.

Vamos José, rumbou tío Xan, eiquí non quero fanfarronadas nin barullos, ¡Bota as cartas!

Unha ollada intelixente de Sabela apacigou a Farruco; sentáronse todos, botaron as sortes e comenzou a brisca.

Fervía a caldeira, fumeaban os chapíños i o vendaval batía a auga no ventanuxo da cociña. Alguén pedía un conto; o rapacín un adiviño, e todos cramaron que botase un, ó tío Miguel.

Os da brisca xugaban calados, o sacristán colleo unha brasa, pegou dúas chupadas ó coto dun cigarro, pechou os ollos, estirou as pernas e como se acabara de discurrir algo bon, dixo:

–A ver Minguíños se acertas: aí che vai. Un burro branco nun campo cun ferro nun pé, burro no é; adiviña o que é.

–Un burro branco nun campo,... rosmeou tía Manoela rascando tras dunha orella coa punta do fuso.

–Cun ferro nun pé... dixo Bras deixando as zocas.

–Pois eu non sei.

–Pois eu tampouco.

–Nin eo, foron dicindo todos.

–¡Xa está! Dixo Minguíños poñéndose dreito dun brinco. É unha bestia branca con ferraduras.

–Vaia, non adiviñais, ¿queréis co diga?

.....

Soou unha bofetada; tumbaron a mesa do escano; levantáronse os homes, e Farrucón, dun brazado, botou de cu na caldeira ó habanero.

–¡Fóra con el! dixo Xan.

–¡Fóra!, gritaron todos. E dun repuxón mandárono ó medio do camín, cerrando dempois a porta.

–¡Malos demoños, que bofetada che pegou, Farruco!

–Si lle dá nunha vidalla, *consumatum est*. afirmou sentenciosamente o sacristán.

–¿E por que foi? Preguntou Sabela.

–Porque lle mexou o tres de triunfo.

–¡Mal raína pele!

–Pois, madeus so cu non lle pela, cos mexos estaban fervendo; dixo Bras mirando prá caldeira dos cochos que ruxía como un carro despenado.

MARCOS DE PERULLEDO

Fonsagrada, 1913

## O casaco de Bastián

### I

¡Pobre Bastián...! Cando pensaba que iba ser feliz; cando vio, como no sol da primaveira, os primeiros brilos por riba dos petoutos das súas ilusíons; a morte cal brétema de trono, cegou o ceo das súas legrías, o peito estremorecéuselle, lostregou o raio da disgracia i o seu corazón quedou ferido de morte... ¡Pra que o quería xa!

Casilda, aquela garrida moza de vintecinco anos por quen el sorbía os ventos, e que iba ser súa muller antes co mes finase, xa non era de este mundo.

Ela morreo, a cova cal vella larpeira, papouna: El quedou casi morto; xeouselle o corazón e cuallouselle a sangre; era un cadavre vivo de ollos delourados e beizos murchos.

Cando estaba na agonía, Bastián arrodillado preto á cabeceira colleulle a man e díxolle.

–¡Casilda...! non teño corazón, ti mo levas, sin el non se quer... ¿enténdesme?

Dempois fáloulle á orela, ela sonrió, cravou, no santo Cristo os ollos e...

–¡Xúrocho! Dixo o infeliz cando ela daba as boqueadas.

\* \* \*

Aló nas craras noites do mes de Xaneiro, cando a xente dorme i os cais non ouvean, i o mundo parece morto; chegaba Bastián á porta do cemiterio; despía o casaco –un casaco branco, de estopa, moito bon e tirábao drentro: dempois agatuñaba pola parede, e preto xa da cova poñía lume a unha vela i alí choraba, berraba, xemía e rezaba. I así pasaba o tempo asta que a raiola do día raxaba as negruras do ceo.

### II

Unha noite, sei que o medo ou a xeadá xuntou medio pobo tras os tizois da cociña do Roxo do Toxalón; ás mulleres trembábanlles as canelas e batían os dentes; os homes fumaban, cospían e non falaban.

–Vamos a ver –dixo o Roxo rompendo o silencio–¿que vío vostede, tía Pepa?

–¡Ai Dios ninín! cómoche verdá como este lume nos quenta; –Mira, viña da casa do Cabo i ó pasar por xunto o camposanto vin dentro unha luz que se apagaba e se encendía e ouvín unha voz delorida que berraba entre xemidos.–¡Sácame deste porgatorio! –¡Dille a Dios que me leve!

–Tamén eu dou razón deso –dixo o Roxo.

–E eu –salió unha voz.

–I eu tamén –dixeron a maior parte deles.

–A min pasoume catro cartos do mesmo –dixo Farrucón; un mozo que tiña fama de valente.

–Pos yo non fago casa desas andrómenas –dixo Toño, soldado que acababa de vir do servicio.

–¿E logo mentimos todos, ou? repuxo Farruco.

–No digo que mintáis, pero son fefiguraciones que se vos meten en el cerebro, y que se llaman fonómenos de la fantasía. Cando yo estive en la guerra del moro, taba una noite de centinela, sentí un barujo y vi un montón de rifleños: estoncias apunté con el *maser* y berré –¿quien va...? ¡y nada! Y berré otra vez... y otra... y otra... ¡nada! ¡me cago en la morería! –dije enfadado y... ¡zas! desparé el fosil; vino el cabo de guardia; se levantó la tropa, examenamos todo y no hubiera nada.

–É que viche visiós, co medo, e cantábanche os oídos.

–¡Que miedo ni que lerias! –dijo el capitán que fueran los fonómenos.

–¿E que son fonómenos?–preguntou unha rapaciña que ouzaba, pasmada, ó soldado.

–Pos los fonómenos..., los fonómenos son..., ¡vamos! son... unos ácidos de la cabeza que cando respiramos nos salen por los fociños y se nos featuran a la vista como personas.

–Pois con todos os teus fonómenos ¿a que non te estrees a ir esta noite ó cimiterio.

Ergueuse Toño, cheo de fanfarria, mirou a todos con disprecio, sacou o rilox e preguntou.

–¿A qué hora suceden esas requilorias?

–Ás doce, dixeron vinte voces a on tempo.

–Pos ya son: ¡media vuelta, de frente march! –e collendo unha estaca viron cara a porta.

–Vamos todos –dixo o Roxo.

–¡Vamos! berrou toda xente.

Non quedou un garabullo no lume; armados, todos de tizois abriron a porta e saliron pra fóra. A lúa taba chea, resprandecía no ceo; os coios brillaban no camin i o silencio da noite daba pavor: naide gurgurutaba; todos marchaban caladiños e non se ouvían namais ca ruxido das zocas. De súpeto pararon todos, xa se vía o cimiterio e polas regandizas da porta salía algo de luz: unha escramación escapou de todos os beizos.

–¡Allí está...!

Armouse un barullo quedo; Toño restregou os ollos e entroulle unha friaxe que lle fixo bailar as queixadas: todos quixeron fuxir, e Farruco berrou.

–¡Naide se mova...! ¡Toño! Si ti non vas, vou eo.

–Que vaia– dixeron os homes.

–Poñerlle os nosos escapularios e que a requira– rumberon as mulleres.

Así foi: non houbo rosarios, nin cruces, nin medallas, nin escapularios que non lle puxesen ó pescozo. Todos lle prometeron esperalo, i o soldado facendo de tripas corazón encamiñouse á porta.



A lúa parecía que brillaba moito máis, o silencio da noite era máis misterioso, nada soaba, todos rezaban baixiño. A vinte pasos da porta parou Toño, fixo un cerco co pao; no medio unha cruz, meteuse dentro e santigouse.

–¡Sácame deste Porgatorio! –soou unha voz que fendeo os aires... depois apagouse a luz.

–¡Ánema, en nome de Dios te requiro! ¿que necesitas?

Índa non ben, se apagara a voz do soldado na lexanía, apareceo, cara a el, engalando por riba da parede o casaco de Bastián: a xente deo sola ós pés en menos dun “Gloria Patri” chegaron á cociña do Roxo: naide falaba.

Pouco dempois chegou Toño, desencaxado, pálelo, e caeo no tarreo sin toar. Farruco colleo polas pernas e sacudiu, boca abaixo; abaláronselle as tripas e escapoulle un vento gafo e ruxideiro, que lle fixo exclamar ó Roxo.

–¡Esos sí que son fenómenos e ácidos!

### III

Se algunha vez vades a este pobo, que non dista tres leguas da vila, e nel hai un Roxo do Toxalón, un Toño soldado, eu un Farruco; preguntádelles algo e xa veredes como xuran e perxuran que viron as ánemas, doutro mundo, no cemiterio do lugar.

MARCOS DE PERULLEDO

Fonsagrada, 1913

### ¡¡Galicia!!

–O país tá perdido –díxome o outro día na feira Goros de Vilares, despois de encender o cigarro, tirándolle unha chupada que estalou como unha castaña asada.

–¿E logo Goros?

–¡E logo! –rosmeou meo amigo, como istrañado da pregunta. ¿Ti non ves os tempos que corren...? As terras non dan pan por que non se traballan; a moxedá fuxe prás Américas tras da fortuna, tras desa louca bolboreta que nunca pillan; os vellos traballamos sin folguexo pra pagar luxo, a pouca xuventú que nos queda, e manter a usura, ese monstruo do inferno que nos sorbe a sangue. ¡Traballamos...! i os campos tan ermos i os toxos medran nas herdades, i a fame peta nas portas... ¡Oíste! xemeo erguendo os puños crispados.

–¡É verdade, Goros, é verdade!

–Verdade me sobra; deixa que cante verdades. ¡Si as enfermidades do corpo purificaran o espírito...! ¡pro vaiche boa!

A alma gallega tá chea de chagas; o cáncer dun falso progreso desqueloutroa. Pra sentir hoxe morriña, hai que marchar de pequeno, cando non se conoza a terra, e

vela despois no espello das obras da mimosa e xinxela Rosalía; do doce Pondal; do fogoso Curros. Esta xa non é a terra de “Follas Novas”, dos “Queixumes dos Pinos” da “Virxe do Cristal”: esta é a fame, o vicio, a morte, o espetro da Galicia dos nosos avós.

¿Que foron das santas costumes da nosa terra? ¿que, de enxebre tradición da nosa raza...?

O *Lafuxe* retumba na aldea; a *folla Toledana* amosa tintes vermellos; o peito gallego xa non folguexa alentos católecos; a santa doutrina de Christo xa no é pan da nosa alma, freno das nosas pasiós, bálsamo de consolo, *fe* que lostrega esprendorosa na familia, *esperanza* que alenta na disgracia, *caridá* que incendia corazóns.

A gaita xa non repinica dolces cantares, xa non chora garimosas baladas, xa non ri alboradas lelas: non ten reloucos de alegría, nin bágoas de sentimento, nin risas de amaneceres.

A gaita toca hoxe aires istranos: Vaite a unha festa; contemptra e dime. ¿Ten gusto gallego...? Sai a porcisión, catro rapaces vestidos de *señoritos* levan a santa; a gaita chilla a “Marsallesa” ou o “Himno de Riego” mentras que os cregos cantan a letanía. *Ora pro nobis* din eles: non parece si non que van cheos de medo pidíndolle ós santos que os libre das ameazas da gaita.

¿E dempois na festa? ¡que luxo! ¡Dios que me deo! Mira prá mocidade; calquera dice que son de aldea. As rapazas, de moño con peines de pasta do pecado; a cara enfariñada, coas pernas atadas con saias de precal, i unha gran cadea colgando do pescozo cun abanico de papel. Calquera dice que son fillas de Señores, e son fillas dun Farrucón, dun Pepón, dun Xan: dun Xan sobre todo. Os rapazes visten a competencia. Logo toca a música e empezan a bailar unhos agarrados, que sabe o demo que é aquilo; van derregados, bailando de lado, i aquela xirigonza chámalle “Vals Boston”, ¡que máis que Boston é *bosta*! E non quero falar doutras chagas por que feden. ¡O demo anda ceibado en Galicia!

.....

Goros calou, estaba subrime; a testa erguida, os ollos cintilando, os beizos febrosos, o peito folguexante i os puños crispados: mesmamente semellaba unha sombra, un fantasma, un ser doutro sigro.

Se os seus pulmois foran de titán; se a súa voz soara nos ámbetos do mundo, creo, mal pocado, que a raza gallega recuaría espantada; que as febras das pasiós que encativizen o corazón gallego, rebentarían deixándolle palpar puxante, rexenerado, rexuvenecido.

¡Ouh Galicia! ¡Galicia donde eu nacín!

MARCOS DE PERULLEDO

## Unha frol pra Marcial Peñamaría

Apoupigado de penas, baixo un door tétecto, desfeito en anacos o corazón, triste...; esvara a miña pruma, nerviosa; xime o papel ó brusco roce dela, i o fougo da miña ialma ferve a tinta que estereotipa en tocos ringlois unha mamoria, un recordo necrolóxico.

¡Marcial Peñamaría Alvarez...! É aí un nome ñorado neste mundo de pompas de xabón; un nome indiferente a seres istranos, a leutores desconocidos; un nome inolvidable neste pobo donde naceu; un nome que xamais os vendavales da vida apagarán os alamos exprendorosos con que brila no meo peito.

Vibra o meo corazón ante un mundo de mamorias; amósame a fantasía, de mil maneiras, a imaxen do amigo querido; fuxen como en cinta cinematográfica as variacións do seu ser nunha vida de vinte dous anos, i o meo corazón, ó correr deste cinematógrafo ideal, rechaza impresiós dolces pra recollelas festivas i estas cámbiaas dempois, entre bruscas palpitiacións, por outras mouras de triste door.

¡Morreo...! Índa ozco pisadas del cando pasaba prá botica do seo querido primo D. Ovidio; índa o vexo na praza, paseando cos seus compañeiros de estudio, braceando, disputando ríndose; índa tembran os meos beizos e baila meo corazón ca risa, recordándoo nos papeles “Orador místico”, “Orador forense”, “Seis retratos tres pesetas” que tan maxistralmente representou nas Veladas que aquí houbo; índa percibo aqueles dolces momentos que con nosoutros pasaba na tertulia do TÍO PEPE. Era pulcro, elegante; cariñoso cos nenos, correuto cas mulleres, sincero cos compañeiros, respetuoso cos maiores; xinxelo garimiso, dulce con todos.

A súa virtud, os seus sentimentos católecos, facíanho máis admirabile á xente do pobo. Iba a misa sempre, chegábase á sagrada mesa eucarística casi todos os días; era, nunha palabra, o exempro da xuventú Buronesa. ¡Cantas veces a emoción me tarugaba a gorxa ante a súa reverencia diante do santísimo sacramento!

Mais ¡ouh door...! ¡morreo...! Dios non quixo que a súa ialma se manchase nas impurezas desta vida; non quixo que esta frol se murchase na admósfera da actual sociedadá.

Graduouse de Bachiler no mes pasado e taba para marchar a Madrí a seguir unha carreira. Marcialín era dócil; un neno dócil en Madrí pode perderse... ¡Ai que respetar os inescrutables desinos do Altísimo!

Eo que o idolatraba, que o quería con toda a miña ialma; que sentía por el verdadeira admiración; quero facer, destas cuartillas unha frol, quero dibuxar unha *sempreviva*, imprimir un sentimento que nunca, se murche, que sempre se conserve fresco ante as follas deste priódico.

Ante o mundo nunca deixará de ser unha frol de papel; ante el, sempre terá cheirumes de cariño, pois vai regada de bágoas e de oracións.

Que el aspire á súa familia que tanto quero, i ó facelo séalles bálsamo de consolo.

MARCOS DE PERULLEDO

Marzo, 26 –1913

### **O que me de un pao...!**

Xa estaba listo: vestido coa roupa de festa, Toño da casa do Couto parecía outro home: mirouse ó espello, amañou, con fachendosa vanidade, o moqueiro de seda encarnada, deixando como descoído, dúas puntas por riba do peto de xunto o sobaco izquierdo; cospiñou as maus e lisou o pelo facendo da perrera a modo dun caracolo, sobre a cexa dreita, que lle fixo regañar os dentes de gusto; e poñendo a teima o sombreiro, con pruma de pavo rial, dixo cheo de orgullo, namorado da súa figura: ¡Xa estou!

Fóra xa da casa, mirou ó pao; un pao de toxo, pintado de negro e dibuxado con moitos cravos marelos cólleo polas puntas, fincou no medio con forza a rodilla, dempois empuñándoo con valentía cimbrou catro paos ó aire, xirou sobre un pé coa moca tendida, e parando en seco dixo reloucando de gozo: ¡mil demos! ¡é bon...! ó que me de un pao doulle un peso...!

E malpocado, que o que tal fixese xa debía contar cun ceruxano que o menciñase. Fillo do valentón do Couto, neto do Lobo de Coíñas e descendente de vinte xeraciós de homes guerridos, valentes e entrépedos, non podía negar a casta, fervíalle a sangue dentro daquel peito de trinta outonos.

Pois ben; xa estaba listo meu Toño. Era o oito de Setembro: ben mantido, ben bebido, ben traxeadado, co pao á cangalleira i a testa erguida, virou cara a vila; os zapatos parecía que se desgravaban contra ós coiros, a terra mesmamente tembraba ó paso do bravo e xentil mozo.

¡Ouh...! núbrate sol, xemedede carballeiras do lugar, descubrídevos vellos, ridevos de gozo garridas pombiñas, brincade rapaciños, que hoxe Toño vai inmortalizar o voso pobo, que hoxe, o descendente de cen valentes vai poñer pechadura de pedras preciosas á hestoria groriosa dos seus antepasados...

A vila da Fonsagrada ferve de xente; berran na praza os pañeiros; toca un cinzarro, sobre unha mesa un sacamoas de pucho rubio cunha cobra enroscada ó pescoso; os quincalleiros de Lugo, sopran nunhos cornos de lata, que atroulan; cantan os cegos as feitorías dos doce pares de Francia i a guerra dos surectos de Cuba, soan os berros dos vendedores de auga de pozas, a cadela pequena ó tanque; rinchan as bestas no campo, e corren na carreira, moitos xinetes envoltos en polvo: i a xente bule, i o tempo fuxe, i a feira merma, pois todo neste mundo se acaba...

O sol escóndese tras o picouto de Muradal, brillan no ceo as estrelas i os faroles da vila semellan vermes de lume: é xa de noite.

Cruzan as rondas cantando, de arriba pra abaixo as calles do pobo, repinica a gaita do fole entre cantos e atruxos; fronte á casa do xordo, un rapazón farto de guiso e cheo de viño, mete o pao entre as pernas, fai na boca coas maus, un embudo, e parece que reventa nun ¡juruju...! atroulador.

Os mozos paran e o rapaz berra: ¡Viva Burón! ¡Viva Toño do Couto, valente entre os valentes, e máis home que todos os homes! ¡recorcio! ¿recuades?... ¡vinde vinte! ¡o que me de un pao doulle un peso!...

Torgouse a gaita, calou a ronda, e no silencio da noite estalou un pao; dempois, un berro, como dun xato, fendeu os aires.

\* \* \*

Aló, pola mañán ouvín que lle estrafelaran a Toño a cachola.

–¡Amolárono ben! –dixo un rapaz de Xestoso que estaba preto de min.

–¿E deu o peso? –pregunteille.

–Ai, si señor, pro non ó do pao; deullo ó ceruxano de Carballido ca o menciñou.

MARCOS DE PERULLEDO

Fonsagrada, 1913

### A Virxen de Maio

Xa veo o Maio: A natureza desentumécese dos xelados fríos do inverno; os campos cheos de froles de inemitabres matices infiltran no corazón alentos de nova vida, vibraciós máxicas que despertan sentimentos purísimos; alicentes que levan ó artista manantiás de fecunda inspiración. Céibanse as musas por tanta beleza: a fantasía do poeta recolle, estruxa tanto expendor na cativez do verso, na variedade de medida; os músecos esculcan gorxeos de paxaros, ruxidos de regos, xemidos de frondas; os pintores combinan na paleta frescos tintes, levan ó lenzo raios de sol coores de tan rico roupaxe.

¡Todo é luz, todo é poesía...!

A ialma católeca relouca no corpo atisbando tras as ventás dos ollos, as risas da vida, o campo frorido borracho de brisas, o ceo sin nubes, as brancas craridades da lúa, o azogado chamusqueo de mil mundos encendidos. Os nosos pulmós fanlle xurxir puxante; e desatándose das fortes cadeas da materia rebulde pletórica na inmensidá da idea, namentras que os cheirumes das froles embalsámanha i os murmulos das fontes sandan i os picoutos raxan as brumas pra amosarlle as portas do ceo.

Non hai nada máis subrime que a primeira alborada do mes de Maio: O casto luceiro matutino preséntase expendoroso con tornasoles de gloria e irrisaciós de inefabre craridá; a natureza estremécese alborozada; as brisas perfumadas axítanse no

espacio cal oleadas de incenso que ruben ó trono do Altísimo; pían as aves, melodías de dolzura inespricabre, i as campás das Igrexas zoan cramorosas en ledos badaleos. Estoncias o mundo católeco, vendo na Virxen santísima a personificación compreta de tanta hermosura; o símbolo da beleza creada, o cúmulo de todas as marabillas que hai derramadas pola terra; dobrégase reverente deixa escapar dos seus beizos a oración matinal, e saúda, coas palabras do ánxel, consagrándolle o mes de tales encantos e procamándoa Reina de tantos feitizos...

Eu non sei qué sentimentos doces poide choer un peito que non latexa nas nosas crencias; non sei qué consolos pode percibir un ser que non profesa relixión católeca; non sei que agarimos poide ter un orfo que non levanta os ollos ó ceo, e non berra pola santa Virxen, pola naiña do que o aloumiñe. Pros tales, ¿que encantos poide ofrecerlles ó mundo nestes días de primaveira...? Enfouzados na materia, desatan as pasiós, esculcando praceres novos que nonalcontran; os exprendores do mundo son sempre os mesmos; a monotonía da vida cansa; fáltalles a moral cristiana que poña sebes de ferro ós empuxes dos vicios; os nervos necesitan camisa de forza pra sentir a dulce pracidez da vida.

Por eso a Igrexa católeca chea de sabiduría,alcontrando na primaveira mil imáxenes con que poder mostrarnos as graceas da Emperatriz da Groria, vístese coas maores galas, bolboretea as campás dos tempos, franquéanos as portas i amósanos, sobre os altares a madre do Amor hermoso, inundada de luz e saturada de esencias. Alí van os seus fillos que estoupando de felicidade queren purificar no crisol de amor divino os praceres que sinten nesta vida; alí chegan os probes, os apoupigados buscan dunha sonrisa dos beizos celestiás que curta os doores, que de forzas pra lutar, cos enemigos da ialma; alí van os pecadores, que arrepentidos das súas loucuras improran a misericordia de Dios pola intercesión da súa nai.

O pobo cristiano póstrase humildemente; as notas de órgano i os xemidos dos corazóns i os murmulos das pregarías zoan, mezcradas, nas bóvedas do tempo, namentras que a xardiñeira da groria sembra as graceas divinas, como o orballo sagrado que desperta as espranzas nas froles da nosa ialma.

Corramos á Virxen, neste mes de alboradas e de froles; levemos as súas prantas, coroas e ramos xeitosos; ofrezcámoslle a *azucena* pra que nos faga puros, a *violeta* pra que nos de santa humildá i o xentil *lirio* pra que infunda no noso corazón santo amor propio e desfachada altivez contra os empuxes do pecado.

MARCOS DE PERULLEDO

## Os oroplanos

Non esquilaran máis que unha vez na Igrexa de San Cristobo; a xente da parroquia choéndose da chuvía agardaba abeirada no pórtico que o crego se puxese á misa. No medio dun corro estaba o Americano de Folgueirosa, un mozo fraque vestido de gabán, con sombreiro de palla e calzo de galochos; tiña nas maos un pródeco, no que iba lendo entre tropezo e tropezo, soletrando esta letra, caendo naqueloutra e erguéndose na de acolá.

–Seica son malas de roer –dixo un vello chuscando un ollo.

–Será tatabello –soou unha voz.

–Es que están borrados los ringlois y afeuto de la luz del día se me irritan los nervios de la vista óptica; pero vos puedo decir en pocas palabras el concépeto de los telegramas que trae, pos ya los tengo lido de punta a rabo.

–Será millor –sorneou outro– porque si lee non acaba en todo o día e quedamos sin misa.

–No perderiades nada por dejar esas cirimonias antiluvianas.

–Ave maría que herexe –dixo unha muller santinguándose.

–Calade demoños –berrou outra voz– ¿de que fala o pródeco, oh?

–Pos habla de los oroplanos.

–¡Oroplanos! –rosmearon casi todos cunhas bocas abertas dunha cuarta.

–¡Je, je! –reloucou o Americano cheo de fanfarria e satisfacción–. Non sabedes nada de los adiantos de la ciencia *osféreca* y desconoceis por completo la *Jografía* de los aires y la mecánica de la aleutricidad.

–Pro con mil e cen de acabalo déixate de alorias e dinos que son esos oroplanos –repicou o tío Lucas de Aldomán.

O de Folgueirosa subiuse ó paredón do cobertizo; ergueuse sobre as puntas dos galochos, estirou un brazo en ademán oratorio, e dempois de tres carraspeos fortes, soltou a tarabela falando como unha cotorra.

–¡Oh tío Lucas, tío Lucas! –dixo en tono maxistral– ¡oh vosotros todos los que me escoitades! Se interintanto andades en estas falsas incredulidades de la Iglesia y...

–¡Josús, que demoño de inferno! –berraban as mulleres.

–Y aprendiendo la doutrina de los curas; estudiaseis los conecimientos *trepicales* de la cevilización retrospeutiva, otro galo vos cantara. Trebajades como burros auténtecos y no sacades de vuestro sudor nada máis que patacas para encher la barriga; ¿y que hacedes dispués de fartos...? pensar en las ánemas del porgatorio y darvos golpes de pecho mentras que los curas se vos llevan los cuartos de las misas que les dades.

Unha rumbadoira de feira soaba no corro; as mulleres tapaban, a medias, os ouvidos pedindo a Dios a conversión daquel herexe; os homes refunfuñaban e os rapaciños ceibábanlle xipridos: era aquilo unha algarabía do demo.

–No vos esmilagredes; dexaivos de metalizar esas crencias insípidas i materializai la natureza del pensamento; ya veredes como seredes tan felices como los *proletarios* i seredes tan sabios como los *anfíbios* de los pirineos de Francia. Callade con esos berros; bien merecido teneis por vuestras doutrinas el nombre de apaches i intelektuales con que vos llaman los hombres cevilizados de la cevilización.

A xente empezou a desfacer o corro escandalizada, mentras que o Americano seguía decindo:

–Ide, ide a la misa a cegarvos en las andrómenas de la Iglesia i oíde los sermones de los fárragos viejos que vos echan los curas.

–¡Esperade! –berrou o tío Lucas–que este burro estivo falando diste xeito porque non sabe o que son os aroplanos.

–Me dades lástema, vuestras entelegencias están espiritualizadas por la oscuridad de la razón; no vos dejaré de la mano; ya iredes mamando de mis pechos las doutrinas cevilizadoras. Por hoxe me ausorberé a compracrer vuestro deseio.

Toseo catro veces, sonouse cos didos limpiándoos dempois nun moqueiro de seda colorado; e collendo con ambas maos as puntas do gabán, estirou os brazos e dixo:

–Vos voi explicarlo científicamente. El *oroplano*, es un hombre macáneco, con alas de tela que engala por medio de las brisas aléutricas de los aires, i muy semejado a la fegura decorativa que represento yo, en esta instantánea.

As lousas do paredón estaban molladas; o Americano, no entusiasmo do seu discurso, resbaláronlle as zocas e desapareceo polo aire, a tempo que cheo de terror gruñía: ¡la Virgen me valga!

Medio escontramellado quedou no camiño, e non me estraña, que a altura é condenada, pro nin por eso rompeo ningún óso, nin o tumbo foi de morte. ¡Certo é o refrán: carnes ruínas non peligran!

Tocaron a terceira i a xente entrou na Igrexa falando do acontecemento.

–¡I acordouse daa Virxen, por eso! –alguén dixo.

–Esta casta de graxos tamén son católecicos cando hai peligro de morte –dixo outro.

–índa se acordar, de Santa Bárbara cando trona –rosmeou o tío Lucas.

MARCOS DE PERULLEDO



## A festa das espigas

Chea a miña alma de impresiós dolces; latexando o meo corazón en reloucos xubilosos; ardendo a fantesía en ideas purísimas, céibase a miña pruma, ferruxenta i esgallada pra cantar no seu monótono ric-rac metálico a grandiosidá da festa Eucarística que na noite do 21 do mes pasado se celebrou na Igrexa da capital Buronesa.

Índa restala o meo peito, índa sinto, dentro del, sensaciós de benestar inespricabre, índa rebulde na miña mamoria aquel acto relixioso con toda a súa solemnidá expendorosa...: Deixaime que peche os ollos i a pruma corra.

A casa de Dios, vestida coas maores galas presenta, dentro da súa probeza, un aspecto soberbio; as bombas aléutricas aláganha en torrentes de luz; o altar maior, cuallado de froles e velas, amósanos sobre un fondo branco, rico dosel de telas costosas; a xente, sudorosa e xadeante, comprímese ante a multitud tan numerosa... De pronto o crero aparece no presbiterio; as notas do órgano preludian os primeiros acordes do *Tantum ergo* i as seuciós adoradoras rompen o silencio relixioso ceibándose en fervoroso canto namentras que as bandeiras se rinden ante a Hostia Santa que aparece nas maos dun sacerdote.

Imposible describir acto tan conmovedor; imposible que a pruma cante as santas emociós que sentiu; o corazón queimábame; a fe brilou na miña alma con alamos lostregosos de inefabre craridá amosándome tras daquel pan, daquel branco cendal; dentro daquel viril de ouro, o Dios home con todas infinitas prefeuciós, con toda a súa omnipotencia, rebosando omnímada grandeza. ¡Ouh Dios querido! ¡Vivimos lexos de ti por que non te conocemos; os camiños da vida tan oscuros i a nosa fé non alumea; firenos o pecado e non vamos a ti que eres médeco; a febre das pasiós abrásanos, e non refrescamos os ardosos beizos nas fontes das túas groriosas chagas; eres poder, luz, xusticia, vida, pan, fogueira de amor e non te buscamos...!

Quixera ter arpa de poeta pra facerlles vibrar ás cordas, un himno eucarístico; quixera gorxeos de ruiñeoles pra cantar algo de espírito celta, algo que reflexase a nobreza, os sentimentos católeos da raza buronesa. Pro... ¿que fago?... Mándanme que describa a *Festa das Espigas*, e deixo correr a pruma sin pensar que non cumpro o mandato, e que emborrallo papel sin decir nada. Afoguemos pois, os entusiasmos e dobreguémonos ante as arideces dunha reseña.

Describamos pois o programa que se repartiu anticipadamente e que foi cumprido ó pé da letra. Ás sete da tarde salió o Crero parroquial i as piadosas Congregaciós cas súas insignias a recibir ás seuciós de San Martín de Suarna e Lamas de Campos; xuntáronse na carretera de Asturias e entraron na Igrexa procesionalmente; na que rezou unha estación o Sacramento o reverendo Cura de Lamas.

Pobos enteiros de varias légoas á redonda andaban pola vila; parecía a feira do Setembro. Logo chegou o automobre no que viñeron o Cura de Ribadeo, D. Arturo

Cuervo, D. Manuel Pardo Becerra i outros señores que non sei cómo se chaman; todos eles representando varias seuciós adoradoras.

Ás once da noite houbo a presentación da guardia e exposición de *Su Divina Majesta*; dempois subió ó púlpeto o Sr. Párroco da Fonsagrada; predicou da primorosa maneira que acostumbra i en párrafos subrimos expricou a grandeza daquela festa e dirixiu conmovedor saúdo a aqueles guardias de Cristo que cheos de amor a Dios amosaban altivos, o mundo, a santa fe das súas almas: Tuvo párrafos diamantinos e podo afirmar que todo seu discurso froldo, brillante que fulguraba irrisaciós de purísimo deleite.

Ás doce cantouse, por todos os adoradores, solemne *Te Deum* con armonium.

Ás catro da maña oraciós matutinas e *Misa solemne* na que se repartiu a santa comunión a máis de mil almas; nela predicou o Párroco de San Martín, visiblemente emocionado ante a manificencia de acto tan solemne, non por eso deixou de resprandecer máis o seu maxistral discurso, falounos de forma maravillosa da institución da Eucaristía; i a súa palabra soou no tempo como pedazos de pelras que impelidas por un volcán de místicos amores, tropezábanse no espacio vertendo deleitadoras armonías. Pra ambos oradores vaia miña afectuosa e cordial felicitación.

Ás cinco da mañá organizouse a procesión; iba á cabeza, cruz alzada, varios estandartes das congregaciós do pobo, sete bandeiras doutras tantas seuciós adoradoras que si mal non recordo eran de Lugo, Ribadeo, Santa María la Alta, Parada, Lamas de Campos e San Martín; a custodia do Altísimo leváronha os reverendos señores curas de San Pedro de Neiro, Puebla, Cuñas e Coadxutor de Padrón; diante dela iban catro peciosas nenas vestidas de ánxeles, sembrando de froles o camín. Houbo nas carreteras de Asturias e Galicia diante de dous artísticos Altares que arreglaron distinguidas señoritas da vila a bendición dos frutos, e dempois de recorrer as principais calles, acabouse esta festa grandiosa.

Dios queira que esta cosecha bendicida por Xesucristo sea abundante prós campesinos Buroneses, e que as bendiciós do Altísimo se derramen sobre este distrito, especialmente sobre o nobre e sufrido Crero do Arciprestazgo que tanto traballou nesta festa memorable.

MARCOS DE PERULLEDO

### **A mao de Dios**

Unha pipa de viño, un cubeto de augardente, media ducia de xarros descontramellados, tres copas sin pés, unhos vasos sin bordes, unha mesa penza e dous bancos vellos: era todo o amueblaxe do bodegón de Toribio.

Era un domingo de agosto: Un sol queimón derretíase en chorros de ouro; na lexanía asomaban, empuxadas por un vento cáledo, xigantescas nubes, tétricas,

precursoras de tempestá desoladora: Parecía que os elementos se desafiaban, aprestándose á loita pra desfacer a natureza en terrible catacristo.

Toribión non tiña folgos pra trasegar vasos de viño nas secas gorxas dos seus parroquianos. ¡Cuidado que había xente, sede e barullo...! Aquelo era un *maremagnum* de parolas. Alí falábase da guerra dos rifeños, do precio dos xatos, da sequía das leiras, do pago das contribucións, da caída do goberno, do... ¡que sei do qué!... Un dos do xogo petaba cos nudelos na mesa pra matar unha brisca; noutro lado levantábase un bébedo amosando un xarro baleiro e pedindo un recunque; unha atmósfera tépeda de vapores de viño, fume de tagarninas e cheirumes de pés rascaba nas gorxas e picaba nos ollos. Deitado polo tarreo botaba os bofes Colás da Perela.

–¡Ala compadre que eso é saúde! –decíalle un veciño meténdolle os didos pola boca.

–¡Recorcio! –berraba unh–non lle tapes a gorxa que se vai desaguar, por outro lado en porcallada.

–Guaaaax...

–¡Salú!

–Botaino a bisitemperie pra que se avapore –repuxo un rapazón de brusa ribeteada de ladillo, que veo de Bilbao con fumes de home de cencia.

Xuanón do Toxal non se acougaba no banco; erguíase, iba á porta, miraba pró ceo, volvíaa a sentarse, botaba un trago, rascaba na cabeza sin alcontrar sosego.

–¿Sei que hai tronada Xan?

¡Féndame un coio, que nubes de panza de burro!

Era Xuanón de boa pasta; un deses que sin conciencia do que dicen non soltan palabra sin un *féndame, pártame, trágueme, cómame* i outras polo estilo; pro que en sintindo ruxir as nubes xuran pra afirmar o medo que teñen, i ó darse conta do xuramento chaman por todos os santos da Corte Celestial en desagravio dos seus pecados, e arman tal comistraxo que non pode un por menos de rirse.

Un lóstrego súpeto alumeou na taberna: Xan púxose dreito dun brinco cos ollos tapados.

–¡Virxen Santísima! ¡que me leve o demo! ¿non visteis?

–¡Así Dios me leve! ¡Recemos o trisaxo! ¡que me parta un raio!

–Amén –rosmeo o borracho revolvendo a lingua. (Risada xeneral).

Un segundo relustro seguido dun trono máis forte: Xan rezaba a grito pelado.

Santa Bárbara bendita

que no ceo tas escrita

Garda pan, garda viño...

–Amén –volveo responder Colás relaméndose os beizos. (Risas).

–Pero ben acó pedazo de Adifeso –berroulle a Xuanón o bilbaíno. ¿Tu cres en Dios...? pois eo me... (aquí unha brasfemia).

Armouse un barullo do demo. ¡Herexe! ¡protestante! ¡masón! –berraban todos en confuso revoltixo; aquela baraunda de xente protestou da incredulidá do da brusa, i ante os auguros da tempestá todos tembraban a un castigo do ceo.

–¡Alto, todos! Berraba Colás tambaleándose.

–¡Fóra ese masón! ¡fóraaaa!...

–¿Pro donde está Dios? ¿quen é? ruxía o bilbaíno.

–¡Altoooo...! chis... chs... rosmeaba o borracho estalando a lingua no ceo do paladar.

–¡Fóra... fóra co herexe!

–Chis... chs... ¡jeo difinirei...! ¡Aí vai unha risposta aplastante! –e tambaleando tropezou no brasfemo i os dous rodaron polo tarreo.

Aquele era unha feira: o dos ladillos levantouse cintillando, coas cordas da gorxa inchadas dos berros que daba pra que o ouvisen, e cheo de coraxe disparou, no medio daquel ruxido, un desafío ó ceo.

O sol escureceuse, a taberna quedou en tinieblas. De súpeto, unha craridá intensa e cegadora iluminou todo i á vez un trono horrible retembrou no espacio. A xente caeo espaturrada; xarros e vasos saltaron polo aire; a mesa quedou patas arriba. As nubes desgaxáronse e arrolando na súa furia mares de auga e de pedra, abriu con estrépito as portas, rompeo as ventás i alagou a taberna.

Un raio caera entre eles salvándose todos por milagre; pro... ¡caprichos da aletricidá! a chispa deixou marcado (como si fora con ferro roxente) un cu de vaso nos beizos de Colás e unha ferradura na testa do Bilbaíno. Embremas, sin duda, da borracheira e da inorancia que o Altísimo lles poñería pra recordo da súa omnipotencia.

E mentras as nubes se desfacían en auga e pedra, i o trono retumbaba nos aires, aqueles homes rezaban devotos; ruxindo como o huracán de fervor as xaculatorias de Xuanón acompañadas dos lagrimexos do Bilbaíno que coas maus dreitas rezaba aquilo que dice:

Creo en Dios

Amo a Dios

Espero a Dios

Señor pequé

Tened misericordia de mi

MARCOS DE PERULLEDO

## MINGOS DA PORTADA

“Mingos da Portada” é outro dos pseudónimos, posibelmente o de máis difícil identificación, presentes nas páxinas de *O Tío Pepe*, sinatura que apareceu en tres relatos: “Xacinto i Antón” (n.º 8, 20 de maio de 1913), “O pantasma” (n.º 14, 20 de agosto de 1913) e “O masón” (n.º 20, 20 de novembro de 1913). A escasa produción e o seu carácter exclusivamente ficcional –cunha notábel vontade literaria–, ademais da ausencia de referencias sobre a súa identidade, non nos permiten saber quen se esconde tras deste pseudónimo.

“Xacinto i Antón”, a primeira das súas colaboracións, presenta unha traxedia sentimental onde o motor narrativo é a disputa de dous namorados, coñecidos e amigos, polo amor da mesma muller. A estrutura do relato posúe tres partes: presentación da traxedia e dos personaxes, desenvolvemento da acción do duelo romántico, e final concluínte e dramático. A voz narradora, na súa omnisciencia, dispón os personaxes como representantes funcionais duns roles clásicos do conflito amoroso e, por tanto, perfectamente identificábeis. É así como a historia carece de maior mensaxe có de ser mostra da adaptación deste xénero e deste tipo de tramas á realidade galega e aos ambientes costumistas e rurais da época, máis unha mostra que posúe evidentes calidades técnicas en canto ao uso da escrita.

“O pantasma” desenvolve, sobre pano costumista e cun estilo de narrativa lixeira de ton claramente humorístico, unha anécdota relacionada coas populares crenzas nas pantasma. A estrutura do conto establécese, implicitamente, en tres partes: a presentación das supersticións colectivas arredor da existencia dunha suposta pantasma, o desenvolvemento da situación na busca dun remedio que acabe con ela e, por tanto, tamén coa superstición, e o final conclusivo no que, por unha banda, se constrúe a idea de ‘superstición’ a partir do descubrimento da realidade. O tema, en consecuencia, aínda que na aparencia pode pasar do costumismo, posúe matices de denuncia social relacionados coa ignorancia das xentes e co fin das supersticións. Os personaxes son basicamente circunstanciais e planos, construídos unicamente ao servizo da trama e do tema principais. A voz narradora omnisciente mantén a dimensión temporal na indefinición, se ben a dimensión espacial xa a concreta aquí a través da asociación dos personaxes con distintos lugares facilmente recoñecíbeis polo lectorado. Distintas imaxes das que se presentan no texto representan e redundan no costumismo: a reunión da sociedade vilega para discutir temas comúns, a actuación comunal, o tipo de ambientes nos que se reúnen etc.

“O masón” achega un texto de estrutura e temática moi similar aos de Marcos de Perulledo<sup>90</sup>, isto é, un pano costumista sobre o que un personaxe alleo á realidade social

<sup>90</sup> Sobre este autor realízase un comentario exhaustivo da súa obra narrativa ocasional no seu correspondente capítulo neste mesmo volume.

propia –e, por tanto, negativamente caracterizado– intenta desprestixiar os valores e as crenzas da relixión católica ante o rexeitamento unánime das xentes do ámbito social vilego. A estrutura dialogada do texto, en concreto, mantén unha notábel similitude co relato “Os oroplanos”, de Marco de Perulledo. En consecuencia, este texto tece unha rede na que comparten posición protagonista, por unha banda, o tema do tradicionalismo e a endogamia social e cultural, cunha defensa destacada dunha sociedade pechada a influencias externas, e por outra banda, a protección e conservación dos principios e os símbolos católicos como eixe social. A voz narradora, por tanto, serve de introdución e de peche deste diálogo. Con todo, a súa posición omnisciente posúe a contundencia abonda como para establecer un claro xuízo sobre os personaxes e as ideas que estes eximen. A lingua afonda, como os relatos anteriores, nun manexo expresivo do idioma, cunha presenza da oralidade a través de mecanismos como o diálogo ou a conversa. O fondo costumista, ademais, introduce termos léxicos relacionados co rural, remarcando o fondo deste pano sociolóxico ao que nos estamos a referir.

## Xacinto i Antón

Nun podía soportalo... Xacinto, o quirido da súa ialma, taba xa na angonía, na dolorosa angonía, sin médacos, sin cura cuasi. Aquel que viviu amando, iba morrer nun leito de pallas, cuberto por unha manta, por aquela manta que noutros tempos tapara as bocas daqueles pantalois, polas cuais víanse as pernas descarnadas daquel rapaz, tan negras como o carbón das minas en que traballara facía seis meses. Iba morrer Xacinto, vítima dunha puñalada do seo amigo Antón, que disputaba con el o amor daquela rapaza, cuasi sin alberxe, daquela rapaza que os atraía pra supricarlle, pra pedirlle días felices, nos que, sendo noivos, trembasen as carballeiras ó pasar por entre elas aturuxando.

Os dous rapaces querían aquela xoia, ambos con moita querencia, sin poderse decir cal dos dous a amaba máis.

.....  
Era unha tarde de vrau. Xacinto i Antón foron segar. Na sega taba tamén Farruca, aquela disputada rapaza.

Xacinto chamou a Antón e faloulle dista maneira:

Antón, lle dixo, os dous queremos a Farruca, pro ela non ten dous corazóns... Un dos dous ten que olvidala.

–Xacinto, dixo Antón con enerxía, ¡soilo a olvidarei coa morte!...

–Pois ¡morrámos un dos dous!... Colle unha navalla e vamos a caella. Alí Dios dirá quen debe ser dono dela.

–Vamos xa... I os dous calandiños foron baixando a caella.

O sol coroaba os petoutos máis altos da serra. Ouvíase o rinchar dun carro, o ladrar dun can, i as chocas dos castrós. O marmullo dos que merendaban chegaba xunto os dous namorados, que quizais distinguían entre eles a voz daquela por que un deles iba morrer.

Todo era quietude. A fruta dun pastor resoaba polos vales un son triste, tan triste como o da campá que logo iba chorar...

Os dous rapaces tiraron de chaquetas. Pro eran amigos... Non se astrevían...

–Xacinto, non podoo...

–Tu ou eu temos que morrer, xa o sabes, dixo Xacinto. ¡Morrámos un dos dous!...

As navallas chocábanse... Pendidos os dous valentes, sudaban; caíanlles gordas gotas de sudor, que logo se habían de mezclar coa sangue que saíse dun daqueles peitos...

Ouviuse un berro que soou por toda a serra, un berro de rabia, un berro quizais de súprica... Xa as notas da fruta íbanse apagando canda a voz do probe namorado...

Baixaron os da sega. Viron tendido o corpo de Xacinto. Farruca, pálida coma a cera, pediu explicaciós a Antón. Contoulle iste todo, e pensando ser dono da que tanto

amaba, botoulle unha mirada que recorreu o corazón da rapaza, pro en vez de ver unha sonrisa, viu dous ollos que se encendían co coraxe daquela ialma ferida...

Recolleu Farruca o corpo do úneco que amaba e levouno pra aquil cuarto coas paredes eran testigos da súa disgracia, e coas trabas carcomidas polos anos habían de chupar sus bágoas.

.....

Era unha tarde nubosa. No cimiterio, encima dunha cova, había un cadavre. Era o de Farruca que cheia de tristura foi ó cimiterio; e encima da fosa do que amado morreu, deu o último latido do seo corazón i a última luz dos seus ollos; ó mesmo tempo que facía un mes se ouvía un berro que soou en toda a serra.

MINGOS DA PORTADA

Abril de 1913

## O pantasma

### I

Era o tema de tódalas conversaciós o pantasma tiña amedrantados ós veciños daquela pacífica aldea.

Fora a tía Farruca do Milladoiro a que o vira primeiro, ou, millor dito, creera velo, pois madeus si nengún pantasma asomaba por alí os fuciños ou outra cousa; i a probe dende aquela sofre o que non ten amaño cun fratón i unha malancolía, que según dixo o tío Mateu, debeu ser producida por creier que era a ánima do seu home en pena.

### II

Reunidos na polavila tódolos veciños acordaron tomar medidas pra ver se o sacaban de alí anque fuxise pró inferno.

O tío Mateu, home de moita cencia, según opinión xeral dos veciños, deu a palabra, como presidente, ó tío Xan da Escamelada, un vello de 75 anos pro que falaba polos codos.

O tío Xan fixo unha venia según era o seu costume e impezou a falar: Non vos poido explicare, dixo, como era, pro inda recordo que tiña un rabo de dúas varas, unha cabeza máis grande cás dúas dos meus bois, i unhos ollos de lume; como de rilámpago, que non eran doutra cousa.

Outro Xan dicía que o vira no Carballal de Coronto, ó mediodía do sol, fumando un cigarro por unha cachimba dunha vara de largo e quentando os gabuñós ó lume de catro carballos que tumbara polo pé, i astra dicía que fora cun cuitelo colorado.

A tía Marica da Corraloa que o vira á porta do Campo santo, cunhas calaveras nas maus i unhas costelas, coas que xugaba ós bolos.



O tío Xacinto dos Menores aseguraba que o vira no lousado da igrexa bailando ó son dunhos cántigos que salían do cimiterio.

Fixo o resume o tío Mateu nestas palabras: Siñores hai que facerlle desaparecer a ise condenado que pra min non é outra cousa senón un xirafa. Esta cras de animalíños sei eu ben cómo se matan, pois ben sabedes que estiven na Amérecia e vin moitos distos.

Si queredes que desapareza, traieime un neto de caña, outro de alcohol e unha libra ou dúas de pólvora. Esto todo, xuntado con tres netos de viño ben rancio que ten o pedáneo ha de mata-lo pantasma.

Así que todo foi intregado, o tío Mateu preparou o *específico*, como el lle chamaba e despois de tapalo e telo a serear pra que se puxese ben forte depositou todo na porta do cimiterio.

### III

Acertou a pasar por alí un probe home que iba de camín e oléndolle algo botou unha ollada e viu o pucheiro que tiña o específico. Istrañoulle moito aquilo e como sempre a curiosidá fai das súas botou un bon trago, e despois outro, i outro i outro... astra que se puxo como unha uva e tuvo que dormir alí mesmo a *mona*.

### IV

Á mañá cedín foron chamar ó tío Mateu e dixéronlle que xa parecera o pantasma e que era un home. Correu pra aló o tío Mateu e vendo aquel home tumbado no tarreu impezoulle a falar dista maneira: Disgraciado que fuches e xa non eres, di pola túa vida qué maldiciós che botou teu pai pra que andes por aquí amedrantando ós veciños distes pobos.

Dispertou o borracho e moi avirgonzado de ver tanta xente, pois pensaba que taban alí pra rirse del, dixo moi humildemente: Fun moi curioso senón non me pasaba isto.

O tío Mateu tomou o que dixo o borracho como resposta á súa pregunta e dixo con aire de satisfacción: Pois vaite pra casa e non volvas a ser curioso.

Marchouse o borracho pra donde iba i a xente quedou admirada da sabencia do tío Mateu.

Desde aquela ninguén viu outra pantasma, pro a tía Farruca índa sigue vocexando i arruitando.

MINGOS DA PORTADA

Julio de 1913

## O masón

Toño era o mairazo do tío Manoel da Panda, pro que por gasta-la lexítima do seu pai tuvo que ir ás minas de Riotinto, de donde volveu, a falta de diñeiro, coa cabeza cheia de fume e feito un antecatóleco.

Na polavila da casa do tío Farruco do Medio taba sempre, xa fose pra ollar a Maripepa, xa pra desputar da relixión cos bos homes que a polavila iban.

Ó lume dos tizois de carballo taban tódolos viciños do pobo e Toño entre eles que empezou a falar do de sempre: da relixión. A caída do Goberno sirviulle de cumenzo.

–Din que entraron os conservadores no poder, dixo Toño.

–Eso din pro como non teño os boletíns non tou seguro, por máis de que dixo o cura que era certo, cuntestou o tío Farruco.

–Craro, os curas, que un raio os partía, tan de enhoraboa, pois si siguira Romanones índa os había de quentar, volveu a dicir Toño.

–Vaía Toño, interrompiu o tío Farruco, non volvamos ás de sempre.

–Que raios non hei de volver... ¿Non sabe vostede que os curas son os que acaban coa sociedade? Entérrano se dá “quiquibus”, e senón ata catro días ou un mes sin ir ó cimiterio; cásanos porque se enche ben; bautízanos porque hai rigalos, e todo esto faino polo amor de Dios. ¡E dempois din que os curas son úteles!... ¿que raios han de ser? ¿que máis me dá a min que me case un cura, que me enterre un fraire e que me bautice o obispo?...

–A ti, craro, como che se meteu eso na cabeza e naide cho saca...

–Eso, palinorias. Eu teño na cabeza a verdá pura, o que é i o que debe ser, e non esas trolas que lles meten a vostedes polos ollos os curas. Porque non creio en Dios nin no inferno nin no ceu, por que non lles quero creer ós curas, porque digo que é tontaría ir a misa e cunfesar-se, xa tou cabucado... Pois eu tou no verdadeiro, no que creen tódolos sabios e homes de cencia, de Europa e de todo o mundo: que o mundo non o fizo Dios.

–Esos xa arderán nos profundos infernos, dixo unha vella que a cada palabra de Toño facía unha cruz.

–Pois así arda eu, dixo Toño, pro ises homes saben máis que vostedes e que os curas, pois por algo se lles chama sabios. Ises si que son os nosos dioses, o demais é metáfora.

–E..., volveu a falar Farruco ¿se a ises homes lles preguntan de dunde saliu o mundo, que case non o fizo Dios que foi logo?...

–Pois cuntestaranlle que foi a natureza, os átomos e outras matereas. Pro antes de dicirlles como verdadeiramente foi feito o mundo, direilles o que son átomos e natureza. Átomos son unhos corpos moi grandes que aló, antes de haber mundo andaban polos vacíos, pro cansados xa daquel paseo dicidíronse por fin a face-lo mundo e foron

axudados pola natureza que é a terra o mar i a auga dos ríos e tamén tiña partículas de aire.

–Estoncias, rosmeou o pedaneo que astra agora tuvera calado amorgallando unha tagarnina, se a natureza era terra i a auga e aire xa taba feito todo, non facían falla os átomos nin todo o que tu dis.

–Si, pro como aquela natureza solo tiña os accidentes e faltáballe a esencia resulta que tuvo que unirse os átomos i as ráfagas ieterinas.

–¿Sabes que non me convences con tódolos teus átomos e tódalas lendias? Dixo o tío Farruco ríndose.

–Craro, a vostedes non os cunvenzo, pro se fora a ises homes de cencia xa o virían...

–Mal poderías facelo, dixo outra vece o pedaneo, cando tu mesmo dixeches que xa taban cunvencidos.

–Bo, berrou Toño, isas son patadas de burro, como burros son tódolos que non saíron desta endemoñada Galicia.

–Eso quer dicir que nosoutros somos unhos burros, dixeron os da polavila a un tempo.

–Eso mesmo, porque os que creien nos curas son unhos burros de carga.

–Pois mira, dixo o tío Farruco, a ti e a toda a túa listeza pásovos eu por debaixo da perna.

–A min por debaixo da perna non me pasa naide, berrou Toño.

Estoncias a tío Farruco puxolle unha mau na cobacha, fíxolle dobregarse a Toño e díxolle:

–Mal galego, e mal nacido, aí o tes: Nunca máis medres... e pasoulle unha perna por de enriba da cabeza.

Armouse un guirigai de xudas: as mulleres choriqiaban e os homes berraban e cos tizois do lume mallaban en Toño, que co apuro de escapar tropeizou e caeu de fuciños no lume.

Como gato iscaldado fuxiu Toño así que viu a primeira ocaseón e astra que se meteu na casa e cerrou a porta foi ben acompañado cos paus dos da polavila, que mallaban nel como en centeu verde.

De volta pra casa dicía o tío Farruco:

–Non se arripintirá, pro na miña casa parezme que non volverá entrar ese masón.

MINGOS DA PORTADA

## TOÑO DA ESCAMELADA

Pseudónimo non identificado co que aparecen asinadas dúas achegas literarias, unha poética e outra narrativa, que viron a luz na sección “D’o buzón d’O TÍO PEPE” do xornal fonsagrado *O Tío Pepe*.

Na primeira, que leva por título “O consello de Toño”, comeza loando o director da publicación, que se define como “nobre fidalgo do século XIX” e ao que lle pide que edite no seu xornal o seu “desaliñado traballo”. Deseguido inclúe un poema no que lles aconsella ás rapazas de Burón que non emigren seguindo os pasos dos homes da vila e, finalmente, pecha o texto cunha posdata dirixida ao Tío Pepe, na que lle advirte das ameazas que contra el fixeron dous homes do lugar, Casaca e D. Fermín.

Na segunda, recollida nesta antoloxía e titulada “Contos de xa-cando” (n.º 11, 5 de xullo de 1913), tras dirixirse aos “xenerosos leutores” para facer referencia a un conflito persoal que mantén con alguén que é contrario á publicación na que el traballa, Toño da Escamelada xunta tres contos que, segundo sinala, datan do século XIX e que deprende de súa tía. Trátase de relatos breves, probablemente anécdotas reais, sobre situacións humorísticas da vida cotiá.

## Contos de xa-cando

Xenerosos leutores: Eiquí me tedes outra vez de corpo enteiro, non cheo de fanfarria e bambolla, como alguén diz, nin coa pretenseón de facer feligranas retórecas nin poétecas pra granxearme o renome de pubricista, porque eu son o primeiro que reconozo e deproro a miña pouca sabencia teórica e práutica nistes traballos; pro si coa formalidá e boa intenceón dun home que xa ten coñecemento do que pasa niste pícaro mundo (e cada un ben sabe donde o morde o zapato), anque alguén que se precia de señorito e se honra moito co calificativo de “D. Fulano”, botou as forzas pola boca decindo mil porcalladas que “Toño arriba”, que “Toño abaixo”, que “Toño isto”, que “Toño aquilo”... (e coste que non aludo a ninguén que lea o preódico), pois o señorito aludido, aínda que lle gusta moito andar entre os labregos falándolles no dialeuto que mamamos de nosas mais, non pode ver O TÍO PEPE pola cara, que o chama por un alcumio, ingadindo outras porcalladas que non quero nomear por indecentes, nada pulcras e menos relixiosas, máis propeas de xente de tralla que dun señorito de bigotes e faixa rubia; non sei si por mor de que buscou lan e foi trasquilado, e ben o merece, xa que non ten freno na língoa e non cala a boquiña, máis merecente dunha mordaza que da augardente de Castilla.

Anque as injurias personais non se limpan con xabón i auga quente, porque atacan o prestixio do recipiente (e non menos a quen os infire), perdónolle a Don F... o pecado en canto á culpa, non en canto á pena, pois o reato non se extingue e ten que pasar polo crisol dO TÍO PEPE, como as ánemas que, manchadas polo pecado, van purificarse ó purgatoreo; e fago isto, non por il, que non o merece, sinón polo meu critere e por aquilo de: “Dimite illes, Pater; non enim sciunt quid faciunt”.

Volvo de novo rogando aO TIO PEPE pubrique no seu preódico istes mal perxeñados ringuilos, e non dudo lles dea cabida, xa que o seu lema é facer xusticia, persuadido de que lle gusta moito enderezar os entortos i os que botan sapos e culebras pola boca. E, namentres me descubro pra saudar aO TIO PEPE, sabede, leutores, que volvo disposto a cuntarvos unhos cantos chistes que adeprendín istes tempos na miña aldea, aínda que hoxe non me inspire a musa moito que digamos. E nadia vos cuntarei do que pasa entre os modernistas nin das fazañas de Romanones e seus compinches, que pra iso fai falla outra língoa máis espodada que a miña; pro, en troques, direivos o que me cuntou a tía Tresa de Freixo falando da súa xuventú e mais as súas parrafadas, contos istes que anque xa datan do sigro XIX, coido lle han de gustar aO TIO PEPE xa que il tamén é veterano de aqueles tempos.

Atendei:

“Foi sempre a tía Tresa muller de cencia na compostura de membros rotos e descompostos, meicreira de moita sona (das que hoxe sealcontran poucas) e dunha man que hai que vela e que moitos médecos a envexaran pra ista cras de operaciois. Pois, inda que non gastou unha cadela pequena pra adequirir o título de meicreira,

fixo moitas curas que a cencia médeca non alcanzou, e máis baratas que as que fan os médicos, índa que gastaba algunhos xeixos, garabullos de vinteiro e tamén algunha iauga.

Pra facer istas operaciois collía nove xeixos ou nove garabullos de vinteiro e tamén servían nove cazados de auga, e cruzaba nove veces o membro descomposto e dicía outras tantas ista oración: Membro do corpo –Que estás descomposto, –Se estás esfiado, –Ponte quebrado, –Se estás estorcido, –Ponte partido... Pola gracia de Dios e de María Santísima. Amén”.

A primeira cura que fixo a tía Tresa foi ó Roxo do Valdrabrón (dixo ila un día que eu estorcín un pé e veu pra facerme operación, pro que eu non quixen que índa non creio en agüeros e en hechicerías). Un garrufeiro dun cabalo falso como o diñeiro quemado que tiña estoncias un crego que houbo en Llencias (que Dios teña en gloria), deulle ó Roxo unha patada levada do demo, non sei si nun membro que é o máis doente do corpo.

–¿Donde che deu, Roxo?–preguntoulle a muller, exmilagrándose cando o viu.

–Cuase non sei, que me doi todo; parezme que no máis doente do corpo.

–¡Ai, probe muller de min!...

-:-

O tío Tomás do Lixeiro (que Dios teña en gloria), veterano da guerra de Independencia, o home máis tronera e fallanguero distes contornos, índa que antepoña un pronombre personal a cuase todas as palabras, era máis parrafeador que moitos que se teñen por goapos.

Un día que o macho dun señor da vila meteuse no pau dunha seara que había enriba do Mouralón, foron sacalo o tío Tomás do Lixeiro e mais o tío Pedro de Vidal, e coa envexa de collelo e sacarlle a ferruxe das ferraduras, baixárono como poideron astra metelo no pobo. O tío Tomás, que sempre lle gustou moito andar en patas alleas, colleu unhas verzas no horto do Bao, marchou con ilas na mau levantada enriba da cabeza decindo: me mulín, me mulín, me mulín, toma, me mulín. O macho, ademais de que era levado do demo, xa había tempos que non vira a cabezada, cando viu ó Lixeiro coas verzas na man, botou coa boca aberta enriba dil pra tragalo; pro o tío Tomás chamou os pés compañeiros e saltou por enriba da cancela de/a Abraira.

–¡Me raios! ¡Ai, me Pedro! ¿I el o macho viña de me cu ou de me cabeza, me ho?

-:-

Na Irexa da parroquia os cregos cantaban os oficeos fúnebres, namentras o tío Tomás, o tío Pedro i os mais veciños, baixo a direuceón do sacristán facían a cova pra enterrar o morto. O botafumeiro do tío Agustín sopraba un vento que levaba os nabos e non golía a rosas.

–¡Porrilla! Agustín, mira se hai algunha sepultura aberta.

–¡Ai, Tomás! Era bon equí o macho pra oxixenar o vento que corre–dixo un crego que chegou estoncias xunto ós que facían a cova.

–¡Me raios! Si me corre diste me vento, non quedará unha me verza e me logo choverá M...

Posdata.–¡Ai, TÍO PEPE! Si precisa un corresponsal bon e barato, haille un moi cerca da miña casa que reúne todas as circunstancias que vosté pode desiar: nadia lle costa e, ademais, bástalle il sólo pra España e fóra dila<sup>91</sup>.

---

<sup>91</sup> Despois da sinatura deste relato, aparece un texto que parece ter relación co precedente, aínda que non se pode afirmar; é o seguinte:

*Ai Toño: ¿logo tamén votou contigo o de marras?*

*¡Dios nos teña da súa mau! –da de Dios quero decir–.*

*Non lle fagas caso.*

## TOÑO DA VILA

Pseudónimo non identificado co que se publicaron na sección “Contos d’o Tío Pepe” tres relatos titulados “Carmela” (n.º 4, 20 de marzo de 1913), “Deixounos solos” (n.º 7, 5 de maio de 1913) e “O aventureiro” (n.º 13, 5 de agosto de 1913).

A primeira historia, que se localiza no Val de Burón e que transcorre durante as festas de San Benito, narra o reencontro entre unha parella de mozos, tras os catro anos nos que o rapaz estivo emigrado en América, onde sofre un gran cambio físico e, sobre todo, ideolóxico. Son, precisamente, as novas ideas antirrelixiosas de Pepe as que provocan outra separación, esta vez sentimental, entre ambos os dous. Finalmente, tras un salto temporal de un ano, os mozos atópanse novamente na misa do San Benito e, ás portas da igrexa onde se enfadaran había doce meses, ten lugar á reconciliación.

Polo que respecta aos outros relatos de Toño da Vila, cómpre sinalar que existe unha clara continuidade entre ambos, pois, por unha banda, os personaxes do primeiro reaparecen no segundo e, pola outra, os feitos narrados en “O aventureiro” enfián co final da historia anterior, “Deixounos solos”; porén, ambos os dous textos teñen significado e entidade propia, é dicir, non é preciso ningún elemento do primeiro para comprender o segundo e viceversa, funcionan perfectamente como relatos independentes.

En “Deixounos solos” descríbese a traxedia de Farruco e Xuana, un matrimonio que é abandonado polo seu fillo cando este decide probar fortuna na emigración. Nel destaca o contraste que hai entre as dúas partes que conforman o texto –e que aparecen graficamente separadas cunha liña de puntos–, entre a felicidade e a ilusión dos pais mentres o neno é pequeno e a súa tristura cando se ven sós e pobres, despois de darlle todo o que tiñan ao rapaz e mesmo despois de empeñar as súas terras para evitar que tivese ir servir ao rei.

En “O aventureiro” nárranse as desventuras dun mozo camiño da emigración. Descríbese, en primeiro lugar, a viaxe dende a súa aldea natal até o porto no que embarca rumbo a América, facendo fincapé nas súas ilusións e na sorpresa coa que descobre todas as novidades que se lle presentan na cidade. Esta actitude positiva contrasta coa segunda parte do relato, onde se dá conta da desesperación do protagonista ao verse abandonado, famento e sen traballo, nun lugar descoñecido. Tras atopar un emprego, é enganado e agredido mortalmente por un compañeiro e, finalmente, morre só nun hospital, delirando e imaxinando que fala cos seus pais, aos que lles conta o ben que lle vai e que pronto lles ha enviar cartos.

Pódese destacar, en definitiva, a fortuna literaria dos tres relatos, que presentan unha estrutura narrativa axeitada e unha trama argumental ben desenvolvida. Sobresaen, así mesmo, as descrições que o autor fai de estados emocionais, de paisaxes, de accións etc., que son de gran calidade creativa. Polo que respecta ao seu contido, cómpre



subliñar que o tema dos tres textos é a emigración –aínda que no primeiro aparece de xeito secundario–, que o autor critica dende todos os puntos de vista: a moza que espera o regreso do seu amado, os pais que quedan sós e o propio emigrante, quen descobre no Novo Continente as súas desilusións.

## Carmela

Aínda o sol non alumaba por enriba dos montes astureanos que pechan o vale de Burón, aínda non espallaba os seus raios de ouro sobre tantos feitizos como o vale atesoura, e este, á probe luz da aurora, víase envolto en lixeirísima brétema, á maneira dun manto de pureza co que os ángeles quixeran gardar o sono dos bos buroneses, cando nun pobo pequeno e feiticeiro que hai no medio do vale e nunha casa do medio do pobo, por entre ramaxe de figueira e de loureiro unha ventá abriuse ao mesmo tempo que un merlo voaba dunha cana a outra do loureiro, casi sin desamecer a súa xiprada de todas as mañás.

Na ventá rodeaba de ramaxe, pareceu unha moza aldeana, xoven, garrida, a máis hermosa de toda a comarca: eran os seus ollos luceiriños que brillaban sombreados por longas pestanas, a súa cara, cal a da imaxen da virxen da eirexa da súa parroquia, ante a que ela rezaba tanto, era branca como o xazmín, e dun coor de rosa, semellando as froes brancas e un pouquiño coloradas que no mes de xunio vense nos hortos cal reinas do xardín do labrego.

Chamábase Carmela, era filla do tío Antón do Rego e da tía Pepa, súa muller, modelo de matrimonios aldeanos, relixioso, honrado, traballador, que non perdera nunca a misa un día de obrigación, que en medio da pobreza dalgúns anos non deixaba de dar anacos de pan e tazas de caldo aos probes que á porta chegaban, que non facía si non ben ós seus veciños e que ó riscar o día xa comenzaba as faenas naquelas terriñas que coidaran os seus avós e que mantuveron moitas xeneracións de antepasados seus...

Carmela pasou a man pola branca fronte recollendo unhos rizados de ouro que fuxían o pano con que cubría a cabeza, mirou o ceo i o velo tan azul como as froeciñas pequenas que nacían entre a herba dos sebeiros e que ela tanto estimaba, tan azul como as violetas, os ollos de Carmela brillaron máis, a cara coloreouse por fortes golpes do corazón i os seus roxos labios de cereixa entreabríronse pra ensinar unhas seixiños pequenos, lisos, branquísimos, que por dentes Dios lle dera.

Era aquel día a festa de San Benito, a máis renombrada de todo o vale, a que reunía máis xente de cantas se facían na comarca, e cun día como aquel, a xente sería moita, tanta como a da feira de Setembre, a feira máis grande da vila.

E non era a festa sola a que facía sonrir a Carmela, había, ademais, un secretiño, cuio recordo moitas, moitas veces fixéralle brincar o corazón dentro do peito a aquela pombiña.

Pouco máis de catro anos facía que unha tarde, cando o sol avermellaba o ceo ó ir fundíndose no horizonte, volvía Carmela cun feixe de herba na cabeza preto da casa, e topou con Pepe da Veiga que lle dixo que ó día seguinte marchaba para América con outros máis. Despediuse casi sin mirala e solo cun “¡adiós!”; pro a voz tremboulle, como lle trembou a Carmela ó responderlle, casi sin que se lle ouíse.

Pepe da Veiga e Carmela do Rego, aunque de pobos separados media legoa, os dous eran dunha mesma parroquia, i as dúas familias, algo parentes unha da outra,

tratábanse i estimábanse moito, porque, a mais do parentesco, as dúas eran boas como o bon pan. Os rapaces, Carmela e Pepe, contaban os mesmos anos, educáranos o mesmo, víanse moitas veces, sempre que algo de novo había na casa dalgún deles, ou ben por axudarse no traballo, ou ben por acompañarse nas festas, que pra un i outras reuníanse ambas familias; e deste modo, aqueles nobres corazóns amáronse con amor verdadeiro, aunque nada se dixeran desto cando Pepe marchou pra América.

E a alegría da ialma que Carmela tiña aquela mañá, ó mirar o ceo, ó escoitar o páxaro, ó sentir a branda caricia do vento na súa cara, era –¡miña xoíña!– porque sabía que Pepe da Veiga chegara a víspera e aquela mesma mañá habían de verse na romería...

Deusa prisa Carmela a moncer a vaca marela e a parda, vestiu despois os seus irmaos pequenos cos mellores traxes, axudou a súa nai na cocíña pelando as patacas, botándoas no pote, preparando a comida na que había máis de vinte personas, parentes e amigos que virían á festa dende lonxe, e despois de todo esto arregrouse ela, poñendo no seu corpo xentil a roupiña dos días grandes.

Cando as rapazas do pobo viñeron a buscala pra marchar á misa, xuntoouse con elas e fóronse á eirexa, e cando chegaban diante do templo, por outro camiño chegaba alí tamén Pepe da Veiga.

Este, nos catro anos cambeara moito: parecía, polo traxe, un señorito; aquela roupa forte, recia, que usaban os mozos das aldeas, trocara por outra que parecía capa de cebola; a camisa non era, xa, da liñeira, tecida por súa nai, era unha camisa de algodón, pro moi pranchada, con corbata roxa e todo, e na mao, que podía moi ben manexar un pao ben forte, levaba Pepe unha cana lixeiriña, que a quebraba o vento.

Ó velo, o corazón de Carmela petaba drento do peito fortemente.

Pepe acercouse ó corro que as rapazas formaban, e mirando a Carmela, máis roxa que unha amapola, saudounas a todas con moita cirimonia, i elas respondéronlle con desenvoltura, menos Carmela que, a probiña, por máis que se esforzaba non podía aquietar aquel brincar tolo do seu corazón que lle cortaba a fala.

E o americano era co esta coa que quería parlar, así, poñéndose ó seu lado practicou docemente e astra lle dixo canto lle tardaba volvella a ver...

Soaron as campás, a xente foise arrimando e entrando os burullós na eirexa, e Carmela marmurou estas palabras:

–Vamos a misa.

–Yo –replicou o americano– os veré despois; tengo miedo que la iglesia caiga. ¿Sabes?

Cando Carmela escoitou esto si que parou de brincar o seu corazón; a cara quedouse branca, os ollos apareceron máis grandes que nunca, e baixo as longas pestanas brilaron máis. Foi todo cousa dun instante; nada máis dixo e sin mirar a Pepe meteuse na eirexa coas súas compañeiras, escoitando con door que estas decían: “¡Como se pervirten todos na América!”.

Cando despois da misa Pepe falou a Carmela, xa esta non mostraba aquela timidez; fuxía as prácticas co el facendo conversación coas súas veciñas, e cando este volveu a decirlle que nas Américas tivera sempre pensando en volvela a ver riuse moito Carmela e respondeulle que ela casi non o conocía.

.....

.....

Pasou un ano, día por día, e volveu a ramería de San Benito, tan alegre, con tanta xente como de costume.

Acabouse a misa, e mentras as campás soaban e soaban axitadas polo sacristán pequeno, i o sacristán maior, o dos días de fume que sabía máis latinorios que un crego vello, a quen chamaban o roxo quiciá polo coor do pelo que xa cando tivera, aló enriba dunha pena soltaba foguetes sin parar, da eirexa salía, entre nubes de devotos, a imaxen de San Benito a hombros de catro mozos da parroquia, un deles... Pepe da Veiga, que no tempo trascurrido perdera xa os seus puxos de americano forte, e volvía a ser bon, tal cal fora...

Aquela tarde, á sombra dunhos follosos castiñeiros, baixinho, pra que non ouísen as outras rapazas que con Carmela estaban, Pepe volveu a falarlle a esta dos seus amores por ela, e Carmela, moi roxa, eso si, pro tamén con firmeza, contestoulle que agora volvía a reconocelo e merecía se lle quixese, que agora volvía a ser buronés...

Febreiro de 1913

### **Deixounos solos**

¡Meus vellos amigos! Xa dende que nos conocemos, ouíuse o cuco nas carballeiras máis de vinte veces, e outras tantas debulláronse as crocas dos castiñeiros...

¡Meus amigos! ¡Lembranzas de tempos que foron, tan doces entonces como triste é agora o seu recordo!

Valor, meus amigos; a tristura que vos fire a ialma e vos vai matando, sabede que é vosa honra, a honra máis grande dos pais, vivir solo pra amar ós fillos

.....

.....

Era unha tarde do mes de Abril aquela en que eu conocín por vez primeira ó tío Farruco da Ermita e a tía Xuana. Na Horta da Porta, naquela terra tan ben coidada que tiñan baixo das beiras da súa casaña, traballaban ambos: el dirixía a parexa de vacas que, tirando polo arado, iba fendendo a terra pouquiño a pouco, con aquela maxestá que tan ben cadra ó laboreo da nosa madre a terra; ela iba detrás, cun cesto nunha mao

e coa outra iba botando no rego que as vacas abrían, anacos de pataca que no cesto levaba, confiada en que a terra lle devolvería cento por un...

Esmorecía o sol tras o picos do Muradal, e os seus raios postreiros parecían encender a terra e queimar o ceo cando os ollos os vían pasar do ceo á terra aló no horizonte. Polos prados, polas leiras, sobre as casas e sobre os montes, un roxo coor esparcíase vestindo todo de púrpura: envolvíase a terra na túneca sagrada dos días solemnes.

Iban e viñan os dous labregos, pasando e repasando aquela terriña, e cada vez que as vacas daban a volta no cabo da finca, Xuana chegábase a un canto da horta, e os seus beizos sonrían dolcemente, cando os ollos miraban algo que naquel currunchu había. Farruco seguía coa vista á súa muller, e a cara sabíalle tamén a legría da ialma ó mirar o que Xuana miraba<sup>92</sup>.

Alí, baixo unhos cereixais completamente vestidos de branco de tantas froceñas como tiñan, e sobre muitas destas que caídas polo terreo semellaban branca alfombra, había un berceo e no berceo un rapaciño, coa cariña máis roxa que roxos habían de ser os frutos daqueles árbores que os cubrían, co pelo dourado como as espigas do maíz maduras, coas maos branquiñas como o leite e cunhos ollos, que si á súa mai namoraban... abufellas que non se precisaba ser súa mai pra mirase neles.

Taba, pois reunida a feliz familia de Farruco da Ermita: os pais traballando, labrando os eiros que labraran antes muitos antepasados seus, e o filliño, o fruto de bendición que Dios lles dera, preto deles, á súa vista, pra que non pudiera sufrir sin atendelo, e tamén, pra non perder un patexo das súas perniñas, nin o muchicar dos ollíños, nin as dulzuras das risiñas, nin cousa algunha de tantas cousas como o anxeliño tiña para namorar a seus pais...

Soaron nos aires as campanadas coas que naquel lugar de veciños creentes despedíase sempre o día: Farruco ceibou as vacas, reuniuse coa súa muller ó lado do berceo, e alí, ante aquel altariño dos seus amores, Farruco e Xuana inviaron ó ceo a oración da tarde, e por enriba dos picos dos árbores subiu ó alto unha pregaría polos que pasaron e polos que viñan, polos que antes labraron i os que labrarían despois a Horta da Porta; ó mesmo tempo que un sopro de vento axitou os cereixais e as frores brancas caían e caían brandamente sobre os que merecedores eran de tal homenaxe

.....  
.....  
¿Canto tempo pasou...? Prós que a fortuna favoreceu cos seus arrumacos, non sería muito, que nunca as legrías parecen largas. Prós que, cal Farruco e Xuana foron

---

<sup>92</sup> Así no orixinal, aínda que interpretamos que pode haber unha errata na forma “sabíalle” e que, se a forma correcta fose “sobíalle”, a oración “e á cara sobíalle tamén a alegría da ialma ao mirar o que Xuana miraba”, que tería máis sentido en relación co texto.

envoltos pola negra nube da desgracia... ¡ai canto tempo pasou, que estragos fixo, como parece unha eternidade de door...

Volví a ver ó tío Farruco i a tía Xuana na Horta da Porta; tamén era en Abril, tamén coas vacas araban a terra e botaban no rego a semente de patacas que daría o prencepal alimento pró ano próximo, e a miña imaxinación veu craramente o que vira no mesmo sitio anos atrás. O marco era igual; pro o cuadro... ¡cambeara tanto!

Aquel rapaciño do berceo crecera e chegara a mozo, e non había outro máis guapo no lugar nin na comarca. Cando el se presentaba no campo da romería ¡como o miraban elas; como o envidiaban eles! O rapaz seguira sendo o espello dos seus pais: non era, certamente, o tío Farruco da Ermita labrego de muitos recursos, que os bes eran pequenos e poucas as cabezas de ganado con que contaba, pro, así e todo, mozo mellor vestido que o seu fillo non o había naqueles contornos nin quen máis veces se atopara cunha peseta no bolso prós seus gastos.

Farruco e Xuana adouraban nel, e cando os anos pasaron e chegaba o tempo de entrar na sorte pra servir ó Rei, moito cavilaron aqueles pra non separarse do seu fillo; mais atoparon un solo camín: aquela “Horta da Porta”, a mellor finca de cantas tiñan e que valía polas outras todas, a que daba o pan, e daba as patacas, e daba a herba prós ganados e asta o lín con que se tecían as brancas camisas que na casa había, aquela finca sagrada, pegada á casa, na que se fincaban os cimentos desta... sería a prenda que os redimise da tristura de separarse do fillo. Era mui boa a prenda porque non tivera cobizosos; empeñaríana, pois, e logo, coa axuda do rapaz, redobrando todos o traballo, xa volverían a ela, xa tornarían a rescatala como ela agora redimía ó fillo.

Por seis mil réas, e coa reserva de recobrala drento de media docena de anos, e mentras tanto retenela no seu poder, pagando a renta por ela, pasou a finca a outras maos i o diñeiro pasou ó Estado i o fillo non foi ó servicio.

Pro ¡ai! que tamén foron en vano tantos sacrificios: o rapaz, pouco despois, deixouse arrastrar pola louca febre de marchar Amérecia; iban os máis, algús volvían feitos señoritos ¿por que non había de ir el tamén? Pechou os ollos á desgracia de seus pais; non deu cabida no pensamento á consideración de canto lles debía nin consentiu que o seu corazón latise en correspondencia ó deles, e marchou, fuxiu o ingrato a aqueles amorosos brazos que gastaran as súas forzas en acaricialo, en amparalo, en retenelo...

Era, cal digo, unha tarde do mes de Abril cando vin por segunda vez ó tío Farruco da Ermita i a tía Xuana, alí, na mesma finca que os vira a vez primeira; e tamén pola súa frente cruzou o mesmo cuadro que pola miña, de cando nos conocéramos, da súa felicidade de entonces.

O tío Farruco miroume cos seus ollos de home honrado e por eles vin a inmensa tristura da súa alma: atopábase vello, sin forzas pra seguir loitando na vida, porque as gastara todas en erguer unha obra, i esta, cando a remataba, derrumbárase sobre el, atertelándoo entre os escombros. E non se vería libre destes, non, que

aquela mesma terriña adourada, na que estaba fincando os pés, que fora dos seus avós e que dera o pan ias patacas que comeran e asta o lin con que se vistiran eles e os seus antepasados, aquela pinguiña que redimira ó fillo da sorte de soldado... ¡perdería pra sempre!...

E mirando dolcemente o tío Farruco á tía Xuana, a compañeira do seu infortunio, díxome solamente, coa expresión máis grande de amargura, mentras polas súas meixelas rugosas baixaba unha bágoa: –¡Deixounos solos!...

## O aventureiro

### I

Era unha noite de outono, fría e escura. A lúa non alumaba e solo algunhas estrelas brillaban por entre as mouras nubes que enriba, no ceo, xuntábanse i esbardallábanse facendo figuras semellantes a xigantes, a endriagos, a tantas cousas que enchían o espírito de pavura.

Sopraba un vento forte, que ó correr polas carballeiras en louca xineta facía laiar as canas dos árbores, mentras se despían das follas secas, que aló iban, ruxindo polo tarreo de volta en volta, a deterse tras dun sebeiro, a sumirse nun regato, a chantarse nas espiñeiras dunha bouza.

Soou a curuxa na espesura do souto, i o seu lóbrego cantar cruzou sobre as casiñas da aldea, repetíndose o temeroso son polos recantos do vale, en sinal de disgracia. I ó mesmo tempo, o can do tío Farruco do Rego aulou ó vento, respondéndolle os outros do lugar, facendo todos un lastimeiro concerto...

Xa o galo, deporondado no pico do puleiro da casa do tío Farruco batera as alas tres veces e cantara coa súa ronca voz. Pro ¡ai! aquilo día non despertaba do sono ós que na casa vivían, que pena é enemiga do descanso cal as tenebras da luz, e mui fonda era a pena que alí anidaba pra que o sono al vencera.

José do Rego, o mozo máis galán e tamén o máis mimado polos seus pais, o que tiña ben cubertas as necesidades da vida, o herdeiro de unhos bes de boa crase, sin pensioís, que con folgura mantiveran sempre a seus donos e índa lles deran cada ano algunhos aforros, o que non debía cobizar a impingorotados señores, si donos de máis bes que os seus, máis cheos de necesidades que de bes, marchaba pra América, fuxía a tranquila vida do lar pola vida de aventuras que en lexanas terras se lle deparase.

Naquela hora triste saía da casa, e coa súa mao pechou a porta, facendo no silencio da noite, unha ruxida, cal si sobre a caixa dun morto o sepultureiro bótase rodadas de terra. E mentras drento, Farruco e Xuana, aqueles infelices pais enterrados en vida, vertían ardentes bágoas, as nubes mouras, máis compasivas que o fillo ingrato, choraban cos vellos, ceibando gordas pingoutas que ó empuxe do vento estrelábanse no tellado da casa, rezougando a canceón do desconsolo...

## II

Horas despois Pepe, no pico dunha dilixencia con outros moitos inmigrantes, falaba e ría, camiñando prá capital da provincia, de donde pasaría ó porto de mar que máis preto taba. As novas cousas que vía, que pra el eran todas, enchíano de admiración, e na cousa máis sencilla e de menos méreto, a súa inocencia atopaba un verdadeiro prodixio.

¡E como quedou chantado en firme, máis teso que o robre da súa horta, cando na capital acertou a pasar cabo del un home que no pico dun pau levaba moitas variñas pequenas, e na punta de cada unha destas unhas rodeliñas de papel, brancas, coloradas ou marelas, que ó andar do que as levaba xiraban ó redor dando máis voltas que o rodicio do moín da súa aldea! Viu que unhos rapaciños por unha cadela pequena mercaban unha daquelas cousiñas, e moitas congoxas pasou pois el tamén mercaría outra, pro non se atrevía a pedila; astra que o home das varas, conoscendo os seus desexos, sacouno do apuro ofrecéndolla, e, momentos despois, era de ver a Pepe do Rego dando zancadas pra pillar que o tren que houbo de perder pola compra do enredo, coa súa rodeliña de papel na mao: tal figura facía que chamaba a atención de cantos o miraban, e astra un municipal, crendo que se trataba dun tolo, detúvoo na súa carreira...

Cando viu o mar, el, que nunca vira máis auga xunta que a do pequeno río da súa aldea, non podía creer que fose auga todo o que diante dos ollos tiña: parecíalle un campo moi grande, que lle fixo pensar nas moitas vacas que nel se manterían...

Embarcouse despois, ou, millor dito embarcárono, pois con tantas emocións como tivera xa se deixaba levar e traer sin darse conta do que lle pasaba, e alí, acortellado na bodega daquel barco, entre moitos centos de desgraciados, pasou algunhas semanas afogándose naquela atmosfera, comenzando a botar de menos a súa aldea, que tiña sempre aires puros pra respirar e sempre moi longo sito pra moverse.

E desta maneira chegou a Amérecas, a ise sito do que non conocía máis que o nome, e a onde iba por que outros iban, sin habelo pensado abondo.

## III

Aquela terra i aqueles homes, non eran a terra i os homes do seu país; aqueles pobos non os puidera imaxinar, aló, dende a pequena aldea onde vivira, e parecíalle demaseado grandes e demaseado feitos pra seren hermosos, e aquelas costumes, comparándoas coas sencillas costumes da xente da súa terra, parecíalle tamén demaseado libres pra seren boas

.....

.....

Pasaba o tempo i o probe Pepe iba vendo como chegaba a hora de gastar a postrera cadela que na casa lle deran, sin atopar traballo, por máis que o buscaba.



Tantos eran os inmigrantes que en todas partes respondíanlle que xa taban as prazas cubertas, e trembaba pensando que sería del tan lonxe dos seus, sin traballo pra ganar o pan. Nas aldeas da súa terriña, a pouquiña xente que nelas vivía, non deixaba, con ser tan pouca, que naide entre ela morrese de fame. Pro alí, entre aquelas multitudes, calquera se atopaba máis solo que naquela terriña probe, e entre tanto esplendor, podía morrer sen socorro...

Despois de moitas amarguras, nas que o recordo do seu lar, cheo de doce paz, non sei se era bálsamo que calmaba o doer, ou cuitelo que afondaba a ferida, cal ben perdido, atopou Pepe unha colocación, de moito traballo e pouco sueldo, pro que colleu dende logo porque o estómago apremeaba.

Os donos da endustria que colleron a Pepe ó seu servizo, acostumaban a probar a fidelidade dos seus empregados: pra probar a de Pepe puxéronlle unha cantidade de diñeiro nun sitio onde el debía atopala, e como non podía dudar de que era dos seus principais, demostraría, si con ela se quedaba, que non respetaba o axeno.

Pro ocorreu que outro emprego da casa, que sabendo por adiantado a costume dos donos non caera nela, quixo aproveitarse daquel diñeiro e deuse boa maña pra collelo sin que olviran.

O probe Pepe foi denunciado, prendérono, i o engaño dos seus donos e a declaración do culpable, foron abondo para que pasara moito tempo na cárcel...

Acababa de salir cando se atopou con aquel emprego da casa que coa súa declaración falsa fora causa da súa prisión; Pepe sabía isto e aínda sin coñecer toda a infamia daquel home, sin saber que el fora o ladrón do diñeiro, sabendo que el fora da súa honra, cheo de coraxe desafiouno; quixo o *mandinga* escurrirse, pro a mañeira de Pepe trincoulle un brazo como con argola de ferro, e comprendendo aquel que non podía fuxir, ofreceu segui-lo.

Camiñaron xuntos prás aforas do pobo, e mentras Pepe, coa alma chea de nobre fereza, iba pensando en vengar a súa honra, o outro aproveitando o mellor sitio i o mellor momento que lle pareceu pra non ser visto, chantou rapidamente unha navalla no costado de Pepe quen, tambaleándose caeu polo tarreo deixando escapar pola ferida a sangue a chorro...

Sin coñecemento, desangrándose cuase, escapádoselle a vida, levárono nunhas andas pró Hospital. A febre agarrotou aquel corpo, consumíndoo, e nos momentos de delirio oíase aquel desgraciado falar da súa aldea. Un día falaba con seus pais, decíalles que iba xuntar cartos, moitos cartos, moitos cartos, e con eles erguer os picos dos montes que gardaban a aldea, pechar con portas os camiños, pra que naide puidera salir dela, e a felicidade que alí taba presa non fuxise...

Fonsagrada, Julio, 1913

## TORIBIO NULEMA

Pseudónimo non identificado co que se asina en *O Tío Pepe* unha única colaboración, un diálogo presentado co título de “Dende tras da Serra” e que leva por subtítulo “Os feitos dun mestre ben axitado” (n.º 7, 5 de maio de 1913). Para a identificación deste autor unicamente se conta coa referencia topográfica que lle dá título ao artigo e que, se supón, se refire á zona da Serra do Freixo, na parroquia fonsagrada de San Xulián de Freixo. A partir de aquí, e polo momento, as investigacións para coñecermos un pouco máis sobre a figura deste autor teñen resultado infrutuosas.

O primeiro aspecto a salientar é o relativo ao xeito de aparecer este texto no *Tío Pepe*, pois a propia redacción da publicación insire dous fragmentos, a modo de introdución e de coda, nos que dá conta do contexto periférico no que se produce a colaboración.

Outro punto destacábel é a adscrición do texto ao xénero sociopolítico construído sobre un único tema como denuncia: a opinión de ambos os dous personaxes arredor da educación nas súas parroquias e, en concreto, sobre a presunta inocencia e a posíbel continuidade no seu posto dun mestre acusado pola comunidade de “andar ás enchedelas i ás larpeiradas”. O tema central, en coherencia co tratado por outros autores colaboradores tamén do *Tío Pepe*, é a defensa da instrución como unha responsabilidade vocacional dedicada á formación da sociedade. En relación con este tema trátanse no texto algunhas posíbeis perspectivas: o papel dos mestres na sociedade como transmisores e como reflexo de valores e de actitudes coherentes coa súa función, a responsabilidade das autoridades en conseguir que ocupen as posicións de mestres aquelas persoas que cumpran coa coherencia ética esixida con respecto as cargas do posto, a insuficiente forza da sociedade para mudar o estado de cousas negativo onde non se cumpren esas esixencias éticas ou, no caso concreto que se trata, o efectivo comportamento do mestre ao que alude o relato.

A estrutura dialogada a través da perspectiva de dous narradores testemuña, supostos veciños do lugar e coñecedores do caso, permítelles construír a súa posición (e a do texto e da redacción que decide e xustifica o inserilo) a través do seu mutuo acordo tanto sobre a diagnose negativa como das propostas de solución das que se dispoñen para poñerlle remedio. O consenso de ambos os personaxes contra a actitude do mestre e das autoridades persegue a construción estrutural dun debate dialéctico de visións que representan os narradores, construídas sobre unha hipotética opinión colectiva que os adopta como lexítimos representantes do conxunto social da comunidade e aquela outra que representan a comandada polo mestre e as autoridades, construída sobre as negativas actitudes do mestre construídas polas autoridades.

En canto á linguaxe, e como análise e toma de posición sociopolítica que este texto é, pódese dicir que muda dependendo da intención comunicativa dos narradores.

Así, mentres a presentación e a conclusión se caracterizan por estruturas sintácticas simples e dunha lectura máis dinámica, a parte descritiva e de toma de posición conteñen estruturas sintácticas máis complexas, centradas na subordinación de situacións e ideas. Os verbos e os adxectivos son as clases de palabras máis presentes, de acordo coas intencións comunicativas do texto de interpretar a realidade, construír unha análise operativa e comunicala de forma eficaz.

## Dende tras da serra

Toribio Nulema, un bon amigo do Tío Pepe, comunicáanos a conversa que tiveron entre il i o Tío Diego, que foi dista maneira:

### “Os feitos dun Mestre ben axitado”

–Bos días Tío Diego.

–Santos e bos Toribio.

–E vosté pra onde vai Tío Diego.

–Vouche prá vila da Fonsagrada, Toribio.

–E que choio leva, ¿non mo di?

–Si hom, vouche ve-lo TIO PEPE, que din que é un bon home, ben axitado e moi entendido, que sabe moito e que ten coñecemento do que pasa no Concello, e máis entre os labregos i entre os que non o son, porque hai moito tempo que vive entre eles e ben os coñece pola cara.

–¿E que lle vai preguntar Ó TÍO PEPE.

–Voulle preguntar e de camiño saber como anda a costión do noso mestre pois din que sale ben da denuncia que deron dil pro que non facía escola hai moito tempo e porque era un lampantín de sete bólas (se as tivera) que en tantos anos como estivo nestas tres parroquias, que por reparto do demo non teñen máis que unha sola escola, non fixo outra cousa que máis que andar ás enchedelas i ás larpeiradas cos demais coxos e coxas da súa calaña, dempois de enchelo ben tódolos días e todo o tempo os pais dos nenos, que quedaron en aunas das letras e do demais que debían sabere, deixándoos feitos unhos rociños.

–¡Pro que me di Tío Diego! ¿Será verdá que sai ben da denuncia sendo tan xusta e verdadeira que non pode ser máis, e tan ben probada?

–Ansí mo dixeron Toribio. Eu non sei o que teña de verdá, mais din que os taberneiros e taberneira tamén botan as súas forzas pra que volva prá escola, pra cobrarlle os moitos cadelos que lles debe das súas larpeiradas, e de camiño venderlle máis, pois diso viven, como a sarna do pelexo.

Lévechos Xuda dos pelos pra arriba se eso fan, pois non terían vergonza nin medo á chamusca do inferno. Si, meu Toribio, busca tu vergonza nin temore á chamusca do inferno nos taberneiros que beben o viño e venden a auga: haiche moito tempo que perderon esas dúas cousas –a vergonza i o temore– e fixéronchellas perder a moitos ¡cando che toman ise oficio do demo, bótanche a vergonza i o temor da chamusca tras da porta pra non vela astra que o demo llela volve a insinar na morte pra que vexan o mal que fixeron sendo o acabamento de moitos homes e mulleres e mais de moitas casas.

–Escoite Tío Diego; anque os taberneiros e taberneiras fagan o que podan pra volve-lo Mestre a ista escola, que solo ten o nome, pra que día máis cadelos e lles

pague os que lles debe, a Xunta local do Distrito que se compón de bos homes, non debe permitilo, sei que ten concencia e fai xusticia, porque non debe amolar diste xeito a tres parroquias do seu distrito que teñan sin ningunha escola, pra que un larpeiro dun Mestre xogue ás muletas polas tabernas deixando a escola ás moscas, dando mal exempro ós nenos i ós grandes coas súas borracheiras, comendo a paga da escola i o material sin comprar unha pruma, e mais a paga da escola nouturna sin facela (xa a fixera de día). Isto non vai a consentilo a Xunta pola súa dinidá que non dudo que a ten; e se o fixese pode ter entendido que istes labregos non calan i han de acudir onde haxa lugar expoñendo o dereito que teñen que ben poden probalo como probaron a denuncia.

–Non sei que che diga, meu Toribio, de menos nos fixo Dios i estamos feitos: xa che vin máis gatos sin rabo e mallábanche. Tu non ves o coidado que teñen de saber cómo andan as escolas do Concello? ¡Cantos Mestres, en canto habían facer escola labran patacas e coidan do seu ganadiño!

–Non teña medo Tío Diego que nos volvan a meter o coxo na casa, que aínda hai algunha muller co había cubrir de muchicas como xa o cubriron de pedras outras veces, e ben que o merecía pola súa lingoa larga e velenosa.

–Vólvase pra casa Tío Diego e non vaia á vila, que a primeira vez que teña xeito de ve-lo TÍO PEPE xa lle contarei todo a iste señor que escribe moito e ben, i ha de escribilo aunque seña co ferro da súa aguillada, pra dalo ó púbrico no seo préodeco, e teño esperanza de que non me falta porque é meo amigo fai moito tempo, i ademais, que llo hei de pedir pola súa ialma que mo faga como me fixo outras cousas.

–TÍO PEPE: por elas é polo que agora lle pido pubriquen doulle moitas graceas e apertas do meo curazón que se poden daren niste mundo tan revolto.

TORIBIO NULEMA

Tras da Serra, abril 20, 1913

Quedas compracido amigo Toribio: pro acórdate que istes tempos anda o demo coxo remexendo nas escolas, por máis que os pais de familia azúfrano que rabea; tan ben como o Tío Diego o Mestre de Tras da Serra.

## XAN LANAS

Pseudónimo non identificado co que se asinaron no xornal *O Tío Pepe* catro relatos: “Costumes buronesas” (n.º 1, 31 de xaneiro de 1913), “Anarquía” (n.º 4, 20 de marzo de 1913), “Xan Lanas Predicador” (n.º 5, 5 de abril de 1913) e “Heroísmo” (n.º 16, 20 de setembro de 1913) mais unha serie de contos breves e anecdóticos que viron a luz, en sucesivos números, baixo o título “Lendeas” (n.ºs 6, 9, 10 e 11 de abril a xullo de 1913). É autor, así mesmo, dun conxunto de artigos que, malia adoptaren maneiras narrativas, non poden ser considerados como relatos: “Un recordo”, “Merendola”, “Impresións” etc.

Os textos narrativos caracterízanse, en xeral, polo seu ton moralizante. Estruturalmente articúlanse mediante a presenza dunha voz narradora, identificada co propio autor e, dende o punto de vista estilístico, válese da frase breve e da abundancia de exemplos, o que concorda coa intencionalidade aleccionadora.

En “Costumes buronesas” describe como adoitan transcorrer as romarías en Burón e incide nas picardías dos mozos neste tipo de celebracións para procurar a soidade propiciadora. Deseguido, recoméndalles aos pais que miren máis polas súas fillas para, deste xeito, evitar desgustos futuros e deshonras familiares. “Anarquía” é unha reflexión sobre este concepto ou estado que, segundo sinala o autor, xorde en situacións de inxustiza: xente que morre de fame, odio entre ricos e pobres, abusos de xefes a traballadores etc. Asegura, así mesmo, que evitando todo isto, se evitaría “o odio que almacenado nos corazóns dos pobres leva á anarquía”. No terceiro relato, titulado “Xan Lanas Predicador”, parte duns versos en latín para reflexionar sobre a necesidade de respectar a Deus e á igrexa, dunha banda, e de que os pais respecten os fillos e viceversa, da outra; explica, ademais, que se debe actuar en consecuencia coas ideoloxías e que non abonda con acudir á igrexa e inculcarlles aos fillos a relixión se despois non se lles dá exemplo cos propios actos. Finalmente, en “Heroísmo”, que presenta moitas semellanzas co relato “Anarquías”, Xan Lanas delibera sobre esta concepto que cualifica de subxectivo e, ás veces, inxusto e describe tres situacións nas que considera que se demostra isto.

## Costumes buronesas

Confeso que a xente aquí en xeneral é nobre, de boas costumes e honrada; mais ten os seus luares nestas costumes como os ten todas as comarcas de Galicia; digo mal ó decir de Galicia: de toda España.

Aquí os lugares están moi espaxados e moi separados; hai grandes distancias entre eles; pero a xente está acostumada a andar esas distancias como se nada fora. Así é que cando hai unha romería nun deses pobos, caen nel os dos outros cercanos como caen as moscas sobre o mel.

Despois de sacar a barriga de probe, levando unha enchente de mil demoños, vén o baile ó son da clásica gaita, donde cada mozo, luce as súas habilidades, poñendo toda a súa alma en dar moitas voltas no menos tempo posible, e volvendo tola á parexa con tantas reviravoltas como dan.

Termina a tocata, dá un paseo cada rapaz coa súa rapaza, volven á casa que os convidou e toman outro vasado. Cando a gaita empeza o preludio doutra bailada, marchan todos correndo a gozar das delicias do baile, sin que os vixile naide, nin naide lles poña impedimento ás súas expansións. Os pais das nenas quedan como Patriarcas na casa do amigo que os convidou sen ocuparse pra nada donde está a filla nin con quen está.

Ó anoitecer, casi sempre, marcha cada un pra súa casa, sin que os pais se preocupen pra nada das súas fillas.

Si lles faltara un galo ou unha cabra ou un cocho, así Dios me leve que habían de andar solos polo medo a que llos comera o raposo; pero a filla non se perde nin lle pasa nada.

Aconsello ós pais que teñan algo máis celo nestas cousas, e que nestas romerías non perdan de vistas ás fillas, pois destas lendias que parecen unha *bromita*, como dice certo amigo de meu, pode vir a deshonra pra unha familia, e asta teño oído que delas resultan moitas amas de cría.

Non sea que cando veña por aquí un forasteiro vaia dicindo que as nenas de Burón son lixeiras dos cascós e que andan solas a todas as horas da noite, como si non tuveran nin pai nin nai que as vixiliase. ¡Recórdele! Eso non é xeito; hai que ter dinidá.

## Anarquía

¡Palabra terrible! Significa falta de goberno, de orden e de todo o que poida contribuír á marcha normal da vida das nacións. Cheira pólvora por todas partes; síntese estoupar a dinamita; por todos os lados se sinten lamentos dos que están baixo a pesada carga dun superior que o trata sen consideración, e que lle fai mil desprecios por día.

Un probe que ve os despilfarros dos ricos; que ve como tiran ó escusado o que el recibiría como cousa bendita caída do Ceo pra matar a fame dos seus filliños; que os ve descalzos, mentras que os amos compran prós seus, botas de charol, abrigos peludos pra que non teñan frío; que ve que tratan con máis cariño ós cais e ós cabalos que a eles, ¿non é natural que no seu interior maldizan da súa sorte, e que no seu corazón xermine a semente do odio contra tales Señores?

Eu coñecín en Pontevedra un Señor que tiña un palacio moi grande. Ás mañás tocaba un corno e viñan correndo como demos un rabaño de cais, (tiña moitos, pois era moi aficionado á caza). Dáballes mantecadas a troche e moche.

Ó redor da súa casa había moitas casiñas pequenas, nas cuais vivían caseiros del mortos de fame. Había neniños ¡pobriños! que pedían a gritos baños de mar, aceite de bacalao, pan. O Señor aquel (como aquel hai moitos) importáballe máis un can que todos aqueles neniños mortos de fame, cheos de lamparois e de miseria. ¿Non se concibe así que un pai desesperado tire bombas e procure vengarse dos seus opresores?

Con esto non quero defender os anarquistas: quero dar ou aconsellar, eso si, un remedio que evitará seguramente ese malquerer, que pouco a pouco, se vai enxendrando no corazón dos probes contra os ricos. ¡Caridade, moita caridade! Procurar que os fillos dos probes brinquen cos dos ricos como de igual a igual: que os amos non sean tiranos cos seus servidores, sinón verdadeiros compañeiros; que non haixa motivo pra que os fillos dos probes odien ós dos ricos.

Eu aposto que desta maneira non pode haber anarquía, nin bombas, nin raios que as partan. —¿A que demo conduciría? A anarquía é tan solo o chispazo do odio almacenado nos corazois dos oprimidos contra os que están machacando neles.

Que os ricos lle fagan caricias ós probes: que o Señor non escatime ó seu emprego catro ou cinco perrois que poden ser a felicidade e a morte da fame de moitos neniños. Que o rico sea un proteutor, e non un verdugo de quen está baixo del.

Desta maneira, non hai bombas, nin anarquía, nin cousa parecida.

*Las leises* (y agora falo castillano) se non van sobre estos cementos son inútiles. ¿Que vale que condenen a morte, por unha nova lei, ó que tire bombas, si queda a causa por que tiran as bombas?

Quitada a causa desaparecen os efectos. Que os ricos sean bons.



## Xan Lanas Predicador

*Ita corpus sine ánima mortuum  
est, ita fides sine opéribus mortua est.*

Dixen esta sentencia, non sei de que Santo, e pensei que xa era un sabeo; pero vén o tío Xoco e díxome: ¡léveme Xudas se entendín nada deso!

Case, case tes razón, pois non tes obrigación de saber latín; pro vouche a espicar o que quere decir en galego: “así como o corpo sen a alma queda morto, tamén a fe sen as obras queda morta”.

Pois, chacho, non sabía antes o que quería decir ese latinorio; pro agora tampouco che entendo o que queres decir en galego, dixo o Tío Xoco. Direicho eu, Tío Xoco, pra que o entendas.

Eiquí pensamos que con decir: creo en Dios Padre, creo en Dios Hijo etc. xa estamos subindo as escaleiras do Ceo sen encontrar ningún tropezo. O Tío Xoco díxome: Debe ser así porque a Doutrina di que o crea en Dios sálvase.

Tío Xoco, díxonlle eu ¿non di máis nada a Doutrina? ¿Non di que temos que cumprir os Mandamentos da Lei de Dios e os da Santa Madre Iglesia?

Todo o queremos arreglar con ir á Misa, con confesarnos, con rezar o rosario (cousas moi boas). Isto é a fe; pro ten que estar os nosos feitos en relación con esta fe; sen obras, a fe é fe morta e non vale pra nada: Dígoche esto por que a maior parte dos pais de familia pensan que as súas contas con Dios están arregladas con ensinar ós seus fillos a Doutrina; con obrígalos a ir á misa e rezar o Rosario.

Todo esto é moito bon; mais non é o bastante: ten obrigación os pais de vixilar as compañías que siguen, con que crase de xente andan. Ten obrigación de privarlles de que se queiran facer homes antes de tempo. (Nesta Vila hai moitos nenos que merecían vinte azoutes por día e metelos na cama sen cena, pois déixanos saír da casa sin saber pra donde van, nin con quen están). Estes rapaces son carne de prisidio, xente de calquera maneira; os pais son responsabres diante de Dios por máis que recen e recen das falcatruadas que fan os seus fillos por falta de vixilancia. Si con rezar se ganara o Ceo sin ocuparse de máis nada, sería a cousa máis fácele; pro, como dixen antes, ten que estar en relación a fe coas obras. Sin eso, ha de haber cada tizoada que ha de ser un gusto. Xa podeades levar gaseosas cando morrades que boa falta vos farán, por máis que rezáredes a metade do tempo que estuveste neste mundo. Ademais non vaiades alí con recomendación de Ministros, nin de Deputados. ¡Maldito si lle fan caso! Boa xente forma aquel Tribunal pra irlle con lendias e demais!

Todo esto foi predicar ós pais; agora vamos a sentarlle as costuras ós fillos.

Hoxe en día cando un rapazolo chega ós doce ou catorce anos, súbeselle ás barbas a seu pai, non lle fai caso ningún; fai o que lle dá a gana sen ter en conta que o

pai se desguste, nin que a mai chore. Sabede, rapazolos, que os pais son representantes de Dios neste mundo: o que falta ós pais falta a Dios, e o que falta a Dios, non preciso decirvos o que os espera nese mundo, que ten a entrada na sepultura e a saída na eternidade.

Xa estou dando a lata. Termino dicíndovos que si rezades toda a vida, non ides ó Ceo, si non están as vosas acciós en relación ca vosca fe.

Non vos queixedes despois; se vos dan unhas tizoadas nas canelas, ben merecidas as tedes.

¿Ou pensades que con decir Señor mío Jesucristo etc. xa se ganou o Ceo, aunque ó día seguinte fagades mil falcatrúas? A bon sitio ides con lendias e demais.

### **Heroísmo**

Esta palabra non sei se se debe decire así en galego; eu non sei decila doutra maneira. De calquera modo, vou falar catro palabras respeito desto.

Heroísmo é un auto grande: un auto que se aparte do vulgare, do corrente, pra ir ó fin que se propón, que ten que ser bon fin, pois do contrario, deixaría de ser heroe o que levaba a cabo o feito, e sería un tolo ou un creminal. (Definición do heroísmo feita por Pero Grullo).

Pro agora vou a entrar no fondo da cuesteón: ¿como se premean eses feitos? ¿Hai a igudade en premiare o heroísmo, ese algo extraordinario que levanta o que o leva a cabo sobre os seus semellantes como un carballo se levanta sobre un pequeno xunco? ¿Será posibre que se poida pesare nunha romana o valore dun feito como se pesa unha libra de calquer cousa?...

Vou a decire algo respeito desto.

Recordo que na outra guerra do Rif, houbo unha escaramuza, como outras moitas; os rifeños que son piores que o demo, rodearon catro ou cinco soldados e un oficial. Mataron os soldados todos menos un. O oficeal tiña as dúas pernas atravesadas dun balazo. O probe soldado que quedara vivo, cubriu co seu corpo o do oficeal que estaba ferido, e díxolle: “Meu teniente, mentras eu teña unha gota de sangue non perece”. De rodillas cunha perna dun lado do teniente e outra do outro estivo facendo disparos astra que chegou un pelotón en auxilio deles. Matara a catro ou cinco rifeños, a pesar de que el estaba tamén ferido gravemente. Chegou a pouco unha ambulancea de sanidade e sacáronos de alí como puideron.

Logo vén a proposta de recompensas. Ó teniente déronlle a cruz laureada de San Fernando; ó probe soldado, unha de trinta reás ó mes. ¿Quen foi máis heroe? ¿Quen digno de maor recompensa? Así anda a xusticia, e así se bota por todas as partes a semente do odio e da desesperación. Aquel soldado ¿non expuxo a súa vida por salvar a daquel outro home, podendo escapare tal vez por aqueles bosques sen

que naide soupese nada? ¡Quen sabe se aquel probe soldado estaría pensando naquel momento na súa naiciña, nos seus filliños ou na súa rapaza! A pesar deso, non vacilou en expoñer a súa vida, ardendo en entuseasmo por cumprir moito máis que co seu deber. ¡Trinta réas ó mes como premeo! Se fora de Carballido e tuvera que vir á Fonsagrada a cobralos, non lle chegaban pra alquiler dun cabalexo e tomare un neto e unha libra de pan na vila. ¡Así se premea o heroísmo!

Outro caso vou a contare que tamén vén ó caso pra demostrare como se premia o heroísmo.

Dirixía unha batalla un xefe, e tiña ó seu corneta de órdenes ó lado. O xefe estaba cos seus catalexos mirando como marchaba todo aquilo. Vendo a cousa mal parada, mandoulle tocar retirada ó corneta. Este que era listo como a pólvora, dixo prós seus calzois: “Se mandara tocara un ataque a baioneta, batalla ganada”. Dito e feito: toca ataque a baioneta e en 15 minutos, batalla ganada. Fórmanlle consello de guerra ó rapaz, e foi condenado a morte. O xefe, un ascenso por aquela victoria. Fixeron moito por salvalo e conseguírono; pro por pouco lle costa o pelexo, (ó corneta).

Así é como anda distribuída a xusticia neste mundo.

Esto falando do melitar; nas outras crases, o mesmo exautamente.

Eu tamén fun empregado de Hacienda; nada menos que aspirante de primeira crase.

Pois ben; naquelas ofecinas había aspirantes de segunda desde había vinte anos. Eran competentes e como non tiñan padriños, non ascendían, pro tiñan o heroísmo de estar un ano enteiro traballando por catro mil réas que mal chegan pra comer patacas. ¿Quen sabe se aqueles desgraciados terían que sufrir o bochorno de ver saltar por cima deles a outros que non sabían nada daquelas andrómenas de ofecina, como eu, por exemplo, pra soste os seus pais emposibritados e ós fillos e á muller que Dios lle quixo dar? Tanta honradez e tanto heroísmo pago case sempre o Estado cunha cesantía, que é a fame dunha familia. Pro prós grandes, honras e cesantías de *pistón*. Ós pequenos que os parta un... non quero xurar.

## Lendeas

Quixera decir hoxe catro palabras; mais non estou de quero. Ademais non sei se O TÍO PEPE estará de humor pra facer sempre caso ás miñas lérias. Pro como é dos vellos rufos que lle gusta ouvir de todo, vou decir catro palabras que, por máis que sabidas, se esquencen con moita frecuencia.

Moitos homes baralleiros, sen concencia e sen dignidade, non gozan máis que falando mal das mulleres e botándolles na cara que cometeron faltas que non ten remedio e que non poden lavar nin con toda a augua do Xordán.

Din tamén, eses Tenorios de pacotilla, que se bulran de todas as rapazas cando lles dá a gana, e que non hai ningunha honrada, a non ser que non teña ocasión de non selo.

A eses perillais voules cantar catro palabras respecto destas valentías de cartón. ¿Quen ten a culpa de que algunhas mulleres sean malas ou teñan ruís costumes? Escudriñade ben, e a culpa ten que vir a recaír nos homes, que abusando da superioridade que lles deu Dios, pona ó servizo do Demo pra enganar ás rapazas e despois, pra maor vergonza deles, van contando a súa valentía de que fixeron e aconteceron con fulana e con zutana.

Se se tratase ás rapazas co respecto debido; se se considerasen como frores que ó primeiro contauto quedan mustias pra sempre sin que poidan revivir e ter o cheirume que tiñan antes, estou seguro de que os que nonalcontran agora palabras bastante fortes pra recriminar ás súas vítimas, serían os primeiros (se lles quedaba un adarme de dignidade e de relixión) en decir con toda a súa alma o “*Confiteor Deo*”, e o “*Señor mío Jesucristo*”.

Todo esto vai pra contestar, ou reprender a certos rapazolos que queren ser homes antes de tempo e deshonoran sen compasión ás nenas que ten a lixeireza de dar un sempre paseo na súa compañía, decindo montes e moreas.

-:-

Vou agora a darlle catro xostradas, sintindo moito, a un estudante de Veterinaria de Santiago, que publica un artigo na *Gaceta de Galicia* da mesma cidade. ¡Coidado que ten chiste o estudante! Larga un latinorio no artigo que publicou con fecha 13 deste mes no pereódecico endicado, que vale calquera cousa.

O tal estudante larga este latinorio “*¿Cuodque tándere Catiline abutère paciencia nostra?*”.

Lévetexudas a ti e a quen te aprobou no latín; cada palabra é unha burrada, ou pouco lle falta. O *cuodque* non é latín, *Catiline* tampouco, *abutère*, con ese pucho que lle puxeche á e, tampouco. A última a de *paciencia* quedou sen pucho que chaman acento circunflexo pra indicar que está en ablativo ¿Paréceche pouco todo isto pra darche un suspenso en latín e ademais dous cachetes?

Pra colmo de chiste, cárgalle o Sambenito a Julio César. O escritor debe ser parente do que matou a Julio César, e non conforme con que o matasen, carga sobre a súa memoria todo eso, que pesa máis que unha lousa de promo.

Deixo sen hisopada outra porción de cousas do tal artigo, tal como aquilo de “*marcha fraternal*” ¡Condinado de/o<sup>93</sup> estudante! ¡Astra descurre novos pasos de andadura! Deben mandalo pensionado ó extranxeiro pra que se estruia nestas cousas.

<sup>93</sup> No orixinal *d'estudiante*, polo que non sabemos se o autor tiña intención de empregar o artigo ou non.

Ó simpático Sr. Fernández Tafall, debo aconsellarlle que teña algo máis coidado pra que non se colen gazapos como esi na Redauceón do seu pródico.

Ten coidado non volver a andar con latinorios de tal crase; se lles estás botando unha ferradura a un burro e che oi falar así, méteche un couce, que te deixa quedar sen nefres.

-:-

Santos, fabricante de gaseosas, e Xan Lanas son dúas notabridades, que teñen ben merecida a cruz de Beneficencia. Santos dá leuciós de *aviación*, solo que fai os experimentos desde un segundo piso e voa pra baixo sen mancar. O experimento consiste en traballar de carpinteiro, facer unha vidreira, colocala no seu sitio desde dentro, e logo meter a cabeza por un dos furados que está sen vidros caíndo co tal chisme metido no pescozo sen mancar case nada.

Xan Lanas fixo outro descubrimento, case tan grande como o do outro. O deste é de natación; consiste en nadar pra riba, según o outro voa pra baixo. Fixo un experimento que consistiu en tirarse de cabeza a un pozo, sen saber nadar, e vestido de zamarra e todo, saíu con toda facilidade do pozo.

Pra facer este *sport* ten que ser a zamarra color de lobo vello, que é a que usa Xan Lanas. Moitos pensan que a trai por non ter outra. De todo haberá; pro o principal é que ten vertude especial o color e o estar usada.

Por un pequeno capital pódense estrar nesos dous novos sistemas de divertirse.

## Lendeas

Fai poucos días lin nun pereódeco un telegrama que viña de Burgos, dicindo que había naufragado o barco máis grande que había no mundo. ¡Condenados de perodistas! Ten tanta influencia, que fan un porto de mar no centro de Castilla ¡Por que raios non han de estudar Geografía?

-:-

A Tía Teresa da Fonte sabe máis Hestoria Sagrada que todos os sabeos do mundo. Fixo un descubrimento que vale a pena de ser contado, referente á marcha a Egipto co seu nenño Nostra Señora, cando publicou un decreto (<sup>94</sup>non recordo se foi Herodes mandando descabezar todos cantos nenños de certa idade, existisen nos seus dominios. Esto xa se sabe de moi antigo; o que non se sabía era que cado iba de viaxe, salíronlle catro demiños poquenos facéndolle cóxegas cos rabos ó burro que montaba. San José anduvo a estacazos con eles, pro non lle acertaba a ningún. Nostra Señora,

---

<sup>94</sup> Mantense esta paréntese por que así aparece no texto, aínda que non ten elemento final ou de peche.

xa incomodada, sin apearce do burro, díxolle toda incomodada: “Se me baixo, así Dios me leve levades catro xostradas que non se vos han de olvidar”.

Esto foi contado na casa de meu sogro por ela; creo que non debe olvidarse pra que os historiadores sagrados poidan aumentar esta noticia á historia daquel viaxe a Egipto.

-:-

Entre outras cousas que trai a Gramáteca francesa que está de texto no Estetuto de Lugo lin un trozo de traducción que dice: “El aceite es el zumo de la oliva”. Según eso, con meter en prensa un tarugo de pau de oliveira e prensalo ben sai aceite. ¡Cantos descubrimentos se fan nestos tempos! A aceituna non vale nada! ¿Por que raios non había de decir o libro que o aceite sale da aceituna?

-:-

Aquí nesta vila adiantamos en cencias moito. Hai moitos estabrecementos de *hidro-terapia* (que demo de térmeno). A pesar daquelo de “Fonsagrada fontes sen agua etc.” hai moitas casas dedicadas a dar duchas sen costar case nada. Danse con augua fría, con augua quente e con outras cousas que non quero decir por que cheiran. Os enfermos que precisen deste tratamento terapéutico ten aquí un grande sitio pra tomalas case de *balde*.

O distinguido Médico forense Sr. Pardo Baliña utilizou as calentes con grandes resultados. O que queira facer probas grates con estas cousas, que vaia ás mañás ó Correo, pois no pico da Vila, casi todas as casas se dedican a estes experimentos. Hai duchas que ten mal cheirume, e pra recibilas, aconsello que leven algodón nas narices. ¿Non podían as autoridades exigir a eses industriais que pagasen a patente correspondente que agora deron en chamar multa noutros sitios e que aquí non se conoce? Sería un bon ingreso para a caixa dos fondos municipais.

-:-

¡Nosa Señora! ¿Andaría por aquí o Capitán Sánchez? Digo esto porque aquí parece que anduvo o demo cos Maestros de/a<sup>95</sup> escola. De corenta e pico que hai neste Auntamento, desaparecen a metade (non quero mentir).

¿Non sería conveniente que as autoridades tomasen cartas neste asunto? Nada se sabe deles e puderon ser vítemas dalgún crimen; os pais de famelea temos dereito a ter Maestros, desde o momento que contribuímos a pagarlle os seus xornales coas nosas cadelas.

---

<sup>95</sup> No orixinal *d'escola*, polo que non sabemos se o autor tiña intención de empregar o artigo ou non.

Pra outro número d'O TÍO PEPE publicarei a lista dos que faltan pra que veña aquí o Señor Méndez de Alanis e se enteire de se foron ouxeto dun atentado.

-:-

A nosa Academia Gallega vale un Potosí. Empeza por publicar o seu Boletín en Castellano. Aquelo de limpia, fixa, etc, que o parta... non sei que. (<sup>96</sup>Falo así pra que non digan que xuro como dixo alguén desta vila.

¿Por que non publican un Dicionario galego? Estando composta esa Corporación de tantos sabeos ¿por que non nos piden aquí térmenos que aposto non saben? Se acertan o que chaman aquí “Vidallas”, “sub-fraxes”, “butelo”, “Cantelo”, “Remollo”, “Redrollo”, e outra porción de térmenos que hai nesta rexión, págolle unha suscripción a O TÍO PEPE por un ano.

Esto chámase saber; o demais son *lendeas*.

### Lendeas

En Castro hai un meiciñeiro de reses que vale un potosí: deberan nombralo socio de todas as academias centíficas do mundo. Ten un ollo branco e outro verdozo; pro, en vista prá cencia, nadie lle gana.

Fai pouco tempo chamárono pra que consultase un xato que estaba enfermo; cando chegou, xuntouse medio lugar, e ó momento empezou a súa faena. ¡Todos caladiños, dixo! Logo colleu o xato por unha pata e púxose a escoitar e dixo con tono de sentencia: Xa sei o que ten o xato: se non me chaman morría: pra que non morra hai que cazar tres ou cinco merlos, ¡coidado que sean nones! Hai que fretilos en aceite a mezcralle queixo de Cabrales, este debe de habelo nalgunha casa da Fonsagrada, caso de non encontralo, sirve do Cebreiro. Despois dáelle un de cada vez e que pase de un a outro tres horas. Este xato, dixo, traballou moito a dereita e dándolle esta medicina, está curado. ¡Probes paisanos que se fían destas andrómenas! Perden as reses e dúas libras de toucín que lles come. Entre dous *socios* de Castro son capaces de liquidar a Luna de Valencia.

Advírtolles que se non se suscriben a O TÍO PEPE todos cantos números se pubriquen, han de traer algo que lles escoza, a non ser que o señor Director non o crea conveniente. Y para que *cueste, lo firmo*.

-:-

---

<sup>96</sup> Mantemos esta paréntese por que así aparece no texto, aínda que non ten elemento final ou de peche.

Fai poucos días lin unha carta dun melitar que entre outras cousas decía: “Saberá, madre mía, que se casó la hija del Señor Sargiento. Todos los soldados le dedicamos unos biersos. El mío fué éste:

Si me quisieras a mi,  
como yo te quiero a ti,  
te daría chiculture,  
todos los días de Cristo.

Dispués le desparé este otro, que gustó mucho a los Señores Maores:

A tu puerta mi vida,  
estaba yo,  
con el ruido das zocas,  
non me sentiches”<sup>97</sup>

Decía tamén a misma carta:

“Os maores están moi contentos de min, pois xa sei facer el saludo melitar: consiste en poñerse teso como un garabullo: érguese la mano dereita asta cubrir la orella del mismo lado y a una señal del maor, se dega caer el brazo con todo su yalma”<sup>98</sup>.

¡Vivan os soldados galegos e que non se diga!<sup>99</sup> En cuestioes de valentía non hai quen lles gane; pro en escribir, nin o demo que os entenda.

-:-

Xa fai algún tempo estaba en casa de Trabada un endivido da Lastra. Tiña unha chaqueta peluda e unha borracheira máis que regular. Estaba decindo os miles de reás que cobraba de renta cada ano, botándose de rico; alí estaba Toñín de Teodora e Constantino Curiel. O da Lastra estaba tomando un vaso de viño cun codo apoiado no mostrador. Cando acabou de decir que tiña 16.000 reás de renta Toñín que sempre está de *güesa*, como di Paco (Romanones), falando con Curiel díxolle: “que tono se dan estos gallegos por tener cuatro mil pesetas de renta al año. Algún día perdí yo en Buenos Aires veintiocho mil duros y esto muchas veces”.

O da Lastra sen deixar de estar apoiado no mostrador co codo enfilou a Toñín de reollo e ó ver a facha del, que é como a miña, pouco máis ou menos, excreamou: ¡Que habías de perder tu, Chapirolas! ¡Chapirolas, que habías de perder tu! A risa foi *macanuda*, e o da Lastra con chaqueta de felpa e pantalón metido por drento das botas de caña que tiña, caeu tan largo era.

---

<sup>97</sup> Neste fragmento non se fixo ningún tipo de adaptación.

<sup>98</sup> Neste fragmento non se fixo ningún tipo de adaptación.

<sup>99</sup> Mantivemos esta forma verbal, pois consideramos que é unha referencia irónica ao texto en castelán precedente.



Non caeu de risa; caeu de cheo de viño como se fora un odre.

-:-

No número anterior d'O TÍO PEPE ameacei ós Mestres que non están ó frente das escolas, con pubricar os seus nomes; non podo facelo por falta de tempo; pro non deixo da mau este negocio astra que cada cual cumpra o seu deber.

-:-

Aquí non saben unha maneira de preparar o pulpo pra que non faga mal no estámagο. Xuro que llo oín contar a un Enxeniero francés, falando diante dun rebaño de señoras que escoitaban con todo coidado.

A maneira de guisalo é moi fácele: o primeiro mázase cun pau encima dun lavadoiro; despois lávase ben pra que non lle queden areas; logo ponse a cocer tres cuartos de hora; deixa a serenar médea hora, sácase da agua donde foi cocido, bótaselle sal, vinagre, allo e aceite bastante. Despois de todas estas operaciós (se vos fixades, así Dios me leve non lle fai mal a ningún) hai que coller o pucheiro e tiralo por unha ventana á calle. I esto é un modo de que non se endixeste, non conozco outro máis práctico. E se non ten chiste que vos leve Xudas.

### Lendeas

Fai poucos días volveu de Amérecα un endeviduo que traía vareos encargos de pouco valor pra unha familia conocida. O que os traía entregou a caixa como, lla entregaran, sen tocar en nada. A carta que lle deran ó mesmo tempo en Buenos Aires decía: “unha peineta pra fulana: unha toquilla pra zutana: unha chambra pra merengana”. O último decía “una sonsera”. O destinatario ó recibir a caixa, foi sacando cousa por cousa; mais faltáballe a *sonsera*. Non foi coxo nin manco en ir a decirlle ó que trouxera os encargos que lle faltaba a sonsera. O endeviduo dixo que el entregaba todo o que lle entregaran.

Non conforme, preguntou a vareos americanos que era unha *sonsera*. Contestoulle que era unha correa. Léve-me Xudas se non era o que máis me conviña do regalo; volve a xunto del, do que trouxera o encargo e amenazou con demandalo. Despois descubreuse a leria e non houbo demanda. *Sonsera* quere decir unha cousa de pouco valor; el tomaba a *sonsera* por unha prenda.

Aviso ós americanos pra que non se vexan en líos desta crase cando lles fagan encargos.

O enteresado se non trai un cesto de cereixas ou unha cambada de troitas, ha de ser descuberto. Xa o sabe, e despois que non se queixe.

En Cereixido hai de todo esto en abundancia. ¿Non ten chiste este conto? Eu creo que si; se non llo encontran Deo gracias.

-:-

Fará dous ou tres días ouvín a certo endeviduo desta vila que O TÍO PEPE non valía nada. ¡Vaia por Dios! Por sorte, recibeno de zocas e todo en Madrid, en Valladolid, en América. O chiste está en que non hai nesta vila máis que dous calamidades que non lles gusta. A estes cántaselle aquilo de <sup>“100</sup>si el sabio calla, malo; si el necio aplaude, peor.

-:-

Os Ceviles desta vila son un modelo; pro será conveniente que persigan a vareos endeviduos que se dedican a cazar e pescar en tempo de veda, como se a lei non rezase con eles.

A ese paso non queda unha perdiz nin unha lebre pra un remedio, nin truitas.

-:-

A Víctor o Maragato, se non me manda un regalín descúbrolle un chiste que pasou no Cádavo. É un home de ben en toda regra; pro non anda con andrómenas de etiquetas.

Tiñamos aquí un Registrador que todo era nervios e un Xuez tamén boa persona. Iban xuntos no coche e pararon a comer no Cádavo; empezou o Xuez e o Registrador coas andrómenas de quen se sentaba primeiro; despois de quen se servía primeiro. Víctor xa cansado de tanta lercia, colleu a sopeira e díxolles: “No quereis, pues allá voy yo” e chapoulles a fuente de sopa. Amoscouse o Registrador e díxolle: ¿Usted piensa que todos somos iguales? Víctor tan empávedo como antes contestoulle “déjate de remilgos y come si quieres, de lo contrario te mueres de hambre”. O Señor Forero que era o Registrador, calou o chapeu, requiriu a espada, mirou de reollo, foise e non pasou nada. Se chegaran ás gordas, Víctor metio no bolso como se fora un librillo...

-:-

Dixéronme hai poucos días que aquí nesta vila hai unhas cuantos animais (non merecen outro nome) que castigan ós fillos como se foran bestas. Non quero citar nomes por hoxe, pro fará unha semana, certo pai déulle patadas, bofetas, pisotadas e mordiscos a un neniño que estaba gardando as vacas.

Se non fora un endeviduo que veu a escena e por caridae foi alá, o bruto do pai mataba ó neno. Se volve a facer outra, sai a vergonza púbrica, sen perxuicio de

---

<sup>100</sup>Mantemos estas comiñas por aparecer no texto orixinal, aínda que non se pechan.

denuncialo. ¿Ou pensa que por ser pai ten dereito a matar un fillo? Repito que se volve a facer unha burrada parecida, será descuberto, sen prexuício de entregalo ós Tribunais.

-:-

Gracias a Dios que por fin ascendín a Maxistrado. Un capricho dos altos poderes, levantoume á categoría de... adxunto.

Teño de compañeiro a Jaime Rozas; somos dous tipos do máis sempáteco da vila. En Leises non hai quen nos meta mau. Xa sabemos o artigo 661 do Código penal, tan ben polo menos como un Señor Fiscal que o aplicaba neste Xuzgado anque fose por lesiós ou por outra cousa calquera. ¡Viva a envención dos Tribunaes municipales e que Dios nos dea saúde pra desfrutar por moito a prevenda por dous meses. Se Dios quere penso ganar pra outra zamarra e deixar a de color de lobo vello.

-:-

Lin fai poucos días non sei donde, que tapándolle os ollos a un ben atados cun pano, non pode resesir dereito cos pés ben xuntos sen caírse cinco minutos. Aconsello ós suscritores d'O TÍO PEPE que fagan o experimento a ver se ganan os que queren lelo pra pagar a suscripción.

O experimento pouco costa.



## Bibliografia



## Bibliografía

Amor Meilán, M. (1936), “Provincia de Lugo”. En F. Carreras Candi (dir.). *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona: Editorial Alberto Martín.

Cal Pardo, E. (1974). “Lence-Santar y Guitián, Eduardo”. En AAVV. *Gran Enciclopedia Gallega*. Xixón: Silverio Cañada.

Carballo Calero, R. (1981). *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo, Galaxia.

Carré Aldao, U. (1903). *La Literatura gallega en el siglo XIX*. A Coruña: Librería Regional de Carré.

Carré Aldao, U. (1911). *Literatura Gallega*. Barcelona: Casa Editorial Maucci.

Carreras Candi, F. (dir.) (1936). *Geografía general del Reino de Galicia*. Barcelona: Editorial Alberto Martín.

Couceiro Freijomil, A. (1951-1953). *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela: Bibliófilos gallegos.

Freyre, X; Requeixo, A. (eds) (1999). *Eduardo Lence-Santar. Poesía galega*. Santiago de Compostela: Difux.

Hermida, M. (1995). *Narrativa Galega: Tempo do Rexurdimento*. Vigo: Edicións Xerais.

Requeixo, A. (ed) (2000). *Eduardo Lence Santar. Etnografía Mindoniense*. Santiago de Compostela: Follas Novas.

Vilavedra, D. (coord.) (1995). *Diccionario de Literatura Galega. I Autores*. Vigo: Galaxia.





## Índices



## **AUTORES COÑECIDOS**

BERNARDO BERMÚDEZ JAMBRINA.....	11
FRANCISCO CAMBA ANDREU.....	18
ÁNGEL DEL CASTILLO LÓPEZ.....	30
VÍCTOR CASTRO RODRÍGUEZ.....	37
CAROLINO COSTAS MÁRQUEZ.....	42
JULIO DE LA CUESTA.....	46
JULIO DÁVILA.....	55
SALVADOR GOLPE.....	65
URBANO GONZÁLEZ VARELA.....	69
EDUARDO LENCE-SANTAR.....	75
MANUEL PAZ VARELA.....	98
EMILIO PEREIRO QUIROGA.....	103
VALENTÍN PÉREZ CHACÓN.....	110
JESÚS REY ALVITE.....	138
ADOLFO REY RUIBAL.....	141
MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.....	144
FRANCISCO SÁNCHEZ GARCÍA.....	161

## **AUTORES DESCOÑECIDOS E PSEUDÓNIMOS NON IDENTIFICADOS**

ALBERTO DE CASTRO.....	169
ALVARO DIOS VILLAR.....	173
AMBROSIO GIZ GÓMEZ.....	176
AVELINO VELOSO.....	183
BONIFACIO SUÁREZ.....	187
CACHARRISTA.....	189
CASTOR A. BARRERA.....	192
CELSO GERPE.....	197
CORRECÁS.....	199
D. RODRIGO DÍAZ.....	202
EDUARDO BERMÚDEZ.....	211
EL CANTOR DEL CATADOIRO.....	216
FRAY AMADEO.....	219
JACOBE DE SERGUDE.....	223
JOSÉ ABEIJÓN MORA.....	227
JOSÉ C. NOVO.....	239
JOSÉ REY ARES.....	242

JOSÉ VÁZQUEZ DOPICO.....	249
M. BORRÁS.....	255
M. CASTRO BÓVEDA.....	258
M. DE LOS RÍOS Y MOSQUERA.....	262
MANOEL CARRILLO CORTIZAS .....	265
MONTEPRETO.....	267
PEPE DOS GRILOS.....	269
PERUCHO FONTENLA.....	271
R. ÁLVAREZ GARCÍA.....	278
ROXER.....	280
XAN GUEDELLAS .....	283

### **OS NARRADORES DE O TÍO PEPE**

INTRODUCCIÓN.....	291
ARMANDO PENAMARÍA E OS SEUS PSEUDÓNIMOS .....	293
CESÁREO PARDO Y ESPERANZA .....	317
MARCOS DE PERULLEDO.....	319
MINGOS DA PORTADA.....	341
TOÑO DA ESCAMELADA.....	348
TOÑO DA VILA .....	352
TORIBIO NULEMA .....	362
XAN LANAS .....	366

## ÍNDICE DOS RELATOS

Amor verdadeiro .....	14
Eléctrica .....	15
O rosario de castañas (Conto do día de difuntos) .....	16
Na romaría .....	23
Novelas lóstregos .....	25
Os trintas .....	27
No hespital .....	27
Polas Mariñas .....	32
Polas Mariñas. Como se desfai unha lenda .....	34
O velliño do refaixo .....	38
ELA Íntima .....	40
Unha encerrada, como hai poucas .....	43
Vou pró moíño .....	48
A enfermédá de Rosiña .....	49
A tía Xacinta .....	50
O espanta-paxaros .....	51
Na fonte .....	52
Oropel (Boceto) .....	57
¡Mala xusticia...! (Anécdota ortigueiresa) .....	61
Contos da aldea. Nas portas do Ceo .....	67
A carantoña do xastre .....	71
Da Terra de Sarria. De Troula .....	80
O cristo de Goián .....	85
Da terra de Sarria. As cartas .....	91
O crego de Rúa .....	95
Contos da feira .....	100
O conto .....	105
Cencia infusa .....	106
No “tranvía” en Vigo .....	112
En eleucióis non hai Alifonsos .....	115
A volta da melicia .....	117
Como viviría eu .....	118
Noite de inverno .....	119
Da colleita .....	121
Pidindo un remedio .....	121
Das esolladas .....	122

Arranxou prá somana.....	124
Son as pormeiras.....	127
O Xepe Baldrucas.....	128
O ano vello.....	129
O chulo do campo.....	130
Prós do meu auntamento.....	131
Como non había unto, botoulle a “carderiyá”.....	132
O célebre ‘Popó’.....	136
¡Que traballe...!.....	139
O tesouro do tío Chas.....	142
Os biscoitos do crego.....	147
A voda do grilo.....	154
Conto.....	163
Costumes da terriña.....	163
Contos de miña avó. Acogulado... acogulado.....	171
Meu tío.....	174
El regreso de Farruco.....	177
Cuento.....	184
Fuxitiva.....	188
Un choio de quintas.....	190
Cáneba fallida.....	194
Contos pequenos.....	198
As mañás de Maripepa.....	200
¡Que me caio! Conto que vai pra algures.....	204
Contas ben botadas.....	208
¡Que razón tiña o compadre!.....	213
Palique Gallego. No alto do Catadoiro.....	217
Carta sin sobre.....	220
Consellos do demo.....	224
Farruquiño.....	228
Conto popular. A meu sobriño Antón. O meleiro.....	231
Conto Gallego. Bastián e Martiño.....	235
A fonte de Vilachá.....	240
Entre estudantes.....	243
Mortos e vivos.....	251
Recordos da aldea.....	253
¡Calquer ten amigos!.....	256

Recordos da infancia.....	259
A tirar da corda .....	263
A morte .....	266
Os bois marelos.....	268
Conto .....	270
A Mabilidá das mozas.....	272
O maio.....	276
O tolo das cabras (Conto).....	279
A noite do fulión.....	281
Xan de San Breixo.....	284
¡Si tivera cornos...!.....	285
Probe Chaparro .....	287
O orballo do quintela .....	298
Os feitizos .....	299
De todo un pouco.....	301
Cada tolo coa súa teima.....	303
A festa do enterro.....	305
A enfermidade de Mariquiña .....	308
Contrabando.....	309
Cousas da emigración. Os que volven.....	311
Conto que non o é.....	312
O que non tolea de novo tolea de vello.....	313
Na Redución.....	315
¡Meu fillo! .....	318
O tres de trunfo.....	325
O casaco de Bastián.....	327
¡¡Galicia!!.....	329
Unha frol pra Marcial Peñamaría .....	331
O que me de un pao...!.....	332
A Virxen de Maio.....	333
Os oroplanos .....	335
A festa das espigas.....	337
A mao de Dios .....	338
Xacinto i Antón.....	343
O pantasma .....	344
O masón .....	346
Contos de xa-cando.....	349

Carmela .....	354
Deixounos solos .....	356
O aventureiro .....	359
Dende tras da serra .....	364
Costumes buronesas.....	367
Anarquía.....	367
Xan Lanas Predicador.....	369
Heroísmo.....	370
Lendeas .....	371



## ÍNDICE XERAL

Introdución.....	5
Autores coñecidos.....	9
Autores descoñecidos e pseudónimos non identificados.....	167
Os narradores de <i>O Tío Pepe</i> .....	289
Bibliografía.....	381





